MIN-LANG/PR (2007) 3

CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS OU MINORITARIAS

APLICACIÓN DA CARTA EN ESPAÑA

2º INFORME PERIóDICO SOBRE A APLICACIóN EN ESPAÑA DA CARTA EUROPEA DE LINGUAS REXIONAIS E MINORITARIAS.
2006

Tal como prevé o artigo 15 da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias, e transcorrido o correspondente período trienal previsto na Carta, o Reino de España presenta el 2º Informe de avaliación e seguimento.

O Informe foi realizado coa colaboración das Comunidades Autónomas, e coa participación dos Departamentos ministeriais máis interesados; e en especial os Ministerios de Educación e Ciencia; Cultura; Xustiza; Asuntos Exteriores e de Cooperación e Presidencia. A coordinación do proceso correspondeulle ao Ministerio de Administracións Públicas, a través da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica, e iso á vista da importancia que a contribución das Comunidades Autónomas ten para a realización deste Informe.

Para tal efecto, as Comunidades Autónomas elaboraron, previamente, cadanseu Informe específico, cualificados como Informes previos, nos que abordaron o mesmo cuestionario elaborado e distribuído polo Consello de Europa. Destes Informes previos seleccionáronse os parágrafos máis adecuados para elaborar o Informe de conxunto de España.

Por este motivo, e tamén por se tratar do 2º Informe realizado por España, o persoal técnico do Goberno español e das Comunidades Autónomas que elaboraron o Informe estiman adecuado, e posible, levar a cabo unha primeira valoración, na que desexan destacar os seguintes datos ou elementos:

- Deséxase destacar a importancia que no conxunto de Europa ten a composición e realidade lingüística de España, e verifica que no territorio de España se falan os idiomas máis importantes en Europa dos que segundo a Carta poderían ser cualificados como “rexionais ou minoritarios” tanto polo seu número de falantes como polo número de habitantes dos territorios nos que estes idiomas son cooficiais: Catalunya (6.995.206 habitantes), Comunidade Valenciana (4.692.449 habitantes), Galicia (2.762.198 habitantes), País Vasco (2.124.846 habitantes), Illes Balears (983.131 habitantes) e Navarra (593.472 habitantes, se ben o éuscaro é cooficial unicamente na zona norte desta Comunidade). O resultado final é que a poboación total española á que se lle aplica a Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias para os dereitos lingüísticos é de 18.151.302 habitantes, o que non ten comparación posible con ningún outro Estado europeo, quizás coa única excepción da Federación Rusa.

- O Goberno de España, e as Comunidades Autónomas, desexan deixar constancia expresa de que, aínda que a situación de cooficialidade destas linguas en España ten trazos xurídicos compartidos e equiparables, a realidade sociolingüística é moi diferente en cada caso. Por este motivo, chama a atención e somete á consideración do Comité de Expertos e demais instancias do Consello de Europa competentes ou interesadas, o contido da parte 1ª, punto 3, do Informe, por entender que un coñecemento profundo e adecuado desta parte é fundamental para comprender o cumprimento da Carta en España.

- Esta heteroxeneidade de feito obrigou a realizar un Informe no que, en realidade, se recollen comentarios moi heteroxéneos e proporcionados por cada unha das 6 Comunidades Autónomas con lingua propia. Por este motivo, o Goberno español optou por manter, nos casos en que foi posible, os comentarios de cada Comunidade Autónoma e proporcionar, só inicialmente, uns comentarios comúns para a totalidade do territorio e referidos á protección lingüística global dos idiomas cooficiais en España.

- Optouse por non reiterar os contidos das normas xurídicas vixentes en España e que se relacionan co cumprimento da Carta, xa que estes datos foron proporcionados con motivo do primeiro Informe e, na maior parte dos casos, non experimentaron grandes modificacións.

- Na redacción da actual resposta fíxose un esforzo importante por completar de forma concisa e completa todas as cuestións que presenta o anterior informe do Comité de Expertos, así como por explicar as accións realizadas a partir das Recomendacións do Consello de Europa. Isto xustifica que en ocasións se produza certo desequilibrio en canto á extensión dos datos por linguas nos diferentes puntos.

Aínda que é facilmente comprensible a dificultade de someter a análise a complexa realidade lingüística en Europa, é necesario, incluso dentro de España, ter en conta, á hora de emitir valoracións sobre datos e medidas de actuación, as diferentes realidades sociolingüísticas e históricas de que partiron cada un dos territorios con lingua propia: unha acción de certo calado no mundo das grandes empresas ou no das forzas de seguridade esixe un esforzo moi diferente nunhas Comunidades ou noutras.

- O feito de que no sistema constitucional español a competencia para a promoción e normalización das linguas propias lles corresponda ás propias Comunidades Autónomas, que teñen competencia exclusiva plena en ámbitos tan importantes como a educación e a cultura, permite constatar como o cadro institucional de defensa das linguas rexionais en España é especialmente elevado, pero tamén obriga a realizar un exercicio de avaliación das políticas lingüísticas que o Estado e as 6 Comunidades Autónomas con lingua propia veñen levando a cabo nos últimos anos. Con esta finalidade, exprésalle ao Consello de Europa, e ao Comité de Expertos, a súa plena dispoñibilidade para traballar conxuntamente na formulación de indicadores ou ítems de avaliación que poidan cuantificar e axudar a analizar periodicamente os resultados efectivos das políticas adoptadas.

- Por último, constatouse como, na lectura do primeiro Informe realizado polo Comité de Expertos, detectáronse algunhas imprecisións. Por este motivo, e co fin de obter en cada informe un maior rigor, as Comunidades Autónomas solicitan que, cando se proceda a complementar os datos proporcionados polos organismos oficiais con outros procedentes doutras fontes, se cite a procedencia destes datos, xa que iso axudaría a garantir a obxectividade.

Decembro de 2006

SECCIÓN PRELIMINAR

Subministrar as informacións xerais necesarias, tales como a evolución histórica pertinente no seu país, unha visión xeral da situación demográfica e os datos económicos de base concernentes ás diferentes rexións, así como os elementos relativos á estrutura constitucional e administrativa do Estado.

- Evolución Histórica.

Ata 1978 o Estado español caracterizábase por unha organización territorial fortemente centralizada, que era o resultado tanto do sistema político autoritario que gobernou España durante o período 1939-1975 como da tradición iniciada en 1700 coa instauración da dinastía de Borbón e a imitación do modelo absolutista imperante na maior parte dos Estados europeos do momento.

O proceso de centralización consolidouse durante o século XIX, a partir dos postulados ideolóxicos da Revolución Francesa, cando se impón o proxecto de Estado-Nación segundo o modelo francés. A articulación do Estado-Nación en España prodúcese coa primeira Constitución española, a de 1812, e continúa durante todo o século XIX co desenvolvemento do Estado Liberal.

Pero este proceso é paralelo a un novo e diferente, iniciado a partir de 1868. Ao fío do Romanticismo cultural, e especialmente literario, xorden determinados compoñentes rexionalistas en diversas rexións españolas, en especial naquelas que contan con idiomas propios diferentes do castelán ou español: Catalunya, País Vasco, Galicia e, en menor medida, Comunidade Valenciana e Illes Balears.

O proceso vivido nestes territorios ten algúns trazos comúns, pero tamén é importante ter presente que existen trazos específicos en cada un deles.

No País Vasco ten a súa orixe no resultado das Guerras carlistas e na supresión dos foros, que tivo lugar en 1876 e que, indirectamente, impulsa a aparición e desenvolvemento do primeiro nacionalismo vasco. Logra por primeira vez a súa autonomía política durante a II República, se ben durante un breve período de tempo, xa que o inicio da Guerra Civil interrompe a evolución institucional desta experiencia.

Nos demais casos, os acontecementos culturais anteceden normalmente os políticos. Os casos de Catalunya, Galicia e Comunidade Valenciana son representativos desta tendencia e teñen especial interese para comprender as diferentes situacións que se intentan describir neste Informe, pois nestes casos o acontecemento cultural e de reivindicación da lingua propia actuou como elemento aglutinador da reivindicación da autonomía política.

En Catalunya, a recuperación literaria do idioma catalán parte da Oda á Patria de Aribau, publicada en 1839, o que supón o inicio da Renaixença, pero a reivindicación política terá que esperar ata as denominadas “Bases de Manresa“, do 27 de maio de 1892, que marcan o paso da reivindicación cultural á política; que á súa vez alcanza o seu primeiro éxito electoral coa creación da Lliga Rexionalista, en 1901. Entre 1917 e 1924 Catalunya coñece

unha breve experiencia de institucionalización propia, coa Mancomunitat, que se converte na Generalitat durante a II República (1931-1939).

En Galicia a recuperación da lingua prodúcese a mediados do século XIX, co denominado Rexurdimento; pero a primeira asociación política non é fundada ata 1916, co expresivo nome de As Irmandade da Fala, o que denota unha clara identificación entre as formulacións políticas e a defensa da lingua. Durante a II República logrou tramitar e que se aprobase un Estatuto de Autonomía, pero o inicio da Guerra Civil impediu a súa aplicación.

Na Comunidade Valenciana, os primeiros escritos reivindicativos do uso do idioma propio neste período datan de 1837. En 1878 créase a asociación cultural Lo Rat Penat, coa intención de que fose o centro común dos literatos valencianos. A reivindicación política, non obstante, é máis lenta, e en realidade non se expresa ata a II República (1931-1936), aínda que durante este período non logra tramitar nas Cortes Xerais un proxecto de Estatuto de Autonomía. Similar formulación prodúcese nas Illes Balears, cunha reivindicación política aínda máis tardía debido ao monopolio político que exercen os elementos de poder social tradicional na rexión.

En todo caso o importante para resaltar é que, a partir deste momento de reivindicación de lingua e autonomía, os rexionalismos e nacionalismos xurdidos en diversas partes de España defenden o recoñecemento social e cultural da lingua propia; pero tamén unha nova e diferente organización territorial: a autonomía para estas rexións, sen que en liñas xerais iso cuestione a unidade de España. En definitiva, defenden un cambio na estrutura do Estado, que entrara nunha profunda crise coa perda das últimas colonias en 1898.

Os conflitos políticos, e en especial as loitas civís, dos séculos XIX e XX, impiden o encontro pacífico destas dúas posicións antagónicas: a da España centralista e a do modelo alternativo dunha España descentralizada; de modo que en 1978 o conflito encóntrase pendente de solución e é un dos grandes obxectivos que fixa par si o novo poder constituínte. Neses momentos o Estado español estaba organizado en 50 provincias, cunha forte dependencia política e administrativa do poder central e no que non se recoñece politicamente a realidade rexional.

No ámbito lingüístico, o único idioma oficial era o castelán ou español, sen que os idiomas rexionais tivesen recoñecemento para o seu uso público fóra dun ámbito familiar e social limitado; a pesar do cal o uso público destas linguas experimentou unha evidente recuperación desde os primeiros anos da década dos setenta.

Esta situación era o resultado dunha evolución histórica que comezou a principios do século XVI cando o idioma castelán se converte na lingua principal do Reino unificado e progresivamente nun dos símbolos da unidade, polo que comeza a denominarse tamén como idioma español e no século XVIII créase a “Real Academia da Lingua Española”.

O 15 de xuño de 1977 celébranse as primeiras eleccións libres desde 1936 en España. Dos resultados electorais terase que destacar a forza dos partidos nacionalistas e rexionalistas, sobre todo en Catalunya e no País Vasco; así como a vontade rexionalizadora dos elixidos de todos os partidos políticos, que inmediatamente constitúen Asembleas de electos das diferentes rexións.

O efecto que se produce é que, en paralelo ao debate constitucional, se inicia o proceso de articulación rexional de España, de modo que as accións dos actores políticos antecede e prexulga frecuentemente as decisións que o poder constituínte vai adoptando.

Este comportamento político acompaña e é resultado dunha importante presión social en favor do rápido recoñecemento rexional, en especial en Catalunya e no País Vasco, o que desemboca no recoñecemento de réximes preautonómicos que son regulados polo Goberno, mediante diferentes Reais Decretos-Leis publicados entre 1977 e 1978 e que supoñen a primeira forma de oficializar os idiomas rexionais.

En resumo, cando se aproba finalmente a Constitución en 1978, o mapa rexional encóntrase en boa medida cerrado e os entes rexionais preautonómicos xa recibiron a titularidade dalgunhas competencias; é dicir, xa comezou a instauración rexional e déronse os primeiros pasos para facer efectiva a cooficialidade idiomática.

Esta tendencia e aspiración, tanto social como dos propios elixidos, a organizar o territorio do país de forma rexional cristaliza na Constitución española de 1978, que no artigo 21 di que a Constitución se fundamenta na indisoluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.

A partir deste precepto constitucional, fóronse elaborando e aprobando os 17 Estatutos de Autonomía actualmente vixentes. O Estatuto de Autonomía é a norma institucional básica de cada Comunidade Autónoma, é elaborado polos elixidos en cada rexión e aprobado polas Cortes Xerais mediante unha Lei Orgánica.

Sucesivamente adoptáronse os Estatutos de Euskadi e Catalunya (1979); Galicia, Andalucía, Asturias e Cantabria (1981), La Rioja, Murcia, Comunidade Valenciana, Aragón, Castilla-La Mancha, Canarias e Navarra (1982); e Extremadura, Illes Balears, Madrid e Castilla y León (1983). En 1995 aprobáronse os Estatutos de Autonomía para as Cidades de Ceuta e Melilla, que carecen de capacidade lexislativa pero que contan con ampla autonomía organizativa e para a execución das competencias atribuídas.

En boa medida estes Estatutos estiveron vixentes ata o momento actual, xa que as modificacións realizadas nalgúns deles foron limitadas e sen afectar ao fondo da súa posición institucional dentro do Estado.

- Situación Demográfica.

Territorialmente España organízase en 17 Comunidades Autónomas e 50 provincias, así como en 8.108 municipios. Ademais, existen dúas Cidades con dous Estatutos de Autonomía especiais, Ceuta e Melilla. A poboación das Comunidades Autónomas e provincias, así como a extensión e densidade de poboación de cada unha delas é a seguinte, tendo en conta que os datos de poboacións se refiren ao Padrón municipal realizado na data de 1 de xaneiro de 2005:

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	PROVINCIAS	EXTENSIÓN (Km 2)	DENSIDADE (Hab / Km 2)	POBOACIÓN (Habitantes)	% TOTAL ESPAÑA
ANDALUCÍA	---	87.599	90	7.849.799	17.80 %
	ALMERÍA	8.775	70	612.315	
	CÁDIZ	7.440	159	1.180.817	
	CÓRDOBA	13.771	57	784.376	
	GRANADA	12.646	68	860.898	
	HUELVA	10.127	48	483.792	
	JAÉN	13.496	49	660.284	
	MÁLAGA	7.306	199	1.453.409	
	SEVILLA	14.036	129	1.813.908	
ARAGÓN	---	47.720	27	1.269.027	2.88 %
	HUESCA	15.636	14	215.864	
	TERUEL	14.809	10	141.091	
	ZARAGOZA	17.274	53	912.072	
ASTURIAS	ASTURIAS	10.604	102	1.269.027	2.44 %
CANARIAS	---	7.447	264	1.968.280	4.46 %
	LAS PALMAS DE G.CANARIA	4.065	249	1.011.928	
	SANTA CRUZ DE TENERIFE	3.381	283	956.352	
CANTABRIA	CANTABRIA	5.321	106	562.309	1.27%
CASTILLA-LA MANCHA	---	79.461	24	1.894.667	4.30 %
	ALBACETE	14.924	26	384.640	
	CIUDAD REAL	19.813	25	500.060	
	CUENCA	17.140	12	207.974	
	GUADALAJARA	12.214	17	203.737	
	TOLEDO	15.369	39	598.256	
CASTILLA Y LEÓN	---	94.224	27	2.510.849	5.69 %
	AVILA	8.050	21	167.032	
	BURGOS	14.292	25	361.021	
	LEÓN	15.580	32	495.902	
	PALENCIA	8.052	22	173.471	
	SALAMANCA	12.349	29	352.414	
	SEGOVIA	6.920	22	155.517	
	SORIA	10.306	9	92.773	
	VALLADOLID	8.110	63	514.674	
	ZAMORA	17.274	11	198.045	

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	PROVINCIAS	EXTENSIÓN (Km 2)	DENSIDADE (Hab / Km 2)	POBOACIÓN (Habitantes)	% TOTAL ESPAÑA
CATALUNYA	---	32.113	218	6.995.206	15.86 %
	BARCELONA	7.728	676	5.226.354	
	GIRONA	5.909	112	664.506	
	LLEIDA	12.172	33	399.439	
	TARRAGONA	6.302	112	704.907	
EXTREMADURA	---	41.634	26	1.083.879	2.46 %
	BADAJOZ	21.176	32	671.299	
	CÁCERES	19.868	21	412.580	
GALICIA	---	29.575	93	2.762.198	6.26 %
	A CORUÑA	7.949	142	1.126.707	
	LUGO	9.856	36	357.625	
	OURENSE	7.273	47	339.555	
	PONTEVEDRA	4.494	209	938.311	
ILLES BALEARS	ILLES BALEARS	4.992	197	983.131	2.23 %
LA RIOJA	LA RIOJA	5.045	60	301.084	0.68 %
MADRID	MADRID	8.028	743	5.964.143	13.52 %
MURCIA	MURCIA	11.314	118	1.335.792	3.03 %
NAVARRA	NAVARRA	10.391	57	593.472	1.35 %
EUSKADI	---	7.234	294	2.124.846	4.82 %
	ALAVA / ARABA	3.037	99	299.957	
	GUIPÚSCOA / GIPUZKOA	1.980	348	688.708	
	BISCAIA / BIZKAIA	2.217	512	1.136.181	
COMUNIDAD E VALENCIANA	---	23.255	202	4.692.449	10.64 %
	ALACANT	5.817	298	1.732.389	
	CASTELLLÓ	6.662	82	543.432	
	VALÈNCIA	10.775	224	2.416.628	
CIDADES AUTÓNOMAS	---	32	4.399	140.764	0.32 %
	Cidade de CEUTA	19	3.962	75.276	0.17 %
	Cidade de MELILLA	13	5.038	65.488	0.15 %
TOTAL ESPAÑA		505.989	87	44.108.530	100,00 %

Con respecto aos datos proporcionados no Informe elaborado en 2002, neste período trienal destaca o significativo crecemento da poboación española, e a súa forte relación co aumento da inmigración nos últimos anos, que non só fai posible un incremento espectacular do total da poboación española nos últimos anos; senón que presenta unha nova situación respecto do uso das linguas cooficiais nas Comunidades que contan con elas.

Así, a evolución da poboación española nos últimos anos resulta claramente reflectida nos datos do Censo que se realiza cada dez anos:

CENSO	TOTAL POBOACIÓN	VARIACIÓN DECENAL
1981	37.682.355	--
1991	38.872.268	+ 1.189.913
2001	40.847.371	+ 1.975.103

Pero, aínda resulta máis relevante se se consideran as actualizacións anuais do Padrón Municipal, que proporciona significativos datos sobre a evolución da poboación posterior ao Censo de 2001:

PADRÓN	TOTAL POBOACIÓN	VARIACIÓN ANUAL
2002	41.837.894	+ 990.523
2003	42.717.064	+ 879.170
2004	43.197.684	+ 480.620
2005	44.108.530	+ 910.846

É dicir, resulta especialmente significativo o incremento da poboación durante o período 2002-2005. A título de exemplo, durante 2004-2005 a poboación da Unión Europea creceu nun 0.50 % de media, mentres que en España este crecemento foi do 2.11 %.

Fundamental neste crecemento foi a chegada de poboación estranxeira, o que se ten que ter especialmente en conta para explicar as dificultades que se poden derivar para asumir hábitos lingüísticos diferentes do uso do castelán ou español.

En datos absolutos, o número de estranxeiros residentes experimentou estes cambios:

CENSO / PADRÓN	TOTAL POBOACIÓN ESTRANXEIRA	% TOTAL
1991	353.000	0.9 %
2001	1.548.941	3.8 %
2003	2.372.596	5.6 %
2005	3.691.500	8.4 %

Evidentemente, pódese argumentar que se trata dun dato e dunha realidade compartida con moitos Estados de Europa Occidental, que conta cunha porcentaxe de poboación estranxeira aínda maior, pero é característico do caso español o acelerado deste crecemento.

Tamén é característico do caso español o feito de que esta elevada e rápida inmigración non teña unicamente causas económicas, xa que o número de estranxeiros procedentes doutros Estados da Unión Europea é tamén moi importante, pois é considerable o número de cidadáns comunitarios que contan con residencia, incluso permanente, en localidades españolas, como se aprecia nos datos das Comunidades Autónomas das Illes Balears ou Canarias.

Para mellor comprender a incidencia da inmigración no proceso de normalización lingüística, indícanse as porcentaxes da poboación estranxeira sobre o total da poboación de cada Comunidade Autónoma que proporciona estes datos, referidos ao 1 de xaneiro de 2006, así como a porcentaxe da poboación escolar estranxeira en cada Comunidade Autónoma:

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	% TOTAL POBOACIÓN	% TOTAL ALUMNADO
I. BALEARS	15.60 %	11.1 %
C. VALENCIANA	13.40 %	8.7 %
MURCIA	13.30 %	8.9 %
CATALUNYA	12.20 %	8.4 %
MADRID	11.80 %	10.7 %
CANARIAS	11.40 %	7.1 %
LA RIOJA	11.30 %	9.6 %
NAVARRA	9.10 %	8.7 %
ARAGÓN	7.80 %	7.3 %
CASTILLA-LA MANCHA	6.60 %	5.3 %
ANDALUCÍA	5.80 %	3.6 %
MELILLA	5.80 %	4.8 %
CANTABRIA	4.00 %	4.3 %
CASTILLA Y LEÓN	4.00 %	4.1 %
EUSKADI	3.90 %	3.2 %
CEUTA	3.90 %	1.5 %
ASTURIAS	2.80 %	3.3 %
GALICIA	2.60 %	1.9 %
EXTREMADURA	2.50 %	1.8 %
MEDIA DE ESPAÑA	8.70 %	--

En números absolutos, o alumnado estranxeiro pasou de 52.313, no curso 1994- 1995, a 447.525 no curso 2004-2005, é dicir dez anos despois.

- Datos Económicos.

A realidade socioeconómica española caracterízase pola súa heteroxeneidade, como é lóxico tendo en conta a extensión do país, a súa poboación, a desigualdade da súa distribución e a desigual evolución económica de cada Comunidade Autónoma nos últimos decenios.

Tradicionalmente as rexións máis prósperas foron a parte nordeste e norte do país, unha certa relación entre maior benestar e proximidade coa fronteira con Francia; pero a recente evolución económica matizou esta realidade.

Por unha banda, nos últimos anos aprécianse os efectos da crise industrial, que castigou máis o norte, sendo un exemplo característico a C.A. de Asturias. Igualmente, é importante considerar a perda da contribución relativa do sector agrario á riqueza nacional. En terceiro lugar, os efectos económicos do turismo colaboraron de forma rechamante ao desenvolvemento das Illes Balears ou de Canarias, así como a determinadas provincias doutras Comunidades, como poden ser os casos de Málaga ou Alacant. En cuarto lugar, o desenvolvemento das novas tecnoloxías e do sector servizos proporcionoulles maior benestar ás Comunidades Autónomas urbanas, que contan con núcleos urbanos máis adecuados para albergar este tipo de actividades, como sería o caso da Comunidade de Madrid ou da provincia de Barcelona.

Tradicionalmente, no pensamento político español dos últimos vinte anos asociáronse as ideas de autonomía e desenvolvemento; estimándose nas rexións menos favorecidas que un maior nivel de autogoberno necesariamente tería efectos sobre o seu benestar material, pero os resultados económicos do proceso político, aínda sendo positivos, non foron completamente satisfactorios, xa que a maior autonomía rexional non supuxo un maior índice de converxencia económica entre rexións.

Esta opinión pódese valorar con maior exactitude se se analiza a evolución do Produto Interior Bruto (PIB) por habitante durante os últimos vinte e cinco anos, por rexións e poñéndoos en relación coa media do país, 100:

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	1980	1985	1990	1995	2000	2004
ANDALUCÍA	74.8	76.6	76.7	74.2	73.7	77.1
ARAGÓN	107.2	110.7	112.5	108.4	104.5	107.0
ASTURIAS	92.8	97.0	90.7	88.2	83.6	86.7
CANARIAS	99.7	93.5	90.9	96.2	94.8	92.3
CANTABRIA	107.7	102.0	97.8	93.0	93.5	98.2
CASTILLA-LA MANCHA	81.8	84.9	86.5	82.1	78.6	78.0
CASTILLA Y LEÓN	90.0	95.8	90.3	95.3	90.5	93.7
CATALUNYA	121.1	113.7	121.7	122.2	121.8	119.9
EXTREMADURA	57.9	69.5	68.9	63.1	63.7	66.3
GALICIA	80.1	82.0	78.2	80.8	77.7	79.7
ILLES BALEARS	113.7	138.0	129.5	124.2	123.2	112.7
LA RIOJA	115.4	132.0	111.3	114.8	113.9	108.7
MADRID	119.3	117.4	122.9	131.6	136.0	131.1
MURCIA	94.7	91.6	93.0	83.4	83.9	83.9
NAVARRA	128.2	121.9	123.7	126.8	127.3	126.6
PAIS VASCO	130.7	125.3	118.0	119.4	122.5	125.0
C. VALENCIANA	103.3	104.0	99.7	94.9	96.5	93.1
CEUTA E MELILLA	81.7	88.8	83.8	83.6	--	--
CEUTA	--	--	--	--	85.2	89.4
MELILLA	--	--	--	--	84.4	86.3
TOTAL	100	100	100	100	100	100

Á vista da importancia institucional e como prestataria de servizos públicos que teñen as Comunidades Autónomas, resulta de interese recordar o volume de recursos que anualmente xestionan as Comunidades Autónomas, así como o valor porcentual do seu gasto en materia de educación ou cultura, que dan os seguintes datos:

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	Presuposto 2004 (en Millóns de €)	% Gasto Educación	% Gasto Cultura
COMUNIDADES AUTÓNOMAS CON RÉXIME DE FINANCIAMENTO COMÚN			
ANDALUCÍA	22.173,71	20.7 %	1.2 %
CATALUNYA	21.017,38	20.4 %	1.7 %
MADRID	13.649,00	26.1 %	1.4 %
COMUNIDADE VALENCIANA	9.811,33	26.5 %	3.2 %
GALICIA	8.162,68	21.2 %	2.3 %
CASTILLA Y LEÓN	9.930,98	20.5 %	1.7 %
CASTILLA-LA MANCHA	6.262,94	18.5 %	1.2 %
CANARIAS	4.962,40	27.8 %	0.8 %
ARAGÓN	3.911,06	19.1 %	1.3 %
EXTREMADURA	3.802,39	19.2 %	1.2 %
ASTURIAS	3.154,38	20.2 %	1.8 %
MURCIA	2.974,00	27.8 %	1.2 %
ILLES BALEARS	1.859,19	24.0 %	1.0 %
CANTABRIA	1.758,87	20.7 %	2.2 %
LA RIOJA	907,66	19.0 %	1.8 %
COMUNIDADES AUTÓNOMAS CON RÉXIME DE FINANCIAMENTO ESPECIAL			
NAVARRA	2.789,23	16.3 %	2.1 %

- Estrutura Constitucional e Administrativa.

- A Organización Autonómica Española. Principios Xerais da Organización Autonómica Española.

Como xa se explicou no primeiro Informe, realizado en 2002, a Constitución de 1978 recoñece e garante a organización do territorio en Comunidades Autónomas. Esta forma de organización territorial foi denominada por medios académicos Estado Autonómico co fin de empregar unha denominación intermedia entre outras formas coñecidas tradicionalmente e denominadas Estado Federal e Estado Rexional. Ao non se producir ningunha reforma constitucional desde aquela, a organización básica do Estado Autonómico mantense en iguais termos ca os descritos no citado Informe.

Non obstante, si é importante recordar que o modelo español de Estado Autonómico opta polo modelo Estatutario, de modo que cada Comunidade conta cun Estatuto propio e diferenciado, que completa os preceptos constitucionais. Xuridicamente, o Estatuto é simultaneamente unha norma de autogoberno e unha Lei estatal que ten que ser aprobada polas Cortes Xerais, e desde 2002 modificáronse dous Estatutos que lles afectan, precisamente, a dúas Comunidades Autónomas con lingua cooficial propia e diferente do castelán ou español: a Comunidade Valenciana e a C.A. de Catalunya.

Estas reformas leváronse a cabo mediante dúas Leis Orgánicas:

- A Lei Orgánica 1/2006, de 10 de abril, de Reforma da Lei Orgánica 5/1982, de 1 de xullo, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía da Comunidade Valenciana.

- A Lei Orgánica 6/2006, de 19 de xullo, de reforma do Estatuto de Autonomía de Catalunya.

Igualmente, no momento de se redactar este Informe encóntranse en avanzado estado de elaboración e debate outras reformas estatutarias, tendo especial interese polo que respecta ao cumprimento deste Informe as tramitadas polas Asembleas Lexislativas das Illes Balears e, en menor medida, de Aragón.

- Competencias atribuídas ás Comunidades Autónomas.

As competencias atribuídas ás Comunidades Autónomas son as que se enumeran nos artigos 1481 e 1491 da Constitución, así como nos respectivos Estatutos de Autonomía.

Pola importancia dos recursos humanos e financeiros que requiren, teñen especial relevo as competencias en materia de asistencia sanitaria, educación e servizos sociais, que son xestionados integramente por todas as Comunidades Autónomas.

Ademais, e en especial, para a elaboración deste Informe cómpre ter en conta que se lles atribúe ás Comunidades Autónomas, no artigo 1481.1.170 a competencia en materia de fomento da cultura, da investigación e, no seu caso, do ensino da lingua da Comunidade Autónoma.

Respecto desta cuestión cabe precisar que, como non se modificou a Constitución, as modificacións dos Estatutos da Comunidade Valenciana e de Catalunya, non supoñen un cambio substancial en canto ás competencias que xa tiñan estas Comunidades para a defensa e promoción do seu idioma, se ben o novo Estatuto de Autonomía de Catalunya incorpora un capítulo III completo, denominado “Dereitos e Deberes Lingüísticos”´, con cinco artigos, dentro do tamén novo Título I, “Dereitos, deberes e principios reitores”.

- Organización Institucional das Comunidades Autónomas.

Desde a aprobación dos primeiros Estatutos de Autonomía, a organización de cada unha das 17 Comunidades Autónomas é a propia dun réxime político representativo e parlamentario, reproducindo a grandes trazos a organización política do Estado central. O proceso de reforma actualmente iniciado non supuxo especiais modificacións neste punto.

En liñas xerais, pódese dicir que cada Comunidade Autónoma conta cunha Asemblea lexislativa, composta por un número de deputados variable, que oscila entre os 135 membros do Parlamento de Catalunya e os 33 da Asemblea da Rioja, elixidos por sufraxio universal directo, mediante sistema proporcional de listas cerradas e por un mandato de 4 anos.

Posteriormente, as Asembleas lexislativas elixen entre os seus membros o Presidente do Consello de Goberno, que é o representante do Estado na Comunidade Autónoma, e que é responsable ante a Asemblea lexislativa a través de dúas institucións de control: a moción de censura e a cuestión de confianza. Antes da súa elección e nomeamento, sométese ao voto de investidura na Asemblea. Unha vez conseguida a investidura, o Presidente procede

ao nomeamento dos membros do Consello de Goberno, que reciben a denominación xenérica de Conselleiros.

A organización institucional autonómica complétase cun Tribunal Superior de Xustiza, que é o órgano superior deste Poder no territorio de cada Comunidade Autónoma. O órgano común de goberno de todo o poder xudicial en España é o Consello Xeral do Poder Xudicial, se ben no novo Estatuto de Catalunya tamén se crea un Consello de Xustiza de Catalunya, que actúa como órgano desconcentrado do Consello Xeral do Poder Xudicial.

- Indicadores referentes ao Nivel de Descentralización en España.

Para verificar o grao de descentralización política e funcionarial existente en España, reitéranse os datos correspondentes aos dos indicadores de xestión administrativa xa proporcionados no Informe elaborado en 2002:

INDICADORES DE XESTIÓN	2002	2006
1. Distribución do gasto público entre os diferentes niveis administrativos:		
- Administración Xeral do Estado	58.7 %	57.9 %
- Administración das Comunidades Autónomas	28.2 %	30.1 %
- Administración Local	13.1 %	12.2 %
2. Número de empregados ao servizo de cada un dos diferentes niveis da organización territorial:		
- Administración Xeral do Estado	24.5 %	22.4 %
- Administración das Comunidades Autónomas	47.8 %	50.2 %
- Administración Local	23.8 %	23.5 %
- Universidades	4.9 %	3.8 %

2. Indicar todas as linguas rexionais ou minoritarias, tal como aparecen definidas no parágrafo a do artigo 1 da Carta, que son faladas no territorio do seu Estado. Precisar, igualmente, en que partes do territorio residen os falantes destas linguas.

Para os efectos do establecido na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias, só se produciu un cambio desde o primeiro Informe, presentado en 2002, o referente ao tratamento do aranés no novo Estatuto de Autonomía de Catalunya, que agora ten a plena condición de idioma cooficial.

Non obstante, esta modificación non altera os termos da ratificación efectuada no seu momento por España, polo que continúa plenamente vixente o criterio establecido no Instrumento de Ratificación por España da Carta, que remite ao nivel de protección existente na Constitución española e nos Estatutos de Autonomía.

Sobre esta ratificación, hai que diferenciar dous tipos de idiomas ou linguas, que se corresponden cos dous parágrafos que se diferencian no Instrumento de Ratificación.

1. Idiomas que son cooficiais, xunto co castelán ou español, nos seus respectivos territorios e de acordo co establecido nos correspondentes Estatutos de Autonomía, e que teñen as seguintes denominacións oficiais nos respectivos Estatutos:

- Estatuto de Autonomía De Euskadi : o éuscaro
- Estatuto de Autonomía de Catalunya : o catalán e o aranés
- Estatuto de Autonomía de Galicia : o galego
- Estatuto de Autonomía da Comunidade Valenciana : o valenciano
- Lei Orgánica de Reintegración e Amelloramento do Foro de Navarra : o éuscaro (unicamente no territorio que se especifica na Lei do Éuscaro aprobada polo Parlamento de Navarra)
- Estatuto de Autonomía das Illes Balears : o catalán

2. Linguas que non son cooficiais, pero que aparecen referidas nos respectivos Estatutos de Autonomía como linguas que se protexen e amparan:

- Estatuto de Autonomía de Asturias : o bable ou asturiano (art. 4)
- Estatuto de Autonomía de Aragón : as linguas e modalidades lingüísticas propias de Aragón“ (art. 7), posteriormente precisadas na Lei 3/1999, de Aragón, onde se especifica que estas son o aragonés e o catalán
- Estatuto de Autonomía de Castilla y León : —a lingua galega“ (art. 4)

2.1.O Bable ou Asturiano.

Como se indicou no anterior Informe, o proceso de normalización e codificación do asturiano non se consolidou completamente, de modo que a propia Lei do Bable aprobada pola Asemblea lexislativa do Principado de Asturias precisa e diferencia:

—Artigo 1.- Lingua tradicional.

O bable/asturiano, como lingua tradicional de Asturias, gozará de protección. O Principado de Asturias promoverá o seu uso, difusión e ensino.

2.2. Galego/asturiano.

Non aparece referida expresamente no Estatuto de Autonomía de Asturias, pero si na Lei do Bable, que conta con dúas referencias á mesma:

- Artigo 2.- Galego/asturiano.
O réxime de protección, respecto, tutela e desenvolvemento establecido nesta Lei para o bable/asturiano estenderase, mediante regulación especial ao galego/asturiano nas zonas nas que ten carácter de modalidade lingüística propia.

- Disposición adicional
O galego-asturiano terá un tratamento similar ao asturiano no que se refire a protección, respecto, ensino, uso e tutela no seu ámbito territorial".

2.3. As denominadas "diversas modalidades lingüísticas que se falan en Aragón", que foron precisadas na Lei 3/1999, de 10 de marzo, do Patrimonio Cultural Aragonés, onde se indica que son:

1º. O Aragonés. Trátase da tradicionalmente denominada "fabla" ou "fala aragonesa", que se fala nalgúns vales da zona pirenaica de Aragón.

2º. O Catalán, que se practica na zona limítrofe entre as Comunidades de Aragón e Catalunya, na denominada —Franxa Oriental de Aragón.

3. O Caso Especial do Aranés.

- Nivel de Recoñecemento e Protección ata o 2006. O recoñecemento e deber de protección do aranés aparecía expresamente prevista no art. 31.4 do anterior texto do Estatuto de Autonomía de Catalunya, no que se indicaba: 4. A fala aranesa será obxecto de ensino e de especial respecto e protección. A partir deste recepto, o Parlamento de Catalunya desenvolveu un réxime xurídico- administrativo especial para o Val de Arán, mediante a Lei 16/1990, de 13 de xullo, sobre Réxime Especial do Val de Arán; onde, no artigo 21.1 se di que O aranés, variedade da lingua occitana e propia de Arán, é oficial no Val de Arán. Igualmente, máis adiante, no artigo 201.1 da Lei dise que O Consello Xeral terá competencia plena en todo o referente ao fomento e o ensino do aranés e a súa cultura, de acordo coas normas de carácter xeral vixentes en toda Catalunya no campo da política lingüística e educativa.
No ámbito da política lingüística da Comunidade Autónoma de Catalunya, o aranés conta cunha previsión específica no art. 71 da Lei 1/1998, de 7 de xaneiro, de Política Lingüística, que literalmente di: O aranés, variedade da lingua occitana propia do Val de Arán, réxese no que se refire ao uso, pola Lei 16/1990, do 13 de xullo, sobre o réxime especial do Val de Arán, e, supletoriamente, polos preceptos da presente Lei, que nunca poden ser interpretados en prexuízo do uso do aranés.

- Nivel de Recoñecemento e Protección a partir do 2006. En resumo, a partir da Lei 16/1990, do 13 de xullo o aranés ten a condición de cooficial, se ben esta condición non

apareceu expresamente no Estatuto de Autonomía de Catalunya ata o novo texto do Estatuto de Catalunya promulgado en xullo de 2006, que eleva o nivel de protección do aranés ao dicir literalmente:

—Artigo 6. A lingua propia e as linguas oficiais.

(...) 5. A lingua occitana, denominada aranés en Arán, é a lingua propia deste territorio e é oficial en Catalunya, de acordo co establecido polo presente Estatuto e as Leis de Normalización Lingüística.“

4. O Réxime de Cooficialidade do Éuscaro na Comunidade Foral de Navarra.

O artigo 9 da Lei Orgánica 13/1982 de Reintegración e Amelloramento do Réxime Foral de Navarra di:

—1. O castelán é a lingua oficial de Navarra.
2. O éuscaro terá tamén o carácter de lingua oficial nas zonas vascoparlantes de Navarra.
Unha lei foral determinará estas zonas, regulará o uso oficial do éuscaro e, no marco da lexislación xeral do Estado, ordenará o ensino desta lingua.“

A Lei Foral 18/1986 do 15 de decembro, aprobada polo Parlamento de Navarra, identifica a parte norte da comunidade como vascófona. A parte central defínese como mixta, e a parte sur defínese como non vascófona.

Á luz das disposicións arriba mencionadas, o Instrumento de Ratificación español interprétase no sentido de que, dado que o éuscaro en Navarra só é cooficial na zona vascófona, os compromisos contraídos por España en virtude do previsto na Parte III da Carta só abarcan esta parte de Navarra.

3. Indicar o número dos falantes de cada lingua rexional ou minoritaria e precisar os criterios que o seu país usou para definir o termo falante dunha lingua rexional ou minoritaria“ con este fin.

- Datos Oficiais: o Censo de 2001.

Os datos oficiais dispoñibles e máis recentes son os mesmos dispoñibles cando se elaborou o primeiro Informe sobre o Cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias, é dicir, os proporcionados polo Censo de Poboación realizado en 2001.

No proceso de elaboración do Censo, ofrécenselles aos entrevistados diferentes opcións para que valoren o seu coñecemento ou dominio dos correspondentes idiomas cooficiais:

1º. Non o entende
2º. Só o entende
3º. Só o entende e sábeo ler
4º. Só o entende e sábeo falar
5º. Enténdeo e sábeo falar e ler, pero non escribir
6º. Enténdeo e sábeo falar, ler e escribir

RESULTADOS SOBRE COÑECEMENTOS LINGüÍSTICOS, REFERIDOS Á POBOACIÓN CON MÁIS DE 16 ANOS DE IDADE. INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA. CENSO 2001

	Non o entende	Só o entende	Só o entende e sábeo ler	Só o entende e sábeo falar	Enténdeo e sábeo falar e ler, pero non escribir	Enténdeo e sábeo falar, ler e escribir	TOTAL POBOACIÓN > 16 Anos Idade
ÁLAVA / ARABA	62.83 %	3.15 %	1.30 %	1.10 %	0.82 %	30.80 %	246.007
GUIPÚSCOA / GIPUZKOA	30.70 %	4.61 %	0.54 %	4.04 %	2.01 %	58.11 %	577.858
BISCAIA / BIZKAIA	52.84 %	3.57 %	1.18 %	2.43 %	1.52 %	38.46 %	976.252
EUSKADI	47.10 %	3.84 %	0.99 %	2.76 %	1.59 %	43.72 %	1.800.117
BARCELONA	6.01 %	17.53 %	9.25 %	2.44 %	17.97 %	46.81 %	4.074.261
GIRONA	4.32 %	10.99 %	5.17 %	2.34 %	18.95 %	58.23 %	475.696
LLEIDA	2.65 %	9.01 %	4.17 %	3.74 %	23.74 %	56.70 %	307.728
TARRAGONA	4.44 %	13.40 %	6.37 %	3.84 %	20.48 %	51.47 %	513.264
CATALUNYA (1)	5.52 %	16.07 %	8.32 %	2.64 %	18.62 %	48.83 %	5.370.949
A CORUÑA	0.66 %	6.57 %	1.63 %	20.61 %	11.51 %	59.02 %	952.816
LUGO	0.27 %	3.18 %	0.93 %	18.95 %	10.89 %	65.78 %	315.361
OURENSE	0.35 %	4.24 %	0.91 %	32.32 %	11.58 %	50.62 %	297.390
PONTEVEDRA	0.62 %	8.80 %	1.42 %	26.81 %	9.69 %	52.66 %	769.107
GALICIA	0.55 %	6.55 %	1.37 %	23.92 %	10.84 %	56.77 %	2.334.674
ALACANT	24.24 %	33.94 %	5.86	10.82 %	9.74 %	15.40 %	1.213.292
CASTELLÓ	6.52 %	22.82 %	6.93	13.85 %	22.52 %	27.36 %	408.182
VALENCIA	7.30 %	28.38 %	10.39	9.54 %	19.05 %	25.34 %	1.867.660
COMUNIDADE VALENCIANA	13.10 %	29.66 %	8.41%	10.49 %	16.22 %	22.12 %	3.489.134
NAVARRA (2)	39.69 %	1.53 %	0.32 %	1.23 %	0.92 %	12.29 %	466.769
ILLES BALEARS	11.58 %	20.33 %	6.79 %	7.65 %	17.99 %	35.65 %	697.553
TOTAL ESPAÑA	13.28 %	16.02 5	5.93 %	8.30 %	13.97 %	41.05 %	14.159.190

(1) Os datos indicados respecto a Catalunya só se refiren ao catalán, e non ao aranés.
(2) En Navarra, as preguntas sobre coñecementos lingüísticos non se formulan en todos os Municipios, polo que esta pregunta non se lle formulou ao 44.02 % do total da poboación da Comunidade.

- Enquisas sobre Coñecemento e Uso, realizados polas Comunidades Autónomas.

Polos motivos indicados e as dificultades existentes para dispoñer de datos absolutamente fiables, resulta especialmente enriquecedor e moi útil contrastar os datos do Censo con outros subministrados por outro tipo de estudos, sobre todo enquisas; e, en especial, as referidas ao uso e non só ao coñecemento.

Na realidade española aprécianse situacións e realidades lingüísticas moi desiguais nas seis Comunidades Autónomas españolas en que é cooficial outro idioma á parte do castelán ou español. Por iso, considéranse de interese especial os datos que proporcionan os informes previos que as diferentes Comunidades Autónomas elaboraron para permitir realizar o Informe común de todo o territorio español.

Igualmente, estes Informes proporcionan información de especial valor para comprender as condicións e situación sociolingüística de cada Comunidade Autónoma.

Comunidade Autónoma de EUSKADI

Os datos globais proporcionados, e que ilustran sobre a evolución experimentada desde 1981, dan os seguintes resultados:

C.A. PAÍS VASCO	1981	1981 %	2001	2001 %
Total	1.969.038	100%	1.984.958	100%
Bilingües	431.136	21,9	639.296	32,2
Bilingües pasivos	240.426	12,2	361.006	18,2
Erdaldúns monolingües (*)	1.297.476	65,9	984.656	49,6

Fonte: Viceconsellería de Política Lingüística, do Departamento de Cultura, do Goberno Vasco
(*) O termo -erdaldun" fai referencia ás persoas que non falan nada de éuscaro e non o len nin o entenden ben.

En relación con estes datos, o Informe previo elaborado pola C.A. de Euskadi, destaca diferentes datos que terán que terse en conta:

1. Condicións Políticas e Administrativas.

- Que, desde a perspectiva do Goberno Vasco, a situación sociolingüística do País Vasco e do éuscaro, en xeral, varía dun territorio a outro: a zona interior do País Vasco Norte e o leste de Guipúscoa e Biscaia son as zonas cunha maior proporción de bilingües, mentres que as zonas cunha menor porcentaxe de bilingües corresponden a Álava, e á zona occidental de Biscaia.
Fóra da Comunidade Autónoma do País Vasco, destaca tamén a baixa porcentaxe de bilingües na zona costeira do País Vasco Norte. En canto ás capitais ou metrópoles como Bilbao, Vitoria-Gasteiz e Baiona (Donostia-San Sebastián é a excepción) son case totalmente erdaldúns (cunha porcentaxe pequena de bilingües).

- Que, para considerar na súa totalidade a situación da lingua, estas consideracións deben ser completadas coas que o Goberno de Navarra efectúe na parte deste Informe que se refire ao seu territorio propio.

- Que o avance ou o retroceso do éuscaro está ligado, en gran medida, á lexislación e aos recursos destinados á súa normalización nos distintos territorios, recordando que o éuscaro é oficial, xunto co castelán, en toda a Comunidade Autónoma Vasca.

O réxime xurídico de oficialidade na Comunidade Foral de Navarra é o que se describe na parte do Informe realizada por esta Comunidade Foral.

Pola súa parte, no País Vasco Norte, o éuscaro carece de oficialidade ningunha, xa que, segundo a lexislación vixente, o francés é a única lingua oficial de Francia. En función desta diferente lexislación desenvolvéronse tamén as normas e destináronse os medios e recursos humanos e económicos que condicionan, á súa vez, os resultados: no sistema educativo, nos medios de comunicación, na Administración, na produción editorial e cultural, na alfabetización e euscaldunización de adultos, na implantación social da lingua, etc.

- En 2009 cumpriranse trinta anos desde que o Estatuto de Autonomía da C.A. do País Vasco proclamou o éuscaro lingua oficial da Comunidade Autónoma do País Vasco. Á vez que declaraba a oficialidade do éuscaro, recoñecíalles a todos os cidadáns da citada comunidade autónoma o dereito a facer uso tanto do éuscaro como do castelán. Desde 1979 ata os nosos días desenvolvéronse numerosas normas e constituíronse diversos organismos e institucións co obxecto de recuperar a competencia, o uso e o estatus do éuscaro tanto na Comunidade Autónoma do País Vasco como na Comunidade Foral de Navarra. Polo contrario, no País Vasco Norte, soamente viron a luz algunhas medidas illadas de promoción do éuscaro.

Unha das medidas fundamentais adoptadas na Comunidade Autónoma de Euskadi foi a Lei 10/1982 Básica de Normalización do Uso do éuscaro, xa que abriu o camiño ao desenvolvemento de iniciativas de política lingüística para recuperar o coñecemento e uso do éuscaro nos ámbitos fundamentais da sociedade, ao tempo que lle outorgaba ao éuscaro o amparo institucional que tanto precisaba. A continuación cítanse as institucións constituídas con este fin e as principais normas que entraron en vigor desde 1979 ata os nosos días: o Consello Asesor do éuscaro (1982), Eusko Irrati Telebista-Radiotelevisión Vasca (EITB, 1982), Decreto 138/1983, de 11 de xullo, polo que se regula o uso das linguas oficiais no ensino non universitario (1983), Instituto para a Alfabetización e Reeuskaldunización de Adultos (HABE, 1983), Instituto Vasco de Administración Pública (IVAP, 1983), Secretaría Xeral de Política Lingüística (1983), futura Viceconsellería de Política Lingüística (1995) e Plan de Normalización Lingüística das Administracións Públicas Vascas (1989). En xeral, as medidas adoptadas na Comunidade Autónoma vasca nos ámbitos do ensino, medios de comunicación, administracións públicas e a cultura deseñáronse, principalmente, co obxecto de fomentar o coñecemento e uso do éuscaro.

2. Situación Sociolingüística da C.A. do País Vasco.

1.1. Competencia Lingüística.

En xeral, e en canto á competencia lingüística se refire, é evidente o avance do éuscaro na Comunidade Autónoma, lugar onde residen o 80% dos euscaldúns. O avance que o coñecemento do éuscaro experimentou durante os últimos vinte anos na Comunidade Autónoma Vasca é un feito evidente. Os bilingües pasaron de ser unha quinta parte da poboación en 1981 a practicamente a terceira parte en 2001, o que significa que nese período de tempo se incorporaron ao éuscaro máis de 200.000 novos falantes potenciais. Por outra parte, ese incremento foi xeral, é dicir, produciuse en todos os territorios e, se exceptuamos as persoas maiores de 65 anos, en todos os grupos de idade.

1.2. Novos Colectivos Vascófonos.

Produciuse un cambio radical do colectivo de vascófonos. Aumentou considerablemente o número de neo-vascófonos ou euskaldunberris de tal maneira que, actualmente e sen dúbida ningunha, entre a poboación xuvenil resulta maior o número de neo-vascófonos ca o de vascófonos ou euskaldunzaharras. Eses dous colectivos (os neo-vascófonos e vascófonos) son cualitativamente moi diferentes en canto á capacidade ou competencia relativa que posúen para expresarse tanto en éuscaro como en castelán como no referente á densidade de euskaldúns que conforman o seu ámbito familiar, social ou a armazón das

súas relacións laborais. Ao fin e ao cabo, diso depende a lingua que se elixa como modo de expresión.

O Censo de 2001 aprecia que non hai practicamente perdas, e que é cada vez maior a proporción de euskaldúns entre os mozos. A transmisión do éuscaro é practicamente total cando os dous proxenitores son euskaldúns. E, ao mesmo tempo, é cada vez maior a transmisión nos casos nos que unicamente un deles (o pai ou a nai) é euskaldún, aínda que nestes casos se transmite o éuscaro xunto ao castelán.

1.3. Novo Tipo de Bilingüismo.

Paralelamente ao avance cuantitativo do éuscaro, fóronse asentando as características que definen un novo tipo de bilingüe, cada vez más lonxe da tradicional concepción de persoa que vive no ámbito rural e cun ambiente familiar e social maioritariamente euskaldún. Na actualidade, a maioría dos bilingües (66,3%) residen en núcleos urbanos, principalmente nas áreas metropolitanas das tres capitais e en municipios de máis de 10.000 habitantes situados nas principais redes de comunicación da Comunidade Autónoma Vasca, sen esquecer algúns núcleos illados da zona costeira. É dicir, a maioría dos bilingües viven nas zonas con maior densidade de poboación, caracterizadas por un alto índice de erdaldúns monolingües, o que repercute claramente nas posibilidades que estes bilingües teñen para usar o éuscaro.

Non obstante, o Informe previo do Goberno Vasco estima necesario matizar esa grande incorporación ao éuscaro producida na Comunidade Autónoma Vasca; pois indica que aínda que é certo que se está producindo a incorporación ao éuscaro de miles de bilingües, é igualmente certo que a maioría dos mesmos se expresan con maior facilidade en castelán ca en éuscaro.

Por iso, polo que ao uso se refire, o castelán é a lingua máis utilizada, aínda que de todas formas, aumentou o uso do éuscaro, sobre todo grazas aos neo-vascófonos. Estase incrementando o número dos que saben éuscaro, e tamén o dos que o utilizan e o éuscaro está logrando entrar en ámbitos nos que nunca se utilizara.

1.4. Transmisión da Primeira Lingua.

Respecto da transmisión da primeira lingua, apréciase un claro retroceso do éuscaro durante este último século no conxunto do País Vasco: mentres que entre os maiores de 35 anos as persoas para as que a primeira lingua foi unicamente o éuscaro son o 19,9%, entre os menores de 35 anos a porcentaxe é do 11,8%, é dicir un pouco máis da metade. As perdas, ademais, producíronse nos tres territorios, aínda que estas perdas non son, en ningún caso, iguais nos tres territorios.

A competencia lingüística dos pais é fundamental na transmisión familiar da lingua. Así, cando nin o pai nin a nai saben éuscaro, loxicamente, é o castelán a lingua de transmisión; pero cando ambos o falan ou, polo menos, un dos dous o fai, as tendencias son moi diferentes dun territorio a outro. Cando tanto o pai como a nai souberon éuscaro as ganancias foron claras na Comunidade Autónoma do País Vasco. Non obstante, cando unicamente é o pai ou a nai quen soubo éuscaro, a transmisión do éuscaro xunto co castelán aumentou nos tres territorios.

	1986 Total	1986 %	2001 Total	2001 %
TOTAL	2.016.263	100	1.984.958	100
Éuscaro	415.065	21	392.097	20
Éuscaro e castelán	74.681	4	73.668	4
Castelán	1.490.609	74	1.483.649	75
Outros	35.908	2	35.544	2

Fonte: Viceconsellería de Política Lingüística (Departamento de Cultura do Goberno Vasco.

Tamén é certo que a tendencia a transmitir o éuscaro é cada vez maior entre as parellas novas; de modo que se aprecia que nos grupos de idades más novas, entre 5 e 14 anos, a transmisión do éuscaro como primeira lingua é superior á media. Así mesmo, aumenta a porcentaxe de mozos que recibe o éuscaro xunto co castelán, as dúas linguas oficiais da CAV, como lingua familiar.

Ano: 2001	Total	5-9	10-14	15-19	20-24
Total	1984958	77969	87283	114516	159798
Éuscaro	19,8	22,8	20,3	18,4	17,3
Éuscaro e castelán	3,7	11,5	8,6	6,9	5,4
Castelán	74,7	64,6	70,1	73,6	76,0
Outro	1,8	1,1	1,0	1,0	1,3

Fonte: Viceconsellería de Política Lingüística (Departamento de Cultura do Goberno Vasco-2001)

1.5. A Mobilidade Lingüística.

O peso de cada un dos grupos do índice BILA é moi distinto. Mentres os vascófonos e os bilingües de orixe presentan unha situación estable ou un lixeiro incremento, os neo-vascófonos experimentan un forte crecemento, significativamente menor no caso dos parcialmente neo-vascófonos.

A positiva progresión destes dous últimos grupos repercute principalmente no grupo de castelanófonos, dos que a porcentaxe se reduce considerablemente (unha media de 10,6 puntos). Pola súa parte, os parcial e totalmente castelanizados experimentan, en xeral, lixeiros retrocesos, como veremos a continuación

	1986 (%)	2001 (%)
Vascófonos	18,9	18,4
Bilingües de orixe	2,2	2,9
Neo-vascófonos	3,5	10,8
Parcialmente neo-vascófonos	12,5	16,6
Parcialmente castelanizados	2,2	1,6
Totalmente castelanizados	0,9	0,5
Castelanófonos	59,7	49,1

Fonte: Viceconsellería de Política Lingüística (Departamento de Cultura do Goberno Vasco)



Fonte: Viceconsellería de Política Lingüística (Departamento de Cultura do Goberno Vasco-2001)

1.6. Tipoloxía da Lingua de Uso na Casa.

O índice ERABIL obtívose mediante o cruzamento do índice BILA (combinación da primeira lingua e a competencia lingüística) coa variable da lingua de uso na casa (éuscaro, éuscaro e castelán, ou castelán). Así, o índice resultante fai referencia ao nivel de uso na casa do éuscaro de cada un dos grupos obtidos no índice BILA.

En primeiro lugar, temos que recordar que a metade da poboación da Comunidade Autónoma está composta polos totalmente castelanizados e os castelanófonos. Os vascófonos representan o 18,5% da poboación e é o grupo onde se encontra a práctica totalidade dos falantes activos en éuscaro que supoñen o 13% da poboación total. Neste grupo os activos en éuscaro son maioría e representan case tres cuartas partes do grupo, mentres aproximadamente unha quinta parte son activos nas dúas e a décima parte restante son pasivos en éuscaro.

Como se observa no seguinte gráfico, existen diferenzas entre os tres territorios que conforman a Comunidade. O uso da lingua na casa vai parello á porcentaxe de vascófonos. É por iso, que é en Guipúscoa onde maior proporción de poboación utiliza o éuscaro na casa. O tamaño dos círculos varía segundo o número de poboación por territorio; isto é, o tamaño do círculo é proporcional á poboación de cada territorio.

Os resultados da análise do uso real do éuscaro na casa, tendo en conta toda a poboación da Comunidade, nestes dez últimos anos, apuntan que, en xeral, o uso apenas variou, se ben aumentou algo entre os menores de 25 anos. Este incremento débese a que cada vez son máis os pais e nais que no seu día adquiriron certos coñecementos de éuscaro e que, a pesar non ser capaces de se expresar correctamente (bilingües pasivos), utilizan o éuscaro cos seus fillos.

1.7. Tipoloxía do uso da Lingua, segundo a Idade.

Como dixemos anteriormente, a práctica totalidade dos falantes que usan principalmente o éuscaro na casa encóntranse no grupo dos vascófonos. A maior proporción encóntrase nos maiores de 65 anos. A partir desta idade e segundo descende a mesma, a porcentaxe de persoas que utilizan principalmente o éuscaro na casa descende sensiblemente. Entre os menores de 30 anos a proporción dos que o usan volve medrar ata practicamente recuperar, entre os máis novos, o nivel de uso que se dá entre as persoas de entre 65 e 75 anos.



Fonte: Viceconsellería de Política Lingüística (Departamento de Cultura do Goberno Vasco-2001)

1.8. Tipoloxía do uso da Lingua, segundo a Densidade de Bilingües no Fogar.

A densidade de falantes, xunto coa facilidade relativa para expresarse nunha lingua ou outra son os factores determinantes á hora de utilizar unha determinada lingua. Para que o éuscaro sexa a lingua de uso habitual na casa, é necesario que todos os membros da familia o falen. Abonda con que un só membro da familia non saiba falar éuscaro para que o seu uso descenda bruscamente.

Cando a densidade de bilingües nos fogares da Comunidade é superior ao 80%, no 72,3% dos casos o éuscaro é o idioma habitual de uso na casa e no 17,4% utilízanse tanto o éuscaro coma o castelán. O restante 10,3% utiliza maioritariamente o castelán. Pero abonda con que a citada densidade descenda do 80%, para que o uso do éuscaro, incluso no mellor dos casos; é dicir, cando a densidade se sitúa entre o 60% e o 80%, se reduza ao 16,5%, se ben o uso de ambas as linguas aumenta ao 33,7%. Cando se descende por debaixo do 60%, apenas ninguén utiliza o éuscaro e incluso o uso de ambas as linguas non supera o 13%.



Fonte: Viceconsellería de Política Lingüística (Departamento de Cultura do Goberno Vasco-2001)

1.9. O Uso da lingua no Ensino non universitario.

Pero a principal vía de adquisición do éuscaro está sendo, sen dúbida, o sistema educativo. A partir da implantación dos modelos lingüísticos o incremento do número de alumnos matriculados nos modelos B e D foi continuo e directamente proporcional á diminución dos matriculados no modelo A.



Fonte: EUSTAT e Departamento de Educación do Goberno Vasco

Pero é verdade que, incluso actualmente, a situación varía notablemente dun nivel educativo a outro. Na Formación Profesional, por exemplo, o modelo A é

maioritario, mentres que na Educación Infantil, nove de cada dez alumnos están matriculados nos modelos B e D.

Analizando a distribución das matrículas do ensino non universitario na CAV, vemos que no curso 2002-03, o modelo D é o que máis efectivos concentra (47%), seguido do modelo A cun 30% dos alumnos e o cun 22%.



Fonte: EUSTAT (2002-03)

A distribución varía notablemente duns niveis de ensino a outros; segundo os datos obtidos do EUSTAT, canto menor é o nivel de ensino, maior é o número de alumnos inscritos no modelo D.

A Formación Profesional pódese considerar un caso especial, xa que a distribución por modelos que presenta varía notablemente con respecto ao resto dos niveis educativos. En efecto, a porcentaxe de matrículas no modelo D é do 13,6% cunha presenza simbólica do modelo B (3,5%) e unha gran maioría de matrículas no modelo A (82,9%).

- Catalán.

O Informe previo elaborado pola Generalitat de Catalunya estima que se entende por falante —aquela persoa que coñece e pode falar o catalán".
Os datos que resultan da Estatística de Usos Lingüísticos en Catalunya 2003 (EULC03), indican que as competencias lingüísticas da poboación de 15 anos en diante do territorio de Catalunya en relación co catalán son as seguintes:

	Enténdeo	Sábeo falar	Sábeo ler	Sábeo escribir
Porcentaxe	97,4%	84,7%	90,5%	62,3%
Números absolutos	5.329.000	4.639.000	4.953.000	3.409.000
Total poboación +15 anos	5.471.200 persoas			

Débese ter en conta, ademais, en canto aos usos lingüísticos, que o 50,1% da poboación non só sabe falar o catalán, senón que ten esta lingua como lingua habitual, unha porcentaxe que descende ata o 44,4% na franxa de idade comprendida entre os 15 e 29 anos.

- Aranés.

El aranés é una variedade da lingua occitana, una modalidade do gascón, que se fala no Valle de Arán, comarca catalá da provincia de Lleida e que conta con 620 km2 e 9 municipios. A poboación total da comarca, segundo os datos do Censo de 2001, era de 7.938 habitantes.

O Informe previo elaborado pola Generalitat de Catalunya para elaborar este 2º Informe proporciona os seguintes datos resultantes do censo lingüístico realizado no ano 2001:

	Enténdeo	Sábeo falar	Sábeo ler	Sábeo escribir
Porcentaxe	88,9%	62,2%	58,4%	26,7%
Números Absolutos	6.721	4.700	4.413	2.016
Total poboación	7.522 persoas			

Comunidade Autónoma de GALICIA

O galego é a lingua dos falantes asentados na totalidade do territorio da comunidade autónoma de Galicia, sen que existan áreas xeográficas e sociais nas que a lingua galega non estea presente. Isto é importante para explicar a cohesión sociolingüística do territorio galego, ao longo da historia e na actualidade.
Ademais, o galego é lingua de uso en territorios limítrofes pertencentes ás comunidades de Asturias e Castela e León, así como en tres pequenas poboacións da Comunidade de Extremadura.

O Informe presentado pola Xunta de Galicia define como falantes —aquelas persoas que se consideran con capacidade para se comunicar en galego, o cal se entende que é froito dun uso da lingua".

Os datos proporcionados pola Xunta de Galicia son os subministrados polo Censo 2001:

Entenden	99.16 %
Falan	91.04 %
Len	68.65 %
Escriben	57.64 %

Respecto do uso da lingua galega, os cidadáns declaran que usan o galego:

TOTAL	Sempre	Ás veces	Nunca
2.587.407	56'84% (1.470.836)	30'29% (783.780)	12'86% (332.791)

O galego conta cunha lexislación desenvolvida en favor da súa protección e uso, xerada a partir da Lei 3/1983, do 15 de Xuño, de Normalización Lingüística. Para a súa aplicación e desenvolvemento, publicáronse diversos decretos, ordes e resolucións que permitiron a regularización do ensino da lingua ou a creación de medios de comunicación públicos en galego. Recentemente aprobouse tamén un Plan Xeral de Normalización da lingua galega.

- Situación Sociolingüística do Galego.

A evolución da situación lingüística en Galicia ten que ver con factores históricos, diferentes dos protagonizados por outros territorios de España con lingua propia, como Catalunya ou o País Vasco, e que son determinantes para valorar a situación actual do galego.

O galego, tal como mostran as estatísticas, é a lingua cooficial de España cunha maior porcentaxe de falantes habituais no seu territorio. Pola súa común orixe latina e polas súas características evolutivas é una lingua facilmente comprensible por un falante de castelán. Isto, unido á súa presenza no sistema educativo obrigatorio desde hai 30 años, explica o índice practicamente do 100% de comprensión en Galicia. Este é un dato importante, porque permite a convivencia e conversación fluída entre monolingües activos das dúas linguas, situación habitual no cotián de Galicia. As conversacións bilingües son unha práctica asentada, caso pouco habitual nos casos de contacto de linguas.

Isto tamén determina que, por exemplo, se deixasen de producir practicamente cursos de iniciación á lingua, e as solicitudes dos cidadáns fosen nos últimos anos dirixidas aos cursos medios e de perfeccionamento de galego. Isto tamén ten que ver con que a nosa porcentaxe de poboación inmigrante é aínda reducido ao lado do rexistrado noutras comunidades de España. E, por outra parte, isto fai evidente que a competencia lingüística, cada vez máis elevada, non supón automaticamente o cambio dos hábitos sociais nos usos lingüísticos. Estes son froito dunha situación histórica prolongada durante séculos.

A pesar da súa época de esplendor na península durante a Idade Media, na que foi lingua de cultura das Cortes de Castela (en galego redactou as Cantigas de Santa María a corte de Afonso X O Sabio), e polo tanto, lingua de estatus elevado, os avatares políticos dos séculos seguintes desprazaron a lingua galega dos espazos de prestixio e de poder, e asentaron na poboación a menor consideración da súa propia lingua, que non obstante se continuou utilizando de forma maioritaria no ámbito familiar.

Co desenvolvemento das cidades e o nacemento dunha industria xerada basicamente por actores procedentes doutros territorios de fóra de Galicia, o desenvolvemento no territorio galego foise vinculando á lingua castelá destes actores de poder, a pesar de que en Galicia existiron desde o século XIX movementos importantes de reivindicación do respecto pola lingua e a cultura de Galicia.

A aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia no marco da nova Constitución española, no novo contexto democrático, permitiu estes últimos 30 anos un proceso de recuperación da lingua propia de Galicia (tal como a recoñece o propio Estatuto) en ámbitos de poder fundamentais, como o administrativo, a escola ou os medios de comunicación públicos. A pesar diso, permanecen na sociedade prexuízos negativos sobre o valor da lingua galega, que só novas correntes no campo da iniciativa empresarial, novas actitudes persoais na cidadanía e, por suposto, o apoio normalizador das administracións públicas, logran ir superando con pasos lentos.

O estudo “A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)“, publicado polo Consello da Cultura Galega, en 2005, conclúe os seguintes puntos principais:

- O uso do galego decreceu en termos xerais de 1992 a 2003, pero segue sendo a lingua máis utilizada en Galicia.
- O grupo máis numeroso é o de individuos monolingües en galego.
- Detéctase un crecemento do monolingüismo, aumentando máis a porcentaxe de monolingües en castelán ca o de monolingües en galego.
- Na variable de idade, descende o uso do galego como lingua habitual canto máis novos son os individuos, se ben este dato se matiza coa indicación de que nas franxas de idade más nova aumenta o número de monolingües en galego.
- A presenza do galego descende lixeiramente en todos os tipos de hábitats. Aínda así, a cidade é o hábitat onde medran proporcionalmente máis monolingües en galego e onde aumentan menos os monolingües en castelán.
- En canto aos usos familiares, o uso do galego cos fillos é o que menos descende. Hoxe hai menos falantes iniciais de galego ca en 1992, pero o galego segue sendo a lingua inicial da maioría.

- Constátase un aumento moi importante das competencias escritas en lingua galega, dobrándose a poboación que declara escribir ou ler “ben” ou “moi ben” en galego.
- Os individuos máis novos teñen unhas mellores competencias lectoras que orais, o cal pode indicar -sinala o informe- que as destrezas orais non están constituíndo unha prioridade no sistema educativo.
- En canto ao uso na escola, aumenta o uso do galego tanto nas aulas coma nos exames conforme baixa a idade dos entrevistados.
- Por cidades, Lugo, Ourense e Pontevedra son as cidades, por esta orde, onde os falantes de galego son máis numerosos

Comunidade VALENCIANA

Como xa se indicou no primeiro Informe elaborado por España, en 2002, o tratamento da oficialidade da lingua propia desta Comunidade autónoma é diferente nas diferentes comarcas da Comunidade, xa que a Lei vixente establece dúas zonas diferenciadas, cos seguintes datos estatísticos segundo o Censo de 2001:

ZONAS	C. VALENCIANA	ALACANT	CASTELLÓ	VALENCIA
Zona Valencianoparlante				
Municipios	293	109	83	101
Poboación	3.687.936	1.135.274	457.934	2.094.728
% Poboación Total	88.60 %	77.65 %	94.50 %	94.51 %
Zona Castelanparlante				
Municipios	143	30	51	62
Poboación	474.850	326.651	26.632	121.557
% Poboación Total	11.40 %	22.34 %	5.49 %	5.48 %

Segundo datos máis recentes, o Padrón municipal de 2004 cifra en 4.543.304 habitantes a poboación da Comunidade. En cada unha das dúas áreas diferenciadas segundo a tradición xeolingüística habita o 87,62%, en municipios historicamente valencianoparlantes, e o resto, o 2,38%, en municipios castelanfalantes.

Agora ben, no Informe previo da Comunidade Valenciana recórdase que, se ben tanto o Estatuto de Autonomía como a Lei de Uso e Ensino do Valenciano establecen a existencia de municipios de predomino valenciano ou castelán, para estudosos alleos a esta realidade tal afirmación pode dar lugar a confusión; xa que, de feito, os municipios cualificados como de predominio lingüístico castelán, utilizan en exclusiva e non preferentemente esta lingua, mentres que os que se sitúan ao leste da fronteira lingüística, aínda sendo historicamente valencianoparlantes, non presentan todos un predominio desta lingua.
Loxicamente é necesario ter en conta esta peculiaridade de cara a posibles comparacións con outras linguas noutros territorios.

O primeiro dato, polo tanto, obriga a precisar os resultados do Censo de 2001, xa descritos máis arriba, segundo as diferentes zonas, o que segundo o Goberno desta Comunidade dá os seguintes resultados:

	Comunidade Valenciana	Zona valenciano parlante	Zona castelán parlante
Entende	86,4	90,4	56,6
Fala	48,9	53,7	12,6
Le	47,2	51,3	16,9
Escribe	24,1	26,3	7,7

Por outro lado, estes datos do Censo complétanse neste caso cos subministrados pola Enquisa de Coñecemento e Uso do Valenciano, de 2005

O universo sobre o que se constrúe a mostra da Enquisa Xeral de Coñecemento e Uso do Valenciano de 2005, do Servizo de Investigación e Estudos Sociolingüísticos (SIES), é

precisamente este Padrón municipal, e con base no exposto no parágrafo anterior podemos ofrecer resultados sobre o coñecemento da lingua valenciana nas dúas zonas mencionadas e o seu uso na zona valencianoparlante.

1. Coñecemento do Valenciano.

Enténdeo	Comunidade Valenciana	Zona valenciano parlante	Zona castelán parlante
Nada	6,3	4,5	18,7
Un pouco	20,3	17,3	41,8
Bastante ben + Perfectamente	73,3	78,1	39,3

Sábeo falar	Comunidade Valenciana	Zona valenciano parlante	Zona castelán parlante
Nada	22,1	17,2	57,2
Un pouco	25,5	25,1	28,2
Bastante ben + Perfectamente	52,1	57,4	14,0

Sábeo ler	Comunidade Valenciana	Zona valenciano parlante	Zona castelán parlante
Nada	21,1	17,2	49,1
Un pouco	27,8	27,8	28,4
Bastante ben + Perfectamente	50,8	54,8	22,1

Sábeo escribir	Comunidade Valenciana	Zona valenciano parlante	Zona castelán parlante
Nada	48,8	45,2	74,3
Un pouco	21,0	22,0	14,0
Bastante ben + Perfectamente	29,8	32,4	11,1

2. Uso do Valenciano.

	Relacións persoais			No comercio	
	Na casa	Cos amigos	Na rúa con xente que non coñece	Nas tendas tradicionais	Nas grandes superficies
Sempre / Xeralmente / Máis en valenciano	36,4	32,8	19,5	29,1	20,0
Indistintamente	6,2	13,8	16,7	12,4	13,3
Sempre / Xeralmente / Máis en castelán	54,5	52,5	62,8	57,5	65,4

3. Valoración do uso do Valenciano

O Informe previo elaborado pola Generalitat Valenciana proporciona, igualmente, os resultados da Enquisa realizada no referente á valoración que os enquisados fan sobre o uso do valenciano e as expectativas de futuro.

O valenciano úsase actualmente:

	Comunidade Valenciana	Zona valenciano parlante	Zona castelán parlante
Nada	3,8	2,1	16,4
Pouco	39,1	38,1	46,2
Normal	21,3	21,5	20,0
Bastante	24,4	26,2	11,8
Moito	10,0	11,0	2,8
NS/NS	1,3	1,0	2,9

Socialmente, o valenciano úsase agora máis, igual ou menos que hai uns cantos anos:			
	Comunidade Valenciana	Zona valenciano parlante	Zona castelán parlante
Menos	26,5	25,9	30,3
Igual	29,7	29,6	30,7
Máis	39,7	40,7	32,8
NS/NC	4,1	3,8	6,2

Cre que o valenciano se usará no futuro:			
	Comunidade Valenciana	Zona valenciano parlante	Zona castelán parlante
Menos	21,4	20,1	30,8
Igual	26,0	25,6	29,2
Máis	46,1	48,0	32,8
NS/NC	6,5	6,3	7,3

O valenciano, cre que se debería usar:			
	Comunidade Valenciana	Zona valenciano parlante	Zona castelán parlante
Menos	12,8	10,0	32,5
Igual	26,9	25,9	33,9
Máis	55,5	59,6	26,5
NS/NC	4,9	4,6	7,1

Comunidade Foral de NAVARRA

O Goberno de Navarra levou a cabo no ano 2003 unha enquisa sociolingüística sobre o uso do Éuscaro en Navarra. Os resultados máis significativos desta investigación poderíanse resumir nos seguintes puntos:

1. Perfís lingüísticos. Considerando a competencia oral en éuscaro e castelán declarada polos entrevistados.

O vascoparlante fala moi correctamente ou correctamente o éuscaro pero só regular ou con algunhas ou moitas dificultades o castelán: 0.8% da poboación
O bilingüe fala tanto o éuscaro coma o castelán correctamente ou moi correctamente: 9.7% da poboación
O castelanfalante con éuscaro fala o castelán moi correctamente ou correctamente e tamén fala algo de éuscaro: 9.7% da poboación
O castelanfalante fala o castelán moi correctamente ou correctamente pero non fala o éuscaro: 78% da poboación

Indicador de perfil lingüístico a partir de variables de uso (% sobre total de entrevistados)	
Vascoparlante	0.8
Bilingüe	9.7
Castelanfalante con éuscaro	9.7
Castelanfalante	78.0
Inclasificables (NC)	1.8

2. En cada zona de Navarra a distribución dos perfís lingüísticos difire significativamente. Mentres que na zona Vascófona case o 75% da poboación pertence a algún dos perfís que contan con aínda que sexa un mínimo de coñecemento do éuscaro, na zona non Vascófona, esta proporción só representa o 8%. A idade xoga un papel clave na caracterización de cada perfil lingüístico. Canto máis novos son os entrevistados máis dominio do éuscaro presentan.

3. Focalizando nos usos do éuscaro evidentemente entre quen posúe aínda que sexa un mínimo dominio- o ámbito familiar resulta o ámbito de uso por excelencia, especialmente nos perfís vascoparlantes e bilingües. Entre os castelanfalantes con éuscaro en cambio, cunha adquisición do éuscaro principalmente a través do sistema educativo, os ámbitos de uso son moito máis acoutados. Segundo o lugar de residencia, na zona Vascófona naturalmente as esferas de utilización son múltiples e comprenden o medio familiar e social máis íntimo así como tamén sitios ou colectivos máis neutrais ou distantes mentres que na zona Mixta e especialmente a Non Vascófona os usos son máis restrinxidos.

4. As variedades dialectais do éuscaro son dun uso considerable entre os vascoparlantes, os bilingües e os residentes na zona Vascófona. Mentres tanto, entre os castelanfalantes con éuscaro, e os residentes na zona Mixta e Non Vascófona, prevalece o uso do batúa. Esta situación evidentemente vincúlase co modo de adquisición do idioma: canto maior peso

ten no mesmo o sistema educativo, maior utilización do batúa se rexistra. O uso combinado do batúa cos dialectos é moi baixo.

5. A pertenza a cada segmento lingüístico vincúlase naturalmente co tipo de socialización de cada individuo. Neste sentido, o ámbito familiar primeiro e logo o sistema educativo ocupan os roles primordiais neste proceso. O lugar de adquisición do idioma é clave para diferenciar un bilingüe dun castelanparlante con éuscaro. Para os primeiros, a familia ocupa o principal lugar de adquisición, cos estudos xogando un papel secundario aínda que non por iso menos relevante. Polo contrario, os castelanfalantes con éuscaro apóianse ante todo no ensino obrigatorio para a adquisición do éuscaro mentres que o rol da familia é secundario.

6. A utilización do éuscaro no fogar como lingua materna leva claramente a unha maior tendencia a se definir por esta lingua. Deste xeito, o 50% daqueles que tiveron tanto o castelán como o éuscaro como lingua materna son bilingües, e outro 19% son castelanfalantes con éuscaro. Así mesmo, unha proporción non desprezable dos mesmos -a pesar deste temperán contacto co éuscaro- non afondou nos seus coñecementos da lingua. Esta taxa de "perda" do idioma é maior nas zonas Mixta e Non Vascófona.

Indicador de perfil lingüístico segundo lingua materna declarada (% sobre total da mostra)									
	Z. Vascófona			Z. Mixta			Z. Non Vascófona		
	Caste-lán	Éuscaro	Ambas	Caste-lán	Éuscaro	Ambas	Caste-lán	Éuscaro	Ambas
Vascoparlante	--	11.9	3.7	--	10.0	--	--	--	--
Bilingüe	17.5	78.8	70.4	5.2	70.0	41.2	1.1	--	20.0
Castelanfalante con Éuscaro	18.3	7.1	20.4	12.0	10.0	17.6	5.3	33.3	20.0
Castelanfalante	62.4	0.6	5.6	81.3	10.0	35.3	92.0	66.7	40.0

7. Os cambios introducidos no sistema de ensino a través de novos modelos educativos mostran a súa contribución á capacidade lingüística dos navarros. O acceso dos mozos a este idioma propagouno basicamente o sistema educativo regulado.

8. Do total da poboación navarra case un 9% cursou algún dos seus estudos nun modelo de ensino que incluíu o éuscaro xa sexa como materia ou como lingua básica de aprendizaxe. Esta proporción ascende a case un terzo da poboación residente na zona Vascófona e é moi pequena na zona non Vascófona.

Indicador de perfil lingüístico segundo nivel de estudos (% sobre total da mostra)					
	Primarios sen completar	Primarios (ata 10 anos)	Secundarios primeiro ciclo (ata 14 anos)	Secundarios (ata 18 anos)	Superiores
Vascoparlante	5.9	3.5	0.7	0.2	--
Bilingüe	8.8	6.5	7.9	10.3	24.0
Castelanfalante con Éuscaro	5.9	5.9	6.8	11.9	23.3
Castelanfalante	67.6	80.6	82.6	76.9	1.3

Indicador de perfil lingüístico segundo modelo de estudos (usando variable construída "modelo seguido en todos os niveis") (% sobre total da mostra)				
	Modelo D	Modelo B	Modelo A	Modelo G
Vascoparlante	1.6	1.4	--	0.6
Bilingüe	87.7	61.1	25.4	7.1
Castelanfalante con éuscaro	5.9	19.4	31.3	9.3
Castelanfalante	4.5	18.0	41.9	81.6

9. A imaxe dos modelos de ensino en éuscaro (avaliamos en particular o A e D) encóntrase moi desdebuxada entre a poboación en xeral. Máis da metade, incluso aínda na zona Vascófona, non pode emitir unha opinión acerca da calidade do ensino que se imparte no modelo A. Este déficit cognitivo tende a atenuarse un pouco á hora de avaliar o modelo D, pero de calquera xeito continúa sendo significativo. Entre os que emiten unha opinión ao respecto o saldo (diferenza entre xuízos favorables e desfavorables) é claramente positivo.

10. 2 de cada 10 navarros intentaron aprender ou perfeccionar o éuscaro independentemente do ensino eventual no sistema educativo formal. Esta proporción increméntase na zona Vascófona e Mixta e especialmente entre os castelanfalantes con éuscaro. De todas as alternativas, o Euskaltegi destácase claramente como o método de preferencia.

11. O Euskaltegi goza dun posicionamento moi favorable. A maioría dos que asistiron ás súas clases teñen unha opinión favorable sobre a calidade do seu ensino. O EOI en cambio, ten un posicionamento menos consolidado, aínda que a valoración xeral tamén é de natureza positiva.

Á parte das clases que puido recibir dentro do ensino obrigatorio, tentou algunha vez aprender ou perfeccionar o éuscaro? Segundo zona lingüística e perfil lingüístico (% sobre total entrevistados maiores de 18 anos)						
		Zona Vascófona		Zona Non Vascófona	Bilingüe	Castelán-parlante con éuscaro
Nun euskaltegi	10.5	14.0	13.2	5.5	23.8	45.5
Na EOI	1.8	1.6	2.5	0.8	9.0	4.9
Noutro centro público	3.1	2.5	3.7	2.3	3.8	5.8
Facendo un intercambio	0.7	0.5	0.4	1.2	--	1.4
Estudando un mesmo	1.3	2.5	1.5	0.7	3.7	--
Estancia nunha zona vascófona	0.2	0.5	0.1	0.2	0.9	--
Na universidade	0.3	--	0.3	0.3	--	--
Cursos do concello/ goberno	0.3	0.7	0.3	0.2	0.4	--
Clases extraescolares en colexios/ ikastolas	0.7	--	1.0	0.3	--	1.4
Clases particulares	0.3	--	0.4	0.3	--	1.4
Noutro centro/ outro método	0.6	0.5	0.8	0.3	1.0	1.8
Non	80.0	76.3	75.7	87.7	56.0	37.0
NC	0.3	0.7	0.3	0.2	1.5	0.7

12. No total da poboación navarra, as alternativas de ensino do éuscaro para adultos carecen dun posicionamento definido. Nestes casos obsérvase a mesma tendencia que a recollida respecto á valoración dos modelos de ensino obrigatorio con éuscaro. O seu perfil é alcanzable para o seu público máis directo, contando aínda cunha imaxe imprecisa na poboación xeral.

13. A proporción de navarros cun título en éuscaro é aínda moi baixa. A obtención do mesmo encóntrase intimamente vinculada coa asistencia a modelos con ensino en éuscaro e por conseguinte, coa idade.

Onde aprendeu o éuscaro? TOTAL MENCIÓNS (% sobre total que entende o éuscaro)					
IDADE	15-24	25-34	35-54	55-64	65 E máis
Na familia	31.2	48.5	58.0	82.2	87.6
Na rúa	15.8	8.1	13.7	19.1	28.4
No centro de estudo	80.9	63.1	35.3	19.9	14.8
No centro de traballo	0.3	2.8	4.1	2.5	4.8
Cos amigos	12.3	11.9	10.7	10.8	13.2
Cursos especiais	15.4	27.1	28.8	16.6	0.8
Medios de comunicación	1.8	0.7	0.9	--	--
Outros	1.3	1.7	2.5	5.0	0.8
NS/NC	0.3	--	--	--	3.2

14. A percepción de utilidade do éuscaro transcende na actualidade aos que teñen algunha competencia en éuscaro. É dicir existe un desaxuste importante entre a percepción do lugar do éuscaro na comunidade (55% cren que é moi-bastante útil) e a posibilidade de se adecuar a este contexto (case un 80% dos navarros son castelanparlantes sen ningún coñecemento de éuscaro), cos potenciais efectos que isto pode traer consigo. Principalmente porque se considera que é principalmente útil para acceder ao mercado laboral en xeral e tamén máis especificamente á administración pública. E tamén porque se ben se lle outorga un menor peso noutras esferas, unha proporción significativa encóntralle utilidade nas súas relacións familiares e sociais. Naturalmente estas valoracións discrimínanse claramente segundo a zona de residencia e o perfil lingüístico de cada entrevistado.

Diría Vde. que hoxe en día saber éucaro en Navarra é...? (% sobre total entrevistados)				
	TOTAL	Zona Vascófona	Zona Mixta	Zona Non Vascófona
Moi útil	15.9	38.5	15.5	10.3
Bastante útil	39.2	39.9	41.3	35.8
Indiferente	6.6	5.0	6.4	7.3
Pouco útil	18.6	10.3	20.9	17.4
Nada útil	12.0	2.2	9.0	19.2
NS/ NC	7.7	4.2	6.8	10.0

15. Desde o lugar das expectativas e non da utilidade percibida, case un 25% dos navarros considera que para a función pública se debería valorar o coñecemento do éuscaro en maior medida ca o doutras linguas estranxeiras. O resto en tanto, considera que se lle debe adxudicar ao éuscaro o mesmo ou menor valor ca ao coñecemento das outras linguas. Tamén neste caso, a capacidade de discriminación da zona de residencia e do perfil lingüístico é moi evidente.

16. A política do Goberno de Navarra en relación ao éuscaro, ao igual que sucede cos métodos formais e non formais de ensino, permanece relativamente allea a unha proporción importante de navarros podendo expresar deste modo certo desinterese sobre o tema. Case 4 de cada 10 navarros non pode valorar as accións levadas a cabo polo Goberno en canto ao ensino, capacitación e promoción do éuscaro. Os segmentos máis sensibles a estas políticas residentes en zona Vascófona e perfís lingüísticos con éuscaro- encóntranse máis interiorizados coas mesmas e teñen un posicionamento máis definido. E neste caso, as políticas do Goberno tenden a distanciarse das expectativas dos que viven nun ámbito éuscaro, especialmente no que se refire á promoción do uso do éuscaro nos medios de comunicación e en diferentes eventos culturais e sociais.

Que cre que debería facer o Goberno para motivar os cidadáns que desexen aprender éuscaro? (% sobre total entrevistados)				
		Zona Vascófona	Zona Mixta	Zona Non Vascófona
INICIATIVAS EDUCATIVAS PARA ADULTOS				
Ampliar as axudas económicas/ máis bolsas	19.1	29.6	20.3	15.2
Dar máis facilidades en xeral	4.8	8.3	4.3	4.5
Non poñer obstáculos	4.1	6.6	5.1	1.9
Mais centros/ lugares de estudo	4.2	5.3	4.5	3.6
Ampliar as prazas da EOI	2.5	1.7	2.5	2.6
Dar máis flexibilidade e opción nos horarios	1.5	1.0	1.7	1.2
Ampliar o profesorado	0.8	0.8	0.8	0.6
INICIATIVAS EDUCATIVAS PARA ESCOLARES				
Máis cursos e escolas de idiomas nas vilas/ nas zonas rurais	18.9	24.9	18.5	17.8
Facelo obrigatorio en todos os niveis de ensino	4.5	10.5	4.8	2.3
INICIATIVAS CULTURAIS				
Valorar o idioma como cultura	17.1	25.6	21.9	14.9
INICIATIVAS POLÍTICAS				
Usar o idioma máis desde o goberno	1.7	3.3	2.3	0.5
En desacordo coa política do actual Goberno /Lei do Éuscaro	0.8	1.3	1.1	0.2
Non fai falta facer nada máis	4.0	1.3	4.2	4.5
Non debería facer nada por se tratar dunha elección persoal	3.3	2.5	3.7	3.0
Outros	1.2	1.7	1.4	0.6
NS/ NC	36.2	28.9	32.4	43.7

17. Para motivar a aprendizaxe do éuscaro, os cidadáns cren que o goberno Foral debería orientar as súas accións en varias dimensións:

- Iniciativas educativas para adultos
- Ampliar e darlles máis profundidade ás iniciativas no sistema educativo
- Revalorizar o éuscaro como unha expresión cultural

18. En síntese, encontrámonos fronte a unha poboación na cal o éuscaro xoga un rol clave en diferenciar segmentos, actitudes e expectativas. Se ben os perfís lingüísticos que comprenden algunha competencia en éuscaro non chegan ao 20% dos navarros, a maioría dos cidadáns recoñece a importancia que ten o éuscaro na sociedade e especialmente no ámbito laboral. A pesar de todo isto, o interese e o compromiso coas accións e políticas vinculadas ao ensino e a promoción do éuscaro aínda se limitan aos segmentos máis directamente implicados coa lingua.

Comunidade Autónoma de ILLES BALEARS

A Comunidade Autónoma das Illes Balears proporcionou, para a realización deste Informe os datos que subministra a Enquisa Sociolingüística realizada en 2003, que son os que se indican a continuación:

COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS. PORCENTAXES	ENTENDEN O CATALÁN	SABEN FALAR EN CATALÁN	SABEN LER EN CATALÁN	SABEN ESCRIBIR EN CATALÁN
TOTAL	93,1%	74,6%	79,6%	46,9%
Segundo o Lugar de Nacemento				
Nacidos na área Lingüística	99,6%	96,8%	91,8%	64,4%
Nacidos fóra da área Lingüística	83,4%	41,6%	61,4%	20,7%
Segundo o Lugar de Residencia				
Bahía de Palma	91,3%	68,8%	77,8%	45,1%
Resto de Mallorca	94,8%	82,5%	83,0%	48,7%
Menorca	97,1%	82,2%	87,1%	52,6%
Eivissa e Formentera	92,4%	70,9%	72,2%	44,7%
Segundo a Idade				
15-29 anos	93,2%	80,1%	89,8%	77,4%
30-44 anos	94,8%	72,3%	82,9%	49,6%
45-64 anos	92,0%	69,0%	73,7%	27,3%
65 anos e máis	91,4%	78,8%	66,6%	24,1%
Segundo o Sexo				
Homes	93,2%	74,1%	80,2%	45,7%
Mulleres	93,0%	75,2%	79,1%	48,0%

Coñecementos lingüísticos acumulados. Respostas dicotómicas:

Entenden o catalán	Sábeno falar	Sábeno ler	Sábeno escribir	Números absolutos en miles	Porcentaxes
No	No	No	No	55,7	6,9%
Si	No	No	No	60,2	7,5%
Si	Si	No	No	48,2	6,0%
Si	Si	Si	No	186,7	23,2%
Si	Si	Si	Si	365,5	45,4%
Si	No	Si	No	76,7	9,5%
Si	No	Si	Si	11,7	1,5%
749,1	600,5	640,7	377,2	804,8	100%
93,1%	74,6%	79,6%	46,9%		

GRÁFICO 1. Coñecementos lingüísticos segundo a orixe.



	Entenden o catalán	Saben falar en catalán	Saben ler en catalán	Saben escribir en catalán
Nacidos na área lingüística	99,6%	96,8%	91,8%	64,4%
Nacidos fóra da área lingüística	83,4%	41,6%	61,4%	20,7%

GRÁFICO 2. Coñecementos lingüísticos por idades

.



GRÁFICO 3. Coñecementos lingüísticos por unidades territoriais.



	Entenden o catalán	Saben falar en catalán	Saben ler en catalán	Saben escribir en catalán
Badia de Palma	91,3%	68,8%	77,8%	45,1%
Resto Mallorca	94,8%	82,5%	83,0%	48,7%
Menourca	97,1%	82,2%	87,1%	52,6%
Eivissa i Formentera	92,4%	70,9%	72,2%	44,7%

Nota: a baía de Palma inclúe os municipios de Palma, Llucmajor, Calvià e Andratx.

Fonte: Enquisa sociolingüística 2003
Organismo responsable: Dirección Xeral de Política Lingüística (exp. 13301 2003/994; ref. BOIB nº 43, 01-04-2003)
Data do traballo de campo: 11/2003-01/2004
Universo: poboación de 15 anos ou máis
Erro para o conxunto da mostra: ±1,85

Comunidade Autónoma de ASTURIAS

Con respecto ao bable ou asturiano, non se dispón de novos datos respecto dos proporcionados no primeiro Informe, presentado en 2002, polo que se volven achegar os datos subministrados pola Enquisa de Usos Lingüísticos realizada en 1991 pola Comunidade Autónoma do Principado de Asturias, que dá os seguintes resultados respecto do castelán ou español e do asturiano:

1º. Respecto do idioma castelán ou español:

	Moi Ben	Ben	Regular	Mal	Moi Mal
Enténdeo	51 %	41 %	7 %	1 %	0 %
Fálao	34 %	45 %	18 %	3 %	0 %
Leo	43 %	48 %	6 %	2 %	1 %
Escríbeo	36 %	47 %	13 %	2 %	2 %

2º. Respecto da lingua asturiana:

	Moi Ben	Ben	Regular	Mal	Moi Mal
Enténdeo	27 %	41 %	22 %	5 %	5 %
Fálao	14 %	30 %	28 %	13 %	15 %
Leo	6 %	21 %	31 %	18 %	24 %
Escríbeo	3 %	10 %	25 %	23 %	39 %

Comunidade Autónoma de ARAGÓN

Non se dispón de novos datos en relación cos xa proporcionados en 2002; pero en todo caso hai que diferenciar as dúas linguas ás que se refire a Lei de Aragón.

- Catalán.

Dentro do territorio administrativo da Comunidade Autónoma de Aragón, fálase o catalán en diferentes municipios, localizados na zona limítrofe con Catalunya, denominada Franxa Oriental de Aragón. Aínda que o número exacto de municipios de fala catalá resulta difícil de precisar, pódese dicir que en liñas xerais se fala na totalidade ou en parte destas seis comarcas: A Ribagorza, A Litera/La Llitera e Baixo Cinca/Baix Cinca, na provincia de Huesca; Baixo Aragón-Caspe/Baix Aragó-Casp, na provincia de Zaragoza; e Baixo Aragón e Matarraña/Matarranya, na provincia de Teruel.
A poboación total destas seis comarcas é de 102.532 habitantes, agrupada en 107 municipios; pero os límites xeográficos da Franxa Oriental son imprecisos, de tal xeito que se calculou que só en 83 destes municipios se fala el idioma catalán.

Calculouse que a poboación dos 83 municipios afectados pode ser duns 65.000 habitantes. Sobre este total, a porcentaxe de poboación que se pode expresar en idioma catalán foi avaliado nunhas 40.000 persoas.

- Aragonés.

Segundo a Enquisa realizada en 1989 denominada O aragonés, hoxe, o número de falantes podíase cifrar arredor das 30.000 persoas, localizadas en cinco vales pirenaicos da provincia de Huesca: Anso, Hecho, Bielsa, Benasque e Ainsa.

4. Indicar que linguas desprovistas de territorio, tal como son definidas no parágrafo c do artigo 1 da Carta son faladas no territorio do seu Estado e subministrar os datos estatísticos relativos aos falantes.

No Instrumento de Ratificación por España da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias non se fai ningunha declaración nin referencia ás denominadas na Carta linguas desprovistas de territorio; pois a única lingua con esta característica á que se lle podería aplicar a Carta é o romaní, falado pola poboación de orixe xitana. Como xa se indicou no primeiro Informe, o número de persoas que usa o romaní en España cuantificouse no 0.01 % do total deste grupo de poboación existente en España, ao contrario do que ocorre na poboación desta minoría que habita noutros Estados.

5. Na medida na que poida ser útil para completar os catro puntos anteriores, indicar as declaracións xerais recentes sobre a política do Estado concernente á protección das linguas rexionais ou minoritarias.

COMENTARIOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

Ante todo hase ter en conta que as actuacións dos poderes públicos españois, no que se refire á política lingüística, conta con dúas características distintivas pero que terán que se precisar para coñecer as actuacións de cada un destes poderes:

1. A competencia para a regulación e normalización do uso dos idiomas cooficiais correspóndelles ás Comunidades Autónomas en exclusiva, polo que a marxe de actuación da Administración Xeral do Estado neste punto ten os límites que establece este principio xeral.

2. O Tribunal Constitucional, ao que lle corresponde a interpretación da Constitución española, estableceu que a cooficialidade dos idiomas así recoñecidos conta cun límite territorial, que é o propio de cada unha das Comunidades Autónomas afectadas, o que impide o posible desenvolvemento, de forma directa, dunha política reguladora do plurilingüismo por parte do Estado. En termos expresados polo propio Tribunal, —Fóra da Comunidade Autónoma correspondente non existe un dereito a manifestarse no idioma rexional“ (STC 30/86. FJ. 4).

Por este dobre motivo, a actuación do Estado resulta limitada a aqueles ámbitos nos que lle corresponde competencialmente.

Neste sentido, non obstante, desde a presentación por parte de España do primeiro Informe sobre o Cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, e en especial durante a presente Lexislatura iniciada en 2004, desenvolvéronse determinadas iniciativas tendentes a mellorar e ampliar o marco regulador das linguas ou para conseguir un maior uso e promoción das linguas cooficiais nas seis Comunidades Autónomas citadas.

Pola súa especial relevancia, citaremos as que se describen a continuación.

O RECOÑECEMENTO, POR PARTE DAS INSTITUCIÓNS COMUNITARIAS EUROPEAS, DO DEREITO AO USO DOS DIFERENTES IDIOMAS COOFICIAIS EN ESPAÑA.

Desde unha perspectiva lingüística a situación española na Unión Europea resulta realmente paradoxal; xa que o Regulamento de 1958, sobre o Réxime Lingüístico da Unión Europea, impide que os idiomas cooficiais en España, diferentes do castelán ou español, poidan ser usados no ámbito comunitario, e iso a pesar de que o número de falantes, en determinados casos, é máis elevado ca o doutros idiomas que teñen recoñecida a plena oficialidade comunitaria por selo en exclusiva nestes Estados.

Para paliar esta anómala situación, que o Goberno español estima que incide negativamente na visión que os cidadáns teñen das Institucións comunitarias ao dificultar a identificación institucional dos mesmos co proceso de integración europea, impulsouse e adoptouse parcialmente nos últimos mediante a adopción de determinadas medidas, propostas por España e aceptadas polas institucións comunitarias:

- En primeiro lugar, España presentou en 2004, un Memorando explicativo da realidade lingüística e da necesidade de darlle unha resposta adecuada á mesma.

- En segundo lugar, o Consello Europeo, na súa reunión celebrada en xuño de 2005 asumiu as teses españolas e introduciu, nas súas Conclusións, unha referencia a esta situación, dando as orientacións necesarias para a súa solución.

- A continuación, España e cada unha das Institucións europeas foron asinando Acordos bilaterais nos que se garante un dobre dereito:

- O dereito dos cidadáns a se dirixir ás Institucións nos respectivos idiomas cooficiais nas súas Comunidades Autónomas e a seren respondidos neses mesmos idiomas; e iso co apoio na tradución que prestan tanto a Representación Permanente de España en Bruxelas (REPER) como as propias Oficinas autonómicas existentes en Bruxelas.

- O dereito a intervir oralmente nos diferentes idiomas cooficiais en España no curso dos debates nos que se participe.

En aplicación destas Conclusións adoptadas polo Consello, formalizáronse os respectivos Acordos entre España e o Consello, o Comité das Rexións, o Comité Económico e Social e o Parlamento Europeo.

A aplicación práctica destas medidas está resultando positiva e simbolicamente moi relevante. Desde ese momento os idiomas cooficiais en España son utilizados con normalidade e asiduidade nas reunións do Comité das Rexións e incluso o idioma catalán foi xa utilizado nunha ocasión por un membro do Goberno español nunha reunión do Consello de Ministros. O uso destes idiomas no Parlamento Europeo aínda é moi limitado ao alcanzarse o acordo recentemente.

A AMPLIACIÓN DO DEREITO A USAR OS IDIOMAS COOFICIAIS EN ESPAÑA NOS DEBATES DO SENADO.

No transcurso desta Lexislatura levouse a cabo unha modificación do Regulamento do Senado, que supón un paso máis na gradual introdución dos idiomas cooficiais en España no debate parlamentario.

Haberá que ter presente que o Regulamento do Senado, vixente ata este momento, e que foi aprobado o 3 de maio de 1994, contemplaba la posibilidade de utilizar as linguas que, co castelán, teñan o carácter de oficiais nalgunha Comunidade, en tres supostos:

- Por parte do Presidente electo, na sesión constitutiva, a utilizalas na súa primeira intervención (art. 11 bis).

- Nas intervencións que teñan lugar no debate sobre o estado das Autonomías que se desenvolve na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas (art. 56 bis 7, punto 2).
- Prevese que os cidadáns e as Institucións se poidan dirixir por escrito ao Senado en calquera das linguas cooficiais (disposición adicional cuarta)

A nova redacción do Regulamento, aprobada o 4 de xullo de 2005 estende sensiblemente este uso e faino posible en todas as sesións da Comisión Xeral de Comunidades Autónomas, que é unha Comisión cunha especial composición e funcións que, na práctica, é o órgano do Senado que mellor interpreta o carácter autonómico da Institución, xa que nas súas reunións non só poden intervir os senadores elixidos, senón tamén os representantes dos Consellos de Goberno das Comunidades e Cidades Autónomas, polo que a súa importancia política e a transcendencia dos seus debates superan os propios dun estrito debate parlamentario.

Igualmente, tamén autoriza a publicación das iniciativas de carácter non lexislativo que sexan presentadas noutra lingua, ademais do castelán, na sección do Senado do Boletín Oficial das Cortes Xerais.

CRITERIOS BÁSICOS DA POLÍTICA LINGüÍSTICA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE EUSKADI

A política lingüística da Comunidade Autónoma do País Vasco está orientada polos seguintes tres criterios básicos: principio democrático, principio de acción positiva e principio de complementariedade.

A) Principio democrático. A planificación lingüística ten que se adecuar á vontade da maioría dos cidadáns. Para iso requírese coñecer as actitudes dos cidadáns e formular a política lingüística coa intensidade e ritmo aceptables para a maioría. Polo tanto, é necesario renovar periodicamente o consenso tanto a nivel social como político.

B) Principio de acción positiva. A aplicación de políticas iguais a situacións diferentes pode reproducir e incluso incrementar as desigualdades. O mesmo cabe dicir da ausencia aparente de calquera tipo de política, que non é senón unha das formas de favorecer e fortalecer o estado de cousas dominante. En consecuencia, avogamos por unha política de acción positiva cara á lingua minorizada, no noso caso o éuscaro, sen menoscabo do respecto aos dereitos básicos do conxunto dos cidadáns.

C) Principio de complementariedade. O recoñecemento da necesidade de formular unha política lingüística reequilibradora da situación de desigualdade inicial non se debe identificar necesariamente co intervencionismo desmesurado dos poderes públicos, suplantador da iniciativa individual e social. Ao contrario, o campo de actuación das administracións públicas ten uns obxectivos e uns límites claros: preservar o mantemento duns mínimos democráticos, sen caer no erro de facer aquilo que a iniciativa individual ou social poida realizar. Só así se favorece o desenvolvemento dunha sociedade civil máis forte e estruturada.

En 1979 o Estatuto de Autonomía declarou o éuscaro lingua oficial da Comunidade Autónoma Vasca. Desde aquela desenvolvéronse numerosas normas e constituíronse diversos organismos e institucións co obxecto de recuperar a competencia, o uso e o estatus do éuscaro. Unha das medidas fundamentais adoptadas na CAV foi a Lei 10/1982 Básica de Normalización do Uso do Éuscaro, xa que abriu o camiño ao desenvolvemento de iniciativas de política lingüística.

A planificación lingüística débese adaptar á vontade e desexos da maioría dos cidadáns. Non se pode aplicar unha mesma política lingüística a linguas que se encontran en situacións diferentes, se o obxectivo consiste en contrarrestar o desequilibrio existente entre elas. Abandonalas á súa sorte, deixalas tal e como están, aumenta a diferenza entre as linguas, en detrimento da máis débil e menos estendida. Polo tanto, a política lingüística ten que lle axudar á lingua máis débil e de ámbito máis restrinxido, sen vulnerar os dereitos básicos dos cidadáns.

A política lingüística destinada a equilibrar as diferenzas entre o éuscaro e o castelán debe ser complementaria das accións individuais e das iniciativas sociais sen pretender substituílas por

unha sobreactuación dos poderes públicos. Os ámbitos de actuación das administracións públicas teñen obxectivos e límites claros: preservar as regras democráticas básicas, deixar nas mans da iniciativa privada e social o que estas poidan facer, e actuar, en colaboración con aquelas, segundo o criterio da complementariedade.

Seguindo ese mesmo espírito, a política lingüística do Goberno Vasco perseguiu durante os últimos 20 anos a consolidación, a unificación e a extensión do éuscaro a todos os ámbitos, especialmente coa creación da radiotelevisión vasca, o establecemento dos modelos lingüísticos no sistema educativo e o fortalecemento da alfabetización e euscaldunización de adultos. Nese sentido, as liñas básicas de actuación dirixíronse aos seguintes campos: a estandarización e modernización do éuscaro; o ensino; os medios de comunicación en éuscaro; a administración e o mundo laboral; e por último, a produción cultural e a promoción.
Co fin de marcar a política lingüística da CAV, o Consello de Goberno aprobou o día 28 de xullo de 1998, o Plan Xeral de Promoción do Uso do Éuscaro, elaborado pola Viceconsellería de Política Lingüística, coa colaboración do Consello Asesor do Éuscaro.

O Plan Xeral de Promoción do Uso do Éuscaro foi ratificado polo Parlamento Vasco o 10 de decembro de 1999 co fin de se converter nun instrumento e referente básico para a definición das liñas fundamentais que han rexer a política lingüística do Goberno Vasco. Así mesmo, o citado plan pretende guiar a política de promoción do uso do éuscaro das deputacións e concellos, e encamiñar a colaboración entre os poderes públicos e os axentes e colectivos sociais que operan no ámbito da promoción do uso do éuscaro.

O obxectivo fundamental do Plan Xeral consiste en intensificar as accións a favor do éuscaro para lograr a total normalización do seu uso, tanto no ámbito persoal, social como oficial. Para iso, desenvolveranse 91 medidas concretas en 17 ámbitos diferentes de actuación, seguindo sempre os seguintes tres obxectivos estratéxicos:

- a transmisión interxeracional e ininterrompida do éuscaro,
- a ampliación da oferta de servizos en éuscaro máis alá da escola ata abarcar outros ámbitos de uso, e
- o enriquecemento constante da calidade da lingua a través do seu cultivo na produción cultural e nos medios de comunicación.

Arredor destes eixes formúlanse as propostas de actuación e os retos fundamentais que o Goberno Vasco marcou para os próximos anos.

No referente á transmisión do éuscaro, o Plan propón seguir impulsando o ensino do éuscaro e en éuscaro tanto na Educación Primaria e Secundaria como na Universidade; a alfabetización e a euskaldunización de adultos; a transmisión familiar da lingua; a planificación do corpus e a calidade do éuscaro; así como o seguimento da situación nos territorios situados fóra da Comunidade Autónoma do País Vasco nos que se fala.

Por outra parte, tamén avanza propostas concretas no campo das políticas lingüísticas de promoción do uso do éuscaro no ámbito socioeconómico, nas administracións públicas, o tempo libre, o deporte e a relixión, así como nas zonas sociolingüísticas con maior predominio do éuscaro. Non esquece, tampouco, o campo das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Por último, co fin de garantir a calidade da lingua, o plan ten moi en conta a importancia de protexer e impulsar a creación en éuscaro. Por iso, tamén inclúe as políticas lingüísticas desenvolvidas nos medios de comunicación e na produción cultural: a produción editorial, a radio, televisión e prensa escrita, a publicidade e o sector audiovisual.
Desenvolver e xestionar todos eses aspectos citados no Plan Xeral converteuse nunha das prioridades da Viceconsellería de Política Lingüística, para o cal acometeu diversas tarefas relativas á súa difusión, seguimento e control, e avaliación.

A xestión do Plan supón así mesmo dinamizar e coordinar o labor da Comisión de Desenvolvemento Lexislativo e da Comisión de Seguimento do Consello Asesor do Éuscaro, así como da Comisión de Coordinación Interinstitucional, onde están representados, o Goberno Vasco, as tres Deputacións Forais, os Concellos das tres capitais da Comunidade Autónoma, e EUDEL, a asociación de municipios vascos.

A análise acerca dos recursos humanos e económicos destinados á normalización lingüística efectuada pola Comisión de Coordinación Interinstitucional pon claramente de manifesto que é necesario incrementar os esforzos de coordinación entre as institucións da CAV, para optimizar os recursos existentes na actualidade.

En 1997, segundo o resultado do primeiro estudo sobre o gasto suplementario destinado ao éuscaro1 ascendeu a 233.000 millóns de euros, isto é ao 1,95 % do presuposto total do Goberno Vasco, ao 0,52 % do presuposto conxunto das deputacións forais e ao 0,60 % das tres capitais. Na seguinte táboa podemos observar cal foi a evolución do presuposto do éuscaro en relación ao presuposto total de cada institución nestes últimos anos:

Presuposto do éuscaro %	1997	1999	2000	2002	2004
GOBERNO VASCO	1,95	-	1,53	1,57	1,70
Dpto. Cultura	0,64	-	0,66	0,67	0,72
Dpto. Educación	0,81	-	0,80	0,87	0,95
Dpto. Facenda (IVAP)	0,19	-	0,17	0,16	0,15
DEPUTACIÓNS FORAIS	0,52	-	0,78	0,68	0,76
D.F. Alava	0,47	-	0,31	0,33	0,40
D.F. Bizkaia	0,46	-	0,88	0,79	0,76
D.F. Gipuzkoa	0,65	-	0,93	0,73	0,90
Presuposto do éuscaro %	**1997**	**1999**	**2000**	**2002**	**2004**
Vitoria-Gasteiz	0,51	-	0,78	0,45	0,75
Bilbao-Bilbo	0,38	-	0,34	0,39	0,37
Donostia-San Sebastián	1,09	-	1,06	1,09	1,04
MUNICIPIOS (>5000 HABITANTES)	-	1,71	-	1,92	2,07

[1] O gasto realizado polas institucións que conforman a Comisión de Coordinación Interinstitucional (os departamentos de Cultura, Educación e Facenda do Goberno Vasco, as tres deputacións forais e os concellos das tres capitais da CAV).

O Plan Xeral de Promoción do Uso do Éuscaro é un instrumento imprescindible para unificar forzas, fixar criterios, consolidar puntos fortes e solucionar carencias, co fin así de superar as dificultades e orientar o traballo en común de cara ao futuro.

A normalización do éuscaro necesita contar cun plan estratéxico claro e preciso. Polo tanto, o obxectivo primordial en materia de política lingüística nestes momentos, é o desenvolvemento do Plan Xeral de Promoción do Uso do Éuscaro, que constitúe o eixe vertebrador dunha política lingüística baseada nun acordo e participación más amplos.

Transcorridos seis anos desde a aprobación do Plan, coa andadura da nova Lexislatura en 2005 marcouse a orientación básica que terá a política lingüística que se vai desenvolver durante os próximos anos. Para facerlle fronte ao reto de avanzar no uso social do éuscaro, é necesario contar coa implicación de toda a sociedade. Por iso, a política que desenvolve a Viceconsellería de Política Lingüística parte das seguintes bases, tal e como se recolle no documento "Futuro da política lingüística- Proxecto 2005-2009 da Viceconsellería de Política Lingüística":

1. Un diálogo social e político continuado acerca da normalización lingüística. Un diálogo sosegado, aberto, crítico, sen prexuízos, transparente e leal. Porque o éuscaro necesita e merece o maior consenso posible.

2. A colaboración e cooperación cos axentes sociais: O deseño e desenvolvemento da política lingüística é obrigación e responsabilidade dos poderes públicos, e, neste labor pola plena normalización lingüística, deben necesariamente complementarse a acción dos poderes públicos e a iniciativa social, porque, evidentemente, a clave da pervivencia dunha lingua constitúena sempre os seus falantes. Leis, decretos, plans… todo iso é necesario para abordar a recuperación dunha lingua minorizada, pero aínda o é máis a vontade dos falantes, a súa actitude e compromiso cara á lingua. Por iso, as liñas de actuación marcadas para a actual lexislatura queren tamén promover a colaboración e a cooperación cos cidadáns e cidadás, grupos, asociacións, organismos, empresas, etc. comprometidos co éuscaro.

3. Impulsar o uso do éuscaro: Agora fálase máis en éuscaro ca antes, e incluso se fala en lugares onde antes non se falaba, pero as dimensións da fenda que se abre entre o coñecemento do éuscaro e o seu uso sitúannos ante a confrontación entre o desexo e a impotencia. É dicir, moito é o que se fixo, posto que a situación lingüística de vinte e cinco anos atrás nada ten que ver coa actual, pero tamén é moito o que queda por facer, porque o camiño é longo.

Para garantir o avance no uso do éuscaro é, pois, necesario ofrecer suficientes redes de relación en éuscaro aos novos falantes que adquiren o seu coñecemento sendo adultos e aos mozos que o adquiren na escola, de maneira que poidan consolidar os coñecementos adquiridos mediante a práctica e uso natural do idioma nas súas relacións comunitarias habituais. Para o cal é así mesmo necesario promover que se xeneralicen actitudes e hábitos favorables ao uso do éuscaro entre as persoas vascofalantes, pasando da adhesión cara á lingua a compromisos máis activos que posibiliten a extensión do seu uso.

O primeiro reto que nos sae ao paso nese camiño é o relativo ao uso do éuscaro, e cara a ese desafío deberanse orientar os presupostos, nesa dirección deberase promover a

cooperación, nesa perspectiva deberanse situar os referentes modélicos, comezando de portas para dentro desde a Administración, desde o propio Goberno Vasco. Incrementar pouco a pouco pero sen cesar o uso do éuscaro (na casa, na rúa, na Administración, na esfera laboral, na do lecer) e preservar a calidade do idioma: velaquí os obxectivos básicos para o avance do éuscaro.

Para incrementar o uso do éuscaro será indispensable activar a conciencia lingüística dos euskaldúns. Deberiamos aceptar, e sen o menor problema, que, se ben é a fidelidade dos cidadáns un dos nutrientes más saudables para a pervivencia dun idioma, moitos vascofalantes, non obstante, dispensáronlle ao éuscaro un trato neglixente e descoidado. O peor inimigo do éuscaro é a desidia dos vascofalantes. Se algo é capaz de facer desaparecer por completo un idioma, se algo é letal para o idioma, iso é a desidia ou a indiferenza. E os vascofalantes debemos recoñecer que aínda hoxe debemos fortalecer a nosa lealdade cara ao éuscaro.

4. Diminuír a fenda entre as persoas bilingües e monolingües que descoñecen o éuscaro. Así, no tocante á convivencia, o déficit máis grave e doloroso que padece a comunidade vascofalante talvez sexa a falta de coñecemento do mundo do idioma minorizado por parte da comunidade lingüística hexemónica. Esa realidade é cotiá nos medios de comunicación, na universidade, na cultura que non se expresa en éuscaro, na esfera da economía ou da industria. Con contadas excepcións, quen desenvolve a súa actividade no idioma hexemónico non ten noticia ningunha do idioma minorizado, nin sente curiosidade por el, e o mero apunte dunha acción encamiñada á toma en consideración do idioma minorizado resulta para a comunidade castelanfalante, en ocasións, tan desagradable e incómodo como un tirizó.

Velaquí, polo tanto, un déficit e prexuízo que, enraizado no pasado, chegou ata hoxe. Por todo iso, consideramos que unha das tarefas máis urxentes da política lingüística vasca é o labor pedagóxico: ten que se esforzar por desarraigar nos falantes do idioma hexemónico os prexuízos e tópicos perniciosos, e tratar de fortalecer a autoestima nos falantes do idioma minorizado, sempre a prol dunha convivencia exenta de inxustiza.

5. Reforzar o acordo político-social en torno ao éuscaro: o acordo político-social concitado en torno ao desenvolvemento do éuscaro non é tan amplo como sería desexable, e ademais, ao longo destes anos reduciuse en lugar de fortalecerse. É imprescindible que reconstruamos o consenso. Fáltanos algo absolutamente necesario: un amplo acordo socio-político a prol do éuscaro. Se comparamos o consenso obtido na época en que se aprobou a Lei do Éuscaro de 1982 co de hoxe, parece evidente que retrocedemos.

A ideoloxización do ámbito do éuscaro tamén prexudica a normalización da nosa lingua. O mundo do éuscaro é plural, pero a súa imaxe, lonxe de reflectir esa pluralidade, é case absolutamente monocroma. E a responsabilidade diso non corresponde exclusivamente a quen se empeñou en identificar o éuscaro coa violencia e o seu contorno, senón tamén a quen, desde o propio mundo do éuscaro e desde certas posicións ideolóxicas, se ocupou de fomentar esa imaxe. Dito doutra forma, a ideoloxización do éuscaro presenta múltiples facetas: están, por unha parte, os que se apropiaron do éuscaro en réxime de monopolio; e, por outra, os que, despois de reducir o éuscaro a unha cuestión doutros (“dos nacionalistas”), o utilizan a modo de arma política contra o nacionalismo.

6. Impulsar unha política en prol da igualdade de dereitos e oportunidades: A xustiza persegue a igualdade. Tamén unha política lingüística xusta debería perseguir a igualdade de dereitos e oportunidades nos terreos en que a historia aplicou cribas e criterios diferentes.

Por iso, e aínda tendo moi presente que se debe garantir a vontade individual a liberdade de facer (ou non facer) algo e a política debe perseguir esa liberdade, na cuestión lingüística non se pode, sen máis, deixar de lado a xustiza esgrimindo como argumento a vontade dos falantes; non, polo menos, mentres os falantes dun e doutro idioma non gocen de igualdade de oportunidades á hora de levar á práctica esa vontade.

Esta cuestión pódese observar tamén desde outro ángulo: o vascofalante proporciona para a convivencia entre os cidadáns vascos o seu coñecemento das dúas linguas. O monolingüe, só o dunha.

Iso é precisamente o que favorece a lóxica promovida polo idioma hexemónico: dado que considera como única situación normal a do individuo monolingüe, eleva á categoría de norma de convivencia certos aspectos perniciosos das relacións entre linguas; polo contrario, considera contrarios á convivencia certos aspectos positivos desas relacións.

Por todo iso, cremos que é tarefa da política lingüística sinalar o desequilibrio promovido por esa lóxica, así como marcar o camiño para superalo. Ademais de dispoñer os medios precisos para coñecer as dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma, a política lingüística ten que dar un paso máis, posto que o seu cometido é procurar unha verdadeira convivencia entre as linguas sustentadas sobre a xustiza e a liberdade.

Como dicía Anjel Lertxundi, “a cuestión do éuscaro non é cousa unicamente dos que nos estamos esforzando por dignificalo”. Se a comunicación e a convivencia son fenómenos de ida e volta, é preciso que a comunidade castelanfalante coñeza as vivencias, preocupacións e logros cotiáns da comunidade vascofalante. Máis que inventar ao outro, é necesario coñecelo: para iso é preciso mostrar interese, curiosidade, proximidade. De non obrar así, unha parte da comunidade marxina a outra ao ámbito do inexistente. E sabido é que o maior pecado que podemos cometer contra os nosos semellantes, maior aínda ca o desprezo, é a indiferenza cara a eles.

Temos necesidade, sen dúbida, de levar a cabo un esforzo especial por acurtar pouco a pouco a distancia que separa a comunidade que vive en castelán do mundo do éuscaro. Non podemos seguir vivindo como dos mundos situados en marxes opostas. O éuscaro non ten nada que ganar, e si moito que perder, da persistencia de tal situación. Deberemos esforzarnos con denodo para facer conscientes aos castelanfalantes de que están perdendo —todo un mundo“ polo feito de descoñecer o éuscaro. Temos que nos mostrar eficaces na tarefa de tender pontes.

7. A calidade da lingua: impulsar a expresividade do éuscaro, dignificar o éuscaro da rúa. Como queira que sexa, estamos convencidos de que debemos tender pontes que interrelacionen os resultados logrados no camiño da normalización e a linguaxe da rúa; estamos convencidos de que teremos de esforzarnos por evitar que ambos se afasten ou que se afasten en exceso. Sexamos conscientes de que a estandarización obrou os seus efectos unicamente sobre o éuscaro das xeracións escolarizadas, e de que os que non pertencen a elas teñen dificultades, especialmente no relativo ao léxico, para asimilar a linguaxe estandarizada.

Ao mesmo tempo, a estandarización debería prestar maior atención a aquilo que a linguaxe da rúa non atopa no éuscaro e busca no idioma hexemónico: expresividade polivalente. O que propoñemos non é, en absoluto, que se lle conceda menor importancia ao léxico unificado polivalente ou á normalización de certos aspectos formais do idioma, nin tampouco á presenza con que debe contar o éuscaro na Administración, a vida académica ou os medios de comunicación: temos que nos esforzar para que o éuscaro estea presente na rúa, precisamente o ámbito natural onde respira un idioma. Pero para que o éuscaro tome alento nese ámbito, é imprescindible que o éuscaro da rúa respire. Talvez deberiamos buscar (tamén) nesa cuestión a razón pola que algúns mozos vascos, tras cubrir toda a súa vida académica en éuscaro, deixan de lado esa lingua.

8. Acerca das novas tecnoloxías: O mundo das novas tecnoloxías esixe hoxe unha atención prioritaria. Queremos recoñecer desde o primeiro momento o labor que determinadas iniciativas privadas, con ou sen axuda pública, levaron a cabo para adecuar o éuscaro ás novas tecnoloxías e, especialmente, a levar o éuscaro a Internet. Xogamos niso o futuro, tal como oímos en repetidas ocasións. Debemos estar presentes na carreira das novas tecnoloxías, e achegaremos, en apoio desa afirmación, tres argumentos básicos.

En primeiro lugar, temos que estar presentes nela polo propio éuscaro, posto que non podemos vivir nun mundo que cobrou tan especial importancia en réxime de inquilinos doutros idiomas. En segundo lugar, polas evidentes consecuencias económicas que supón a presenza nese mundo. E en terceiro lugar: como estamos comprobando cada vez con maior claridade, a globalización provoca que nada se circunscriba xa aos límites da territorialidade xeográfica. Tampouco o éuscaro se ten que constrinxir ás catro paredes da nosa Comunidade Autónoma, nin sequera ás do conxunto dos territorios vascos. Tamén a nosa lingua, o noso éuscaro, ten ante si máis percorridos, máis longos e amplos. En efecto, Internet ofrécenos, e en tempo real, conexións e posibilidades de relación que nunca antes imaxinamos.

9. Impulsar a complementariedade dos poderes públicos e a iniciativa social: A clave fundamental, a chave entre as chaves para a pervivencia e desenvolvemento dunha lingua encóntrase nos seus falantes. As leis, os decretos e os planes son necesarios, pero que ninguén espere dos mesmos efectos milagrosos, tal e como xa nos advertiu Mitxelena. O decisivo é a actitude e o comportamento lingüístico dos falantes. De aí que as institucións públicas por si soas non poidan asegurar o pleno desenvolvemento do éuscaro como lingua normalizada de comunicación, e sexa necesario o concurso e esforzo dos grupos sociais comprometidos en fomentar o uso social do éuscaro e empeñados en sensibilizar a cidadanía a favor do éuscaro.

En todo caso, trátase dunha actuación complementaria, e é importante ter sempre presente que tanto a planificación lingüística o seu deseño e desenvolvemento- como a adopción de medidas encamiñadas a asegurar o coñecemento e uso do éuscaro por parte da cidadanía son da responsabilidade ineludible e indelegable dos poderes públicos, dada a súa condición de representantes lexítimos da cidadanía.

10. Integración dos inmigrantes: dous fenómenos que incidirán na evolución futura do éuscaro na nosa sociedade son o envellecemento da poboación e a crecente inmigración. No período analizado dos 20 últimos anos decreceu de maneira notable a taxa de nacemento, o que deixa como resultado un evidente envellecemento da poboación. O

número de inmigrantes, pola súa parte, leva anos de crecemento ininterrompido e progresivamente maior. Tanto por interese das persoas inmigrantes co fin de que a súa integración na nosa sociedade sexa maior e máis natural e integral- como para evitar que este fenómeno afonde na situación diglósica que vive o éuscaro, será necesario deseñar estratexias para acercar a poboación inmigrante ao éuscaro, a través do sistema educativo e de programas especificamente habilitados no mundo da euskaldunización dos adultos.

Para sintetizar o dito ata agora, cabe sinalar que o principal reto é o relativo ao uso do éuscaro, de maneira que os obxectivos básicos consisten en aumentar pouco a pouco, pero sen cesar, o uso do éuscaro especialmente nos ámbitos non formais (na casa, na rúa, na administración, na esfera laboral, na do lecer) e preservar a calidade do idioma, así como a calidade dos produtos en éuscaro, coa vista posta en facer do éuscaro e do seu mundo algo verdadeiramente útil, satisfactorio e atractivo para o conxunto da cidadanía. Débese potenciar o poder de atracción do éuscaro como algo que merece a pena incluso só polo valor das relacións e produtos que se desenvolven nesa lingua. Trátase, nese sentido, de incrementar e mellorar a prestación de servizos de todo tipo en éuscaro, coa fin de ofrecer a quen o desexa oportunidades para vivir en éuscaro.
Trátase, así mesmo, de mellorar a competencia lingüística en éuscaro dos bilingües, coa fin de que adquiran a destreza suficiente para expresarse con facilidade e naturalidade nesta lingua.

Por outra parte, a lealdade e o compromiso respecto ao éuscaro son valores que, en todo caso, vale a pena intensificar e xeneralizar.

Se houbese que resumir nunha frase a principal prioridade que marcamos para os próximos años, destacariamos a seguinte idea: preservar os avances destes anos, consolidar e asegurar os resultados obtidos, e fortalecelos para seren utilizados para avanzar na dirección de mellora.

Os retos e liñas de actuación que acometerá a Viceconsellería de Política Lingüística están recollidos na segunda parte deste informe.

1ª PARTE.

1. Indicar os principais instrumentos e/ou disposicións xurídicas que considere esenciais para a posta en práctica da Carta Europea de Linguas Rexionais
ou Minoritarias no seu país. Subministrar:

- Copias destes instrumentos e/ou disposicións xurídicas, en inglés ou francés, no caso de que o seu país non as subministrase no Informe periódico inicial.

- Os detalles e as copias dos novos actos lexislativos ou regulamentarios no ámbito das linguas rexionais ou minoritarias.

- Os detalles de xurisprudencia ou outros desenvolvementos xurídicos ou administrativos neste ámbito.

- Constitución Española.

O Goberno que tomou posesión tras as eleccións xerais celebradas en 2004 anunciou o seu propósito de abrir un procedemento de debate público e consulta con todas as forzas políticas para levar a cabo un proceso de reforma constitucional, se ben limitado a catro puntos: a enumeración das Comunidades Autónomas no propio texto constitucional, a equiparación de dereitos no acceso á Coroa entre os herdeiros masculino e feminino, a reforma do Senado e a inclusión dunha referencia constitucional ao proceso de integración comunitario.

Como queira que ningún destes puntos se refire ao réxime lingüístico en vigor, haberá que reiterar a información subministrada no informe de 2002 sobre o marco constitucional que regula a cuestión lingüística.

-.A existencia en España dunha realidade social na que conviven varias linguas é un feito inequivocamente recoñecido pola propia Constitución, de modo que xa no seu Preámbulo o poder constituínte, identificado neste punto coa Nación española, proclama a súa vontade de (...) protexer todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas e tradicións, linguas e institucións

- No articulado da Constitución, esta pluralidade lingüística tradúcese xuridicamente nun réxime de cooficialidade, que aparece xa no artigo 31, no que se di que:

—1. O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.

2. As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.
3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección".

- Máis concretamente, no artigo 201.3, ao referirse aos medios de comunicación, a Constitución establece:

A Lei regulará a organización e o control parlamentario dos medios de comunicación social dependentes do Estado ou de calquera ente público e garantirá o acceso a estes medios dos grupos sociais e políticos significativos, respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España".

3. Estatutos de Autonomía.

O articulado constitucional é desenvolvido e completado polas previsións contidas nos Estatutos de Autonomía; que son as normas institucionais básicas de cada unha das 17 Comunidades Autónomas, e en 6 destes Estatutos existen referencias á condición xurídica e á protección de linguas propias:

Por este motivo, ten especial importancia para o cumprimento deste Informe, informar sobre o actual proceso de reforma estatutario aberto; xa que nos últimos meses iniciouse un proceso de reforma dos Estatutos de Autonomía, que polo momento se materializou na reforma dos Estatutos de Autonomía de dúas Comunidades Autónomas, ambas con lingua cooficial propia. Estes cambios son os que aparecen nas seguintes Leis:

- Lei Orgánica 1/2006, de 10 de abril, de Reforma da Lei Orgánica 5/1982, de 1 de xullo, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía da Comunidade Valenciana

Respecto ao tratamento que o novo texto fai da lingua haberá que destacar dous puntos:

Artigo primeiro.
1. O pobo valenciano, historicamente organizado como Reino de Valencia, constitúese en Comunidade Autónoma, dentro da unidade da Nación española, como expresión da súa identidade diferenciada como nacionalidade histórica e no exercicio do dereito de autogoberno que a Constitución Española recoñece a toda nacionalidade, coa denominación de Comunidade Valenciana.
2. A Comunidade Valenciana é a expresión da vontade democrática e do dereito de autogoberno do pobo valenciano e réxese polo presente Estatuto, que é s súa Norma Institucional Básica.
3. A Comunidade Valenciana ten como obxectivo a consecución do autogoberno nos termos deste Estatuto, reforzar a democracia e garantir a participación de todos os cidadáns na realización dos seus fins.
4. A Comunidade Valenciana, como rexión de Europa, asume os valores da Unión Europea e velará polo cumprimento dos seus obxectivos e pola defensa dos dereitos de todos os cidadáns europeos».

Artigo sexto.
1. A lingua propia da Comunidade Valenciana é o valenciano.
2. O idioma valenciano é o oficial na Comunidade Valenciana, ao igual que o é o castelán, que é o idioma oficial do Estado. Todos teñen dereito a coñecelos e a usalos e a recibir o ensino do, e no, idioma valenciano.
3. A Generalitat garantirá o uso normal e oficial das dúas linguas, e adoptará as medidas necesarias para asegurar o seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por razón da súa lingua.
5. Outorgaráselle especial protección e respecto á recuperación do valenciano.
6. A lei establecerá os criterios de aplicación da lingua propia na Administración e o ensino.

7 . Delimitaranse por lei os territorios nos que predomine o uso dunha e doutra lingua, así como os que poidan ser exceptuados do ensino e do uso da lingua propia da Comunidade Valenciana.
8 . L' Acadèmia Valenciana de la Llingua é a institución normativa do idioma valenciano

4. Lei Orgánica 6/2006, de 19 de xullo, de reforma do Estatuto de Autonomía de Catalunya.

Ao igual que no caso da Comunidade Valenciana, o novo texto tamén supón darlle unha nova redacción ao anterior Estatuto catalán, que espertou un especial interese ao estender o deber de coñecer o castelán tamén o catalán; así como por incluír un capítulo sobre os dereitos e deberes lingüísticos.

En concreto as referencias de interese no novo Estatuto son as que se reproducen literalmente a continuación.

Exposición de Motivos:
O pobo de Catalunya mantivo ao longo dos séculos unha vocación constante de autogoberno, encarnada en institucións propias como a Generalitat -que foi creada en 1359 nas Cortes de Cervera- e nun ordenamento xurídico específico recollido, entre outras recompilacións de normas, nas « Constitucions i altres drets de Catalunya». Despois de 1714, foron varios os intentos de recuperación das institucións de autogoberno. Neste itinerario histórico constitúen fitos destacados, entre outros, a Mancomunidade de 1914, a recuperación da Generalitat co Estatuto de 1932, o seu restablecemento en 197 7 e o Estatuto de 1979.
(...)
O Parlamento de Catalunya, recollendo o sentimento e a vontade da cidadanía de Catalunya, definiu de forma amplamente maioritaria a Catalunya como nación. A Constitución Española, no seu artigo segundo, recoñece a realidade nacional de Catalunya como nacionalidade.

Artigo 1. Catalunya.
Catalunya, como nacionalidade, exerce o seu autogoberno constituída en Comunidade Autónoma de acordo coa Constitución e co presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica.

Artigo 6. A lingua propia e as linguas oficiais.
1. A lingua propia de Catalunya é o catalán. Como tal, o catalán é a lingua de uso normal e preferente das Administracións públicas e dos medios de comunicación públicos de Catalunya, e é tamén a lingua normalmente utilizada como vehicular e de aprendizaxe no ensino.
2. O catalán é a lingua oficial de Catalunya. Tamén o é o castelán, que é a lingua oficial do Estado español. Todas as persoas teñen dereito a utilizar as dúas linguas oficiais e os cidadáns de Catalunya o dereito e o deber de coñecelas. Os poderes públicos de Catalunya deben establecer as medidas necesarias para facilitar o exercicio destes dereitos e o cumprimento deste deber. De acordo co disposto no artigo 32, non pode haber discriminación polo uso dunha ou doutra lingua.
3. A Generalitat e o Estado deben emprender as accións necesarias para o recoñecemento da oficialidade do catalán na Unión Europea e a presenza e a utilización do catalán nos organismos internacionais e nos tratados internacionais de contido cultural ou lingüístico.

4. A Generalitat debe promover a comunicación e a cooperación coas demais comunidades e os demais territorios que comparten patrimonio lingüístico con Catalunya. Para tales efectos, a Generalitat e o Estado, segundo proceda, poden subscribir convenios, tratados e outros mecanismos de colaboración para a promoción e a difusión exterior do catalán.
5. A lingua occitana, denominada aranés en Arán, é a lingua propia deste territorio e é oficial en Catalunya, de acordo co establecido polo presente Estatuto e as Leis de Normalización Lingüística.

Artigo 33. Dereitos lingüísticos ante as Administracións públicas e as institucións estatais.
(...)
3 .Para garantir o dereito de opción lingüística, os Xuíces e os Maxistrados, os Fiscais, os notarios, os rexistradores da propiedade e mercantís, os encargados do Rexistro Civil e o persoal ao servizo da Administración de Xustiza, para prestar os seus servizos en Catalunya, deben acreditar, na forma establecida nas leis, que teñen un nivel de coñecemento adecuado e suficiente das linguas oficiais, que os fai aptos para exercer as funcións propias do seu cargo ou do seu posto de traballo.

Artigo 102. Do persoal xudicial e do resto do persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Catalunya.
1 .Os Maxistrados, Xuíces e Fiscais que ocupen unha praza en Catalunya deberán acreditar un coñecemento adecuado e suficiente do catalán para facer efectivos os dereitos lingüísticos dos cidadáns na forma e co alcance que determine a lei.

(...)
3. En todo caso o coñecemento suficiente da lingua e do dereito propios valorarase específica e singularmente para obter unha praza nos correspondentes concursos de traslado.
4. O persoal ao servizo da Administración de Xustiza e da Fiscalía en Catalunya debe acreditar un coñecemento adecuado e suficiente das dúas linguas oficiais que os fai aptos para exercer as funcións propias do seu cargo ou posto de traballo.“

CAPÍTULO III. Dereitos e deberes lingüísticos

Artigo 32. Dereitos e deberes de coñecemento e uso das linguas.
Todas as persoas teñen dereito a non seren discriminadas por razóns lingüísticas. Os actos xurídicos realizados en calquera das dúas linguas oficiais teñen, en canto á lingua, plena validez e eficacia.

Artigo 33. Dereitos lingüísticos ante as Administracións públicas e as institucións estatais.
1. Os cidadáns teñen o dereito de opción lingüística. Nas relacións coas institucións, as organizacións e as Administracións públicas en Catalunya, todas as persoas teñen dereito a utilizar a lingua oficial que elixan. Este dereito obriga as institucións, organizacións e Administracións públicas, incluída a Administración electoral en Catalunya, e, en xeral, as entidades privadas que dependen das mesmas cando exercen funcións públicas.
2. Todas as persoas, nas relacións coa Administración de Xustiza, o Ministerio Fiscal, o notariado e os rexistros públicos, teñen dereito a utilizar a lingua oficial que elixan en todas as actuacións xudiciais, notariais e rexistrais, e a recibir toda a documentación oficial emitida en Catalunya na lingua solicitada, sen que poidan sufrir indefensión nin dilacións indebidas debido á lingua utilizada, nin se lles poida esixir ningún tipo de tradución.

3. Para garantir o dereito de opción lingüística, os Xuíces e os Maxistrados, os Fiscais, os notarios, os rexistradores da propiedade e mercantís, os encargados do Rexistro Civil e o persoal ao servizo da Administración de Xustiza, para prestar os seus servizos en Catalunya, deben acreditar, na forma establecida nas Leis, que teñen un nivel de coñecemento adecuado e suficiente das linguas oficiais, que os fai aptos para exercer as funcións propias do seu cargo ou do seu posto de traballo.
4. Para garantir o dereito de opción lingüística, a Administración do Estado situada en Catalunya debe acreditar que o persoal ao seu servizo ten un nivel de coñecemento adecuado e suficiente das dúas linguas oficiais, que o fai apto para exercer as funcións propias do seu posto de traballo.
5. Os cidadáns de Catalunya teñen o dereito a relacionarse por escrito en catalán cos órganos constitucionais e cos órganos xurisdicionais de ámbito estatal, de acordo co procedemento establecido pola lexislación correspondente. Estas institucións deben atender e deben tramitar os escritos presentados en catalán que terán, en todo caso, plena eficacia xurídica.

Artigo 34. Dereitos lingüísticos dos consumidores e usuarios.
Todas as persoas teñen dereito a seren atendidas oralmente e por escrito na lingua oficial que elixan na súa condición de usuarias ou consumidoras de bens, produtos e servizos. As entidades, as empresas e os establecementos abertos ao público en Catalunya quedan suxeitos ao deber de dispoñibilidade lingüística nos termos establecidos por lei.

Artigo 35. Dereitos lingüísticos no ámbito do ensino.
1. Todas as persoas teñen dereito a recibir o ensino en catalán, de acordo co establecido polo presente Estatuto. O catalán debe utilizarse normalmente como lingua vehicular e de aprendizaxe no ensino universitario e no non universitario.
2. Os alumnos teñen dereito a recibir o ensino en catalán no ensino non universitario. Teñen tamén o dereito e o deber de coñecer con suficiencia oral e escrita o catalán e o castelán ao finalizar o ensino obrigatorio, sexa cal sexa a súa lingua habitual ao incorporarse ao ensino. O ensino do catalán e o castelán debe ter unha presenza adecuada nos plans de estudos.
3. Os alumnos teñen dereito a non seren separados en centros nin en grupos de clase distintos por razón da súa lingua habitual.
4. Os alumnos que se incorporen máis tarde da idade correspondente ao sistema escolar de Catalunya gozan do dereito a recibir un apoio lingüístico especial se a falta de comprensión lles dificulta seguir con normalidade o ensino.
5. O profesorado e o alumnado dos centros universitarios teñen dereito a expresarse, oralmente e por escrito, na lingua oficial que elixan.

Artigo 36. Dereitos con relación ao aranés.
1. En Arán todas as persoas teñen o dereito a coñecer e utilizar o aranés e a seren atendidas oralmente e por escrito en aranés nas súas relacións coas Administracións públicas e coas entidades públicas e privadas que dependen das mesmas.
2. Os cidadáns de Arán teñen o dereito a utilizar o aranés nas súas relacións coa Generalitat.
3. Deben determinarse por lei os demais dereitos e deberes lingüísticos con relación ao aranés.

2. Indicar se existen, no seu país, organismos ou organizacións legalmente establecidas no seu Estado que favorezan a protección e o desenvolvemento das linguas rexionais ou minoritarias. Mencionar os nomes e enderezos destes organismos e organizacións.

Unha especial característica do plurilingüismo español é a vinculación existente entre os diferentes territorios nos que se fala un idioma diferente do castelán ou español e as Comunidades Autónomas, é dicir, as institucións de autogoberno existentes en cada unha delas.

Ao igual ca noutros Estados nos que se fala máis dun idioma a lingua é percibida como un signo de especial relevancia na identificación colectiva e isto ten como efecto, polo que respecta ao cumprimento deste punto, a práctica inexistencia de organizacións sociais de base asociativa que defendan o plurilingüismo dentro do Estado. Esta ausencia do plurilingüismo no feito asociativo supón que as organizacións deste tipo existentes circunscriban normalmente o seu ámbito de actividade a unha ou varias Comunidades Autónomas, nos casos nos que o idioma coincide, ou unicamente a un idioma, pero non desenvolven habitualmente actividades das que sexa destinataria a totalidade da poboación española.

Por este motivo, estímase que a información adecuada para atender esta cuestión é a que subministran as diferentes Comunidades Autónomas e que se reproduce a continuación.

Comunidade Autónoma de EUSKADI

Son numerosas as institucións públicas e privadas que traballan na nosa comunidade na promoción e fomento do uso do éuscaro. Na seguinte relación recóllense principalmente as que dependen directamente das administracións vascas. No caso dos municipios, debemos dicir que moitos concellos ou mancomunidades contan tamén cun servizo propio de éuscaro.

1. Goberno Vasco:

Viceconsellería de Política Lingüística
Departamento de Cultura
Goberno Vasco
Donostia-San Sebastián 1
01010 Vitoria-Gasteiz

Consello Asesor do Éuscaro
Donostia-San Sebastián 1
01010 Vitoria-Gasteiz
HABE/Instituto de euskaldunización e alfabetización de adultos, organismo autónomo adscrito ao Departamento de Cultura do Goberno Vasco
Vitoria-Gasteiz, 3
20009 Donostia-San Sebastián

Servizo de Éuscaro do Departamento de Educación, Universidades e Investigación
Donostia-San Sebastián 1
01010 Vitoria-Gasteiz

Servizo Oficial de Tradución do Instituto Vasco de Administración Pública
Donostia-San Sebastián 1
01010 Vitoria-Gasteiz

2. Deputación Foral de Bizkaia
Dirección Xeral de Promoción do Éuscaro
Gran Via 25
48009 Bilbao

3. Deputación Foral de Gipuzkoa
Dirección Xeral de Normalización do Éuscaro
Praza de Gipuzkoa s/n
20004 Donostia-San Sebastián

4. Euskaltzaindia / Real Academia da Lingua Vasca
Praza Barria, 15 -48005- Bilbao (Bizkaia)

5. Eudel Asociación de Municipios Vascos
Praza do Ensanche, 5-2. esqda.

48009 Bilbao (Bizkaia)

6. UEMA Mancomunidade de municipios euskaldúns
Donibane enparantza, 1
48380 Aulesti Bizkaia

Ademais destas institucións, o Goberno Vasco ten acordos con diversas organizacións, que desenvolven o seu labor de normalización lingüística en diferentes ámbitos como a creación de terminoloxía en éuscaro, a cultura popular ou a literatura. A continuación detallamos os principais organismos cos que a Viceconsellería de Política Lingüística adoptou acordos para o fomento do éuscaro nas súas diferentes manifestacións:

Bertsozale Elkartea (organismo para o fomento da improvisación oral en éuscaro) Paseo Igeldo, 25
20008 Donostia-San Sebastián
Te.l: 00 34 943 21 77 98
Fax: 00 34 943 21 24 27
E-mail: bertsozale@bertsozale.com
Páxina web: www.bertsozale.com

EIZIE (Asociación de tradutores, correctores e intérpretes de lingua vasca) Zemoria, 25
20013 Donostia-San Sebastián
Tel.: 00 34 943 27 71 11
Fax: 00 34 943 27 72 88
E-mail: bulegoa@eizie.org
Páxina web: www.eizie.org

Instituto Labayru (Centro de Estudo da Cultura Vasca) Aretxabaleta, 1-1º
48010 Bilbao
Tel. : 00 34 94 443 76 84
Fax: 00 34 94 443 77 58
E-mail: labayru@labayru.org
Páxina web: www.labayru.org

Euskal Idazleen Elkartea-Asociación de Escritores en Lingua Vasca
Aoiz praza,
48015 BILBO
Tel. : 00 34 943 27 69 99
Fax: 00 34 943 27 72 88
E-mail: eie@eie.euskalnet.net
Páxina web: www.idazleak.org

Dado o gran número de organizacións privadas que operan no ámbito da promoción e uso do éuscaro nas súas diferentes vertentes, non incluímos neste informe a súa relación. Non obstante, cabe mencionar que as súas actividades e programas de traballo son obxecto de financiamento tanto por parte do Goberno Vasco como polo resto das administracións públicas da CAV, a través de diferentes convocatorias públicas de axudas.

Comunidade Autónoma de CATALUNYA

Secretaría de Política Lingüística
Departamento da Presidencia Generalitat de Catalunya http://www.gencat.cat/index.htm
Pasatge de la Banca, 1-3
E-08002 Barcelona

Consorcio para a Normalización Lingüística http://www.cpnl.cat/
C/ Mallorca, 272, 8.º
E-08037 Barcelona

Centro de Terminoloxía TERMCAT
http://www.termcat.cat/
C/ Diputació, 119, 5.º E-08015 Barcelona

Instituto Ramon Llull http://www.llull.cat/
C/ Diputació, 279, baixos
E-08007 Barcelona

Institut d'Estudis Catalans http://www.iec.cat
C/ Carme, 47
E-08001 Barcelona

Comisión de Toponimia
Pasatge de la Banca, 1-3
E-08002 Barcelona

Consello Social da Lingua Catalá http://www6.gencat.net/llengcat/organi/cslc.htm
Pasatge de la Banca, 1-3
E-08002 Barcelona

Linguamón Casa das Linguas http://www.linguamon.cat
Via Laietana, 46A, pral. 1.ª E-08003 Barcelona

Ademais destes organismos de carácter institucional, cabe destacar, xa nun ámbito asociativo privado, que desde o ano 2002 a Generalitat de Catalunya creou un censo de entidades sen finalidade de lucro que promoven o uso da lingua catalá, establecendo unha dedución no imposto sobre a renda das persoas físicas (dun 15 % das cantidades doadas, co límite máximo do 10 % da cota íntegra autonómica). De acordo coa normativa que regula este censo, enténdese por fomento da lingua catalá "a realización de actividades que promoven as actitudes positivas cara ao catalán ou tenden a incrementar o seu coñecemento ou o seu uso entre a poboación en xeral ou en colectivos concretos, e tamén a investigación sobre a lingua catalá ou a súa situación".

As entidades incluídas no Censo de entidades que teñen por finalidade o fomento da lingua catalá son, de acordo coa Resolución do 14 de xullo de 2005 (Diario Oficial da Generalitat de

Catalunya núm. 4434, de 26.07.2005), do secretario de Política Lingüística, as que aparecen nesta disposición e que se poden consultar en www6.gencat.net/llenguacat/cens/index/htm

Comunidade Autónoma de GALICIA

Ao non dispoñer dun censo actualizado de asociacións promotoras da lingua, ofrécese a relación dos principais organismos públicos involucrados:

Secretaría Xeral de Política Lingüística
Presidencia
Xunta de Galicia
San Caetano, s/n 15704 Santiago de Compostela (A Coruña)
www.xunta.es/linguagalega/

Comisión de Toponimia
Consellería da Presidencia
Xunta de Galicia
San Caetano, s/n œ 15704 Santiago de Compostela (A Coruña)
www.xunta.es/toponimia/

Real Academia Galega
Rúa Tabernas, 11 - 15001 A Coruña (A Coruña)
www.realacademiagalega.org/

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Estrada Santiago-Noia, km 3 - Santiago de Compostela (A Coruña)
www.cirp.es/

Termigal (Servizo de Terminoloxía Galega)
Estrada Santiago-Noia, km 3 15896 Santiago de Compostela (A Coruña)
termigal@cirp.es

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º - Praza do Obradoiro 15705 Santiago de Compostela (A Coruña)
www.culturagalega.org/

Instituto da Lingua Galega (ILG)
Praza da Universidade, 4 - 15782 Santiago de Compostela (A Coruña)
www.usc.es/ilgas/

Servizo de Normalización Lingüística
Universidade de Santiago de Compostela

Casa da Balconada
Rúa Nova, 6 15782 Santiago de Compostela (A Coruña)
www.usc.es/snl/

Área de Normalización Lingüística
Universidade de Vigo
Rúa do Porto, 3, 1º - 36201 Vigo (Pontevedra)
www.uvigo.es/normalizacion/index.asp

Servizo de Normalización Lingüística
Universidade da Coruña
Reitoría. Paseo da Mestranza, 9, 1º - 15001 A Coruña (A Coruña)
www.udc.es/snl/

Verbum Casa das Palabras
Avda. de Símil, 17 36212 Vigo (Pontevedra)
www.verbum.vigo.org/

Existen ademais numerosas asociacións que apoian a cultura e a lingua de Galicia, así como Fundacións e entidades privadas que realizan actividades de promoción lingüística.

Comunidade VALENCIANA

O Informe previo elaborado por esta Comunidade indica que os organismos actuais relacionados coa promoción do valenciano do Goberno Autonómico, así como as súas sedes, son os seguintes:

Consellería de Cultura, Educación e Deporte
Secretaria Autonómica de Cultura e Política Lingüística
Área de Política Lingüística
Av. Campanar, 32
46015 Valencia www.cult.gva.es

Academia Valenciana da Lingua
Monasterio de Sant Miquel del Reis
Av. Constitució, 284
46019 Valencia www.avl.gva.es

Universidade de Alacant: Secretariado de Promoción do Valenciano
Cra de Sant Vicent s/n
03690 Sant Vicent del Raspeig www.ua.es/spv

Universidade Jaume I de Castelló: Servizo de Linguas e Terminoloxía
Av Sos Baynat, s/n
12071 Castelló de la Plana www.uji.es/serveis/slt

Universitat de València: Servizo de Política Lingüística
Av Blasco Ibáñez, 32
46010 València www.uv.es/spl

Universidade Politécnica de Valencia: Servizo de Normalización Lingüística
Camí de Vera s/n
46071 València www.upv.es/snl

Universidade Miguel Hernández de Elche: Vicerreitorado de Estudantes e Extensión Universitaria
Av. Universitat, s/n
03202 Elx www.umh.es

Comunidade Foral de NAVARRA

1. Goberno de Navarra:

Dirección Xeral de Universidades e Política Lingüística
Servizo de Programación, Investigación e Desenvolvemento Lingüístico
Departamento de Educación
C/ Cuesta de Santo Domingo 8,
31001 Pamplona (Navarra)

Dirección Xeral de Ensinanzas Escolares e Profesionais
Servizo de Éuscaro
Departamento de Educación
C/ Cuesta de Santo Domingo 8,
31001 Pamplona (Navarra)

Consello Navarro do Éuscaro
C/ Cuesta Santo Domingo, 8-3ª
31001 Pamplona (Navarra)

Organismo Autónomo Instituto Navarro de Administración Pública
Servizo de Éuscaro e Idiomas Comunitarios
C/ Navarreria 39
31001 Pamplona (Navarra)

Servizo do Boletín Oficial de Navarra
C/ Leyre, 6, 4ª
31002 Pamplona

Institución Príncipe de Viana
C/ Navarrería 39
31001 Pamplona (Navarra)

Centro de Recursos para o Ensino en Éuscaro Euskararen Irakaskuntzarako Baliabide Zentroa Mokarte Plaza,z.g.
31620 Uharte (Navarra)
www.pnte.cfnavarra.es/eibz

Euskaltegi Zubiarte
Mokarte Plaza,z.g.
31620 Uharte (Navarra)

2. Universidade Pública de Navarra

Campus de Arrosadía

31006 Pamplona (Navarra)
www.unavarra.es

3. Universidade de Navarra

Campus Universitario
31080 Pamplona (Navarra)
www.unav.es

4. Real Academia da Lingua Vasca-Euskaltzaindia

C/Conde Olivito, 2.
31002, Pamplona (Navarra)

5. Eusko Ikaskuntza

Plaza del Castillo, 43 bis, 3.D
31001 Pamplona (Navarra)

6. Servizos Municipais

AGOITZ-AEZKOA
Idoia Zabaltza Garate
Karrika Berria, 22. 31430 AOIZ

VILLAVA
Kale Nagusia, 22. 31610 VILLAVA

AURITZ-ERROIBAR-LUZAIDE
Aurizko Udaletxea. 31640 AURITZ

BARAÑAIN
Udaletxe Plaza z.g., 2. 31010
BARAÑAIN

BAZTAN
Foru plaza z.g. 31700 ELIZONDO

BERRIOZAR
Kaleberri, 12. 31195 BERRIOZAR

BORTZIRIETAKO EUSKARA MANKOMUNITATEA
Beheko karrika, 7. 31790
ARANTZA

BURLADA
San Juan Plaza, 1. 31600
BURLADA

PUENTE LA REINA
Mena Plaza, 1
31100 PUENTE LA REINA

IPARRALDEKO EUSKARA MANKOM.
Udaletxea. 31880 Leitza
Ultzamako Udaletxea. 31797
Larraintzar
Larraungo Udaletxea. 31870
Lekunberri

IRANTZU-OINARRIZKO GIZA
ZERBITZUEN MANKOMUNITATEA
Foru Plaza, 9. 31178 ABARZUZA

PAMPLONA
Descalzos, 72
31001 PAMPLONA

ESTELLA
Sorkunde Garbiaren pasealekua, 1
31200 ESTELLA

MALERREKAKO MANKOMUNITATEA
Merkatarien karrika, 27
31740 DONEZTEBE

ORKOIEN-ETXAURI-OLLARAN- BIDAURRETA-CENDEA DE OLZA
Iturgain plaza, 1. 31160 ORKOIEN

SAKANAKO MANKOMUNITATEA
Uriz kalea 38- 31830 LAKUNTZA

TAFALLA
Olatz Zabaleta
Nafarroako plaza 5.- 31300
TAFALLA

UHARTE-ESTERIBAR ZERBITZU MANKOM.
San Juan Plaza 1, 2.
31620 UHARTE

ZARAITZU-ERRONKARI
Zaraitzuko Ibaxaren Batzordea
Rotxapea kalea z.g. 31690
EZKAROZE
Erronkariko Ibaxaren Batzorde

Nagusia
Julian Gayarre, 5. 31415
ERRONKARI

ZIZUR MAYOR Zizurko Udaletxea, Erreniaga parkea, z.g.
31180 ZIZUR MAYOR

7. Outras institucións que favorecen o éuscaro noutros ámbitos e que reciben axudas do Goberno de Navarra

Sortzen
C/Jarauta, 32
31001 Pamplona (Navarra)

AEK
C/ Recoletos 16
31001 Pamplona (Navarra)
IKA
C/ Comedias 14
31001 Pamplona (Navarra)

Dirección Xeral de Política Lingüística
Consellería de Educación e Cultura
Goberno das Illes Balears
C/ Capità Salom, 29, 4ª planta
07004 PALMA (Illes Balears)

Consorcio para o Fomento da Lingua Catalá
e a Proxección Exterior da Cultura (COFUC)
C/ Capità Salom, 29, 1ª planta
07004 PALMA (Illes Balears)

Instituto de Estudos Baleáricos
Calle de Paraires, 24, 5º 1ª
07001 PALMA (Illes Balears)

Universitat de les Illes Balears
Ctra. de Valldemossa, km 7,5
07122 PALMA (Illes Balears)

Gabinete de Terminoloxía
Gabinete de Onomástica (Toponimia e Antroponimia) Gabinete de Didáctica das Linguas
Cra. de Valldemossa, km 7,5
07122 PALMA (Illes Balears)

Estudo Xeral Luliano
C/ Sant Roc, 4
07001 PALMA (Illes Balears)

Obra Cultural Balear
C/ del Pare Bartomeu Pou, 31
07003 PALMA (Illes Balears)

3. Indicar se algún organismo ou organización foi consultado no marco da elaboración do presente Informe periódico no concernente á posta en práctica das Recomendacións que o Comité de Ministros dirixiu ás súas autoridades. En caso afirmativo, precisar de cal órgano ou organización se trata.

Comentarios da Administración Xeral do Estado

Como se indicou na Parte Preliminar, punto 1 deste Informe, a organización do poder político en España é, desde 1978, a propia dun Estado amplamente descentralizado.

Por este motivo, as Comunidades Autónomas son competentes tanto para ditar normas con rango de lei nun amplo campo de materias, como para a execución dun número aínda máis elevado de funcións administrativas.

Como formulación xeral, as Comunidades Autónomas teñen a competencia exclusiva en materia de normalización lingüística e para adoptar as normas legais oportunas que regulen o uso dos idiomas recoñecidos como cooficiais nos respectivos Estatutos de Autonomía.

Por este motivo o Goberno español, para elaborar este 2º Informe sobre o Cumprimento en España da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias, estimou oportuno que este se realizase mediante un dobre proceso:

1 Mediante a elaboración por parte da Administración Xeral do Estado da parte do Informe que lles corresponde e que se refire ao seu ámbito competencial, así como para establecer contidos equiparables e comúns para todas as Comunidades Autónomas.

2 Mediante a elaboración, por cada unha das 6 Comunidades Autónomas que contan con idioma propio, dun Informe específico no que poidan proporcionar os datos e comentarios que estimen oportunos.

Con respecto a organizacións doutro tipo, e en especial de índole asociativa, a Administración Xeral do Estado no levou a cabo ningunha consulta específica, xa que non conta con competencias específicas para iso e, sobre todo, porque na realidade social e asociativa española non existen organizacións ou institucións comúns, recoñecidas como tales, e suficientemente representativas, que poidan desempeñar este papel de centros consultados pola Administración estatal.

Igualmente, o Goberno central entende que lles corresponde ás Comunidades Autónomas a realización deste trámite de consulta mediante os medios que consideren máis adecuados; e que foron os que se indican a continuación.

Comunidade Autónoma de EUSKADI

Debido ao limitado prazo de tempo marcado para a realización deste informe, este foi realizado en colaboración entre diversos Departamentos do Goberno Vasco.

A Viceconsellería de Política Lingüística foi o órgano encargado de coordinar e proporcionar en gran medida a información solicitada. Os organismos que facilitaron a información foron os seguintes:

- Departamento de Cultura:

- Viceconsellería de Política Lingüística
- HABE/Instituto de euskaldunización e alfabetización de adultos
- Viceconsellería de Cultura, Xuventude e Deportes

- Departamento de Educación, Universidades e Investigación

- Departamento de Xustiza, Emprego e Seguridade Social

A información facilitada por estes departamentos foi imprescindible para completar especialmente a parte terceira do informe e as cuestións relativas ás recomendacións emitidas polo Consello de Ministros.

Comunidade Autónoma de CATALUNYA

Consultouse o Consello Social da Lingua Catalá, que é o máximo órgano de asesoramento e consulta, e de implicación e participación social na política lingüística da Generalitat de Catalunya. Foi creado no ano 1991 e está presidido polo presidente da Generalidad. Intégrano, en primeiro lugar, como membros natos que ocupan as vicepresidencias, altos cargos en representación das institucións da Generalitat e o Instituto de Estudos Cataláns (o conselleiro do Goberno da Generalitat competente en materia de política lingüística, que actualmente é o conselleiro da Presidencia; o secretario de Política Lingüística; o presidente do Instituto de Estudos Cataláns, e exercendo a secretaría do Consello, a persoa titular da Subdirección de Política Lingüística). En segundo lugar, compóñeno unha serie de vogais designados polo conselleiro da Generalitat de Catalunya competente en materia de política lingüística, na proporción seguinte:

- 35 vogais que representan entidades, no só dedicadas á protección da lingua, senón principalmente representativas do tecido civil (por exemplo, asociacións de empresarios e sindicatos, a Cámara de Comercio e o Consello de Persoas Consumidoras, asociacións de xuristas e xuíces e o Tribunal Superior de Xustiza, entidades dedicadas á acollida de persoas inmigrantes, representantes de televisións e radios, asociacións de municipios, Consello Nacional da Xuventude, etc.).

- Entre 30 e 40 vogais designados a título persoal polo conselleiro competente en materia de política lingüística, entre personalidades representativas de todos os ámbitos sociais, que se distinguisen na súa traxectoria profesional pola defensa da lingua (periodistas, actores, escritores, representantes de clubs deportivos, personalidades do mundo académico, etc.).

A composición actual do Consello Social da Lingua Catalá é a que resulta dos nomeamentos que contén a Resolución PRE/2738/2005, do 21 de setembro, de nomeamento de vogais do Consello Social da Lingua Catalá (Diario Oficial da Generalitat de Catalunya núm. 4479, de 29.9.2005, páx. 30465).

Comunidade Autónoma de GALICIA

En Galicia, o actual informe foi elaborado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, con información propia e outra subministrada por diferentes organismos e institucións. Son, fundamentalmente, os que detallamos a continuación:

- Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar
- Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
- Consellería de Cultura e Deporte
- Consellería de Sanidade
- Consellería de Innovación e Industria
- Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
- Compañía de Radiotelevisión de Galicia (CRTVG)
- Deputacións provinciais e concellos
- Consello da Cultura Galega
- Universidades de Vigo, Santiago e A Coruña
- Instituto da Lingua Galega
- Real Academia Galega
- Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
- Eixo Atlántico

Comunidade VALENCIANA

Nesta Comunidade, o Informe foi elaborado pola Secretaría Autonómica de Cultura e Política Lingüística, da Consellería de Cultura, Educación e Deporte, coa información proporcionada por:

- A Secretaría Autonómica de Relacións co Estado e Comunicación de Presidencia da Generalitat
- A Subsecretaría da Consellería de Xustiza, Interior e Administracións Públicas
- A Dirección Xeral de Ensino da Consellería de Cultura, Educación e Deporte

- A Academia Valenciana da Lingua
- Radiotelevisión Valenciana

Comunidade Foral de NAVARRA

O Informe foi elaborado polas autoridades e organismos competentes na materia e dependentes do Goberno Foral de Navarra, sobre todo a través da Comisión Interdepartamental. Igualmente, tívose en conta, en especial, a opinión do Parlamento de Navarra, do Tribunal Superior de Xustiza, do Consello Escolar de Navarra e das Universidades con sede na Comunidade.

- C.A. Illes Balears.

O Informe foi elaborado pola administración do Goberno Balear, con especial participación das Consellerías de Educación e Cultura, Obras Públicas, Vivenda e Transportes, Turismo e Inmigración e Cooperación.

Igualmente, para a elaboración do informe, consultouse o Consorcio para o Fomento da Lingua Catalá e a Proxección Exterior da Cultura (COFUC), o Instituto de Estudos Baleáricos (IEB) e o Ente Público de Radiotelevisión das Illes Balears (EPRTVIB).

4. Indicar as medidas tomadas para que se coñezan mellor os dereitos e deberes que derivan da aplicación da Carta.

Comentarios da Administración Xeral do Estado

Os diferentes textos referentes á Carta de Linguas Rexionais ou Minoritarias encóntranse dispoñibles na páxina web do Ministerio de Administracións Públicas, web (www.map.es), tanto o texto da Carta, como o Informe presentado por España en 2002, como as Recomendacións adoptadas polo Comité de Ministros en 2005.

Igualmente, consta que as Comunidades Autónomas con lingua cooficial no seu territorio incorporaron o texto da Carta ás súas páxinas web oficiais, polo que se estima que o coñecemento da Carta entre os medios máis interesados é amplo e incluso moi elevado.

Ao respecto, a Administración Xeral do Estado pode proporcionar abundantes datos que ilustran sobre o amplo coñecemento que en medios políticos ou profesionalmente interesados españois se ten sobre o contido da Carta; xa que a cuestión lingüística, en xeral, e o seguimento e cumprimento da Carta, en particular, foron e son obxecto de frecuentes iniciativas e intervencións parlamentarias, que tiveron un importante e habitual eco nos medios de comunicación escritos.

Comunidade Autónoma de EUSKADI

A Vicenconsellería de Política Lingüística dispuxo na súa páxina web (www.euskara.euskadi.net) o documento de ratificación do Reino de España da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias. O documento encóntrase na súa páxina web na sección relativa á base xurídica do ámbito internacional.

Comunidade Autónoma de CATALUNYA

Inmediatamente despois da entrada en vigor da Carta, a antiga Dirección Xeral de Política Lingüística, actualmente Secretaría de Política Lingüística, da Generalitat de Catalunya editou unha publicación en catalán que recolle o texto e destaca os artigos ratificados polo Estado español. A tirada da publicación foi de 5000 exemplares. Esta publicación pódese consultar e descargar desde a Web da Secretaría de Política Lingüística no enderezo http://www6.gencat.net/llengcat/publicaciones/carta/index.htm.
Neste enderezo tamén figura a versión en aranés.

A Secretaría de Política Lingüística, o Consorcio para a Normalización Lingüística e os diferentes departamentos da Generalitat informan dos dereitos lingüísticos que derivan tanto da Carta como da lexislación catalá e española. Cabe mencionar por exemplo a ampla difusión que o Departamento de Xustiza da Generalitat de Catalunya fixo dunha Carta de dereitos lingüísticos dos cidadáns e cidadás nas sedes dos xulgados e tribunais, entre outras actuacións. Esta Carta continúase difundindo desde a páxina Web do Departamento no enderezo
http://www.gencat.net/justicia/temas/dret_i_justicia/administracio/cartas/dretsling/index.htm

Comunidade Autónoma de GALICIA

A Secretaría Xeral de Política Lingüística conta cun equipo asesor en materia lingüística, que atende consultas cidadás a través do teléfono e do correo electrónico e convencional, sobre dereitos lingüísticos e lexislación.

Procedeuse ademais en 2006 á tradución actualizada da Carta Europea á lingua galega (descargable na web).

Comunidade VALENCIANA

A Comunidade Valenciana difundiu o contido da Carta mediante a súa incorporación páxina web oficial da Comunidade: http://www.cult.gva.es/polin/pdfs/carta europea val.pdf europea val.pdf.

Comunidade Foral de NAVARRA

A Dirección Xeral de Universidades e Política Lingüística informou aos Departamentos do Goberno de Navarra sobre o contido da Carta. Así mesmo recabou información necesaria para completar os seus informes dos seguintes Departamentos e organismos:

- Departamento de Educación, Dirección Xeral de Ensinanzas Escolares e Profesionais.

- Departamento de Cultura e Turismo, Dirección Xeral de Cultura. Institución Príncipe de Viana.

- Departamento de Presidencia, Xustiza e Interior: Dirección Xeral de Presidencia, Organismo Autónomo Instituto Navarro de Administracións Públicas-INAP, Dirección Xeral de Xustiza, Secretaría Técnica.

- Departamento de Administración Local, Secretaría Técnica.

- Departamento de Saúde, Secretaría Técnica.

- Departamento de Obras Públicas, Transportes e Comunicacións, Secretaría Técnica.

- Parlamento de Navarra, Presidente.

- Delegación do Goberno en Navarra.

- Tribunal Superior de Xustiza de Navarra, Presidente.

Comunidade Autónoma de ILLES BALEARS

A Comunidade Autónoma das Illes Balears difundiu o contido da Carta mediante a súa incorporación á páxina web oficial da Comunidade.

5. Entendéndose que todos os detalles das medidas tomadas coa fin de poñer en marcha as Recomendacións do Comité de Ministros aparecen no Informe. Non obstante, achegar un resumo destas medidas para cada Recomendación.

- Recomendación 1

—tomen as medidas xurídicas e prácticas necesarias para asegurar a aplicación dos compromisos contidos no artigo 9 da Carta, asegurando en particular que unha porcentaxe adecuada do persoal que traballa neste ámbito nas Comunidades Autónomas ás que lles afecta a aplicación do artigo 9 da Carta teña un coñecemento práctico das linguas pertinentes“

- Comentarios da Administración Xeral do Estado.

Como xa se apuntou no anterior ciclo de avaliación do cumprimento por parte das Administracións españolas da Carta de Linguas Rexionais ou Minoritarias, trátase dun dos puntos que encontra maiores obstáculos para o seu cumprimento en España.

A causa principal das dificultades para a plena normalización dos idiomas cooficiais na Administración de Xustiza reside na esixencia de que o persoal dos órganos xurisdicionais coñezan en grao suficiente as correspondentes linguas, o que é obvio pero a veces é difícil de garantir ao estar isto relacionado coa orixe xeográfica dos profesionais da xustiza ou con consideracións doutro tipo, pero de índole persoal.

Ademais, esta dificultade inicial increméntase se se ten en conta que o persoal que presta servizos na Administración de Xustiza, en especial Xuíces e Fiscais, se adscriben a corpos xerais e comúns para todo o Estado; polo que poden ocupar postos de traballo nunha ou outra parte do territorio español.

Non obstante, e aínda recoñecendo este problema estrutural, o Estado adoptou nos tres últimos anos diferentes medias tendentes a reforzar as garantías lingüísticas das partes nun proceso; e, en especial, a aprobación da Lei Orgánica 19/2003, de 23 de decembro, de Reforma da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, que introduce determinadas novidades de interese:

- O artigo 450.4, sobre os Secretarios Xudiciais, prevé que se valore como mérito o coñecemento dos idiomas cooficiais para ocupar praza.

- O artigo 521.4.3r estipula que as relacións de postos de traballo do persoal das oficinas xudiciais poden conter como un requisito o correspondente ao coñecemento da lingua oficial propia.

- O artigo 530 sinala que para ocupar determinados postos de traballo poderase esixir o coñecemento da lingua propia como requisito, dependendo da natureza das funcións que se teñen que exercer.

- O artigo 536.2 establece que se considera falta moi grave toda actuación que supoña discriminación por razón de lingua.

- Os artigos 521.3.b) e 530 establecen a necesidade de regular a esixencia do coñecemento dos idiomas cooficiais por parte do persoal ao servizo da Administración de xustiza na provisión de prazas e, por extensión, na selección de persoal, nos casos en que a competencia lles corresponda ás Comunidades Autónomas. En concreto, o art. 530 di: "Nas convocatorias para postos de traballo das comunidades autónomas con competencias asumidas cunha lingua propia que teña carácter oficial, valorarase como mérito o coñecemento oral e escrito da mesma. En determinados postos, poderase considerar requisito esixible para o acceso aos mesmos, cando da natureza das funcións que se van desempeñar se derive esta esixencia e así se estableza nas relacións de postos de traballo" .

Por outro lado, e en relación con estas medidas, a Administración Xeral do Estado estima que esta información xeral pode ser completada mediante a incorporada á parte deste Informe referente ao artigo 9 da Carta, sobre a Administración de Xustiza.

Neste punto, cabe pois unicamente informar brevemente das intervencións das Comunidades Autónomas para facilitar a aprendizaxe dos idiomas cooficiais nas súas respectivas Comunidades Autónomas, tanto mediante accións formativas dirixidas a xuíces e fiscais, que non dependen das Comunidades Autónomas, como do persoal que lles presta servizos de apoio administrativo a aqueles e que si depende das propias Comunidades Autónomas, se ben coa única excepción da Comunidade Autónoma das Illes Balears, que aínda non recibiron o traspaso destas funcións e servizos.

- C.A. País Vasco.

- Colectivos Profesionais non transferidos á Comunidade Autónoma do País Vasco.

O Goberno vasco subscribiu os convenios de colaboración para a capacitación lingüística dos Xuíces e Maxistrados, Fiscais e Secretarios Xudiciais, o primeiro co Consello Xeral do Poder Xudicial e o segundo co Ministerio de Xustiza.
Non obstante, como recorda o Informe previo do País Vasco, —non é competencia directa do Departamento de Xustiza do Goberno Vasco a consecución de tales obxectivos, posto que estes colectivos non dependen da Administración Autónoma, a cal pode exercer unha función de impulso, pero non de regulación nin de execución“.

Unha das medidas previstas nestes Convenios, de grande efectividade práctica para alcanzar este coñecemento práctico, consiste nun proceso de inmersión lingüística mediante formación intensiva durante varios cuadrimestres, con liberación do posto de traballo, medida que se está vendo imposibilitada na práctica por decisións de índole presupostaria do Ministerio de Xustiza e do Consello Xeral do Poder Xudicial.

- Colectivos Profesionais transferidos á Comunidade Autónoma do País Vasco.

Polo que se refire ao persoal ao servizo da Administración de Xustiza, transferido ao País Vasco, o Departamento de Xustiza do Goberno Vasco impulsou principalmente catro medidas ao respecto:

• Formación en éuscaro, tanto ordinaria, como intensiva- con liberación do posto de traballo- ata alcanzar os niveis acordes ao corpo de pertenza.
• Elaboración dun borrador do Decreto de Normalización Lingüística da Administración de Xustiza da Comunidade Autónoma, pendente de aprobación.
• Elaboración dun borrador do Plan Xeral de Normalización Lingüística da Administración de Xustiza da Comunidade Autónoma, pendente de tramitación.
• Estudo para a elaboración da Relación de Postos de Traballo na que se inclúen os perfís lingüísticos e as datas de preceptividade correspondentes a cada posto.

As tres últimas accións foron desenvolvidas a partir da Sentenza 253/2005 do Tribunal Constitucional do 11 de outubro de 2005, publicada no BOE do 15 de novembro de 2005 no conflito positivo de competencia 3783/1998 promovido polo Goberno do Estado fronte ao Decreto do Goberno Vasco 63/1998, de 31 de marzo.

O Tribunal Constitucional, na súa análise do concepto —requisito esencial" relativo ao coñecemento do éuscaro en determinados postos, vén reafirmar a súa doutrina sobre o réxime xeral do uso do éuscaro na Administración de Xustiza e no seu concepto de competencia concorrente, facendo mención ao artigo 231 da Lei Orgánica do poder Xudicial, no modificado pola Lei Orgánica 19/2003, e ao coñecemento do idioma na elaboración das relacións de postos de traballo e nos concursos de traslados, recordando o principio de proporcionalidade na esixencia do coñecemento do idioma e recoñecendo a legalidade da inclusión como requisito do coñecemento do éuscaro en determinados postos por se tratar dunha previsión que se acomoda ao regulado na Lei Orgánica do Poder Xudicial.

• Recomendación 2

"examinen os programas de contratación, de carreira e de formación destinados ao persoal das dependencias da Administración do Estado, con miras a asegurar que unha porcentaxe adecuada do persoal que traballa neste ámbito nas Comunidades Autónomas ás que lles afecta a aplicación do artigo 10 da Carta teña un coñecemento práctico das linguas pertinentes".

- Comentarios da Administración Xeral do Estado.

Un dos contidos do traballo desenvolvido polo Comité de Expertos que vén traballando ultimamente no seo da Administración Xeral do Estado para estender o uso dos idiomas cooficiais na Administración Xeral do Estado é coincidente co indicado nesta Recomendación º 2. Por iso, e para maior detalle, ver a información correspondente ao artigo 10, na 3ª Parte deste Informe.

Igualmente, e ao igual que se indicou respecto da Recomendación 1, a Administración Xeral do Estado estima que esta información xeral pode ser completada mediante a incorporada á parte deste Informe referente ao artigo 10 da Carta, sobre as Autoridades Administrativas.

- C.A. País Vasco.

A Lei vasca 10/1982, de 24 de novembro, Básica de Normalización do Uso do Éuscaro, contén unha serie de dereitos lingüísticos dos cidadáns, exercitables nas súas relacións cos órganos das Administracións Públicas radicados na Comunidade Autónoma Vasca, incluíndo a Administración estatal.

Así, recoñécese o dereito dos cidadáns do País Vasco a relacionarse en éuscaro oralmente e por escrito coa Administración e con calquera Organismo ou Entidade radicado na Comunidade Autónoma (art. 5.2.a), incluíndo a Administración de Xustiza (art. 9), tendo así mesmo dereito a seren atendidos na mesma lingua oficial (art. 6.1).

No artigo 14 da Lei 10/1982 sinálase que, coa fin de facer efectivos os dereitos recoñecidos na mesma, os poderes públicos adoptarán as medidas tendentes á progresiva euskaldunización do persoal afecto á Administración Pública na Comunidade Autónoma do País Vasco.

Seguindo co mesmo artigo 14, os poderes públicos determinarán as prazas para as que é preceptivo o coñecemento do éuscaro, e nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás demais prazas da Administración no ámbito territorial da Comunidade Autónoma do País Vasco, considerarase, entre outros méritos, o nivel de coñecemento das linguas oficiais, cunha ponderación que realizará a Administración para cada nivel profesional.

A Disposición Adicional Terceira da Lei 10/1982 prevé que o Goberno Vasco promoverá, de acordo cos órganos competentes, a adopción de medidas tendentes á progresiva normalización do uso do éuscaro na Administración do Estado na Comunidade Autónoma do País Vasco, no regulado nos artigos 6, 8, 11, 13 e 14 da Lei.

A pesar do tempo transcorrido desde a aprobación da Lei 10/1982, na contratación de persoal pola Administración estatal, en xeral non se toma en consideración o coñecemento do éuscaro polos candidatos, non constituíndo requisito preceptivo nin mérito valorable.

En canto á formación lingüística do persoal, trátase dunha competencia estatal, e non existen datos para afirmar que se estea ofrecendo ese tipo de formación.

• Recomendación 3

—aumenten a oferta do ensino en éuscaro no País Vasco, en particular con respecto ao ensino secundario e ao ensino técnico e profesional“.

- C.A. País Vasco.

En resposta á recomendación efectuada pola Comisión de Ministros do Consello de Europa a España, que literalmente di o seguinte: —Aumenten a oferta do ensino en éuscaro no País Vasco, en particular con respecto ao ensino secundario e ao ensino técnico e profesional“, cabe sinalar o seguinte:

1. Acéptase a recomendación, por considerala acorde coas disposicións normativas que regulan a gradual introdución do éuscaro no ámbito educativo da Comunidade Autónoma Vasca.

2. De feito, o Goberno Vasco vén adoptando todo tipo de medidas operativas para aumentar a oferta do ensino en éuscaro, nos diversos niveis e etapas da educación primaria e secundaria.

3. Polo que respecta á educación secundaria, cabe sinalar que a evolución dos modelos de ensino bilingüe durante os últimos seis anos é crecente no modelo D (no cal todas as materias se imparten en éuscaro, a excepción da materia de lingua española) e decrece a opción do modelo A (no cal todas as materias se imparten en castelán, a excepción da materia de éuscaro).

4. Diso infírese que a oferta educativa en éuscaro é claramente crecente e maioritaria na ESO, é crecente e aproxímase ao 50% no Bacharelato e aumenta timidamente na Formación Profesional.

- Recomendación 4

—adopten un enfoque estruturado, con miras a fomentar o uso do éuscaro nos medios de comunicación electrónicos privados no País Vasco, e nos programas de radio e televisión en xeral en Navarra“.

- C.A. País Vasco.

En relación con estas medidas, estímase que a información sobre esta cuestión pode ser consultada na parte deste Informe referente ao artigo 11 da Carta, sobre os Medios de Comunicación Social.
- C.F. Navarra.

O Goberno Foral de Navarra efectúa convocatorias anuais de axudas destinadas aos medios de comunicación social que emiten, no territorio da Comunidade Foral, en éuscaro.

- Recomendación 5

—contemplen a posibilidade de aplicar unha forma apropiada da protección que brinda a parte III á lingua vasca na zona mixta, tal como define a lexislación de Navarra".

- C.F. Navarra.

O Informe previo elaborado polo Goberno de Navarra estima de forma terminante que, en Navarra, a Carta Europea de Linguas Rexionais e/ou Minoritarias, estrita e normativamente falando (tanto pola normativa foral, a española e a propia europea da Carta), unicamente podería ser de aplicación na súa Zona Vascófona, unha das tres que por imperativo da Lei Foral do Éuscaro de 1986 conforman lingüisticamente o territorio da Comunidade Foral (as outras dúas, como xa se sabe, serían: a Zona Mixta e a Zona Non Vascófona), pese a iso, non son menos certos, e aos feitos nos remitimos, os esforzos do actual Goberno de Navarra, co Departamento de Educación e a súa Dirección Xeral de Universidades e Política Lingüística á cabeza, porque, coa prudencia debida, se vaian adecuando as mencionadas delimitacións territoriais, que enmarcan cada unha das zonas lingüísticas sinaladas, á actual realidade lingüística da propia Navarra.

E, así, a mencionada Dirección Xeral de Universidades e Política Lingüística vén positivamente traballando con empeño e sen pausa, e especificamente, sobre a modificación dos límites que impón a Zona Mixta, todo iso, por ver de adecuar e situar mellor aquela realidade lingüística. Sen que, ata o de agora, a verdade, por parte do Parlamento de Navarra, máxima expresión da vontade do pobo navarro, se conseguise un —Acordo sobre ningunha nova política lingüística para levala cabo en Navarra".

Recomendación 6

—reforcen a protección do aragonés (fabla) e do catalán en Aragón, incluído o establecemento dun marco xurídico apropiado".

- Comentarios da Administración Xeral do Estado.

Un dos compromisos adoptados polo Goberno de Aragón que tomou posesión tras a celebración das eleccións que nesa Comunidade tiveron lugar en maio de 2003 foi a da presentación ás Cortes de Aragón, en tanto que Asemblea Lexislativa da Comunidade, para a súa discusión e posible aprobación, dun Anteproxecto de lei reguladora das Linguas de Aragón; se ben este compromiso no foi aínda cumprido na data en que se redacta este Informe, xa que o Goberno de Aragón considera prioritario que este proceso se leve a cabo co máximo consenso e tras un elevado grao de negociación e acordo político que fagan que esta Lei se aprobe por unanimidade.

6. Indicar cales foron as medidas tomadas polo seu Estado para informar ás instancias seguintes das Recomendacións.

- Todos os niveis do Goberno
- Autoridades xudiciais
- Órganos e asociacións legalmente establecidas

- Comentarios da Administración Xeral do Estado.

Tanto o contido do Informe do Comité de Expertos como as Recomendacións expresadas polo Comité de Ministros foron distribuídas e comentadas polo Grupo Interministerial que elaborou o primeiro Informe; e no que, sobre todo, participaron os Ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación; Administracións Públicas; Educación e Ciencia; Xustiza; e Cultura.

Igualmente, as autoridades estatais verificaron que as Cortes Xerais coñecen detalladamente estas Recomendacións, que foron tidas en conta en diferentes iniciativas parlamentarias. Á súa vez, estas Recomendacións comunicáronselles ás autoridades xudiciais a través do seu órgano de goberno, o Consello Xeral do Poder Xudicial, e iso debido á organización autónoma que este poder ten en España.

Igualmente, consta de maneira fidedigna que as Comunidades Autónomas dispoñen desde o primeiro momento de información puntual e exacta sobre o contido das Recomendacións, así como sobre o contido do Comité de Expertos previamente elaborado.

Polo que respecta ás organizacións sociais, e aínda que non lle compete á Administración Xeral do Estado a realización de ningún trámite de consulta ou a transmisión de información, consta igualmente o seu pleno e inmediato coñecemento do contido das Recomendacións do Comité de Ministros; xa que, ademais, estas tiveron o correspondente eco nos medios informativos das Comunidades afectadas.

- C.A. País Vasco.

O Comité de Ministros aprobou o 21 de setembro de 2005 unha serie de recomendacións sobre a aplicación da Carta europea das linguas minoritarias rexionais ou minoritarias. A Viceconsellería de Política Lingüística adscrita ao Departamento de Cultura do Goberno Vasco tivo coñecemento destas recomendacións a través da publicación do informe correspondente.

Todas as Comunidades Autónomas difundiron nos seus ámbitos territoriais respectivos o contido das Recomendacións; debéndose considerar, en especial, a transmisión das mesmas por parte da Generalitat de Catalunya ao Consello Social da Lingua Catalá.

7. Explicar como o seu país implicou as instancias mencionadas na posta en marcha das Recomendacións.

- Comentarios Xerais da Administración Xeral do Estado.

A Administración Xeral do Estado constata que forma parte do seu ámbito competencial, en especial, as Recomendacións nº 1 e 2. Con respecto ao contido da Recomendación nº 1, trasladóuselle ao Consello Xeral do Poder Xudicial, que é un órgano independente do Goberno, regulado no artigo 122 da Constitución como o órgano de goberno do mesmo"; polo que é a quen lle corresponde adoptar as decisións para o cumprimento da citada Recomendación.

O contido das medidas adoptadas para o cumprimento da Recomendación nº 2 pode ser analizado nos comentarios incorporados no Informe respecto do artigo 10 da Carta, sobre Autoridades Administrativas.

Polo que respecta ao resto de Recomendacións, o propio procedemento seguido para a elaboración deste 2º Informe sobre o Cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias en España, ilustra adecuadamente sobre a vontade das Administracións públicas españolas, tanto da Administración Xeral do Estado como das Comunidades Autónomas implicadas, para o cumprimento destas Recomendacións.

Ao respecto, estímase que unha análise máis detallada das partes 2ª e 3ª do Informe pode proporcionar información de especial valor para responder a cuestión formulada neste punto 7.

2ª PARTE.

1. Indicar que medidas tomou o seu Goberno para aplicar o artigo 7 da Carta das linguas rexionais ou minoritarias enumeradas anteriormente nos parágrafos 2 e 4 da 1ª parte, distinguindo os diferentes niveis de responsabilidade.

- Comentarios Xerais da Administración Xeral do Estado.

Ver a información detallada que se achega na 3ª Parte, correspondente a cada un dos artigos específicos referidos na Carta.

- Informacións Específicas por cada Punto.

- C.A. País Vasco. (Información global para todos os Puntos)

O avance ou o retroceso do éuscaro está ligado, en gran medida, á lexislación e aos recursos destinados á súa normalización nos distintos territorios. O éuscaro é oficial, xunto co castelán, en toda a Comunidade Autónoma Vasca.

En función desta diferente lexislación desenvolvéronse tamén as normas e destináronse os medios e recursos humanos e económicos que condicionan, á súa vez, os resultados: no sistema educativo, nos medios de comunicación, na Administración, na produción editorial e cultural, na alfabetización e euskaldunización de adultos, na implantación social da lingua, etc.

No ano 2005 cumpríronse vinte e cinco anos desde que o Estatuto de Autonomía (CAV, 1979) proclamara o éuscaro lingua oficial da Comunidade Autónoma do País Vasco. Á vez que declaraba a oficialidade do éuscaro, recoñecíalles a todos os cidadáns e cidadás da citada comunidade autónoma o dereito a facer uso tanto do éuscaro coma do castelán. Desde 1979 ata os nosos días desenvolvéronse numerosas normas e constituíronse diversos organismos e institucións co obxecto de recuperar a competencia, o uso e o estatus do éuscaro.

Todas as medidas aprobadas ao amparo da política lingüística desenvolvida polas administracións na Comunidade Autónoma do País Vasco contribuíron en gran medida ao logro dos obxectivos sinalados no artigo 7 da Carta: o recoñecemento do éuscaro como expresión da riqueza cultural; a acción resolta de fomento do éuscaro, o fomento do seu emprego oral e escrito na vida pública e na vida privada; a provisión de formas e medios adecuados para o ensino e o estudo do éuscaro en todos os niveis apropiados; a promoción de estudos e investigación sobre o éuscaro, etc.

Non obstante, as divisións administrativas existentes no territorio do éuscaro, e a existencia de diferentes modos ou opcións de entender a política lingüística que se debe seguir en relación coa lingua común dificultan a acción positiva e coordinada entre a Comunidade Autónoma Vasca e a Comunidade Foral de Navarra. O Goberno vasco estima que sería desexable a existencia dun órgano de colaboración e coordinación estable no ámbito da promoción e o uso do éuscaro entre estas dúas institucións públicas, dentro do Estado Español, que se estendese, así mesmo, ás autoridades das institucións do País Vasco francés.

De igual maneira, os acordos marco de colaboración entre o Goberno de Navarra, o Goberno Vasco, a Deputación Foral de Álava e a Deputación Foral de Gipuzkoa con UZEI (Centro Vasco de Terminoloxía e Lexicografía) para realizar traballos de lexicoloxía e terminoloxía en lingua vasca deixaron de celebrarse en 1999, para dar paso a un acordo propio do Goberno de Navarra con UZEI, e a outro, pola súa parte, do Goberno Vasco e da Deputación Foral de Gipuzkoa con UZEI, todo iso en detrimento da cooperación entre as institucións responsables da normalización da lingua. O mesmo ocorre coa presenza conxunta do Goberno Vasco e o Goberno de Navarra en exposicións internacionais de linguas, como Expolangues, Expolingua, etc.: o Goberno de Navarra declina colaborar coas institucións do seu ámbito lingüístico, entorpecendo con iso o disposto pola Carta no seu artigo 7.

Por último, cómpre sinalar que para o Goberno Vasco é de grande importancia o fortalecemento dos lazos de colaboración xa existentes cos gobernos das comunidades do Estado que contan con linguas propias, dado que a diversidade lingüística é un factor positivo que nos enriquece.

Neste sentido, ata o de agora houbo colaboracións entre as comunidades lingüísticas do Estado. As relacións en materia de política lingüística entre os Gobernos de Galicia, Catalunya e Euskadi experimentaron diferentes niveis e graos de colaboración, habitualmente bilaterais. Así, o Goberno Vasco e a Generalitat de Catalunya teñen en vigor un protocolo de colaboración plurianual (2005-2008); a Generalitat e a Xunta acaban de rubricar outro protocolo similar.

Agora, os tres executivos consideran que, desde o máximo respecto ás políticas de cada Goberno, resulta verdadeiramente eficaz e positivo definir e desenvolver un marco de colaboración estable e permanente entre os mesmos en materia lingüística, marco que permitirá intercambiar e contrastar experiencias, así como impulsar proxectos e actuacións en beneficio dunha maior igualdade social entre as linguas.

Así, este mes de xullo de 2006 constituíuse unha mesa de traballo entre o Goberno Vasco, a Generalitat de Catalunya e a Xunta de Galicia para a elaboración dun protocolo marco de colaboración entre as tres comunidades. Prevese que o protocolo de colaboración sexa plurianual e o seu contido se desenvolva e concrete por medio de protocolos anuais. Esta mesa impulsada polas tres comunidades lingüísticas mencionadas considera que a Administración do Estado pode tamén ter un papel activo como impulsor das accións que poidan xurdir neste marco de colaboración, polo que unirán forzas para que a Administración do Estado promova políticas activas de promoción das linguas oficiais. Como primeiro labor, a mesa de traballo, ademais da definición do mencionado protocolo, realizará o seguimento da aplicación da Carta Europea das Linguas no ámbito do Estado español.

Respecto á promoción de formas apropiadas de intercambios transnacionais, debemos sinalar que actualmente se está traballando na elaboración dun acordo de colaboración entre o Goberno Vasco e a Oficina Pública da Lingua Vasca (Euskararen Erakunde Publikoa-Office Public de langue basque), unha agrupación de interese público que inclúe o Estado Francés, a Rexión de Aquitania, o Departamento dos Pireneos Atlánticos e os concellos do País Vasco Norte e que foi creada no ano 2004. É o primeiro instrumento habilitado polo Estado francés para agrupar todos os poderes públicos arredor dun proxecto, pioneiro en Francia, de política lingüística en favor do éuscaro. Este acordo podería entrar

en vigor no 2007 e ser un verdadeiro exemplo de cooperación transfronteriza ao servizo do éuscaro como algo común e compartido. Cabe destacar que este acordo foi impulsado polo Goberno Vasco, dado que cabe destacar que o Estado esquece as súas linguas autonómicas nos seus tratados internacionais, tal e como se recolle no marco da Aplicación provisional do Acordo marco entre o Goberno do Reino de España e o Goberno da República Francesa sobre os programas educativos, lingüísticos e culturais nos Centros Escolares dos dous Estados. No mesmo reitérase —a importancia que supón para cada un dos dous países o coñecemento da lingua e a cultura do outro e súa vontade de garantir a súa promoción nos seus respectivos territorios". Neste marco de colaboración subscrito en xuño de 2005 polo Goberno do Reino de España faise referencia exclusivamente ao español e ao francés, ignorando as linguas obxecto de protección da CELRM.

Se ben nos últimos tempos a postura do Goberno do Estado é moito máis tolerante, aberta e disposta en materia de política lingüística, o Estado español deberíase involucrar dunha maneira máis decidida na defensa e fomento das linguas propias e oficiais diferentes do castelán; non pode nin debe deixar exclusivamente nas mans das administracións autónomas a promoción e a difusión das linguas autonómicas. Preguntámonos: e se unha comunidade autónoma con lingua propia se inhibise no seu deber de fomentar a súa lingua e non garantise os dereitos lingüísticos dos seus falantes, ou a súa política non fose o suficientemente decidida, ao Estado non lle compete facer un seguimento ao respecto, tendo en conta que é o responsable da aplicación da CELRM, e tomar en consecuencia medidas nesa dirección?

Existen infinidade de materias nas que a Administración do Estado debería prestar especial atención, e introducir cambios nos seus criterios lingüísticos, como por exemplo, o uso das linguas minoritarias ou rexionais na Radio Televisión Española, as canles e emisoras de radio e televisión públicas do Estado, onde a presenza das linguas oficiais distintas do castelán é practicamente nula, simplemente testemuñal.

Tamén o Estado debería prestar atención, entre outras, ás entidades estatais tales como Correos (Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos) ou RENFE (Rede Nacional de Ferrocarrís Españois) para que nos seus impresos, avisos por megafonía e calquera manifestación oral e escrita se garanta a presenza e uso tanto do castelán como do resto das linguas oficiais no territorio respectivo. O feito de que as linguas oficiais e propias de distintos territorios do Estado no poidan ser usadas no Congreso e o Senado2, dá unha idea de como prevalece sempre o apoio institucional á lingua hexemónica, deixando exclusivamente nas mans das administracións autonómicas o esforzo (de acción e tamén de financiamento) na promoción e a difusión das linguas distintas do castelán.

A este respecto, engadir que unha vez máis será o Goberno Vasco quen financie exclusivamente os gastos derivados dos acordos administrativos adoptados por distintos órganos da Unión Europea para permitir, no seu interior, o uso doutras linguas oficiais no Estado distintas do castelán. Así, no mes de xuño de 2006 o Goberno Vasco deu a coñecer as medidas adoptadas en Euskadi para facilitar a operatividade precisa, a nivel interno, en relación ao uso oficial do éuscaro no interior das institucións e órganos da Unión Europea. Agora ben, sinalar que estes acordos recoñécenlle ao éuscaro un grao de oficialidade moi limitado e dista moito de alcanzar a plena oficialidade que se recolle, con respecto a outras linguas, no Regulamento do Consello 1/1958.

Por outro lado, só é posible o uso oficial do éuscaro naquelas institucións ou órganos da UE que asinasen o correspondente acordo administrativo co Estado respectivo. En consecuencia, por agora (con data de xullo de 2006) só é posible o uso oficial do éuscaro en relación ao Consello, a Comisión Europea, o Comité das Rexións e o Comité Económico e Social; que son os únicos que, na actualidade, asinaron o citado acordo co Estado.

A Dirección de Asuntos Europeos do Goberno Vasco é o órgano que se encargará de canalizar tanto a petición dos labores de interpretación en éuscaro cando un representante vasco comunique a súa vontade de intervir nesta lingua nunha reunión ou nun pleno, como as comunicacións escritas dos cidadáns en éuscaro e as traducións das normas adoptadas polo procedemento de codecisión. Así mesmo, débese destacar o papel do Servizo Oficial de Tradutores do IVAP en canto aos labores de tradución e certificación.

Hai que sinalar que se habilitou unha páxina en internet (http://w w w .euskadi.net/euskera_ ue) na que, ademais de explicar todo o sistema, se recollen unha serie de advertencias e recomendacións en relación á presentación de comunicacións en éuscaro á UE, un modelo de comunicación e unha lista das normas traducidas ao éuscaro. Así mesmo, abriuse unha dirección de correo electrónico (euskadi-ue@ ej-gv.es) para tramitar as comunicacións escritas.

---

[2] Destacar que no Senado, Cámara de representación territorial das Cortes Xerais, perdeuse unha grande oportunidade de equiparar o uso das linguas cooficiais autonómicas co do castelán. Na reforma do Regulamento do Senado que entrou en vigor o 1 de setembro de 2005, limitouse o uso das linguas cooficiais ás intervencións que se produzan nas sesións da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas.

Por outra parte, no Congreso dos Deputados non se encontra recoñecido o dereito a usar as linguas autonómicas.

1) En materia de linguas rexionais ou minoritarias, nos territorios nos que se falen estas linguas e segundo a situación de cada unha delas, as Partes basearán a súa política, a súa lexislación e a súa práctica nos obxectivos e principios seguintes:
a) o recoñecemento das linguas rexionais ou minoritarias como expresión da riqueza cultural;
b) o respecto da área xeográfica de cada lingua rexional ou minoritaria, actuando de tal sorte que as divisións administrativas xa existentes ou novas no sexan un obstáculo para o fomento desta lingua rexional ou minoritaria;
c) a necesidade dunha acción resolta de fomento das linguas rexionais ou minoritarias, co fin de salvagardalas;
d) a facilitación e/ou o fomento do emprego oral e escrito das linguas rexionais ou minoritarias na vida pública e na vida privada;
e) o mantemento e o desenvolvemento de relacións, nos ámbitos que abarca a presente Carta, entre os grupos que empreguen unha lingua rexional ou minoritaria e outros grupos do mesmo Estado que falen unha lingua utilizada de maneira idéntica ou parecida, así como o establecemento de relacións culturais con outros grupos do Estado que utilicen linguas diferentes;
f) a provisión de formas e medios adecuados para o ensino e o estudo
das linguas rexionais ou minoritarias en todos os niveles apropiados;
g) a provisión de medios que permitan aprender unha lingua rexional ou minoritaria aos non falantes que residan na área na que se emprega esta lingua, se así o desexan;
h) a promoción de estudos e investigación sobre as linguas rexionais ou minoritarias nas universidades ou centros equivalentes;
i) a promoción de formas apropiadas de intercambios transnacionais, nos ámbitos cubertos pola presente Carta, para as linguas rexionais ou minoritarias Utilizadas de maneira idéntica ou semellante en dous ou máis Estados.

- Comentario Xeral da Administración Xeral do Estado.

A Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas consideran que a análise deste punto debe ser completado coa información e comentarios específicos proporcionados para cada un dos artigos da Carta e que se detallan na parte 3ª deste Informe.

- C.A. Catalunya.

A acción de promoción das linguas distintas do castelán e de difusión do seu coñecemento realízase de forma practicamente íntegra por parte dos gobernos das Comunidades Autónomas cunha lingua propia oficial.
Isto é, en parte, lóxico e coherente ao reparto competencial, que lles atribúe precisamente ás Comunidades Autónomas as competencias exclusivas de normalización lingüística nesa lingua.

Non obstante, cremos que ese reparto competencial non exime nin debe xustificar unha inhibición do Estado no que o propio artigo 7.1 denomina como recoñecemento das linguas como expresión de riqueza cultural. Neste sentido, faise necesario iniciar accións de

pedagoxía que eviten connotacións de separación e de enfrontamento entre a lingua maioritaria e as linguas minoritarias, propias e oficiais en determinados territorios, por unha parte, e por outra, realizar xestos que visualicen o convencemento e a convicción propia da Administración do estado de que a súa riqueza lingüística interior debe promocionarse e fomentarse, en lugar de cederlle terreo sempre á lingua maioritaria por ser esta de coñecemento común.

O feito de que as linguas oficiais e propias de distintos territorios do Estado non poidan ser usadas nin tan sequera na Cámara Territorial das Cortes Xerais, o Senado, dá unha idea de como prevaleceu sempre o apoio institucional á lingua maioritaria, deixando exclusivamente nas mans das administracións autónomas o esforzo (de acción e tamén de financiamento) na promoción e a difusión das linguas distintas do castelán.

Nótese, por exemplo, que a publicación oficial do Estado, o Boletín Oficial do Estado (BOE), que por convenio previo coas Comunidades Autónomas competentes, publica as leis e disposicións xerais, non sen un lamentable atraso, nas linguas oficiais distintas do castelán, faino con cargo ás arcas destas administracións autonómicas. En todas as ocasións en que se puxo sobre a mesa a necesidade de que a Administración do Estado asuma o custe da publicación do seu Boletín Oficial en todas as linguas que teñen estatuto de oficialidade no estado denegouse esta pretensión baixo o argumento de que non sería lóxico financiar con recursos do estado linguas que non son oficiais máis ca nunha parte.

O mesmo ocorre coas canles de televisión públicas do Estado: a presenza nelas de linguas diferentes do castelán é, no mellor dos casos, testemuñal, e na maioría deles, inexistente. E iso porque, seguindo o mesmo razoamento ca nos casos anteriores, baixo a xustificación de que existe unha lingua común que poden entender todos os cidadáns, marxínase e agáchase a realidade plurilingüe do Estado.

O mandato que a Constitución Española lle formula ao Estado no seu artigo 3, na nosa opinión, non se pode ter por observado coa simple translación de toda acción e responsabilidade sobre o fomento, a promoción, a difusión e a garantía dos dereitos lingüísticos ás administracións autonómicas, porque tamén o estado, como tal, mantén unhas obrigacións xerais de difusión do coñecemento da pluralidade lingüística que encerra o seu territorio, de respecto aos dereitos lingüísticos dos cidadáns que elixan facer uso desas linguas oficiais distintas do castelán, de promoción dos valores positivos relacionados coa diversidade e a convivencia, facendo pedagoxía nese sentido en lugar de aplicar en todo caso unha interpretación restritiva e uniformista que reduce, de feito, a unha soa lingua a favorecida polo apoio institucional do Estado.

A pesar de que moi recentemente se observan algúns signos de esperanza no recoñecemento por parte do Estado do seu papel, indiscutible e inalienable, a favor das linguas minoritarias (accións para o recoñecemento dun estatuto de pseudo-oficialidade ante a UE, Convenio Marco de Colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Generalitat de Catalunya de 29 de xuño de 2005, que posteriormente se detalla), o certo é que se trata dun camiño que aínda está nos seus inicios e que leva, polo tanto, un atraso preocupante.

Fronte a correntes de opinión que, por motivacións que non cabe agora analizar, pretenden equiparar diversidade con ameaza á cohesión social e diversidade lingüística con ruptura da convivencia, falta unha acción decidida, firme e urxente do estado por facer pedagoxía dos

valores intrínsecos ao pluralismo lingüístico, e iso supón accións, polo menos, nos seguintes ámbitos, que o estado debería emprender de forma inaprazable:

- A equiparación real do estatuto de oficialidade en sede da propia administración do Estado e das súas institucións: Web ministeriais, uso de as linguas minoritarias nas Cortes Xerais, dereito do cidadán a relacionarse con a Administración do estado (central e periférica) na lingua que elixa, e a que se lle responda nela, publicación simultánea do BOE en todas as linguas oficiais, con cargo aos presupostos xerais do Estado, presenza das linguas oficiais minoritarias nos documentos oficiais (pasaporte, por exemplo) e en todos os modelos de impresos oficiais, etc.

- A presenza de linguas distintas do castelán nas canles públicas de televisión, tanto en desconexións como en sistemas de subtitulación da programación xeral. Ademais, sería conveniente alternar esta presenza en desconexión das linguas oficiais distintas do castelán coa introdución destas linguas dentro da programación xeral, para facelas visibles e fomentar o seu coñecemento (por exemplo, en series de produción propia, fomentar a aparición de personaxes que as usen e subtitular os seus diálogos).

- A introdución dentro do sistema de ensino dunhas nocións mínimas de todas as linguas que son oficiais no Estado. Un cidadán que se move dentro destas fronteiras, debe estar capacitado para entender de forma básica os letreiros, ou as cartas dun restaurante, por exemplo, e debe estar capacitado para identificar foneticamente cada lingua e manter unha conversación moi básica. Igualmente, na escolarización, é necesario facer fincapé nos valores asociados á riqueza cultural, ao igual que se fai co resto dos valores cívicos ou éticos.

- Máis alá desta inclusión xeral do acercamento ás distintas linguas minoritarias do estado, debe favorecerse a posibilidade dun estudo máis profundo de calquera delas, como mecanismo de acercamento das diferentes modalidades culturais do país. Actualmente, resulta moito máis accesible o estudo de calquera lingua estranxeira, incluso minoritaria, ca o estudo das linguas minoritarias españolas fóra do territorio respectivo. Debería, pois, preverse a posibilidade de ensino das linguas oficiais minoritarias como terceira lingua no ensino, e aumentar a súa oferta no ámbito universitario. Os lectorados ou os intercambios de estudantes poderían ser mecanismos útiles para este fin.

- A lexislación que emana do Estado e que polo tanto, se aplica a todo o seu territorio, impoñéndose en moitas ocasións á lexislación emanada dos Parlamentos autonómicos, debe evitar a imposición da lingua castelá ás demais linguas oficiais. Neste sentido, é de destacar que a mesma medida debe reclamarse da propia UE, que en gran parte da súa normativa que logo traspón ao estado español se refire exclusivamente ás linguas oficiais da UE, co que condena as linguas minoritarias a seren excluídas (por exemplo, no ámbito do etiquetado, das instrucións de uso, ou incluso dos fondos destinados á formación ocupacional, que exclúe o seu posible destino a sufragar os gastos de formación lingüística.

- A capacidade de influír modificando a realidade económica que teñen as comunidades autónomas en ámbitos tales como o cine ou determinados servizos prestados por poderosas empresas multinacionais domiciliadas socialmente fóra do seu territorio fan que todos os esforzos e recursos que destinan á protección dos dereitos lingüísticos dos seus cidadáns ou á presenza da lingua no seu produto resulten, aínda que moi gravosos para as súas facendas, pouco frutíferos no seu resultado. Faise necesario que unha

maquinaria moito máis potente, como é a do Estado, lidere e coadxuve neste propósito, negociando coas maiores a presenza das linguas distintas do castelán nas estreas cinematográficas, ou impoñendo, con carácter xeral, que as empresas que presten servizos ao público deberán estar en condicións de atender aos usuarios nas linguas oficiais en cada territorio. Doutro modo, os dereitos lingüísticos que pretende defender a comunidade autónoma coa súa lexislación sectorial só poden ser aplicados a aquelas empresas con domicilio social na propia comunidade autónoma. Véxase, como caso paradigmático, o das compañías telefónicas.

En definitiva, trátase de que o Estado asuma un papel activo na promoción das linguas distintas do castelán, en lugar de adoptar unha única lingua como oficial, o castelán. Débese avanzar na cultura de que non son as Comunidades Autónomas as que son plurilingües, e polo tanto deben actuar fomentando e protexendo as súas linguas propias. Tamén o estado é plurilingüe, e como tal debe actuar con iniciativas propias que sirvan de exemplo, visualicen e favorezan o respecto, a protección, a promoción e o recoñecemento das linguas minoritarias, así como de apoio e cooperación coas Comunidades Autónomas neste ámbito. Neste sentido, débese superar a concepción actual de que os custes derivados do uso dunha lingua han ser soportados pola Comunidade Autónoma que a ten recoñecida como propia, porque iso é tanto como negar o que teñen de riqueza cultural para o conxunto do estado.

É de destacar que no ano 2005 se produciu unha primeira actuación neste sentido que merece unha valoración moi positiva. Trátase do Convenio Marco de Colaboración asinado o 29 de xuño de 2005 entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Generalitat de Catalunya para o fomento das linguas oficiais dentro do ámbito de desenvolvemento da sociedade da información, polo que o Ministerio se compromete a financiarlle ata un máximo de 12 millóns de euros á Generalitat de Catalunya para os proxectos técnicos relacionados cos ámbitos seguintes: a Casa das Linguas, a aplicación das novas tecnoloxías nos ámbitos da investigación e a docencia universitarias; a aplicación das novas tecnoloxías aos campos da comunicación audiovisual e o apoio aos programas do Consorcio para a Normalización Lingüística. Este convenio marco complétase cos convenios específicos que especifican as accións que debe realizar en cada un.

Estes fondos permitíronlle á Generalitat de Catalunya abordar, entre outros, os proxectos tecnolóxicos que se corresponden coas disposicións da CELROM neste artigo, tales como:

- Curso de Catalán en Liña: trátase dun proxecto co obxectivo de facilitar o acceso á aprendizaxe da lingua catalá a persoas que queiran seguir un sistema non presencial nun ambiente que lles facilite a relación con outros cidadáns e que, ao mesmo tempo, os acerque a uns referentes culturais propios e específicos da comunidade lingüística catalá. O proxecto consiste, pois, no desenvolvemento dun espazo virtual que permita a difusión dos recursos, as ferramentas e os materiais para a aprendizaxe da lingua e que lles faciliten o traballo a todas aquelas persoas que participen no proceso de ensino- aprendizaxe: alumnos, profesores, titores, elaboradores de materiais didácticos, etc., e, sobre todo, o proxecto persegue o deseño e a elaboración dun curso que incorpore todas as ferramentas que permite Internet.

Os destinatarios básicos do curso serán persoas de procedencias culturais e lingüísticas diversas, que queren aprender a lingua catalá e que poden ter ou non coñecementos previos desta lingua. Este proxecto quere satisfacer a demanda crecente de persoas residentes fóra

da Comunidade Autónoma . A elaboración do curso desenvolverase ao longo do 2006, 2007 e 2008, estando prevista a presentación do nivel 1 no ano 2006, dos niveis 2 e 3 no 2007 e do nivel 4 no 2008. O importe do concurso para a elaboración deste curso é de 4.500.000 euros.

- Tradutores automáticos catalán-castelán-catalán así como catalán-inglés-catalán, que poderán ser usados polas empresas e os cidadáns a través dun servizo gratuíto de tradución ou liña de textos curtos e de páxinas Web. Poderase acceder a este servizo de tradución cos principais navegadores de Internet (Explorer e aplicacións de programario libre, como Mozzilla ou Firefox). Seguirán a estes tradutores automáticos o de catalán-francés-catalán, o de catalán-alemán-catalán e o de catalán-aranés-catalán.

- Corrector ortográfico e gramatical en catalán: trátase de ofrecerlle á cidadanía e ás empresas un corrector ortográfico e gramatical de catalán gratuíto e multiplataforme, é dicir, que funcione coas diversas plataformas (Windows, Linux) e que lle poida dar servizo principalmente aos programas de tratamento de textos más usuais (Word, Open Office, etc.) así como a navegadores de Internet (Explorer, Moziilla) ou clientes de correo electrónico (Outlook, Thunderbird). O corrector non soamente marcará os erros, senón que tamén dará unha explicación sintética e intelixible para usuarios que non teñan un gran coñecemento da gramática catalá, e suxerirá solucións.

Unha consideración á parte merece o punto e) deste artigo 7.1. A dicotomía de denominación legal con que se refiren os estatutos á lingua catalá (chamada catalán polos Estatutos de Autonomía das Comunidades de Catalunya e as Illes Balears, e valenciano polo Estatuto de Autonomía da Comunidade de Valencia) produce non poucas tensións e disfuncións prácticas.

Non obstante, as respectivas academias das linguas catalá e valenciana coinciden en afirmar, xunto co resto da comunidade científica, que non existe dúbida acerca da unidade da lingua desde ese punto de vista.

Conviría, pois, sen prexuízo de respectar o nome con que a Comunidade Valenciana quere referirse a esa lingua, e sen vontade de se inmiscir no seu ámbito de organización interna, eliminar, desde o punto de vista estatal, as duplicidades e as distorsións que iso poida xerar. Na Parte IIO, puntos referidos á aplicación do art. 9 e 10 cítanse exemplos diso.

Neste sentido, aplaudimos a posición adoptada polo executivo estatal con motivo da entrega da tradución ás linguas oficiais do Estado do proxecto de constitución europea, de aclarar que os exemplares correspondentes ás linguas denominadas oficialmente como catalán e valenciano eran idénticos por se tratar dunha mesma identidade lingüística con distintas denominacións nos seus respectivos Estatutos de Autonomía.

- Comentarios Xerais e, en especial, ao Punto 1. e)

1. e) o mantemento e o desenvolvemento de relacións, nos ámbitos que abarca a presente Carta, entre os grupos que empreguen unha lingua rexional ou minoritaria e outros grupos do mesmo Estado que falen unha lingua utilizada de maneira idéntica ou parecida, así como o establecemento de relacións culturais con outros grupos do Estado que utilicen linguas diferentes.

- C.A. Catalunya.

Á parte doutras medidas recollidas noutras partes deste Informe, pódese citar a sinatura o 7 de maio de 2004, dun convenio de colaboración entre os Presidentes das Comunidades Autónomas de Catalunya e Illes Balears, co fin de garantir que os programas e contidos das canles de titularidade da Corporación Catalá de Radiotelevisión (CCRT) se poidan distribuír e difundir en todo o territorio das Illes Balears, comprometéndose o Goberno desta Comunidade a garantir a distribución e difusión dos sinais referidas no seu territorio.

- C.A. Galicia.

Co cambio de Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia en 2005, o departamento de Política Lingüística deixou de ser unha Dirección Xeral dependente da Consellería de Educación, para se constituír como Secretaría Xeral dependente de Presidencia, co fin de facilitar unha actuación transversal de goberno, con capacidade de incidencia no fomento da lingua nas distintas áreas da Xunta de Galicia e, en consecuencia, nas accións dirixidas á sociedade galega.

As competencias sobre o fomento da lingua centralízanse, polo tanto, neste departamento. O labor de desenvolvemento lévase a cabo, non obstante, tamén coas accións específicas das diferentes Consellerías.

O marco que rexe a actuación de Política Lingüística de Galicia vén determinado polo Plan Xeral de Normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 22 de setembro de 2004, que comezou a aplicarse en 2006 (achegamos documento).

PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega é un documento de traballo, dividido en sectores, que establece obxectivos, puntos fortes e débiles e medidas concretas de actuación. A súa aplicación deberase desenvolver nos próximos dez anos.

Política Lingüística presentou, o pasado mes de febreiro, un Programa Operativo para o desenvolvemento do Plan durante 2006 que establece, como obxectivos principais, dotar a Secretaría dunha estrutura que permita ir implementando as medidas do Plan. É prioritario para este ano activar estratexias de implicación de axentes de corresponsabilización social na normalización da lingua galega. Neste sentido, unha das medidas concretas para 2006 é a creación da Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia, integrada por todas as consellerías, e que funcionará mediante comisións de traballo. Desta maneira pretende

conseguirse unha implicación efectiva dos diferentes departamentos da Administración autonómica, tanto no nivel administrativo coma no político. A creación da Comisión está na actualidade en fase de tramitación e ten os seguintes obxectivos:

- poñer en valor os recursos existentes en galego
- establecer a cultura da planificación e da dinamización participativa como claves para a promoción social da lingua galega na Administración
- redefinir a formación en lingua galega
- desenvolver estratexias para facer efectivo o cumprimento da lexislación en materia lingüística
- remover obstáculos que impiden o uso do galego
- definir as directrices e modificacións normativas adecuadas para que a Administración autonómica teña un efecto multiplicador na normalización da lingua galega.

Outra das directrices que se establecen no Programa Operativo para 2006 é a consecución dun grande acordo, chamado Pacto pola Lingua, do que participen as grandes entidades e institucións sociais galegas para corresponsabilizarse co desenvolvemento do Plan. Este mesmo ano iniciáronse os traballos preparatorios para poñer en marcha, en 2007, os seguintes órganos:

a) Consello Social da Lingua Galega, concibido como espazo de diálogo social sobre a normalización do galego.
b) Consorcio para a Promoción da Lingua Galega, do que formarán parte, ademais de Política Lingüística, representantes das administracións locais, para priorizar a Administración pública como factor normalizador da sociedade.

Ademais destas e outras medidas previstas para este ano, destacan as previsións para

- elaborar materiais en lingua galega, utilizando as novas tecnoloxías da información e a comunicación: tradutores, cursos on-line, etc;
- garantir, no ensino regrado, o cumprimento da lexislación, e avanzar na normalización lingüística dos centros de ensino,
- redefinir o modelo da formación de adultos en galego, de acordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas,
- promover un maior uso do galego nos medios de comunicación,
- incrementar e mellorar a proxección exterior da lingua galega, etc.

Ademais das competencias asumidas pola C.A. de Galicia, a implicación dos organismos do Estado é imprescindible para garantir o avance da normalización das linguas de España. Neste sentido, valoramos positivamente a actual implicación do Estado na atención aos dereitos lingüísticos dos cidadáns. Queda aínda un longo percorrido para garantir estes dereitos en ámbitos de competencia da Administración Periférica do Estado e na relación con Europa. Nese sentido podemos sinalar que, concretamente, na Administración de Xustiza e outros organismos estatais de servizo público continúan existindo obstáculos para o fomento do galego neses terreos. Recentemente, aprobouse un plan de saneamento do ente público Radiotelevisión Española que, no relativo, á lingua vai supoñer unha redución drástica das emisións en galego.

En canto ás relacións da Xunta de Galicia con outras comunidades autónomas con lingua propia, cabe destacar o actual protocolo de colaboración subscrito en 2006 con Catalunya, para intercambio de experiencias e información, así como de traballo conxunto en defensa

da pluralidade lingüística en España. Ademais, Goberno Vasco, Generalitat e Xunta constituíron no mes de Xullo de 2006 unha mesa de traballo para elaborar un protocolo marco de colaboración para unir esforzos na promoción das súas linguas.

No que se refire aos medios para o ensino do galego, tamén no contexto de relacións con outras comunidades lingüísticas, existe unha colaboración estable. Existen lectorados de galego en diferentes universidades de España: País Vasco, Catalunya, Murcia, Madrid, Granada, Cáceres e Salamanca. Ademais destes, pódese estudar galego en escolas de idiomas como a de Madrid, por exemplo, e en casas de Galicia, a través da organización da Consellería de Emigración da Xunta de Galicia. Grazas aos acordos subscritos co instituto Cervantes, organízanse tamén cursos de galego nas súas sedes. No ensino secundario, os centros de bacharelato de Catalunya integrados no proxecto Galauda, ofrécenlles a materia optativa de lingua galega aos seus alumnos como parte do seu currículo académico.

Dentro dun marco de convenio coa Xunta de Castilla y León, parte dos centros educativos desta comunidade situados nun ámbito galegofalante ofrecen a posibilidade de cursar estudos en galego e de galego na súa traxectoria escolar. Esta posibilidade non puido ser acordada non obstante na área máis occidental, galegofalante, da Comunidade Autónoma do Principado de Asturias.

Dentro do propio territorio galego, iniciáronse novos proxectos, que afectan tanto ao ensino obrigatorio como ao ensino de adultos. En infantil e primaria tal como detallamos en puntos posteriores centrados na educación- desde este ano 2006 os centros escolares ofrecen novas posibilidades e escolarización en lingua galega (ver capítulo de Educación).

No ensino de adultos, a Secretaría Xeral de Política Lingüística ofrece cursos de lingua galega para adultos que desexan aprender o idioma (ver punto referente á formación de adultos). Integrados en ALTE, o novo sistema de niveis e certificación comezará a aplicarse progresivamente en 2007, conforme ao marco común europeo de referencia para a aprendizaxe das linguas.

En canto á promoción de estudos e investigación sobre a lingua galega nas universidades, todas as universidades de Galicia desenvolven investigación neste ámbito. A de Santiago dispón ademais dun centro específico, o Instituto da Lingua Galega (ILG), que asume un importante labor de estudo do idioma. Tamén en 40 universidades de todo o mundo existen os denominados Centros de Estudos Galegos, que permiten un acercamento á lingua e á cultura galega e nos cales se realizaron valiosos estudos sobre o galego, tamén en relación con outras linguas. Grazas aos convenios subscritos con outras entidades, como o Instituto Cervantes, tamén é posible a aprendizaxe da lingua galega nas súas sedes no exterior.

A proximidade xeográfica, cultural e lingüística de Galicia e Portugal motiva a creación de proxectos para promover un maior coñecemento mutuo. Proxectos culturais para a xuventude, como o proxecto Ponte nas Ondas (con emisións radiofónicas en bilingüe portugués-galego) ou o proxecto Encontro de Culturas, entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e a Delegación do Norte do Ministerio de Cultura portugués, no programa Interreg III, son algunhas experiencias de intercambio transnacional que contribúen a promover ambas as linguas e as culturas.

- C. Valenciana.

Aínda que o custe desta actividade é de pequena contía (1.980 €), consígnanse neste Informe os cursos de valenciano celebrados en Yecla (Rexión de Murcia), polo que supoñen de colaboración —transfronteiriza“. Como consecuencia da petición do Concello de Yecla, organizouse un curso de valenciano nesa localidade murciana. Hai que ter presente que Yecla, xunto a Jumilla e Favanella, son tres municipios da Rexión de Murcia que forman parte da comarca do Carche, na que existen varios núcleos de poboación historicamente valencianoparlantes.

A realización destes cursos constitúe un exemplo de colaboración entre a Comunidade Valenciana e a Rexión de Murcia para facer presente o valenciano nos municipios que teñen minorías valencianoparlantes.

A calidade do equipo docente proporcionado pola Academia Valenciana da Lingua mereceu a cualificación de moi boa (86%) e boa (14%). Tamén está prevista a realización dun exemplar extraordinario da colección —Toponímia dels Pobles Valencians“, destinado a recoller a toponimia valenciana dos tres municipios murcianos que integran a comarca do Carche.

- C.F. Navarra.

O Departamento de Educación do Goberno de Navarra articula a súa cooperación co Goberno Vasco, sen menoscabo das propias competencias, sobre aqueles aspectos concretos nos que ambas as administracións presentan intereses e liñas de actuación coincidentes, sempre que todo iso estea guiado polo respecto á situación política e administrativa de cada Comunidade.

Os contactos co citado Goberno de diferentes órganos deste Departamento sobre temas específicos son frecuentes e entre eles podemos citar o intercambio de materiais de ensino tanto de idiomas estranxeiros e lingua vasca como doutras materias, a colaboración na pilotaxe e aplicación de probas de avaliación en lingua vasca ou a participación de profesores e técnicos en cursos de formación ou grupos de traballo.

Un exemplo esclarecedor desta colaboración é a xestión do Titulo de Aptitude no Coñecemento de Éuscaro (EGA).

Antes de que existisen organismos oficiais con competencias, desde 1976, a Real Academia da Lingua Vasca (Euskaltzaindia) expedía un Título que acreditaba o coñecemento de éuscaro.

No ano 1985 a Real Academia cesou nesta actividade en Navarra e solicitoulle ao Goberno Foral que tomase ao seu cargo a expedición na Comunidade Foral de Navarra do titulo que certifica o coñecemento de Éuscaro. Así o acordara anteriormente co Goberno Vasco que, para o seu ámbito de xestión, tamén expendía un certificado de coñecemento de Éuscaro. En todo caso, na reunión celebrada en 1986, ambas as Administracións acordaron establecer a homologación total dos seus títulos, que se mantén e foi actualizada mediante as necesarias Orde Foral no caso de Navarra e Decreto do Goberno Vasco.

Para garantir a equivalencia dos niveis certificados, tanto o persoal técnico como as Comisións Oficiais que organizan os exames EGA de ambas as Administracións, manteñen reunións e contactos periódicos de coordinación nos que se analizan a estrutura, formato e criterios de corrección das probas. Tamén a publicación bianual dos exames e respostas que edita cada administración se distribúe en anos alternativos.

As comisións oficiais forman parte da estrutura dos Servizos de Éuscaro das dúas Administracións. Os Directores dos Servizos respectivos asisten anualmente ao peche dalgunha reunión para coñecer os resultados da coordinación e garantir así a súa aplicación e continuidade.

Esta colaboración, en orde a garantir que o nivel de ambos os Títulos sexa equivalente entre si e certificar o nivel C1 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas, estendeuse neste último ano, a partir do 2005, ao desenvolvemento dos contactos e instrumentos necesarios para que o Goberno de Navarra obteña o estatus de observador na Association of Language Testers in Europe (ALTE), da que xa é membro o Goberno Vasco.

- C.A. Illes Balears.

Á parte doutras medidas reflectidas noutras partes deste Informe, pódese citar a firma o 7 de maio de 2004, dun convenio de colaboración entre os Presidentes das Comunidades Autónomas de Illes Balears e Catalunya, co fin de garantir que os programas e contidos das canles de titularidade da Corporación Catalá de Radiotelevisión (CCRT) se poidan distribuír e difundir en todo o territorio das Illes Balears, comprometéndose o Goberno desta Comunidade a garantir a distribución e difusión dos sinais referidos no seu territorio.

2. As Partes comprométense a eliminar, se aínda non o fixeron, toda distinción, exclusión, restrición ou preferencia inxustificadas con respecto á utilización dunha lingua rexional ou minoritaria co obxectivo de desalentar ou poñer en perigo o mantemento ou o desenvolvemento da mesma. A adopción de medidas especiais en favor das linguas rexionais ou minoritarias, destinadas a promover unha igualdade entre os falantes destas linguas e o resto da poboación e orientadas a ter en conta as súas situacións peculiares, non se considerará un acto de discriminación cos falantes das linguas máis estendidas.

- C.A. Catalunya.

Como medidas de apoio e incentivo económico ao fomento da lingua catalá aplicadas pola Generalitat de Catalunya destacamos as seguintes:

- Convocatoria de subvención para promover os usos interpersoais da lingua catalá.

Ata o ano 2005 a Secretaría de Política Lingüística publicaba tres convocatorias de subvención dirixidas a entidades sen finalidade de lucro, unha para o mantemento dos servizos lingüísticos de grandes organizacións, outra para a organización de cursos de catalán e, finalmente, outra para actividades puntuais de dinamización lingüística. No ano 2005 considerouse prioritario fomentar os usos interpersoais da lingua catalá e agrupáronse

as tres nunha única convocatoria cunha dotación orzamentaria inicial para ese ano 2005 de 700.000 euros, que se viu incrementada ata alcanzar un total de 794.087,44 euros.

- Desgravacións fiscais.

Continuouse aplicando a desgravación fiscal para donativos ás fundacións e asociacións inscritas no censo de entidades sen finalidade de lucro dedicadas ao fomento da lingua catalá, de acordo coa previsión que fai o artigo 1 da Lei 21/2001, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, publicada o 31 de decembro. A Lei fixa a dedución no 15% das cantidades doadas, co límite máximo do 10% da cota íntegra autonómica. Esta actuación supón un apoio ás numerosas organizacións non gobernamentais que teñen como obxectivo a defensa do uso da lingua catalá.

- Campaña de sensibilización.

Cabe destacar tamén a actuación levada a cabo pola Generalitat de Catalunya en materia de sensibilización e promoción do uso do catalán mediante unha campaña específica de sensibilización de toda a sociedade catalá en favor do uso do catalán, baixo o lema “Dóna corda al català“ (“Dálle corda ao catalán“) realizada en 2005. A través de mensaxes e actuacións publicitarias na rúa, nos medios de comunicación e en actividades festivas por todo o territorio, esta campaña quere animar e mobilizar os catalanfalantes para utilizar o idioma desde unha perspectiva e enfoque diferentes, innovadores, positivos e modernos. A campaña tamén quere animar aos non catalanfalantes a aprender e usar o catalán. Para máis información sobre esta campaña, pódese consultar http://www6.gencat.net/llengcat/corda.

- Plans de acollida lingüística.

No mesmo ano 2005 a Generalitat de Catalunya, en colaboración cos concellos respectivos, levou á práctica plans piloto para o impulso do coñecemento e o uso da lingua catalá. Estes plans establecen un conxunto de directrices e de medidas políticas e económicas que desde a Secretaría de Política Lingüística e o Consorcio para a Normalización Lingüística se levaron a cabo en 7 municipios de demografía media-alta coa finalidade de conseguir que a lingua catalá poida ser a lingua vehicular de todas as persoas que viven en Catalunya. As actividades relacionadas con estes plans piloto inciden especialmente na poboación inmigrante recente, de maneira que esta coñeza Catalunya e a lingua catalá. A Generalitat de Catalunya, a través do Consorcio para a Normalización Lingüística, ofrece masivamente cursos de catalán para a poboación e especialmente os inmigrantes. No marco dos plans piloto, nos municipios onde se levaron a cabo estes plans, ofrecéronselle aos inmigrantes que reciben clases de catalán actividades sobre coñecementos culturais e do lugar.

Igualmente, desde a Generalitat de Catalunya impúlsanse medidas de acollida lingüística para a poboación inmigrada dese áreas como a asistencia social ou a educación. Así, no primeiro ámbito, o departamento de Benestar Social e Familia outórgalles subvencións a proxectos municipais para ofrecer cursos de iniciación ao catalán (a través do Consorcio para a Normalización Lingüística) , distribuíndo fondos finalistas previamente recibidos do Estado, ata un importe de 1.648.968,76 euros Pola súa parte, o departamento de educación da Generalitat tamén inviste numerosos recursos materiais e persoais para aulas de acollida, que soamente no ano 2005 se organizaron nun número de 603, acollendo 7.837 alumnos de primaria e 4.410 de secundaria.

- O programa Voluntaris per a Llengua (Voluntarios pola Lingua).

Outra iniciativa destinada a facilitar a aprendizaxe e o uso do catalán é o voluntariado lingüístico, promovido pola Generalitat de Catalunya e o Consorcio para a Normalización Lingüística, coa colaboración de entidades non gobernamentais. O programa de voluntariado lingüístico consiste en pedirlle á poboación catalanfalante que se ofreza para conversar en catalán con persoas que o queren aprender. As entidades colaboradoras nesta actividade forman parellas lingüísticas entre unha persoa catalanfalante e unha persoa aprendiz. O programa de parellas lingüísticas móstrase como un recurso de moita utilidade para ampliar redes sociais, para fomentar a relación entre a poboación inmigrante e a autóctona. Todas estas actuacións favorecen a aprendizaxe e o uso social do catalán, eliminan posibles prexuízos contra a lingua catalá, favorecen a integración da poboación inmigrante e, polo tanto, a cohesión social en Catalunya.

- Centro de acollida lingüística.

No centro neurálxico de Barcelona, a Praza de Catalunya, estableceuse en setembro de 2005 un punto de atención ao público que permanece aberto todos os días laborables desde a 9 ata as 21 h., ininterrompidamente, e os sábados de 9 a 14 h. Este centro ofrece cursos gratuítos de nivel inicial á poboación que acaba de chegar cun alto grao de inmediatez (non existen períodos de matriculación preestablecidos, senón que a matrícula permanece aberta durante todo o ano, e o curso iníciase nun prazo igual ou inferior a unha semana despois de formalizar a matrícula) e de flexibilidade (os cursos adáptanse ás preferencias e posibilidades do alumno, que pode elixir entre opcións intensivas ou dunha hora semanal). Neste centro inscribíronse 140 alumnos como media semanal, e permitiu aumentar nun 35% a oferta de cursos de primeiro nivel de catalán en relación co 2005.

- As Oficinas de Garantías Lingüísticas.

Finalmente, destacamos entre as medidas levadas a cabo pola Generalitat de Catalunya en aplicación do artigo 7.2 da CELROM, a creación das Oficinas de Garantías Lingüísticas (OGL), o 9 de febreiro de 2005, co obxectivo principal de atender as persoas que queren formular consultas, queixas ou denuncias en torno ao dereito de vivir en catalán, e en aranés no Val de Aran. As OGL están situadas en Barcelona, Lleida, Girona, Tarragona e Tortosa e teñen uns obxectivos concretos:

-Atenden as persoas que queren formular consultas, queixas ou denuncias en torno ao uso da lingua catalá.
-Tramitan as queixas e denuncias para que, se procede, os organismos competentes inicien o procedemento de inspección.
-Ofrecen asesoramento e recursos ás empresas ou entidades obxecto de queixa ou denuncia por facilitarlles o uso do catalán, en colaboración cos centros do Consorcio para a Normalización Lingüística.
-Formulan propostas de actuación para favorecer o uso do catalán nos ámbitos que xeran máis queixas ou consultas.
-Colaboran cos organismos da Administración da Generalitat de Catalunya competentes en materia de protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e en xeral cos departamentos da Administración da Generalitat de Catalunya na aplicación da normativa lingüística no seu ámbito.

As peticións de información e tamén as denuncias ou queixas sobre o dereito de vivir en catalán, poden chegar ás OGL polas vías seguintes:

- Persoalmente, ás sedes das Oficinas
- Por correo postal
- Por correo electrónico
- Desde a Web da lingua catalá, http://www.gencat.net/presidencia/llengcat
- Por teléfono: teléfonos das Oficinas e teléfono de atención cidadá 012
- Por fax

Desde a súa creación, en febreiro de 2005, ata finais dese ano, as Oficinas de Garantías Lingüísticas atenderon 2.134 peticións, a maioría das cales foron queixas e denuncias sobre o ámbito privado e empresarial.

A estas actuacións pódense engadir todas aquelas que, por estaren directamente relacionadas cos ámbitos aos que se refire a parte III da Carta, se especifican nos puntos do artigo respectivo.

- C. Valenciana.

Polo que se refire a disposicións que prohiban, limiten ou desalenten o emprego do valenciano dentro das actividades económicas ou sociais, cabe destacar que non existe ningunha disposición normativa, no ámbito da Comunidade Valenciana, que limite o uso do valenciano.

Ao contrario, a Lei de Uso e Ensino do Valenciano nos seus artigos 2, 3, 4, 5 e 17 establece que ningún cidadán da Comunidade Valenciana poderá ser discriminado por utilizar o valenciano nas súas relacións tanto públicas como privadas e incluso teñen dereito a desenvolver en valenciano as súas actividades profesionais, mercantís, laborais, sindicais, relixiosas, recreativas e artísticas.

- C.A. Illes Balears.

Como medidas de apoio e incentivo económica ao fomento da lingua catalá aplicadas polo Goberno das Illes Balears destacamos as seguintes:

Coa finalidade de que todos os cidadáns das Illes Balears poidan adquirir coñecementos suficientes de lingua catalá para poder utilizala con normalidade, lévanse a cabo diversas accións de difusión do coñecemento da lingua catalá (cursos de catalán e outras accións relacionadas coa difusión do coñecemento do catalán) e continúase a actividade sobre avaliación e certificación de coñecementos de catalán.
A Dirección Xeral de Política Lingüística, a través da Área de Avaliación, encárgase da expedición de certificados oficiais de lingua catalá á poboación adulta. Estes certificados, dado o seu carácter oficial, permítenlle ás persoas que os obteñen a posibilidade de optar

con total garantía aos postos de traballo que ofrecen as diversas administracións e tamén ás empresas privadas que soliciten aos seus traballadores coñecementos de lingua catalá.

O ámbito da Administración é, con diferenza, o principal receptor dos certificados de coñecementos de lingua catalá. Todas as administracións públicas ditaron normativa neste sentido.

A organización das probas dos certificados A, B, C, D e E é a función principal da Área de Avaliación e Certificación de Coñecementos de Catalán. Hai que facer constar que a participación nestas probas é moi numeroso: desde o ano 2003 a media de persoas inscritas en cada convocatoria supera as 7000 persoas.

CONVOCATORIA DE XUÑO DE 2003

	Inscritos	Presentados	%	Aptos	%
A	1145	773	67,51	532	68,82
B	3424	2125	62,06	1073	50,49
C	3635	1897	52,19	806	42,49
D	658	311	47,26	55	17,68
E	106	58	54,72	12	20,69
TOTAL	8968	5164	57,58	2478	47,99

CONVOCATORIA DE XANEIRO DE 2004

	Inscritos	Presentados	%	Aptos	%
A	808	502	62,13	365	72,71
B	2490	1558	62,57	717	46,02
C	2532	1220	48,18	340	27,87
D	593	267	45,03	23	8,61
E	101	74	73,27	23	31,08
TOTAL	6524	3621	55,50	1468	40,54

CONVOCATORIA DE XANEIRO DE 2005

	Inscritos	Presentados	%	Aptos	%
A	1041	68 5	65,8 0	410	59,8 5
B	28 58	1904	66,62	8 18	42,96
C	2453	1297	52,8 7	349	26,90
D	492	214	43,49	49	22,8 9
E	18 3	92	50,27	3	3,26
TOTAL	7027	4192	55,81	1629	31,17

CONVOCATORIA DE XUÑO DE 2005

	Inscritos	Presentados	%	Aptos	%
A	1223	7 90	64,60	518	65,57
B	327 0	2210	67 ,58	590	26,7 0
C	3065	17 06	55,66	458	26,8 5
D	58 1	255	43,8 9	30	11,7 6
E	318	17 7	55,66	23	12,99
TOTAL	8457	5138	57,48	1619	28,77

CONVOCATORIA DE XANEIRO DE 2006

	Inscritos	Presentados	%	Aptos	%
B	27 8 5	17 91	64,31	690	38 ,53
C	2498	1365	54,64	534	39,12
D	418	205	49,04	20	9,7 6
E	229	128	55,90	24	18 ,7 5
TOTAL	5930	3489	58,83	1268	26,54

CONVOCATORIA DE MARZO DE 2006

	Inscritos	Presentados	%	Aptos	%
A	1259	1034	8 2,13	7 25	7 0,12

CONVOCATORIA DE XUÑO DE 2006

	Inscritos	Presentados	%	Aptos	%
A	1064	7 40	69,55	397	53,65
B	28 15	1954	69,41	408	20,8 8
C	2223	1413	63,56	445	31,49
D	331	205	61,93	18	8 ,7 8
E	310	198	63,8 7	53	26,7 7
TOTAL	6743	4510	65,66	1321	28,31

Expedíronse, desde xuño de 2003 ata o de agora, un total de 10508, distribuídos da maneira seguinte:

Certificado	A	B	C	D	E	Total
Xuño de 2003	532	1073	806	55	12	2478
Xaneiro de	365	717	340	23	23	1468
Xaneiro de	410	818	349	49	3	1629
Xuño de 2005	518	590	458	30	23	1619
Xaneiro de	—	690	534	20	24	1268
Marzo de 2006	725	—	—	—	—	725
Xuño de 2006	397	408	445	18	53	1321
Total	2947	4296	2932	195	138	10508

Outra función importante é a competencia para informar sobre as equivalencias dos diferentes certificados e diplomas que acreditan coñecementos de lingua catalá expedidos por outros organismos e os certificados da Dirección Xeral de Política Lingüística. A lista de títulos que as administracións públicas poderían dar por válidos ou non é tan extensa que se necesita que un órgano intermedio distinga cales poden ser equivalentes aos certificados oficiais e cales non. Desta maneira as diferentes administracións evitan este traballo comparativo, que non é da súa competencia, e sérvense das resolucións de equivalencia ditadas pola Consellería de Educación e Cultura.

O abano de equivalencias, como mencionamos, é tan amplo que boa parte están reguladas mediante ordes do conselleiro de Educación e Cultura.[4] Ata finais de 2004, cando un administrado dispoñía dun título, certificado ou diploma non recollido na normativa, interviña a Xunta Avaliadora de Catalán e acordaba ou non a equivalencia da titulación presentada cos certificados de catalán que expedía. A partir da aprobación do Decreto 80/2004, de 10 de setembro, sobre avaliación e certificación de coñecementos de catalán, a Comisión Consultiva de Avaliación de Catalán é o órgano que ten a función de emitir informe sobre as solicitudes de equivalencia presentadas á Dirección Xeral de Política Lingüística excepto as reguladas mediante orde do conselleiro de Educación e Cultura.

A Comisión Consultiva de Avaliación do Catalán (CCAC) constituíuse o 22 de marzo de 2005. Na sesión constitutiva decidiuse crear unha Comisión de Equivalencias,

[4]As principais ordes de equivalencias son:

Orde do conselleiro de Educación e Cultura do día 16 de febreiro de 2000, pola que se determinan os títulos, certificados ou diplomas que garanten os coñecementos comprendidos nos certificados da Xunta Avaliadora de Catalán (BOIB núm. 23, de 22 de febreiro).

Orde do conselleiro de Educación e Cultura do día 17 de febreiro de 2000, pola que se fixan as titulacións necesarias para a ensinanza de e en lingua catalá nos centros docentes das Illes Balears e se determinan as equivalencias e revalidacións en materia de reciclaxe de lingua catalá para o profesorado non universitario (BOIB núm. 23, de 22 de febreiro).

Orde do conselleiro de Educación e Cultura do día 9 de xuño de 2000, pola que se amplía a Orde do día 16 de febreiro de 2000, pola cal se determinan os títulos, certificados ou diplomas que garanten os coñecementos comprendidos nos certificados da Xunta Avaliadora de Catalán (BOIB núm. 80, do 29 de xuño de 2000)

Orde do conselleiro de Educación e Cultura do 14 de maio de 2002, pola que se regula a homologación dos estudos de lingua catalá da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato cos certificados da Xunta Avaliadora de Catalán (BOIB núm. 64, do 28 de maio de 2002)

Orde do conselleiro de Educación e Cultura do día 17 de outubro de 2003, pola que se amplía a Orde do día 16 de febreiro de 2000, pola que se determinan os títulos, certificados ou diplomas que garanten os coñecementos comprendidos nos certificados da Xunta Avaliadora de Catalán (BOIB núm. 149, do 28 de novembro de 2003).

Decreto 86/2005, do 29 de xullo, polo que se regula a homologación dos estudos de lingua catalá da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato cos certificados da Dirección Xeral de Política Lingüística (BOIB núm. 117, do 6 de agosto de 2005).

encargada de informar sobre as solicitudes de equivalencias dirixidas á Dirección Xeral de Política Lingüística.

Na área de Avaliación e Acreditación de Coñecementos de Catalán tramitáronse os expedientes de solicitude de equivalencia cos certificados da Dirección Xeral de Política Lingüística seguintes:

	2002	2003	2004	2005	2006
Oficios de equivalencia co certificado A	2	3	2	7	1
Resolucións de equivalencia co certificado A estimadas	0	0	0	4	1
Oficios de equivalencia co certificado B	6	12	15	20	2
Resolucións de equivalencia co certificado B estimadas	44	39	59	45	18
Oficios de equivalencia co certificado C	27	66	107	124	14
Resolucións de equivalencia co certificado C estimadas	155	120	131	137	113
Oficios de equivalencia co certificado D estimadas	10	9	13	29	23
Resolucións de equivalencia co certificado D estimadas	29	30	41	35	22
Resolucións de equivalencia co certificado E estimadas	3	0	0	6	0
Solicitudes desestimadas por titulación superior	3	4	0	0	0
Outras solicitudes desestimadas	19	22	43	18	18
Solicitudes desistidas	2	13	15	4	0
Outras	0	14	4	7	20
Total	2302	2335	2434	2441	2238

Ademais da avaliación nas convocatorias oficiais da Dirección Xeral de Política Lingüística, participase en probas de lingua catalá na Administración autonómica, a Administración local e outras institucións.

- Administración autonómica: un representante da Dirección Xeral de Política Lingüística forma parte das comisións técnicas que se constitúen para avaliar as probas de catalán que se convocan antes das oposicións, cando se crean bolsas e nos concursos de traslados. Estas probas, que son eliminatorias, representan unha última oportunidade para acreditar os coñecementos de catalán esixidos como requisito.

- Administración local: os concellos e as mancomunidades das Illes Balears solicitan a axuda da Dirección Xeral de Política Lingüística na elaboración e avaliación da proba de catalán previa a diferentes procedementos de selección de persoal.

- Outras institucións: diferentes institucións (Instituto Balear de Deseño, Sindicatura de Contas, IBANAT, etc.) das Illes Balears solicitan tamén a colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística para levar a cabo probas previas aos procesos de selección de persoal.
Así mesmo, prevíronse accións específicas dirixidas á poboación de incorporación recente, tanto de orixe comunitaria como extracomunitaria, coa fin de que o proceso de acercamento e integración na realidade lingüística e cultural das Illes Balears sexa máis sinxelo.

Destínanse recursos para incrementar a presenza da lingua catalá na vida cotiá dos cidadáns: cine, novas tecnoloxías (Internet, programas informáticos, etc.) e doutros ámbitos.

Tamén co obxectivo de difundir o uso social da lingua catalá, mantéñense as accións de dinamización lingüística no sector das relacións laborais e no da xuventude e o lecer, e foméntanse os hábitos favorables á normalización lingüística mediante actividades de reforzo do prestixio social de usar o catalán.

Por outra parte, destínanse recursos á participación dos expositores e estands nas feiras lingüísticas, co obxectivo de favorecer a proxección exterior da lingua catalá e da cultura na que se expresa, en especial literaria, en todas as súas modalidades, materias e medios de expresión, así como a súa aprendizaxe fóra do dominio lingüístico, respectando as contribucións de todas as terras que a comparten.

Destínanse tamén recursos ao Consorcio para o Fomento do Uso da Lingua Catalá e a Proxección Exterior da Cultura das Illes Balears para que se poidan desenvolver os obxectivos propios deste ente asociativo integrado polo Goberno das Illes Balears, a Universitat de Illes Balears e os consellos insulares de Mallorca, de Menorca e de Eivissa e Formentera.

Mantéñense, ademais, os gabinetes de Terminoloxía –creado o 1991–, Onomástica (Toponimia e Antroponimia) –creado o 1995– e Didáctica das Linguas –creado o 2006–, tres áreas que dependen do Servizo Lingüístico da Universitat de Illes Balears e que se dedican á difusión da terminoloxía, a toponimia e a antroponimia; o material básico para a aprendizaxe da lingua catalá; a resolución de consultas puntuais e o asesoramento terminolóxico e onomástico; a didáctica da lingua; a organización de actividades de investigación terminolóxica e onomástica, e a colaboración no deseño de cursos de lingua específicos para profesionais de diversos sectores e publicacións;

De 2006 a 2008 o Goberno das Illes Balears, a través da Consellería de Educación e Cultura prevé destinar a estes tres gabinetes 297.495 euros, repartidos en tres anualidades de 99.165 € o que supón un incremento dun 5% respecto do convenio de mantemento anterior.


Gabinete de Terminoloxía
Euros
35000
30000
25000
20000
15000
10000
5000
0
2000 2001 2002 2003 2004 2005 2006 2007 2008
Ano


Gabinete de Onomástica (Toponimia e Antroponimia)
Euros
35000
30000
25000
20000
15000
10000
5000
0
2000 2001 2002 2003 2004 2005 2006 2007 2008
Ano


Gabinete de Didáctica das Linguas
Euros
35000
30000
25000
20000
15000
10000
5000
0
33055
33055
33055
2006
2007
2008
Ano

Así mesmo o Goberno das Illes Balears colabora coa Universitat das Illes Balears no mantemento da Cátedra Alcover-Moll-Villangómez, que ten como misión abrir liñas de investigación arredor da cultura, a lingua e a creación literaria nas Illes Balears, a Cátedra Ramon Llull, dedicada ao estudo de temas lulianos.

No ano 2002 iniciouse un convenio co Institut d'Estudis Catalans para a realización do Atlas lingüístico do dominio catalán, de carácter plurianual.

Así mesmo, ábrense diversas convocatorias de subvencións para incentivar aspectos da utilización do catalán (intercambios escolares entre centros de fala catalá, bolsas de formación, cine en catalán, etc.).

3. As Partes comprométense a fomentar, por medio de medidas apropiadas, a comprensión mutua entre todos os grupos lingüísticos do país, actuando concretamente de sorte que o respecto, a comprensión e a tolerancia cara ás linguas rexionais o minoritarias figuren entre os obxectivos da educación e da formación impartida no país, e estimulando os medios de comunicación social para perseguir o mesmo obxectivo.

- Comentarios Xerais da Administración Xeral do Estado.

Tal como se indica nos comentarios formulados respecto do artigo 8, sobre a educación, neste Informe, a finalidade deste parágrafo da Carta introduciuse no ordenamento xurídico español con motivo do cambio político gobernamental producido en 2004, tras o que se elaborou e aprobou unha nova normativa en materia de educación, que é a establecida na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación.

En relación con este parágrafo, o artigo 2 desta Lei enumera os fins que persegue o sistema educativo español, indicando que se orientará, entre outros, á consecución dos seguintes fins:

g) A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
h) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
i) A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
j) A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, se a houbese, e nunha o máis linguas estranxeiras.

- C.A. Catalunya.

A utilización da lingua como elemento de confrontación social foi un elemento que non sendo novo (e neste sentido cabe recordar que xa mereceu comentario ao respecto no informe do comité de 29-IX-2005) caracterizou o trienio obxecto deste informe na medida en que adquiriu unha notable presenza en determinados medios de comunicación social.

Producíronse auténticas campañas promovidas por movementos cidadáns (nalgúns casos, claramente vinculados a opcións políticas) contrarios ás medidas de fomento e difusión da lingua catalá, en base a unha pretendida discriminación da lingua e dos falantes da lingua castelá.

As medidas de pedagoxía e de difusión dos valores cívicos asociados á diversidade lingüística ás que se fai referencia no punto dedicado á aplicación do artigo 7.1 deveñen urxentes e irrenunciables por parte do Estado. Neste sentido, resulta moito máis eficaz a difusión de mensaxes positivas relacionadas coa riqueza cultural feitos a través do sistema de ensino, de debates difundidos a través das canles de televisión ou incluso de padróns de diversidade incluídos en series de produción propia dos medios de comunicación públicos do

Estado, ca desmentidos oficiais realizados desde a administración pública catalá, ou incluso a do Estado.

- C.A. Galicia.

Como marco de comunicación das medidas adoptadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, e co fin de favorecer un estado de opinión favorable e positivo na promoción da lingua galega, que permita a mellor convivencia lingüística con garantías dos dereitos lingüísticos das persoas, a Xunta de Galicia xestiona en 2006 unha gran campaña de sensibilización social, pendente de adxudicación no momento da redacción deste informe.

Co fin de favorecer a acollida de persoas inmigrantes no territorio lingüístico, e de facilitar a súa integración ofrecéndolles ferramentas para a aprendizaxe da lingua propia e maioritaria, así como nocións básicas da cultura galega, introduciuse en 2006 unha convocatoria de cursos de galego oral, dirixidos a persoas sen coñecemento ningún da lingua galega. Diversos Concellos de Galicia, no programa de cursos subvencionados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, ofrecen cursos de galego específicos para inmigrantes.

Consideramos importante neste sentido, que as medidas adoptadas polos poderes públicos de Galicia se poidan executar nun ambiente global de apoio e valoración do feito plural das linguas, tanto no territorio do Estado, como desde a propia administración europea, para que a mensaxe positiva da diversidade cultural e lingüística se perciba como unha aposta compartida e de conxunto.

- C.F. Navarra.

No que se refire á comprensión e tolerancia cara ás linguas rexionais como obxectivos da educación no modelo educativo en castelán (Modelo G), hai varios exemplos de como o Departamento de Educación do Goberno de Navarra procura alcanzar estes obxectivos así como fomentar a comprensión e a coexistencia lingüística entre os falantes das dúas linguas propias de Navarra. Tamén se promoven e organizan programas e actividades de reforzo lingüístico para que os alumnos escolarizados nos modelos D, B e A desenvolvan de maneira óptima as capacidades lingüísticas, tanto as requiridas no currículo escolar como os rexistros espontáneos que poden resultar artificiais no marco escolar e na relación concreta profesor-alumno, así como impulsar a elaboración e tradución de materiais didácticos para o ensino do e en éuscaro.

- O currículo da materia de Lingua Castelá, que se imparte en todos os modelos, así como os libros de texto que para iso se utilizan en todas as etapas educativas, inclúen entre os seus contidos o coñecemento das diferentes linguas que se falan en España, a súa difusión, evolución, falantes e algúns contidos socio-culturais, precisamente para favorecer ese coñecemento mutuo.

- Na área de Lingua Vasca, e no marco lexislativo e competencial de Navarra publicáronse sucesivos Decretos forais que estableceron os currículos das diferentes etapas e áreas do sistema educativo foral. O proxecto curricular das áreas lingüísticas é tamén diferente. No Decreto de Educación Primaria márcase un currículo único e integrado para castelán e éuscaro indiferenciado para os modelos D e A. En ESO e Bacharelato, diferéncianse os currículos das linguas e existe un currículo diferente para Lingua Castelá e cada un dos Modelos A e D, aínda que na ESO os obxectivos da área de Lingua Vasca séguense presentando iguais para os dous modelos. Non obstante, e aínda que cada un

deles ten unhas especificidades propias, como un elemento común aparece o de “coñecer e valorar a realidade plurilingüe e pluricultural de España e considerar as diferentes situacións que presentan as linguas en contacto“.

4. Ao definir a súa política con respecto ás linguas rexionais o minoritarias, as partes comprométense a ter en consideración as necesidades e os desexos expresados polos grupos que empreguen estas linguas. Invitaranas a crear, se fose necesario, órganos encargados de asesorar as autoridades acerca de todas as cuestións que se refiran ás linguas rexionais o minoritarias.

- C.A. Catalunya.

O Goberno da Generalitat creou mediante un Decreto de 1991 o Consello Social da Lingua Catalá como órgano de asesoramento, consulta e participación social na política lingüística da Generalitat de Catalunya. O Consello quere facer partícipes da política lingüística do Goberno entidades representativas da sociedade catalá ou organismos gobernamentais ou non que traballan en ámbitos decisivos respecto á lingua, ou directamente en aspectos relacionados coa lingua catalá.

Precisamente co fin de que este organismo puidese responder mellor ao seu obxectivo de ser unha canle estable de participación e implicación social na política lingüística da Generalitat, e dado que desde 1991 ata agora tanto a sociedade catalá como os escenarios nos que o catalán debe estar presente variaran bastante, reformouse a súa normativa co Decreto 116/2005, do 14 de xuño (Diario Oficial da Generalitat de Catalunya núm. 4407, do 16 de xuño de 2005), para darlles cabida a novos membros, como os seguintes: entidades de defensa das persoas consumidoras e usuarias (defensa dos dereitos lingüísticos dos consumidores); entidades dedicadas á promoción do catalán nas novas tecnoloxías (catalán nas TIC e en Internet); entidades destinadas á acollida e a integración das persoas inmigradas; a Sociedade Xeral de Autores e Editores; as emisoras municipais e as redes de televisión local (cotas de lingua ou cultura catalás); o Instituto Catalán das Industrias Culturais (cine en catalán); o Consello de Cámaras de Comercio, Industria e Navegación (dispoñibilidade lingüística nos establecementos públicos, rotulación, etiquetado); entidades privadas de defensa da lingua, como o Centro Internacional Escarré para as Minorías Étnicas e as Nacións (CIEMEN) e Ómnium Cultural; o Instituto Joan Lluís Vives (catalán nas universidades do dominio lingüístico, é dicir, Catalunya, Comunidade Valenciana e Illes Balears); representantes do mundo xurídico e xudicial, etc.

O Consello Social ten atribuídas estas funcións:

- Avaliar os obxectivos e os resultados da política lingüística do Goberno da Generalitat e, en especial, o informe anual que prevé o artigo 39.3 da Lei 1/1998, de 7 de xaneiro, de política lingüística. Para tal fin, o Consello elabora anualmente un ditame sobre as actuacións realizadas ou impulsadas o ano anterior polo Goberno da Generalitat.
- Estudar e analizar, a instancia do Goberno, as cuestións relacionadas co fomento e a promoción da lingua catalá en todos os ámbitos da sociedade.
- Ditaminar sobre os proxectos de instrumentos de planificación lingüística xeral que deban ser aprobados polo Goberno.
- Propoñerlle ao Goberno a elaboración de estudos e ditames, e a adopción de medidas adecuadas aos obxectivos xerais da Lei 1/1998, de 7 de xaneiro, de política lingüística.

A páxina Web do Consello é http://www6.gencat.net/llengcat/organi/cslc.htm.

Cremos que unha iniciativa similar a esta a nivel do Estado podería ser positiva, na liña do apuntado no informe do comité de Expertos anterior, e que no caso de se levar a cabo, podería ser unha canle de participación cidadá e de asesoramento en aspectos como a regulación do plurilingüismo e a defensa dos dereitos lingüísticos dos cidadáns.

- C.A. Galicia.

As liñas de actuación en promoción lingüística realizadas desde 2005 polo goberno galego baséanse nunha serie de medidas acordadas pola unanimidade das forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia en 2004: o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega. Este plan é froito de meses de traballo organizado en comisións plurais de distintos axentes sociais.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística ten prevista a posta en marcha en 2007 do Consello Social da Lingua Galega. Este órgano será o principal espazo de diálogo social sobre a normalización da lingua, cunha ampla participación de institucións e colectivos sociais no proceso da promoción do galego.

- C.A. Illes Balears.

O Goberno da Comunidade Autónoma das Illes Balears creou mediante o Decreto 64/2002, de 3 de maio, o Consello Social da Lingua Catalá. Nestes momentos está en fase de renovación respecto a algúns ámbitos sectoriais representativos da sociedade balear.

As funcións do Consello Social da Lingua Catalá son:

a) Participar no proceso de normalización lingüística e contribuír a impulsalo nos diferentes ámbitos sectoriais, en aplicación da normativa vixente en materia de normalización lingüística.

b) Asesorar e informar sobre os proxectos de planificación lingüística xeral e sobre as consultas que lle poidan encargar desde o Goberno das Illes Balears ou desde outras institucións.

c) Contribuír á coordinación e potenciación das actuacións que levan a cabo as institucións administrativas, cívicas e culturais para mellorar a política lingüística das Illes Balears.

2. No seu caso, indicar outras medidas que se previron no seu país.

Comunidade Autónoma de EUSKADI

PRINCIPAIS LIÑAS DE ACTUACIÓN,
da Viceconsellería de Política Lingüística (2005-2009)

1. O Goberno Vasco e a Administración vasca deben proseguir de forma aínda máis eficaz o seu labor pola normalización do éuscaro. Para iso é imprescindible dotar de centralidade a política lingüística e, en consecuencia, considerala como liña transversal no interior do Goberno Vasco. A consideración de transversalidade implica que cada departamento do Goberno deberá buscar acomodo ao criterio lingüístico na súa actividade ordinaria e á hora de deseñar e desenvolver os seus proxectos. A Viceconsellería de Política Lingüística (VPL) terá que se esforzar para que así sexa. A VPL asistirá ás demais administracións que avancen por ese camiño.

1.1. Establecer os criterios lingüísticos que o Goberno Vasco empregará en materia de contratación, poñendo ao corrente deles ás demais administracións.
1.2. Ofrecer a colaboración e asesoría que cada departamento poida precisar en orde a reforzar a presenza e uso do éuscaro nos seus principais programas, especialmente naqueles que contan cunha maior proxección social.
1.3. Coa vista posta no III Plan aprobado polo Goberno Vasco para a normalización do uso do éuscaro no desenvolvemento da súa actividade, colaborar e asesorar os diversos departamentos para que cada un deles adopte e poña en práctica o seu propio proxecto.

2. Tratar de que se acrecente o compromiso dos partidos políticos, sindicatos e axentes sociais e económicos coa normalización do éuscaro. Ofrecerlles colaboración a eses axentes coa fin de que adopten e transmitan á sociedade actitudes modélicas.

3. Obter a implicación da comunidade castelanfalante, tanto no camiño da normalización do éuscaro, coma no esforzo por encauzar a información relativa ao mundo do éuscaro.

4. Con vistas a obrar o salto do coñecemento ao uso, acrecentar a implicación dos que son capaces de utilizar o éuscaro, fortalecendo a súa vinculación ao propio idioma e a súa autoestima, promovendo o uso prioritario do éuscaro e creando núcleos onde o uso do éuscaro sexa hexemónico.

5. Elaborar e transmitirlle sistematicamente á sociedade un discurso integrador e atractivo sobre o éuscaro.
6. Baixo a guía do Goberno Vasco, fortalecer, a través de HAKOBA (Comisión para a Coordinación dos Poderes Públicos), a coordinación e cooperación entre os poderes públicos no relativo á política lingüística:

6.1. Realizar o seguimento dos presupostos destinados á promoción da normalización do uso do éuscaro.

6.2. Coordinar os criterios para as subvencións, fixando as prioridades e especificando os ámbitos de actuación de cada organismo. Avaliar as subvencións.
6.3. Compartir as estratexias destinadas a dar entrada ao éuscaro nas novas tecnoloxías de comunicación e información.
6.4. Seguimento coordinado do III Período de Planificación para a normalización do uso do éuscaro na Administración.
6.5. Seguimento actualizado do desenvolvemento legal.
6.6. Compartir os criterios lingüísticos da contratación administrativa.
6.7. Seguimento coordinado dos consellos e recomendacións que o EAB (Consello Asesor do Éuscaro) emite para as administracións públicas.

7. Fortalecer os organismos de iniciativa social e encauzar a súa contribución, sempre como elemento complementario da política lingüística deseñada polos poderes públicos. En efecto, aínda que o deseño e desenvolvemento da política lingüística é responsabilidade dos poderes públicos, a contribución dos organismos de iniciativa social é importante para o fortalecemento da adhesión dos cidadáns ao idioma.

8. Compactar, ampliar e normalizar o mercado cultural en éuscaro, de forma que consigamos satisfacer en éuscaro unha parte significativa das necesidades dos consumidores culturais. Para iso, dedicaráselle especial atención ás liñas de traballo establecidas no Plan Vasco da Cultura.

9. Fomentar e amparar, de acordo con criterios de excelencia, as contribucións de calidade elaboradas e postas en circulación en éuscaro. Do mesmo modo, o éuscaro ten que constituír unha liña transversal ineludible na estratexia comunicativa de todo labor de investigación que se leve a cabo en calquera terreo, moi especialmente no caso da promovida desde a universidade ou desde organismos tanto públicos como parapúblicos. Así, énos imprescindible, de cara ao desenvolvemento do idioma, vincular estreitamente o éuscaro coa produción cultural e científica de alto nivel, especialmente no terreo da divulgación.

10. Reforzar as estratexias destinadas á difusión internacional dos produtos culturais e dos seus creadores (unha política de comunicación eficaz, tradución, promoción…), e empregar esa proxección internacional para acrecentar, tamén no seo da propia sociedade vasca, o prestixio do éuscaro así como da cultura que se expresa en éuscaro.

11. Levar a cabo unha reflexión que conduza a evitar que o éuscaro normalizado e o da rúa se distancien entre si, e prestar unha especialísima atención á linguaxe informal.
12. Sen eludir a autocrítica e o debate, e coa flexibilidade que requiren os procesos sociais, tratar de harmonizar as leis e resolucións.

13. Tomando como obxecto de análise o camiño percorrido en materia de política lingüística e os pasos que se deben dar nos próximos años, impulsar a reflexión e o debate, redefinindo na medida que corresponda, e se fose preciso, as estratexias, liñas de traballo e prioridades. Dado que o Plan Xeral de Promoción do Uso do Éuscaro (EBPN) cubriu un traxecto de seis anos, atopámonos nun momento adecuado para un debate deste tipo. A reflexión debería ser tan ampla como fose posible en canto aos temas de análise, e todo o aberta posible en canto aos participantes. Ademais do mundo do éuscaro, tamén deberá ter cabida nesta iniciativa, ineludiblemente, o mundo do castelán. Institucións públicas, educación, cultura, medios de comunicación, empresas, partidos políticos, sindicatos, asociacións sociais e

económicas, sectores de actividade vinculada ao éuscaro…: todos os ámbitos deben ter cabida nese debate. O propósito principal dese debate aberto consistiría en discutir con sosego e liberdade acerca do pasado, así como en fixar as liñas de traballo e prioridades para o futuro. A reflexión instrumentaríase fundamentalmente a través de conferencias, xornadas, seminarios, artigos, relatorios… O obxectivo dese debate será o de revitalizar a ilusión por continuar avanzando na normalización do éuscaro.

14. Impulsar unha actitude política e social favorable ao éuscaro, e traballar a prol dun novo acordo político e social en torno á normalización do éuscaro. Nese camiño será preciso actuar con flexibilidade no relativo aos ritmos de aplicación da política lingüística, e con claridade no tocante aos principios básicos desa política: é preciso lograr a igualdade social entre os dous idiomas (posto que a actual situación é diglósica); dado que unha sociedade bilingüe necesita cidadáns bilingües, débense adoptar agora medidas suficientes para que as seguintes xeracións coñezan ambos os idiomas; o proceso de normalización do éuscaro débese desenvolver sen excesos, pero haberá que aceptar que non é posible levalo a cabo sen producir molestias e incomodidades; a política lingüística débese amoldar á vontade e decisión do individuo, pero, para que a opción sexa libre, é imprescindible que previamente se alcance a igualdade social entre as linguas; o suxeito de dereitos é o individuo, non o idioma, por iso deben os poderes públicos garantir que quen desexe vivir en éuscaro o poida facer.

15. Afrontar o asunto da inmigración de modo eficaz e integrador, para evitar, entre outras cousas, que se agudice a nosa actual diglosia. Con ese obxectivo, e en colaboración coa Dirección de Inmigración e as asociacións de inmigrantes, é preciso realizar cantos estudos e análises sexan precisos para procurármonos o oportuno coñecemento e descrición do fenómeno, e débense deseñar e desenvolver plans lingüísticos que abran vías para atraer os inmigrantes ao éuscaro, empregando para iso, ademais do sistema educativo, a rede de euskaltegis.

15.1. Acordar e coordinar coa Dirección de Inmigración os mecanismos precisos para que nos servizos de acollida aos inmigrantes (HELDU, BILTZEN, técnicos municipais de inmigración…) conten desde o primeiro momento con información relativa ao éuscaro e módulos básicos de euskaldunización.
15.2. Sobre a base dunha análise actualizada do fenómeno da inmigración, e en colaboración coa Dirección de Inmigración, identificar os “grupos estratéxicos“ que poidan influír de forma crucial e deseñar plans específicos.
15.3. Desenvolver e estender a metodoloxía AISA de acercamento ao coñecemento do éuscaro dirixida á poboación inmigrante.
15.4. Crear novos materiais didácticos específicos, destinados a que os inmigrantes adultos e mozos adquiran un coñecemento básico do éuscaro.
15.5. Conxuntamente co Departamento de Educación, ofrecer informacións básicas acerca do éuscaro e cursos básicos de euskaldunización.
15.6. Desenvolver as medidas previstas no Plan de Inmigración.

16. Euskaldunización e alfabetización de adultos. Tal como se recoñece no Plan Xeral de Promoción do Uso do Éuscaro, “a alfabetización e euskaldunización de adultos, xunto coa ensino regrado en éuscaro, constituíron a iniciativa e o movemento máis importante para a promoción do uso do éuscaro“. Por tanto, o sistema de euskaldunización e alfabetización de adultos constitúe unha das claves que garanten o avance do éuscaro e a consecución dunha sociedade equilibradamente bilingüe. Tomando iso en consideración, e de acordo co informe

e propostas do Consello Asesor do Éuscaro (EAB) acerca deste sector (Bases para unha maior eficacia e mellora da calidade da euskaldunización e alfabetización de adultos. Vitoria-Gasteiz, 2003), elaborarase, no terreo da euskaldunización e alfabetización de adultos, unha oferta de ensino adaptado ás necesidades da sociedade e dos alumnos (oferta tanto xeral como especialmente adaptada ás necesidades sociais específicas) e garantirase a eficiencia do proceso de aprendizaxe, dándolle prioridade á calidade do servizo e aos resultados dos alumnos e reforzando a actividade dos euskaltegis públicos e concertados.

16.1. Coa fin de adaptar ás novas necesidades sociais a rede e oferta de ensino de éuscaro para adultos, desenvolver, en colaboración cos euskaltegis e centros de autoaprendizaxe, os estudos e producións precisas para garantir unha gama de procesos de aprendizaxe variada e de calidade no relativo a currículos, módulos, horarios, metodoloxías, sistemas e soportes, orientado todo iso a garantirlles aos alumnos de éuscaro un bo resultado no seu proceso de aprendizaxe.
16.2. Sobre a base dos catro niveis de competencia establecidos no Currículo Básico para a Euskaldunización de Adultos, e con vistas a inserilo no Marco de Referencia Europeo para a aprendizaxe, o ensino e a avaliación de linguas:
a. proceder ao recoñecemento dos niveis de aprendizaxe fixados no Currículo Básico, de forma que os alumnos dos euskaltegis conten co recoñecemento preciso nos ámbitos social, económico e oficial, e
b. levar a cabo a convalidación oficial entre os distintos sistemas de certificación do coñecemento do éuscaro, de maneira que se eviten duplicidades innecesarias.
16.3. Para fortalecer a actividade dos euskaltegis, centros de autoaprendizaxe e euskal etxeas, prestarlles o apoio necesario para a mellora dos seus recursos económicos e materiais, de acordo cos obxectivos e requisitos de calidade convidos con HABE para os procesos de aprendizaxe.
16.4. Elaborar o mapa de euskaltegis, sobre a base da complementariedade da rede pública e a privada.
16.5. Promover a firme inserción do ensino de adultos na sociedade da información e a súa dotación adecuada en novas tecnoloxías.
16.6. Promover, ademais do sistema de ensino presencial, sistemas de autoaprendizaxe e mixtos na euskaldunización e alfabetización de adultos.
16.7. Promover a posta en práctica de plans e procesos de calidade nos euskaltegis e centros de autoaprendizaxe.
16.8. Establecer un plan de xestión de calidade no organismo autónomo HABE.
16.9. Tender pontes entre a euskaldunización e alfabetización e o uso social, de cara a garantir que o resultado obtido teña continuidade no uso familiar e social.
16.10. Coa fin de fortalecer a motivación dos cidadáns respecto ao éuscaro, levar a cabo campañas de promoción que resalten os aspectos positivos do coñecemento do idioma e da condición de cidadán bilingüe, e que difundan mensaxes positivas a prol do uso.
16.11. No relativo á actuación lingüística e ao uso do éuscaro, poñer en marcha programas piloto para euskaldunizar persoas públicas consideradas referentes sociais e comprometelas co uso bilingüe.
16.12. En colaboración cos centros de ensino e as institucións públicas (deputacións e concellos), levar a cabo accións encamiñadas a vigorizar a transmisión familiar do éuscaro (coa fin de acrecentar o coñecemento do éuscaro por parte dos pais, así como o uso do éuscaro entre os pais e entre pais e fillos).
16.13. Responder de forma eficaz á demanda que producirán os novos ámbitos de uso no mundo laboral, tanto no terreo da Administración (área de saúde, área de xustiza, área das

empresas públicas…) como no privado (empresas, colexios profesionais…), elaborando plans específicos de aprendizaxe e uso, creando materiais adecuados, etc.

17. Acrecentar a presenza do éuscaro nos medios de comunicación e impulsar os medios de comunicación en éuscaro.

17.1. Efectuar unha valoración dos existentes e definir a política para os anos vindeiros de forma conxunta cos demais poderes públicos.
17.2. Inserir o criterio lingüístico no desenvolvemento da normativa legal referida aos medios de comunicación.

18. Promover a continuidade do éuscaro no ámbito familiar, impulsando plans destinados a reforzar o seu uso nas relacións entre os mozos e a lograr que o éuscaro sexa o primeiro idioma dos fillos nas familias de nova creación. Deseñar e desenvolver programas especiais cos concellos e axentes da área do ensino, ofrecendo os recursos precisos para iso.

19. Impulsar accións sistematizadas destinadas a aumentar o uso do éuscaro na área socio-económica, organizando a implicación e participación directa das seguintes asociacións: cámaras de comercio, asociacións empresariais, sindicatos, organismos vinculados ao ensino profesional e formación permanente, e departamentos do Goberno Vasco vinculados co mundo laboral (Xustiza; Traballo e Seguridade Social; Agricultura, Pesca e Alimentación; Industria, Comercio e Turismo; Transportes e Obras Públicas; Medio Ambiente e Ordenación do Territorio). Promoveranse plans destinados ao aumento do uso do éuscaro nas empresas, de acordo cun plan-modelo confeccionado tendo en conta a tipoloxía e características sociolingüísticas das empresas. Así mesmo, fixarase un procedemento para a avaliación e acreditación sistemáticas do uso do éuscaro nas empresas de acordo cos parámetros de calidade vixentes hoxe en día nas organizacións privadas, creando para tal efecto un certificado específico ou inserindo a variable do éuscaro nos certificados de calidade xa consolidados.

19.1. Tarefas básicas:
a. Fixar o marco de referencia estándar dos plans de éuscaro.
b. Fixar, ampliar e dar a coñecer os servizos e produtos que debe ofrecer a VPL.
c. Analizar e, no seu caso, reformular o modo de financiamento.
d. Organizar o traballo interdepartamental.
e. Definir os indicadores destinados a medir a presenza e uso do éuscaro neste ámbito, e construír progresivamente o seu sistema de actualización de datos (EAS: Euskal Herriko Hizkuntza Adierazleen Sistema Sistema de Indicadores de Euskal Herria).
19.2. Contar cun diagnóstico e coñecemento máis profundo da situación, coa fin de adoptar medidas de implementación máis eficaces e medir a evolución de maneira permanente.
19.3. Desenvolvemento lexislativo e inclusión do criterio lingüístico nos plans estratéxicos vinculados á área.
19.4. Sensibilización e comunicación dirixidas aos principais axentes económicos, ao Consello de Relacións Laborais e ás institucións públicas vinculadas á área socioeconómica.
19.5. Cooperación e concertación cos principais axentes socioeconómicos.
19.6. Desenvolver programas específicos para os establecementos pertencentes a este ámbito de actividade: grandes establecementos comerciais (grandes superficies, cadeas de tendas e franquías), bancos e compañías de seguros, hostalería (bares e restaurantes), demais tipos de establecementos relacionados coa prestación de servizos (pequeno comercio)…

20. Dinamizar os plans de uso do éuscaro das administracións, adoptando, dado que o obxectivo é o fomento do uso, medidas tendentes a que o éuscaro, ademais de lingua de servizo, pase a ser lingua habitual de traballo en cada vez máis áreas administrativas. Deberase realizar, á hora de levar a cabo a avaliación intermedia do III Período de Planificación, un esforzo especial para determinar as correccións e adaptacións que este criterio requira. Do mesmo modo, deberase reforzar a cooperación con todos os departamentos do Goberno, así como a comunicación cos traballadores, e deberase garantir que cada departamento aprobe e desenvolva o seu propio plan de uso. É preciso, así mesmo, fortalecer a relación coas administracións municipais en relación co desenvolvemento do EBPN, co obxectivo de impulsar os plans de uso desas administracións. Acometerase a tarefa de fixar e, cando así proceda, redefinir os criterios que dimanan do marco legal (leis e decretos) dos plans de uso.

20.1. Efectuar a avaliación intermedia do III Período de Planificación (2003-2007).
20.2. Ampliar a extensión do EBPN.
20.3. Renovar o compromiso dos concellos que están próximos a concluír o Plan Estratéxico para o desenvolvemento do EBPN.
20.4. Asesorar e propoñer criterios de traballo a concelleiros e técnicos, co obxectivo de promover programas destinados a aumentar o uso do éuscaro.
20.5. Establecer e difundir modelos de uso do éuscaro, para que chegue a ser lingua de servizo e de traballo nos servizos administrativos bilingües.
20.6. Promover experiencias modélicas no desenvolvemento do EBPN.
20.7. Estruturar o sistema de certificación do uso.
20.8. Fomentar a utilización das novas tecnoloxías co obxectivo de mellorar a comunicación e a consecución de sinerxías.
20.9. Poñer en marcha un plan de comunicación adecuado sobre os plans de uso do éuscaro nas diversas administracións.
20.10. Analizar e, se procede, readaptar o sistema de financiamento.

21. Prestar especial atención ao desenvolvemento de medidas para garantir o futuro do éuscaro nas zonas con maior densidade de vascofalantes. Para iso, é necesario intensificar a euskaldunización das diversas redes de relación locais. Neste ámbito de actuación, é prioritario incidir no sector xuvenil, por ser o sector poboacional máis dinámico na creación e modificación destas redes naturais. En canto á administración pública se refire, impulsarase prioritariamente a euskaldunización do persoal médico, de enfermería, pediatría, asistentes sociais, etc., nos servizos de saúde e sociais. Para posibilitar este obxectivo, procederase a elaborar materiais específicos que faciliten o uso do éuscaro por parte dos citados colectivos (material de apoio, ferramentas de traballo en éuscaro, material didáctico para fins específicos, manuais de uso dos diferentes dialectos e do éuscaro batua…)

21.1. Analizar en profundidade o grao de desenvolvemento do Plan Xeral de Promoción do Uso do Éuscaro (EBPN) nas zonas con maior densidade de vascofalantes (70% de poboación vascofalante).
21.2. Elaborar propostas dirixidas á implantación do uso do éuscaro en novos ámbitos e o seu fortalecemento nos xa existentes.

22. Posto que é responsabilidade dos poderes públicos ofrecerlles aos cidadáns que desexen vivir en éuscaro a posibilidade de facelo e preservar os dereitos lingüísticos, organizarase un servizo destinado a amparar os dereitos lingüísticos dos cidadáns que así o

soliciten, o cal procurará protección ao cidadán e colaboración aos responsables dos ámbitos onde se quebranten os dereitos lingüísticos para que subsanen tal deficiencia. Organizar o servizo de dereitos lingüísticos, definindo as súas tarefas e garantindo a complementariedade cos cometidos do Ararteko, coa fin de evitar duplicidades.
23. Desenvolver novos recursos, instrumentos e aplicacións en éuscaro para as novas tecnoloxías da información e da comunicación. Do mesmo modo, incrementar a presenza do éuscaro en Internet, creando contidos dixitais. Neste marco traballaranse, entre outros aspectos, os relativos á tradución automática, ás potenciais aplicacións do recoñecemento e síntese de voz en éuscaro, á creación da versión en éuscaro dalgunha enciclopedia multimedia, así como as diversas opcións de creación e dixitalización de produtos culturais en éuscaro (dixitalizar e difundir a totalidade dos textos en éuscaro producidos ata o século XX ou todas as investigacións realizadas en éuscaro nas universidades…). En calquera caso, considérase de todo punto necesario analizar e radiografar a presenza actual do éuscaro nese ámbito e os recursos en éuscaro xa dispoñibles nestas novas tecnoloxías, así como definir o camiño que se debe seguir no futuro. Terase en conta que, se este ámbito da nova información e tecnoloxía reviste carácter prioritario para o éuscaro, iso non é unicamente así porque o éuscaro, en tanto que nos atopamos na sociedade da globalización/dixitalización, se deba adaptar, coma todos os idiomas, a ese fenómeno, senón ademais porque, segundo afirman as análises referidas ao perfil dos usuarios de Internet, os mozos que saben éuscaro reúnen as características idóneas para contarse entre os maiores consumidores destas tecnoloxías.

24. Impulsar a acción de fomento do uso do éuscaro na totalidade do seu ámbito territorial, encauzando a colaboración coas institucións e asociacións de Iparralde e Navarra.

24.1. Dar os pasos necesarios a prol dun marco sólido de cooperación cos poderes públicos de Iparralde e fomentar a iniciativa privada.
24.2. Dar os pasos necesarios para concertar programas co Goberno de Navarra e fomentar a iniciativa privada.

25. Incrementar a presenza do éuscaro tamén máis alá dos límites do noso territorio, para o cal, entre outras accións, se reforzará a colaboración coas casas vascas e o programa universitario de lectorado.

26. Impulsar o labor do Consello Asesor do Éuscaro (EAB), tanto no relativo ás comisións de seguimento como ás comisións específicas.

27. Fortalecer a relación cos organismos que levan a cabo políticas de fomento das linguas minorizadas en España e no ámbito internacional.

27.1. Seguimento dos acordos de cooperación subscritos coa Generalitat de Catalunya e co Goberno de Quebec e definición dos proxectos comúns.
27.2. Idiomas da UE: colaboración coa Dirección de Relacións Exteriores de Presidencia.
27.3. Ofrecerlle asesoría en materia de política lingüística ao representante do Goberno Vasco no Comité das Rexións, cando este así o solicite.
27.4. Manter as relacións co Consello de Europa e a Comisión Europea.
27.5. Desenvolver programas de traballo coas organizacións que traballan na política lingüística.
28. Débese realizar unha avaliación das convocatorias de subvención que cubriron xa un percorrido (actividades vinculadas ao éuscaro, EBPN e plans das administracións públicas,

novas tecnoloxías, medios de comunicación, liñas orientadas a Iparralde e Navarra). Débese, así mesmo, efectuar a avaliación e análise cualitativa do uso administrativo do éuscaro, o cal se debe levar a cabo desde diversas perspectivas.

28.1. Avaliar todas as convocatorias e fixar, ao unísono cos demais poderes públicos, a estratexia para os próximos anos.
28.2. Fixar os obxectivos, obxectos e criterios de subvención para os próximos años.
28.3. Fixar con precisión o procedemento relativo ás convocatorias, co obxectivo de que as mesmas sexan resoltas dentro do primeiro semestre do ano.

29. Ademais de darlles continuidade aos traballos de normalización toponímica, deberase impulsar a extensión sempre baixo criterios de calidade do uso do éuscaro na cartografía, sinalización viaria e paisaxe lingüística.

29.1. Fomentar e fortalecer a cooperación cos organismos que se dedican á toponimia e á cartografía ou se serven delas, tanto no País Vasco (Ordenación do Territorio do Goberno Vasco, deputacións forais, concellos, Academia da Lingua Vasca), coma fóra del (Instituto Xeográfico Nacional).
29.2. Poñer a disposición dos principais usuarios de toponimia a información contida na base de datos de toponimia e comunicar o procedemento de consulta.

30. No relativo á sensibilización, elaborar proxectos específicos para a lexislatura, co obxectivo de emitir unha mensaxe a prol do uso destinado a quen sabe éuscaro, así como facer chegar ao mundo non vascofalante a información relacionada co mundo do éuscaro, de forma que esta resulte atractiva.

31. Da man da Academia da Lingua Vasca e en colaboración con determinadas asociacións, planificar e promover os labores de estandarización, modernización e normalización do corpus do éuscaro, entre as que se lle deberá prestar especial atención ao proxecto do corpus referencial do éuscaro e ao traballo terminolóxico.

32. Impulsar investigacións orientadas a obter información acerca da evolución sociolingüística (Sistema de Indicadores Lingüísticos de Euskal Herria - EAS).

32.1. Resultados do EAS:
a. III mapa sociolingüístico (2ª parte): estudo exhaustivo da transmisión familiar.
b) IV enquisa sociolingüística.
c) Elaborar, en colaboración con EUSTAT, os criterios que determinarán o modelo de recollida de datos para o IV mapa sociolingüístico

Comunidade Autónoma de CATALUNYA

PLAN DE ACCIÓN DA SECRETARIA DE POLÍTICA LINGüÍSTICA,
PARA O 2006

Comprende, entre outras, as seguintes accións que cómpre destacar:

- Continuación da campaña de sensibilización para fomentar o uso social do catalán iniciada o 2005, pero focalizada cara ao sector comprendido entre os 15 e os 29 anos, por ser este o que, conforme aos estudos realizados, ofrece unha maior resistencia ao uso do catalán nas súas actividades lúdicas.

- Extensión no territorio do programa de acollida lingüística iniciada o exercicio 2004-2005 con 6 plans pilotos (ver punto dedicado ao cumprimento do artigo 7.2) para o cal os 22 Centros de Normalización Lingüística que integran o Consorcio para a Normalización Lingüística realizarán, mediante convenio con cada concello, o plan adecuado e que mellor se axuste ás necesidades de cada municipio.

- Impulso do programa —Voluntarios pola lingua especialmente cara a entidades sociais ás que se prevé delegar a xestión e o seguimento das parellas lingüísticas. Con esta finalidade, a Generalitat de Catalunya, a través da Secretaría de Política Lingüística, convocará unha liña de subvencións. Igualmente, prevese ampliar o espectro de persoas ás que vai dirixido (ata agora centrado en persoas que previamente seguiron un curso de catalán) e chegar a aquelas persoas que aínda tendo un coñecemento pasivo da lingua catalá non se atreven a usala.

- Ofrecemento do primeiro nivel do curso de catalán en liña (ver punto dedicado á aplicación do artigo 7.2

- Ofrecemento dos tradutores automáticos e correctores ortográficos e gramaticais (ver punto dedicado á aplicación do artigo 7.2

- Continuar coas medidas que incentiven a oferta de produtos en catalán tanto no ámbito socioeconómico como audiovisual (cine e DVD)

Comunidade Autónoma de GALICIA

Un dos obxectivos principais do 2006 desde o departamento de Política Lingüística da Xunta de Galicia é activar estratexias de implicación de axentes e de corresponsabilización social na normalización da lingua galega. É o que se denomina Pacto pola lingua, que consiste en conseguir que grandes entidades e institucións do país asuman a súa parte de responsabilidade e compromiso no desenvolvemento do Plan Xeral da lingua galega.

Na actualidade estase estruturando no goberno de Galicia o Consorcio para a Promoción da Lingua Galega que se prevé poñer en marcha para 2007 do que formarán parte, ademais de Política Lingüística, representantes das administracións locais, para garantir o compromiso da Administración pública como factor normalizador da sociedade. O seu obxectivo é concertar as actuacións das distintas administracións e colectivos para activar procesos comúns de deseño de ferramentas e modelos de actuación.

A aposta por unha renovación da estrutura para a investigación terminolóxica é outra das liñas de actuación que centra na actualidade a actividade da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Trátase dun compromiso coa terminoloxía, para favorecer un avance importante na fixación do léxico por sectores, entendendo que se trata dunha ferramenta básica para favorecer a normalización da lingua en todos os ámbitos da sociedade.

3ª PARTE.

Para cada lingua rexional ou minoritaria elixida no momento da ratificación, conforme ao parágrafo 2 do artigo 2 da Carta, indicar de que maneira os parágrafos e/ou liñas son aplicados.

Cando se indiquen as medidas tomadas para aplicar o parágrafo ou a liña elixida, precisar a disposición xurídica pertinente, así como o territorio sobre o cal son aplicables.

Artigo 8. Ensino

O Estado pode adoptar normas básicas para o desenvolvemento do dereito á educación (art. 1491.1.300 da Constitución), e as Comunidades Autónomas poden desenvolver posteriormente esta lexislación.

Como xa se indicou no primeiro Informe presentado por España, na orde interna española, correspóndelle ao Estado aprobar a lexislación básica nesta materia e ás Comunidades Autónomas tanto o desenvolvemento lexislativo como a execución destas normas. Polo tanto, é importante recordar e destacar que a xestión da totalidade do sistema educativo español correspóndelle a cada unha das Comunidades Autónomas, se ben no marco da lexislación estatal; polo que o maior interese e a adopción das medidas máis adecuadas para o cumprimento da Carta neste punto correspóndelles ás propias Administracións educativas de cada unha das Comunidades Autónomas, que son o nivel político máis interesado e motivado na práctica en desenvolver as súas propias e respectivas linguas.

COMENTARIOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

No contexto indicado, e como unha consecuencia do cambio político gobernamental producido en 2004, elaborouse e aprobouse unha nova normativa en materia de educación, que é a establecida na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación.

Con carácter xeral, o artigo 2 desta Lei enumera os fins que persegue o sistema educativo español, indicando que se orientará, entre outros, á consecución dos seguintes fins:

g) A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
h) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
i) A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
j) A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, se a houbese, e nunha ou máis linguas estranxeiras.

Igualmente, é importante precisar o tratamento que a Lei lles dá aos currículos académicos. A lei defíneos como o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas na Lei; pero a importancia da previsión na Lei reside en que nesta se distribúe porcentualmente a forma de elaborar os currículos académicos da seguinte maneira:

3. Os contidos básicos das ensinanzas mínimas requirirán o 55 por 100 dos horarios escolares para as Comunidades Autónomas que teñan lingua cooficial e o 65 por 100 para aquelas que non a teñan.

4. As Administracións educativas establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas na presente Lei, do que formarán parte os aspectos básicos sinalados en puntos anteriores. Os centros docentes desenvolverán e completarán, no seu caso, o currículo das diferentes etapas e ciclos no uso da súa autonomía e tal como se recolle no capítulo II do título V da presente Lei.

A Lei fixa diferentes etapas do sistema educativo, e establece os seguintes obxectivos para cada etapa:

ETAPAS EDUCATIVAS	IDADE DO ALUMNO	OBXECTIVO	ORGANIZACIÓN ÁREA EDUCATIVA
Educación Infantil	‹ 6 anos	f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión (art. 13)	--
Educación Primaria	6 a 12 anos	d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade. e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e, se a houbese, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma e desenvolver hábitos de lectura. h) Coñecer e valorar o seu medio natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e coidado do mesmo. (art. 17)	Linguas castelá e literatura e, se a houbese, lingua cooficial e literatura
Educación Secundaria Obrigatoria	12 a 16 anos	h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbese, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura. i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada. j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. (art. 22)	Linguas castelá e literatura e, se a houbese, lingua cooficial e literatura
Bacharelato	4 anos	e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras (art. 33)	Linguas castelá e literatura e, se a houbese, lingua cooficial e literatura

Respecto do establecido no punto 1. h) do artigo 8, referente ás capacitacións profesionais do profesorado, e aínda que o cumprimento destes requisitos compételles ás Comunidades Autónomas, a disposición adicional 10ª da Lei establece que "para acceder ao Corpo de Inspectores de Educación será necesario pertencer a algún dos corpos que integran a función pública docente con polo menos unha experiencia de cinco anos nos mesmos e estar en posesión do título de Doutor, Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou título equivalente e superar o correspondente proceso selectivo, así como, no seu caso, acreditar o coñecemento da lingua cooficial da Comunidade Autónoma de destino, de acordo coa súa normativa".

1. En materia de ensino e, polo que se refire ao territorio no que se falan estas linguas e segundo sexa a situación de cada unha delas, sen prexuízo do ensino da lingua ou as linguas oficiais do Estado, as partes comprométense a:
a.

i. Prever unha educación preescolar garantida nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou

ii. Prever que unha parte substancial da educación preescolar se faga nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou

iii. Aplicar unha das medidas ás que se refiren os puntos i) e ii) anteriores, polo menos para os alumnos de familias que o desexen e das que haxa un número que se considere suficiente; ou

iv. Se os poderes públicos non teñen competencia directa en materia de educación preescolar, favorecer e/ou fomentar a aplicación das medidas ás que se refiren os puntos i) a iii) anteriores;

Cúmprese amplamente desde 1983-84.

Como consecuencia da oficialidade do éuscaro, na Lei 10/1982 Básica de Normalización do Uso do Éuscaro recoñécense unha serie de dereitos lingüísticos relacionados co ensino.

No artigo 5.2.b) recoñécese como dereito lingüístico fundamental o dereito a recibir o ensino en ambas as linguas oficiais.

No Capítulo Segundo do Título Segundo regúlase o uso do éuscaro no ensino (artigos 15 a 21). No ensino que se desenvolva ata o inicio dos estudos universitarios, será obrigatorio o ensino da lingua oficial que non fose elixida para recibir o ensino.

O Goberno adoptará medidas encamiñadas a garantirlle ao alumnado a posibilidade real, en igualdade de condicións, de posuír un coñecemento práctico suficiente de ambas as linguas oficiais ao finalizar os estudos de ensino obrigatorio.

- Lei 1/1993, de 19 de febreiro, da Escola Pública Vasca.(BOPV25-2-1993).

No artigo 3.2.g) declárase entre os fins da escola pública vasca o de garantirlles a todos os alumnos, en igualdade de condicións, o coñecemento práctico de ambas as linguas oficiais ao acabar o período de ensino obrigatorio, potenciando o uso e contribuíndo á normalización do éuscaro.

Na Disposición Adicional Décima defínense os modelos lingüísticos de aplicación en todo o sistema de ensino, público e privado:

- Modelo A no que o currículo se impartirá basicamente en castelán, podéndose impartir en éuscaro algunhas actividades ou temas do mesmo.

- Modelo B no que o currículo se impartirá en éuscaro e castelán.

- Modelo D no que o currículo se impartirá en éuscaro, coa lingua castelá como materia.

Nos tres modelos a lingua e literatura castelá, a lingua e literatura vasca e as linguas modernas se impartirán primordialmente nos seus respectivos idiomas.

Hoxe en día, o modelo D é maioritario en Educación Infantil. Velaquí a evolución das matrículas de Preescolar e Educación Infantil por modelos educativos desde 1983-84 a
2002-03 (%):



Fuente: EUSTAT

Comunidade Autónoma de CATALUNYA

- Información común para o Parágrafo 1, Puntos a, b, c, d)

Xa hai máis de vinte e cinco anos da incorporación do catalán ao sistema educativo como materia curricular. A Lei de normalización lingüística de 1983 supuxo un impulso fundamental para facilitar a implantación do ensino en 1990.

Actualmente, os artigos 20 e 21 da Lei 1/1998, de política lingüística, consolidan o sistema de conxunción lingüística no cal o alumnado non pode ser separado en centros nin en grupos diferentes por razón da súa lingua habitual. O catalán é a lingua vehicular e de aprendizaxe na educación non universitaria, e o ensino do catalán e do castelán ten garantida unha presenza adecuada nos plans de estudo, de maneira que todos os nenos, sexa cal sexa a súa lingua habitual ao iniciar o ensino, deben dominar as dúas linguas ao final da educación obrigatoria. De acordo con estas previsións, os centros docentes de Catalunya utilizan normalmente o catalán como lingua do ensino.

O sistema escolar de conxunción lingüística garante o ensino da lingua, permite uns primeiros espazos de socialización dos nenos en catalán e facilita a integración do alumnado procedente de fóra de Catalunya. É preciso remarcar a importancia decisiva deste modelo para o ensino do catalán e a integración social do alumnado estranxeiro, que medra ano tras ano.

O futuro Estatuto de autonomía, de acordo co texto xa aprobado polas Cortes Xerais e referendado polo pobo catalán, recolle os preceptos da Lei de política lingüística que regulan o sistema de conxunción lingüística e, como novidade, declara explicitamente o dereito a recibir o ensino en catalán.

Visto o crecemento sostido do alumnado estranxeiro desde o inicio da década dos noventa e moi especialmente nos últimos cinco anos (que supuxo pasar desde un 0,8% no curso 1991-1992 ata o 9% de alumnado que acaba de chegar matriculado no curso 2004-2005), no ano 2004 o Departamento de Educación creou un órgano dedicado especificamente ao apoio do alumnado que acababa de chegar: trátase da Subdirección Xeral de Lingua e Cohesión Social, dependente da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que engloba o Servizo de Ensino do Catalán e o Servizo de Interculturalidade e Cohesión Social.

De acordo co Decreto de creación, as funcións desta subdirección son, entre outras:

- Consolidar a lingua catalá como lingua vehicular e de comunicación nos centros educativos e como eixe vertebrador do proxecto educativo nun marco plurilingüe.
- Impulsar e planificar programas e actuacións para o desenvolvemento da educación intercultural, baseada no coñecemento da cultura propia e das outras culturas, o respecto á diferenza e os valores cívicos e democráticos, nun marco de boa convivencia.
- Promover actuacións que permitan un traballo de ambiente escolar e outras actuacións transversais, fomentando a colaboración e a coordinación entre todos os axentes implicados na educación.

- Proporcionar criterios para a formación continuada do profesorado, dos equipos directivos e dos profesionais de apoio aos centros no que concirne á didáctica e o uso da lingua, a educación intercultural e a cohesión social.
- Realizar estudos e investigacións sobre lingua, interculturalidade e cohesión social, no marco dos procedementos xerais de avaliación do Departamento de Educación.

No ano 2004 o Departamento de Educación da Generalitat de Catalunya adoptou o Plan para a lingua e a cohesión social, que ten como obxectivo xeral potenciar e consolidar a cohesión social, a educación intercultural e a lingua catalá nun marco plurilingüe, baixo os principios de coordinación e cooperación entre as diferentes institucións, de descentralización e de participación e corresponsabilización da comunidade educativa.

No marco deste Plan, creouse a figura do coordinador/a territorial de Lingua, Interculturalidade e Cohesión Social, que traballa en estreita relación cos centros educativos, por unha parte, e co propio Departamento especialmente os servizos territoriais e a Inspección de Ensino , por outra.

Para entender esta figura, é preciso repasar algunhas das medidas recollidas no Plan referidas aos centros. Unha destas medidas é que os centros educativos elaboren un Plan de acollida e de integración, que fixe un protocolo de actuación respecto do alumnado de nova entrada no centro, no que se establezan medidas específicas para atender as necesidades comunicativas do alumnado, no marco do respecto á diversidade lingüística e do fomento da lingua catalá. A adaptación á nova realidade implica, tamén, adecuar os diferentes documentos do centro (Proxecto educativo, Proxecto lingüístico, Regulamento de réxime interior, Plan de acción titorial, entre outros). O centro debe designar un coordinador/a lingüístico, de interculturalidade e cohesión social. No centro poderase crear un aula de acollida, a cal disporá dun titor de acollida. Esta aula ten a función de reforzar os coñecementos de lingua catalá dos alumnos que acaba de chegar; estes alumnos pasan unha parte da xornada escolar co seu grupo (habitualmente nas áreas en que os coñecementos lingüísticos son menos importantes, como a educación física ou a educación visual e plástica), e o resto na aula de acollida, e a medida que os seus coñecementos lingüísticos o permiten, vanse integrando progresivamente no resto das áreas.

O Plan para a lingua e a cohesión social prevé un aumento significativo do número de aulas de acollida nos próximos anos.

Como balance da presenza do catalán no ensino primario e secundario, é preciso destacar o feito de que os estudos dos últimos cursos mostraron uns resultados sempre favorables e progresivos referidos á adquisición do coñecemento e dominio da lingua catalá en todos os niveis do alumnado, se ben dunha maneira máis clara e rotunda nos niveis da educación primaria, froito da xeneralización do ensino en catalán. En canto ao ensino secundario, os resultados non foron tan favorables, o cal, entre outras razóns, se pode atribuír á departamentalización das materias, que non asegura sempre o uso do catalán como lingua vehicular para impartir a materia.

Comunidade Autónoma de GALICIA

- Información Común para o Parágrafo 1, Puntos a, b, c, d

No sistema educativo español, o ensino preescolar é optativo. O período de escolarización obrigatoria esténdese desde os 6 ata os 16 anos. Isto verase modificado coa aplicación da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que anticipa a obrigatoriedade á etapa infantil (3 anos).

Estamos, polo tanto, nunha etapa de transición cara a un novo modelo educativo que se iniciará en 2007 e que permitirá establecer un novo deseño lingüístico.

A este respecto, o Plan Xeral da lingua galega, aprobado en 2004 por unanimidade no Parlamento galego e, polo tanto, texto de compromiso común, fixa entre os seus obxectivos en Educación os seguintes:

- En preescolar: —garantir unha ampla oferta educativa en galego nos primeiros tramos educativos e na aprendizaxe da lectoescritura, na perspectiva de que este idioma se converta na lingua primeira do sistema educativo en Galicia.“

E entre as medidas para logralo propón “establecer unha oferta educativa en galego en preescolar (0 a 3 anos) para todos os nenos e nenas galegofalantes”; “Fixar, como mínimo, un terzo do horario semanal en galego para os contextos e ámbitos nos que a lingua predominante sexa o castelán, coa intención de que esta porcentaxe se vaia incrementando progresivamente.“

- En primaria: sinalando como obxectivo “lograr que o ensino obrigatorio lle garanta unha boa competencia en galego a todo o alumnado e que repercuta de forma positiva no seu uso“, indica entre as medidas “garantir no ensino primario que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego”.
- En secundaria obrigatoria, co mesmo obxectivo, sinala como medida “garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego”, ao igual que nos ciclos formativos.

Este Plan Xeral de Normalización da lingua galega constitúe un texto de referencia no actual proceso de definición do modelo galego de Educación.

A Lei de Normalización Lingüística indica que: “As autoridades educativas garantirán que, ao finalizar os ciclos nos que o ensino do galego é obrigatorio, o alumnado coñeza este, nos seus niveis oral e escrito en igualdade co castelán“. Para o seu desenvolvemento, a Administración Educativa optou por un sistema de planificación mixto: por unha banda, fixou de maneira centralizada determinadas áreas do currículo que debían impartirse en lingua galega; e, pola outra, encomendoulle a cada centro educativo que, en función das propias características e necesidades, deseñará un modelo de planificación propio para o ensino en lingua galega que garanta a competencia necesaria nas dúas linguas oficiais.

Os mínimos legalmente establecidos de ensino en lingua galega están sinalados no Decreto 247/1995, modificado polo Decreto 66/1997, do 21 de marzo, que desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios. Nel establécese que na etapa de educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria os profesores e profesoras usarán na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terán en conta a lingua ambiental e procurarán que adquiran de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia. En segundo e terceiro ciclo de educación primaria impártense en galego dúas áreas de coñecemento, polo menos, sendo unha delas a área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

Na educación secundaria obrigatoria impártese en galego a área de ciencias sociais (xeografía e historia) e ciencias da natureza. Das materias optativas impartiranse en galego as de ciencias ambientais e da saúde e, se é o caso, a optativa ofertada polo centro.

No primeiro curso de bacharelato impártese en lingua galega como materia común a filosofía e como materias específicas de modalidade as seguintes: tecnoloxía industrial I (bacharelato de tecnoloxía); bioloxía e xeoloxía (bacharelato de ciencias da natureza e da saúde); historia do mundo contemporáneo (bacharelato de humanidades e ciencias sociais); e debuxo técnico (bacharelato de artes).

No segundo curso de bacharelato o alumnado recibirá o ensino en galego de historia, como materia común, e como materias específicas de modalidade: debuxo técnico, tecnoloxía industrial (bacharelato de tecnoloxía); ciencias da terra e ambientais, debuxo técnico (bacharelato de ciencias da natureza e da saúde); xeografía, historia da arte, historia da filosofía (bacharelato de humanidades e ciencias sociais); historia da arte (bacharelato de artes).

Ademais serán impartidas en galego as seguintes materias optativas: ética e filosofía do dereito, introdución ás ciencias políticas e socioloxía e historia e xeografía de Galicia.

Na formación profesional específica de grao medio e superior o alumnado recibirá ensino en galego nas áreas de coñecemento teórico-práctico que faciliten a súa integración socio-laboral.

Unha vez contextualizado o panorama legal respecto ao ensino en galego, os novos proxectos da Xunta de Galicia nas etapas non universitarias, de acordo coas liñas trazadas no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, así como coa Carta, son os seguintes:

- Proxecto Rede Galescola.

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia con competencias nas escolas infantís, iniciou no curso académico 2006-07 un programa de galeguización das escolas infantís (de 0 a 3 anos). Afféctalle a 121 centros das catro provincias galegas (37 galescolas na provincia da Coruña, 21 no caso de Lugo, 26 en Ourense e 37 na provincia de Pontevedra), nas cales o ambiente é maioritariamente galegofalante. A Rede Galescola supón, ademais dunha importante ampliación das prazas públicas para menores de tres anos, a galeguización do ensino nese tramo de idade.

- Proxecto da Consellería de Educación para a Educación Infantil (de 3 a 6 anos).

O seu obxectivo é garantir unha ampla oferta educativa nas primeiras idades educativas: nas aulas de infantil (3, 4 e 5 anos) ofrécese desde o presente curso académico 2006-07 unha liña en galego baixo demanda expresa dos centros e dos pais. Estas primeiras etapas de escolarización considéranse fundamentais para a normalización do galego, xa que é o momento no que os nenos fixan a linguaxe. Estes proxectos están dirixidos a centros de educación infantil que conteñen máis dunha liña, para que unha delas se imparta en lingua galega. As condicións que se requiren son que o proxecto concorde co informe sociolingüístico da zona onde se vai implantar e que, unha vez proposto polo claustro do centro, conte coa aceptación do Consello Escolar. Como se pode facilmente deducir, xeralmente os centros de máis dunha liña encóntranse en vilas e cidades, co que, deste modo, se incide en dous dos puntos débiles: a educación infantil e as zonas urbanas. Trátase de proxectos en fase experimental durante o período de implantación, con posibilidade de ampliación e continuidade na etapa seguinte, unha vez avaliada a experiencia. Contan para o seu desenvolvemento con formación específica e dotación de materiais.

Ambos os proxectos responden a medidas específicas establecidas nesa área no Plan Xeral de Normalización da lingua galega.

Desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística establécense ao longo de 2006 liñas de apoio para favorecer a promoción da lingua nestes tramos de idade, a través dos centros escolares. Distribuíronse en 2006 materiais de apoio enfocados tamén ao tempo de lecer dos máis pequenos (por exemplo, invitacións para festas, tarxetas do Nadal, tamén en formato electrónico, redactadas en galego e para cubrir polos nenos), ademais de materiais de lectura, etc. No portal educativo de Educación (www.edu.xunta.es) están tamén dispoñibles materiais lúdicos e educativos interactivos en galego.

Está previsto así mesmo una actuación para o primeiro trimestre do curso 2006 unha campaña escolar que promova as relacións interpersoais en galego entre o alumnado da etapa infantil, fomentando o valor funcional e identitario da lingua galega.

- Liña Educativa en Galego para Secundaria.

A adopción dunha liña educativa en galego fíxose extensiva o actual curso 2006-2007 a varios centros de Secundaria. En Primaria e Secundaria, o mínimo de ensino en galego establécese nun 50% das materias, pero a Administración educativa pretende ir máis alá cunha serie de proxectos, o curso que vén, nos que os institutos de Secundaria poderán tomar o galego como lingua vehicular, de modo que todas as materias, salvo as de lingua e literatura españolas e estranxeira, se impartan neste idioma. Este tipo de medidas pretenden garantir tanto unha competencia igual nas dúas linguas cooficiais, como o dereito a escoller a prioritaria na escolarización dos seus fillos.

- Proxecto de Innovación Educativa.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten unha convocatoria de proxectos de innovación educativa en lingua galega dirixida a centros de primaria e de secundaria que presenten propostas encamiñadas á normalización da lingua galega que fagan fincapé no uso oral dentro e fóra das aulas. Prestarase especial atención á implicación das familias nos proxectos así como á participación doutros axentes locais nas iniciativas; é dicir, elaborando un plan de contorno, no que participen as familias, o concello, os centros culturais e outras organizacións sociais para que xunto cos centros educativos desenvolvan un conxunto de

actividades con enfoques ben precisos e cuns obxectivos explícitos referidos á normalización lingüística. Os centros contarán para o desenvolvemento destes proxectos cunha dotación económica e cunha dotación para a biblioteca do centro que serán facilitadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Con esta acción incídese noutros puntos débiles que figuran no Plan Xeral de normalización da lingua galega, como son a sensibilización das familias, a implicación do contorno e a renovación da práctica didáctica.

En todas as convocatorias de proxectos de innovación educativa sobre diversas temáticas, así como nas convocatorias de premios á innovación educativa, é requisito básico que os proxectos, memorias, materiais e documentación en xeral estean redactados obrigatoriamente en galego.

Todas as actuacións descritas van acompañadas da súa correspondente previsión orzamentaria e dan comezo a un plan plurianual, que supón unha aposta decidida pola normalización lingüística no ámbito do ensino, na C. A. de Galicia.

Véxase tamén no punto f a información relativa a outras ensinanzas especiais, como Escolas Oficiais de Idiomas.

Comunidade VALENCIANA

- Información Común para o Parágrafo 1, Puntos a, b, c

O modelo educativo valenciano baséase en programas de educación bilingüe. Ningún dos programas é monolingüe, precisamente porque a Comunidade Valenciana, segundo define o Estatuto de Autonomía, ten dúas linguas oficiais e hai unha manifesta vontade de lle dar ao valenciano unha especial protección. O Estatuto de Autonomía da Comunidade Valenciana [L.O. 1/2006, de 10 de abril, de Reforma da L.O. 5/1982, de 1 de xullo, de Estatuto de Autonomía da Comunidade Valenciana (BOE núm. 86, de 11.04.2006)] así o indica.

Segundo o artigo 19.2 da Lei de Uso e Ensino do Valenciano [Lei 4/1983, de 23 de novembro (DOGV núm. 133, de 01.12.1983)] , o sistema educativo ten que se articular de maneira que garanta o ensino e aprendizaxe dos dous idiomas, valenciano e castelán.

"[…] sen prexuízo das excepcións reguladas no artigo vinte e catro, ao final dos ciclos en que se declara obrigatoria a incorporación do valenciano ao ensino, e calquera que fose a lingua habitual ao iniciar os estudos, os alumnos teñen que estar capacitados para utilizar, oralmente e por escrito, o valenciano en igualdade co castelán".

En función deste obxectivo, o Decreto 233/1997 de 2 de setembro, do Goberno Valenciano, polo cal se aproba o Regulamento Orgánico e Funcional das escolas de Educación Infantil e de colexios de Educación Primaria. (DOGV núm. 3.073, de 08.09.1997), no artigo 88.1, indica que:

Nos municipios de predominio lingüístico valenciano, que figuran no artigo 35 da Lei de Uso e Ensino do Valenciano, todos os centros aplicarán un o máis dun dos programas de educación bilingüe. Estes programas son:

- Programa de ensino en valenciano,
- Programa de inmersión lingüística
- Programa de incorporación progresiva.

Os centros dos municipios de predominio lingüístico castelán, que figuran no artigo 36 da Lei de Uso e Ensino do Valenciano, poden aplicar, sempre que haxa unha vontade explicitamente manifestada polos pais e nais ou titores, calquera dos programas de educación bilingüe. Os programas de educación bilingüe poderán incorporarse a iniciativa da administración educativa, de acordo coa oferta institucional de ensino en valenciano que se realizará anualmente.Na mesma liña de actuación, o Decreto 234/1997, de 2 de setembro, do Goberno Valenciano, polo cal se aproba o Regulamento Orgánico e Funcional dos Institutos de Educación Secundaria. (DOGV núm. 3.073, de 08.09.1997), no artigo 102.1, indica que:

Nos municipios de predominio lingüístico valenciano, que figuran no artigo 35 da Lei de Uso e Ensino do Valenciano, todos os centros aplicarán un ou máis dun dos programas de educación bilingüe. Así mesmo, aos centros de municipios de predominio lingüístico castelán

que reciben alumnos de municipios de predominio lingüístico valenciano, tamén lles será de aplicación o que se mencionou anteriormente. Estes programas son:

- Programa de ensino en valenciano,
- Programa de incorporación progresiva.

Os centros dos municipios de predominio lingüístico castelán, que figuran no artigo 36 da Lei de Uso e Ensino do Valenciano, poden aplicar, sempre que haxa unha vontade explicitamente manifestada polos pais e nais ou titores, calquera dos programas de educación bilingüe. Os programas de educación bilingüe poderán incorporarse a iniciativa da administración educativa, de acordo coa oferta institucional de ensino en valenciano que se realizará anualmente.

Obsérvase pois, que a Administración educativa ofrece os diferentes programas a todos os centros educativos da Comunidade Valenciana. Queda á vontade de cada Consello Escolar de Centro optar por aplicar un programa ou máis dun. Así, a Administración educativa garante o coñecemento das dúas linguas a través da articulación de tres programas de educación bilingüe.

O Programa de ensino en valenciano supón o uso do valenciano, como lingua base de aprendizaxe, en todo o tramo de escolarización obrigatoria. A maior parte das materias deben ter como lingua vehicular o valenciano.

O Programa de incorporación progresiva do valenciano ten como lingua base de aprendizaxe o castelán e neste programa, de entre as áreas non lingüísticas, a área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural, como mínimo, impártese en valenciano a partir do terceiro curso de Educación Primaria. Se o Consello Escolar o aproba, esta materia (e as outras que puidesen acordar) pódense impartir en valenciano a partir de primeiro ou segundo curso de Educación Primaria. En Educación Secundaria, son dúas o número de áreas non lingüísticas que como mínimo se deben impartir en valenciano dentro do Programa de incorporación progresiva.

O Programa de inmersión lingüística supón o uso do valenciano, como lingua base de aprendizaxe, en todo o tramo de escolarización obrigatoria. A maior parte das materias deben ter como lingua vehicular o valenciano. Trátase dun programa deseñado para que alumnos non valencianofalantes, escolarizados en municipios de predominio lingüístico valenciano, poidan conseguir o dominio das dúas linguas oficiais e un rendemento óptimo nos contidos do resto das áreas, todo iso a través dunha metodoloxía específica.

O proxecto educativo de cada centro debe incluír o deseño particular do programa ou programas de educación bilingüe que aplique. O deseño particular do programa de educación bilingüe é a concreción e contextualización á realidade particular de cada centro e, ao mesmo tempo, constitúe o conxunto de decisións previas para a elaboración dos documentos de organización e de xestión educativa.

Nos centros de Educación Infantil e Primaria, e segundo Resolución de 6 de xullo de 2005 (DOGV núm. 5.049, de 14.07.2005), o deseño particular do programa de educación bilingüe incluirá:

a) Os obxectivos xerais do currículo prescritivo do nivel, contextualizados atendendo á realidade educativa do centro e ás esixencias do propio programa.
b) A proporción do uso do valenciano e do castelán como linguas de instrución.
c) O horario das diferentes áreas, nos diferentes ciclos, respectando os mínimos establecidos nos puntos segundo e terceiro da Orde de 12 de maio de 1994 (DOGV de 19.07.1994). Este punto c) só será prescritivo para os centros que apliquen o Programa de inmersión lingüística.
d) Os momentos e a secuencia de introdución sistemática da lectoescritura en valenciano e castelán.
e) O tratamento metodolóxico das diferentes linguas: castelán, valenciano e o idioma estranxeiro.
f) A previsión de actuacións co alumnado de nova incorporación ao sistema educativo valenciano e que necesita unha atención específica para suplir a súa baixa competencia lingüística nalgunha das linguas oficiais.

Nos centros de Educación Secundaria, e segundo a Resolución de 28 de xullo de 2005 [DOGV núm. 5.084, de 02.09.2005] , o deseño particular do programa de educación bilingüe incluirá:

a) Os obxectivos xerais do currículo prescritivo da Educación Secundaria Obrigatoria contextualizados e atendendo á realidade educativa do centro e ás esixencias do programa.
b) O tratamento metodolóxico das diferentes linguas.
c) A previsión de actuacións co alumnado de nova incorporación ao sistema educativo valenciano e que necesita unha atención específica para suplir a baixa competencia destes nalgunha das linguas oficiais.
d) A proporción de uso vehicular das dúas linguas oficiais nos diferentes cursos e grupos.
e) A previsión do centro sobre a distribución do profesorado de acordo cos diferentes niveis de formación lingüístico-técnica e a súa competencia en valenciano.
f) A indicación das necesidades específicas que a aplicación dos programas de educación bilingüe poidan ocasionar para que sexan incorporadas ao plan de actuación da asesoría didáctica do valenciano, se son da súa competencia.

A Orde do 30 de xuño de 1998 (DOGV núm. 3.285, de 14 de xullo) establece o Programa de educación bilingüe enriquecido pola incorporación precoz dunha lingua estranxeira, como lingua vehicular, desde o primeiro ciclo da educación primaria. Nesta
orde establécense unhas orientacións sobre organización educativa e unha metodoloxía de tratamento integrado de linguas que garanten optimizar a aprendizaxe das diferentes linguas do currículo, entre elas, e principalmente, o valenciano.

O Programa de inmersión lingüística está deseñado para alumnado maioritariamente castelanfalante, de familias que optan voluntariamente por unha escola en valenciano, porque así se integran lingüisticamente desde o inicio da escolaridade. Neste programa, o alumnado mantén e mellora a lingua familiar e adquire outra, o valenciano, a través do traballo específico baseado nun enfoque comunicativo das linguas.

Para o alumnado castelanfalante, o feito de iniciar a escolaridade en valenciano supón case a única posibilidade de dominar a outra lingua oficial que ten menor presenza social. No Programa de inmersión lingüística pártese do respecto á lingua propia do alumnado. Na clase utilízase unha metodoloxía que fomenta a comprensión e a expresión a partir de situacións vividas, nas cales a nova lingua se aprende ao mesmo tempo que se usa. O castelán, como área e como lingua de instrución, incorpórase a partir do primeiro ou segundo ciclo de

Primaria, segundo o contexto sociolingüístico do centro, e recibe un tratamento cada vez máis sistemático, de maneira que as alumnas e os alumnos conseguen un dominio formal da lingua que xa coñecen.

O alumnado que seguiu un programa de inmersión lingüística (PIL) en Educación Infantil e Primaria está perfectamente capacitado para continuar na Educación Secundaria no programa de ensino en valenciano (PEV).

Segundo a máis recente publicación do Ministerio de Educación e Ciencia sobre "As cifras da educación en España. Estatísticas e indicadores. Edición 2005", o alumnado matriculado o curso 2002-2003 na Comunidade Valenciana en Educación Infantil, Primaria, Secundaria Obrigatoria e Postobrigatoria ascendía a 633.368. Ese mesmo curso escolar, eran 147.297 os estudantes que estaban dentro dun programa de inmersión lingüística (PIL) ou dun programa de ensino en valenciano (PEV), un 23,257% da poboación escolarizada.

No actual curso escolar, 2005-2006, o número de alumnos que estudan seguindo un dos programas PIL ou PEV incrementouse, son xa 162.718 os alumnos.

Cada ano escolar, a Consellería de Cultura, Educación e Deporte da Generalitat, dentro do marco de promoción do ensino en valenciano, elabora un material divulgativo que informa sobre o programa de ensino en valenciano (PEV) e o programa de inmersión lingüística (PIL), os beneficios que supón estudar en valenciano, así como unha relación de todos os centros escolares que ofrecen calquera destes dous programas. Durante o curso escolar 2002-2003, eran 912 os centros que dispoñían de alumnado estudando nalgún dos dous programas referidos. Actualmente, durante o curso escolar 2005-2006, estes programas existen nun total de 1.004 centros.

Tal e como indica o Decreto 233/1997 antes referido, todos os programas de educación bilingüe están dispoñibles para todos os centros do territorio da Comunidade Autónoma.
É o Consello Escolar de cada centro quen procede á aplicación dun o máis dun deses programas.

Evolución de centros e alumnado escolarizados en programas de ensino en valenciano ou de inmersión lingüística en Educación Infantil e Primaria.

Curso	Alumnado	Centros
2002/03	112.164	671
2003/04	114.500	691
2004/05	116.837	704
2005/06	119.431	717

Evolución de centros e alumnado escolarizados en programas de ensino en valenciano na Educación Secundaria,

Curso	Alumnado	Centros
2002/03	35.133	241
2003/04	38.108	259
2004/05	39.020	275
2005/06	43.287	287

Comunidade Foral de NAVARRA

- Información Común para o Parágrafo 1, Puntos a, b, c, d

Na zona vascófona o éuscaro é lingua oficial xunto co castelán, por iso, a normativa vixente establece que o ensino do castelán e do éuscaro se dirixirá aos alumnos de todos os niveis, modalidades e graos nos centros públicos e privados.

Os cidadáns poden elixir entre o ensino en castelán co éuscaro como materia (Modelo A), o ensino en éuscaro co castelán como materia e como lingua vehicular nunha ou dúas materias (Modelo B) e o ensino en éuscaro co castelán como materia (Modelo D).
O modelo G, ensino sen lingua vasca, non está dispoñible na zona vascófona, aínda que aqueles alumnos que demostren unha residencia eventual na zona poden pedir a exención da materia de lingua vasca. Esta exención, que se debe renovar anualmente, está concedida a 79 alumnos; un 1,23% do total dos alumnos da zona.

- A Distribución de Alumnos.

Nos dous últimos cursos 2004/2005 e 2005/2006, obxecto do presente informe, a distribución dos alumnos escolarizados na zona vascófona foi a seguinte:

CURSO 2004/2005:

CURSO 04-05	INFANTIL		PRIMARIA		SECUNDARIA OBRIGATORIA		BACHARELATO	
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada
Ensino en Éuscaro (D)	1040	250	1826	448	1139	208	353	0
Ensino en Éuscaro (B)	6	26	23	40	33	0	0	0
Ensino de Éuscaro (A)	97	52	280	108	213	106	80	0
Ensino en Castelán (G)	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	1143	328	2129	596	1385	314	433	0



Na zona vascófona escolarizáronse no curso 2004-05 o 8,11% do total dos alumnos navarros

Nesta zona o 89,9% dos alumnos escolarizados en educación infantil estuda en éuscaro, no modelo D fundamentalmente, na educación primaria estes alumnos supoñen o 85,76%, na ESO o 81,22% e no Bacharelato o 81,52%.

O resto dos alumnos escolarízanse no modelo A, que está presente, sobre todo, nas concentracións escolares.

CURSO 05-06	INFANTIL		PRIMARIA		SECUNDARIA OBRIGATORIA		BACHARELATO	
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada
Ensino en Éuscaro (D)	1075	272	1778	564	1192	208	360	0
Ensino en Éuscaro (B)	0	29	1	33	0	0	0	0
Ensino de Éuscaro (A)	84	47	277	108	228	98	69	0
Ensino en Castelán (G)	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	1159	348	2056	705	1420	306	429	0

A porcentaxe de alumnos escolarizados na zona vascófona supuxo no curso 2005/06 un 8% do total do alumnado navarro.

O modelo D e o modelo B agrupan o 85,82% do total do alumnado da zona. Na educación infantil escolariza o 91,31% do alumnado, na educación primaria o 86,06%, na ESO o 81,11% e no bacharelato o 83,92% do total dos alumnos da zona vascófona. O 87,01% dos alumnos da rede pública da zona e o 81,38% dos alumnos da concertada desta zona escolarízanse nos modelos D e B.



Nesta zona, o modelo A, supón o 14,18% do alumnado. En educación infantil o 8,69% escolarízase neste modelo, en primaria o 13,94%, na ESO a porcentaxe supón o 18,89% e

no bacharelato o 16,08%. O 12,99% dos alumnos da rede pública da zona e o 18,62% dos alumnos da concertada escolarízanse no modelo A.

- Os Centros Educativos.

Na Zona vascófona a estrutura dos centros correspóndese co carácter disperso da poboación. A maior parte dos centros, de reducido tamaño, imparten as etapas de infantil e primaria nas vilas e ofertan maioritariamente o modelo D.

Os centros de secundaria, así como os centros da rede concertada están presentes, salvo raras excepcións, nas cabeceiras de comarca, que, á súa vez, contan cos colexios públicos de infantil e primaria de maior tamaño. Na súa maioría ofrecen varios modelos e acollen os alumnos de vilas pequenas que non teñen esa oferta na súa localidade.

	INFANTIL E PRIMARIA		ESO		BACHARELATO	
	Publica	Privada	Publica	Privada	Publica	Privada
Nº de centros que ofrecen só Modelo A	2	1	-	1	-	-
Nº de centros que ofrecen só Modelo D	36	6	7	1	1	-
Nº de centros que ofrecen Modelos A e D	9	-	5	-	3	-
Nº de centros que ofrecen Modelos A e B	-	1	-	-	-	-
Nº de centros que ofrecen Modelos A, B e D	1	-	1	-	-	-

A ratio de alumnos por grupo correspóndese coa baixa densidade de poboación:

	ZONA VASCÓFONA		
	Infantil	Primaria	Secundaria
Modelo D+B	14,0	13,2	20,0
Modelo A	16,2	12,0	15,8

- A Escolarización.

Os alumnos de novo ingreso cobren un impreso de preinscrición no que se poden solicitar ata tres centros diferentes por orde de prioridade. Nesta zona os centros teñen suficiente número de prazas para absorber a demanda tal e como se presenta. Salvo contadas excepcións todos os alumnos obteñen o posto escolar solicitado.

Cando a praza escolar obtida nun centro público está lonxe do domicilio do alumno, este caso dáse en alumnos de secundaria e en poboacións moi dispersas, o Departamento de Educación organiza e financia o transporte escolar e o comedor, no caso de alumnos con xornada partida.

No caso de que o transporte escolar organizado polo Departamento non lle dea servizo a algún alumno que se deba desprazar máis de 5 quilómetros desde o seu domicilio para escolarizarse na opción lingüística elixida, aplícase a convocatoria específica de axudas ao transporte e comedor por este motivo. É o caso de só 5 alumnos da zona que decidiron asistir ao modelo B nun centro concertado.

- Información Común para o Parágrafo 1, Puntos a, b e c

Das normas citadas na parte I do Informe despréndese que:

a) Non pode haber separación de alumnos por razón de lingua; é dicir, todos os alumnos, independentemente da súa procedencia ou do momento en que se incorporase no sistema educativo das Illes Balears, deben dominar as dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma ao finalizar o ensino obrigatorio. Correspóndelles aos centros educativos aplicar as estratexias adecuadas para alcanzar este obxectivo.
b) O Proxecto Lingüístico de Centro forma parte do Proxecto Educativo de Centro, e debe ter en conta toda a normativa á hora de ser elaborado.
c) O Proxecto Lingüístico de Centro é elaborado por unha Comisión e aprobado polo Consello Escolar, máximo órgano de goberno no centro educativo, onde participa toda a comunidade escolar (pais e nais, alumnos, mestres, persoal de servizo e concello)
d) Basicamente, a normativa que debe inspirar o Proxecto Lingüístico de Centro é a que emana da Lei 3/1986, de 29 de abril, de normalización lingüística das Illes Balears (artigo 1.2)
– Facer efectivo o uso progresivo e normal da lingua catalá no ámbito oficial e administrativo
– Asegurar o coñecemento e o uso progresivo do catalán como lingua vehicular no ámbito do ensino

Desta maneira, como mínimo o 50% das materias débense impartir en lingua catalá.

Os pais, nais ou titores legais poden elixir a primeira lingua do ensino de maneira individual; é dicir: un tratamento individualizado dunha ou outra lingua. Agora ben, estes nenos e nenas, cando cheguen ao primeiro curso do primeiro ciclo de primaria, deben poder recibir, como mínimo, o 50% de materias en lingua catalá, á marxe da lingua que os titores legais elixisen para o primeiro ensino.

O obxectivo é que os nenos e nenas aprendan a falar, escribir e entender nas dúas linguas oficiais coa finalidade de que as poidan elixir libremente á hora de utilizar unha ou outra.

Dentro do ámbito da formación regrada nas Illes Balears o Consorcio (COFUC) levou a cabo distintas actuacións.

Para o fomento da lectura realizáronse as actividades seguintes:

• Día do Libro

Para o Día do Libro elaboráronse propostas didácticas, caixas con material didáctico e libros dirixidos ao profesorado e a todo o alumnado de educación infantil, primaria e secundaria

matriculados en centros educativos públicos, privados e concertados das Illes Balears. Os obxectivos desta campaña son os seguintes:

- Fomentar o hábito da lectura como fonte de pracer, información e aprendizaxe.
- Potenciar o sentimento de pertenza á realidade cultural e lingüística das Illes Balears.
- Acceder con autonomía crecente ás obras literarias, como mostras destacadas do patrimonio cultural.
- Desenvolver a sensibilidade ante a obra literaria.
- Mellorar as producións escritas propias por medio da reflexión sobre os aspectos formais da lingua a partir da lectura.
- Ofrecerlles recursos aos profesores para desenvolver a súa tarefa na formación do alumno como futuro lector.

Editou libros e propostas didácticas para os diferentes niveis educativos. Para educación infantil editou: Unes vacacions amb companyia, El pesolet, La filla del rei a la fortaisa de foc, Rissona l‘ eriçona i El capell volador. Para educación primaria editou: En la Paparreta, La Barseta, El castell d‘ Iràs i non Tornaràs, El gegant des Vedrà, El fill del pescador, Mestre entre tots els mestres, El viatge d‘ en Martí, El gegant de s‘ ermita, L‘ amor de les tres taronges e L‘ Endevineta. E para educación secundaria editou: 4 llegendes de les Illes Balears (lendas populares das Illes Balears), Recull de contes 2005, Recull de contes 2006 e Les fures de Llorenç Villalonga.

• Escola de lectura

O programa Escola de lectura púxose en marcha durante o curso 2004/05. Recupera a campaña « Llegeix, t‘agradarà» , levada a termo durante o curso escolar 1998/99. Os obxectivos deste programa son os seguintes:

- Potenciar a lectura como fonte de comunicación, de información e de pracer
- Fomentar o hábito da lectura
- Poñer ao alcance do profesorado materiais diversos, recursos didácticos e propostas metodolóxicas para traballar a lectura na aula
- Fomentar a participación activa do profesorado e, sobre todo, do alumnado
- Achegar aos habitantes da nosa comunidade a literatura oral das Illes Balears
- Achegar ao alumnado da nosa comunidade os autores máis representativos das Illes Balears

Para alcanzar estes obxectivos o Consorcio (COFUC) ofrece materiais de dous tipos. Unhas maletas literarias en servizo de préstamo que puxo ao alcance dos centros de educación infantil, primaria e secundaria, e os cadernos de lectura.

• Programa “Maletas literarias“.

As “maletas“ literarias conteñen libros, diferentes materiais e propostas didácticas para traballar na aula. Están dirixidas a educación infantil, primaria e primeiro ciclo de educación secundaria. As maletas que se crearon son: para educación infantil: Biblioteca de aula (selección de contos), La rabosa i l‘ eriçó (conto) e La rateta que agranava l‘ escaleta (teatro); para educación primaria: La rabosa i l‘ eriçó (conto), La rateta que agranava l‘ escaleta (teatro), La filla do carboneret (conto), Na Ventafocs (teatro), En Gostí lladre (conto)

e Aladí i la llàntia meravellosa (teatro); para educación secundaria Entre el cel la terra (narrativa), L‘ anell de Boken-Rau (narrativa) e Les noces del cel i de la terra (narrativa).

• Cadernos de Lectura.

Os cadernos de lectura teñen o obxectivo de achegar o alumnado de secundaria a autores das illas clásicos e contemporáneos. Fórmanos 6 guías de lectura: O bloc do bogamarí, El raïm del Sol i de la Lluna, Memorial de Tabarka, Isidor Macabich, Salvador Galmés i J oan Ramis i Ramis.

O Consorcio (COFUC) editou obras e material didáctico (caixas de apoio e caixas de ferramentas de teatro) que forman parte do contido das maletas e os cadernos de lectura. No que concirne aos libros coas adaptacións dos contos editou:
La rabosa i l‘ eriçó, La filla del carboneret, En Gostí lladre, La cadernera i En Pere de la favera. Estes libros van acompañados de caixas de apoio para as adaptacións dos contos que levan o mesmo título. Tamén se editou o libro e carpeta de apoio didáctico: El capell volador. Outras publicacións dedicáronse a adaptacións teatrais
La rateta que agranava l‘ escaleta, Aladí i la llàntia meravellosa, Na Ventafocs i Na Blancaneu. Tamén se elaboraron caixas de ferramentas para as adaptacións teatrais que levan o mesmo título dos libretos. No que concirne aos cadernos de lectura reeditáronse os autores: Joan Cardona, Isidor Macabich, Ponç Pons e Miquel Rayó.

Como ferramenta de apoio, para completar toda a información e facilitar o contacto cos centros creouse a web da Escola de lectura.

Para traballar diferentes vocabularios editáronse tres pósteres de léxico: La rabosa i l‘ eriçó (léxico dos animais), La filla do carboneret (léxico dos utensilios de cociña) e En Gostí lladre (léxico dos oficios).

Tamén se reeditou o libro do autor das illas Marià Villangómez El año en estampas e coeditouse coa Fundación Pública Antoni M. Alcover a obra Com una rondalla. Els treballs i la vida de mossè n Alcover.

• Edición de Xogos Lúdicolingüísticos

Som la classe: propón diferentes xogos e actividades para traballar a comprensión e expresión orais. Trátase dun recurso creado para educación infantil, primaria e alumnado de incorporación tardía.

Ser joc i paraula reúne linguaxe e experiencia lúdica e favorece a dinamización da aula. Este material está dirixido ao primeiro ciclo de primaria e aos diferentes profesionais e equipos que fan apoio de lingua nas escolas das Illes Balears.

Comunidade Autónoma de ARAGÓN

- Información Común para o Parágrafo 1, Puntos a, b, c

- Catalán.

O ensino de catalán en Aragón comezou no ano 1984 e a normativa que se aplica á hora de regular este ensino parte do Convenio subscrito entre a Dirección Xeral de Coordinación e Alta Inspección, do Ministerio de Educación e Ciencia, que nese momento desenvolvía as funcións educativas en Aragón, e a Consellería de Cultura e Educación, da Comunidade Autónoma de Aragón, sobre o ensino de lingua catalá nas comarcas orientais de Aragón (Resolución de 28 de novembro de 1986).

A partir dese momento, pódense constatar os seguintes feitos:

- O ensino do catalán pasou de se impartir nos poucos centros para os que se asignaban 12 profesores en 1986, a 28 centros entre Colexios Públicos de Educación Infantil e Primaria (10), Centros Rurais Agrupados (10. Só se ten en conta para o cómputo a cabeceira, pero a composición total destes C.R.A.S. ascende a 34 localidades), Institutos de Educación Secundaria e as súas respectivas Seccións (7) e un Colexio Concertado. Tamén se imparte catalán na E.O. I. de Fraga e na E.O.I. —Fernando Lázaro Carreter“ de Zaragoza.

- O número de prazas de profesores ascendeu das 12 concedidas en 1.986 a 32,5 no presente curso 2005/06.

- O ensino do catalán como materia optativa ofértase en todos os centros das comarcas orientais de Aragón que o solicitaron.

- De acordo cos Equipos Directivos, cada Servizo Provincial determina o horario de dedicación, de ata 3 horas / semanais, dentro do horario escolar lectivo.

- En canto á avaliación e forma de consignar os estudos de catalán, os centros atéñense á cláusula sexta da Resolución. Datos dos centros que imparten catalán.

Os Centros que imparten catalán, por provincias:

TIPO DE CENTRO	CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
	"Miguel Servet"	Fraga	
	"San José de Calasanz"		
C.P.	"San Isidro"	Tamarite de Litera	Huesca
	-San Miguel“		
	"San Juan Bautista“	Zaidín	
	"Virgen de Litera"	Litera (Barrio de Fraga)	
	"Vicente Ferrer Ramos"	Valderrobres	Teruel
	"Maria Quintana"	Mequinenza	Zaragoza
	"Nuestra Señora do Pilar"	Fayón	
	"Virgen do Portal"	Maella	
Colexio	"Santa Ana"	Fraga	Huesca
C.R.A.	Altorricón	Algayón, Altorricón, Vencillón	
	A Llitera	Albelda, Alcampell, Castillonroy, Estopiñán	
	Ribagorza Oriental	Arén, Benabarre, Montanuy,Tolva	
	Ribera do Cinca	Miralsot, Torrente de Cinca, Velilla de Cinca	
	Algars	Arens de Lledó, Beceite, Cretas, Lledó	Teruel
	de Castellote	Aguaviva, Cañada de Verich, A Ginebrosa	
	de A Fresneda	A Fresneda, A Portellada, Ráfales, Valjunquera	
	Tastavins	Fuentespalda, A Cerollera, Monroyo, Peñarroya de Tastavins	
	Matarranya	Calaceite, Mazaleón, Valdeltormo	
	Dos Aguas	Fabara, Nonaspe	Zaragoza
I.E.S.	"Bajo Cinca"	Fraga	Huesca
	"Ramon J. Sender"		
	"Baltasar Gracián" *	Graus(localidadcastellanohablante)	
	"A Llitera	Tamarite deLitera	
	"Matarraña"	Valderrobres	Teruel
Sección de I.E.S	"Bajo Cinca“ de Fraga	Mequinenza	Zaragoza
	-Mar de Aragón“ de Caspe	Maella	

* Centro onde se imparte catalán aínda que a localidade é castelanfalante

Igualmente, existen determinadas localidades catalanfalantes que dispoñen de escola, pero sen alumnos en catalán porque o centro non o solicitou, que son Castigaleu, na provincia de Huesca; e La Codoñera e Torrevelilla, na provincia de Teruel. Un caso especial é de Laspaúles, na provincia de Huesca, localidade catalanfalante, pero na que se imparte aragonés.

O número de centros, alumnos e profesores de catalán, para os cursos 2004-2005 e 200-2006, son os seguintes:

2004/05	C.P.s	C.s	C.R.A.s	I.E.S.	ALUMNOS	MESTRES	P.E.S.
HUESCA	6	1	4	4	2.591	17,5	4,5
TERUEL	1		5	1	463	3,5	1
ZARAGOZA	3		1	2 sec.	505	4	1
TOTAL	10	1	10 (34 loc.)	7	3.559	25	6,5

A porcentaxe de alumnos que cursan catalán en Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato, nos municipios de fala catalá de Aragón, no curso 2004/05 é do 72,72%. A distribución por provincias é a seguinte: 82,14 % na provincia de Huesca; 75,30 % na de Zaragoza, e 43,52 % na de Teruel.

Os datos correspondentes ao curso 2004/2005 son os seguintes:

2005/06	C.P.	C.s	C.R.A.s	I.E.S.	ALUMNOS	MESTRES	P.E.S.
HUESCA	6	1	4	4	2.588	18,5	4,5
TERUEL	1		5	1	513	3,5	1
ZARAGOZA	3		1	2 sec.	534	4	1
TOTAL	10	1	10 (34 loc.)	7	3.635	26	6,5

Tanto no curso 2004/05 como no 2005/06, e nos mestres inclúense 3 laborais e un de pagamento delegado e no de P.E.S. inclúese un de pagamento delegado.

O número absoluto de alumnos de catalán, en cada nivel é o seguinte:

NIVEL	2004/05	2005/06
Infantil	737	790
Primaria	1.868	1.936
Secundaria	793	741
Bacharelato	158	160
Formación Profesional	3	8
TOTAL	3.559	3.635

En canto ás horas impartidas, por niveis e tipos de ensino, o Goberno de Aragón proporciona os seguintes datos:

- Infantil, Primaria e Secundaria: entre 1 e 3 horas/semana.
- Bacharelato: de 2 a 3 horas/semana.
- Formación Profesional: 1 hora/semana.
- E.O.I.: implantación na E.O.I. de Monzón, extensión en Fraga, e E.O.I. “Fernando Lázaro Carreter“ de Zaragoza durante o curso escolar 2003/04: 4:30 horas/semana
- Centro de Educación Permanente de Adultos de Fraga: niveis de iniciación, B e C.

- Ensino bilingüe en catalán

O Estatuto de Autonomía de Aragón, tras a reforma aprobada pola Lei Orgánica 5/1996, de 30 de decembro, establece no artigo 7 que “As linguas e modalidades lingüísticas propias de

Aragón gozarán de protección. Garantirase o seu ensino e o dereito dos falantes na forma que estableza unha lei das Cortes de Aragón para as zonas de utilización tradicional daquelas."
Tamén o Estatuto de Autonomía, no artigo 35.1.30ª, recoñécelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de cultura, con especial atención ás manifestacións peculiares de Aragón e ás súas modalidades lingüísticas, a súa conservación e á promoción do seu estudo.

Polo que respecta ao ensino en catalán, a política do Departamento encamíñase cara á implantación de ensino bilingüe, de forma optativa, nos centros de Educación Infantil, Primaria e Secundaria do ámbito territorial de fala catalá.

Así pois, partindo das experiencias levadas a cabo neste sentido polo C.E.I.P. "Miguel Servet" de Fraga (Huesca) desde o curso 2003/04, vistos os informes remitidos polo centro e o Servizo de Inspección neste centro, e tras a reunión celebrada coa Dirección e o Servizo de Inspección, autorizouse, mediante Resolución de 8 de setembro de 2005, da Dirección Xeral de Política Educativa, a implantación con carácter experimental dun proxecto lingüístico bilingüe en castelán-catalán a partir do curso 2005/06.

Tal e como queda recollido no Anexo I desta Resolución, que establece un proceso de implantación que comeza no curso 2005/06 e finaliza no curso 2007/08, os alumnos de 2º ciclo de Educación Infantil reciben 2 horas en lingua catalá. Pola súa parte, os alumnos de Educación Primaria reciben 2 horas de Lingua Catalá e 4 horas, en catalán, de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.

Durante o curso 2004/05, propúxoselle a un I.E.S. da comarca da Litera (Huesca) a súa participación nun proxecto lingüístico bilingüe en castelán-catalán a partir do curso 2005/06, pero non prosperou a proposta. Así mesmo, durante este curso 2005/06, fíxoselle a mesma proposta a outro I.E.S. da comarca do Baixo Cinca (Huesca) para o curso 2006/07, pero o claustro de profesores rexeitouna en reunión de 29 de marzo de 2006.

En tanto en canto non estea aprobada a Lei de Linguas polas Cortes de Aragón, o Departamento de Educación, Cultura e Deporte continuará coa ampliación e extensión progresiva do programa experimental de bilingüismo nos C.E.I.P. e I.E.S. da Franxa Oriental de Aragón.

- Convenio de colaboración coa Generalitat de Catalunya.

O 7 de maio de 2003 asinouse un Acordo Marco de Colaboración entre o Departamento de Ensino da Generalitat e o Departamento de Educación do Goberno de Aragón.

Neste Convenio exponse o mutuo interese na promoción do ensino da lingua catalá e en contribuír activamente na consecución deste obxectivo no ámbito da educación; aludindo, ademais, aos lazos históricos, culturais e lingüísticos que unen desde hai séculos Catalunya e Aragón e que constitúen un campo favorable para o desenvolvemento de relacións entre centros escolares, ensinantes e alumnos. Igualmente, exponse a conveniencia de establecer una cooperación entre ambas as Comunidades en materia de investigación en educación, de difusión de iniciativas pedagóxicas, de formación inicial e continuada do persoal, de creación de recursos didácticos, é unha base esencial para o progreso dos sistemas educativos respectivos.

Con maior detalle, os obxectivos previstos son os seguintes:

- Promover a aprendizaxe do catalán e a innovación educativa referida a esta aprendizaxe.
- Desenvolver proxectos de especial interese común entre a Comunidade Autónoma de Catalunya e a Comunidade Autónoma de Aragón.
- Facilitar os encontros de alumnos e profesores co obxecto de promover intercambios escolares, intercambios de estudantes, encontros de ensinantes, estancias profesionais e lingüísticas.
- Promover actividades de cooperación para a educación e a formación profesional e continua.
- Desenvolver os intercambios e as accións comúns dentro do dominio da formación inicial e continua dos/as inspectores/as de ensino, dos directores de centro, dos ensinantes, do persoal dos centros de recursos.
- Promover a difusión, o intercambio e a produción de ferramentas pedagóxicas en catalán, desenvolvendo as relacións xa existentes entre o C.P.R. de Fraga e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (actual Dirección Xeral de Política Educativa).
- Favorecer os proxectos educativos que valoren o patrimonio cultural e lingüístico de ambas as comunidades desde a escola Primaria ata a Universidade.

No Convenio créase un Grupo de Traballo ou Comisión de Seguimento, coa finalidade de promover, seguir e avaliar os proxectos que se realicen dentro do marco; composto por 5 representantes de cada unha das dúas Administracións autonómicas, entre eles un representante de cada Inspección de Educación.

- Aragonés.

O ensino do aragonés comezou no ano 1997 e na actualidade impártese nos seguintes centros da provincia de Huesca:

TIPO DE CENTRO	NOME	LOCALIDADE
C.P.	-Valle do Guarga“	Aineto
	-Asunción Pañart Montaner“	Aínsa
	-Virgen de os Ríos“	Caldearenas
	-Monte Oroel“	Jaca
	-San Juan de a Peña“	
	-Puente Sardas“	Sabiñánigo
	-Miguel Servet“	Senegüé
C.R.A.	-Alta Ribagorza“	Benasque, Castejón de Sos, Cerler, Laspaúles*, Sahún
	-Alto Gállego“	Panticosa, Sallent de Gállego, Tramacastilla de Tena
I.E.S.	-Sobrarbe“	Aínsa
	-Pirineos“	Jaca
Sección de I.E.S.	-Baltasar Gracián“ de Graus	Castejón de Sos

* Laspaúles é localidade catalanfalante, pero impártese aragonés por solicitude do centro (3 alumnos en 2004/05 e 1 alumno en 2005/06)

O número de centros, alumnos e profesores son os seguintes:

2004/05	C.P.s	C.R.A.s.	I.E.S.	ALUMNOS	MESTRES	P.E.S.
HUESCA	4	2	3	185	1,5	0,5

2005/06	C.P.s	C.R.A.s.	I.E.S.	ALUMNOS	MESTRES	P.E.S.
HUESCA	7	2	3	213	2	0,5

O próximo curso 2006/07 incorporarase un novo centro, o CEIP "Montecorona" de Sabiñánigo (Huesca), que impartirá clases de aragonés, xa que así o solicitou o Consello Escolar.

O número absoluto de alumnos de aragonés, en cada nivel é o seguinte:

NIVEL	2004/05	2005/06
Infantil	46	65
Primaria	125	126
Secundaria	8	16
Bacharelato	5	6
Formación Profesional	1	0
TOTAL	185	213

En canto ás horas impartidas, por niveis e tipos de ensino, o Goberno de Aragón proporciona os seguintes datos:

- Infantil e Primaria: entre 30 minutos e 1 hora/semana.
- Secundaria: 1 hora/ semana
- Bacharelato: 1 hora/semana.
- Formación Profesional: 1 hora/semana (durante o curso 2005/2006, non hai alumnos)

Estas horas impártense dentro do horario escolar na metade dos centros, segundo decisión do Consello Escolar.

b.

i. Prever un ensino primario garantido nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou

j. Prever que unha parte substancial do ensino primario se faga nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou

k. Prever, no marco da educación primaria, que o ensino das linguas rexionais ou minoritarias correspondentes forme parte integrante do plan de estudos; ou

l. Aplicar unha das medidas ás que se refiren os puntos i) a iii) anteriores, polo menos para os alumnos de familias o desexen nun número que se considere suficiente;

Comunidade Autónoma de EUSKADI

Cúmprese amplamente, e de forma crecente, desde 1983-84. (Ver punto a,i)

Hoxe en día, o modelo D é maioritario en Educación Infantil. Velaquí a evolución das matrículas de Educación Xeral Básica e Educación Primaria por modelos educativos desde 1983-84 a 2002-03 (%):



c.

i. Prever un ensino secundario garantido nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou

ii. Prever que unha parte substancial do ensino secundario se faga nas linguas rexionais ou minoritarias; ou

iii. Prever, no marco da educación secundaria, o ensino das linguas rexionais ou minoritarias como parte integrante do plan de estudos; ou

iv. Aplicar unha das medidas ás que se refiren os puntos i) a iii) anteriores, polo menos para os alumnos que o desexen -ou, no seu caso, das familias que o desexen-, nun número considerado suficiente;

Comunidade Autónoma de EUSKADI

(Ver punto a,i).

Cúmprese de forma crecente, de modo que o ensino impartida basicamente en éuscaro (modelo D) alcanza o curso 2005-06 as seguintes cotas porcentuais:

Oferta educativa vehiculada integramente en éuscaro (modelo D):

E.S.O.	48,69%
Bacharelato	45,84%

A isto hai que engadir a oferta formativa vehiculada parcialmente en éuscaro (modelo B).

E.S.O.	24,22%
Bacharelato	1,55%

Diso dedúcese que a oferta de ensino secundario en éuscaro supera a existente en castelán. Velaquí a evolución das matrículas de Educación Secundaria Obrigatoria por modelos educativos desde 2000-01 a 2005-06:

MATRIKULA - EAE
DBHko IKASLEAK 2000/01 ... 2005/06
ALUMNOS DE E.S.O. 2000/01 ... 2005/06



Polo contrario, en Bacharelato, o modelo A continúa sendo aínda lixeiramente superior ao modelo D:

MATRIKULA - EAE
BATXILERGOKO IKASLEAK 2000/01 ... 2005/06
ALUMNOS DE BACHILLERATO 2000/01 ... 2005/06



d.

i. Prever un ensino técnico e profesional garantida nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou

ii. Prever que unha parte substancial do ensino técnica e profesional se faga nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou

iii. Prever, no marco da educación técnica e profesional, o ensino das linguas rexionais ou minoritarias correspondentes como parte integrante do plan de estudos; ou

iv. Aplicar unha das medidas ás que se refiren os puntos i) a iii) anteriores, polo menos para os alumnos que o desexen ou, no seu caso, de familias que o desexen nun número considerado suficiente;

Comunidade Autónoma de EUSKADI

(Ver punto a,i).

Certamente é menor a cobertura de ensino técnico e profesional en éuscaro. Concretamente, e polo que se refire ao curso 2005-06, a oferta vehiculada total (modelo D) ou parcialmente (modelo B) en éuscaro é a seguinte:

- ensino totalmente en éuscaro (modelo D) 17,74%
- ensino parcialmente en éuscaro (modelo B) 2,81%

Aínda así débese sinalar que, hai cinco anos, a presenza porcentual do éuscaro en formación profesional era menor. Concretamente, a seguinte:

- ensino totalmente en éuscaro (modelo D) 11,25%
- ensino parcialmente en éuscaro (modelo B) 5,14%

MATRIKULA - EAE

LANBIDE HEZIKETAKO ZIKLOETAKO IKASLEAK 2000/01 ... 2005/06

ALUMNOS DE CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL 2000/01 ... 2005/06



Comunidade VALENCIANA

Os programas de educación bilingüe e a normativa que os avala garanten o cumprimento íntegro dos dous primeiros ítems.

Cabe indicar que o Decreto 8/1998, de 3 de febreiro, do Goberno Valenciano, establece a ordenación xeral das ensinanzas de Formación Profesional Específica (DOGV núm. 3.182, 12.02.1998). O preámbulo deste Decreto establece que:

" O modelo de educación bilingüe que se formula a partir das prescricións da Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo e a Lei de Uso e Ensino do Valenciano esixe o uso do valenciano e do castelán como linguas de instrución, xa que o ensino impartido nos niveis educativos non universitarios, tanto nos centros públicos coma nos privados, ten que garantirlle ao alumnado un dominio igual das dúas linguas oficiais da Comunidade Valenciana.

Neste sentido, os centros educativos que imparten a Formación Profesional convértense nun ámbito idóneo para a recuperación e a difusión do léxico propio de cada unha das profesións. Neste marco, o desenvolvemento e a fixación dun valenciano apto para a expresión técnica e profesional contará coa importante contribución dos centros educativos e dos alumnos que se formen. Desta maneira, os futuros profesionais de calquera actividade conseguirán unha competencia e un dominio do valenciano que lles permitirá unha mellor integración na sociedade valenciana."

O artigo 3. h deste Decreto marca que como unha das finalidades das ensinanzas da Formación Profesional está o proporcionarlle ao alumnado a formación necesaria para "adquirir a competencia lingüística profesional adecuada no ámbito de traballo nas dúas linguas oficiais da Comunidade Valenciana."

Tal e como vén referido no Decreto 234/1998 antes citado, cada un dos institutos de Educación Secundaria ten que aplicar un ou máis dun dos programas de educación bilingüe en todos os niveis de ensino que ofrecen. E a concreción dese programa en cada centro escolar debe referirse no propio deseño particular do programa ou programas de educación bilingüe, como parte do seu proxecto educativo de centro.

Comunidade Foral de NAVARRA

Os modelos lingüísticos están definidos para o ensino obrigatorio e o bacharelato. No caso da Formación Profesional non existen modelos lingüísticos xa que o principal obxectivo non é aprender e perfeccionar unha lingua (de feito, non cursan a materia de Lingua Vasca nin Lingua Castelán nin ningunha materia instrumental), senón alcanzar unha óptima cualificación profesional que atenda as demandas do sector empresarial correspondente. Non esquezamos que o actual alumno de FP cursou o ensino básico (Primaria e ESO) e/ou o Bacharelato no Modelo lingüístico da súa elección.

Os centros que imparten Formación Profesional na zona vascófona son tres e en cada ciclo formativo dos tres centros conviven alumnos procedentes dos diversos modelos lingüísticos e, en gran medida, o profesorado pódese comunicar cos seus alumnos tanto en éuscaro como en castelán: o IES “San Miguel de Aralar II“ de Alsasua, o IES “Lekaroz“ de Elizondo e o IES “Toki Ona“ de Bera de Bidasoa (nestes centros o profesorado é maioritariamente bilingüe e a lingua vehicular que se utiliza é a lingua do alumno: castelán ou éuscaro). Nestes centros as prazas que se ofertan son para profesorado bilingüe. Nas táboas correspondentes aos tres centros podemos ver os datos de persoal)
A matrícula, do curso 2005/06, nos ciclos que se imparten nestes centros é a seguinte:
IES San Miguel de Aralar de Alsasua:

PERSOAL: NECESIDADES DO CENTRO: 13,5	CASTELÁN ----ÉUSCARO - DEFINITIVOS 6 0 - VACANTES------- 6 1 (MECANIZADO) - OUTRAS NECESIDADES 0 ² (PSICO-PED)		
Grao Medio	1º curso alumnos	2º curso alumnos	FCT alumnos
Instalacións e Mantemento	12	12	
Mecanizado	Sen	7	
Soldadura e Caldeirería	6		6
Grao Superior			
Xestión Comercial e Marketing	Sen		5

IES Toki Ona de Bera de Bidasoa:

PERSOAL: NECESIDADES DO CENTRO: 9,75	CASTELÁN ----ÉUSCARO - DEFINITIVOS--------- .. 3 4 - VACANTES---------- 0 2 - OUTRAS NECESIDADES 0 ² (INSTAL.ELECTR)		
Grao Medio	1º curso alumnos	2º curso alumnos	FCT alumnos
Instalacións e Mantemento	9	20	

Grao Superior			
Mantemento Equipo Industrial	Sen	9	

IES Lekaroz de Elizondo

Persoal: Necesidades do centro: 19	Castelán ---- éuscaro - Definitivos--------- 2 9 - Vacantes---------- 0 8		
Grao Medio	1º curso alumnos	2º curso alumnos	FCT alumnos
Condución de actividades físicas e deportivas	9	--	7
Xestión Administrativa	10		6
Mecanizado	6	10	2
Grao Superior			
Administración e Finanzas	8	8	0

Nestes tres centros, o Departamento de Educación está mantendo a oferta cun número moi baixo de matriculacións. Sen dúbida, se a oferta se realizase con distintas ofertas segundo o idioma, non sería viable, por número, manter varias especialidades e incluso podería estar en perigo a viabilidade dalgúns centros.

e.

i. Prever un ensino universitario e outras formas de ensino superior nas linguas rexionais ou minoritarias, ou

ii. Prever o estudo desas linguas como materias do ensino universitario e superior, ou

iii. Se, en razón do papel do Estado con respecto aos centros de ensino superior, os puntos i) e ii) non se puidesen aplicar, fomentar e/ou autorizar o establecemento dun ensino universitario ou outras formas de ensino superior nas linguas rexionais ou minoritarias, ou de medios que permitan estudar esas linguas na universidade ou noutros centros de ensino superior;

Comunidade Autónoma de EUSKADI

Estas medidas véñense aplicando, de forma progresiva, desde a creación da universidade pública en 1981. As consecuencias que a declaración da oficialidade do éuscaro tivo no ámbito especificamente universitario foron recollidas, á súa vez, nos Estatutos da Universidade do País Vasco, onde se declaran linguas oficiais da Universidade o éuscaro e o castelán. Neste sentido, a Universidade adquiriu o compromiso de garantir e normalizar o uso das dúas linguas no seu campo de actividade.

A declaración dunha lingua como oficial ten consecuencias directas, fundamentalmente porque xera dereitos lingüísticos para os individuos. Os Estatutos da nosa Universidade proporcionan un exemplo claro do anterior no seu artigo 243, onde se recollen, precisamente, os referidos dereitos dos universitarios vascofalantes. Por unha parte, a calquera membro da comunidade universitaria se lle recoñece o dereito a utilizar calquera das dúas linguas oficiais, tanto cando se relaciona con calquera instancia da institución coma cando forma parte dela. Pero os dereitos lingüísticos non só se refiren ao que poderiamos denominar “relacións administrativas“, senón que son recoñecidos tamén naqueles aspectos da actividade máis propiamente universitaria, isto é, docencia e investigación. Así, recoñécese o dereito a recibir e impartir docencia en calquera das linguas oficiais ou a realizar todo tipo de traballos, exames e probas, así como a desenvolver a actividade investigadora en ambas as linguas.

Polo tanto, nos Estatutos quedaron recollidos os dereitos lingüísticos dos integrantes da Universidade en todos os ámbitos da vida universitaria. Pero como tamén resulta evidente, o exercicio de todos os dereitos citados -ou moitos deles polo menos-, non se pode garantir con carácter inmediato ou dun día para outro, máxime tratándose de dereitos de diversa natureza. Polo tanto, para poder garantir o exercicio dos dereitos lingüísticos téñense que tomar unha serie de medidas e téñense que establecer cales serán os recursos necesarios para iso.

Os Estatutos recollen, de feito, esa apreciación. Esa é a razón pola que no seu artigo 244 sinalan que na docencia, na investigación e nos servizos universitarios, a normalización do éuscaro é cualificada como progresiva e faina depender da necesaria planificación.

Polo tanto, a Universidade debe vivir un proceso de adaptación, de forma que o éuscaro, xunto ao castelán, poida ser utilizado con normalidade en calquera dos seus ámbitos e o exercicio efectivo dos dereitos lingüísticos poida ser garantido en calquera situación. Como sinalan os Estatutos, ese proceso de adaptación débese desenvolver de acordo cunha planificación na que se determinen as medidas a tomar ao obxecto de alcanzar os obxectivos marcados, así como os recursos que para iso será necesario utilizar.

Unha especial relevancia tena a publicación da Lei 19/1998, de 29 de xuño, de Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma do País Vasco. Trátase dunha lei que regula algúns aspectos importantes no relativo á normalización lingüística. Por iso, á hora de elaborar un plan de normalización para a Universidade, débese ter presente o establecido na citada Lei. A continuación, transcribirase de forma literal o recollido na mesma. No seu artigo quinto sinala o seguinte:

1.- A Universidade pública adoptará as medidas oportunas para a normalización do uso do éuscaro no ensino universitario, na investigación científica e na actividade administrativa e de servizos, en condicións de igualdade e calidade, respectando sempre o criterio de non dividir a Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea por motivos exclusivamente lingüísticos.

2.- A Universidade pública elaborará programas de euskaldunización para as distintas titulacións que se incluirán no Plan Universitario e se financiarán con cargo a contratos-programa.

3.- Os programas de euskaldunización deberán establecerse de conformidade cos seguintes criterios:
a) A adecuación entre a oferta de estudos universitarios en éuscaro e a demanda do alumnado.
b) A determinación dun número necesario de estudantes para abrir ou manter liñas de ensino en éuscaro, así como as titulacións e as materias que se van euskaldunizar, e o seu carácter troncal. obrigatorio ou optativo.
c) A existencia de persoal docente cualificado e a súa previsión.

4.- Ao persoal de administración e servizos da Universidade pública seralle de aplicación o previsto para os traballadores ao servizo das Administracións públicas na Lei 10/198 2, de 24 de novembro, Básica de Normalización do Uso do Éuscaro.
Actualmente, un 32% do alumnado da universidade pública cursa os seus estudos en éuscaro (curso 2004/05). Se analizamos as novas matriculacións, a porcentaxe de alumnos que optaron por cursar os seus estudos en éuscaro ascendeu ao 39,63% no curso 2004/5.

A continuación ofrecemos un gráfico no que se recolle a opción lingüística dos alumnos da Universidade Pública Vasca (EHU) en 2004/05. Dos 48.700 alumnos que cursaron estudos na UPV, case un terzo decantouse pola opción lingüística do éuscaro.



Cada vez máis alumnos optan por cursar os estudos universitarios en éuscaro tal e como podemos comprobar no seguinte gráfico:



Segundo os datos de selectividade e de non cambiar de maneira radical a evolución da tendencia dos últimos anos, pódese prever que en breve prazo de tempo o número de alumnos e alumnas que realice os seus estudos en éuscaro dentro da UPV/EHU será superior ao 50%.

III gráfico: la selectividad en euskara (porcentajes): 1994-2004



É debido a iso, que a Universidade Pública Vasca deberá axilizar o proceso e incrementar a súa oferta académica en éuscaro, dado que polo momento, non se garante a posibilidade dos alumnos de cursar os seus estudos universitarios en éuscaro, aínda que así o desexasen. Velaquí unha táboa na que se mostra a oferta lingüística dos créditos universitarios, por campo de coñecemento (datos relativos a xuño de 2006):

	CRÉDITOS TRONCAIS / OBRIGATORIOS			
	2003		2006	
CAMPO DO COÑECEMENTO	Total	En éuscaro %	Total	En éuscaro %
HUMANIDADES	3.962	49,07	3.938	51,78
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	5.734	88,35	5.606	90,47
ESTUDOS TECNOLÓXICOS	7.534	44,15	7.549	53,41
CIENCIAS DA SAÚDE	1.143	69,47	2.010	56,37
CIENCIAS EXPERIMENTAIS	2.818	57,91	2.161	74,04
TOTAL	21.189	60,22	21.259	65,26
	CRÉDITOS OPTATIVOS			
	2003		2006	
HUMANIDADES	7.040	32,63	7.128	33,33
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	4.886	39,58	4.964	41,10
ESTUDOS TECNOLÓXICOS	4.133	16,84	3.868	17,06
CIENCIAS DA SAÚDE	345	20,58	470	21,70
CIENCIAS EXPERIMENTAIS	3.196	22,56	2.282	35,67
TOTAL	19.596	29,17	18.707	32,03

Como se observa na táboa anterior nos últimos anos aumentou a oferta de créditos en éuscaro, tanto nos créditos troncais e obrigatorios coma nos optativos, aínda que a oferta en éuscaro é inferior neste último caso.

Estes son os principais obxectivos da política lingüística adoptados en 2005 polo Vicerreitorado de Éuscaro da UPV en torno á oferta docente da UPV. Pódense definir os seguintes cinco obxectivos principais no que respecta á oferta docente que se fará nos próximos anos:

a. Redución do desequilibrio lingüístico que padece o profesorado da UPV/EHU. Non debería ser mera utopía pensar que, mediante xubilacións e novas contratacións, para o ano 2010 se pode reducir significativamente o desequilibrio existente entre o profesorado monolingüe e bilingüe, máis aínda tendo en conta que as xubilacións na súa maioría corresponderán ao profesorado monolingüe e que as novas contratacións serán en gran medida bilingües.

b. Completar os estudos que se ofertan en éuscaro, ata poder ofrecer todas as materias troncais e obrigatorias en éuscaro. Este segundo obxectivo está estreitamente unido ao proceso de innovación de Bolonia. Recordemos que tomamos como obxectivo, para cando se materialice o espazo universitario europeo, o ofrecer en éuscaro a totalidade dos estudos de grao.

c. Conseguir unha presenza adecuada do éuscaro nas materias optativas ata poder garantir o dereito a realizar a totalidade dos estudos en éuscaro e valorando o número de alumnos potenciais. Como é sabido, é moi variable a situación das materias optativas que se ofertan en éuscaro, se se fai un pequeno estudo por centros ou por titulacións. Nalgúns lugares, aínda que xa estean superados os obxectivos definidos como A+ (optativas x 2) polo segundo plan de normalización, noutros tantos continúa sendo moi limitada a oferta das materias optativas impartidas en éuscaro. Se debemos garantir o dereito de elección de lingua que asiste ao noso alumnado, é evidente que se deben dar pasos cara a diante neste campo da optatividade. Ao mesmo tempo, tamén é necesario engadir que debemos xogar con gran prudencia ata coñecer as consecuencias que traerá consigo Bolonia. A consecuencia diso, non parece moi apropiado formular obxectivos moi ousados, polo menos, nestes momentos de inseguridade. Aínda así, parécenos tan lícito como necesario garantir a opción a finalizar os estudos en éuscaro a todos os alumnos que desexen estudar nesta lingua, aínda que somos conscientes e sabedores de que se se ofrece o número de créditos optativos mínimo marcado polos plans de estudo, o alumno non goza en realidade da posibilidade de elección, xa que en realidade esas optativas convértense en obrigatorias. Nin que dicir ten que, á hora de decidir que materias son as que se deben impartir en éuscaro, é necesario tomar en conta o potencial número de alumnos que existiría en cada caso.

d. Mellorar a situación dos profesores e profesoras bilingües que sofren peores condicións de traballo. Como consecuencia do xa mencionado desequilibrio lingüístico que aparece dentro do colectivo do profesorado, é sabido que a situación laboral de moitos profesores bilingües non é nada fácil, xa que son poucos e deben facer fronte a unha demanda cada vez máis grande e moitos dos profesores bilingües vense obrigados a impartir máis horas que o número de créditos que deberían impartir. Ademais diso, en moitas ocasións, é habitual a necesidade de preparar numerosas materias diferentes, impartindo docencia en diferentes centros e, incluso, en diferentes campus. Aínda non dispoñemos de estatísticas concretas sobre estes aspectos, pero, segundo todas as aparencias, podemos afirmar

claramente, no que corresponde ao profesorado da nosa universidade, que ser profesor bilingüe é prexudicial para un conxunto representativo de profesores. Se isto é certo, unha política universitaria que desexe impulsar a normalización do éuscaro non se pode negar á busca dunha solución destes problemas. Por dicilo doutro modo, se quedase claro tras un estudo realizado caso por caso que un grupo de profesores bilingües estivese padecendo a discriminación xa mencionada, deberíase abrir a vía de poder solucionar esta discriminación por medio de contratacións.

e. Se se cumpren os pasos descritos anteriormente, daranse tamén pasos que facilitarán o quinto e último obxectivo: converter, no que respecta ao proceso de normalización do éuscaro, a UPV/EHU en referente ineludible para a sociedade vasca e en precursor e impulso deste proceso.

Comunidade Autónoma de CATALUNYA

A Lei 1/2003, de 19 de febreiro, de universidades, de Catalunya, dispón no artigo 6 que o catalán é a lingua propia das universidades catalás e, polo tanto, a lingua de uso normal das súas actividades. No seu artigo 3.1.d regula a incorporación da lingua catalá a todos os ámbitos do coñecemento e a contribución ao proceso de normalización do uso científico, cultural e social do catalán como uno dos obxectivos do sistema universitario de Catalunya. Esta Lei establece, igualmente, a obrigación do Goberno catalán, mediante o Consello Interuniversitario, de procurar que o acceso e a incorporación de novos membros á comunidade universitaria non altere os usos lingüísticos normais e o proceso de normalización lingüística das universidades. Precisamente para tal fin, dispón que se debe garantir que nos procesos de selección, de acceso e de avaliación do profesorado universitario se acredite o coñecemento suficiente da lingua catalá (non obstante, é preciso dicir que esta previsión aínda non se aplica posto que a regulación do nivel de coñecemento de catalán esixido ao profesorado universitario está aínda pendente de desenvolvemento regulamentario). No que concirne ao alumnado estranxeiro, prevese un réxime de acollida lingüística e o establecemento de sistemas para promover o coñecemento suficiente da lingua catalá entre as persoas que desexen acceder ás universidades.

Completa o marco legal neste ámbito a regulación dos dereitos lingüísticos do profesorado e o alumnado universitarios recollida na Lei 1/1998, de 7 de xaneiro, de política lingüística (artigo 22.1), ao establecer de maneira expresa que tanto o profesorado como o alumnado teñen dereito a expresarse en cada caso na lingua oficial que prefiran. Esta Lei tamén establece que o Goberno e as universidades deben adoptar as medidas necesarias para fomentar o uso da lingua catalá en todos os ámbitos das actividades docentes, non docentes e de investigación.

Os servizos lingüísticos universitarios son medios de grande importancia para impulsar o uso do catalán: reciben o apoio do Goberno e teñen por función ofrecer formación de catalán á comunidade universitaria, promover o seu uso na docencia e levar a cabo actividades de dinamización do uso da lingua do país entre o alumnado.

A pesar diso, a docencia en catalán está estabilizada arredor do 60%, pero con tendencia á baixa, e cabe recordar, neste sentido, que actualmente non se esixe o coñecemento do catalán para a selección de persoal docente universitario por falta de regulación normativa.

Pola contra, o uso do catalán por parte dos alumnos nas probas de selectividade para acceder ás universidades en Catalunya é crecente, o que significa que os alumnos que queren acceder á universidade teñen un elevado grao de competencia en lingua catalá e asumen con normalidade o catalán como lingua vehicular no ámbito do ensino. Esta tendencia á alza valida o modelo de conxunción lingüística antes explicado no ensino non universitario.

Ademais do apoio aos servizos lingüísticos das universidades, a Generalitat de Catalunya subvenciona centros de autoaprendizaxe situados nas universidades catalás, ofrécelles apoio didáctico ás persoas responsables destes centros, subvenciona proxectos e actividades de normalización lingüística das universidades, subvenciona a edición de

manuais universitarios e outros materiais docentes en lingua catalá e materiais ou actuacións relacionados coa aprendizaxe do catalán destinados principalmente á comunidade universitaria. O Goberno catalán tamén apoia economicamente a investigación universitaria no ámbito da lingua catalá.

Comunidade Autónoma de GALICIA

En Galicia existen tres universidades públicas, dotadas todas elas dunha área dedicada á normalización da lingua galega na institución académica, cunha estrutura permanente de persoal especializado.

Globalmente, a situación da lingua galega na docencia das tres universidades de Galicia é a que indica o seguinte cadro:

% DE USO DA LINGUA GALEGA NA DOCENCIA UNIVERSITARIA		
A CORUÑA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	VIGO
10%	20%	26%

O proceso de incorporación da lingua galega ás aulas universitarias, como se ve no cadro anterior, é lento. Máis lento ca noutros ámbitos. Iso é así non tanto porque as Universidades estean alleas á marcha xeral do País (de feito son moitos os Departamentos que realizan a súa investigación sobre realidades materiais e inmateriais específicas de Galicia) senón porque hoxe a Universidade vive una época na que as publicacións son determinantes para o currículo do profesor e investigador e as linguas de intercambio científico son moi poucas. O feito de publicar en inglés e, como moito, en español, condiciona a moitos profesores e profesoras a utilizar tamén esa lingua na docencia, aínda que estarían preparados para facelo en galego.

De feito, onde o sistema non crea a urxencia dunha lingua internacional, a presenza do galego é maior: docencia de materias filolóxicas e periodísticas, documentación administrativa e relacións orais. Nas tres Universidades a lingua propia estatutariamente é o galego, pero utiliza máis a lingua galega o persoal non docente ca o persoal docente e non é seguro que unha interpretación de clase social poida explicar plenamente esa diferenza de uso.

A continuación proporciónanse os datos das tres universidades galegas por separado.

- Universidade da Coruña.

A Universidade da Coruña establece que a súa lingua propia é o galego, segundo se recolle no artigo 5.2 dos Estatutos, aprobados en 2004.

—A lingua propia da Universidade da Coruña é o galego, que é o seu vehículo normal de expresión. Para a súa normalización fomentará o seu uso en todas as súas actividades.

Por outra parte, existe tamén un Regulamento de usos da lingua galega, aprobado en xullo de 2004, onde, ademais de establecer cales deben ser os usos lingüísticos internos e externos da institución, a Universidade asume a responsabilidade de contribuír á normalización do galego. Ademais diso, destaca a necesidade de dotarse dun marco de referencia que indique claramente un modelo que tenda a un uso cada vez maior da lingua

propia de Galicia, e de propoñer, tamén, as actuacións que se consideren máis adecuadas para contribuír ao proceso de normalización do galego.

O 29 de abril de 2005 o Consello de Goberno da Universidade aprobou a creación da Comisión para a Elaboración do Plan Xeral da lingua galega que, na sesión que tivo lugar o 28 de xuño de 2006, aprobou un borrador do proxecto que neste mesmo ano será presentado nos órganos de goberno da Universidade da Coruña para a súa aprobación. A aprobación desta ferramenta será fundamental para continuar cun proceso de progresiva política normalizadora planificada que logre situar a extensión de ámbitos de usos do idioma galego coma un obxectivo estratéxico desta universidade.

A grandes trazos, a realidade que reflicte este estudo é a dun uso moi escaso tanto na docencia como na investigación e incluso a existencia dalgunhas deficiencias na documentación administrativa e de xestión. Especialmente preocupantes son os usos orais. A recuperación e potenciación destes usos foron considerados como factores clave no proceso de normalización de usos do galego na UDC e incluídos como obxectivo principal no plano estratéxico da Universidade da Coruña. Como elementos positivos cabería sinalar a alta competencia lingüística do alumnado e, sobre todo, a conciencia da comunidade universitaria sobre a necesidade de fomentar máis o emprego da lingua galega.

Os datos máis relevantes en canto aos usos lingüísticos son os seguintes:

- Internos.

De acordo co Regulamento de usos da lingua galega na Universidade da Coruña, os usos lingüísticos internos deben facerse sempre en galego; unha cuestión que está practicamente xeneralizada nos documentos de xestión, académicos ou xurídicos, pero que aínda presenta dificultades claras nas comunicacións formais (oficios, convocatorias de reunións, citacións etc). Este aspecto vese perfectamente en que existe, á altura de finais de 2003, unha porcentaxe dun 22% do persoal de administración e servizos que empregaba sempre o castelán para redactar os documentos internos da Universidade da Coruña. De calquera maneira, desde a aprobación do Regulamento de usos da lingua galega (xullo de 2004), e tras un proceso de formación e reciclaxe que procurou situar este procedemento como central ao dar a posibilidade de realizar os cursos de lingua en horario laboral, estanse producindo cambios de hábito no uso da lingua escrita que se están traducindo nunha redución desta porcentaxe.

- Externos.

En canto aos usos lingüísticos externos, a situación variou moito desde a aprobación do Regulamento de usos da lingua galega, onde se establece que será o galego a lingua empregada con institucións e entidades públicas e privadas da nosa comunidade autónoma e que existirán versións bilingües (galego/lingua oficial da institución ou entidade receptora) no caso de se dirixir estas comunicacións a lugares exteriores a Galicia. Por esta razón, a rutina nuns hábitos moi consolidados provoca que as modificacións sexan lentas, e constátase, en ocasións, que non se cumpre o Regulamento de usos da lingua galega.

Con respecto á publicidade e ás páxinas web, a situación é tamén moi desigual, pois o emprego xeral da lingua galega en todo aquilo que sae dos edificios centrais o que se publica na páxina web oficial da Universidade da Coruña, non vai acompañado do mesmo

tratamento se falamos de publicidade sectorial ou convida con outros actores sociais o institucionais, nin de páxinas web de centros e departamentos.

- Usos na escritura.

A maior galeguización do ámbito administrativo dá como resultado unha situación na que é o persoal de administración e servizos o que demostra ter un maior uso do galego fronte ao persoal docente e investigador, que é o colectivo que menos emprega o galego na escritura.



- Usos na Docencia

En canto aos usos da lingua galega na docencia, é necesario ter en conta os seguintes datos que fan visible a realidade lingüística maioritaria da vida académica ao situar a porcentaxe de emprego do galego (en exclusiva ou como idioma maioritario) na docencia nun 10%:

- Usos na Investigación.

O feito de ver como necesario un recoñecemento internacional propicia o emprego do inglés e do español como linguas fundamentais da investigación universitaria.

Só un 2,3% do persoal docente e investigador emprega o galego para redactar os traballos científicos e de investigación. Un 9,9% emprega o galego e o castelán. É dicir, en total un 12,2% emprega o galego, ou ben de maneira exclusiva, ou ben alternando co castelán.





A gran maioría do PDI da Universidade da Coruña non publicou ningún traballo científico en galego. Só o fixo un 26,8%.

- Universidade de Santiago de Compostela.

O marco legal que regula o uso da lingua galega na Universidade de Santiago de Compostela, ademais do Estatuto de Autonomía e a Lei de Normalización Lingüística, é o debuxado polos seus propios Estatutos que, no seu artigo 3 do Título Preliminar dispoñen que "a lingua galega é a lingua propia da Universidade de Santiago de Compostela" e que "a Universidade de Santiago de Compostela promoverá, no marco das súas competencias, accións que contribúan á normalización e ao desenvolvemento da lingua galega".
Ademais disto existe unha resolución reitoral do ano 1990 que regula o emprego da lingua galega na documentación escrita

http://www.usc.é/gl/normativa/normalizacion/regusog2.htm

Existe tamén un regulamento de uso da lingua aprobado no ano 1993 que se pode consultar integramente en:

http://w w w .usc.es/gl/normativa/normalizacion/regusog1.htm

Por outro lado a Universidade de Santiago de Compostela conta, desde o ano 2002 cun Plan de Normalización Lingüística que, sen ser en sentido estrito unha norma legal, si é un texto que orienta a política lingüística da institución.

Acerca dos datos de uso na docencia, ofrécense a continuación os dispoñibles dos cursos 2003-2004, 2004-2005 e 2005-2006

IDIOMAS DA DOCENCIA NA USC (%)			
	2003-2004	2004-2005	2005-2006
Galego	17,6 %	17,21 %	20,14 %
Castelán	82,4 %	79,78 %	77,55 %
Inglés	----	0,3 %	0,11 %
Outros	----	2,71 %	2,2 %

Os datos obtivéronse dos POD dos cursos de referencia, de forma que ofrecen uns índices altos de fiabilidade. En todo caso é necesario non esquecer que se trata de datos globais, e que as diferenzas entre uns e outros centros son acusadas.

- Universidade de Vigo (2001-2006)

Os Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados en 2003, establecen no seu artigo 4Q unha toma de posición explícita sobre a lingua galega e sobre a oficialidade das linguas na institución: "O galego é a lingua propia da Universidade de Vigo e, polo tanto, é a lingua de uso normal nas súas actividades. O galego, como lingua propia, é a lingua oficial da universidade, como tamén o é o castelán, oficial en todo o Estado" e "A Universidade de Vigo promoverá, de acordo coas súas competencias, liñas de actuación que contribúan ao uso pleno da lingua galega en todas as actividades docentes, investigadoras, administrativas e de servizos".

Xa no artigo 3Q se afirma a vinculación da Universidade de Vigo co a historia, a sociedade, a cultura e a economía de Galicia: "A Universidade de Vigo, vinculada á realidade histórica, social e económica de Galicia, dedicará especial atención ao estudo e desenvolvemento da súa cultura e do seu medio natural, e proxectarase dunha forma activa sobre os problemas galegos mediante programas específicos de docencia, investigación e desenvolvemento e difusión establecidos a partir de necesidades concretas (…).

Finalmente, na sección relativa aos centros da universidade, establécese que unha das funcións dos centros universitarios será a aplicación das liñas de actuación en materia de normalización lingüística: "A aplicación das directrices da Universidade de Vigo sobre normalización lingüística."

En decembro de 2004 o consello de goberno da Universidade de Vigo aprobou o Plan de Política Lingüística. Inclúe obxectivos xerais e sectoriais, e medidas estruturadas en seis programas:

a. Sensibilización e dinamización;
b. Formación;
c. Normalización;
d. Proxección universitaria;
e. Acollida lingüística e cultural;
f. Impulso do plurilingüismo.

O Plan comezouse a desenvolver parcialmente durante 2005, coa posta en práctica dalgunhas medidas dos diferentes programas sectoriais.

A Universidade de Vigo non dispón dun regulamento de uso das linguas na institución. No que respecta ao uso da lingua galega na docencia, en xeral, pódese afirmar que, coa información da que dispoñemos, ponse de manifesto unha porcentaxe moi baixa de utilización do galego na docencia.

No estudo sociolingüístico da Universidade de Vigo de 1997, realizáronselle distintas preguntas ao profesorado e alumnado en relación coa lingua utilizada en usos lingüísticos específicos.

No estudo realizado en 2003 sobre a lingua da docencia, consideramos tres tipos de actividades orais e escritas implicadas nas actividades docentes:

a. A impartición oral das clases;
b. O uso das linguas para realizar actividades escritas;
c. O uso das linguas para redactar material escrito (guións, apuntamentos, etc.) Os resultados xerais obtidos neste estudo foron os seguintes:
a. O 26,7% do profesorado utiliza o galego para impartir as súas clases, mentres que o castelán o emprega o 64,4%. Ante a pregunta de se se utilizaba outra lingua, un 4,3% do profesorado contestou que si a utilizaban.
b. Para escribir nas clases, o 24,7% do profesorado utiliza o galego; o castelán emprégao o 66,1%; e outras linguas o 4,5%.
c. E para redactar os materiais docentes para as clases, o 29,2% do profesorado declara que utiliza o galego; o 58,3% utiliza o castelán; mentres que outra lingua utilízaa para estes contidos o 4% do profesorado.

Podemos obter algúns resultados diferenciados por campus desta Universidade e por ámbitos de coñecemento, entre os que podemos resaltar os seguintes:

a. No campus de Ourense e de Pontevedra, a utilización do galego para a docencia é sensiblemente maior ca no campus de Vigo.
b. Por ámbitos de coñecemento, a maior presenza do galego sitúase nas transmisións docentes do ámbito xurídico-social, humanístico, científico-técnico, tecnolóxico e de ciencias da saúde, seguindo unha orde decrecente.

A porcentaxe de profesorado que declara impartir as súas clases en galego é inferior á de profesores que se declaran falantes habituais de galego. E esa porcentaxe tamén é inferior á de profesores que declaran ter coñecemento suficiente para escribir e falar en galego. É dicir, cóntase con profesorado preparado para dar clase en galego, que ademais mantén unha opinión xeneralizada favorable á lingua, pero que non imparte a docencia en galego.

En canto á oferta da lingua galega como materia no Sistema Universitario de Galicia, existe a licenciatura en Filoloxía Galega. Tamén na carreira de Tradución e Interpretación é posible a elección da lingua galega ou lingua castelá como lingua da titulación. Tamén noutros estudos superiores como Periodismo, Comunicación Audiovisual ou Publicidade a lingua galega é tamén materia troncal.

(Ver tamén o seguinte punto referido ás Escolas Oficiais de Idiomas

Comunidade Valenciana

A Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, prevé, no artigo 2º, a autonomía das universidades a través da aprobación dos seus propios estatutos. Isto implica que as universidades valencianas poden impartir docencia en valenciano.

As cinco universidades públicas valencianas dispoñen dunha área administrativa dedicada, en maior ou menor medida, á promoción da presenza do valenciano na actividade universitaria:

- Universidade de Alacant: Secretariado de Promoción do Valenciano
- Universidade Jaume I de Castellón: Servizo de Linguas e Terminoloxía
- Universitat de València: Servizo de Política Lingüística
- Universidade Politécnica de Valencia: Servizo de Normalización Lingüística
- Universidade Miguel Hernández de Elche: Vicerreitorado de Estudantes e Extensión Universitaria.

Estas unidades administrativas teñen o obxectivo de potenciar o coñecemento e o uso do valenciano na comunidade que constitúe a súa correspondente universidade. Para iso, desenvolven actividades de formación lingüística en valenciano entre o persoal de administración e servizos, o profesorado e o alumnado da súa universidade. Así mesmo, ofrecen servizos de tradución e asesoramento, tanto referidos a materiais académicos como a documentos administrativos, e actividades de dinamización lingüística e un programa de lectorado de valenciano en universidades europeas. Nalgunhas universidades incluso existen medidas e incentivos ao persoal docente para facer posible o incremento da docencia en valenciano.

Segundo un estudo realizado polo Servizo de Linguas e Terminoloxía da Universidade Jaume I (www.uji.es/bin/serveis/slt/triam/evol0104.pdf), no curso 2004-2005 a porcentaxe de créditos académicos impartidos en valenciano ascende ao 11,21% de media entre as cinco universidades, cunha presenza desigual en cada unha delas (a media establece que o 84,24% se imparte en castelán e o 3,75% restante, noutras linguas).

Por outro lado, e polo que respecta á previsión de estudo dos idiomas rexionais en centros universitarios, aludido no punto ii, o estudo do valenciano como materia do ensino universitario está presente nas licenciaturas de Filoloxía naquelas universidades que dispoñen desta especialidade (Universitat de Alacant, Universitat Jaume I de Castelló e Universitat de València) e na licenciatura en Tradución e Interpretación (Universidade de Alacant e Universidade Jaume I de Castelló). Ademais, o valenciano impártese como materia de linguaxe de especialidade na maioría dos estudos das universidades de Alacant, Jaume I de Castelló e Valencia.

Segundo consta no Artigo 20, letra x) dos Estatutos da Universidade Pública de Navarra é función do Consello de Goberno a creación e nomeamento dunha Comisión de Planificación Lingüística.

Do mesmo modo no Artigo 124 remárcanse as funcións da Comisión de Planificación Lingüística que "serán a elaboración de propostas sobre a planificación do uso do éuscaro na Universidade e o seguimento da política lingüística da mesma".

Ademais existe o Servizo de Normalización Lingüística cunhas funcións que se enmarcan dentro do campo da normalización e asesoramento lingüísticos en éuscaro no ámbito da Universidade. Promove a capacitación lingüística en éuscaro dos membros da comunidade universitaria, establecendo e xestionando as accións de formación que cómpre impartir, e propón accións encamiñadas á normalización do uso do éuscaro.

Igualmente realiza a tradución, corrección dos documentos e escritos oficiais de carácter administrativo e técnico producidos na Universidade, garantindo a calidade lingüística dos mesmos; ofrece axuda técnica en materia lingüística e xestiona a tradución de materiais docentes.

Os Estatutos da Universidade Pública de Navarra, no seu art. 20, atribúenlle ao Consello de Goberno a competencia para crear a Comisión de Planificación Lingüística. Igualmente, establecen, no seu art. 118, que
—1. O castelán e o éuscaro son linguas propias de Navarra e, en consecuencia, todos os membros da Universidade Pública de Navarra teñen o dereito a coñecer e utilizar ambas as linguas, nos termos establecidos no artigo seguinte.
2. O uso administrativo do éuscaro na Universidade Pública de Navarra tomará como referencia as directrices lingüísticas emanadas dos órganos competentes de acordo coa normativa vixente".

E, no art. 120, atribúelle ao Consello de Goberno, a proposta da Comisión de Planificación Lingüística, "aprobar a planificación do uso do éuscaro nas actividades académicas. Na medida en que esta planificación teña duración plurianual, someterase ao Consello social para a súa aprobación", se ben se engade que "A Universidade atenderá o desenvolvemento de actividades académicas en éuscaro en función da demanda e das necesidades sociais contrastadas".

A Comisión de Planificación Lingüística está composta por Persoal Docente e Investigador, de Administración e Servizos e por Estudantes, nun número de 13 e que o Consello de Goberno da Universidade aproba liberrimamente; e o Consello de Goberno da Universidade Pública de Navarra aprobou, na sesión celebrada o día 21 de decembro de 2004, un documento de bases para o deseño da planificación lingüística desta institución. O obxectivo é que estas bases sirvan de pauta para os traballos da Comisión de Planificación Lingüística. As propostas desta Comisión deberán ser aprobadas polo Consello de Goberno, en cumprimento do mandato que recollen os Estatutos.

Nas bases aprobadas sinálase que o éuscaro "é unha realidade da Universidade e da sociedade navarra, na que se enmarca e á que serve a Universidade". Neste contexto, establécese que, como indican os Estatutos, "é preciso abordar a planificación lingüística global atendendo a parámetros de demanda, oportunidade e, sobre todo, de calidade desde coordenadas académicas, como corresponde a toda actividade universitaria" .

Así, se propón tanto realizar un diagnóstico da situación actual do éuscaro na Universidade e, na medida do posible, a elaboración dunha prospectiva sobre previsións de futuro; como obter información sobre a experiencia docente en éuscaro do profesorado e a situación da docencia actual de e en éuscaro na Universidade; a investigación que se realiza sobre o éuscaro; a relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos que requiren cualificación lingüística; as actividades extraacadémicas sobre ou en éuscaro que se realizan de forma consolidada; a análise de ofertas laborais que, nos últimos años, esixiron coñecementos ou titulación en éuscaro, etc.

En canto aos profesores, proponse o deseño de actividades que lles permitan mellorar a súa competencia lingüística; a configuración de mecanismos de actualización da información sobre a dispoñibilidade docente en éuscaro do profesorado, para a súa relación coa información sobre demanda de docencia; e a determinación de necesidades de profesorado para atender a docencia en éuscaro.

Respecto ao persoal de administración e servizos, proponse o deseño de actividades de mellora da súa cualificación lingüística; o establecemento da relación de postos de traballo que requiren o uso do éuscaro, a súa actual dotación e os circuítos administrativos existentes para canalizar a atención a persoas euskaldúns, etc.

- Actividade do Centro Superior de idiomas, da Universidade Pública de Navarra.

Pode resultar de interese coñecer, tamén os datos máis significativos da actividade do Centro Superior de Idiomas da Universidade Pública de Navarra, no que as estatísticas do alumnado matriculado durante o curso 2004/05 son as seguintes:

			PROCEDENCIA COMUNIDADE UNIVERSITARIA				
IDIOMA	MATRICULADOS		ESTUDANTES	P.D.I.	P.A.S.	OUTROS(1)	ALLEOS C.U.
Alemán	167	7 %	153	3	2	9	
Chinés	17	1 %	12			5	
Español	471	19 %	2	3	1	423	42
Éuscaro	134	5 %	124	2	6	2	
Francés	169	7 %	144	7	1	17	
Inglés	1509	60 %	1114	29	50	310	6
Italiano	24	1 %	19			3	2
Total	2491	100 %	1568	44	60	769	50

- Universidade de Navarra.

* A Cátedra de Lingua e Cultura Vasca - Euskal Hizkuntza eta Kultura Katedra.

Segundo reflicten as Actas correspondentes, a instancias do Decano da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Navarra, o 6 de outubro de 1962 a Deputación Foral de Navarra, antecesora do Goberno de Navarra, solicitoulle ao Reitor da Universidade de Navarra a creación dunha Cátedra para o estudo da Lingua e Cultura Vasca. E así xurdiu na Comunidade de Navarra unha máis das múltiples iniciativas que en favor do Éuscaro, a súa aprendizaxe, o seu uso e o seu desenvolvemento tiveron lugar, e que se mantén ata o presente.

* Utilización de Éuscaro na Universidade.

En canto á utilización do éuscaro no funcionamento normal da institución hai que dicir que é unha institución privada polo que todo aquilo que realice a favor do uso da lingua vasca na súa Universidade será a título particular e sen ningunha obrigación. Non obstante, a presentación do portal web desta Universidade pódese consultar en ambos os idiomas. Toda a información dispoñible tamén o está en éuscaro.

É de remarcar que a Universidade de Navarra, das tres situadas na nosa Comunidade (as outras dúas son, a UPNA e a UNED) é a única que conta cunha Cátedra de Lingua Vasca, posúe unha brillante historia e, dela formaron e forman parte ilustres filólogos e investigadores desta lingua, que cos seus estudos e publicacións difundiron e elevaron o estatus da lingua.

Comunidade Autónoma de ILLES BALEARS

O punto e deste artigo 8 fai referencia ao ensino superior fomentando as linguas rexionais ou minoritarias. Cabe dicir que a Universidade de les Illes Balears (UIB) ten autonomía organizativa para usar o catalán no ámbito de todas as súas competencias, segundo o que establece o artigo 5 do Decreto 170/2003, de 26 de setembro de 2003, polo cal se aproban os Estatutos da UIB:

"Artigo 5 A lingua catalá, propia da Universidade de les Illes Balears, ten, xuntamente coa castelá, carácter de lingua oficial, e todos os membros da Universidade teñen o dereito de utilizala. A Universidade normalizará o uso do catalán no ámbito das súas competencias".

Por outra parte, a Universidade de les Illes Balears é a institución oficial de consulta sobre lingua catalá. O artigo 6 do Decreto citado afirma textualmente: "A Universidade de les Illes Balears é a institución oficial consultiva para todo o que faga referencia á lingua catalá, tal como establece o Estatuto de Autonomía de les Illes Balears". Como lingua de uso habitual nos seus comunicados pódese consultar a páxina web en www.uib.es.

Durante o período 2003-2006 presentáronse as solicitudes seguintes:

Curso	Proxecto fin de carreira	Teses de licenciatura	Memoria de investigación	Tese de doutoramento	Total
2003-2004	19	0	9	6	34
2004-2005	27	0	9	7	43

Para 2007 a Dirección Xeral de Política Lingüística achegará 9.000 € para estes tipos de axudas.

• Bolsas de Formación.

A Consellería de Educación e Cultura, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, ofrece anualmente unha bolsa de formación en prácticas de seis meses, prorrogable por seis meses máis, no Gabinete de Terminoloxía do Servizo Lingüístico da Universidade das Illes Balears, co obxectivo de formar especialistas nos aspectos teóricos da elaboración e a difusión de terminoloxía e da xestión de bases de datos terminolóxicos.

Para o curso 2006-2007 a Consellería de Educación e Cultura ofrece dúas bolsas de formación na Dirección Xeral de Política Lingüística coa finalidade de ofrecerlles aos estudantes da UIB de segundo ciclo e de terceiro curso de diplomatura bolsas de formación en prácticas nas diferentes consellerías do Goberno das Illes Balears. Coa concesión destas bolsas de formación en prácticas preténdese conseguir que os estudantes adquiran unha

experiencia profesional que lles permita enriquecer o seu currículo universitario e lles sirva para integrarse máis facilmente no mundo laboral.

• Axudas para promover o uso do catalán na Investigación.

A Dirección Xeral de Política Lingüística convoca axudas, que poden solicitar os titulados universitarios – excepto os adscritos ao Departamento de Filoloxía Catalá e Lingüística Xeral– que redacten e presenten na Universidade das Illes Balears o proxecto de fin de carreira, a tese de licenciatura, a memoria de investigación ou a tese de doutoramento en lingua catalá.

As axudas, que se conceden tendo en conta os recursos económicos dispoñibles e o número de solicitudes presentadas, teñen as dotacións económicas máximas seguintes:

Curso	Proxecto fin de carreira	Tese de licenciatura	Memoria de investigación	Tese de doutora	Cantidade achegada pola DXPL
2003-2004	150 €	150 €	150 €	300 €	7.500 €
2004-2005	150 €	150 €	150 €	300 €	9.000 €
2005-2006	175 €	175 €	175 €	400 €	11.900 €

f.

i. Tomar disposicións para que se impartan cursos de ensino para adultos ou de educación permanente principal ou totalmente nas linguas rexionais ou minoritarias; ou

ii. Propoñer estas linguas como materias no ensino de adultos e na educación permanente; ou

iii. Se os poderes públicos non teñen competencias directas en materia de educación para adultos, favorecer e/ou fomentar o ensino desas linguas no marco do ensino para adultos e da educación permanente;

Comunidade Autónoma DE EUSKADI

Segundo o artigo 28 da Lei 10/1982, de 24 de novembro, Básica de Normalización do Uso do Éuscaro o Goberno promoverá o ensino do éuscaro para adultos e a alfabetización da poboación vascofalante. Literalmente di: "O Goberno promoverá o ensino do éuscaro para adultos e a alfabetización da poboación vascofalante mediante a creación dun Ente Público para tal efecto. Mediante lei do Parlamento Vasco regularase a normativa correspondente".

Desde a súa fundación en 1983, o Instituto autónomo de euskaldunización de adultos, HABE, atende especificamente ese cometido, tal e como se recolle no artigo segundo da Lei 29/1983, de 25 de novembro, de creación do Instituto de Alfabetización e Reeuskaldunización de Adultos e de Regulación de Euskaltegis. De forma máis precisa, atribúe para si mesmo: "o ensino do éuscaro á poboación adulta así como o impulso e a promoción da euskaldunización e alfabetización da mesma no país Vasco, de acordo coas directrices emanadas do órgano competente do Goberno en materia lingüística".

Para tal fin disponse na Comunidade Autónoma dunha rede de máis de 100 euskaltegis ou centros de euskaldunización de adultos. No curso 2004-2005, 37.609 persoas maiores de 16 anos acudiron a estes centros co ánimo de aprender ou mellorar o éuscaro; deles, 35.098 estudantes cursaron niveis de euskaldunización e 2.511 de alfabetización en éuscaro. 3.206 alumnos optaron polo método do autoaprendizaxe.

Comunidade Autónoma de CATALUNYA

O Decreto 213/2002, de 1 de agosto, polo que se establece a ordenación curricular da formación básica das persoas adultas, dispón no seu artigo 5 que o catalán é a lingua vehicular e de aprendizaxe do ciclo de formación instrumental e do ciclo secundario da formación adulta, e completa así o desenvolvemento das previsións contidas na Lei 1/1998, de 7 de xaneiro, de política lingüística, neste ámbito.

A formación de persoas adultas impulsada polo Goberno da Generalitat de Catalunya inclúe, pois, actuacións para a aprendizaxe da lingua catalá como vehículo de integración na sociedade catalá, cun dobre obxectivo:
• Garantir a alfabetización en lingua catalá para as persoas adultas inmigradas.
• Promover as ensinanzas iniciais de lingua oral e lingua escrita dirixidas a persoas que acaban de chegar.

No marco dos programas de formación ocupacional, que en Catalunya promove o Servizo de Ocupación de Catalunya do Departamento de Traballo e Industria da Generalitat, a Orde de 9 de outubro de 2000 incorporou o requisito de impartir en catalán polo menos o 50% das accións de formación ocupacional. Coa incorporación desta previsión, o Goberno da Generalitat desexa contribuír a fomentar o coñecemento e o uso do catalán, así como a difundir a linguaxe específica e a terminoloxía de cada actividade.

Cabe destacar que en todo caso, e ademais da previsión do uso do catalán como lingua vehicular en polo menos o 50% das accións de formación ocupacional, todas as accións formativas dirixidas a persoas en situación de demanda de ocupación inscritas nas oficinas de traballo incorporaron horas de formación en lingua catalá, incidindo fundamentalmente e de maneira transversal nos aspectos da lingua que teñen relación cos obxectivos ocupacionais que son propios da formación profesional ocupacional, como por exemplo o coñecemento e o uso da terminoloxía relacionada coa ocupación obxecto do curso ou as habilidades comunicativas no ámbito laboral para a busca de ocupación e o mantemento do posto de traballo.

Ademais de nos ámbitos da alfabetización de adultos e da formación ocupacional, o Goberno da Generalitat de Catalunya continuou promovendo cursos de catalán para adultos. Desde 1989 estes cursos organízanse mediante o Consorcio para a Normalización Lingüística, un ente que nace da incorporación voluntaria dos diferentes niveis de administración presentes no territorio (a Administración propia de Catalunya, coa participación da Generalitat, consellos comarcais e concellos, ou entidades provinciais, como a Deputación Provincial de Girona); se ben cunha contribución económica diversa. Actualmente, o Consorcio para a Normalización Lingüística (CPNL) está formado pola Generalitat, 80 concellos, 37 consellos comarcais de Catalunya e a Deputación de Girona, e está organizado territorialmente en 22 centros de normalización lingüística (CNL), distribuídos de acordo coas necesidades sociolingüísticas do territorio, tal como dispón o artigo 38 da Lei de política lingüística.

Só nos períodos 2003-2004 e 2004-2005, o CPNL ofreceu 65.689 cursos de catalán, dos que practicamente a metade (33.946) eran de nivel inicial e básico, dirixidos a persoas que acaban de chegar a Catalunya.

Á parte dos recursos destinados ao CPNL para a organización de cursos de catalán para adultos, a Generalitat de Catalunya tamén financia e colabora na organización de cursos de catalán que imparten organizacións do ámbito socioeconómico e entidades privadas sen finalidade de lucro.

Cabe mencionar outro recurso importante que facilita a aprendizaxe da lingua catalá: os centros de autoaprendizaxe de catalán, que se consolidaron como un modelo alternativo ao ensino presencial tradicional de maneira significativa. Actualmente funcionan uns 80 centros de autoaprendizaxe de institucións diversas coordinados desde a Generalitat de Catalunya.

Comunidade Autónoma de GALICIA

Segundo a última orde do 1 de abril de 2005, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, os cursos para adultos son os seguintes:

- Cursos de lingua galega, que constan de tres niveis: Galego oral, iniciación e perfeccionamento.
- Cursos de linguaxe específica: Curso medio e superior de linguaxe administrativa, Curso medio e superior de linguaxe xurídica e Curso medio de linguaxe sanitaria.
- No exterior convócase o Curso de Extensión cultural galega e, por primeira vez tamén nesta orde contémplase o Curso de lingua e cultura galegas para menores de 18 anos.

A modalidade de cada un destes cursos é presencial e implica a asistencia obrigatoria ás clases e a superación das probas e avaliacións establecidas polo profesor ou profesores. Aos alumnos que as superen expídenselles os correspondentes diplomas acreditativos de que superaron o curso respectivo.

O curso de galego oral, contemplado por primeira vez a partir da citada orde, ten como finalidade iniciar o alumnado no discurso comunicativo en galego. Destinado a persoas que necesiten mellorar o seu discurso oral, pero sobre todo a aqueles que estudan galego por primeira vez, intenta contribuír á integración lingüística de inmigrantes cun total descoñecemento de galego.
.
Pola súa parte, os cursos de Iniciación e Perfeccionamento están destinados a lograr que o alumnado manexe con soltura e eficacia o discurso oral e escrito en lingua galega, para o que debe coñecer a gramática e o léxico suficientes para desenvolverse na esfera pública en galego, tanto desde o punto de vista laboral como social.

Desde novembro de 2005 a Secretaría Xeral de Política Lingüística forma parte de ALTE, co fin de adaptar a acreditación da formación en galego ao Marco Común Europeo de Referencia para as linguas. Un equipo estable de traballo está desenvolvendo os programas e modelos de exames de cada un dos niveis (6) que establece o Marco. En 2007 implantarase progresivamente este novo sistema de acreditación para a capacitación lingüística desde os niveis elementais. Xa está aprobado desde novembro de 2005 o modelo de exame para o nivel A2. A acreditación destes cursos é requisito para o acceso a distintos corpos da Administración Autonómica. Son considerados mérito no acceso a outros corpos dependentes da Administración central do Estado e da Administración de Xustiza.

Ademais destes cursos, existen outros de linguaxes específicas destinados ao persoal da Administración Autonómica, periférica, local e tamén á Administración de Xustiza.
Convócanse anualmente os cursos básicos, medio e superior de linguaxe administrativa galega. E tamén cursos básicos, medio e superior de linguaxe xurídica, cos seguintes indicadores aritméticos:

PROVINCIA / TIPO DE CURSO	CURSOS				ASISTENTES			
	2002	2003	2004	2005	2002	2003	2004	2005
A CORUÑA								
Iniciación	71	64	83	70	1631	1358	1904	1464
Perfeccionamento	62	63	62	69	1398	1386	1348	1464
Linguaxe Xurídica e Administrativa	--	--	--	--	--	--	--	--
Total	133	127	145	139	3029	2744	3252	2928
LUGO								
Iniciación	31	35	35	25	758	792	808	524
Perfeccionamento	30	27	36	26	745	591	801	556
Linguaxe Xurídica e Administrativa	15	14	11	16	316	319	255	371
Total	76	76	82	67	1819	1702	1864	1451
OURENSE								
Iniciación	33	30	34	26	692	572	720	477
Perfeccionamento	25	23	26	26	539	444	494	495
Linguaxe Xurídica e Administrativa	14	15	15	15	301	354	373	323
Total	72	68	75	67	1532	1370	1587	1295

A Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e a Real Academia Galega convoca anualmente os Cursos de Verán para estranxeiros e españois de fóra de Galicia, dun mes de duración (xullo). Arredor de 200 alumnos acoden a cada edición, divididos por niveis de coñecemento: elemental, medio e superior.

En canto á Educación Pública de Adultos (EPA) ten como finalidade, entre outras, "a formación e actualización cultural, con especial incidencia no coñecemento do idioma e da cultura galegos". A Consellería de Educación da Xunta de Galicia ten en marcha a publicación en lingua galega de vinte libros de texto para a Educación Secundaria a distancia, que é material de uso obrigatorio para o alumnado; igualmente, a publicación en lingua galega de vinte guías de actividades para o alumnado dese mesmo nivel educativo, e a publicación de corenta guías para o alumnado de bacharelato a distancia, correspondentes a todas as materias de bacharelato por esa modalidade.

Na formación de adultos hai que ter en conta a Formación Profesional Ocupacional e a Formación Profesional Continua. Estes cursos, coordinados maioritariamente desde a Consellería de Traballo son impartidos nunha variedade de centros e organismos, sindicatos, asociacións gremiais, etc. Na actualidade non existe ningunha regulación en canto á utilización da lingua galega na súa impartición. Non obstante, coñecemos que unha parte dos módulos se imparten na lingua propia da comunidade. A Secretaría Xeral de Política Lingüística, en colaboración coa Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, puxo en marcha en 2006 un módulo formativo transversal e optativo para os centros que imparten Formación Profesional Ocupacional, dirixidos a desempregados, para a aprendizaxe práctica da lingua galega no ámbito laboral. Este módulo, denominado "Habilidades comunicativas en galego para o mundo laboral", consta de 20 horas nas que se aborda, mediante actividades de dinámicas de grupo, a capacitación para expresarse en galego, oralmente e por escrito, en situacións comúns relacionadas co traballo (redacción de documentos básicos -facturas, presentacións, etc.-, reunións de traballo, atención telefónica…). Van acompañadas dun manual para o alumno e outro para o profesor.

En canto a outras ensinanzas de educación permanente, no curso 2005-06 a lingua galega impartiuse en 7 das 11 escolas oficiais de idiomas de Galicia, cun total de cinco cursos para completar estudos. (Non está previsto estendelo ás outras 4 EOI para o próximo curso). Total alumnos de galego en 2005-06: 1.204. Tamén se imparten os cinco cursos de galego na Escola Oficial de Idiomas de Madrid.

O alumnado de lingua galega nas 7 Escolas Oficiais de Idiomas é:

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS (EOI)	ALUMNOS OFICIAIS	ALUMNOS LIBRES
A CORUÑA	160	78
FERROL	61	27
SANTIAGO	110	137
LUGO	87	30
OURENSE	107	59
PONTEVEDRA	93	41
VIGO	163	51

O total de profesores que imparten lingua galega é de 24.

Comunidade VALENCIANA

A Lei 1/95, de 20 de xaneiro, da Generalitat, de Formación das Persoas Adultas define un marco normativo, no que se establecen as actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos de facer efectivo o dereito de todos os cidadáns a coñecer e usar o valenciano e de garantir, de acordo cos principios de gradualidade e voluntariedade, o coñecemento e o uso do valenciano en todo o ámbito territorial da Comunidade Valenciana.

Na Orde de 14 de xuño de 2000, da Consellería de Cultura e Educación, pola que se regula a implantación dos programas formativos dirixidos á formación das persoas adultas establecidos nos anexos I e III do Decreto 220/1999, de 23 de novembro, do Goberno Valenciano e se ditan instrucións para a organización e o funcionamento dos centros públicos de formación das persoas adultas da Comunidade Valenciana, os cursos que conformaban o Programa de Promoción dos Coñecementos de Valenciano na Poboación Adulta intégranse no Programa para a promoción do coñecemento da realidade valenciana en todos os seus aspectos e, dunha maneira específica, en todo aquilo que se relaciona coa lingua e a cultura.

A Resolución de 8 de setembro de 2003, da Dirección Xeral de Persoal, da Dirección Xeral de Ensino e da Dirección Xeral de Política Lingüística e Patrimonio Cultural Valenciano, pola que se ditan instrucións para a organización e o funcionamento dos cursos de preparación para a obtención das certificacións de coñecementos de valenciano da Xunta Cualificadora de Coñecementos de Valenciano nos centros públicos de Formación das Persoas Adultas e nos programas municipais de Educación das Persoas Adultas. No punto 3 das Instrucións finais desta resolución indícase que “a presente resolución será de aplicación a partir do curso escolar 2003-2004“, polo que continúa vixente no curso 2005-2006.

Os cursos de promoción de coñecementos de valenciano na poboación adulta teñen catro niveis: Básico 1, Básico 2, perfeccionamento 1 e Perfeccionamento 2. Impártense nos centros de Formación de Persoas adultas de titularidade da Generalitat e en centros que son dos concellos. Estes últimos acóllense a subvencións da Generalitat para impartir estes cursos e cumpren cos requisitos de horas, programas e titulacións do profesorado, tal como establece a Consellería de Cultura, Educación e Deporte. Estes cursos sérvenlle tamén á poboación para preparar as probas dos certificados administrativos de coñecementos de valenciano que expide a Xunta Cualificadora de Coñecementos de Valenciano, organismo adscrito á Consellería de Cultura, Educación e Deporte.

Evolución de cursos e alumnos que realizaron cursos de valenciano do Programa de Promoción dos Coñecementos de Valenciano na Poboación Adulta.

Curso	Alumnado	Cursos
2002/03	11.909	558
2003/04	11.309	532
2004/05	12.577	601
2005/06	12.963	649

- Cursos de Valenciano en liña.

Estes cursos están deseñados como actividades de autoaprendizaxe, de maneira que o usuario poida comprobar inmediatamente cal é o grao de coñecemento de valenciano que conseguiu. As actividades, elaboradas a partir das probas dos diferentes niveis da Xunta Cualificadora de Coñecementos de Valenciano, adaptáronse e adecuáronse ao sistema telemático do Centro Virtual de Formación ao Cidadán, a plataforma de formación en liña da Generalitat.

Estes cursos son gratuítos para os cidadáns, están situados na plataforma de formación do Centro Virtual de Formación ao Cidadán da Generalitat (http://www.cvfc.gva.es). Iniciáronse en febreiro de 2004 e desde aquela houbo máis de 14.000 matrículas.

- Zona Vascófona.

Ademais das liñas de ensino de éuscaro a funcionarios públicos e a profesores, os cidadáns da zona vascófona que desexen aprender éuscaro son atendidos desde os centros públicos de Pamplona ou poden estudar en centros privados que reciben unha subvención do Departamento de Educación pola súa actividade. A demanda de aprendizaxe nas persoas adultas é reducida.

Nos centros de xestión privada da zona vascófona os alumnos matriculados recibiron as subvencións públicas que así mesmo se expresan:

	Nº DE ALUMNOS	SUBVENCIÓN
2004/2005	326	57.808,9 euros
2005/2006	354	39.689,2 euros

- Zona Mixta.

En canto ao ensino na Zona Mixta de Navarra, a normativa foral, segundo debe saberse, establece a creación de liñas de ensino en éuscaro e de éuscaro para quen o solicite.

Pois ben, segundo se escribiu en anteriores Informes, para facer efectivo o dereito a tal libre elección, en tal Zona Mixta están dispoñibles o modelo de ensino en éuscaro co castelán como materia (Modelo D), o ensino en castelán co éuscaro como materia (Modelo A) e o ensino sen éuscaro, que se deu en chamar modelo G.

• A Distribución de Alumnos.

Nos dous últimos cursos 2004/2005 e 2005/2006, obxectos do presente informe, a distribución dos alumnos escolarizados na Zona Mixta foi a seguinte:

CURSO 2004/2005:

	INFANTIL		PRIMARIA		SECUNDARIA OBRIGATORIA		BACHARELATO	
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada
Ensino en Éuscaro (D)	2513	810	4012	1517	1649	781	749	179
Ensino de Éuscaro (A)	1882	820	3506	1638	1027	500	206	11
Ensino en Castelán (G)	992	3319	2473	6203	3247	5503	1750	2086
Total	5387	4949	9991	9358	5923	6784	2705	2276

A zona mixta concentra a maior porcentaxe dos alumnos navarros, un 60,73% do total. O detalle porcentual é o seguinte:

	INFANTIL	PRIMARIA	SECUNDARIA OBRIGATORIA	BACHARELATO
Ensino en Éuscaro (D)	32.15 %	28.55 %	19.12 %	18.63 %
Ensino de Éuscaro (A)	26.00 %	26.00 %	12.02 %	4.36 %
Ensino en Castelán (G)	41.71 %	44.90 %	68.86 %	77.01 %
Total	100.00 %	100.00 %	100.00 %	100.00 %

CURSO 2005/2006:

	INFANTIL		PRIMARIA		SECUNDARIA OBRIGATORIA		BACHARELATO	
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada
Ensino en Éuscaro (D)	2648	826	4249	1574	1828	1028	939	186
Ensino de Éuscaro (A)	1776	850	3567	1749	1072	453	331	53
Ensino en Castelán (G)	1122	3474	2644	6369	3422	5427	1570	2009
Total	5546	5150	10460	9692	6322	6908	2840	2248

	INFANTIL	PRIMARIA	SECUNDARIA OBRIGATORIA	BACHARELATO
Ensino en Éuscaro (D)	32.45 %	28.90 %	21.59 %	22.11 %
Ensino de Éuscaro (A)	24.53 %	26.86 %	11.53 %	7.55 %
Ensino en Castelán (G)	43-02 %	44.73 %	66.89 %	70.34 %
Total	100.00 %	100.00 %	100.00 %	100.00 %



O modelo G reúne o 52,97% do alumnado da zona. Considerando as redes, o 34,82% dos alumnos da rede pública da zona e o 72,00% dos alumnos da concertada están neste modelo.

O modelo D agrupa o 27,00% do alumnado da zona. O 38,38% dos alumnos da rede pública da zona e o 15,06% dos alumnos da concertada desta zona escolarízanse no modelo D.

Nesta zona, o modelo A, supón o 20,03% do alumnado. O 26,79% dos alumnos da rede pública da zona e o 12,94% dos alumnos da concertada escolarízanse no modelo A.

• Os Centros Educativos.

Da observación dos datos precedentes pódese concluír que o peso dos modelos lingüísticos é diferente nos centros públicos e privados da zona. Esta diferente distribución explícase polo feito de que mentres que os centros de xestión privada deseñan o modelo de centro e acollen nese deseño os alumnos que o solicitan, os centros públicos organízanse en función da demanda de matriculación tal e como se recibe.

Os centros educativos da Zona Mixta presentan unha oferta suficiente de modelos lingüísticos para satisfacer a demanda social.

	INFANTIL E PRIMARIA		ESO		BACHARELATO	
	Publica	Privada	Publica	Privada	Publica	Privada
Nº de centros que ofrecen só Modelo A	3	2	-	1	-	-
Nº de centros que ofrecen só Modelo G	5	17	-	18	1	15
Nº de centros que ofrecen só Modelo D	11	4	5	4	5	1
Nº de centros que ofrecen Modelos A e D	3	-	1	-	-	-
Nº de centros que ofrecen Modelos G e A	17	9	7	3	7	1
Nº de centros que ofrecen Modelos G, D e A	7	-	5	-	2	-

Os alumnos dos modelos A e G normalmente comparten unha mesma clase e sepáranse durante 4 períodos lectivos semanais para que os alumnos de modelo A reciban a materia de lingua vasca mentres os alumnos de modelo G participan en talleres de afondamento e recuperación das áreas de lingua castelá e matemáticas. Os alumnos do modelo D constitúen grupos homoxéneos.

As condicións de escolarización nos diferentes modelos lingüísticos son similares. As diferenzas nas ratios de alumnos por grupo teñen que ver fundamentalmente coa etapa educativa e a localidade, as ratios máis baixas danse nas localidades con menor densidade de poboación:

• Ratios de alumnos por grupo:

	PAMPLONA E ZONA DE INFLUENCIA			OUTRAS LOCALIDADES DE ZONA MIXTA		
	Infantil	Primaria	Secundaria	Infantil	Primaria	Secundaria
Modelo D	22	21	23,8	18,2	18,7	18,2
Modelos A e G	23	22	24,4	18,9	18,7	20,2

• A Escolarización.

Os alumnos de novo ingreso cobren un impreso de preinscrición no que se poden solicitar ata tres centros diferentes por orde de prioridade. Os datos de escolarización demostran que aproximadamente o 97,5% dos alumnos obteñen praza no primeiro dos centros solicitados.

A dificultade de escolarización da porcentaxe restante ten moito máis que ver co tipo de centro elixido (público ou privado) que co modelo lingüístico solicitado, que sempre se respecta.

O Departamento de Educación fai unha oferta de prazas dispoñibles en centros educativos próximos ao domicilio aos alumnos aos que non se lles atendeu a solicitude na primeira selección. Os casos nos que este procedemento non satisfai a demanda dos pais son anecdóticos no seu número.

Cando a praza escolar obtida está fóra do concello no que vive o alumno o Departamento de Educación organiza e financia o transporte escolar e o comedor, no caso de alumnos con xornada partida.

De modo suplementario a esta liña, existe unha convocatoria específica de axudas ao transporte e comedor para os alumnos que deben desprazarse ao non ter na súa localidade ou en menos de 5 quilómetros da mesma a opción lingüística elixida.

Dado que a escolarización no modelo lingüístico elixido vén garantida pola rede de centros e o transporte escolar, o uso que se fai destas axudas na Zona mixta é escaso: das 542 axudas concedidas no curso 2005/2006, tan só 11 corresponden a alumnos con domicilio na zona mixta.

• Programas de Reforzo Lingüístico.
O Departamento de Educación organiza unha variada gama de programas e actividades de reforzo lingüístico para que os alumnos escolarizados nos modelos D, B e A desenvolvan de maneira óptima as capacidades lingüísticas, tanto as requiridas no currículo escolar coma os rexistros espontáneos que poden resultar artificiais no marco escolar e na relación concreta profesor-alumno. Os programas e actividades intégranse na programación da área para favorecer que os alumnos adquiran rexistros naturais do idioma:

Os alumnos da zona mixta participan nestes programas, xunto cos alumnos das outras zonas de Navarra. O seu contido e difusión detállanse no punto correspondente á PARTE III, Artigo 8. Ensino, letra g) tomar medidas para asegurar o ensino da historia e a cultura das que é expresión a lingua rexional ou minoritaria.

• A Formación Profesional na Zona Mixta:

Os modelos lingüísticos están definidos para o ensino obrigatorio e o bacharelato. No caso da Formación Profesional non existen modelos lingüísticos xa que o principal obxectivo non é aprender e perfeccionar unha lingua (de feito, non cursan a materia de Lingua Vasca nin Lingua Castelán nin ningunha materia instrumental), senón alcanzar unha óptima cualificación profesional que atenda as demandas do sector empresarial correspondente. Non esquezamos que o actual alumno de FP cursou o ensino básico (Primaria e ESO) e/ou o Bacharelato no Modelo lingüístico da súa elección.

Para atender aquelas profesións onde existe demanda estable de alumnado, necesidade de persoal cualificado e con dominio do éuscaro na Administración e interese por parte do sector empresarial en cualificar profesionalmente en éuscaro, existe oferta en Pamplona de ciclos formativos que se imparten en éuscaro.
A oferta actual en Pamplona é a seguinte: IES “Donapea”:

GRAO MEDIO	1º CURSO ALUMNOS	2º CURSO ALUMNOS	FCT ALUMNOS
Equipos Electrónicos de Consumo	Non houbo demanda suficiente		
Xestión Administrativa	10	0	8
GRAO SUPERIOR			
Administración e Finanzas	7	16	0

IES “Adaptación Social“:

GRAO SUPERIOR			
Educación Infantil	20	0	0

Comunidade Autónoma de ILLES BALEARS

O Consorcio (COFUC) dentro do ámbito da formación lingüística non regrada para persoas adultas das Illes Balears fomentou a organización de cursos, seminarios, conferencias, centros de autoaprendizaxe e toda clase de técnicas e estratexias formativas.

O Consorcio (COFUC) no que concirne ao ensino para persoas adultas levou a cabo diferentes actividades.

• Cursos de lingua catalá.

O Consorcio (COFUC) organizou cursos de lingua catalá de diferentes modalidades: cursos para adultos presenciais de lingua catalá (non intensivos) para os niveis inicial, elemental, medio e superior; cursos presenciais de lingua catalá (intensivos) para os niveis inicial, elemental, medio e superior; cursos de lingua catalá a distancia para os niveis elementais e medios; e os cursos de lingua catalá para estranxeiros para os niveis 1 e 2. E tamén realizou os cursos para pais e nais que se dirixen aos pais e nais nas mesmas escolas onde asisten os seus fillos para facilitarlles o acceso á lingua catalá.

• Centros e puntos de autoaprendizaxe de lingua catalá.

Desde o ano 2004 o Consorcio (COFUC) xestiona os centros (CAL) e os puntos de autoaprendizaxe (PAL). Son espazos dotados de medios e materiais para facilitar a aprendizaxe individualizada do catalán e axústanse ás necesidades e ao ritmo persoal de cada aprendiz. Creáronse diferentes centros en todas as illas: CAL de Llevant (Palma), CAL Universidade das Illes Balears (Palma), CAL Eivissa e o CAL Francesc de Borja Moll (Ciutadella); e os puntos de autoaprendizaxe: PAL Emili Darder, PAL Son Dureta, PAL de Alcúdía, PAL de Sant Antoni de Portmany, PAL de Santa Eulària des Riu e PAL de Formentera.

• Programa de Ensino da Lingua Catalá (PELC)

O PELC é un curso autoaprendizaxe de catalán por Internet. É un recurso en liña para a aprendizaxe da lingua catalá.

g. Tomar medidas para asegurar o ensino da historia e a cultura das que é expresión a lingua rexional ou minoritaria;

Comunidade Autónoma de EUSKADI

A impartición de contidos, procedementos e valores relativos á dimensión vasca do currículo (historia, xeografía, literatura, arte, etc) é unha actividade amparada pola lei, que lle recoñece á Comunidade Autónoma unha capacidade normativa dun 45% do total de materia curricular. En consecuencia diso, os decretos e normativa curriculares da Comunidade teñen puntos e compoñentes explicitamente destinados a atender esta área. A realidade, non obstante, é menos brillante: o tratamento da DVC nos libros escolares rara vez alcanza cotas significativas (salvo en materias como literatura vasca e historia do País Vasco), e a formación do profesorado en tales materias dista aínda moito de ser satisfactoria.

Trátase, con todo, dun ámbito no que se están realizando progresos reais e cuantificables. É intención do Goberno abordar este tema con carácter prioritario estes próximos años.

Comunidade Autónoma de CATALUNYA

En todos os itinerarios curriculares dos diversos niveis de ensino detallados nos puntos anteriores inclúese o ensino da historia e a cultura catalás.

Comunidade Autónoma de GALICIA

Todas as ensinanzas anteriormente referidas no punto anterior implican tamén a transmisión do ensino da historia e a cultura das que é expresión a lingua galega. A historia, a xeografía e as tradicións específicas de Galicia inclúense, desde a existencia da Autonomía, nos programas escolares en todos os niveis do ensino obrigatorio, de forma que o ensino proceda gradualmente do coñecido ao descoñecido, do próximo ao remoto e do particular ao universal.
Existen proxectos específicos: a Xunta de Galicia convoca proxectos de innovación educativa en valores democráticos desde o ámbito do lecer (no Plan Valora-Lecer), campo a veces inxustamente esquecido desde o ensino, sendo fundamental para a formación integral dos alumnos e alumnas a oferta de alternativas de calidade para o tempo de lecer. Preténdese que estas alternativas xiren arredor de diversas posibilidades como son o

coñecemento dos elementos propios da cultura galega, o descubrimento do patrimonio material e inmaterial de Galicia, así como o fomento de comportamentos respectuosos e comprometidos coa súa conservación, poñendo en marcha accións que permitan mellorar ou ampliar o coñecemento sobre o patrimonio natural, cultural, lingüístico, histórico, artístico e industrial da nosa comunidade; dinamización dos centros como espazos de cultura abertos á comunidade, etc. Sen dúbida a visita a exposicións artísticas, a actos culturais ou musicais, o folclore galego, a oralidade, o teatro, o audiovisual, xogos e xoguetes tradicionais, etc, inciden unha vez máis na valoración da cultura e da lingua galega.

Así mesmo, nos cursos no exterior existe tamén oferta específica de materia de extensión cultural (ver puntos anteriores).

Comunidade VALENCIANA

Os currículos oficiais vixentes na Comunidade Valenciana en todos os niveis educativos non universitarios aseguran que se ensina a historia e a cultura valencianas.

Comunidade Foral de NAVARRA

O ensino da lingua vai unida ao coñecemento das expresións culturais que se realizan no idioma, así mesmo a aprendizaxe da lingua debe incluír rexistros naturais e espontáneos que non sempre se producen no marco académico.

O Departamento de Educación organiza unha variada gama de programas e actividades de reforzo lingüístico para que os alumnos desenvolvan de maneira óptima as capacidades lingüísticas, tanto as requiridas no currículo escolar como os rexistros espontáneos que poden resultar artificiais no marco escolar e na relación concreta profesor- alumno. Os programas e actividades intégranse na programación da área para favorecer que os alumnos adquiran rexistros naturais do idioma.

Os programas, que se resumen a continuación, están abertos á participación de todos os alumnos navarros escolarizados nos modelos D, B e A, independentemente da súa zona lingüística de residencia.

Comunidade Autónoma de ILLES BALEARS

O Consorcio (COFUC) apoia o ensino da historia e a cultura catalás con diferentes actuacións.

Creou o Punto de Información de Lingua Catalá (PICAT). O Picat dálles asesoramento lingüístico e información de lingua catalá a organizacións, fundacións, entidades e público en xeral sobre consultas xerais, traducións, correccións de textos que impliquen difusión da lingua catalá.

Leváronse a cabo, durante o ano 2005, 420 consultas e 1.267 revisións de documentos repartidas en diferentes usuarios entre os cales hai asociacións, colexios profesionais, entidades privadas, entidades públicas e institucións públicas.

Tamén se levou a cabo o servizo de asesoramento lingüístico ao Ente Público de Radiotelevisión de Illes Balears (EPRTVIB) á Federación de Fútbol de Illes Balears e á Autoridade Portuaria de Illes Balears.

No que concirne á promoción da lingua colaborouse coa Fundación Teatre do Mar.

Creouse a web específica do Punto de Información de Lingua Catalá que informa sobre lingua catalá: historia, normativa, lexislación, organismos, etc. Inclúe tamén os puntos de recursos, axenda e novidades.

Os costumes e a forma de vida de Illes Balears reflíctese en “Viure a les Illes Balears“. O Consorcio (COFUC) reeditou o vocabulario. É un vocabulario con imaxes que ten como obxectivo o acercamento á lingua catalá para os que acaban de chegar. Contén mil palabras de uso frecuente na comunicación cotiá e unha selección de frases correntes que son de grande utilidade.

Hudà! Xogo de literatura de Illes Balears. É un xogo sobre movementos literarios, autores e obras da literatura de Illes Baleares, dirixido a educación secundaria e bacharelato. Hudà! , está enfocado como unha web interactiva na cal os alumnos teñen que escoller unha resposta correcta para preguntas tipo test que son formuladas por esta web.

Outro material dinamizador da cultura e a lingua es Menualacarta.net por medio do cal se poden traducir e elaborar cartas de restaurante por Internet.

h. Garantir a formación inicial e permanente do profesorado necesario para aplicar os parágrafos de a) a g) que aceptase a parte;

Este punto cúmprese en gran medida. Na Lei 10/1982, Básica de Normalización do Uso do Éuscaro recóllese que o Goberno Vasco establecerá os medios tendentes a unha progresiva euskaldunización do profesorado, e determinará as prazas ou unidades docentes para as que será preceptivo o coñecemento do éuscaro.

Así mesmo, na Lei 2/1993, de 19 de febreiro, de Corpos Docentes do Ensino non Universitario da Comunidade Autónoma do País Vasco, regúlase a normalización lingüística (artigos 48 a 54), recolléndose no artigo 49 o seguinte:

"Os postos de traballo docentes ao servizo da Administración educativa vasca terán asignado o seu correspondente perfil lingüístico. O perfil determinará o conxunto dos niveis de competencia lingüística en éuscaro necesarios para a provisión e desempeño do posto de traballo. En tanto o perfil lingüístico non fose perceptivo, servirá exclusivamente para determinar a valoración que como mérito haberá de outorgárselle ao coñecemento do éuscaro".

Posteriormente, o Decreto 47/1993, de 9 de marzo, estableceu os criterios para a determinación dos perfís lingüísticos e as datas de preceptividade nos postos de traballo docentes. Este decreto encheu o baleiro normativo existente, á vez que desenvolveu o establecido na citada Lei de Corpos Docentes Non Universitarios da Comunidade Autónoma do País Vasco, regulando o proceso de normalización lingüística no sector educativo docente non universitario.

Segundo a regulación contida no artigo 3, os perfís lingüísticos de aplicación aos postos de traballo docentes son dous: Perfil Lingüístico 1 e Perfil Lingüístico 2:

- O Perfil Lingüístico 1 aplicarase aos postos de traballo docentes que sexan ocupados por docentes que non impartan ensino de éuscaro nin en éuscaro, garantindo a competencia lingüística que se necesita para utilizar o éuscaro como lingua de relación.

- O Perfil Lingüístico 2 aplicarase aos postos de traballo docentes que sexan ocupados por docentes que impartan ensino de éuscaro ou en éuscaro, garantindo a competencia lingüística que se necesita para utilizar o éuscaro tanto como lingua de relación como de ensino.

Polo tanto, a normativa oficial teno expresamente consignado. Tanto na formación inicial como permanente, existe unha oferta formativa en éuscaro crecentemente diversificada. Hai aínda, non obstante, un importante percorrido para culminar tanto na formación inicial como permanente (programa GARATU).

A continuación, preséntanse os datos sobre o perfil lingüístico do profesorado na Comunidade Autónoma. Os datos son relativos aos profesores de ensino non universitaria, tanto de centros públicos como privados (educación infantil, primaria e secundaria, bacharelato, formación profesional, e educación de adultos):

Total	2000-2001	2001-2002	2002-2003
Total profesores	28188	29103	29364
Sen perfil	28,3	24,6	23,7
Perfil lingüístico 1	6,5	6,4	6,4
Perfil lingüístico 2	65,1	68,9	69,9

Se analizamos a rede pública vasca (que supón o 60% do total do profesorado), observamos que o nivel de coñecemento de éuscaro e cumprimento dos perfís é maior respecto á media.

Total	2000-2001	2001-2002	2002-2003
Total profesores	16992	17865	17727
Perfil lingüístico 0	21,6	18,5	17,4
Perfil lingüístico 1	7,5	7,2	7,1
Perfil lingüístico 2	70,9	74,3	75,5

A evolución do coñecemento do éuscaro e cumprimento de perfís no profesorado en ambos os casos é crecente; así mesmo, o número de profesores que non posúen ningún perfil lingüístico aprobado diminúe tanto cuantitativamente como porcentualmente.

Por outra parte, na Universidade Pública Vasca, non tiveron un aumento similar os recursos de que dispón a UPV/EHU para poder facer fronte á demanda crecente do alumnado. Neste sentido, é un dato verdadeiramente significativo e digno de resaltar o perfil lingüístico dos profesores. De feito, a pesar de que se realizaron grandes esforzos durante estes últimos años e de que a contratación de profesorado bilingüe aumentou significativamente, o desequilibrio é, hoxe por hoxe, aínda grande: actualmente, a porcentaxe dos nosos profesores bilingües non anda senón arredor do 30%. Á luz deste dato, é evidente, sen afondar en maior detalle, que un dos principais obxectivos de calquera planificación para a normalización debe ser a diminución progresiva deste desequilibrio estrutural, xa que a UPV/EHU vai seguir sendo no futuro unha universidade pública e, en tanto que pública, deberá satisfacer debidamente a demanda mostrada pola sociedade vasca.

IV gráfico: el profesorado en euskara



Comunidade Autónoma de CATALUNYA

Nos centros docentes de Catalunya utilízase normalmente o catalán como lingua do ensino. Segundo dispón o artigo 24 da Lei de política lingüística de 1998, o profesorado debe coñecer as dúas linguas oficiais e debe estar en condicións de poder usalas na tarefa docente. Segundo o Decreto 244/1991, de 28 de outubro, sobre o coñecemento das linguas oficiais para a provisión de postos de traballo docente dos centros públicos de ensino non universitario de Catalunya dependentes do Departamento de Educación, nos concursos de traslado do profesorado solicítase a acreditación de catalán co certificado de capacitación (módulo II) ou o de coñecementos suficientes de catalán (nivel C).

Igualmente, a citada Lei de política lingüística, no seu artigo 22.3, establece que as universidades deben ofrecer cursos e medios adecuados para que o alumnado e o profesorado perfeccionen a comprensión e o coñecemento da lingua catalá. Unha das funcións dos servizos lingüísticos universitarios é ofrecerlle formación de catalán ao profesorado e fomentar o seu uso na docencia.

Comunidade Autónoma de GALICIA

Para o acceso ao corpo de profesores, tanto de ensino primario como secundario, é obrigatoria a acreditación do coñecemento de lingua galega, a través da superación dunha proba específica de galego ou da presentación do certificado de superar os cursos de Perfeccionamento da lingua galega.

Os docentes galegos contan co apoio dos Centros de Formación e Recursos (CFR). Son órganos, dependentes do servizo de Formación do Profesorado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que teñen como obxectivos a formación permanente do profesorado, o intercambio de experiencias e reflexión sobre os procesos educativos e a dinamización pedagóxica dos centros como elementos que contribúen á mellora da calidade no ensino.

Desenvolven a súa actividade de forma coherente cos planes de formación que demanda o sistema educativo e coas necesidades de actualización pedagóxica e científica sentidas e manifestadas polos docentes.

Están vinculados aos centros educativos do seu ámbito territorial, contribuíndo a consolidar o labor docente entendido non como un simple traballo illado na clase senón como unha actividade máis complexa e creativa, que desenvolve e adapta os currículos ao contexto socio-educativo. Teñen como principais funcións detectar e recoller as necesidades de formación nos centros do seu ámbito de actuación e propoñer iniciativas e accións formativas que satisfagan esas necesidades ou demandas; coordinar e xestionar as actividades formativas que integran o Plan Anual de formación permanente do profesorado

aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional; promover accións formativas nos centros, encamiñadas a impulsar a investigación educativa, preferentemente no campo da innovación e experimentación didácticas; facilitarlles un servizo de documentación, elaboración e difusión de material didáctico e pedagóxico aos profesores e aos centros de ensino do seu ámbito territorial; realizar actividades de intercambio, debate e difusión de experiencias educativas entre o profesorado, etc. Organizan cursos e xornadas e proxectos de formación e asesoramento.

- Os Equipos de Normalización Lingüística (ENL).

No curso 1990-1991 creáronse e empezaron a funcionar os equipos de normalización lingüística. Nas ordes que regulaban a organización e funcionamento dos centros de ensino non universitario, sinalábase por primeira vez que cada Centro tería un ENL que se encargaría, primordialmente, de coordinar a elaboración a posta en práctica dun plan xeral para o uso do idioma e outro específico para a docencia en lingua galega.

Naceron pola necesidade de adoptar un conxunto de medidas de actuación positiva dirixidas á promoción da lingua galega e, así mesmo, unha planificación na que se contemple o uso das dúas linguas como vehiculares, en cumprimento do sinalado pola Lei de Normalización Lingüística.

Coa entrada en vigor da LOXSE, a norma que regulaba a constitución e funcións dos equipos modificouse. Os Decretos 324/1996 e 374/1996 establecen para estes as seguintes funcións:

a. Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluirán no proxecto educativo de centro. (PEC)

b. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular (PCC), o Plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberán especificar, polo menos:
b.1. Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
b.2. Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

c. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, etc. no ensino.

d. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades que tendan á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.

e. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o presuposto de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

f. Proporcionarlles aos membros da comunidade educativa información sobre actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

Anualmente, deberán remitirlle á Inspección Educativa unha avaliación do plan de potenciación do uso do galego, especificando o grao de consecución dos obxectivos iniciais e as posibles medidas correctoras.

Desde o seu inicio, os ENL contan con axudas económicas anuais por parte da Administración, así como con seminarios de formación anuais para os seus membros, nos que se imparten fundamentos teóricos para o desempeño do seu labor e se intercambian experiencias.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística está elaborando, para a súa posta en marcha no próximo curso académico, un plan de dinamización da lingua galega no ensino, no que se contempla a coordinación dos ENL e a elaboración de distintos materiais didácticos que faciliten o labor de planificación e dinamización lingüística que estes deben realizar. Así mesmo, intensificaranse as accións formativas.

Comunidade VALENCIANA

A partir da Orde de 5 de febreiro de 1997 da Consellería de Cultura, Educación e Ciencia, pola que se regula o Plan de Formación Lingüístico-Técnica en Valenciano do Profesorado Non Universitario e a obtención das titulacións administrativas necesarias para o ensino en Valenciano e de Valenciano en todos os niveis de ensino non universitario, cada curso académico, mediante resolución, convócanse cursos de formación para a obtención das titulacións administrativas que capacitan para o ensino do valenciano e en valenciano nas etapas educativas dos niveis non universitarios.

A Administración educativa valenciana garante a formación permanente do profesorado de educación non universitaria a través de servizos como o Servizo de Formación do Profesorado e o Servizo de Ensino en Valenciano. Este último, en concreto, é unha aposta clara desta Administración polo valenciano nas escolas, e as súas atribucións veñen recollidas na Orde de 3 de xuño de 2005 [DOGV núm. 5.028, de 15.06.2005] . A parte da formación permanente xeral, a Administración educativa programa actividades de formación en metodoloxía e estratexias na aprendizaxe das linguas, e en especial do valenciano, e anualmente convoca cursos de formación en valenciano para que o profesorado desta Comunidade sexa capaz de ensinar o valenciano e en valenciano. Así, nos últimos dez años, convocáronse máis de 1.700 destes cursos, nos cales se inscribiron máis de 47.000 profesores.

A Secretaría Autonómica de Cultura e Política Lingüística convoca cada primeira semana do mes de xullo, este ano é a vixésimo terceira edición, cursos de formación e actualización didáctica e lingüística para o profesorado que imparte valenciano nas diferentes etapas educativas, e especialmente para os profesores que imparten cursos de valenciano a persoas adultas. No período que abarca este informe, os profesores que acudiron cada convocatoria son os seguintes:

Curso	Profesorado
2002/03	373
2003/04	279
2004/05	324
2005/06	340

Comunidade Foral de NAVARRA

O Departamento de Educación mantén unha oferta de formación en lingua vasca dirixida de forma específica aos profesores. O plan de formación en lingua vasca para persoal docente de ensino non universitario celebrou no curso 2005-2006 a súa XXV convocatoria. Nel inclúense diversas propostas formativas que abarcan desde a aprendizaxe da lingua ata o perfeccionamento e actualización lingüística para os profesores que exercen a docencia en éuscaro.

As propostas formativas que integra este Plan de formación son as seguintes:

- Aprendizaxe de Éuscaro.

* Cursos intensivos de reciclaxe de éuscaro con licenza laboral

Recibíronse 22 solicitudes de profesores para participar nos cursos intensivos de reciclaxe con licenza laboral. Delas foron aceptadas as 14 solicitudes que cumprían os requisitos de acreditar un nivel suficiente e estar en posesión da condición administrativa de seren funcionarios ou contratados laborais fixos.

MODALIDADE B: Os 7 participantes seleccionados obteñen licenza laboral durante todo o curso académico e reciben aproximadamente 1200 horas de formación.

MODALIDADE C: Os 7 participantes seleccionados obteñen licenza laboral desde o 1 de setembro ata o 31 de xaneiro e reciben aproximadamente 475 horas de formación

* Cursos extensivos de aprendizaxe de éuscaro.

Durante o curso académico 2005-06 houbo 118 inscricións. No período que vai de setembro a febreiro, creáronse 4 grupos no CP Zubiarte Euskaltegia e outros 2 módulos (CP Virgen Blanca e CAP de Tafalla); No período que vai de febreiro a xuño, organizáronse 2 grupos no CP Zubiarte Euskaltegia e, ademais, continuaron os mesmos módulos ca no primeiro cuadrimestre.

* Axudas individuais para a aprendizaxe de éuscaro

Mediante estas axudas subvenciónanse os cursos realizados por profesores en entidades privadas en tanto en canto non exista na localidade ou zona de influencia do interesado un centro de ensino dependente da Administración. Tramitáronse 5 solicitudes.

- Perfeccionamento Lingüístico do Profesorado.

* Curso intensivo de perfeccionamento lingüístico en éuscaro con licenza laboral parcial freskatze ikastaroa

O curso ten como obxectivos a actualización gramatical e a mellora da produción textual, tanto oral como escrita, dos profesores participantes. O curso está organizado en módulos que se distribúen en dúas fases: unha fase intensiva de 150 horas de duración, con licenza

laboral, e outra extensiva, de 100 horas de duración, sen licenza laboral. Ambas as fases teñen que se realizar na súa totalidade durante o mesmo curso académico.

A convocatoria do curso 2005-2006 contou con 16 prazas e recibíronse 43 solicitudes.

* Cursos de perfeccionamento lingüístico sen licenza laboral:

Son actividades formativas centradas na mellora da calidade lingüística e capacidade comunicativa do profesorado, así como na planificación e desenvolvemento do currículo de lingua vasca

A participación do profesorado nas actividades realizadas no curso 2005-2006 recóllese no seguinte cadro:

Actividades de formación	Horas / curso	Nº cursos	Inscritos	Certifican	Satisfacción (1 a 5)
Mellora da calidade lingüística e capacidade comunicativa do profesorado					
Freskatze ikastaroa	250	1	16	16	4,1
Euskaltzaindiaren araugintza I	20	2	24	13	4,6
Euskaltzaindiaren araugintza II	15	1	8	7	4,4
Hizkuntza aberasteko bideak	12	6	90	71	4,1
Sintaxia: zalantzak argitzeko bidean	20	1	12	7	3,9
Euskara hobetzeko on-line ikastaroa	35	1	167	108	4,1
Itzulpengintza: eskola idazkiak	35	1	16	12	4,8
Itzulpengintzarako teknologia berriak	20	1	10	3	4,7
Solasgunea	16	2	14	10	4,3
Hitanoa	17	1	17	7	4,4
TOTAL	-	17	374	254	
Planificación e desenvolvemento do currículo de lingua vasca					
Kontalari trebatzen	20	1	11	7	4
Ipuin tailerra eta herri ipuinak	35	1	12	7	4,4
Testuak irakaskuntzan: sorkuntza eta zuzenketa	20	2	17	13	4,6
Euskal jolasak I	10	1	13	10	4,8
A eredurako ipuin multimediak sortzeko lan taldea	10	1	9	7	4,3
Nafarroako euskalkiak	20	1	13	9	3,4
A eredurako ikasmaterialak prestatzeko mintegia	30	1	25	17	5
Irratia eskolan interneten bitartez	20	1	10	8	4,3
Irrati saioak eskolan	24	1	9	5	3,8
Literaturaz gozatzen	12	1	9	5	4,4
Literatura txokoa	10	3	23	12	4,1
Hizkuntza jolasak	20	1	11	11	4,6
Kantuan eta musikan aritzeko Band in a box software musikala erabiltzen ikasi	20	1	17	7	4,6
Lagunarteko hizkerarekin jolasean	10	1	7	6	4,2

DBHko gazteekin Portfolioaren adierazleak	10	1	25	18	3,1
Prestakuntza ikastaroak on-line nola diseinatu eta garatu	10	1	20	16	-
Web orrialdeak Dreamweaverrekin	10	1	16	12	-
Kamishibai euskaraz	2	1	68	55	-
TOTAL	-	21	315	225	

- Catalán.

Durante o curso 2005/06, estase levando a cabo o XXI Seminario de Catalán, no CPR de Fraga, que ten como principal obxectivo a formación do profesorado de Infantil, Primaria e Secundaria, así como a coordinación e a organización da materia a nivel de toda a Comunidade Autónoma.

Os obxectivos do Seminario para o curso 2005/06 son os seguintes:

- Adquirir estratexias educativas para o ensino da lingua catalá.
- Elaborar e intercambiar materiais didácticos adaptados á realidade sociolingüística de Aragón.
- Proxectos de Innovación Educativa nos centros.
- Dar a coñecer diferentes materiais publicados polas asociacións da Franxa ou polos territorios catalanfalantes.
- Participar nos intercambios escolares.
- Coordinar e mellorar a situación do ensino do catalán nos diferentes centros de Aragón onde se imparte a materia.
- Colaborar co Proxecto de Animación Cultural nas Escolas da Franxa: escritores, poetas, cantautores e talleres creativos nas aulas.
- Organizar a Xª Escola d'Estiu. A IXª Escola d'Estiu, celebrada os días 5 e 6 de setembro de 2005 en Fraga, versou sobre —Plurilingüismo e diversidade cultural nas escolas".

Durante o presente curso escolar 2005/06, o Departamento de Educación financiou a asistencia dun dos profesores do Seminario aos XII Tallers de Llengua i Literatura Cataláns organizados polo Departamento de Educación da Generalitat de Catalunya.

Así mesmo, favorécese a participación dos centros de Secundaria no Diario electrónico Escoles en Xarxa, coordinado por Vilaweb, Ômnium Cultural e o Departamento de Educación da Generalitat de Catalunya.

- Aragonés.

Durante este curso 2005/06 retomouse o Seminario de Aragonés que comezou no curso 2002/03 e que só estivo en funcionamento durante ese ano. Coordinado desde o Centro de Profesores e Recursos de Huesca, ten como prioridade poñer en común os materiais didácticos que existen para o ensino do aragonés, concretar un Programa de Animación Cultural en aragonés e facilitar a formación do profesorado desta materia.

i. Crear un ou varios órganos de control encargados do seguimento das medidas adoptadas e dos progresos realizados no establecemento ou desenvolvemento do ensino das linguas rexionais ou minoritarias, e redactar ao respecto informes periódicos que se farán públicos.

Comunidade Autónoma de EUSKADI

Tanto os servizos estatísticos do Departamento de Educación, Universidades e Investigación, así como determinadas instancias administrativas, veñen realizando esta tarefa de forma continuada e con crecente grao de concreción.

Comunidade Autónoma de CATALUNYA

Nos centros docentes de Catalunya utilízase normalmente o catalán como lingua do ensino non universitario e os coñecementos de lingua catalá avalíanse sistematicamente en todos os niveis.

Comunidade Autónoma de GALICIA

A Consellería de Educación en Galicia conta cunha Inspección Educativa encargada de velar, entre outras, polo cumprimento das normativas en materia lingüística no ámbito educativo non universitario. No curso académico 2005-2006 a Consellería de Educación e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, co fin de cumprir a Carta e o Plan Xeral de Normalización da lingua galega, encargáronlle aos inspectores a obtención de datos, sobre a base dun cuestionario común, para avaliar o grao de cumprimento da lexislación lingüística que rexe o ámbito educativo en Galicia nos centros de ensino. Os resultados obtidos son os seguintes:

Indicadores de cumprimento en:	Número total de centros das catro provincias	Número de centros inspeccionados	Número de centros que cumpren a normativa	Porcentaxe de centros que cumpren	Observacións
1.- Emprego da lingua galega nas áreas de materias obrigatorias	1.692	1.483	1.366	91'74%	8'26% de incumprimentos parciais
2.- Uso de libros de texto e materiais curriculares en lingua galega obrigatorios	1.692	1.483	1.377	92'48%	7'52& % de incumprimentos parciais

O Plan Xeral de Normalización da lingua galega propón como medida a presentación no Parlamento galego dun programa operativo anual e de dar conta da súa realización ao finalizar o período. Pois ben, no programa operativo correspondente ao 2006, a Secretaría Xeral de Política Lingüística propón a creación da Comisión Interdepartamental encargada de facer o seguimento do uso da lingua na Administración, TERMIGAL organismo encargado da elaboración e desenvolvemento da terminoloxía na lingua galega e o Consello Social da Lingua Galega.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística conta, ademais, cunha Comisión de Impulso e Seguimento do Plan Xeral de Normalización da lingua galega que vela, entre outras tarefas, polo cumprimento das liñas en materia de Educación.

Comunidade VALENCIANA

Polo que se refire á educación non universitaria, a función de seguimento e control compételle ao Servizo de Ensinanzas en Valenciano da Dirección Xeral de Ensino da Consellería de Cultura, Educación e Deporte e á Inspección de Educación. Cada ano, como se indicou anteriormente, edítase material informativo sobre o progreso da aplicación dos programas de educación bilingüe.

Para o seguimento dos cursos de coñecemento de valenciano entre a poboación adulta, a Comisión Técnica de Coordinación e Seguimento da promoción dos coñecementos de valenciano na poboación adulta encárgase do seguimento e control. Esta comisión está formada por persoal técnico de diversos órganos da Consellería de Cultura, Educación e Deporte e representantes dos centros educativos e de formación de formadores.

Respecto do ensino universitario, as respectivas áreas administrativas, por separado ou conxuntamente, informan da evolución do ensino en valenciano nos centros universitarios.

Comunidade Foral de NAVARRA

A Lei Foral 12/1997, de 4 de novembro, reguladora do Consello Escolar de Navarra ou Xunta Superior de Educación e dos Consellos Locais, culmina un proceso normativo e histórico de exercicio de competencias de Navarra en materia de ensino, amparado no seu réxime foral, que ten como antecedente máis remoto na Lei de Cortes de 1829, que creou a Xunta Superior de Educación de Navarra. O obxectivo da Lei é instrumentar, organizar e potenciar a participación da sociedade na programación xeral do ensino, democratizando a xestión educativa e someténdoa ao necesario control social.

O Consello Escolar ou Xunta Superior de Educación é o órgano superior de consulta e participación dos sectores sociais afectados na programación xeral do ensino non

universitario dentro do ámbito da Comunidade Foral, tanto no que se refire ao ensino en xeral como no relativo ao ensino de éuscaro e neste idioma.

Este organismo, en consecuencia, está integrado polas organizacións do sector seguindo criterios de representatividade, independentemente da súa posición en materia lingüística. Entre os seus membros, conta con 5 representantes do profesorado dos niveis non universitarios dos centros públicos e privados de Navarra, designados polas organizacións sindicais máis representativas; 5 representantes designados a proposta das Federacións de Asociacións de Pais e Nais de alumnos en proporción á súa representatividade; 2 representantes do alumnado designados a proposta das Asociacións ou Federacións de Asociacións de Alumnos, en proporción á súa representatividade; 3 representantes das Asociacións empresariais e entidades titulares de centros privados de Navarra, designadas a proposta das Asociacións ou Federacións, en proporción á súa representatividade. Entre eles encóntrase un representante da Federación de Ikastolas de Navarra; así como outros representantes da Administración educativa, Entidades locais e outros designados entre personalidades de recoñecido prestixio no mundo do ensino.

O Consello Escolar ou Xunta Superior de Educación é consultado preceptivamente sobre todos os anteproxectos de Lei Foral, os proxectos de regulamentos executivos xerais en materia educativa que deba aprobar o Goberno de Navarra e sobre a normativa relativa aos centros escolares persoal, equipamentos, distribución territorial e criterios xerais de financiamento. Así mesmo, ten a competencia de informar sobre o sistema de bolsas, as actividades extraescolares e servizos complementarios, os proxectos de convenios co Estado ou as Comunidades Autónomas en materia educativa e, en xeral, sobre todas as disposicións e actuacións encamiñadas a mellorar a calidade do ensino, a súa adecuación á realidade social Navarra e as encamiñadas a compensar as desigualdades e as diferenzas sociais e individuais.

Especificamente tamén eleva de forma preceptiva informe acerca das disposicións xerais sobre configuración e implantación dos modelos lingüísticos.

O Consello Escolar ou Xunta Superior de Educación anualmente elabora aproba no pleno e publica un informe sobre o Sistema Educativo en Navarra, que nun dos capítulos ten como título o éuscaro no sistema educativo navarro.

2. En materia de ensino e polo que se refire a territorios distintos daqueles en que se falan tradicionalmente as linguas rexionais ou minoritarias, as partes comprométense a autorizar, fomentar ou establecer, se o número de falantes dunha lingua rexional ou minoritaria o xustifica, o ensino da lingua rexional ou minoritaria ou nela, nos niveis que se consideren oportunos.

COMENTARIOS XERAIS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

A nova lei Orgánica de Educación conta con dúas referencias de interese referentes ao ensino das linguas en territorios distintos daqueles en que se falan tradicionalmente, a Lei conta con dúas referencias de interese:

- Que o Estado promoverá programas de cooperación territorial co fin de alcanzar os obxectivos educativos de carácter xeral, reforzar as competencias básicas dos estudantes, favorecer o coñecemento e aprecio por parte do alumnado da riqueza cultural e lingüística das distintas Comunidades Autónomas, e que estes programas poderán levarse a cabo mediante convenios ou acordos entre as diferentes Administracións educativas competentes (art. 9)

- Que as escolas oficiais de idiomas fomentarán especialmente o estudo das linguas oficiais dos Estados membros da Unión Europea, das linguas cooficiais existentes en España e do español como lingua estranxeira. Así mesmo, facilitarase o estudo doutras linguas que por razóns culturais, sociais ou económicas presenten un interese especial.

Comunidade Autónoma de EUSKADI

O Goberno Vasco atende directamente as necesidades educativas da poboación escolar da Comunidade Autónoma. Non obstante, e con carácter adicional, establécense vínculos operativos con institucións exteriores á Comunidade para fomentar actividades destinadas a incrementar o coñecemento ou uso da lingua vasca. Ver a este respecto as medidas recollidas no parágrafo 3 do artigo 12 sobre actividades e servizos culturais.

Comunidade Autónoma de CATALUNYA

A disposición adicional terceira da Lei 1/1998, de 7 de xaneiro, de Política Lingüística, encárgalle ao Goberno da Generalitat de Catalunya que vele pola proxección da lingua e a cultura catalás fóra do seu ámbito lingüístico. A mesma norma encoméndalle a este Goberno que facilite a aprendizaxe do catalán ás comunidades catalás no exterior.

Para levar a cabo estas funcións, no ano 2001, o Goberno da Generalitat de Catalunya e o Goberno das Illes Balears acordaron a creación dun consorcio, o Instituto Ramon Llull (IRL). A posterior separación do Goberno Balear, no ano 2004, supuxo a necesidade de adecuar os seus estatutos á nova situación. O 8 de abril de 2005, o Padroado aprobou uns novos Estatutos do Instituto Ramon Llull, que coa mesma figura xurídica anterior de consorcio, integra a Administración da Generalitat de Catalunya e o Instituto de Estudos Cataláns.

O Instituto promove a presenza, o estudo e a aprendizaxe da lingua catalá e a súa realidade nas universidades de todo o mundo, favorece o traballo de investigación arredor da lingua e a cultura catalás, e préstalles apoio e impulso ás entidades de catalanística. Así mesmo, facilita os recursos lingüísticos e didácticos necesarios para a aprendizaxe, a investigación ou o traballo coa lingua catalá e préstalles o asesoramento necesario para impulsar a formación do profesorado especializado no ensino do catalán como lingua estranxeira. Por outra parte, é o organismo avaliador dos coñecementos de lingua catalá fóra do dominio lingüístico.

Tamén é obxectivo do Instituto fomentar as accións específicas que difundan a lingua e a cultura catalás tanto entre o público en xeral como nas institucións públicas no ámbito internacional.

No exercicio das súas funcións, o Instituto Ramon Llull leva a cabo as actuacións seguintes, nos diferentes ámbitos que se especifican:

- Ensino da lingua no ámbito universitario

O Instituto Ramon Llull promove a presenza e o estudo da lingua catalá e a súa realidade nas universidades e centros de estudos superiores de todo o mundo. Estas universidades están agrupadas na Rede de lectorados de lingua e literatura catalás, coordinada e financiada polo Instituto Ramon Llull, que no curso académico 2005-2006 estivo integrada por 98 universidades, distribuídas en 28 países, das cales 81 en Europa, 14 en América, 1 en África, Oriente Medio e Oceanía, cun total de máis de 7.000 alumnos.

Coa finalidade de favorecer os estudos e a investigación sobre a lingua e a cultura catalás fóra do seu dominio lingüístico, o Instituto Ramon Llull tamén impulsou o mantemento ou a creación de centros de estudo e cátedras de lingua e cultura catalás en diversas universidades do exterior (Universidade da Sorbona de París, Universidade Queen Mary de Londres, Goethe-Universität de FranKfurt e Universidade de Chicago).

- Ensino da lingua no ámbito non universitario

O Instituto promove o ensino da lingua catalá á poboación adulta en xeral, especialmente alí onde a existencia de comunidades catalás ou as relacións históricas, culturais ou comerciais o fan máis necesario, mediante a concesión de subvencións para a docencia, o asesoramento didáctico e a subministración de bibliografía. No curso 2005-2006 máis de 1.600 alumnos seguiron cursos en centros non universitarios do exterior financiados polo IRL.

- Avaliación e certificación de coñecementos

O Instituto é o organismo avaliador dos coñecementos de lingua catalá no exterior e con este obxectivo convoca e administra as probas para a obtención dos certificados fóra do dominio lingüístico que permiten acreditar o progreso na aprendizaxe, e regula e expide os certificados de coñecemento de catalán á marxe dos estudos regrados. No ano 2005 administráronse probas en 61 cidades de 20 países e inscribíronse case 1.000 examinandos de todos os niveles.

- Formación do profesorado e elaboración de recursos para a aprendizaxe

O Instituto facilita os recursos lingüísticos e didácticos necesarios para a aprendizaxe, a investigación ou o traballo coa lingua catalá, en diversos soportes, e promove a formación do profesorado especializado no ensino do catalán como lingua estranxeira fóra do dominio lingüístico por medio de cursos e accións formativas centradas na didáctica e o ensino de segundas linguas.

- Promoción da catalanística

Tamén presta apoio e impulsa as entidades de catalanística, que agrupan estudosos e expertos da lingua e a literatura catalá formados ou residentes fóra do dominio lingüístico.

No ámbito do ensino da lingua catalá fóra do dominio lingüístico, cabe destacar a colaboración do Instituto Ramon Llull co Instituto Cervantes da Administración do Estado, que permitiu a realización de 16 cursos de lingua catalá en 14 centros do Instituto Cervantes.

En todo caso, e máis alá das actuacións do Goberno da Generalitat no ámbito do ensino antes mencionadas e da colaboración co Instituto Cervantes aludida no parágrafo anterior, temos que lamentar a inhibición da Administración do Estado na difusión do coñecemento das linguas diferentes do castelán, entre as cales se encontra a lingua catalá.

Se ben as leis orgánicas estatais deste ámbito sectorial prevén o uso de linguas diferentes do castelán (que non obstante son oficiais de acordo co Estatuto de autonomía, como é o caso do catalán, nas súas respectivas comunidades autónomas), debemos lamentar o feito de que non introduciron ningunha previsión destinada a difundir o seu coñecemento e facilitar a súa comprensión en territorios diferentes daqueles onde son oficiais. Así, a lexislación estatal garante o ensino do castelán e de linguas estranxeiras en toda España, con horario idéntico entre o castelán e a outra lingua oficial cando a hai, pero con todo non se favorece a aprendizaxe das linguas españolas fóra do territorio que lles é propio.

Un paso adiante na defensa e o fomento destas linguas oficiais diferentes do castelán sería a inclusión no ensino primario e secundario dunhas mínimas nocións das distintas linguas presentes no seu territorio que permitisen unha comprensión básica e inicial das mesmas.

Na mesma liña, debería fomentarse no ámbito do ensino a pedagoxía da sensibilidade cara á diversidade lingüística e a valoración positiva deste plurilingüismo como unha riqueza cultural.

Igualmente, debería preverse a posibilidade de que os centros docentes ofrecesen, como terceira lingua de aprendizaxe (que se engadiría, pois, ao castelán e a unha lingua estranxeira), unha segunda lingua española. Ilustra perfectamente esta carencia o feito de que, paradoxalmente, o número de lectorados en catalán sexa notablemente inferior no Estado español en relación con outros países europeos. Así, fronte aos 12 lectorados de lingua catalá nas universidades do Estado, encontramos 43 en Alemaña e 21 no Reino Unido.

No que concirne ao ámbito universitario e da educación de adultos, as carencias preséntanse coa mesma intensidade.

Actualmente, a Escola Oficial de Idiomas de Madrid é a única en todo o Estado que ofrece a posibilidade fóra dos territorios de fala catalá de estudar a lingua catalá. Toda a actividade de ensino da lingua catalá fóra dos territorios onde é lingua propia é asumida por algúns dos gobernos autonómicos ou por institucións cívicas, sociais ou culturais privadas.

Comunidade Autónoma de GALICIA

- Ensino de/en galego en territorios limítrofes de fala galega

A Secretaría Xeral de Política Lingüística promove a educación en galego nos territorios limítrofes de fala galega. O 18 de xullo de 2001 a Xunta de Galicia e a Xunta de Castela e León asinaron un acordo de colaboración para a promoción do galego nos territorios limítrofes do Bierzo e Sanabria. Este acordo que finaliza no ano 2006, está agora en proceso de renovación.

No Bierzo, desde o curso académico 2002-2003 ofértase nos centros desas zonas ensino en lingua galega optativa en determinadas materias.

En educación infantil, nas vilas de Ponferrada, Villafranca del Bierzo, Cacabelos, Carracedo, Corullón, Puente de Domingo Flórez, Toral de los Vados e Toral de Merayo, ofrécese a posibilidade de cursar en galego a Área de Medio Físico e a Área de Identidade e Autonomía persoal.

En educación primaria e tamén nas vilas de Ponferrada, Villafranca del Bierzo, Cacabelos, Carracedo, Corullón, Puente de Domingo Flórez, Toral de los Vados e Toral de Merayo o centro pode optar pola Área de Coñecemento do Medio ou de Educación Artística.

A modalidade en que se imparte é paralela: a actividade didáctica diferénciase en dous grupos distintos.

No curso 2005-2006, doce centros públicos de educación infantil e primaria ofertaron o ensino en galego. O total de alumnos que cursaron materias en galego neses ciclos é de 723.

No caso de educación secundaria, a Xunta de Castela e León ten catro centros en Ponferrada, Villafranca do Bierzo e Cacabelos que ofrecen o programa para a promoción do idioma galego. O total de alumnos é de 57 no curso 2005-2006. No curso académico 2006-07 comezará a ofertarse tamén en 4º de Educación Secundaria Obrigatoria (cos alumnos que iniciaron o estudo do galego ao comezo do ciclo).

A Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada ofrece tamén a posibilidade de estudar lingua galega. Conta no curso 2005-06 cun total de 72 alumnos.

ALUMNOS QUE ESTUDAN GALEGO NO BIERZO CURSO 2005-2006	
Educación Infantil e Primaria	723
Educación Secundaria	57
Escola Oficial de Idiomas	72

EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE ALUMNOS DE GALEGO NA ESO NO BIERZO				
Curso	2002-2003	2003-2004	2004-2005	2005-2006
Alumnos	8	26	46	57

- Galego no ensino no exterior

Na zona fronteiriza do Principado de Asturias, de fala galega, intentouse impulsar por parte da Xunta de Galicia acordos institucionais que posibiliten o estudo regular da lingua galega, se ben ata o momento estes esforzos non obtiveron resposta adecuada.

No ámbito exterior, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Consellería de Educación subscribiron convenios, vixentes na actualidade, con:

- Centro Vicente Cañada Blanch de Londres: un profesor, dependente da Consellería de Educación, imparte unha materia optativa de lingua, literatura e cultura galegas en todos os cursos do ensino primario, secundario e bacharelato.
- Centro Santiago Apóstol de Buenos Aires (Arxentina): con aulas en galego en todos os niveis educativos.
- Centros de educación secundaria de Catalunya. Proxecto Galauda. Alumnos con materia optativa de galego.

Ademais, existen acordos con 43 Universidades de todo o mundo que imparten materias de lingua e cultura galega, a través dos lectorados xestionados polos Centros de Estudos Galegos. No 2006 incorporáronse as universidades de Stirling e Bangor.

A través da Secretaría Xeral de Emigración, en convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, convócanse anualmente cursos de lingua galega e cultura nas casas e centros galegos de todo o mundo. Detállanse no seguinte cadro os máis recentes:

ÁMBITO / TIPO DE CURSO	CURSOS			MATRICULADOS			ASISTENTES		
	2002	2003	2005	2002	2003	2005	2002	2003	2005
CURSOS DE ADULTOS PARA COLECTIVOS FÓRA DE GALICIA, EN ESPAÑA									
Iniciación	17	21	24	427	537	630	347	454	490
Perfeccionamento	16	14	19	314	292	443	227	223	384
TOTAL	33	35	43	741	829	1073	574	677	874
CURSOS DE ADULTOS PARA COLECTIVOS FÓRA DE GALICIA, NO ESTRANXEIRO									
Iniciación	12	10	11	543	311	355	525	254	286
Perfeccionamento	10	7	6	251	217	230	231	182	194
TOTAL	22	17	17	794	528	585	756	436	480
OUTROS CURSOS FÓRA DE GALICIA									
Medio Linguaxe Xurídica	3	1	1	50	16	9	42	11	8
Galego Básico	1	2	1	18	44	16	18	39	12
Cultura Galega Especializada	3	1	-	53	21	-	40	14	-
Cultura	2	1	-	20	96	-	16	96	-
Extensión Cultural	5	7	8	292	354	252	203	309	237
Elemental	1	-	-	23	-	-	23	-	-
Animación Galego - Nenos	-	-	1	-	-	18	-	-	18
TOTAL	15	12	11	456	531	295	342	469	275

En 2006 a Xunta asinou un Protocolo co Instituto Cervantes que permitirá ofertar cursos de galego nas súas instalacións de todo o mundo. Desde o curso académico 2006-07 oferta xa, por exemplo, novos cursos en Madrid.

Internet, permite así mesmo, acercar hoxe recursos para a aprendizaxe da lingua galega. Co fin de optimizar e asegurar a súa difusión en plataformas importantes na rede, a Secretaría Xeral de Política Lingüística forma parte de proxectos internacionais como Linguanet, de recursos para a aprendizaxe e o ensino das linguas.

Comunidade VALENCIANA

Desde o ano académico 2000-2001 véñense realizando cursos de valenciano na Delegación da Comunidade Valenciana en Madrid. Estes cursos organízanse en tres niveis e teñen unha asistencia media entre 10 e 15 alumnos por grupo.

A normativa vixente establece que na zona non vascófona o ensino do éuscaro será apoiadao e, no seu caso, financiado total ou parcialmente polos poderes públicos con criterios de promoción e fomento do mesmo, de acordo coa demanda.

En aplicación desta norma o Departamento de Educación creou liñas de modelo A en todos os centros onde a comunidade educativa o solicitou.

A creación de liñas de modelo A nos centros públicos implica, ademais dos espazos e materiais precisos, unha dotación de profesorado de éuscaro, que se suma ao cadro de persoal ordinario, en cantidade suficiente para impartir catro períodos lectivos semanais a cada grupo de alumnos que se constitúa durante toda a súa escolaridade, desde os 3 anos. Nos centros de iniciativa privada increméntase o concerto económico na cantidade necesaria para efectuar as correspondentes contratacións suplementarias.

A constitución de grupos de alumnos respecta habitualmente a división natural por cursos. Pódese dar o caso de que existan grupos homoxéneos de modelo A pero o máis frecuente é que os alumnos dos modelos A e G compartan unha mesma clase e se separen durante 4 períodos lectivos semanais para que os alumnos de modelo A reciban a materia de lingua vasca mentres os alumnos de modelo G participan en talleres de afondamento e recuperación das áreas de lingua castelá e matemáticas.

O modelo A, que coñeceu un rápido incremento nas localidades da zona non vascófona durante a década dos 90, ultimamente está estabilizado na súa demanda e non presenta índices de crecemento significativo na educación secundaria nin na demanda de escolarización no ensino infantil de alumnos procedentes da emigración.

No que respecta ao modelo D impártese nesta zona en ikastolas de iniciativa privada. Os números que se recollen nos seguintes cadros corresponden aos 2 centros (Sangüesa e Tafalla) que no curso 2005-2006 tiñan concertada o seu ensino co Departamento de Educación.

- A Distribución de Alumnos.

Nos dos últimos cursos 2004/2005 e 2005/2006, obxecto do presente informe, a distribución dos alumnos escolarizados na zona non vascófona foi a seguinte:

CURSO 2004/2005:

	INFANTIL		PRIMARIA		SECUNDARIA OBRIGATORIA		BACHARELATO	
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada
Ensino en Éuscaro (D)	0	148	0	235	0	147	0	0
Ensino de Éuscaro (A)	1734	193	3227	251	627	38	72	0
Ensino en Castelán (G)	2315	815	5395	1410	4859	1204	1362	284
Total	4049	1156	8622	1896	5486	1389	1434	284



Na zona non vascófona, o modelo D impártese só en centros privados cun 2,84 % do alumnado da zona na educación infantil, un 2,23% na primaria e un 2,14% na ESO. No que respecta á distribución dos alumnos entre os modelo G e A, percíbese como o modelo G incrementa notablemente a súa porcentaxe de alumnos na ESO 88,19% e o bacharelato 95,81% con relación aos alumnos matriculados na educación infantil, 60,13% e na primaria, 64,7%.

CURSO 2005/2006:

Curso 05-06	INFANTIL		PRIMARIA		SECUNDARIA OBRIGATORIA		BACHARELATO	
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada
Ensino en Éuscaro (D)	0	150	0	245	0	173	0	0
Ensino de Éuscaro (A)	1823	222	3168	246	712	74	139	0
Ensino en Castelán (G)	2343	831	5580	1438	4820	1167	1279	282
Total	4166	1203	8748	1929	5532	1414	1418	282

O modelo G reúne o 71,85% do alumnado da zona. Neste modelo matricúlase o 59,12% do alumnado de educación infantil, o 65,73% en primaria, o 86,19% na ESO e o 91,82% no bacharelato. Considerando as redes, o 70,59% dos alumnos da rede pública da zona e o 77,01% dos alumnos da concertada están neste modelo.

O modelo D agrupa o 2,30% do Alumnado da zona. Na educación infantil escolariza ao 2,79% do alumnado, na educación primaria ao 2,29%, na ESO ao 2,49% do total dos alumnos da zona non vascófona. O modelo D non está presente no bacharelato. O 11,76% dos alumnos da rede concertada da zona escolarízanse no modelo D, que non está presente na rede pública.



Nesta zona, o modelo A, supón o 25,85% do alumnado. En educación infantil o 38,09% escolarízase neste modelo, en primaria o 31,98%, na ESO a porcentaxe descende ata o 11,32% e no bacharelato ata o 8,18%. O 29,41% dos alumnos da rede pública da zona e o 11,23% dos alumnos da concertada escolarízanse no modelo A.

- Os Centros Educativos.

A atención á demanda social de ensino do éuscaro na zona non vascófona creou a seguinte rede de centros:

	INFANTIL E PRIMARIA		ESO		BACHARELATO	
	Publica	Privada	Publica	Privada	Publica	Privada
Nº de centros que ofrecen só Modelo A	12	-	-	-	-	-
Nº de centros que ofrecen só Modelo G	17	4	5	3	3	2
Nº de centros que ofrecen só Modelo D	-	2	-	2	-	-
Nº de centros que ofrecen Modelos G e A	52	5	16	1	6	-

- Educación de Adultos.

O ensino de éuscaro a persoas adultas tamén está presente nesta zona aínda que a demanda social é escasa.

O Departamento de Educación sostén a oferta de éuscaro na Escola Oficial de Idiomas de Tudela. A matricula nestes dous últimos cursos é a seguinte:

2004/2005 58 alumnos
2005/2006 65 alumnos.

Nos centros de xestión privada da zona non vascófona os alumnos matriculados recibiron as subvencións públicas que así mesmo se expresan:

CURSO	Nº DE ALUMNOS	SUBVENCIÓN
2004/2005	123	13.725,43
2005/2006	60	6.699,44

- As Ikastolas da Zona non Vascófona.

Desde os anos 90 do século XX, en Navarra e máis concretamente na zona denominada pola Lei Foral do Éuscaro Zona non vascófona, veu funcionando unha serie de centros educativos sen dispoñer nin da autorización preceptiva que debe conceder o Goberno de Navarra a través do Departamento de Educación para impartir docencia nin, en consecuencia, o correspondente concerto educativo que si teñen todos os demais Centros privados da Comunidade Foral. Tales Centros son os denominados polo Parlamento de Navarra “ikastolas alegais“, isto é, nin legais nin ilegais.
Non obstante, tamén desde aquela, o propio Parlamento de Navarra veu aprobando nos Presupostos Xerais de Navarra unha partida presupostaria denominada “Subvención especial ás ikastolas da zona non vascófona“, por medio da cal se lles viñeron asignando axudas económicas para o seu normal funcionamento. As cifras totais e parciais de tales

axudas incluíronse nos Informes do Goberno de Navarra anteriores, especificamente no do 2004. A 31 de decembro de 2006, o total das axudas percibidas por estas ikastolas será de 15.746.023,74 € (2.619.917.906 ptas.) . Axuda que, por alumno, supón máis do dobre ca o que calquera outro Centro de Navarra recibe tamén por alumno. No Anexo correspondente deste Informe inclúese este total detallado nunha táboa, ampliando o dito en 2004.

Coa fin de solucionar tal situación, que obviamos a súa cualificación, en 2001 a actual Dirección Xeral de Universidades e Política Lingüística comezou un proceso de conversacións coa Federación de ikastolas de Navarra. Federación que, no seu caso, representaba as daquela ikastolas alegais seguintes: na localidade navarra de Lumbier, a "Arangoiti Sociedade Cooperativa Limitada"; en Fontellas, a "Sociedade Cooperativa de Ensino Argia ikastola S.Coop."; en Viana, a "Erentzum ikastola Sociedade Cooperativa Limitada"; e en Lodosa, a "Ibaialde ikastola Sociedade Cooperativa".

O ano 2002, mediante a Lei Foral 26/2002, de medidas para a mellora do ensino non universitario, o Parlamento de Navarra aprobou manter estas subvencións, en tanto tales ikastolas alegais eran autorizadas polo Departamento de Educación do Goberno de Navarra e, no seu caso, concertadas, se, no seu caso, a Lei Foral do Éuscaro de 1986 o autorizaba

Tras iso, particularmente a partir de 2003, a Dirección Xeral de Universidades e Política Lingüística retomou aqueles contactos iniciados en o 2001, que nunca abandonou.

E, nos primeiros meses do curso 2005/2006, o Goberno de Navarra a través da citada Dirección Xeral de universidades e Política Lingüística, e coa presenza na Comisión negociadora dos dous partidos políticos que conforman o actual Goberno de Navarra (UPN e CDN), iniciou xa formalmente o proceso de negociación con aquelas Ikastolas da zona non vascófona (ou ikastolas alegais), e que, se reitera, aínda non tiñan nin autorización nin, polo mesmo, concerto educativo. As súas axudas oficiais desde o Goberno de Navarra érano desde unha liña presupostaria dependente da Dirección Xeral de Universidades e Política Lingüística.

O proceso negociador, finalmente, conseguiu un principio de acordo que se plasmou en dous documentos: Un, denominado "Protocolo de Actuacións", e outro, un Proxecto de Lei Foral de Financiamento extraordinaria a estas ikastolas alegais.

O 31 de Xullo de 2006, o Goberno de Navarra aprobou ambos os documentos.

Con iso, tales ikastolas comezarán xa o Curso 2006-2007 en calidade de Centros Autorizados e Concertados, nun logro sen dúbida histórico, que así foi cualificado pola propia Federación de ikastolas de Navarra, por afectar a Centros que se sitúan na Zona Non Vascófona de Navarra. A súa legalización antes ninguén, nin ningún outro Goberno Foral de calquera signo político, non se atrevera a afrontar. E o seu número de alumnos, con data de Xuño de 2006, sitúase arredor dos 425.

Así, á súa vez, con estes centros educativos autorizados e concertados, e segundo os compromisos subscritos coa Federación de ikastolas de Navarra, dáse por completado e finalizado o mapa escolar de Navarra, incorporados xa a este mapa centros que, situados na zona non vascófona, imparten o ensino integramente en éuscaro.

A citada autorización, por outra parte, ademais daquelas de legalidade e concerto educativo e financiamento extraordinario (financiamento extraordinario que, ano por ano, e entre o presente 2006 e ata o 2010 supoñerá unha contribución da orde dos 1.758.489,00 euros) traerá outras vantaxes para estes centros, que son todas e cada unha das que gozan os demais concertados da rede privada en Navarra, que son todos, e entre as que se poden citar:

- Formación do profesorado a cargo do Departamento de Educación.
- Acceso a outro tipo de axudas complementarias: Asociacións de Pais e Nais, participación en actividades organizadas desde o Servizo de Éuscaro, subvencións para os investimentos en infraestruturas,...
- Formar parte dos procesos de xestión e inspección dos centros educativos por parte da autoridade educativa, o que sen dúbida elevará a calidade do seu ensino.
- Asegurar a estabilidade financeira dos mesmos.

Comunidade Autónoma de ILLES BALEARS

A Consellería de Educación e Cultura, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, publicou unha convocatoria de subvencións para os centros docentes das Illes Balears sostidos con fondos públicos para que o alumnado das Illes Balears leve a cabo intercambios escolares co alumnado de Catalunya, a Comunidade Valenciana, a Comunidade de Aragón (zona catalanfalante, limítrofe entre as comunidades de Aragón e Catalunya, na denominada Franxa Oriental de Aragón), Departamento do Pirineo Oriental (Francia) e a cidade sarda de Alguero (Sardeña, Italia), coa fin de facilitar a participación e o coñecemento mutuo, potenciar o uso da lingua e ampliar o coñecemento do ámbito xeográfico e cultural da área lingüística catalá (BOIB nº 60, de 25/4/06 –convocatoria para o curso escolar 2005-2006– e BOIB nº 119, de 22/8/06 –convocatoria para o curso escolar 2006-2007).

Comunidade Autónoma de ARAGÓN

O Departamento de Educación, Cultura e Deporte do Goberno de Aragón participa nunha Comisión Interterritorial, da que forman parte representantes de diferentes Comunidades Autónomas, así como doutros Estados nos que se fala o catalán; e iso a través das seguintes unidades ou institucións:

- Goberno de Aragón: Departamento de Educación, Cultura e Deporte
- Generalitat de Catalunya: Departamento de Educación
- Goberno de Illes Balears: Consellería de Educación e Cultura
- Academia de Montpellier (Francia)
- Centro de Recursos María Montessori de l'Alguer (Italia)
- Goberno de Andorra: Ministerio de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes. Uniuse á comisión na XII reunión do 19/10/04.
- Comunidade Valenciana: Federación de Centros Educativos.

Nesta Comisión tamén se creou un Grupo de Traballo telemático cos seguintes obxectivos:

a) Dar a coñecer os materiais elaborados por cada territorio.
b) Coordinar a información para non duplicar esforzos e aproveitar os materiais elaborados polas diferentes administracións.
c) Valorar os materiais máis recentes e calibrar as necesidades de futuro para estudar a compra ou posible coedición e, así, abaratar custes.

A 14ª reunión da Comisión, celebrada en novembro de 2005, tratou de forma monográfica o tema do Portfolio Europeo das Linguas.

Artigo 9. Xustiza.

1. As Partes comprométense, polo que se refire ás circunscricións das autoridades xudiciais nas que o número de persoas que alí residan e falen as linguas rexionais ou minoritarias xustifique as medidas específicas seguintes, segundo sexa a situación de cada unha desas linguas e a condición de que o Xuíz non considere que a utilización das posibilidades ofrecidas polo presente parágrafo constitúe un obstáculo para a boa administración da xustiza:

a) nos procedementos penais:

i) asegurar que os órganos xurisdicionais, a solicitude dunha das Partes, leven o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou

ii) garantirlle ao acusado o dereito de se expresar na súa lingua rexional ou minoritaria; e/ou

iii) asegurar que as demandas e as probas, escritas ou orais, non se consideren desestimables polo único motivo de estaren redactadas nunha lingua rexional ou minoritaria; e/ou

iv) redactar nestas linguas rexionais ou minoritarias, solicitadas previamente, os documentos referidos a un procedemento xudicial, recorrendo, se fose necesario, a intérpretes e a traducións sen gastos adicionais para os interesados;

b) nos procedementos civís:

i) asegurar que os órganos xurisdicionais, a solicitude dunha das Partes, leven o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou

ii) permitir, cando unha Parte nun litixio teña que comparecer persoalmente ante un Tribunal, que se exprese na súa lingua rexional ou minoritaria sen incorrer por iso en gastos adicionais; e/ou

iii) permitir a presentación de documentos e de probas nas linguas rexionais ou minoritarias, se fose necesario recorrendo a intérpretes e a traducións.

c) nos procedementos ante as xurisdicións competentes en materia administrativa:

i) asegurar que os órganos xurisdicionais, a solicitude dunha das Partes, leven o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou

ii) permitir, cando unha Parte nun litixio teña que comparecer persoalmente ante un Tribunal, que se exprese na súa lingua rexional ou minoritaria sen incorrer por iso en gastos adicionais; e/ou

iii) permitir a presentación de documentos e de probas nas linguas rexionais ou minoritarias, se fose necesario recorrendo a intérpretes e a traducións;

d) Adoptar medidas para que a aplicación dos puntos i) e iii) dos parágrafos b) e c) anteriores e o emprego, no seu caso, de intérpretes e de traducións non supoñan gastos adicionais para os interesados.

Na distribución interna de competencias, a correspondente á materia de Administración de Xustiza correspóndelle ao Estado (art. 149.1.5), así como a lexislación mercantil, penal e procesual (art. 149.1.6); se ben as Comunidades Autónomas que contan con dereito civil propio teñen recoñecida a súa competencia para a conservación, modificación e desenvolvemento do mesmo (art. 149.1.8).

Por outro lado, de acordo co establecido no artigo 117 da Constitución, a xustiza é administrada por Xuíces e Maxistrados, integrantes do poder xudicial, que son independentes, inamovibles, responsables e sometidos unicamente ao imperio da lei.

Para iso, a Constitución crea un órgano de goberno do poder xudicial de composición e actuación independente do poder executivo, que é o Consello Xeral do Poder Xudicial, ao que lle corresponden os nomeamentos, ascensos, inspección e réxime disciplinario.

Neste sistema de distribución de responsabilidades, correspóndelles ás Comunidades Autónomas a competencia para dotar os servizos administrativos e materiais necesarios para o exercicio da función xurisdicional, se ben nestes momentos só 9 Comunidades Autónomas recibiron o traspaso destes servizos e exercen esta función: País Vasco, Catalunya, Galicia, Andalucía, Asturias, Comunidade Valenciana, Canarias, Navarra e Madrid.

COMENTARIOS XERAIS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

Como xa se apuntou no anterior ciclo de avaliación do cumprimento por parte das Administracións españolas da Carta de Linguas Rexionais ou Minoritarias, trátase dun dos puntos que encontra maiores obstáculos para o seu cumprimento en España.

Por este motivo, convén especialmente considerar o sistema de distribución de responsabilidades descrito máis arriba, e en especial a existencia dun único poder xudicial e dun único órgano de goberno do mesmo, que é o Consello Xeral do Poder Xudicial.

Como xa se puxo de relevo no primeiro ciclo de avaliación da Carta de Linguas Rexionais ou Minoritarias en España, a causa principal das dificultades para a plena normalización dos idiomas cooficiais na Administración de Xustiza reside na mesma esixencia de que o persoal dos órganos xurisdicionais coñezan en grao suficiente as correspondentes linguas de

maneira que os dereitos lingüísticos das persoas que opten pola lingua cooficial no curso dun procedemento poidan ser exercidos.

Esta dificultade inicial increméntase se se ten en conta que o persoal que presta servizos na Administración de Xustiza, en especial Xuíces e Fiscais, se adscriben a corpos comúns para todo o Estado e son, polo tanto, susceptibles de ocupar postos de traballo nunha ou outra parte do territorio español, polo que en moitos casos carecen de vinculacións persoais ou familiares co lugar en que prestan servizo.

En paralelo a este problema, débese considerar a existencia dun forte problema de saturación xudicial, que provoca importantes atrasos nos procesos xudiciais. Esta realidade, amplamente coñecida pola opinión pública, anima a que nos debates sobre os problemas existentes, así como na adopción de medidas para a reforma xudicial, prime a adopción de medidas tendentes á celeridade e desconxestión de asuntos pendentes sobre as posibles medidas para garantir unha maior atención aos dereitos lingüísticos.

Por outro lado, si lles corresponde ás Comunidades Autónomas coadxuvar na instalación dos xulgados, incluso proporcionando os medios humanos e materiais necesarios para que estes desenvolvan a actividade xurisdicional; e neste ámbito veñen desenvolvendo unha intensa actividade na promoción da cooficialidade lingüística, sobre todo formativa.

Non obstante, e aínda recoñecendo este problema xeral, o Estado adoptou nos tres últimos anos diferentes medias tendentes a reforzar as garantías lingüísticas das partes nun proceso.

- En primeiro lugar, mediante a Lei Orgánica 19/2003, de 23 de decembro, de Reforma da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, que introduce determinadas novidades de interese:

O artigo 450.4, sobre os Secretarios Xudiciais, prevé que se valore como mérito o coñecemento dos idiomas cooficiais para ocupar praza.

O artigo 521.4.3r estipula que as relacións de postos de traballo do persoal das oficinas xudiciais poden conter como un requisito o correspondente ao coñecemento da lingua oficial propia.

O artigo 530 sinala que para ocupar determinados postos de traballo poderase esixir o coñecemento da lingua propia como requisito, dependendo da natureza das funcións que se teñen que exercer.
O artigo 536.2 establece que se considera falta moi grave toda actuación que supoña discriminación por razón de lingua.

Os artigos 521.3.b) e 530 establecen a necesidade de regular a esixencia do coñecemento dos idiomas cooficiais por parte do persoal ao servizo da Administración de xustiza na provisión de prazas e, por extensión, na selección de persoal, nos casos en que a competencia lles corresponda ás Comunidades Autónomas. En concreto, o art. 530 di: "Nas convocatorias para postos de traballo das comunidades autónomas con competencias asumidas con lingua propia que teña carácter oficial, valorarase como mérito o coñecemento oral e escrito da mesma. En determinados postos, poderase considerar requisito esixible

para o acceso aos mesmos, cando da natureza das funcións que se van desempeñar se derive esta esixencia e así se estableza nas relacións de postos de traballo" .

- Adoptouse o Real Decreto 1451/2005, de 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza, no que se asume, se ben unicamente como mérito, o coñecemento dos idiomas cooficiais.

- Adoptouse o Real Decreto 1608/2005, de 30 de decembro, polo cal se aproba o Regulamento orgánico do corpo de Secretarios Xudiciais, con similar contido ao anterior.

a) nos procedementos penais:
punto a.i): asegurar que os órganos xurisdicionais, a solicitude dunha das Partes, leven o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou

As persoas responsables dos órganos xudiciais que poden asegurar que, se se solicita polas partes, se poidan levar os procedementos nesa lingua son os xuíces e maxistrados e os secretarios xudiciais, polo que sería conveniente que se articulasen os compromisos oportunos por parte do Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza para tal efecto.

punto a, ii): garantirlle ao acusado o dereito de se expresar na súa lingua rexional ou minoritaria; e/ou

Quen garante todos os dereitos do acusado no curso do procedemento é o xuíz, e, con carácter xeral, cando se quere utilizar o éuscaro está garantida a súa utilización, se ben sería necesario que esta posibilidade se concedese de antemán como un dereito básico máis, sen necesidade de esperar a que sexa o acusado quen o pida.

Unha cuestión distinta que cómpre mencionar é que o minoritario coñecemento do éuscaro dos participantes no procedemento xudicial, supón a utilización do servizo de tradución que ofrece o Departamento de Xustiza do Goberno Vasco.

punto a, iii): asegurar que as demandas e as probas, escritas ou orais, non se consideren desestimables polo único motivo de estaren redactadas nunha lingua rexional ou minoritaria; e/ou

As demandas ou probas admítense a trámite e non se consideran desestimables polo motivo de estaren redactadas na lingua propia. Con todo, o habitual descoñecemento da lingua polas partes supón a necesidade de intervención de tradutor-intérprete, o que ten dúas consecuencias principais:

a) En actuacións orais: perda de inmediación
b) Nas actuacións escritas: necesidade de tradución, o que supón maior duración do proceso

punto a, iv): redactar en estas linguas rexionais ou minoritarias, solicitando previamente, os documentos pertinentes a un procedemento xudicial, recorrendo, se fose necesario, a intérpretes e a traducións sen gastos adicionais para os interesados;

Cúmprese, na medida en que o servizo de tradución de éuscaro traduce toda a documentación que recibe dos órganos xudiciais.

b) nos procedementos civís:
punto b, i): asegurar que os órganos xurisdicionais, a solicitude dunha das Partes, leven o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou

Ver punto a, i.

punto b, ii): permitir, cando unha Parte nun litixio teña que comparecer persoalmente ante un Tribunal, que se exprese na súa lingua rexional ou minoritaria sen incorrer por iso en gastos adicionais; e/ou

Ver punto a,ii

punto b, iii): permitir a presentación de documentos e de probas nas linguas rexionais ou minoritarias, se fose necesario recorrendo a intérpretes e a traducións

Cúmprese a través do servizo de tradución.

c) nos procedementos ante as xurisdicións competentes en materia administrativa:
punto c, i): asegurar que os órganos xurisdicionais, a solicitude dunha das Partes, leven o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou

Ver punto a, i.

punto c, ii): permitir, cando unha Parte nun litixio teña que comparecer persoalmente ante un Tribunal, que se exprese na súa lingua rexional ou minoritaria sen incorrer por iso en gastos adicionais; e/ou

Cúmprese, xa que o Departamento de Xustiza do Goberno Vasco asume os gastos de tradución.

punto c, iii): permitir a presentación de documentos e de probas nas linguas rexionais ou minoritarias, se fose necesario recorrendo a intérpretes e a traducións;

Cúmprese

punto d: adoptar medidas para que a aplicación dos puntos i) e iii) dos parágrafos b) e c) anteriores e o emprego, no seu caso, de intérpretes e de traducións non entrañen gastos adicionais para os interesados.

Estas medidas están aplicadas.

• O Marco Regulador do Coñecemento das Linguas protexidas pola Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias, polo Persoal ao Servizo da Administración de Xustiza.

O cumprimento do disposto polo artigo 9 da Carta supón implícita a necesidade de que o persoal dos órganos xurisdicionais, xa sexan de carácter civil, penal ou contencioso-administrativo, coñezan en grao suficiente a lingua catalá de maneira que os dereitos lingüísticos das persoas que fagan opción por esta lingua no curso dun procedemento penal ou civil poidan ser, na práctica, exercidos.

Co fin de asegurar este extremo, o goberno de a Generalitat de Catalunya pretendeu desde hai tempo que este coñecemento suficiente da lingua oral e escrita catalá sexa un requisito esixible para ocupar unha praza neste territorio, de maneira que non poida logo alegarse descoñecemento como impedimento para o exercicio da liberdade de elección lingüística dos cidadáns. Non obstante, tratándose como se trata dun corpo de funcionarios de carácter estatal, a competencia da comunidade autónoma de Catalunya non alcanza para regular nestes termos o réxime do seu persoal, e topouse cunha resistencia contumaz a avanzar máis alá do recoñecemento como un mérito das competencias lingüísticas na lingua oficial e propia da praza de destino.

A Lei Orgánica 19/2003, de 23 de decembro, de Reforma da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, non cabe dúbida de que supón un paso adiante, na medida en que introduce as novidades seguintes en materia de lingua:

- O artigo 450.4 prevé que aos secretarios xudiciais se lles valore como mérito o coñecemento do catalán.

- O artigo 521.4.3r estipula que as relacións de postos de traballo do persoal das oficinas xudiciais poden conter o requisito do coñecemento da lingua oficial propia.

- O artigo 530 sinala que en determinados postos de traballo se poderá esixir o coñecemento da lingua propia como requisito, dependendo da natureza das funcións que se teñen que exercer.

- O artigo 536.2 establece que se considera falta moi grave toda actuación que supoña discriminación por razón de lingua.

Esta modificación que a Lei Orgánica 19/2003, de 23 de decembro, fai da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, supón o recoñecemento da regulación feita polo artigo 13 da Lei catalá 1/1998, de 7 de xuño, de política lingüística, na medida en que establece a necesidade de regular a esixencia do coñecemento do catalán ao

persoal ao servizo da Administración de xustiza na provisión de prazas e, por extensión, na selección de persoal, nos casos en que a competencia lle corresponda á Generalitat (artigo 521.3.b e 530).

Igualmente, esta nova regulación do poder xudicial engade a posibilidade de que o coñecemento oral e escrito do catalán se considere un requisito esixible para acceder a postos de traballo en territorios con lingua oficial propia, máis alá da súa consideración, en todo caso, como un mérito que se valora. Concretamente, o artigo 530 dispón que "Nas convocatorias para postos de traballo das comunidades autónomas con competencias asumidas con lingua propia que teña carácter oficial, valorarase como mérito o coñecemento oral e escrito da mesma. En determinados postos, poderase considerar requisito esixible para o acceso aos mesmos, cando da natureza das funcións que se van desempeñar se derive esta esixencia e así se estableza nas relacións de postos de traballo".

Con esta previsión, o texto da Lei Orgánica do Poder Xudicial aprobado pola Lei Orgánica 19/2003 abre a porta, aínda que de maneira tímida e matizada, á inclusión do coñecemento do catalán como requisito esixible para acceder a postos de traballo da Administración de xustiza en Catalunya.

Para concluír o punto relativo ao marco regulador do deber de coñecemento da lingua catalá por parte do persoal da administración de xustiza a fin de sentar as bases necesarias para o exercicio sen obstáculos dos dereitos de opción lingüística no ámbito xudicial que se recoñecen no artigo 9 da Carta, é de destacar que o novo Estatuto de Autonomía de Catalunya, aprobado xa mediante a Lei Orgánica 6/2006, de 19 de xullo, avanza na liña de regular que o persoal que presta servizo na Administración de Xustiza radicada en Catalunya acredite ter coñecementos da lingua catalá, e faino nos termos seguintes:

—Artigo 33. Dereitos lingüísticos ante as Administracións públicas e as institucións estatais.
(...)

3. Para garantir o dereito de opción lingüística, os Xuíces e os Maxistrados, os Fiscais, os notarios, os rexistradores da propiedade e mercantís, os encargados do Rexistro Civil e o persoal ao servizo da Administración de Xustiza, para prestar os seus servizos en Catalunya, deben acreditar, na forma establecida nas leis, que teñen un nivel de coñecemento adecuado e suficiente das linguas oficiais, que os fai aptos para exercer as funcións propias do seu cargo ou do seu posto de traballo.

Artigo 102. Do persoal xudicial e do resto do persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Catalunya.

1. Os Maxistrados, Xuíces e Fiscais que ocupen unha praza en Catalunya deberán acreditar un coñecemento adecuado e suficiente do catalán para facer efectivos os dereitos lingüísticos dos cidadáns na forma e co alcance que determine a lei. (...)

3. En todo caso o coñecemento suficiente da lingua e do dereito propios valorarase específica e singularmente para obter unha praza nos correspondentes concursos de traslados.

4. O persoal ao servizo da Administración de Xustiza e da Fiscalía en Catalunya debe acreditar un coñecemento adecuado e suficiente das dúas linguas oficiais que os fai aptos para exercer as funcións propias do seu cargo ou posto de traballo.“

• Medidas Impulsadas pola Generalitat de Catalunya para garantir o Dereito dos Cidadáns recoñecido no art. 9 da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias.

- Formación en Lingua Catalá para os Funcionarios Xudiciais.

Paralelamente á reivindicación da Generalitat de Catalunya para conseguir unha regulación estatal que lle esixa un coñecemento adecuado da lingua catalá ao persoal da administración de xustiza que preste servizo en Catalunya, a Generalitat de Catalunya vén realizando un esforzo moi considerable ao ofrecerlle a este persoal, coas máximas facilidades, unha oferta formativa que se sume á propia da Escola Xudicial.

Así, durante os tres anos que ocupan este informe, a Generalitat de Catalunya sufragou e ofertou a totalidade dos cursos que lle foron demandados por parte do persoal xudicial. Concretamente, a cifra de xuíces e funcionarios xudiciais inscritos nos cursos de catalán organizados pola Generalitat de Catalunya foi o seguinte:

Ano	Número de alumnos
2003-2004	1.565
2004-2005	1.372
2005-2006	1.764

O nivel destes cursos foi diverso, abarcando desde unha formación inicial e básica do catalán ata un grao de suficiencia ou de especialidade en linguaxe xurídica.

É de destacar igualmente que, xunto con esta oferta formativa xeral para xuíces e funcionarios xudiciais impulsada pola Generalitat de Catalunya, no ano 2005 iniciouse unha oferta de formación individualizada destinada a xuíces, secretarios xudiciais e fiscais, de tal maneira que o seu seguimento se pode realizar a plena comodidade do destinatario e sen alterar o seu horario de traballo. A esta oferta formativa individualizada, que abarca diferentes niveis de catalán, acolléronse 400 xuíces, secretarios xudiciais e fiscais durante o curso 2005-2006,

- Servizo Lingüístico do Ámbito Xudicial.
A Generalitat ten asignados ao servizo da Administración de Xustiza en Catalunya 50 técnicos lingüísticos que, distribuídos pola totalidade do seu territorio, realizan funcións de formación, asesoramento e de dinamización do uso do catalán nos xulgados.

- Plan Piloto de Funcionamento en Catalán das Oficinas Xudiciais.

Este plan piloto púxose en funcionamento pola Generalitat de Catalunya no ano 2000 coa finalidade de demostrar que era posible e factible o funcionamento das oficinas xudiciais integramente ou moi maioritariamente en catalán. Así, a Generalitat destinou unha suma de recursos económicos e persoais para incentivar e darlles as facilidades e o asesoramento necesario ás oficinas xudiciais que voluntariamente quixesen acollerse a esta iniciativa.

O mes de decembro de 2005, unha vez finalizada a vixencia deste plan piloto, un total de 99 oficinas utilizaban o catalán, como mínimo, no 70% da documentación xerada, sentenzas incluídas. Iso supón un total de 38.013 sentenzas e 265.447 autos en catalán.

- Recursos Lingüísticos en Papel e por Internet.

A Generalitat de Catalunya pon a disposición do persoal xudicial materiais xurídicos diversos en lingua catalá (os máis relacionados co art. 9 da CELROM: Manual de Linguaxe xudicial, Vocabulario de dereito penal, procesual, penal e penitenciario, Dicionario de dereito civil, etc.) así como recursos informáticos para facilitar o uso do catalán, como un tradutor automático castelán-catalán, así como diverso material de consulta e de asesoramento accesible por Internet.).

Neste sentido cabe destacar igualmente que desde a Generalitat de Catalunya se contribuíu ao financiamento dos servizos lingüísticos dos colexios profesionais de avogados, en especial, para a tradución de textos xurídicos ao catalán e para a difusión dun tradutor automático, que é de esperar que no próximo ano poida ofrecerse xa de forma gratuíta e aberta a todos os operadores xurídicos.

- Acollida e Seguimento Lingüístico do Persoal Xudicial.

En especial, a xuíces, secretarios xudiciais e fiscais, cos que se contacta desde a Generalitat de Catalunya unha vez destinados en Catalunya para ofrecerlles asesoramento lingüístico.

- Difusión e sensibilización en dereitos lingüísticos

A Generalitat de Catalunya impulsa unha campaña de carteis que se distribúen nos xulgados de Catalunya nos que se recollen os dereitos lingüísticos dos usuarios da administración de xustiza en relación coa xustiza derivados da CELROM así como da lexislación interna, coa finalidade de garantir o seu coñecemento entre os cidadáns.
Así, durante o mes de marzo de 2005 distribuíronse a todos os xulgados de Catalunya a Carta de Dereitos Lingüísticos dos Cidadáns e Cidadás no ámbito da Administración de Xustiza, co obxectivo de darlle a coñecer a toda a cidadanía, recollendo a recomendación do Comité de Expertos no seu último informe sobre ao aplicación da CELROM, o seu dereito a utilizar o catalán, así como as principais obrigacións que pesan sobre as administracións en relación á defensa e a promoción da lingua catalá. A carta pódese consultar:
http://www.gencat.net/xustiza/temes/adjucat/serveis/cartes_drets/carta_drets_ling/.

En termos económicos, o investimento económico da Generalitat de Catalunya na normalización do catalán nas oficinas xudiciais nos tres anos que abarcan este informe foi a seguinte:

Ano 2003	2.672.780,00 €
Ano 2004	1.946.060,00 €
Ano 2005	2.244.923,00 €

• Datos sobre o Nivel de Coñecemento da Lingua Catalá por parte do Persoal da Administración de Xustiza destinado en Catalunya.

De acordo cos datos que mostra a enquisa realizada pola Generalitat de Catalunya a todos os funcionarios xudiciais durante o segundo semestre de 2005, un 77.56% ten algunha titulación que acredite un nivel de coñecemento oral e escrito do catalán.

En gran medida, esta capacitación lingüística acreditada responde ao esforzo de formación que a Generalitat de Catalunya realizou. Neste sentido, cabe destacar o feito de que todos os funcionarios da Administración de xustiza que declararon na enquisa antes mencionada poder acreditar coñecementos de catalán, nunha porcentaxe dun 55% obtivo esta certificación mediante a oferta formativa ofrecida pola Generalitat de Catalunya.

Para determinar o nivel de coñecemento de catalán dos secretarios xudiciais que exercen en Catalunya, en cambio, non se dispón dunha enquisa coma no caso anterior. Os datos dos que dispón a Generalitat de Catalunya baséanse na observación que deste colectivo realizaron os 50 técnicos lingüísticos con funcións de formación, asesoramento e dinamización antes mencionados.

De acordo con iso, soamente o 36% dos secretarios xudiciais teñen competencia lingüística suficiente para redactar un documento xudicial en catalán. O escaso nivel de coñecemento do catalán escrito deste colectivo responde a diversas causas, pero en todo caso resulta evidente que o feito de que o catalán non se considere como mérito nos concursos de traslado ou de ascenso do corpo de secretarios xudiciais é uno dos principais motivos (neste sentido, cabe recordar que sendo este un corpo de funcionarios do Estado, correspóndelle a este a regulación do seu réxime de persoal). En todo caso, este dato resulta preocupante tendo en conta que é precisamente este corpo o que, na medida en que exercen de xefes da oficina xudicial, son os responsables de toda a documentación de trámite que se elabora nelas.

Finalmente, e respecto ao coñecemento do catalán por parte de xuíces e maxistrados destinados en Catalunya, os datos dos que dispón a Generalitat de Catalunya a 31 de decembro de 2005 indican que o 39 % deles alegaron o nivel intermedio de catalán como mérito preferente para obter a súa praza en Catalunya, e polo tanto, polo menos nesta mesma proporción teñen coñecementos orais e escritos do catalán. Non obstante, o uso desta lingua na documentación xudicial non garda en absoluto proporción con este coñecemento acreditado e alegado polo propio corpo xudicial, senón que resulta moi sensiblemente menor.

- Datos sobre o Uso da Lingua Catalá pola Administración de Xustiza en Catalunya

- O Catalán na Atención Oral.

A lingua coa que o persoal das oficinas xudiciais atende os cidadáns de Catalunya que previamente fixeron a opción lingüística de dirixirse a eles en lingua catalá (debe terse en conta aquí que a inercia do uso do castelán na Administración de Xustiza é forte e moi a miúdo xa actúa como elemento disuasorio para iniciar a relación en castelán) garda a seguinte proporción:

  - Soamente nun terzo dos casos (un 33%), os funcionarios respóndenlle sempre en catalán ao cidadán que previamente se dirixiu a eles tamén en catalán.
  - Nunha proporción case igual (o 34%) respóndenlle en catalán soamente algunhas veces
  - O terzo restante responde sempre en castelán, a pesar da opción lingüística a favor do catalán realizada previamente polo cidadán.

- O Catalán na Documentación Xurídica.

Soamente un 20% do persoal da administración de xustiza usa habitualmente o catalán na documentación xudicial. Esta porcentaxe correspóndese case de forma paritaria ao persoal inscrito nas oficinas xudiciais inscritas no Plan Piloto de Funcionamento en Catalán das Oficinas Xudiciais. Trátase dun plan impulsado pola Generalitat de Catalunya que incentiva o uso do catalán nas oficinas xudiciais que se queren acoller a el, e esixe como requisito para iso que, polo menos, o 70% da documentación que melas se emite sexa en catalán. Xunto a esta porcentaxe, outro 16% do persoal utiliza de forma esporádica o catalán na documentación, pero a maioría restante non o utiliza en ningún caso.

- Balance da Situación de Cumprimento do artigo 9 da Carta.

O balance final do cumprimento efectivo do art. 9 na Administración de xustiza en Catalunya resulta moi pouco alentador, a pesar do enorme esforzo que para a Generalitat de Catalunya supoñen as actuacións no ámbito da xustiza. Efectivamente, os datos dos que se dispón sobre o funcionamento, desde o punto de vista lingüístico, dos órganos xudiciais en Catalunya, así como a insuficiencia das modificacións normativas antes sinaladas permiten apuntar que as carencias en relación coa presenza

da lingua catalá na Administración de xustiza, expresadas na Recomendación RecChL(2005)3 sobre a aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias en España, do Comité de Ministros do Consello de Europa, aprobadas na data de 21 de setembro de 2005, non foron resoltas de maneira substancial.

Na Administración de xustiza continúan constatándose reiteradamente vulneracións do dereito dos cidadáns a expresarse e ser atendidos nunha lingua minoritaria ante os tribunais, así como a realizar o procedemento na lingua minoritaria escollida, amparándose na actual regulación dos usos lingüísticos que contén o artigo 231 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, contraria ás previsións da CELROM. Tampouco se observa o mesmo nivel de axilidade do proceso cando as resolucións se realizan en lingua catalá, dado que se require a tradución ao castelán tanto para os documentos destinados ao Tribunal Supremo, como incluso para os destinados a autoridades do Estado que actúan en Catalunya (letrados de organismos públicos), coas dilacións consecuentes que xera a tradución e de maneira que na práctica se rexeita a validez da resolución notificada en lingua catalá.
Esta vulneración do dereito ao uso do catalán prodúcese no contexto seguinte:

- Denéganse nalgúns xulgados aínda as traducións de sentenzas e autos ao catalán, de maneira que se incumpre o artigo 13 da Lei catalá de política lingüística e o artigo 9 da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias (por exemplo, auto de 21-09-05 Xulgado do contencioso administrativo 2 de Barcelona).

- Aínda é unha práctica habitual facerlles falar castelán aos letrados ou ás partes que interveñen nas salas de vista, en base á soa alegación da falta de comprensión de xuíces, secretarios, a instancia do ministerio fiscal ou dos avogados do Estado.

- Os secretarios xudiciais documentan normalmente en castelán as actuacións orais en catalán.

- Non se garante o dereito do cidadán, previsto no artigo 9 da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, de escoller a lingua na que se tramitará o procedemento civil, penal ou administrativo, dereito que xuridicamente se ignora ata o punto que se emiten resolucións expresas denegando este dereito.

- A diferenza dos últimos 10 anos, ultimamente (desde hai non máis dun ano) o Tribunal Supremo retorna as actuacións cando se lle remiten para resolver en casación por unificación de doutrina, con sentenzas e/ou ademais os outros documentos en catalán, sen a tradución ao castelán, cuestión que supón na práctica unha dilación evidente, ademais dun elemento disuasorio.

- A previsión das dificultades que comportará facer opción lingüística polo catalán en sede xudicial disuade os operadores xurídicos do uso desta lingua minoritaria protexida pola CELROM, de forma que, a pesar de medidas de incentivación como o Plan piloto antes mencionado impulsado pola Generalitat de Catalunya, o

certo é que non se conseguiu cambiar os usos lingüísticos de avogados e procuradores, que seguen presentando os escritos maioritariamente en castelán, ata o punto de que a porcentaxe de escritos de letrados que se rexistran en catalán non superan o 5% nin sequera nas oficinas xudiciais que se acolleron ao Plan piloto referenciado.

- As sentenzas en catalán teñen unha difusión notablemente inferior nas revistas e seleccións xurídicas en relación ás realizadas en castelán.

Con respecto á Administración de Xustiza e operadores xurídicos, xa vimos visto como o futuro Estatuto de autonomía, en concordancia con este artigo da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, recoñece o dereito de todo aquel que se relacione con esa Administración "a recibir toda a documentación oficial emitida en Catalunya na lingua solicitada", é dicir, tamén en catalán. Os artigos 33.3, 102.1 e 102.4 do futuro Estatuto (transcritos ao principio deste parágrafo) obrigarán por primeira vez a requirirlle o coñecemento do catalán a todo o persoal da Administración de Xustiza e aos operadores xurídicos que se mencionan para poder obter un destino en Catalunya. Aos xuíces, maxistrados e fiscais destinados por concurso de traslados os coñecementos de catalán seranlles valorados como mérito (art. 102.3). Será necesario, pois, que as Cortes Xerais modifiquen a Lei orgánica do poder xudicial e os Regulamentos correspondentes para adecuarse ao Estatuto de Autonomía de Catalunya e á Carta Europea das Linguas Rexionais ou minoritarias.

Neste sentido, á adecuación normativa deberían acompañarse medidas de difusión dos dereitos recoñecidos e amparados por este Estatuto, así como accións de formación xurídica a xuíces, maxistrados e fiscais sobre a nova lexislación estatutaria e sobre a protección e respecto dos dereitos lingüísticos dos cidadáns que recolle xunto co resto de normas aplicables, entre elas a CELROM. O seu efectivo coñecemento resulta imprescindible para garantir a tutela xudicial efectiva de tales dereitos, e é de destacar que, polo que respecta á CELROM, o seu coñecemento é máis precario e reducido do que cabería esperar polo que se refire tanto ao seu contido material como ao seu carácter de dereito positivo plenamente aplicable a partir da ratificación do estado español).

Por outro lado, nada obsta xa que o permite a actual Lei orgánica do poder xudicial, para que se convoquen de inmediato prazas con perfil lingüístico suficiente para garantir que en todas as oficinas xudiciais de Catalunya existan funcionarios capacitados para tramitar os procedementos en catalán, máis alá do asesoramento e o apoio que ofrece o persoal propio da Generalitat de Catalunya a través dos 50 dinamizadores lingüísticos aos que se fixo referencia anteriormente. Non obstante, ata o momento a falta de aprobación das relacións de postos de traballo que indiquen as prazas onde se require o coñecemento do catalán non permitiron a aplicación das previsións lingüísticas introducidas pola reforma da Lei orgánica do Poder Xudicial.

Noutra orde de cousas, é de destacar que o sistema de declaración do coñecemento das linguas oficiais minoritarias por parte de xuíces e maxistrados, mediante acordos da Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial, polos cales se resolven

solicitudes sobre recoñecemento do mérito preferente do coñecemento do idioma, separan o valenciano e o catalán como se se tratase de dous idiomas, e incluso separan o catalán de Catalunya do das Illes Balears. Estas actuacións, que ignoran a indiscutida unidade lingüística desde o punto de vista académico e científico, obrigan os aspirantes a examinarse da mesma lingua en territorios diferentes e son polo tanto contrarias ao art. 7.1.b CELROM. Estes feitos tamén poderían ser considerados contrarios ao dereito comunitario, xa que a sentenza do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas de 6 de xuño de 2000, asunto C-281/98, considera que non é compatible coas prescricións europeas que se esixa un determinado título acreditativo do coñecemento dunha lingua expedido por unha única administración, porque iso impídelle ao aspirante demostrar que dispón do nivel de coñecemento esixido a través doutras acreditacións.

Cabe lembrar, neste sentido, que a pesar das diferentes denominacións que normas coma os Estatutos de autonomía lle dan á lingua catalá (catalán e valenciano) non hai disparidade entre as respectivas academias da lingua con sede en Catalunya e Valencia ao consideralas como unha única entidade lingüística, consideración ratificada de facto polo propio estado español no acto de remisión do proxecto de constitución europea traducido ás distintas linguas que en España manteñen un réxime de oficialidade territorial, xa que, como é sabido e se pode comprobar na comparación deses textos depositados no arquivo correspondente, as versións en catalán e valenciano son absolutamente idénticas.

O feito de que, no ámbito da administración de xustiza, pódense aplicar criterios de diferenciación na denominación legal para xustificar, como sucede, a devolución de exhortos de Catalunya á Comunidade Valenciana, alegando que a lingua na que están redactados, o catalán, non é oficial neste último territorio, ou para encargar traducións de versións practicamente idénticas da mesma lingua, non fai máis que entorpecer, causando dilacións e gastos superfluos, o funcionamento dun sistema xudicial do que se pretende eficacia e rapidez. Sería necesario, pois, fixar e determinar que no ámbito da Administración de xustiza non se apliquen máis criterios de diferenciación lingüística atendendo á denominación legal, senón que prevalece o criterio académico sobre a unidade da lingua catalá, porque do que se trata é de garantir a comprensión desta lingua polo cidadán e os propios operadores xurídicos, e como resulta do exposto, a proximidade das variantes da lingua catalá (catalán e valenciano) ofrece esta garantía.

Comunidade Autónoma de GALICIA

A Lei Orgánica do Poder Xudicial (no sucesivo LOPX) establece no seu artigo 231 o seguinte:

1. En todas as actuacións xudiciais, os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e demais funcionarios de xulgados e tribunais usarán o castelán, lingua oficial do Estado.

2. Os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e demais funcionarios de xulgados e tribunais poderán usar tamén a lingua oficial propia das Comunidades Autónomas, se ningunha das partes se opuxese, alegando descoñecemento dela, que puidese producir indefensión.

A teor da lei deducimos que o uso do galego por estes funcionarios públicos é potestativo, se ben a súa utilización está condicionada a que unha das partes non se opoña alegando indefensión ocasionada polo descoñecemento da lingua. Neste caso o funcionario pode optar por renunciar a empregar o galego, ou ben dispoñer a tradución das súas actuacións para os interesados que o soliciten. Esta última opción sería a máis idónea para conciliar as pretensións de ambas as dúas partes.

3. As partes, os seus representantes e quen os dirixan, así como as testemuñas e peritos, poderán utilizar a lingua que sexa tamén oficial nas Comunidades Autónomas en cuxo territorio teñan lugar as actuacións xudiciais, tanto en manifestacións orais como escritas.

Neste punto introdúcese a posibilidade para todos os participantes no proceso, (partes, procuradores, avogados, testemuñas e peritos) de optar por calquera das linguas que sexan oficiais nunha Comunidade Autónoma, no noso caso, polo galego ou o castelán.

4. As actuacións xudiciais realizadas e os documentos presentados no idioma oficial dunha Comunidade autónoma terán, sen necesidade de tradución ao castelán, plena validez e eficacia. De oficio, procederase á súa tradución, cando deban ter efecto fóra da xurisdición dos órganos xudiciais sitos na Comunidade Autónoma, salvo se se trata de Comunidades Autónomas con lingua oficial propia coincidente. Tamén se procederá á súa tradución cando así o dispoñan as leis ou a instancia de parte que alegue indefensión.

Neste precepto destacamos a plena validez e eficacia dos documentos redactados en galego presentados perante os órganos xurisdicionais. Por outra parte tamén deducimos que podemos manter a utilización do galego nas diferentes instancias nas que se pode

desenvolver un litixio sempre que a resolución de instancia que orixina o recurso pertenza a un órgano asentado na nosa comunidade autónoma.

5. Nas actuacións orais, o xuíz ou tribunal poderá habilitar como intérprete a calquera persoa coñecedora da lingua empregada, co seu xuramento previo ou promesa.

Facemos fincapé en que é o órgano xudicial quen debe facilitar a tradución, non podendo gravar con esta carga á parte interesada.

Á Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia correspóndelle impulsar o uso do galego na Administración de xustiza en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística (artigo 27.3.c) do Decreto 578/2005 polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

A modificación da LOPX, levada a cabo pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, introduce o artigo 450.4 que establece que nas comunidades autónomas con idioma oficial distinto do castelán o seu coñecemento valorarase como mérito para a provisión de postos de secretarios xudiciais. Previsión que continúa a previsión introducida no seu día no artigo 341 da LOPX tanto para as prazas de presidente dos tribunais como os demais destinos de maxistrado e os destinos de xuíces nas comunidades autónomas con idioma propio. Tamén esta reforma levada a cabo pola LO 19/2003 introduce con respecto aos secretarios xudiciais e os funcionarios ao servizo da Administración de xustiza (médicos forenses, xestores, tramitadores e auxiliares) a relación de postos de traballo como instrumento de ordenación da actividade profesional. Esta medida permite configurar postos singularizados para os que se poden establecer requisitos específicos, en relación con isto o artigo 530 da LOPX establece agora que en determinados postos de traballo nas comunidades autónomas con lingua oficial propia poderase considerar o seu coñecemento oral e escrito como requisito esixible para o acceso a eles. Como condicións, o precepto esixe que da natureza das funcións a desempeñar neses postos se derive esa esixencia e que así se estableza na relación de postos de traballo. Este mesmo artigo prevé que nas convocatorias de concursos de traslados o coñecemento do idioma propio valorarase como mérito para a provisión de postos nas respectivas comunidades autónomas.

No ámbito autonómico, a Lei 3/1983, de 15 de xuño de normalización lingüística, (en diante LNL) dispón nos eu artigo 7.1 que —no ámbito territorial de Galicia, os cidadáns poderán utilizar calquera das dúas linguas oficiais nas relacións coa Administración de Xustiza. Esta disposición vén concretar para a comunidade autónoma galega o previsto no punto 3 do artigo 231 da LOPX.

O artigo 7.2 da LNL establece, seguindo o parágrafo 2 do artigo 231 da LOPX, que “as actuacións xudiciais en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada. En todo caso, a parte ou interesado terá dereito a que se lle comunique ou notifique na lingua oficial que elixa”. Así mesmo, a lei 3/1983 trasládalle á Xunta de Galicia a promoción, de acordo cos órganos correspondentes, da progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xustiza.

O 21 de setembro de 2004 o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade o Plan xeral de normalización da lingua galega, que contempla a área de Administración de xustiza cunha consideración específica dentro do sector Administración. O Plan define uns obxectivos de área, un grupo de medidas para desenvolver internamente na organización e outro grupo de medidas orientadas aos cidadáns.

En maio de 2005 un conxunto de 27 maxistrados, xuíces, fiscais e secretarios xudiciais adoptaron a iniciativa de introducir na súa práctica xurídica a oferta positiva e a oferta informativa, que consiste:

- Oferta positiva: Adopción do galego como lingua de contacto inicial entre a persoa que representa a Administración e o cidadán.

- Oferta informativa: Consiste en informar da validez e legalidade de redactar en galego un documento.

- Capacitación Lingüística como Requisito para o Acceso aos Postos de Traballo do Persoal ao Servizo da Administración de Xustiza dependente da Xunta de Galicia.

Con respecto á capacidade lingüística esixible nos procesos de acceso aos postos de traballo, a Dirección Xeral de Xustiza negocia actualmente coas organizacións sindicais a nova Relación de Postos de Traballo na Administración de xustiza que afecta a médicos forenses, xestores, tramitadores e funcionarios de auxilio xudicial. En todos os postos singularizados definidos para a nova RPT establécese como requisito para acceso o coñecemento da lingua galega, con carácter xeral esíxese o curso de linguaxe xurídica nivel medio e excepcionalmente o curso ou nivel superior.

En Galicia un total de 2.256 funcionarios dos corpos comprendidos no concepto de persoal ao servizo da Administración de xustiza (médicos forenses, xestores, tramitadores e auxiliares) depende organicamente da Xunta de Galicia, a pesar de non pertencer a corpos nacionais a regulación do estatuto xurídico destes corpos correspóndelle ao Estado, a través do Ministerio de Xustiza.

En concreto, o Estado no desenvolvemento da LOPX aprobou o Real Decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, Provisión de postos de traballo e Promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza. Nos eu artigo 48.1.b prevé como mérito para a adxudicación de postos, tanto en concurso de traslado como en concurso de méritos, “o coñecemento oral e escrito da lingua oficial propia das CCAA”. O galego, segundo o nivel de coñecementos acreditados, valorarase ata un máximo de 12 puntos (equivalente a seis anos de antigüidade). Os criterios de valoración dos perfís e niveis lingüísticos remítese ás bases marco das convocatorias.

O artigo 49.4 deste Regulamento (que reproduce o mesmo precepto visto na LOPX) refírese ao establecemento do dominio lingüístico como requisito de acceso aos postos singularizados. Ao respecto, o proxecto de nova Relación de Postos de Traballo (RPT)

da Administración de xustiza en Galicia, actualmente en negociación coas organizacións sindicais, contempla máis de douscentos postos singularizados para os que se establece este requisito.

En particular, o proxecto de RPT establece como requisito para o acceso de todos os postos dos equipos de atención ao cidadán acreditar o nivel medio de dominio lingüístico (curso medio de linguaxe xurídica galega).

Igualmente, respecto á carreira profesional, o acceso polos xestores, tramitadores e auxiliares aos postos de xefe de sección ou xefe de equipo está condicionado polo requisito do dominio lingüístico.

Tamén as ordes de selección de médicos forenses interinos e de xestores, tramitadores e auxiliares interinos aprobadas pola Consellería da Xunta de Galicia competente en materia de xustiza contemplan como mérito o coñecemento da lingua galega.

- Capacitación Lingüística para Acceso aos Postos de Xuíz, Fiscal e Secretario Xudicial e Persoal ao Servizo da Administración de Xustiza.

No artigo 25 do Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado por Lei Orgánica 1/1981, establécese que na resolución de concursos e oposicións para prover os postos de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais, fiscais e todos os funcionarios ao servizo da Administración de xustiza será mérito preferente o coñecemento do idioma do país. A mesma previsión contén o artigo 26 do Estatuto respecto a notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.

En relación con este punto, a Lei 3/1983, de normalización lingüística, nos eu artigo 11.3, reproduce os termos previstos no Estatuto de Autonomía. O Plan xeral de normalización da lingua galega establece que é necesario conseguir a capacitación lingüística de todas as persoas que traballan na Administración de Xustiza como medio para garantir o exercicio dos dereitos lingüísticos por parte do cidadán.

Respecto á carreira xudicial continúa vixente o marco normativo contemplado nese informe (artigo 341 da LOPX e artigos 108,109 e 114 do Regulamento CXPX nº 1/1995 sobre a carreira xudicial, na redacción dada polo Acordo CXPX do 25.02.1998).

O Estatuto do Ministerio Fiscal non cumpre aínda coas previsións do artigo 25 do Estatuto de Autonomía de Galicia; o coñecemento da lingua galega só se contempla como mérito para acceder aos postos de fiscal substituto.

Con respecto aos secretarios xudiciais debe de terse en conta, ademais do exposto no parágrafo oitavo da introdución a este informe, o previsto no artigo 109 1.b), 109.3 e 109.5 do Regulamento Orgánico do Corpo de Secretarios Xudiciais aprobado por Real Decreto 1608/2005, do 30 de decembro. Desta regulación resulta a concesión como mérito para acceso por concurso de traslado e concurso de méritos aos postos de traballo de secretarios xudiciais en Galicia dunha puntuación equivalente ata a tres anos de antigüidade, segundo o nivel de coñecemento acreditado. Así mesmo, a Resolución

do 16 de maio de 2006 da Dirección Xeral de Relacións coa Administración de xustiza pola que se establece o baremo e criterios de puntuación para as convocatorias de bolsas de traballo de secretarios substitutos considera o coñecemento do galego como mérito no ámbito desta comunidade autónoma (BOE do 02.06.2006).

Hai órganos xudiciais que traballan case exclusivamente en galego, a Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza traduce ao galego todas as súas sentenzas civís, maxistrados de audiencias provinciais e xuíces que emiten todas as súas sentenzas en galego, fiscais que traballan en galego, secretarios xudiciais e funcionarios que confeccionan os documentos en galego. Entre os órganos que requiriron asesoramento para a redacción en galego ou lles solicitaron a tradución ao galego aos gabinetes de asesoramento é necesario mencionar:

- Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- Sección Segunda da Audiencia Provincial de Pontevedra
- Sección Sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra
- Fiscalía da Audiencia Provincial de Pontevedra
- Fiscalía da Audiencia Provincial de Lugo
- Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Redondela
- Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 de Caldas de Reis
- Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 dalín
- Xulgado do Social nº 1 de Pontevedra
- Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo
- Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Mondoñedo
- Xulgados do Social de Ourense.

Como exemplo é necesario mencionar como xulgados con importante grao de galeguización o xulgado do social nº 2 de Santiago de Compostela e o xulgado do contencioso-administrativo nº 3 da Coruña. En 2005 o 36,91 % das sentenzas da Sección II da Audiencia de Pontevedra redactáronse en galego.

SENTENZAS REDACTADAS EN GALEGO POLOS TRIBUNAIS DE XUSTIZA						
	ANO 2003		ANO 2004		ANO 2005	
	TOTAL	GALEGO	TOTAL	GALEGO	TOTAL	GALEGO
TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA						
Sala Civil e Penal						
Sentenzas civís	41	41	38	38	46	46
Sentenzas penais	7	0	12	0	7	0
Sala Contencioso-Admtvo						
Sentenzas. Sección 1ª	1139	0	965	0	1065	0
Sentenzas. Sección 2ª	1001	82	939	34	1185	74
Sentenzas. Sección 3ª	1858	0	1753	37	2030	34
Sala do Social						
Total sentenzas social	7618	6	6833	5	5824	0
AUDIENCIAS PROVINCIAIS						
A.P. A Coruña						
Total sentencias	1640	0	1835	0	1860	0
A.P. Lugo						
Sentenzas. Sec. 1ª Civil	500	1	474	0	467	0
Sentenzas. Sec 1ª Penal	519	0	557	0	549	0
Sentenzas. Sec. 2ª Civil	427	2	352	2	395	3
Sentenzas. Sec 2ª Penal	356	3	303	2	281	1
A.P. Ourense						
Sentenzas	s/d		s/d		s/d	
A.P. Pontevedra						
Sentenzas. Sec. 1ª	819	196	708	163	744	0
Sentenzas. Sec. 2ª	701	171	661	164	829	306
Sentenzas. Sec. 3ª	752	0	701	0	407	0
Sentenzas. Sec. 4ª	702	0	696	0	562	0
Sentenzas. Sec. 5ª	999	62	867	28	912	7
Sentenzas. Sec. 6ª	776	255	748	148	593	182

- Servizos Lingüísticos.

A incorporación de persoal laboral cualificado que, tras un proceso de selección pública, accede a partir de outubro de 2002 aos gabinetes de asesoramento lingüístico facilita a elaboración de documentos en galego. Este servizo consta de 5 filólogos e 9 tradutores, coordinados desde a Dirección Xeral de Xustiza para redistribuír a carga de traballo cando hai saturación nun punto. Os gabinetes revisan e corrixen as sentenzas e borradores de documentos que calquera xuíz, fiscal, secretario xudicial ou funcionario lles envíe.

Así mesmo, a incorporación de coleccións de documentos nas aplicacións informáticas facilita a tramitación en galego. No Anexo 2 deste documento figuran datos de documentos de trámite emitidos en galego desde esas aplicacións.

No caso do Rexistro Civil, como antes dixemos, si está garantido legalmente o dereito do cidadán (polo artigo 23 da Lei do Rexistro Civil na redacción dada pola Lei 12/2005 respecto da práctica de inscricións, anotacións e notas, e por aplicación subsidiaria do artigo 36.1 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común respecto da tramitación dos expedientes gobernativos) a que a resposta da Administración de xustiza se produza en galego. Non obstante, a aplicación desa reforma do artigo 23 vai ligada á informatización dos Rexistros Civís (disposición transitoria única). Esta informatización leva un importante atraso con respecto aos compromisos do Ministerio de Xustiza (finalizar en 2005), a día de hoxe só o Rexistro Civil da Coruña está informatizado e as previsións do Ministerio son finalizar este ano a informatización dos rexistros civís das cidades e vilas cabeceira de partido xudicial. Se se cumpren estas previsións a finais de 2006 os corenta e cinco partidos xudiciais de Galicia contarán cun Rexistro Civil informatizado, pero quedan pendentes os 270 rexistros civís municipais atendidos por Xulgados de Paz.

Polo que respecta á tramitación dos expedientes gobernativos en galego, as previsións do artigo 36.1 aplícanse de forma minoritaria, motivo polo que a Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia instou o Ministerio de Xustiza a reforma do Regulamento do Rexistro Civil para introducir expresamente esa norma, sen que a día de hoxe a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado adoptase ningunha resolución neste sentido.

A pesar de que o dereito das partes a expresarse en galego está claramente recoñecido pola LOPX e facilitado pola posibilidade de utilizar como intérprete a calquera persoa que coñeza a lingua (norma da Lei de Axuizamento Civil de aplicación subsidiaria nas demais ordes xurisdicionais).

Con todo, o uso do galego polas partes e persoas que interveñen nos procesos e vistas non está consolidado, non faltan exemplos de condutas de xuíces, fiscais ou secretarios xudiciais que co pretexto da obrigación constitucional de coñecer o castelán (unha interpretación desnaturalizada do artigo 440 da Lei de Axuizamento Criminal pode favorecer esta postura) teñen afectado este dereito. Os xuíces, fiscais, secretarios e funcionarios que seguen a iniciativa de oferta positiva e oferta informativa facilitan o exercicio deste dereito.

Como xa se mencionou, respecto á carreira xudicial continúa vixente o marco normativo contemplado no mencionado informe (artigo 341 da LOPX e artigos 108,109 e 114 do Regulamento CXPX nº 1/1995 sobre a carreira xudicial, na redacción dada polo Acordo CXPX do 25.02.1998).

O marco legal na Administración de xustiza mantén esta incoherencia nos termos sinalados no informe anterior e cae fóra das competencias da Comunidade Autónoma galega modificar esta situación legal.

Como excepción á falta de recoñecemento por parte do ordenamento xurídico español do principio de resposta pública na lingua elixida polo cidadán, hai unha novidade destacable constituída pola Lei 12/2005, de 22 de xuño, pola que se modifica o artigo 23 da Lei de 8 de xuño de 1957, do Rexistro Civil. Nesta lei o lexislativo español continúa a liña iniciada coa modificación do artigo 36.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. A diferenza do artigo 36.1 da Lei 30/1992 que non ten aplicación práctica na Administración de xustiza, a modificación do artigo 23 da Lei do Rexistro Civil si que se produce nun ámbito de xestión que está atribuído aos xulgados e tribunais (artigo 2.2 da LOPX). Máis adiante referímonos neste informe á aplicación práctica desta lei, neste momento só queremos destacar a importancia que ten introducir por primeira vez na Administración de xustiza o principio legal de resposta na lingua elixida polo cidadán.

Segundo a Administración de xustiza, a redacción en galego, coa solicitude previa dos documentos que atanguen a un procedemento xudicial recorrendo, se fose necesario, a intérpretes e tradutores non terá ningún custo para o solicitante segundo o art. 9.1.a).iv).

Pola súa parte, a Lei 3/1983, de normalización lingüística, especifica no seu artigo 9 que:

1. Nos Rexistros Públicos dependentes da Administración autonómica, os asentamentos faranse na lingua oficial na que estea redactado o documento ou se faga a manifestación. Se o documento é bilingüe, inscribirase na lingua que indique quen o presenta no Rexistro. Nos Rexistros Públicos non dependentes da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos competentes, o uso normal do galego.

2. As certificacións literais expediranse na lingua na que se efectuase a inscrición reproducida. Cando non sexa transcrición literal do asentamento, empregarase a lingua oficial interesada polo solicitante.

3. No caso de documentos inscritos en dobre versión lingüística pódense obter certificacións en calquera das versións, a vontade do solicitante.

- Liñas de Acción actuais para a Normalización Lingüística da Dirección Xeral de Xustiza, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística:

a. Desenvolver un programa de normalización específico, no que actualmente ten gran peso o labor cotián dos gabinetes de asesoramento lingüístico do Tribunal Superior de Xustiza e das audiencias provinciais, pero que se acompaña cun conxunto de medidas no ámbito relacional e de xestión, que inclúen desde solicitar do Ministerio de Xustiza unha modificación do marco relativo para que o principio de tramitación na lingua elixida polo solicitante sexa unha realidade e un

dereito esixible polos cidadáns na tramitación dos procesos xudiciais, nos expedientes de xurisdición voluntaria e nos expedientes gobernativos do Rexistro Civil, ata establecer convenios con ese Ministerio e co Consello Xeral do Poder Xudicial para a formación en lingua galega de xuíces, maxistrados, fiscais e secretarios xudiciais.

b. Respecto á capacidade lingüística esixible nos procesos de acceso aos postos de traballo, a Dirección Xeral de Xustiza negocia actualmente coas organizacións sindicais a nova Relación de Postos de Traballo (RPT) na Administración de xustiza que afecta a médicos forenses, xestores, tramitadores e funcionarios de auxilio xudicial. En todos os postos singularizados definidos para a nova RPT establécese, como requisito para acceso, o coñecemento da lingua galega, con carácter xeral esíxense os cursos de linguaxe xurídica nivel medio, excepcionalmente o curso ou nivel superior.

c. Continuar e potenciar os programas específicos de formación en linguaxe xurídica galega.

d. Traducir ao galego os programas informáticos de xestión e os formularios de uso cotián.

e. Continuar a liña de edición de textos legais, revistas, monografías e outros materiais gráficos e dixitais en galego.

f. Facilitarlle un potente tradutor automático á totalidade do ámbito xudicial, incluído o privado (notarías), en cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan xeral de normalización da lingua galega, para facilitar o traballo en galego dos funcionarios e a opción dos cidadáns de utilizar o galego durante todas as partes do proceso.

- Formación en Lingua Galega para os Funcionarios Xudiciais.

Os cursos de linguaxe xurídica galega foron establecidos por Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública de 30 de xaneiro de 1991 para constituír un plan de estudos en tres niveis (básico, medio e superior) dirixido ao persoal de servizo da Administración de xustiza. Desde 1991 ata 2005 un total de 5.709 persoas recibiron certificado de aptitude nestes cursos. Non todas estas persoas son funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza (xestores, tramitadores e auxiliares), tamén participan nestes cursos maxistrados, xuíces, fiscais, secretarios xudiciais e médicos forenses.

En termos globais a Dirección Xeral de Xustiza estima o colectivo formado por este conxunto de corpos funcionariais nunhas 3.500 persoas, tendo en conta que é unha realidade flutuante uns funcionarios veñen traballar a Galicia e outros vanse coa formación adquirida; a información dispoñible na Secretaría Xeral de Política Lingüística indícanos que adquiriu o nivel medio de linguaxe xurídica galega unha porcentaxe deste

colectivo que pode variar entre o 75 % e o 78 % e o nivel superior entre o 47 % e o 49 %.

É necesario lembrar que, por falta de demanda, os cursos básicos de linguaxe xurídica galega non se realizan desde 1997 (ata entón realizáronse 63 cursos), e suprímense a partir da Orde de 1 de abril de 2005, da Consellería de Educación, pola que se regulan os cursos de formación en lingua galega e as validacións correspondentes (os artigos 7 e 8 desta orde regulan os cursos de linguaxe xurídica). A razón desta supresión é que os contidos formativos do curso básico están comprendidos na oferta de cursos xerais de lingua galega, niveis de iniciación e de perfeccionamento.

Nestes 15 anos de formación en linguaxe xurídica realizáronse 137 cursos medios (100 para funcionarios da Administración de xustiza en Galicia e 29 para funcionarios destinados noutras CCAA) e 100 cursos superiores (73 para funcionarios con destino en Galicia e 27 para os destinados fóra).

No trienio 2003-2005 un total de 399 persoas obtiveron a certificación do curso de nivel medio e 339 persoas obtiveron a certificación do curso de nivel superior.

- Recursos Lingüísticos.

Un dos obxectivos do Plan xeral de normalización da lingua galega é o de traducir ao galego os programas informáticos de xestión e os formularios de uso cotián e garantir a súa presenza en todos os órganos xudiciais de Galicia. En relación a este punto, a Dirección Xeral de Xustiza, que ten atribuídas competencias no ámbito de execución do plan de informatización do sistema xudicial de Galicia, así como no relativo ao deseño, programación e mantemento das aplicacións informáticas nos órganos radicados na nosa Comunidade Autónoma, dispón nestes órganos dun programa informático de xestión procesual denominado LIBRA do cal se utilizan dúas versións a día de hoxe, Libra 6 e Libra 8. Estas versións están implantadas en distintos órganos xudiciais. Libra 8 opera nos xulgados das sete grandes cidades galegas e Libra 6 nos restantes órganos xudiciais salvo nas Audiencias Provinciais e no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nos cales está implantado o denominado programa MINERVA.

A diferenza entre os distintos programas informáticos encóntrase en que, mentres que nos órganos que posúen o programa Libra 8 ou Minerva abundan os documentos traducidos á lingua galega, os restantes órganos xudiciais contan con máis restricións e cun número máis limitado de documentos en galego.

Actualmente podemos falar dun total de 828 documentos en galego integrados no programa Libra 8 a disposición dos órganos xudiciais radicados nas sete cidades galegas, os cales se estruturan da seguinte forma:

a) orde xurisdicional civil: 267 documentos
b) orde xurisdicional penal: 192 documentos
c) orde xurisdicional contencioso-administrativo: 155 documentos
d) orde xurisdicional social: 214 documentos

É necesario destacar que calquera das aplicacións informáticas utilizadas en Galicia foron elaboradas polo Ministerio de Xustiza exclusivamente en castelán, de aí que a introdución dos modelos en galego conste de dúas fases: unha primeira consistente na tradución ao galego polos gabinetes lingüísticos da Administración de Xustiza dos modelos procesuais máis utilizados, e outra segunda na que se introducen de forma individual, cumprindo con todos os requisitos informáticos para que a súa efectividade sexa plena no sistema.

INFOREG é a aplicación informática desenvolvida polo Ministerio de Xustiza para a informatización integral dos rexistros civís, a Dirección Xeral de Xustiza levou a cabo durante o outono-inverno 2005-2006 a tradución ao galego da aplicación tanto de todos os elementos do programa, incluída a colección de inscricións, anotacións e notas marxinais. Desta forma a aplicación INFOREG poderá facer efectivo o principio de inscrición en galego cando a declaración do nacemento ou defunción estea en galego ou se solicite a inscrición de matrimonio ou outras inscricións na lingua oficial das CCAA. Este principio foi recollido no artigo 23 da Lei de Rexistro Civil a través da reforma introducida pola Lei 12/2005.

Polo que respecta a estes puntos é necesario destacar o funcionamento dos gabinetes de asesoramento lingüístico da Administración de xustiza onde actualmente 5 lingüistas (titulados superiores) e 9 tradutores / intérpretes con postos de traballo na Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo desempeñan as seguintes funcións:

a. Corrección de textos e asesoramento lingüístico a xuíces, fiscais, secretarios e demais funcionarios.
b. Tradución de escritos, sentenzas, autos, resolucións e demais actuacións xudiciais (de galego para castelán, de castelán para galego).
c. Actuación como intérpretes de declaracións e intervencións orais en vistas, xuízos e comparecencias.
d. Emisión de informes sobre onomástica galega.
e. Tradución de leis, regulamentos, circulares e normas relativas ao ámbito da Administración de xustiza.
f. Creación de coleccións de documentos en galego paralelas ás coleccións dispoñibles nas aplicacións informáticas da Administración de xustiza.

A pesar de que a información proporcionada non está completa debido á inexistencia de rexistros administrativos da súa actividade, as memorias de actividades dos catro gabinetes durante os últimos anos pódense resumir na seguinte táboa.

Provincia	Ano	Asesoramento revisión de textos e corrección	Tradución Gal-Cast	Tradución Cast-Gal	Informes R. Civil	Intervención. como intérpretes
A Coruña	2003	NC		41		
	2004	NC	21	64	NC	NC
	2005	15	29	72	NC	NC

Lugo	2003					
	2004	NC	8	47	NC	NC
	2005	NC	5	58	NC	NC
Ourense	2003					
	2004			59	1	
	2005			220		
Pontevedra	2003					
	2004	318	36	12	2	NC
	2005	314	81	48	5	NC

A falta de introdución dos principios da Carta nos Rexistros da Propiedade e Mercantís reprodúcese tamén nas Notarías e, sen prexuízo de que os rexistradores e notarios figuren entre os destinatarios da oferta dos cursos de linguaxe xurídica galega e de que incluso participen en cursos organizados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O feito é que o previsto no artigo 26 do Estatuto de Autonomía de Galicia non se cumpre neste colectivo (o coñecemento do galego será mérito preferente para os concursos e oposicións de notarios e rexistradores).

O Colexio de Notarios de Galicia comprometeuse a colaborar con esta secretaría na elaboración de medidas específicas, no marco dunha campaña xeral de promoción do uso do galego en toda a sociedade, destinadas a fomentar na Administración de xustiza, e nas notarías en particular, a utilización do galego como lingua plenamente válida e eficaz para formalizar calquera tipo de documentos.

Entre as cuestións a tratar figura a de promover que en todas as notarías de Galicia exista, nun lugar visible, un cartel que indique a posibilidade de que os documentos se redacten en galego co fin de xerar unha demanda social dos servizos documentais en lingua galega.

Outra das medidas concertadas co Colexio de Notarios de Galicia é a implantación dun programa de capacitación dirixido aos traballadores das notarías que garanta unha competencia plena en galego por parte de todas as persoas que interveñen na práctica notarial e permita introducir a oferta positiva de atender o cidadán en galego.

É necesario recoñecer que nas transaccións de cidadáns privados (compras, vendas, hipotecas, testamentos) existe unha lenta incorporación do uso do galego na actividade notarial, en parte debida á presión de entidades asociativas como a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística ou a Mesa para a Normalización Lingüística, en parte debida á propia decisión dalgúns notarios que, por defecto, asentan os documentos en galego.

En calquera caso para o 2007 a Xunta de Galicia vai poñer en marcha a campaña da Oferta Informativa, prevista no PXNLG, consistente na colocación nos despachos e salas de espera dos notarios dun cartel cos dereitos lingüísticos da cidadanía, indicando expresamente que o documento que se vai redactar e asinar pódese facer polo mesmo prezo e co mesmo valor legal en lingua galega.

Comunidade VALENCIANA

A Consellería de Xustiza, Interior e Administracións Públicas vén levando a cabo unha política de reforzamento e consolidación do idioma valenciano mediante o desenvolvemento de accións formativas dirixidas ao persoal ao servizo da administración autonómica co obxectivo de fomentar o seu uso normal en todos os seus ámbitos de actuación.

Desde a Dirección Xeral de Xustiza, dependente da Secretaría Autonómica de Xustiza, as accións formativas dirixíronse tanto ao persoal da Administración de Xustiza transferido á Comunidade Valenciana (Corpo de Xestión Procesual e Administrativa, Corpo de Tramitación Procesual e Administrativa e Corpo de Auxilio Xudicial, Médicos Forenses), como a persoal desa Administración non transferido (Xuíces, Maxistrados, Fiscais e Secretarios Xudiciais).

En cumprimento do artigo 31 da Lei 4/1983, de 23 de novembro, de Uso e Ensino do Valenciano, a Dirección Xeral de Xustiza, en cooperación coas autoridades xudiciais, adopta puntualmente as medidas que aseguran o cumprimento das garantías que establecen as normas procesuais e o resto da lexislación para facer efectivo o uso do valenciano en xulgados e tribunais.

Finalmente, cabe sinalar que, á marxe do labor formativo, en todas as dependencias adscritas á Consellería de Xustiza, Interior e Administracións Públicas obsérvanse as previsións contidas na Carta europea de linguas rexionais ou minoritarias e, especialmente no que se refire a:

- Atención permanente en valenciano en todos os centros e dependencias de trato directo co público.
- Tradución ao valenciano de todos os textos oficiais.
- Tramitación e resolución dos procedementos en valenciano cando o interesado así o solicite.

- Indicadores das accións formativas executadas por ambas as dúas direccións xerais nos últimos exercicios

    - Cursos de Valenciano para o Persoal transferido da Administración de Xustiza.

ANO	Nº CURSOS	Nº HORAS	Nº ALUMNOS
1999	18	722	920
2000	19	764	376
2001	19	600	355
2002	14	502	210
2003	16	800	414
2004	15	750	319
2005	15	319	750

- Cursos de Valenciano dirixido a Xuíces e Maxistrados.

ANO	Nº CURSOS	Nº HORAS	Nº ALUMNOS
1999	2	100	50
2000	3	100	75
2001	3	150	75
2002	3	150	75
2003	3	150	75
2004	3	150	75
2005	3	120	75

- Cursos de Valenciano dirixido a Secretarios e Fiscais.

ANO	Nº CURSOS	Nº HORAS	Nº ALUMNOS
2005	3	150	96

Comunidade Foral de NAVARRA

1. As Partes comprométense, polo que se refire ás circunscricións das autoridades xudiciais nas que o número de persoas que alí residan e falen as linguas rexionais ou minoritarias xustifique as medidas específicas seguintes, segundo sexa a situación de cada unha desas linguas e a condición de que o Xuíz non considere que a utilización das posibilidades ofrecidas polo presente parágrafo constitúe un obstáculo para a boa administración da xustiza:

a) nos procedementos penais e civís:

I) asegurar que os órganos xurisdicionais, a solicitude dunha das Partes, leven o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou

En todos aqueles procedementos que no seu inicio teñan petición dunha das partes para realizalo en éuscaro, sempre é considerado e establécese o procedemento para poder realizar as traducións da documentación presentada e a que xera o propio tribunal para a súa notificación ademais da tradución que puidese ser necesaria á hora da testificación.

II) garantirlle ao acusado o dereito de expresarse na súa lingua rexional ou minoritaria; e/ou

Está garantido o uso do éuscaro tanto de forma escrita como testifical.

III) asegurar que as demandas e as probas, escritas ou orais, non se consideren desestimables polo único motivo de estar redactadas nunha lingua rexional ou minoritaria; e/ou

Tanto a lexislación vixente en España como a práctica garanten o adecuado cumprimento deste punto da Carta, xa que se dispón de servizo de tradución oficial.

IV) redactar nesas linguas rexionais ou minoritarias, coa solicitude previa dos documentos que atinxen a un procedemento xudicial, recorrendo, se fose necesario, a intérpretes e a traducións sen gastos adicionais para os interesados;

Tal e como se especificou anteriormente sempre, a solicitude de parte, do interesado.

2. As Partes comprométense a:
a) non rexeitar a validez dos documentos xurídicos elaborados dentro do ámbito do Estado polo simple feito de que estean redactados nunha lingua rexional ou minoritaria;

O dereito de presentación de documentos xurídicos elaborados en éuscaro ten garantido a validez xa que é un dereito que asiste a todos os administrados que residen na Comunidade Foral de Navarra.

3. As Partes comprométense a facer accesibles, nas linguas rexionais ou minoritarias, os textos lexislativos nacionais máis importantes e aqueles que se refiren en particular aos falantes desas linguas, a menos que xa se dispoña deses textos doutro modo.

A publicación dos Edictos que se realiza no Boletín Oficial de Navarra tamén se fai en éuscaro na versión nesta lingua.

Aínda que en Navarra non se publicou ningún texto lexislativo si que hai constancia da tradución e publicación dos máis importantes, como é o caso do Código Civil.

No que respecta á dotación de persoal bilingüe hai que sinalar que ao ser un funcionariado dependente do Ministerio de Xustiza de Madrid non se valora como preceptivo o éuscaro aínda que si como mérito no concurso de traslados e na promoción interna.

Solicitouse persoal bilingüe para o Servizo de Información do Palacio de Xustiza de Pamplona.

2. As Partes comprométense a:
a) non rexeitar a validez dos documentos xurídicos elaborados dentro do ámbito do Estado polo simple feito de que estean redactados nunha lingua rexional ou minoritaria ; ou b) non rexeitar a validez, entre as Partes, dos documentos xurídicos elaborados dentro do ámbito do Estado polo simple feito de que estean redactados nunha lingua rexional ou minoritaria, e a asegurar que poderán ser invocados fronte a terceiros interesados non falantes desas linguas, a condición de que o contido do documento se poña en coñecemento deles por quen o faga valer ; ou c) non rexeitar a validez, entre as Partes, dos documentos xurídicos elaborados dentro do ámbito do Estado polo simple feito de que estean redactados nunha lingua rexional ou minoritaria.

Comunidade Autónoma de EUSKADI

Consta a través dos medios de comunicación que nalgunha ocasión non se aceptaron os textos redactados en linguas minoritarias que se enviaron fóra da comunidade de orixe.

Comunidade Autónoma de CATALUNYA

As oficinas xudiciais en Catalunya deberían contar, en todo caso, con persoal capacitado e habilitado para as funcións de tradución, para o caso de que unha parte poida alegar descoñecemento da lingua catalá pola que a outra parte optase. Do mesmo modo, o Tribunal Supremo así como os xulgados e tribunais do estado deberían dispoñer dun servizo de tradución para o caso de que deban de coñecer feitos documentados en catalán así como para os asuntos que reciban en catalán. O contrario supón cargar, de facto, sobre o cidadán (e dos operadores xurídicos que o representan) coa tradución (unha práctica esta que, a pesar de non contrapoñerse coas disposicións que neste sentido establece a CELROM resulta máis habitual do que debería), ou supletoriamente, unha tradución por parte da Generalitat de Catalunya previa á remisión, coas dilacións que isto ocasiona.

É de destacar, neste sentido, que a Generalitat de Catalunya vén asumindo o custo económicos da tradución da documentación redactada en catalán que deba ter efecto fóra do dominio lingüístico e en todos os casos nos que a lei así o determine (artigo 231.4 da Lei orgánica do poder xudicial). A título indicativo, soamente durante o ano 2005 o custo da tradución de documentación xudicial asumido pola Generalitat foi de 512.000 euros.

Polo que se refire á validez do catalán o organismos centrais, o Estatuto de autonomía de Catalunya que proximamente entrará en vigor dispón, conforme ao seu texto xa aprobado polas Cortes Xerais de España e aprobado en referendo popular, o seguinte:

> *Artigo 33. (...)*
>
> *5. Os cidadáns de Catalunya teñen o dereito a relacionarse por escrito en catalán cos órganos constitucionais e cos órganos xurisdicionais de ámbito estatal, de acordo co procedemento establecido pola lexislación correspondente. Estas institucións deben atender e deben tramitar os escritos presentados en catalán que terán, en todo caso, plena eficacia xurídica.*

Corresponderalle á Administración do Estado o desenvolvemento legal desta norma suprema de Catalunya e dispoñer os mecanismos administrativos pertinentes para facer garantir e facer efectivo o dereito que recoñece, en concordancia co regulado pola propia Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias.

Comunidade Autónoma de GALICIA

A ampla difusión da formación en galego entre os funcionarios xudiciais permite facer realidade o dereito a que se faga a notificación en galego, segundo prevé no artigo 7 da Lei autonómica 3/1983 de Normalización Lingüística. Só nalgunhas ocasións para facer efectivo este dereito os órganos xudiciais requiren a intervención do persoal de asesoramento lingüístico. Como exemplo a Memoria do gabinete lingüístico de Pontevedra do ano 2004 informa de 12 traducións de castelán a galego e en 2005 de 48 traducións de castelán a galego.

Entre o conxunto de documentos emitidos en galego desde as aplicacións informáticas inclúense textos redactados en galego a solicitude das partes.

DOCUMENTOS EMITIDOS DESDE AS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE XESTIÓN PROCESUAL EN GALEGO DESDE MAIO DE 2005 A MAIO DE 2006		
AUDIENCIAS PROVINCIAIS	A CORUÑA	42
	SANTIAGO	1.012
	LUGO	23
	OURENSE	226
	PONTEVEDRA	300
	VIGO	43
XULGADOS DAS CIDADES	A CORUÑA	7.269
	SANTIAGO	9.783
	FERROL	239
	LUGO	1.109
	OURENSE	753
	PONTEVEDRA	4.376
	VIGO	2.959
XULGADOS DO RESTO DI PARTIDOS XUDICIAIS	PROVINCIA DE A CORUÑA	819
	PROVINCIA DE LUGO	88
	PROVINCIA DE OURENSE	214
	PROVINCIA DE PONTEVEDRA	2.195
TOTAL DE DOCUMENTOS XUDICIAIS EN GALEGO TODA GALICIA		1318

Das Memorias anuais dos Gabinetes resulta que non son requiridos, excepto casos moi illados, como intérpretes en actuacións orais (e en todo caso, sería suficiente coa actuación dos funcionarios de xustiza formados en lingua galega).

Non existen rexistros administrativos que nos informen de cantas veces as partes interveñen en galego en vistas e comparecencias, de cantas demandas e escritos se

presentan en galego. A pesar disto, é un indicio significativo o feito de que un dos factores fundamentais de carga de traballo dos gabinetes de asesoramento lingüístico sexa precisamente a tradución desde o galego para o castelán das demandas, escritos e documentos redactados en galego, actuación que se produce nos casos en que tales escritos e documentos deban ser remitidos a órganos xudiciais doutras partes do territorio nacional ou cando unha das partes do proceso alega que non entende o galego.

Comunidade Foral de NAVARRA

O dereito de presentación de documentos xurídicos elaborados en éuscaro ten garantido a validez xa que é un dereito que asiste a todos os administrados que residen na Comunidade Foral de Navarra.

3. As Partes comprométense a facer accesibles, nas linguas rexionais ou minoritarias, os textos lexislativos nacionais máis importantes e aqueles que se refiren en particular aos falantes desas linguas, a menos que xa se dispoña deses textos doutro modo.

COMENTARIOS DA ADMINISTRACION XERAL DO ESTADO

Como xa se indicou no primeiro Informe, o Boletín Oficial do Estado publica periodicamente fascículos separados nos que aparecen as disposicións xerais adoptadas polo Estado nas correspondentes versións nos diferentes idiomas cooficiais en España.

Unha novidade desde a presentación do anterior Informe por parte de España é a habilitación, na páxina web común de servizos administrativos ao cidadán, www.060.es, dun sitio específico para incorporar as versións nos diferentes idiomas cooficiais en España dos textos normativos adoptados pola Unión Europea mediante o procedemento de codecisión, xa que son os máis importantes e os que poden ter maiores efectos sobre os dereitos ou intereses dos cidadáns. A incorporación destes textos producirase de forma automática a medida que as Comunidades Autónomas leven a cabo as correspondentes traducións dos textos aprobados polo Consello e o Parlamento Europeo.

Comunidade Autónoma de EUSKADI

O Goberno Central non asumiu ata o momento nin a iniciativa nin o gasto que supoñen as traducións dos textos legais. Suplindo tal inactividade, o Departamento de Xustiza do Goberno Vasco en colaboración coa Universidade de Deusto e a Universidade do País Vasco publicou:

- Lei orgánica reguladora da responsabilidade penal de menores.
- Lei e Regulamento do Rexistro Civil.
- Lei de Axuizamento Civil.
- Lei de Axuizamento Criminal
- Constitución Española.

Así mesmo, outro importante número de leis encóntranse en diferentes fases de desenvolvemento.

Comunidade Autónoma de CATALUNYA

O Diario Oficial da Generalidad (DOGC) edítase simultaneamente en catalán e en castelán.

Pola súa parte, o Boletín Oficial do Estado (BOE) publica en suplementos en catalán as normas con rango legal e disposicións de carácter xeral de ámbito estatal a partir de convenios subscritos coas Comunidades Autónomas neste sentido. Lamentablemente, a edición do BOE en linguas oficiais diferentes do castelán prodúcese cun atraso considerable, o cal altera enormemente o traballo dos operadores xurídicos que queren facer opción por unha das linguas minoritarias. Este aspecto ten unha importancia fundamental na garantía das condicións de igualdade entre os medios técnicos para que a opción lingüística se realice nas condicións de liberdade que pretende a CELROM.

Por outro lado, hai que ter en conta que a tradución das normas con rango legal e as disposicións de carácter xeral de ámbito estatal tradúcense de forma oficial ao catalán a partir do ano 1998. Polo tanto, a normativa legal anterior a esta data non estaba incluída, o cal motivou que o 12 de marzo do 2002 se asinara o acordo de intencións sobre a publicación en catalán dos títulos que integran a colección «Textos legais do BOE» e o convenio de colaboración entre o BOE e a Entidade Autónoma do Diario Oficial e de Publicacións da Generalitat de Catalunya, para a edición en catalán dos títulos que integran a mencionada colección. En cumprimento deste acordo, no ano 2001 publicouse o primeiro volume, correspondente á xurisdición contenciosa administrativa.
No 2004 distribuíronse os volumes correspondentes ao código civil e ás normas de procedemento laboral.

É necesario continuar nesta liña e avanzar de maneira significativa na tradución oficial de leis vixentes anteriores ao 1998, así como a actualización de normativa con edicións indexadas e actualizadas de leis básicas substantivas e procesuais (dunha importancia tan destacable como a Lei Xeral da Seguridade Social, Lei de Axuizamento Criminal ou o mesmo Estatuto dos Traballadores). Poñer a disposición dos operadores xurídicos a tradución oficial destes textos legais constitúe unha medida inaprazable e insubstituíble para facilitar o uso das linguas distintas do castelán nos procedementos xudiciais. Neste sentido traballa a Generalitat de Catalunya. Así, no ano 2005 o Departamento de Xustiza da Generalitat de Catalunya iniciou un proxecto, co nome de Lexcat, que permitirá ofrecer en catalán toda a lexislación estatal que actualmente só dispoña de versión oficial en castelán. Este servizo, ao que se accederá a través da páxina web dese Departamento de Xustiza da Generalitat de Catalunya, daralles resposta ás necesidades antes detectadas, na medida en que, por un lado, incluirá a lexislación que se vaia producindo en catalán (a partir do suplemento do BOE en catalán); ademais, actualizará e ofrecerá unha versión consolidada do dereito vixente de libre acceso e,

finalmente, ofrecerá tamén unha versión traducida ao catalán da lexislación anterior ao 1998.

En todo caso, trátase dunha actuación de suplencia do departamento de Xustiza que pretende poñer a disposición dos operadores xurídicos traducións dos textos legais, pero que carece do carácter oficial das publicacións do Boletín Oficial do Estado, polo que non debe verse como unha actuación que poida suplir ou deba inhibir a Administración do estado de ofrecer versións oficiais da lexislación vixente anterior ao convenio de 1998.

Comunidade Autónoma de GALICIA

Todos os textos legais que afectan a Galicia publicados no Boletín Oficial do Estado (BOE) así como no Diario Oficial de Galicia (DOG) publícanse en galego e en castelán.

Toda a normativa que emana do Parlamento de Galicia (Boletín Oficial do Parlamento de Galicia) (BOPG) e do Consello da Xunta de Galicia (Diario Oficial de Galicia) (DOG) publícase en galego e en castelán, aínda que a versión que realmente circula entre os cidadáns e a que se cita habitualmente é a versión en galego, mentres que a versión en castelán ten como principal (e case único) destinatario os Organismos do Estado fóra de Galicia). Os dous están na rede e a versión por defecto é a galega, tanto no caso do BOPG (http://www.parlamentodegalicia.com/contenido/GAL/pags/bopg_2005_VII_Lex.htm) como no do DOG (http://www.xunta.es/diario-oficial).

A Xunta de Galicia realiza, ademais, publicacións específicas de textos significativos. A máis recente (2005) é a publicación da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, comentada por letrados da Xunta de Galicia, nunha edición de 600 páxinas.

En 2003 a Xunta de Galicia editou o *Dicionario de lexislación* de Galicia, en papel e en CD-ROM, co texto en galego da Constitución, o Estatuto e normas de desenvolvemento de xurisprudencia.

A Consellería de Xustiza e o departamento de Política Lingüística iniciaron en 1999 a edición dunha colección denominada *Textos Legais* na que se publicaron os textos legais de maior relevancia.

A Presidencia da Xunta de Galicia e o Departamento de Política Lingüística abordaron anteriormente a publicación monográfica de textos significativos en lingua galega.

Comunidade VALENCIANA

O 17 de abril de 2000, a Administración Xeral do Estado e a Generalitat Valenciana, subscribiron un convenio de colaboración para a publicación das Leis Orgánicas, Leis e Reais Decretos en lingua valenciana. Os anos 2001 e 2002 editáronse 4 suplementos do BOE; no ano 2003, 6; no ano 2005, 5; no ano 2005, 4 e no ano 2006 xa se editaron 2.

Igualmente, editáronse versións en valenciano da Constitución Española e do Tratado polo cal se establece unha Constitución para Europa.

Comunidade Foral de NAVARRA

A publicación dos Edictos que se realiza no Boletín Oficial de Navarra tamén se fai en éuscaro na versión nesta lingua.

Aínda que en Navarra non se publicou ningún texto lexislativo si que hai constancia da tradución e publicación dos máis importantes, como é o caso do Código Civil.

No que á dotación de persoal bilingüe hai que sinalar que ao ser un funcionariado dependente do Ministerio de Xustiza de Madrid non se valora como preceptivo o éuscaro aínda que si como mérito no concurso de traslados e na promoción interna.

Solicitouse persoal bilingüe para o Servizo de Información do Palacio de Xustiza de Pamplona.

Comunidade Autónoma de ILLES BALERAS

A Comunidade Autónoma das Illes Balears colabora economicamente á edición, en catalán, dos fascículos especiais do Boletín Oficial do Estado nos que se publican as disposicións xerais adoptadas polo Estado.

Artigo 10. Autoridades Administrativas e Servizos Públicos.

1. Nas circunscricións das autoridades administrativas do Estado nas cales resida un número de falantes de linguas rexionais ou minoritarias que xustifique as medidas que figuran a continuación, e de acordo coa situación de cada lingua, as partes, na medida en que razoablemente poidan, comprométense:
a)
I) velar para que estas autoridades administrativas utilicen as linguas rexionais ou minoritarias; ou
II) velar para que os seus axentes que estean en contacto co público utilicen as linguas rexionais ou minoritarias nas súas relacións coas persoas que se lles dirixan nestas linguas; ou
III) velar para que os falantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan presentar solicitudes orais ou escritas e recibir unha resposta nestas linguas; ou
IV) velar para que os falantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan presentar solicitudes orais ou escritas nestas linguas; ou
V) velar para que os falantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan presentar validamente un documento redactado nestas linguas.

b) poñer a disposición da poboación formularios e textos administrativos de uso frecuente nas linguas rexionais ou minoritarias, ou en versións bilingües;

c) permitirlles ás autoridades administrativas a redacción de documentos nunha lingua rexional ou minoritaria.

2. No que se refire ás autoridades locais e rexionais en cuxos territorios resida un número de falantes de linguas rexionais ou minoritarias que xustifique as medidas que figuran a continuación, as Partes comprométense a permitir e/ou fomentar:

a. o emprego das linguas rexionais ou minoritarias no marco da administración rexional ou local;

b. a posibilidade para os falantes de linguas rexionais ou minoritarias de presentar solicitudes orais ou escritas nesa linguas;

c. a publicación polas colectividades rexionais dos seus textos oficiais tamén nas linguas rexionais ou minoritarias

3: Polo que se refire aos servizos públicos garantidos po las autoridades administrativas ou por outras persoas que actúen por conta daquelas, as Partes contratantes, nos territorios nos que se falen as linguas rexionais ou minoritarias e en función da situación de cada lingua e na medida en que iso sexa razoablemente posible, comprométense a:

a. velar por que as linguas rexionais ou minoritarias se empreguen ao prestarse un servizo; ou

b. permitirlles aos falantes das linguas rexionais ou minoritarias presentar solicitudes e recibir respostas nesas linguas

4. Co fin de aplicar as disposicións dos parágrafos 1, 2 e 3 que aceptaran, as Partes comprométense a adoptar unha ou varias das seguintes medidas:

a. a tradución ou a interpretación eventualmente solicitadas;

b. o recrutamento e, no seu caso, a formación de funcionarios e outros empregados públicos en número suficiente;

c. a aceptación, na medida do posible, das solicitudes dos empregados públicos que coñezan unha lingua rexional ou minoritaria para que sexan destinados ao territorio no que se fala esa lingua.

5. As Partes comprométense a permitir, a petición dos interesados, o emprego ou a adopción de patronímicos nas linguas rexionais ou minoritarias.

O Estado pode emitir normas básicas para establecer as bases do réxime xurídico das Administracións públicas e do réxime estatutario dos seus funcionarios; e igualmente ostenta a competencia para regular o procedemento administrativo común; a lexislación sobre expropiación forzosa e a lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas. (Art. 149.1.18). As Comunidades Autónomas poden desenvolver estas normas básicas mediante disposicións propias.

No que respecta ás competencias executivas, e debido á existencia dunha pluralidade de Administracións publicas, as obrigacións que aparecen neste artigo corresponden a todas as Administracións, cada un dentro do seu ámbito de actividade.

Non obstante, na práctica, o cumprimento destas obrigacións vincula en maior medida ás Administracións das Comunidades Autónomas, xa que son as Administracións que contan cun número máis elevado de persoal ao seu servizo.

- Modificacións Normativas: Uso de Linguas Cooficiais, en Solicitudes, Comunicacións, Documentos e Procedementos tramitados pola Administración Xeral do Estado.

O marco normativo é o que ofrece a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, á que xa nos referimos no anterior Informe.

Nesta liña de recoñecemento do dereito a dirixirse á Administración en linguas cooficiaos, encóntrase a Lei Orgánica 4/2001, de 12 de novembro, do Dereito de Petición, que establece que no ámbito territorial das Comunidades Autónomas quen os seus Estatutos establezan a cooficialidade lingüística, os peticionarios terán dereito a formular as súas peticións á Administración Xeral do Estado ou aos organismos públicos vinculados ou dependentes dela, en calquera das linguas cooficiais e a obter resposta na lingua da súa elección.

Durante os últimos anos aprobouse a Lei 29/2005 de 29 de decembro, de Publicidade e Comunicación Institucional, que segue a liña iniciada polo Manual de Imaxe institucional e complétao, regulando o contido das mensaxes difundidas a través de campañas de publicidade e de comunicación que desenvolve a Administración Xeral do Estado. Esa Lei outórgalle prioridade ao uso da pluralidade lingüística das campañas. Así, o seu artigo 3 recolle como un dos posibles obxectivos das campañas institucionais de publicidade e comunicación a difusión de linguas e o patrimonio histórico e cultural de España.

En concreto, o seu artigo 9 refírese especificamente ao uso das linguas cooficiais ao establecer que nas campañas institucionais se empregará o castelán e, ademais, atendendo ao ámbito territorial de difusión, as linguas cooficiais das Comunidades Autónomas, respectándose a lexislación da respectiva Comunidade Autónoma sobre o uso das linguas cooficiais.

- Outras Medidas Adoptadas tras a adopción do primeiro Informe.

    - A Creación dunha Comisión de Expertos, de composición mixta, para analizar o uso das linguas cooficiais na Administración Xeral do Estado.

Aínda que é indubidable a existencia dun marco normativo de recoñecemento deste dereito, e comprendendo que ás veces o exercicio deste dereito pódese encontrar con problemas prácticos, o Ministerio de Administracións Públicas impulsou a creación dunha Comisión de Expertos mixta, composta por responsables da Administración Xeral do Estado e expertos independentes procedentes do ámbito académico de cada unha

das Comunidades con lingua propia que levou a cabo un traballo de análise da regulación e uso dos idiomas cooficiais, se ben unicamente no ámbito da Administración Xeral do Estado. Aínda que esta Comisión está nestes momentos ultimando as súas Conclusións, apúntanse xa algunhas conclusións:

- O marco normativo é adecuado e non se esixen especiais reformas.

- Ás veces, apréciase unha ausencia de vontade ou desidia no cumprimento da norma, ao que colabora que practicamente a totalidade da poboación se poida expresar e entender correctamente o castelán ou español.

- A efectos de número de casos de incumprimento da norma, lémbrase que os medios humanos adscritos á Administración Xeral do Estado e que prestan servizos nas Comunidades Autónomas con lingua propia son limitados e pouco relevantes numericamente comparado co número de funcionarios das propias Comunidades Autónomas.

- Evidentemente, é necesario realizar un esforzo en materia de formación dos funcionarios aínda maior do que agora se realiza.

- O Informe sobre o desenvolvemento do proceso de aplicación do Real Decreto 1465/1999, no que se refire ao uso das dúas linguas que en determinadas Comunidades Autónomas teñen a consideración de cooficiais.

Polo que respecta á imaxe institucional e produción documental, a normativa vixente é o Real Decreto 1465/1999, de 17 de setembro, polo que se establecen criterios de Imaxe Institucional e se regula a Produción documental e o material impreso da administración Xeral do Estado.

Para comprobar o cumprimento e a forma de aplicación desta norma, elaborouse, no 2003, un Informe, sobre o desenvolvemento do proceso de aplicación do Real Decreto 1465/1999, no que se refire ao uso das dúas linguas que en determinadas Comunidades Autónomas teñen a consideración de cooficiais, e iso como consecuencia dunha Moción aprobada no Senado (Moción do Senado 662/000009). Este Informe divídese en dúas partes:

- Un primeiro apartado no que se informa da situación actual, tomando como base a resposta enviada desde as Delegacións do Goberno nas Comunidades con lingua cooficial, a uns cuestionarios remitidos a finais de 2003 co obxectivo de coñecer o grao de aplicación da referida normativa.

- Un segundo apartado no que se informa sobre as medidas que se están poñendo en marcha como consecuencia das conclusións obtidas no apartado anterior.

Con relación ao primeiro apartado e, partindo da información enviada polas distintas Delegacións do Goberno das Comunidades Autónomas con lingua oficial, respecto ao

número de documentos, sinalizacións e carteis bilingües, o informe presenta as conclusións que se expoñen a continuación.

- Impresos normalizados a disposición do cidadán.
- Nas seis Comunidades Autónomas con lingua cooficial, e de acordo coa información enviada, existen 1.832 impresos normalizados a disposición dos cidadáns, dos cales 580 son bilingües. Dentro dos documentos bilingües debe de mencionarse que algúns destes están redactados, ou ben en castelán, ou ben na lingua correspondente, en virtude da complexidade dos mesmos.

- Por Comunidades Autónomas, a que ten un maior número de impresos normalizados a disposición do cidadán é Catalunya con 893, seguida de Euskadi con 782, Comunidade Valenciana con 153 e Galicia con 4.

- De todos os documentos citados, só unha parte deles ten carácter bilingüe, en concreto menos da metade. Neste caso, tamén é a Comunidade Autónoma de Catalunya a que maior número de impresos bilingües ten a disposición do cidadán, con 312; seguida de Euskadi, con 168; e a Comunidade Valenciana, con 100). O resto das Comunidades non teñen modelos normalizados bilingües a disposición do cidadán.

- Os tipos de documentos que se encontran a disposición do cidadán adoitan ser os seguintes: modelos de avais, autoliquidacións de impostos, denuncias, solicitudes, queixas, etc. Así mesmo adoita ser frecuente que estean a disposición dos cidadáns en formato bilingüe, as cartas de servizos, os libros de atención ao cidadán e as follas informativas.

- Material impreso bilingüe.

  Da información facilitada polas Delegacións do Goberno despréndese o carácter habitual da utilización de material impreso bilingüe no ámbito da Comunidade Autónoma correspondente. Con carácter xeral, todos, ou a maioría dos documentos emitidos pola Administración periférica, son bilingües, incluso en comunicacións e escritos dirixidos a órganos situados fóra do territorio da respectiva Comunidade Autónoma.

- Sinalizacións exteriores.

  O mesmo que ocorre co material impreso, a maioría das sinalizacións exteriores das dependencias administrativas están traducidas á lingua cooficial nas Comunidades Autónomas consultadas, sendo moi escasos os supostos nos que esa sinalización figura só en castelán. Así, por exemplo, en Balears todas as sinalizacións exteriores son bilingües, en Catalunya figuran en castelán, soamente, a sinalización de 3 áreas funcionais, outras 3 en Galicia, 13 no País Vasco e 5 na Comunidade Valenciana. Non obstante, nalgúns casos, non todas as dependencias incluídas nas respectivas áreas funcionais ou servizos non integrados presentan unha sinalización exterior bilingüe.

- Carteis informativos ou publicitarios.

  Neste último punto do cuestionario enviado ás Delegacións do Goberno as respostas foron máis heteroxéneas, sendo máis frecuente o suposto de carteis ou publicidade de carácter non bilingüe. Por outro lado, tamén debe de terse en conta que son moitas as dependencias que non editan carteis publicitarios ou informativos, de tal modo que, aínda sendo a súa resposta negativa, non supón un incumprimento das previsións do Real Decreto 1475/1999. Debe de destacarse que en Catalunya a porcentaxe de bilingüismo n aquelas dependencias produtoras de carteis anda ao redor do 100%.

- A Aprobación do Código de Bo Goberno.

Unha terceira medida impulsada nos últimos meses foi a adopción duns principios de conduta recollidos no Código de Bo Goberno, aprobado mediante a Orde APU/516/2005 de 3 de marzo, pola que se dispón a publicación do Acordo do Consello de Ministros de 18 de Febreiro de 2005 polo que se aproba o Código de Bo Goberno, no que se inclúe expresamente un "compromiso co contorno cultural". O obxectivo que con este principio se pretende é que os altos cargos do Goberno, no exercicio das súas competencias, teñan en conta a protección do contorno cultural e a diversidade lingüística. (Parágrafo Terceiro. 10)

- A elaboración da Guía para a edición e publicación das páxinas web da Administración Xeral do Estado

Elaborouse, así mesmo, unha Guía para a edición e publicación das páxinas web da Administración Xeral do Estado no marco da Dirección Xeral de Modernización Administrativa, tamén dependente do Ministerio de Administracións Publicas. Esa Guía prevé expresamente a implantación progresiva do bilingüismo nas páxinas web da AXE e os seus organismos públicos, establecendo a medida obrigatoria de que todos os menús de navegación estivesen traducidos nas linguas cooficiais a 31 de decembro do 2005 e recomendando que o 30% dos documentos finais que se inclúan nas Webs estivesen traducidos.

- Coñecemento das Linguas Cooficiais polos efectivos dos Servizos Periféricos do Estado.

Unha cuestión clave que presenta o uso das linguas cooficiais pola Administración Xeral do Estado está directamente relacionada coa planificación dos seus recursos humanos e o coñecemento das necesidades formativas no que se refire a linguas cooficiais.

Un número significativo de funcionarios da Administración Xeral do Estado presta os seus servizos nas Comunidades Autónomas con linguas cooficiais: en Catalunya existen 7.481 efectivos nos servizos periféricos, na Comunidade Valenciana, 8.071; en Galicia, 7.001; en Euskadi, 3.907; nas Illes Balears, 1.929; e en Navarra, 835. Dado o dereito que teñen os cidadáns nestas Comunidades a ser atendidos na lingua que escollan, é

obvio que resulta imprescindible dispoñer de funcionarios que coñezan a lingua cooficial da Comunidade Autónoma onde prestan os seus servizos, e non só os que ocupan postos de atención ao cidadán, senón tamén aqueles outros que teñan ao seu cargo a tramitación de escritos, comunicacións, solicitudes, etc, que, en aplicación da normativa que existe ao respecto, poden ter lugar en lingua cooficial, ou precisar a súa tradución ben á lingua cooficial ou ben ao castelán.

Para iso resulta fundamental coñecer a situación actual destes efectivos, a fin de poder detectar as necesidades formativas que existen en cada un dos territorios con lingua cooficial.

O Informe da Subsecretaría do Ministerio de Administracións Públicas recolle así mesmo a normativa vixente sobre a provisión de postos de traballo na Administración Periférica do Estado e a importancia que se lle dá na mesma ao coñecemento da lingua cooficial.

A Orde de 20 de xullo de 1990 regula las normas para la provisión de determinados postos de traballo na Administración Periférica do Estado en relación co coñecemento das linguas oficiais propias das Comunidades Autónomas.

Na mesma recoñécese expresamente o dereito dos cidadáns a ser atendidos na lingua escollida, aínda que se sinala que se debe entender condicionado ás posibilidades reais do momento e á dispoñibilidade dos medios necesarios por parte das Administracións Públicas.

A Administración do Estado debe adoptar as medidas para facer efectivo este dereito nos seus servizos periféricos determinando os postos nos que para desempeñalos sexa requisito o coñecemento da lingua oficial propia da Comunidade Autónoma e aqueles nos que deberá de valorarse como mérito na provisión mediante o sistema de concurso. Resulta ademais indispensable facilitar o coñecemento da lingua oficial propia das Comunidades aos que xa desempeñan os postos nos que resulte conveniente tal coñecemento.

En aplicación desa normativa a Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións, CECIR, aprobou por Resolución de 27 de abril de 1994 a introdución da clave “LCA” para os postos de atención ao público nos que o coñecemento da lingua oficial da Comunidade Autónoma debe ser considerado mérito relevante.

A citada Orde de 20 de xullo de 1990 dispón que, na provisión de postos de traballo por funcionarios na Administración Periférica do Estado en Euskadi, Catalunya, Galicia, Comunidade Valenciana, Comunidade Foral de Navarra e Comunidade Autónoma das Illes Balears, terase en conta o coñecemento da lingua oficial propia de cada Comunidade Autónoma.

O coñecemento da lingua oficial propia de cada Comunidade Autónoma, valorarase como mérito na provisión por concurso dos postos de traballo cun contido que teña relación directa con:

a) Información ao público
b) Recepción e rexistro de documentos
c) Actividades de xestión con significativos graos de proximidade co público e de frecuencia na súa relación.
d) Actividades para as que o coñecemento da lingua constitúa factor relevante.

En cumprimento desta normativa, nos últimos anos, as convocatorias dos concursos para a provisión de postos de traballo en Delegacións do Goberno, Subdelegacións, Áreas e Dependencias funcionais integradas inclúen na relación de méritos a valorar na adxudicación dos postos de traballo, o coñecemento da lingua oficial da Comunidade Autónoma.

- A Capacitación Lingüística dos Funcionarios da Administración Periférica do Estado.

Para dar resposta a esta cuestión analizáronse os datos proporcionados polas diferentes Delegacións do Goberno co fin de identificar os postos de traballo dos servizos periféricos do Estado que requiren o coñecemento da lingua da Comunidade Autónoma, xa sexa como requisito esixible ou como mérito a valorar nas distintas modalidades de provisión dos postos de traballo.

DELEGACIÓN DO GOBERNO	NÚMERO TOTAL DE FUNCIONARIOS	NÚMERO DE FUNCIONARIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO	
EUSKADI	307	50	16.3 %
CATALUNYA	638	256	40.1 %
GALICIA	446	103	23.1 %
C. VALENCIANA	512	140	27.3 %
NAVARRA	64	18	28.1 %
ILLES BALEARS	127	37	29.1 %
TOTAL	2.094	604	28.8 %

La capacitación lingüística do persoal destinado en cada unha das Delegacións do Goberno é moi diferente e reflicte a situación real do estado de difusión, uso e coñecemento de cada lingua, que son moi heteroxéneas na práctica.

A información e valoración proporcionada polas Delegacións do Goberno proporciona os seguintes comentarios:

- Delegación do Goberno en Euskadi.

  En cumprimento da normativa vixente o Delegado do Goberno en Euskadi envía un "Informe anual sobre o grao de implantación do éuscaro na Administración Periférica do Estado".

  O informe contén varios documentos e anexos relativos a cuestións tales como nivel de coñecemento e implantación do éuscaro entre os cidadáns e os empregados

públicos do Estado, Actuacións da Administración do Estado en selección, provisión e formación, Xurisprudencia e Normativa e outras cuestións destacables como a presentación polo Goberno Vasco do terceiro Mapa sociolinguístico elaborado pola Viceconsellería de Política Lingüística en colaboración co Instituto de Estatística Vasco, resultados da euskaldunización do profesorado.

Igualmente, a Delegación do Goberno chama a atención sobre a escasa dotación de tradutores de éuscaro e o seu carácter imprescindible para darlles resposta ás demandas dos cidadáns.

- Delegación do Goberno en Catalunya.

Destaca que, aproximadamente, a metade dos efectivos de persoal da Administración Xeral do Estado en Catalunya coñece ben ou moi ben a lingua cooficial. Este coñecemento vén avalado ben pola correspondente titulación expedida pola Generalitat, polo seu expediente académico ou, finalmente, pola simple tradición oral familiar.

Como proposta, a Delegación solicita manter e potenciar a inclusión como mérito nos concursos de traslados do coñecemento da lingua cooficial para estimular nos funcionarios a súa aprendizaxe; así como manter e potenciar a política formativa da lingua cooficial, tanto dos Ministerios sectoriais como a do propio Instituto Nacional de Administración Pública

As necesidades formativas son máis evidentes no ámbito dos membros dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, xa que o número dos seus efectivos é moi significativo; e aínda tendo en conta o progresivo avance da Policía da Generalitat - Mossos d'Esquadra.

Para potenciar o uso efectivo do idioma cooficial proponse a instalación, como aplicación informática "Standard" de sistemas automáticos de tradución dos cales hai varios moi eficientes no mercado e están sendo utilizados tamén pola propia Generalitat de Catalunya.

Continuar coa política de introducir sempre o idioma cooficial en todos os documentos normalizados, ben utilizando o sistema de documento bilingüe ou, cando as características non o permitan, a versión separada.

- Delegación do Goberno en Galicia.

No seu Informe considera que os postos de traballo que deben ter como requisito o coñecemento da lingua galega deben ser os de atención ao público, mentres que para a cobertura do resto de postos debe ter a consideración de mérito.

- Delegación do Goberno na Comunidade Valenciana.

Considera como criterio xeral a necesidade de que os postos de atención ao público (Oficina de Información e Rexistro e Gabinete Telegráfico) deberían contar como requisito o coñecemento da lingua valenciana a nivel elemental acreditado mediante o Título expedido pola Xunta Cualificadora de Coñecementos de Valenciano dependente da Consellería de Educación da Generalitat Valenciana.

Tamén consideran necesario, dada a realidade lingüística cooficial da Comunidade Autónoma Valenciana que outros postos non tan directamente relacionados coa atención ao público, o coñecemento do valenciano sexa mérito a valorar nos concursos.

- Delegación do Goberno en Navarra.

Debido ás especiais características e desenvolvemento do uso do éuscaro en Navarra, estima que o éuscaro, debe ser valorado como mérito relevante, pero non como requisito de acceso aos mesmos naqueles postos en que así se determine, en particular os de atención ao público.

Lembra a importancia e limitación que supón que a Lei do Éuscaro en Navarra, delimita tres zonas lingüísticas: zona vascófona (Santesteban/Doneztebe; Alsasua/Altsasu; Baztan; Valcarlos/Luzaide), zona mixta (Pamplona/Iruña; Aoiz/Agoitz; Estella/Lizarra) e zona non vascófona (Lodosa, Tudela e Tafalla); aínda que o peso maioritario presta servizos na zona mixta.

- Delegación do Goberno nas Illes Balears.

Os servizos periféricos da Administración estatal nesta Comunidade consideran que o coñecemento da lingua debe ser valorado máis como mérito nos concursos de provisión que como requisito. Sinala que nalgúns casos a esixencia como requisito imprescindible podería dificultar a cobertura destes postos de traballo.

- As Actividades Formativas Lingüísticas do persoal da Administración Xeral do Estado nas Comunidades Autónomas con Lingua Cooficial.

O Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), dispón dun Plan de Formación Interadministrativo-Idiomas, financiado con fondos procedentes do Programa de Formación Continua e destinado ao persoal ao servizo das Administracións Públicas, incluíndo determinadas accións formativas para fomentar o estudo e coñecemento das linguas oficiais do Estado español. Facilita o financiamento de cursos de formación ao persoal descentralizado e pertencente á Administración Xeral do Estado destinado nas diferentes Comunidades Autónomas e instruméntase con carácter xeral a través da celebración de distintos Convenios de Colaboración coas Comunidades Autónomas ou Delegacións do Goberno afectadas, que se concreta segundo o seguinte detalle:

No ano 2005, o INAP destinoulle ao fomento doutras linguas cooficiais a cantidade total de 354.086,72 € que se concretaron para cada un dos cursos nas seguintes cantidades:

IDIOMA / COMUNIDADE AUTÓNOMA	ACHEGA DO ESTADO	ACCIÓNS FORMATIVAS	Nº PARTICIPANTES	HORAS LECTIVAS
Cursos de Éuscaro en colaboración coa Delegación do Goberno de Euskadi:	28.821,99 €	23	245	8.400
Cursos de Catalán en colaboración coa Delegación do Goberno en Catalunya	54.160,01 €	16	320	1.220
Cursos de Galego en colaboración coa Xunta de Galicia	54.716,58 €	17	462	1.230
Cursos de Valenciano en colaboración coa Generalitat Valenciana:	136.009,74 €	66	1.167	3.750
Cursos de Éuscaro en colaboración co Goberno de Navarra	27.489,00 €	8	20	2.260
Cursos de Catalán en colaboración co Goberno das Illes Balears	52.889,40 €	23	521	1.380

Para o exercicio económico do 2006 preveuse para o Plan Interadministrativo de Idiomas destinado ao financiamento da promoción das linguas cooficiais un importe global de 380.276,20 €.

As finalidades e contidos da acción formativa en cada Comunidade Autónoma son moi diferentes, polo que se poden indicar algúns trazos específicos en cada Comunidade Autónoma:

- Delegación do Goberno en Euskadi.

  En Euskadi, no marco do convenio anual subscrito entre o INAP e a Delegación do Goberno de Euskadi, lévanse a cabo cursos formativos sobre o éuscaro. A modalidade dos mesmos é variada, podéndose optar pola forma presencial, a través de Internet, ou ben mediante os denominados “cursos de inmersión”. Diríxense a persoal funcionario e laboral da Administración periférica, excluíndose o persoal do INSS, e ao da Tesourería da Seguridade Social por contar con medios formativos propios.

- Delegación do Goberno en Catalunya.

  Ao tratarse dun idioma con maior difusión e consideración social, o coñecemento e uso do idioma catalán na Administración periférica do Estado ten unha maior aceptación e naturalidade que noutras Comunidades Autónomas, polo que as necesidades formativas son de diferente índole e teñen diferentes obxectivos.

  Os maiores niveis de altos coñecementos da lingua catalá encóntranse en organismos con políticas sostidas de formación na materia, como son a Axencia Estatal de Administración Tributaria, o Instituto Nacional da Seguridade Social, a Tesourería da Seguridade Social ou o Tribunal Económico Administrativo, con programas formativos propios.

- Delegación do Goberno en Galicia.

Nesta Comunidade Autónoma, a formación realízase no marco do Convenio que anualmente subscribe o INAP coa Xunta de Galicia, e coa colaboración da Delegación do Goberno.

Os tipos de cursos formativos impartidos versan sobre lingua galega e linguaxe administrativa e son os seus destinatarios todo o persoal da Administración Xeral do Estado en Galicia, incluídas as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

A maioría dos participantes son funcionarios dos grupos B, C e D. En ocasións, e coa solicitude previa dos correspondentes Organismos, organízanse cursos específicos para a Garda Civil, a Axencia Tributaria e los Organismos Autónomos da Seguridade Social.

A acreditación do coñecemento da lingua realízase por medio dunha certificación expedida polo departamento da Xunta de Galicia encargado da política lingüística ou mediante validación de acordo coas normas emitidas pola Comunidade Autónoma.

- Delegación do Goberno na Comunidade Valenciana.

Na Comunidade Valenciana os cursos de valenciano impártense a través da Consellería de Cultura, Educación e Deportes, e no marco do convenio de cooperación entre a Generalitat e o Instituto Nacional da Administración Pública. A Delegación do Goberno facilita as aulas e a Consellería proporciona o profesorado.

O persoal a quen van dirixidos estes cursos son os empregados públicos da Administración Xeral do Estado, xa sexan persoal laboral ou funcionario. Por modalidades, diferéncianse entre cursos de valenciano e de linguaxe administrativa.

A acreditación dos coñecementos lingüísticos corre a cargo da Xunta Cualificadora de Coñecementos de Valenciano.

- Delegación do Goberno en Navarra.

No marco do Convenio anual de colaboración entre o Instituto Nacional de Administración Pública e o Instituto Navarro de Administración Pública lévanse a cabo os cursos de lingua vasca dirixidos ao persoal funcionario e laboral, da Administración Xeral do Estado que presta os seus servizos no ámbito territorial de Navarra.

Os cursos formativos van dirixidos ao persoal funcionario e laboral da Administración do Estado na Comunidade Foral de Navarra. Organízanse no Negociado de Formación do Vascuence do Instituto Navarro de Administración Pública e son exclusivamente dedicados á lingua vasca (extensivos, técnicos, autoaprendizaxe, intensivos, de verán).

A necesidade que existe de traducir solicitudes e escritos fixo que a Delegación do Goberno solicitara a creación de dúas prazas específicas de tradutor.

- Delegación do Goberno nas Illes Balears.

Os cursos sobre formación lingüística impartidos na Comunidade das Illes Balears, realízanse no marco do Convenio anual asinado entre o Instituto Nacional da Administración Pública e a Escola Balear de Administración Pública (EBAP).

Estes cursos formativos van dirixidos a todo o persoal da Administración Xeral do Estado, persoal da Comunidade Autónoma e persoal de Entidades Locais. As modalidades ofertadas van desde o ensino da lingua catalá de nivel inicial, elemental e medio, ata cursos de catalán administrativo e de conversación.

A acreditación realízase mediante certificación expedida pola Escola Balear de Administración Pública, pola Obra Cultural Balear ou ben pola Dirección Xeral de Política Lingüística.

- Documentos Identificativos de Carácter Persoal.

Durante os últimos anos de forma reiterada expresouse por parte dos representantes políticos e sociais dos usuarios das linguas rexionais o desexo de que os datos básicos dos documentos identificativos de carácter persoal non fosen redactados unicamente en castelán ou español.

Desde a elaboración do anterior Informe, adoptáronse diferentes medidas para atender esta petición, e en concreto as seguintes:

- Documento Nacional de Identidade.

Aprobouse o Real Decreto 1553/2005, de 23 de decembro, polo que se regula a expedición do Documento Nacional de Identidade e os seus certificados de firma electrónica. Esta norma dispón:

Artigo 11. *"Os textos fixos expresaranse en castelán e os expedidos en territorio daquelas Comunidades Autónomas que teñan outra lingua oficial, serán tamén expresados nesta".*

- Permiso de Condución.

Aprobouse a Lei 17/2005, pola que se regula o Permiso e Licenza de Conducir por puntos e se modifica o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria.

Este texto normativo incorpora no seu parágrafo Quince unha Disposición Adicional Cuarta, sobre permisos e licenzas de condución nas Comunidades Autónomas con lingua cooficial, ao Texto Articulado, que establece que *"naquelas Comunidades*

Autónomas que teñan unha lingua cooficial, os permisos e licenzas de condución redactaranse ademais de en castelán nesa lingua".

- Pasaporte.

O Real Decreto 896/2003 de 11 de xuño, polo que se regula a expedición do pasaporte ordinario e se determinan as súas características, non conta con ningunha previsión en relación coa utilización das linguas cooficiais.

Simplemente establece, no seu artigo 9, que estará constituído nunha cartilla que, ademais das cubertas, terá 32 páxinas numeradas correlativamente. Este número de páxinas que comporta o pasaporte irá indicado ao pé da última delas, nas linguas oficiais dos Estados membros da Unión Europea.

O contido do pasaporte, entre outros requisitos, constarán o nome, apelidos, nacionalidade, data e lugar de nacemento e sexo, así como datas de expedición e caducidade do pasaporte. Estas mencións redactaranse en castelán, inglés e francés, acompañándose de números que fagan referencia a un índice que indique, nas linguas oficiais dos Estados membros da Unión Europea, o obxecto delas.

Non obstante, o 16 de maio do 2006, o Pleno do Congreso dos Deputados tomou en consideración a Proposición de Lei presentada polo Grupo Parlamentario Catalán (Convergencia i Unió), para a incorporación aos Pasaportes nas linguas oficiais do Estado español. Na mesma propúxose a posibilidade de que os pasaportes dos cidadáns que residen en Comunidades Autónomas con máis dunha lingua oficial, sexan emitidos nestes territorios nas dúas linguas oficiais; aínda que se lembrou que esta posibilidade necesita que se modifique o artigo 10 da Lei Orgánica 1/1992, de 21 de febreiro, sobre Protección da Seguridade Cidadá; polo que se solicitou que nun prazo de seis meses os distintos organismos responsables de emitir pasaportes acomodasen á nova normativa a modificación da Lei Orgánica 1/1992.

- Uso dos Idiomas Cooficiais nas Páxinas web da Administración Xeral do Estado.

A Guía para a edición e publicación das páxinas web da Administración Xeral do Estado establece a obrigatoriedade en todas as páxinas web da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos de que, a 31 de decembro de 2005, todos os menús de navegación estivesen traducidos ás linguas cooficiais. Así mesmo recomenda que o 30% dos documentos finais que se insiran nas mesmas aparezan redactados nas linguas cooficiais. Esas medidas foron obxecto de implantación desigual por parte dos diferentes órganos da Administración Xeral do Estado. En casos puntuais, este uso estendeuse incluso á redacción de todo o texto da páxina e non só aos menús de navegación.

Co fin de comprobar o grao de aplicación que tiveron as obrigacións e recomendacións establecidas pola citada Guía de Páxinas web, realizouse en maio de 2006 un seguimento da dispoñibilidade das linguas cooficiais nas distintas páxinas web dos

Ministerios, Organismos Autónomos e Delegacións do Goberno da Administración Xeral do Estado. Na práctica do mesmo, recadáronse os seguintes datos:

- Páxinas web dos Ministerios.

  Unicamente os Ministerios de Administracións Públicas; Agricultura, Pesca e Alimentación; Fomento; Industria, Turismo e Comercio; Medio Ambiente; Presidencia; Sanidade e Consumo; e Vivenda, teñen dispoñible a súa páxina web en todas as linguas cooficiais.

  Non obstante, a tradución é só parcial, referíndose unicamente ás denominacións nos casos dos Ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación; Fomento; Medio Ambiente; Presidencia; e Sanidade e Consumo.

  Os Ministerios de Asuntos Exteriores e Cooperación; Cultura; Defensa; Educación e Ciencia; Interior; Xustiza; e Traballo e Asuntos Sociais, teñen o acceso á súa páxina web soamente circunscrito á lingua castelá.

- Páxinas web dos Organismos Públicos da Administración Xeral do Estado.

  A situación é igualmente heteroxénea. En todo caso, dispoñen de páxina web en todas ou algunha das linguas cooficiais os seguintes organismos:

- A Mutualidade de Funcionarios da Administración Civil do Estado (MUFACE), adscrita ao Ministerio de Administracións Públicas

- O Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ten acceso a todas as linguas cooficiais

- A Axencia Estatal de Administración Tributaria, do Ministerio de Economía e Facenda, ten a súa web nas linguas cooficiais; e permite descargar impresos e solicitudes en linguas cooficiais

- O Consello Superior de Investigacións Científicas, do Ministerio de Educación e Ciencia, ten tradución nalgunha das linguas cooficiais.

- Determinadas entidades dependentes ou vinculadas ao Ministerio de Fomento teñen dispoñible a súa páxina web exclusivamente na lingua cooficial da súa Comunidade. É o caso da Autoridade Portuaria de Bilbao, a Autoridade Portuaria de Vigo, a Autoridade Portuaria da Coruña, a Autoridade Portuaria de Balears e a Autoridade Portuaria de Barcelona

- A Rede Nacional de Ferrocarrís Españois (RENFE), dispón de tradución en todas as linguas cooficiais.

- O Instituto de Turismo de España e o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), ambos os dous do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, teñen dispoñible a súa web nalgunhas das linguas cooficiais.

- A Dirección Xeral de Tráfico, do Ministerio do Interior, ten dispoñible a descarga de trámites en idiomas cooficiais.

- A Confederación Hidrográfica do Xúquer, a Confederación Hidrográfica do Segura, o Parque Nacional de Sierra Nevada, o Parque Nacional de Cabañeros, o Parque Nacional de Doñana, o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, o Parque Nacional de Caldera de Taburiente, o Parque Nacional de Picos de Europa, o Parque Nacional das Tablas de Daimiel, o Parque Nacional de Timanfaya, o Parque Nacional do arquipélago de Cabrera, o Parque Nacional do Teide, o Parque Nacional Garajonay e o Parque Nacional de Ordesa e Monte Perdido; todos eles do Ministerio de Medio Ambiente, aínda que a tradución é parcial.

- O Boletín Oficial do Estado e o Centro de Investigacións Sociolóxicas, ambos os dous adscritos ao Ministerio de Presidencia.

- A Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, ambos os dous do Ministerio de Sanidade e Consumo, teñen dispoñible a súa web en todas as linguas cooficiais, aínda que a tradución é parcial, só lles afecta aos títulos.

- O Consello Económico e Social, o Consello da Xuventude de España e o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, teñen tradución parcial aos idiomas cooficiais nas súas páxinas web. Este último, ademais, contempla a posibilidade de descargar impresos e solicitudes nas linguas cooficiais.

5. As Partes comprométense a permitir, a solicitude dos interesados, o emprego ou a adopción de patronímicos nas linguas rexionais ou minoritarias

Desde a presentación do primeiro Informe de España, en 2002, aprobouse a Lei 12/2005, de 22 de xuño, pola que se modifica o artigo 23 da Lei de 8 de xuño de 1957, do Rexistro Civil.

Para iso, engadiuse un novo parágrafo ao final do artigo 23 da Lei do Rexistro Civil, de 8 de xuño de 1957, co seguinte texto:

«Os asentos realizaranse en lingua castelá ou na lingua oficial propia da Comunidade Autónoma en que radique o Rexistro Civil, segundo a lingua en que estea redactado o documento ou en que se realice a manifestación. Se o documento é bilingüe, realizaranse na lingua indicada por quen o presente ao Rexistro. Todo iso, sempre que a

lexislación lingüística da Comunidade Autónoma prevea a posibilidade de redacción dos asentos dos rexistros públicos en idioma cooficial distinto do castelán.»

Comunidade Autónoma de EUSKADI

1: Nas circunscricións das autoridades administrativas do Estado nas que resida un número de falantes de linguas rexionais ou minoritarias que xustifique
as medidas que figuran a continuación, e segundo a situación de cada lingua, as Partes, na medida en que sexa razoablemente posible, comprométense a:

a, I): velar por que esas autoridades administrativas empreguen as linguas rexionais ou minoritarias;

Segundo a Lei vasca 10/1982, de 24 de novembro, Básica de Normalización do Uso do Éuscaro, que obriga a toda dependencia administrativa radicada no territorio da Comunidade Autónoma, incluíndo os órganos dependentes da Administración estatal, existen obrigas concretas de uso do éuscaro polas autoridades administrativas:

- *"Toda disposición normativa ou resolución oficial que emane dos poderes públicos sitos na Comunidade Autónoma de Euskadi, deberá estar redactada en forma bilingüe a efectos de publicidade oficial"* (art. 8.1).

- *"As notificacións e comunicacións administrativas deberán ir redactadas en forma bilingüe, salvo que os interesados privados elixan expresamente a utilización dunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma"* (art. 8.2).

- *"Recoñéceselles a todos os cidadáns o dereito a usar tanto o éuscaro coma o castelán nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, e a seren atendidos na lingua oficial que elixan"* (art. 6.1).

Respecto das dependencias da Administración do Estado radicadas no territorio da Comunidade Autónoma Vasca, danse gran número de incumprimentos da citada Lei 10/1982. As comunicacións escritas envíanse moitos casos só en castelán, e unicamente se o cidadán solicita versión en éuscaro se lle facilita a mesma. No que respecta á comunicación oral, é moi excepcional que se comprenda e se lle responda en éuscaro a un cidadán que utilice esta lingua. A capacidade lingüística do persoal destas dependencias é mínima, non se realizan contratacións de persoal que domine o éuscaro, e a formación lingüística do persoal é escasa e sempre baixo o principio de voluntariedade.

No tocante aos órganos centrais da Administración do Estado, non radicados no territorio da Comunidade Autónoma, toda comunicación oral ou escrita con cidadáns da Comunidade Autónoma realízase unicamente en castelán, sen que os cidadáns teñan recoñecido o dereito a solicitar comunicación en éuscaro; tal como se desprende do Auto 383/2003 do Tribunal Constitucional, que non admitiu un recurso de amparo presentado por unha empresa en relación cunha sanción imposta polo Instituto Nacional de Emprego, por non enviar diversos datos requiridos, ao que a empresa se negara aducindo que só se lle enviara o requirimento en castelán.

Gran número de queixas por vulneración de dereitos lingüísticos danse no ámbito da xustiza. Xuíces, Maxistrados e Secretarios Xudiciais son corpos estatais, non existe obrigatoriedade en ningún caso de saber éuscaro, só se pode valorar o seu coñecemento como mérito, e a aprendizaxe do éuscaro por este persoal é voluntario.

O resto de persoal ao servizo da administración de xustiza está formado tamén por corpos estatais. A súa titularidade correspóndelle ao Estado, aínda que a xestión a asume a Administración autonómica. Ata agora só se puido valorar como mérito o coñecemento do éuscaro, pero a Administración autonómica ofrece cursos de formación en éuscaro.

Desta forma, non é posible realizar procedementos xudiciais en éuscaro debido á falta de capacitación nesta lingua polo persoal de xustiza. Os cidadáns vascos teñen dereito a dirixirse á administración de xustiza en éuscaro e a que se lles responda nesta lingua. Teñen dereito a actuar nos xuízos nesta lingua, aínda que iso esixe a participación dun intérprete ao servizo da administración de xustiza, o cal xera queixas dos cidadáns por darlles aos vascoparlantes o mesmo tratamento que aos estranxeiros, como estableceu a Sentenza 166/2005 do Tribunal Constitucional, pola que se rexeita o dereito ao uso da lingua vasca na Administración de Xustiza sen intérprete.

b: poñer a disposición da poboación formularios e textos administrativos de uso frecuente nas linguas rexionais ou minoritarias, o en versións bilingües;

En xeral póñense a disposición dos cidadáns formularios bilingües nas dependencias da administración estatal radicadas na Comunidade Autónoma.

Non obstante, estanse recibindo denuncias porque en certas dependencias do Servizo de Correos os formularios que se poñen a disposición dos cidadáns aparecen unicamente en castelán.

c: permitirlles ás autoridades administrativas redactar documentos nunha lingua rexional ou minoritaria.

A Lei estatal 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece no seu artigo 36 a obrigatoriedade de que os procedementos tramitados pola Administración Xeral do Estado se sigan en castelán. Por iso, en principio, os funcionarios non poden redactar documentos en éuscaro.

Unicamente se os interesados se dirixen a eses órganos en éuscaro o procedemento se tramitará nesta lingua, e os funcionarios poderán redactar documentos en éuscaro.

Se concorren varios interesados no procedemento e existe discrepancia no que respecta á lingua, o procedemento tramitarase en castelán, aínda que os documentos ou testemuños que requiran os interesados expediranse na lingua elixida polos mesmos.

2. No que se refire ás autoridades locais e rexionais en cuxos territorios
resida un número de falantes de linguas rexionais ou minoritarias que xustifique as medidas que figuran a continuación, as Partes comprométense a permitir e/ou fomentar:

a. o emprego das linguas rexionais ou minoritarias no marco da administración rexional ou local;

Segundo a Lei vasca 10/1982, de 24 de novembro, Básica de Normalización do Uso do Éuscaro, que obriga a toda dependencia administrativa radicada no territorio da Comunidade Autónoma, existen obrigas concretas de uso do éuscaro polas autoridades administrativas:

- *"Toda disposición normativa ou resolución oficial que emane dos poderes públicos sitos na Comunidade Autónoma de Euskadi, deberá estar redactada en forma bilingüe a efectos de publicidade oficial"* (art. 8.1).

- *"As notificacións e comunicacións administrativas deberán ir redactadas en forma bilingüe, salvo que os interesados privados elixan expresamente a utilización dunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma"* (art. 8.2).

- *"Recoñéceselles a todos os cidadáns o dereito a usar tanto o éuscaro coma o castelán nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, e a seren atendidos na lingua oficial que elixan"* (art. 6.1)

En xeral cúmprese con esta normativa pola Administración da Comunidade Autónoma e a Administración Foral e municipal, aínda que nalgún caso existan queixas por incumprimentos.

O maior número de incumprimentos no que respecta á Administración autonómica dáse respecto á policía autonómica ou Ertzaintza, e o servizo de saúde ou Osakidetza. A maior parte de incumprimentos débense á falta da necesaria competencia lingüística en éuscaro polo persoal destes dous ámbitos, se ben a Administración da Comunidade Autónoma está traballando para aumentar esa capacidade lingüística e o uso do éuscaro, mediante a oferta de cursos de formación.

Neste sentido, existen dúas normas de grande importancia para aumentar o uso do éuscaro nestes dous ámbitos: o Decreto vasco 30/1998, de 24 de febreiro, regula o proceso de normalización do éuscaro na Ertzaintza; o Decreto vasco 67/2003, de 18 de marzo, regula a normalización do uso do éuscaro en Osakidetza-Servizo Vasco de Saúde.

No caso dos municipios, a situación sociolingüística é moi diferente dun lugar a outro, e o nivel de competencia lingüística do persoal da administración municipal varía de forma importante. Aínda que en determinados municipios se garante a atención ao cidadán en éuscaro, noutros non ocorre así, existindo deficiencias no que respecta á atención oral ao cidadán que se expresa en éuscaro.

b. a posibilidade para os falantes de linguas rexionais ou minoritarias de
presentar solicitudes orais ou escritas nesas linguas;

A Lei vasca 10/1982, de 24 de novembro, Básica de Normalización do Uso do Éuscaro, recoñece nos seus artigos 5.2.a), 6.1 e 9.1 como dereito lingüístico fundamental o de relacionarse en éuscaro ou en castelán oralmente e/ou por escrito coa Administración e con calquera organismo ou entidade radicado na Comunidade Autónoma.

Na práctica, en determinados casos existen dificultades para exercer este dereito á hora de comunicarse oralmente en éuscaro, debido á falta de capacitación lingüística do funcionario.

c. a publicación polas colectividades rexionais dos seus textos oficiais tamén nas linguas rexionais ou minoritarias

A Lei vasca 10/1982 establece no seu artigo 8.1 que toda disposición normativa ou resolución oficial que emane dos poderes públicos sitos na Comunidade Autónoma de Euskadi deberá estar redactada en forma bilingüe a efectos de publicidade oficial.

Segundo o artigo 13 da mesma lei, os impresos ou modelos oficiais que teñan que utilizar os poderes públicos na Comunidade Autónoma de Euskadi deberán estar redactados en forma bilingüe.

d. a publicación polas autoridades locais dos seus textos oficiais tamén nas linguas rexionais ou minoritarias;

A Lei vasca 10/1982 establece no seu artigo 8.1 que toda disposición normativa ou resolución oficial que emane dos poderes públicos sitos na Comunidade Autónoma de Euskadi deberá estar redactada en forma bilingüe a efectos de publicidade oficial.

Segundo o artigo 13 da mesma lei, os impresos ou modelos oficiais que teñan que utilizar os poderes públicos na Comunidade Autónoma de Euskadi deberán estar redactados en forma bilingüe.

e. o emprego polas colectividades rexionais de linguas rexionais ou minoritarias nos debates das súas asembleas, sen excluír, non obstante, o uso da(s) lingua(s) oficial(is) do Estado;

No Parlamento Vasco e nas súas Comisións, existe liberdade para expresarse en éuscaro e en castelán. O Regulamento do Parlamento Vasco recolle o seguinte no seu artigo 1:

- *"O Éuscaro e o Castelán son os idiomas oficiais do Parlamento Vasco (Legebiltzarra), podendo facerse uso indistinto de ambos os dous. As publicacións oficiais do Parlamento serán bilingües."*

f. o emprego polas colectividades locais de linguas rexionais ou minoritarias nos debates das súas asembleas, sen excluír, non obstante, o emprego da(s) lingua(s) oficial(is) do Estado;

Nos debates das asembleas forais e municipais existe liberdade para expresarse en éuscaro e en castelán.

O Real Decreto estatal 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, recolle o seguinte no seu artigo 86:

- *"1. As convocatorias das sesións, as ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo e ditames das Comisións informativas redactaranse en lingua castelá ou na lingua cooficial da Comunidade Autónoma á que pertenza a entidade, conforme á lexislación aplicable e aos acordos adoptados ao respecto pola correspondente Corporación.*

2. Nos debates poderanse utilizar, indistintamente, a lingua castelá ou a cooficial da Comunidade Autónoma respectiva."

g. o emprego ou a adopción e, no caso de que proceda, conxuntamente coa denominación na(s) lingua(s) oficial(is), das formas tradicionais e correctas dos toponímicos nas linguas rexionais ou minoritarias.

A Lei vasca 10/1982, establece no seu artigo 10.1 que a nomenclatura oficial dos territorios, municipios, entidades de poboación, accidentes xeográficos, vías urbanas e, en xeral, os topónimos da Comunidade Autónoma Vasca, será establecida polo Goberno, os Órganos Forais dos Territorios Históricos ou as Corporacións Locais no ámbito das súas respectivas competencias, respectando en todo caso a orixinaria euskaldún, romance ou castelá coa grafía académica propia de cada lingua.

En caso de conflito entre as Corporacións Locais e o Goberno Vasco sobre as nomenclaturas oficiais indicadas no parágrafo anterior, o Goberno Vasco resolverá, coa consulta previa á Real Academia da Lingua Vasca (Euskaltzaindia).

Conforme ao artigo 10.3 da mesma lei, en caso de que estas nomenclaturas sexan sensiblemente distintas, ambas as dúas terán consideración oficial.

Existe un conflito no que respecta aos nomes oficiais das provincias da Comunidade Autónoma Vasca. Hoxe en día son oficiais soamente os nomes en castelán: Álava, Bizcaya e Guipúzcoa. A normativa estatal, concretamente o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que aprobou o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, dispón no seu artigo 25.2 que só mediante Lei aprobada polas Cortes Xerais se pode modificar a denominación das provincias.

Hai acordos nas entidades forais para que os nomes oficiais das provincias pasen a ser Álava/Araba, Bizkaia e Gipuzkoa respectivamente, e así se propuxo en varias ocasións

(1991, 1996, 2006) que se aprobe por lei no parlamento español. O parlamento español non acepta o cambio, a pesar de que si aceptou modificacións similares noutros lugares: Catalunya (Lérida e Gerona pasaron a ser Lleida e Girona), Galicia (La Coruña pasou a ser A Coruña), Islas Baleares pasaron a ser Illes Balears, etc.

3. Polo que se refire aos servizos públicos garantidos polas autoridades administrativas ou por outras persoas que actúen por conta daquelas, as Partes contratantes, nos territorios nos que se falen as linguas rexionais ou minoritarias e en función da situación de cada lingua e na medida en que iso sexa razoablemente posible, comprométense a:

a. velar por que as linguas rexionais ou minoritarias se empreguen ao prestarse un servizo; ou

A Lei vasca 6/2003 de Estatuto das persoas Consumidoras e Usuarias establece no seu artigo 38.2 que ao prestar o servizo garantirase a presenza das dúas linguas oficiais nas súas relacións coas persoas consumidoras e usuarias, na forma seguinte:

a) Nos establecementos do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Euskadi, rótulos, avisos e en xeral comunicacións dirixidas ao público formularanse en éuscaro e castelán.

b) Os impresos ou modelos oficiais confeccionados para a súa cumprimentación por consumidores e usuarios serán bilingües.

c) Salvo a opción expresa da persoa consumidora e usuaria a favor da utilización dunha das dúas linguas oficiais, os contratos de adhesión, os contratos con cláusulas tipo, os contratos normados, as condicións xerais e a documentación que se refira aos mesmos ou que se desprenda da realización dos citados contratos terán redacción bilingüe.

d) As comunicacións dirixidas a consumidores en particular, así como facturas, presupostos e documentos análogos deberán redactarse en forma bilingüe, salvo que a persoa consumidora e usuaria elixa expresamente a utilización dunha das dúas linguas oficiais.

e) Os manuais de instrucións de uso e mantemento, documentos de garantía, etiquetaxe e envasado dos produtos ou servizos deberán redactarse en forma bilingüe.

f) A oferta, promoción e publicidade dos produtos, bens e servizos destinados ás persoas consumidoras e usuarias, calquera que sexan os soportes utilizados, realizarase de forma bilingüe.

Así mesmo, segundo o artigo 38.3 as persoas consumidoras e usuarias teñen dereito a seren atendidas na lingua oficial que elixan. O Goberno Vasco adoptará as medidas para garantir de forma progresiva este dereito.

Estes dereitos téñenos as persoas consumidoras e usuarias nas súas relacións coas entidades sinaladas no artigo 38.1:

a) As administracións públicas de Euskadi e a Administración do Estado, incluíndo os entes suxeitos a dereito público ou privado dependentes daquelas ou que integren a súa administración institucional.

b) As entidades de calquera natureza que xestionan servizos públicos cuxa titularidade corresponde ás administracións mencionadas no parágrafo anterior, en tanto que actúen no ámbito de prestación destes servizos.

c) As entidades de calquera natureza participadas maioritariamente ou controladas polas administracións e entes mencionados no parágrafo a). Entenderase a estes efectos que existe unha relación de control cando se dispoña da maioría dos dereitos de voto da entidade ou que se teña dereito a nomear ou a destituír á maioría dos membros dos órganos de goberno.

Estase preparando o desenvolvemento regulamentario destas disposicións polo Goberno Vasco, destinado a esixir o seu cumprimento de forma progresiva.

b. permitirlles aos falantes das linguas rexionais ou minoritarias presentar solicitudes e recibir respostas nesas linguas;

Os cidadáns teñen dereito a presentar solicitudes en éuscaro en todo caso, e así o recoñecen a Lei vasca 10/1982 nos seus artigos 5.2.a), 6.1 e 9.1, e a Lei vasca 6/2003 de Estatuto das persoas Consumidoras e Usuarias no seus artigos 37.b) e 38.3.

O dereito a ser respondido en éuscaro recoñecese unicamente, nas relacións cos seguintes organismos:

a) As administracións públicas de Euskadi e a Administración do Estado, incluíndo os entes suxeitos a dereito público ou privado dependentes daquelas ou que integren a súa administración institucional.

b) As entidades de calquera natureza que xestionan servizos públicos cuxa titularidade corresponde ás administracións mencionadas no parágrafo anterior, en tanto que actúen no ámbito de prestación destes servizos.

c) As entidades de calquera natureza participadas maioritariamente ou controladas poas administracións e entes mencionados no parágrafo a). Entenderase a estes efectos que existe unha relación de control cando se dispoña da maioría dos dereitos de voto da entidade ou que se teña dereito a nomear ou a destituír á maioría dos membros dos órganos de goberno.

4. Co fin de aplicar as disposicións dos parágrafos 1, 2 e 3 que aceptaran, as Partes comprométense a adoptar unha ou varias das seguintes medidas:

a. a tradución ou a interpretación eventualmente solicitadas;

Asegúrase a tradución de documentos a solicitude dos interesados.

A Lei estatal 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece no seu artigo 36.1 que os cidadáns que se dirixan aos órganos da Administración Xeral do Estado con sede no territorio da Comunidade Autónoma poderán utilizar a lingua cooficial. Se o procedemento se tramita en castelán, os documentos ou testemuños que requiran os interesados expediranse na lingua elixida polos mesmos, asumindo a Administración a correspondente tradución.

Segundo o artigo 36.3 da mesma Lei, a Administración Pública instrutora deberá traducir ao castelán os documentos, expedientes ou partes dos mesmos que deban ter efecto fóra do territorio da Comunidade Autónoma e os documentos dirixidos aos interesados que así o soliciten expresamente.

No que respecta á Administración autonómica, foral e municipal, a Lei vasca 10/1982 recoñece nos seus artigos 5.2.a), 6.1 e 8.2 o dereito dos cidadáns a presentar e recibir documentación na lingua oficial elixida. Se se require algunha tradución, débea asumir a Administración correspondente.

b. o recrutamento e, no seu caso, a formación de funcionarios e outros empregados públicos en número suficiente;

Nas Administracións autonómica, foral e municipal garántese a contratación de persoal con coñecementos de éuscaro, preceptivo en certos casos en función da situación sociolingüística de cada lugar e valorable como mérito no resto dos casos.

Para iso dan cobertura legal a Lei vasca 10/1982, de 24 de novembro, Básica de Normalización do Uso do Éuscaro, a Lei vasca 6/1989, de 6 de xullo, de Función Pública Vasca, e o Decreto vasco 86/1997, de 15 de abril, polo que se regula o proceso de normalización do uso do éuscaro nas administracións públicas da Comunidade Autónoma de Euskadi.

No caso da Administración estatal radicada na Comunidade Autónoma, na contratación de persoal non se toma en consideración o coñecemento do éuscaro polos candidatos, non constituíndo requisito preceptivo nin mérito valorable. Respecto á formación lingüística do persoal, trátase dunha competencia do Estado, e non existen datos para afirmar que se estea ofrecendo este tipo de formación.

c. a aceptación, na medida do posible, das solicitudes dos empregados públicos que coñezan unha lingua rexional ou minoritaria para que sexan destinados ao territorio no que se fala esa lingua.

Nas Administracións autonómica, foral e municipal non se presenta a mobilidade dos empregados públicos, xa que o éuscaro é oficial en todo o territorio da Comunidade Autónoma Vasca.

Respecto á Administración estatal, a cuestión relativa á mobilidade do seu persoal é unha competencia de autoorganización desa Administración, e non dispoñemos de datos para afirmar se se posibilita ou non a mobilidade para que os empregados públicos que coñezan o éuscaro sexan destinados ao territorio onde é oficial.

5. As Partes comprométense a permitir, a solicitude dos interesados, o emprego ou a adopción de patronímicos nas linguas rexionais ou minoritarias.

Garántese o emprego e adopción polos cidadáns de patronímicos en éuscaro, non existindo ningún obstáculo para iso.

Por outra parte, a Lei estatal de 8 de xuño de 1957, do Rexistro Civil, permite no seu artigo 54 a substitución, a petición do interesado, do seu nome propio polo equivalente onomástico en calquera outra lingua do Estado.

- **Aplicación dos parágrafos 1, 2 e 3:**

O artigo 2.2.b da Lei catalá de Política Lingüística 1/1998, de 7 de xaneiro, en consonancia coa CELROM, dispón que a Administración do Estado radicada en Catalunya ten que utilizar a lingua minoritaria, o catalán, de forma preferente.

Pola súa parte, a Lei estatal que regula o procedemento administrativo 30/1992, de 26 de novembro, en conflito co criterio da lei catalá, establece, no artigo 36.1, que *"a lingua dos procedementos tramitados pola Administración Xeral do Estado é o castelán"*, e só prevé o uso das linguas oficiais propias diferentes do castelán cando os cidadáns interesados as utilicen, ademais do bilingüismo dos impresos, modelos normalizados, rótulos e carteis establecido polo Real Decreto 1465/1999, de 17 de setembro. Se nun procedemento hai máis dun interesado, e se produce algunha discrepancia no que respecta ao idioma, terase que utilizar el castelán.

Este réxime establecido na lei estatal non garante o uso preferente da lingua minoritaria por parte da Administración do Estado no territorio onde esa lingua é oficial e propia, tal e como prevé o art. 10.1.a.i) e 10.1.c da CELROM, senón que só prevé un uso residual a instancia do cidadán.

No que respecta aos impresos, e pese a que a propia normativa estatal prevé o uso de linguas oficiais en territorios do estado diferentes do castelán (art. 5.1 do Real Decreto 1465/1999, de 17 de setembro, polo que se establecen criterios de imaxe institucional e se regula a produción documental e o material impreso da Administración Xeral do Estado, que establece o bilingüismo como norma alí onde haxa unha segunda lingua oficial diferente do castelán), constátase igualmente un grao de incumprimento xa que moitos impresos e formularios son exclusivamente en castelán. Por exemplo, os impresos para pagar impostos (excepto o da renda e o patrimonio das persoas físicas) e algúns impresos dos Institutos Nacionais de Estatística e da Seguridade Social son só en castelán. Moitos impresos ou formularios estatais por Internet só existen en castelán, incluso os que se refiren ás solicitudes máis habituais dos cidadáns.

A simple visita á Web do Ministerio de Xustiza indícanos de maneira clara que para os trámites máis frecuentes por parte dos cidadáns incúmprese tanto a lexislación lingüística interna, antes mencionada, como a CELROM. Por exemplo, as certificacións de nacemento pódense solicitar por Internet só mediante un formulario en castelán e non permiten pedir que a certificación sexa na lingua oficial propia do territorio, ou sexa a protexida pola CELROM. Do mesmo modo ocorre cos certificados de últimas vontades, de que os cidadáns que piden este certificado nunha lingua minoritaria, ou que achegan un certificado de defunción nunha destas linguas poden ver demorada a obtención da herdanza, ademais de ver vulnerados os dereitos lingüísticos recoñecidos na lexislación interna e a CELROM.

Tamén é de lamentar que aínda hai páxinas Web de institucións públicas estatais ás cales só se pode acceder en castelán e/ou outras linguas estranxeiras, pero non nas linguas oficiais

en territorios do propio Estado: o Congreso dos Deputados e do mesmo Senado, a pesar de ser a cámara de representación territorial. É significativo destacar que nesta cámara o uso das linguas propias e oficiais nos territorios redúcese a un debate anual; o Tribunal de Contas do Estado, o Defensor do Pobo, a Casa do Rei ou o Banco de España, o Consello de Estado, o Tribunal Constitucional, a Axencia Española de Protección de Datos, o Consello de Seguridade Nuclear ou a Web do poder xudicial.

En cambio, é preciso remarcar moi positivamente que as páxinas ministeriais que inclúen as linguas oficiais nos territorios do Estadio engádenlle ao valor intrínseco desta medida de difusión do plurilingüismo e de respecto aos dereitos lingüísticos dos cidadáns, a adopción dun criterio académico que supera a división anterior entre catalán e valenciano baixo un único epígrafe coa lenda “Benvinguts”, un saúdo de benvida en lingua catalá. Esta mellora no tratamento e o respecto da unidade da lingua catalá é congruente co artigo 7.1.b CELROM e cos obxectivos de toda a Carta.

Este mesmo tratamento sería desexable en todos os ámbitos. Non obstante, aínda aparecen disposicións estatais que separan o catalán e o valenciano como se fosen dúas linguas diferentes, ou o propio Boletín Oficial do Estado, cuxo suplemento nas linguas oficiais se edita en catalán e separadamente en valenciano, ocasionando confusión na consulta e cita por parte dos operadores xurídicos. Cremos que a disparidade na denominación e a oficialidade de ambos os dous nomes non é obstáculo para a adopción de criterios científicos e académicos cando resulte conveniente.

- Balance da aplicación por parte da Administración do Estado do art. 10 da CELROM.

Xa vimos como o cumprimento e a aplicación da CELROM no seu artigo 10, así como a lexislación lingüística interna, supoñen a obrigación por parte da Administración do Estado con sede en Catalunya de utilizar preferentemente e normalmente o catalán, de maneira que só naqueles casos nos que iso puidese producirlle indefensión a unha das partes, se xustificaría o uso do castelán respecto daquela parte. Non obstante, esta previsión legal está lonxe, na práctica, de cumprirse.

Proba diso é que nas Oficinas de Garantías Lingüísticas que a Secretaria de Política Lingüística da Generalitat de Catalunya puxo ao servizo dos cidadáns para xestionar as consultas e queixas dos cidadáns en relación cos seus dereitos lingüísticos, as queixas ante a falta de uso da lingua catalá pola Administración do Estado en Catalunya son máis que significativas: 177 durante o ano 2005, (debe terse en conta que estas oficinas non entraron en funcionamento ata finais de febreiro)

A esta inercia da Administración do Estado en Catalunya a manter como lingua de traballo e de atención ao público unicamente o castelán hai que engadirlle outra dificultade para a presenza do catalán no ámbito desta Administración: a Lei estatal 30/1992, que regula o procedemento administrativo, foi interpretada de forma restritiva pola Administración do Estado de maneira que esta Administración lle pide ao cidadán que traduza ao castelán os documentos que forman parte dun expediente que se debe resolver nos organismos centrais do Estado. Desta maneira, cando os expedientes se teñen que resolver fóra do territorio da comunidade autónoma, e iso prodúcese moi a miúdo, os cidadáns de territorios con linguas oficiais minoritarias perden todos os seus dereitos lingüísticos.

O balance pois, pese a que se constatan avances nos últimos tempos, é aínda bastante deficiente.

No ámbito lexislativo, aínda son frecuentes as disposicións regulamentarias que impoñen o uso do castelán. Por outro lado, dáse a circunstancia que en ocasións existen obstáculos que impiden o exercicio de dereitos lingüísticos recoñecidos por leis vixentes.

É o caso paradigmático do acceso dos cidadáns ao Rexistro Civil, que a partir da Lei 12/2005, de 22 de xuño, pola que se modifica o artigo 23 da Lei de 8 de xuño de 1957, do Rexistro Civil, debería permitir que os asentos rexistrais se poidan redactar en catalán e que os libros, os impresos e os selos do Rexistro Civil se distribúan tamén en catalán. Non obstante, a súa aplicación está sendo cuestionada en determinados casos amparándose no feito de que non se derrogou o art. 298.6 do Regulamento do Rexistro Civil de 1958 (anterior, polo tanto ao propio ordenamento constitucional), que contén disposicións que impoñen o castelán. Resulta, polo tanto, urxente a derrogación formal desta regulación preconstitucional, así como o desenvolvemento regulamentario da normativa vixente.

Tamén existen problemas sobre a lingua de celebración dos matrimonios civís debido ao 255 do Regulamento do Rexistro Civil, que dispón que a acta de matrimonio civil (a que fai o xuíz nas oficinas do propio Rexistro cando casa e no expediente previo) será a propia inscrición (non motiva unha inscrición posterior). Neste caso tamén consideran aplicable o art. 298 que obriga a que sexa unha acta en castelán.

Un rexistro tan utilizado polos cidadáns como é o Rexistro Civil aínda está lonxe, xa que logo, de funcionar de acordo coas previsións da CELROM e da lexislación lingüística catalá (Lei 1/1998, de 7 de xaneiro de política lingüística).

Outra disposición que impón o castelán é o Real Decreto 1784/1996, de 19 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Mercantil. O art. 36 obriga a inscribir os asentos en castelán. Esta disposición resulta pouco respectuosa cos dereitos recoñecidos pola CELROM, e tamén se contradí co art. 17 da LPL catalá, que lles dá a elixir a lingua oficial ás persoas interesadas.

Outro ámbito onde o incumprimento das previsións que fai a CELROM en relación á protección, a difusión e, incluso, a posibilidade de adoptar medidas especiais en favor destas linguas que non poden ser entendidas como un acto de discriminación (art. 7.2 CELROM) constitúeo o das normas de aplicación das directivas europeas. Efectivamente, esta normativa moi a miúdo ignora as linguas non oficiais da Unión Europea e, polo tanto as linguas minoritarias, por máis que sexan oficiais no Estado membro. Neste sentido, é necesario que, ademais de chamar a atención do Estado, se faga un chamamento á propia UE no sentido de preservar nas súas directrices o respecto polas linguas minoritarias protexidas pola CELROM.

Cabe destacar, para finalizar, que no que concirne á Administración do Estado, o novo Estatuto de Autonomía de Catalunya, aprobado en 2006, establece o seguinte:

- O dereito de non discriminación por razóns lingüísticas e a validez dos actos feitos en calquera das dúas linguas oficiais.
- el dereito de opción lingüística dos cidadáns.

- o deber do persoal da Administración do Estado situada en Catalunya de coñecer as dúas linguas oficiais. Este precepto comporta o requisito, nunca esixido ata agora, de acreditar previamente á ocupación dunha praza o coñecemento do catalán.
- un mandato para que o Estado regule o dereito en usar o catalán ante os órganos constitucionais e xurisdicionais de ámbito estatal.

Será preciso, pois, ver no próximo informe como o Estado se adapta a estas previsións feitas na máis alta orde da xerarquía normativa (cabe recordar que o Estatuto de Autonomía, ademais de ser a norma institucional básica de Catalunya, foi previamente aprobado con rango de Lei Orgánica polas Cortes Xerais do Estado)

- **Aplicación do parágrafo 2**

De acordo coa normativa vixente, (a Lei do Parlamento de Catalunya 1/1998, de 7 de xaneiro, de política lingüística) en Catalunya as administracións públicas (a propia Generalitat de Catalunya, as administracións locais) e as outras corporacións públicas de Catalunya, as institucións e as empresas que dependen das mesmas e os concesionarios dos seus servizos teñen que utilizar o catalán nas súas actuacións internas e na relación entre eles, e tamén o teñen que usar normalmente nas comunicacións e notificacións dirixidas ás persoas residentes no ámbito lingüístico catalán.

É preciso lembrar tamén que o artigo 9.3 da Lei 1/1998 establece que as corporacións locais e as universidades teñen que regular o uso do catalán no ámbito das súas competencias mediante a aprobación de regulamentos adecuados aos mandatos e aos principios da Lei 1/1998. A Generalitat de Catalunya e o Consorcio para a Normalización Lingüística ofrécenlles asesoramento técnico ás corporacións locais para a elaboración destes Regulamentos, e hoxe contan con iso 522 municipios. En xeral, carecen deste regulamento os municipios máis pequenos; así dos 463 concellos que aínda non o aprobaron, soamente un 10,5% teñen máis de 5.000 habitantes.

O certo é, non obstante, que incluso naqueles municipios ou entes locais onde non se aprobou aínda o Regulamento de Usos Lingüísticos, é que o catalán é a lingua preferente e de uso normal. Neste sentido hai que destacar que o seu impulso nun ámbito da administración tan próxima aos cidadáns constituíu un dos piares básicos do proceso de recuperación da normalidade lingüística dos últimos anos.

Polo que se refire ás Universidades, hai que dicir que a maioría das Universidades dispoñen de normas reguladoras dos usos lingüísticos, como as que figuran no Plan Estratéxico de Difusión e Comunicación 2003-2007 da Universidade Politécnica de Catalunya, ou as que conteñen as Normas de Organización e Funcionamento da Universidade de Vic. En sentido estrito, non obstante, dispoñen de Regulamento de Usos Lingüísticos vixentes de acordo coa previsión legal da lei de normalización lingüística catalá antes mencionada as seguintes Universidades: Universidade de Barcelona, Universidade Rovira i Virgili e a Universidade Pompeu Fabra

A adopción do catalán como lingua habitual nas administracións de Catalunya, pois, tivo un efecto directo na difusión do seu uso social. A progresiva asunción de competencias da Generalitat de Catalunya e o resto de administracións catalás e a súa influencia crecente nos diferentes ámbitos da vida cotiá dos cidadáns e cidadás trouxo consigo un impulso moi importante na normalización do coñecemento e o uso do catalán. Neste sentido, é preciso ter

en conta que, sen prexuízo do uso do castelán cando as persoas interesadas o solicitan, o catalán é a lingua habitual de traballo das administracións na prestación dos servizos públicos, sexan educativos, sanitarios, culturais, asistenciais, medioambientais, de transportes, policíacos ou de calquera outro tipo.

No que respecta aos arts. 10.2.e e f da Carta, o Real Decreto 2586/1986, polo que se aprobou o Regulamento de Organización das Entidades Locais prevé o uso do castelán e da lingua da comunidade autónoma en termos de igualdade. Esta norma estatal é respectuosa coas competencias en materia lingüística e sobre administración local das comunidades autónomas, sobre todo tendo en conta que a redacción actual é froito dunha modificación, vía corrección de erratas, do primeiro texto aprobado que pretendía impoñer o castelán.

No que respecta ao Parlamento de Catalunya, pódese usar libremente o catalán, o castelán e o aranés. O Regulamento do Parlamento non o prevé expresamente, pero en todo caso é preciso sinalar que as súas sesións se desenvolven, na práctica, integramente en catalán.

Respecto ao parágrafo 10.2.g da Carta, relativo á toponimia, hai que destacar que desde o ano 1983, data da primeira lei de normalización lingüística catalá, estableceuse que a forma oficial da toponimia é a catalá, excepto no Val de Arán que o é a forma occitana-aranesa. Este principio mantense coa actual regulación legal que se contén no art. 18 da Lei 1/1998, de 7 de xaneiro de política lingüística, e desenvólvese no Decreto lexislativo 2/2003, de 28 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Municipal e de Réxime Local de Catalunya, que entre outras cousas modifica a regulación dos cambios de denominación dos municipios. O novo sistema prevé a denegación de cambios que inclúan incorreccións lingüísticas debidamente certificadas por autoridades académicas en toponimia catalá.

Non obstante, prodúcense interferencias do Estado nesta competencia exclusiva catalá no que concirne á fixación dos topónimos na forma oficial catalá.

(Lei estatal 7/1985 e o seu Real Decreto 1690/1986; o Real Decreto 1428/2003, entre outras). Tamén son habituais a utilización de formas castelás non oficiais de topónimos por parte da Administración de Facenda.

- **Aplicación do parágrafo 3**

Ao ser o catalán a lingua propia das administracións catalás (a da Generalitat de Catalunya e a Local) os servizos préstanse en catalán. Polo que se refire ao servizo público de ensino, véxase o informado en relación co artigo 8.

No caso dos servizos sanitarios, a Generalitat de Catalunya vela polo impulso de medidas que fomenten e aseguren o uso da lingua catalá nos centros, servizos e establecementos sanitarios de Catalunya. Con tal fin, a Generalitat de Catalunya puxo en marcha un Plan estratéxico de política lingüística nos centros sanitarios que pretende, como obxectivo xeral, conseguir que o catalán sexa a lingua de uso habitual nas situacións comunicativas que se producen nos centros, servizos e establecementos sanitarios da rede sanitaria catalá.

Este Plan prevé accións orientadas ao diagnóstico e a mellora da situación actual; á responsabilización dos órganos directivos dos centros e á implicación das diferentes unidades; ao uso normal do catalán na imaxe corporativa, a documentación e as comunicacións; á adecuación dos coñecementos de catalán do persoal sanitario e non

sanitario ao posto de traballo que ocupa; ao uso do catalán nos servizos e produtos que se ofrecen a partir de procedementos de contratación, convenios, concertos ou subvencións, e ao desenvolvemento e a divulgación da terminoloxía catalá das ciencias da saúde e ao uso do catalán como lingua vehicular entre os profesionais sanitarios.

Igualmente, creouse a Web de servizos lingüísticos para o ámbito sanitario para facilitarlles a todos os profesionais deste sector a utilización correcta da lingua catalá. Trátase dunha ferramenta de apoio e asesoramento onde poden encontrar recursos lingüísticos de todo tipo (dicionarios xerais, terminoloxía sanitaria, modelos de documentos, asesoramento lingüístico, recursos de tradución e corrección automática, etc.). Tamén encontrarán información sobre informática e formación en lingua catalá, e a posibilidade de facer consultas personalizadas sobre cuestións diversas relacionadas coa lingua.

Complementariamente, organízanse con regularidade cursos xerais de lingua catalá para o persoal que traballa nos centros sanitarios, así como cursos específicos adaptados ás necesidades dos diversos colectivos sanitarios e cursos especializados sobre a terminoloxía das ciencias da saúde.

No que respecta aos servizos sanitarios dos hospitais da rede hospitalaria de utilización pública de Catalunya (XHUP) e dos centros de atención primaria (CAP) que non son xestionados polo Instituto Catalán da Saúde, o CatSalut (Servizo Catalán da Saúde) inclúe nos contratos de prestación unha cláusula de normalización lingüística que establece a obrigatoriedade de desenvolver a actividade normalmente en catalán, respectando o dereito individual á opción lingüística, de acordo coas disposicións e directrices relativas ao uso das linguas oficiais en Catalunya. De acordo con iso, ten que utilizar o catalán nos rótulos, as publicacións, os avisos e todas as actividades que desenvolva como entidade que presta servizos a cargo do CatSalut.

No que respecta aos servizos que se prestan por parte da Administración do Estado o caso da entidade estatal (sociedade anónima de participación única estatal) Correos (mantén unha única denominación en castelán) non respecta as previsións da CELROM nin a Lei catalá de política lingüística 1/1998, de 7 de xaneiro e foi consecuentemente obxecto dun expediente sancionador por parte da Generalitat de Catalunya. Dáse o paradoxo de que esta entidade xa adoptara o criterio do bilingüismo nos rótulos dos territorios con lingua oficial diferente do castelán (en catalán, os rótulos en castelán alternaban con “correos e telégrafos” en catalán), e que non obstante levou a cabo nos últimos anos unha custosa operación de retorno aos rótulos unicamente en castelán. Aínda que en Catalunya non é obrigatorio que as razóns sociais sexan en catalán, o feito de que unha entidade estatal deixe de utilizar as linguas oficiais diferentes do castelán na súa denominación, indicadora da actividade, entendemos que non se adecúa nin á letra nin aos obxectivos da CELROM. Correos, lonxe de comprometerse a rectificar e a adaptarse á lexislación catalá e á CELROM (en tanto que entidade estatal), acudiu aos tribunais en contra do procedemento sancionador da Generalitat por falta de impresos e de rótulos en catalán (a excepción do nome social, que non é sancionable) nas súas oficinas.

Outras entidades estatais que ofrecen servizos públicos teñen carencias no uso das linguas oficiais diferentes do castelán. RENFE foi obxecto de queixas sobre a rotulación unicamente en castelán de trens e plafóns, así como polo monolingüismo castelán na megafonía non pregravada. Igualmente, prohibíuselle a un traballador, aducindo motivos de seguridade, falar en catalán.

O uso das linguas oficiais na prestación de servizos de interese xeral (ou, mellor dito, a súa falta de uso) ocasionou unha actuación do Defensor do Pobo de Catalunya (o Síndic) que lle trasladou ao Defensor do Pobo español a necesidade de realizar un desenrolo normativo da previsión que contén o art. 3.3 da Constitución española en relación coas diversas linguas oficiais en España. Non obstante, o Defensor do Pobo español declinou instar ante os organismos estatais competentes a iniciativa normativa interesada polo seu homónimo catalán. Ante iso, o Síndic catalán iniciou no mes de outubro de 2005 unha actuación de oficio (6129/05) que concluíu cunha Recomendación ao Parlamento de Catalunya para que a Cámara catalá, en uso da facultade que ten atribuída ao amparo do artigo 87.2 da Constitución española, presentara ante o Parlamento español unha iniciativa lexislativa no sentido de desenvolver legalmente o uso das linguas declaradas oficiais xunto coa castelá.

En xeral, os servizos públicos xestionados por empresas privadas en xeral ignoran as linguas minoritarias na contratación, a oferta de servizos, a atención ao cliente, as páxinas Web, a correspondencia. No caso de Catalunya iso infrinxe non só a CELROM senón tamén a LPL. Un caso paradigmático constitúeo o servizo prestado pola compañía de servizos telefónicos Telefónica de España, S.A. (Telefónica). As queixas dos usuarios rexistradas nas Oficinas de Garantías Lingüísticas da Generalitat de Catalunya por vulneración do seu dereito de opción lingüística e pola falta de dispoñibilidade lingüística da empresa na atención ao público son máis que frecuentes. Ante a xustificación de que a atención ao público se realiza de maneira centralizada para todo o territorio español é de destacar que outros servizos de información telefónica ofrecen a posibilidade de atención ao público en linguas distintas do castelán discriminando a procedencia da chamada.

A Generalitat de Catalunya trasladou as súas queixas en reiteradas ocasións, pero lamentablemente, esa empresa *cuasi pública* vén amparándose no refuxio legal que lle proporciona ter o domicilio social en Madrid para incumprir coas previsións da normativa catalá, e a propia CELROM, no exercicio de prestación do seu servizo aos cidadáns de Catalunya.

Neste sentido, é de destacar a actuación de oficio do Síndic 2754/05 en relación coas condicións de opción lingüística nas que se presta o servizo de contestador de voz na telefonía móbil. A actuación concluíu coa comprobación de que unicamente Telefónica de España, S.A. non ofrecía a posibilidade de dispoñer deste servizo de contestador en catalán, xustificándoo coa alegación de dificultades técnicas que, á vista do resultado da investigación, foron capaces de resolver o resto de operadoras de telefonía móbil

- **Aplicación do parágrafo 4**

Respecto ao artigo 10.4.a, en que o Estado se compromete a garantir “a tradución ou a interpretación eventualmente solicitadas“ para facilitar o cumprimento dos parágrafos anteriores do artigo 10 da CELROM, o Estado non creou ningunha unidade de traducións, que nós saibamos, que facilite as traducións entre o castelán e as outras linguas do Estado que precise a Administración do Estado. É paradoxal que o Estado dispoña dunha Oficina de Interpretación de Linguas que pode atender as necesidades de tradución á lingua oficial de Andorra, que non é outra que a propia lingua catalá, e en cambio non traduza documentos en catalán procedentes do interior do Estado.

A aplicación das letras b e c do art. 10.4 da CELROM sofre gravísimas carencias, tanto no que respecta á selección de funcionarios e outros empregados públicos en número suficiente (art. 10.4.a) como na satisfacción, na medida en que sexa posible, das peticións dos empregados públicos que coñezan unha lingua rexional ou minoritaria de ser asignados ao territorio en que esta lingua é usada (art. 10.4.b). Unha persoa pode ser funcionaria do Estado nunha comunidade autónoma con lingua propia sen que o Estado a obrigue a coñecela previamente ao seu nomeamento ou lle facilite a súa aprendizaxe posteriormente.

Este parágrafo constitúe sen dúbida un dos puntos máis importantes dunha política realmente activa de protección das linguas, posto que ao cidadán lle resultará difícil ou imposible dirixirse a un funcionario estatal que non sexa capaz de entender e falar a lingua oficial propia do territorio. En definitiva é imposible aplicar debidamente a práctica totalidade do art. 10 da CELROM e a regulación lingüística das administracións vixente no Estado e en cada comunidade autónoma se as administracións respectivas non lle esixen o coñecemento das linguas oficiais ao seu persoal.

No que respecta ao requisito de coñecemento das linguas diferentes do castelán, o Estado incumpriu o art. 19 da Lei estatal 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública e a Orde de 20 de xullo de 1990, do Ministerio para as Administracións Públicas, pola que se aproban normas para a provisión de determinados postos de traballo na Administración periférica do Estado. O punto 2 da Orde di que "Os Departamentos ministeriais, a iniciativa das Delegacións do Goberno, teñen que determinar os lugares para os cales, en función do seu contido, sexa preceptivo o coñecemento da lingua oficial propia de cada correspondente relación de postos de traballo".

A Orde estatal de 20 de xullo de 1990, do Ministerio para as Administracións Públicas, pola que se emitían normas para a provisión de determinados postos de traballo na Administración Periférica do Estado, en relación ao coñecemento das linguas propias das comunidades autónomas, prevé, no punto 3º, que as Delegacións do Goberno teñen que emitir, anualmente, un informe sobre o grao de implantación na Administración Periférica do Estado da lingua oficial propia de cada Comunidade Autónoma, que debe ser obxecto de consideración polos Departamentos ministeriais no que concirne "aos postos de traballo en que se debe valorar como mérito o coñecemento da lingua oficial propia respectiva".

Desde a entrada en vigor desta Orde só se ten constancia de dous informes, un de 1995 referido ao ano 1994 e outro do ano seguinte. A Administración do Estado, pois, incumprindo a súa propia normativa, non proporcionou, datos recentes, posteriores á entrada en vigor da CELROM, sobre o uso das linguas oficiais propias diferentes do castelán na Administración Periférica do Estado.

Esta Orde aplicouse parcialmente valorando só como mérito de maneira bastante irregular e só para unha parte das prazas o coñecemento das linguas diferentes do castelán para obter destino nas comunidades autónomas respectivas. En ningún caso se cumpriu o punto 2 da Orde de 20 de xullo de 1990, que ordena o coñecemento preceptivo destas linguas para obter destino en determinadas prazas. O Estado español no levou a cabo ningunha modificación nin normativa nin nas convocatorias coa vontade de cumprir a segunda Recomendación RecChL(2005)3, do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre a aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias en España, de 21 de setembro de 2005.

No que concirne ás Forzas Armadas e en relación á formación en lingua catalá dos tres exércitos situados no ámbito xeográfico de Catalunya, a Generalitat e o exército veñen colaborando, desde o ano 1983, nunha serie de actividades culturais e formativas, amparadas por convenios específicos, dirixidas ao persoal de tropa profesional, para incrementar os seus niveis de información e desenvolvemento cultural e facilitar o coñecemento e a difusión da realidade cultural e social de Catalunya. En calquera caso, hai que destacar que a presenza do catalán na actividade ordinaria do exército é, practicamente, inexistente.

Polo que se refire ao coñecemento da lingua catalá por parte da función pública das administracións catalás, a Lei catalá de política lingüística 1/1998, de 7 de xaneiro, establece que no proceso de selección para acceder a prazas de persoal da Administración da Generalitat, da Administración local e da administración e os servizos das universidades, incluído o persoal laboral, debe acreditarse o coñecemento da lingua catalá, tanto na expresión oral como na escrita, no grao adecuado ás funcións propias das prazas de que se trate, nos termos establecidos pola lexislación da función pública.

O Decreto 161/2002, de 11 de xuño, determina o nivel de coñecemento do catalán e do aranés esixible para cada tipo de praza de acordo cos grupos de titulación previstos á lexislación sobre función pública e á normativa laboral aplicable, e sistematiza a súa acreditación. Así, desde este Decreto, a maneira básica de acreditar o coñecemento de catalán para acceder a prazas de persoal das administracións catalás son os certificados de educación secundaria obrigatoria (ESO) ou de bacharelato cursados en Catalunya, que este Decreto equipara ao nivel C de catalán. Tamén se poderá acreditar, en todo caso, por medio dos certificados da Secretaría de Política Lingüística ou de títulos equivalentes, como os da Escola de Administración Pública de Catalunya, o Consorcio para a normalización Lingüística e os servizos lingüísticos universitarios. Aqueles aspirantes a acceder á función pública que non dispoñan de ningunha destas acreditacións terán a oportunidade de facer unha proba específica de catalán no proceso selectivo.

No que concirne ao occitano de Arán, o Decreto mencionado inclúe o requisito de coñecemento do aranés para acceder a postos de traballo dependentes das institucións aranesas e para o persoal da Generalitat destinado ao Val de Aran.

No que respecta á Administración local, o ano 2003 aprobouse o Decreto lexislativo 2/2003, de 28 de abril. Trátase dunha refundición da Lei municipal e de réxime local de Catalunya, que incorpora as previsións da Lei 1/1998, de política lingüística, antes mencionadas. Desta maneira, a lei catalá de réxime local xa incorpora no seu articulado a obrigación das corporacións locais de esixir no proceso de selección do seu persoal a acreditación do coñecemento do catalán e, nos entes locais do Val de Arán, tamén do aranés, tanto na expresión oral como na escrita, no grao adecuado ás funcións propias das prazas de que se trate (artigo 287.2).

- **Parágrafo 5**

No que respecta ao art. 10.5, antes da ratificación da Carta a Lei estatal 40/1999, de 5 de novembro, sobre nomes e apelidos e a súa orde, xa incorporou a regulación que neste ámbito contiña a lexislación catalá. En efecto o artigo 19 da Lei catalá de política lingüística 1/1998 e o desenvolvemento que da mesma fai o Decreto catalán 208/1998, de 30 de xullo,

polo que se regula a acreditación da corrección lingüística dos apelidos, establecen un procedemento legal sinxelo, ao cal se poden acoller todas as persoas que queiran inscribir no Rexistro o seu apelido de acordo coa grafía correcta.

Este procedemento consiste na simple manifestación de vontade de adaptación á forma normativa do nome ou o apelido efectuada pola persoa interesada ou o seu representante legal ante a persoa encargada do Rexistro Civil, sen ningún outro requisito máis que a achega dun certificado que acredite a corrección lingüística da forma proposta.

Esta adaptación da lexislación estatal á catalá permite a aplicación dos mesmos criterios aos outros territorios de fala catalá. Así, a Lei estatal 40/1999, de 5 de novembro, sobre nomes e apelidos e a súa orde, incorpora as prescricións da Lei de política lingüística no que respecta á substitución do nome e á regularización das formas normativamente correctas dos apelidos.

Pola súa parte, o Real Decreto 193/2000, de 11 de febreiro, de modificación de determinados artigos do Regulamento do Rexistro Civil en materia relativa aos nomes e apelidos e a súa orde, establece especificamente que “a substitución do nome propio polo seu equivalente onomástico en calquera das linguas españolas require, se non é notorio, que se acredite polos medios oportunos esta equivalencia e a grafía correcta do nome solicitado“. Tamén establece o mesmo no que respecta aos apelidos. Polo tanto, esta regulación do Rexistro Civil fai posible a adaptación dos apelidos á forma normativa, incluso sen o certificado, cando a forma normativa é notoria, o cal na práctica se entendeu que se dá cando no mesmo Rexistro xa se acreditou para outras persoas un mesmo apelido.

Comunidade Autónoma de GALICIA

Parágrafos 1, 2, 3

- **ADMINISTRACIÓN PERIFÉRICA DO ESTADO.**

A Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común establece, no seu artigo 36, que a lingua dos procedementos tramitados pola Administración xeral do Estado será o castelán. Pese ao anterior, os interesados que se dirixan aos órganos da Administración Xeral do Estado con sede no territorio dunha comunidade autónoma poderán utilizar tamén a lingua que sexa cooficial nela. Neste caso, o procedemento tramitarase na lingua elixida polo interesado.

A Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística establece no seu artigo 6.1 que os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma galega.

Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, texto aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004, establece como obxectivos velar polo uso do galego nos departamentos e organismos situados en Galicia dependentes da Administración do Estado e eliminar as trabas existentes para iso, co fin de que os cidadáns poidan exercer con naturalidade os seus dereitos lingüísticos nas oficinas asentadas en Galicia, dependentes da Administración periférica do Estado.

- **ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA.**

O Estatuto de Autonomía de Galicia dispón no artigo 5 que a lingua propia de Galicia é o galego. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial de ambos os dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

- A Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística sinala

- no seu artigo 3, que os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua.

- no seu artigo 4.1, que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.

- no seu artigo 6.1, que os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da comunidade autónoma.

- no seu artigo 6.2, que as actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada.

- no seu artigo 6.3, que os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.

- no artigo 11.2, que nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración autónoma e local considerarase, entre outros méritos, o grao de coñecemento das linguas oficiais, que se ponderará para cada nivel profesional.

- no seu artigo 25, que o Goberno galego fomentará a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

- A Lei 4/1998, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia especifica no seu artigo 33 que para dar cumprimento á normalización do idioma galego no campo da Administración pública en Galicia e para garantir o dereito dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da comunidade autónoma e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6.3 da Lei de normalización lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración autonómica terá que demostrarse o coñecemento da lingua galega.

- O proxecto de lei de modificación da Lei 4/1998, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia prevé a modificación deste artigo 33, que quedaría redactado como segue:

> "Para dar cumprimento á normalización do idioma galego na Administración pública de Galicia, e para garantir o dereito dos administrados ao uso da lingua propia de Galicia nas relacións coa Administración pública no ámbito da comunidade autónoma, e en cumprimento da obrigación de promover o uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6.3 da Lei de normalización lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e nas entidades locais de Galicia, terá que demostrarse o coñecemento da lingua galega. A estes efectos, as bases das convocatorias establecerán que unha ou máis das probas do proceso selectivo deban realizarse exclusivamente en lingua galega, e iso sen prexuízo doutras probas adicionais que se puidesen prever para aqueles postos que requiran un especial coñecemento da lingua galega".

- A Lei 4/2006, de 30 de xuño, de Transparencia e de Boas Prácticas na Administración pública galega determina:

- no seu artigo 2.j que as entidades comprendidas no seu ámbito de aplicación e o persoal ao seu servizo adecuarán as súas actividades a promover o uso normal do galego, oralmente e por escrito, nas relacións coa cidadanía, sen prexuízo do dereito de non discriminación por razón da lingua.

- no seu artigo 15.2.7 que os membros do Goberno e altos cargos da Administración usarán normalmente o galego, oralmente e por escrito, nas relacións coa cidadanía.

- O Decreto 258/2006, de 28 de decembro, polo que se crea a Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia para a Normalización Lingüística crea esta comisión como órgano de impulso e coordinación do proceso de normalización lingüística no ámbito da Administración autonómica.

O seu obxectivo fundamental é promover accións transversais encamiñadas ao fomento e uso do galego nos diferentes departamentos, direccións xerais e entidades dependentes da Xunta de Galicia.

- Así mesmo, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega establece como obxectivos:

- asegurar que na Administración autonómica o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas, nas relacións entre as administracións e nas relacións cos cidadáns, co que se logra, dese modo, consolidar o galego como lingua xeral de referencia na Administración autonómica.

- **ADMINISTRACIÓN LOCAL.**

- A Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística sinala no seu artigo 4.1 que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.

  O artigo 6.4 desta Lei sinala que a Xunta emitirá as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego e que as corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nela.

  Por outro lado, debemos lembrar neste punto, tal e como apuntamos anteriormente, que o Proxecto de Lei de modificación da Lei 4/1998, de 26 de maio, da función pública de Galicia estende o requisito de coñecemento da lingua galega ás probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración local.

- O artigo 7.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia especifica que o galego, como lingua propia de Galicia, tamén o é da súa Administración local. Ademais, especifica que as convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, resolucións nas comisiones informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais se redactarán en lingua galega.

O punto 2 establece que, sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, tales entidades pódeno facer, ademais, noutra lingua oficial, o castelán. O artigo 7.3 dispón que a Xunta de Galicia impulsará o proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, especialmente a través de programas de formación de funcionarios das entidades locais en lingua galega.

Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, texto aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004, establece como obxectivo asegurar que na Administración local o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas, nas relacións entre as administracións e nas relacións cos cidadáns.

- **TOPONIMIA.**

A Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística establece no seu artigo 10 que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega e que lle corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos topónimos de Galicia.

Actualmente, a toponimia oficial encóntrase recollida nos seguintes decretos:

- A Coruña: Decreto 189/2003, de 6 de febreiro (DOG de 25.03.2003).
- Lugo: Decreto 6/2000, de 7 de xaneiro (DOG de 25.01.2000).
- Ourense: Decreto 332/1996, de 26 de xullo (DOG de 29.08.1996).
- Pontevedra: Decreto 219/1998, de 2 de xullo (DOG do 28.07.1998).

- **UNIÓN EUROPEA**

O Parlamento europeo, a proposta do Goberno español, aprobou a utilización das linguas cooficiais de España, entre elas o galego, nas comunicacións dos cidadáns ao Parlamento europeo.

Igualmente, os cidadáns que desexen dirixirse en galego ao Defensor do Pobo europeo poderán facelo en virtude da entrada en vigor dun convenio entre España e este organismo comunitario, co que se pretende fomentar o uso das linguas cooficiais de España nas institucións da Unión Europea. O convenio obriga a España a asumir os custos de tradución das comunicacións dos cidadáns que se reciban escritas en galego, en éuscaro ou catalán.

O mesmo sistema funciona xa no Parlamento europeo desde hai uns meses, en virtude dun acordo que tamén permite o uso dos tres idiomas no Consello de Ministros da UE e na Comisión Europea.

O marco lexislativo vixente imponlle á Administración a obrigación de protexer e promover a lingua galega. Ademais recolle o dereito dos cidadáns a usala.

Todos os profesionais dos servizos públicos deben demostrar coñecemento oral e escrito da lingua galega, tanto nas listaxes que regulan a contratación temporal coma nos concursos oposición que dan lugar a un contrato indefinido.

Nos concursos oposición, este coñecemento oral e escrito do galego é eliminatorio para algunhas categorías laborais. No que respecta ao uso interno da lingua galega, a parte social propuxo a elaboración dun regulamento.

A Dirección Xeral de Administración Local, en aplicación da lei de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais (DOG Nº 124 de 30/6/1988), ten en marcha as seguintes actividades:

a. Programa de formación dos funcionarios.
Cursos de lingua galega destinados a persoal das entidades locais.

Desde o ano 1990, e a través dun convenio de colaboración entre as Consellerías de Presidencia e Administración Pública (na actualidade Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) e Educación e Ordenación Universitaria (na actualidade Secretaría Xeral de Política Lingüística), establécese unha tipoloxía específica de cursos de formación en linguaxe administrativa e en linguaxe xurídica galega, tendentes a lograr que o persoal da Administración Local posúa un dominio suficiente da linguaxe administrativa.

Todos os anos se convocan cursos de linguaxe administrativa galega destinados ao persoal da Administración Local. Os datos dos últimos cinco anos son os que ofrecen as seguintes táboas.

CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA PARA PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN LOCAL					
ANO	2001	2002	2003	2004	2005
Básico	-	-	-	-	-
Medio	4	5	5	10	8
Superior	3	5	7	3	4
Orzamento	4.475.000 €	27.041 €	45.076 €	45.076 €	45.076 €

ALUMNOS PARTICIPANTES NOS CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA PARA PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN LOCAL										
	NIVEL MEDIO					NIVEL SUPERIOR				
	2001	2002	2003	2004	2005	2001	2002	2003	2004	2005
A CORUÑA		24	37	36	52		13	36	44	39
CEE				47						
FERROL		29		29	17		27	32		
MALPICA			27							
SANTIAGO DE COMPOSTELA			25	38	64	21	9	27		29
VIMIANZO				34						
LUGO	22							19		
VIVEIRO	22						19	22		
OURENSE	16	9	21	33		35		22		
PONTEVEDRA	18	9		46	88				44	30
CAMBADOS				36						
PONTEAREAS				26						
VIGO		28	35	35	80	13	14	35	38	38
TOTAL	78	99	145	360	301	69	82	193	126	136
TOTAL	983					606				

b. Convocatorias de axudas.

Desde o ano 1991 o grao de utilización do galego na Administración Local é cada vez maior, tal e como se observa no seguinte cadro, xa que dun total de dez servizos de normalización lingüística creados nas administracións locais en 1991, cando en virtude dun acordo entre as Consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e Presidencia e Administración Pública se creou unha liña de axudas para este fin, chegouse na actualidade á existencia de 109 servizos.

Concellos subvencionados e importe da subvención					
ANO	2001	2002	2003	2004	2005
CONCELLOS Subvencionados	69	74	86	78	109
A Coruña	12.250.000 €	77.116,00 €	77.000,00 €	81.050,00 €	96.400,00 €
Lugo	9.750.000 €	50.668,00 €	51.135,00 €	36.178,00 €	35.400,00 €
Ourense	4.600.000 €	34.553,00 €	32.700,00 €	30.600,00 €	35.485,00 €
Pontevedra	11.400.000 €	66.047,67 €	68.350,00 €	70.750,00 €	59.100,00 €
TOTAL	38.000.000 €	228.384,67 €	229.185,00 €	218.578,00 €	226.385,00 €

No que respecta ao uso do galego na Administración Local é difícil dispoñer dun estudo estatístico completo e tamén de cuantificar por ser 315 concellos. Aínda así, pódese afirmar, sen que pareza aventurado, que a impresión global é que o uso oral non debe estar por debaixo do 80% e que o uso escrito é superior.

No Concello de Santiago de Compostela, capital de Galicia, todos os grupos políticos se expresan en galego. En galego está tamén toda a documentación municipal e existe incluso un Plan Municipal de Normalización da lingua galega co que o concello coordina a promoción do galego en actividades económicas, hostaleiras, empresariais e, por suposto, culturais.

A situación é a mesma noutros concellos, como é o caso de Redondela, foco das máis variadas e orixinais campañas, como a creación dun gran premio de novela en galego (Premio Blanco Amor) que copatrocinaron numerosos concellos galegos e do que se celebran xa 26 edicións con obras que nalgúns casos revalidaron premios na súa tradución a outras linguas; a campaña dos nomes en galego (espertador dun movemento social onomástico), a exención parcial de tributos ás empresas rotuladas en galego, a campaña de festas populares en galego, a subvención ás lápidas funerarias en galego (en Galicia tradicionalmente as lápidas dos cemiterios están en castelán independentemente de que o defunto e a súa familia sexan monolingües galegos), a campaña que percorreu toda Galicia de documento notarial de últimas vontades esixindo que todo o relativo á propia morte se faga en galego; a campaña de recollida da microtoponimia (fenómeno peculiarísimo e sen parangón en Europa, porque cada pequena propiedade nun país de minifundio ten o seu topónimo, e estes topónimos antiquísimos teñen o mesmo valor histórico e lingüístico ca os topónimos dos núcleos de poboación); a creación do Premio Lois Peña Novo para distinguir a funcionarios que destacan polo uso do galego no ámbito das diferentes administracións públicas, incluída a de Xustiza, e os diferentes corpos de Policía, e que xa celebrou a súa

duodécima edición. Estas e moitas outras iniciativas do concello de Redondela estendéronse por toda Galicia.

Noutros concellos a situación é similar. Fene é outro concello cun compromiso claro e sostido, cunha radio municipal en galego desde 1984 (www.radiofene.org/) nun punto de especial dinamismo social e laboral. En 1988, a iniciativa de Fene constituíuse a Asociación de Emisoras Municipais Galegas (EMUGA) que reúne as de Fene, Oleiros, Negreira, Ribadavia e Corcubión, pero da que forman parte hoxe catorce concellos.
Vigo, a cidade máis grande de Galicia, ten un Consello Social da Lingua formado por expertos que representan todos os sectores sociais. Os plenos que transmite a televisión local evidencian que a maioría dos edís se expresan en galego e en galego se emite a documentación municipal.

Parecida é a situación das outras cidades e vilas, nos que as excepcións confirman a regra. No Concello da Coruña é onde a presenza do galego resulta menor, e nel vivíronse episodios de crise polo uso do topónimo tamén en castelán, contra o que a Lei 3/1983 establece. Constituíu un caso illado no conxunto de Galicia.

No que respecta aos funcionarios da Administración Local, conseguiuse que teñan competencia oral e escrita suficiente pero o uso oral cos administrados é o de falantes pasivos. A inmensa maioría da documentación municipal que chega aos cidadáns galegos está redactada en galego e, cando un cidadán galego se dirixe a unha oficina municipal, o diálogo realízase na lingua do que inicie a conversación, aínda que é posible que o propio cidadán, polo peso de cinco séculos de administración castelanizadora, inicie unha conversación nunha lingua (o castelán) que non é a súa. E precisamente a oferta positiva que establece o PXNLG pretende combater este ocultamento da lingua galega facendo que o funcionario de entrada inicie a conversación en galego para desinhibir.
A impresión xeral que ten calquera cidadán galego é que a lingua documental da maioría dos concellos galegos é o galego. Esa impresión xeral confirmámola con dous indicios:

a. A lingua de publicación dos anuncios municipais nos Boletíns Oficiais das catro deputacións provinciais galegas, nos que estes organismos e todos os concellos publican os seus anuncios públicos.

Uso do galego nos boletíns oficiais das deputacións provinciais e concellos Datos referidos ao 30.06.2006					
Provincias	Administración estatal	Xunta de Galicia	Deputación Provincial	Concellos en galego	Concellos en castelán
A Coruña	Cast	Gal.	(*)[1]	6	1
Lugo	Cast.	Gal.	Cast.	10	7
Ourense	Gal-Cast.	Gal-Cast.	Gal-Cast.	9	9
Pontevedra	Cast.	Gal.	Gal.	6	0

O cadro anterior pon en evidencia que o uso escrito do galego é maioritario, e que a provincia de Ourense publica en versión bilingüe todo, desde os anuncios dos concellos ata os propios do Estado español. Este dato permite inferir que a documentación interna dos concellos debe de ser tamén maioritariamente en galego.

[1] Neste día non figura ningún anuncio da Deputación Provincial da Coruña pero este organismo publica todos os seus anuncios en galego.

b. O segundo indicio é a lingua da documentación que os concellos lle remiten á Xunta de Galicia e da que temos datos estatísticos comparativos relativos aos primeiros trimestres de 2000 e de 2006, que revelan que o uso do galego é o 80% no ano 2006 e que os usos bilingües que no 2000 representaban case o 50% baixaron ao 11%, como se ven nos cadros e o gráfico seguintes.

A continuación inclúense datos da Dirección Xeral de Administración Local referidos a 2000 e a 2006, segundo unha mostra tomada durante o primeiro trimestre de 2000 e do 2006 respecto á evolución dos usos lingüísticos dos concellos galegos na relación documental coa Xunta de Galicia:

1. POR NÚMERO DE CONCELLOS								
	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA	
	2000	2006	2000	2006	2000	2006	2000	2006
GALEGO	24	75	10	41	27	77	21	56
CASTELÁN	10	5	15	7	14	3	2	0
BILINGÜE (*)	50	10	33	13	37	9	37	3
SEN DATOS	10	4	9	6	14	3	2	3
Concellos	2094	2100	2067	2073	2092	92	2062	2068

(*) Neste epígrafe están incluídos aqueles concellos que, dentro dun mesmo expediente, remiten escritos tanto en galego coma en castelán dependendo de quen sexa a persoa que os asine: alcalde, secretario / interventor, policía local…; nestes supostos o concello de que se trate non estará incluído en ningún dos outros dous epígrafes.

2. PORCENTAXES POR PROVINCIAS								
	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA	
	2000	2006	2000	2006	2000	2006	2000	2006
GALEGO	25,53%	79,78%	14,92%	61,19%	29,34%	83,69%	33,87%	90,32%
CASTELÁN	10,63%	5,31%	22,38%	10,44%	15,21%	3,26%	3,22%	0,00%
BILINGÜE (*)	53,19%	10,63%	49,25%	19,40%	40,21%	9,78%	59,67%	4,83%
SEN DATOS	10,63%	4,25%	13,43%	8,95%	15,21%	3,26%	3,22%	4,83%
TOTAL	200099,98%	200699,97%	200099,98%	200699,98%	200099,97%	200699,99%	200099,98%	200699,98%

3. PORCENTAXES EN TODA GALICIA		
	ANO 2000	ANO 2006
GALEGO	26,03%	79,04%
CASTELÁN	13,01%	4,76%
BILINGÜE	49,84%	11,11%
SEN DATOS	11,11	5,07%
	99,99%	99,99%



OUTRAS ENTIDADES LOCAIS													
	A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA			% GALICIA
	C	Y	M	C	Y	M	C	Y	M	C	Y	M	
GALEGO	1						1		1	2	3		57,14
CASTELÁN													-
BILINGÜE				3			2		1				42,85

[C: consorcio ; Y: entidade local menor; M: mancomunidade]

OUTRAS ENTIDADES LOCAIS	
MANCOMUNIDADE LIMIA-OURENSE	BILINGÜE
MANCOMUNIDADE CARBALLIÑO	GALEGO
ENT. LOCAL MENOR BEMBIBRE	GALEGO
ENT. LOCAL MENOR ARCOS DA CONDESA	GALEGO
ENT. LOCAL MENOR CAMPOSANCOS	GALEGO
CONSORCIO OS PEARES	BILINGÜE
CONSORCIO AS MARIÑAS	BILINGÜE
CONSORCIO DE VALDEORRAS	BILINGÜE
C. SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO COMARCA SALNÉS	GALEGO
C. SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO COMARCA DA MARIÑA LUCENSE OCCIDENTAL	BILINGÜE
CONSORCIO TERRA DE LEMOS	BILINGÜE
CONSORCIO DO CAMINO DE SANTIAGO EN GALICIA (Nel chegouse a constituír)	GALEGO
CONSORCIO RÍO ARNOIA	GALEGO
C. SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO COMARCA DE DEZA-TABEIRÓS-TERRA DE MONTES	GALEGO
PORCENTAXE %	57,14

c. A propósito dos usos orais non dispoñemos de datos estatísticos pero a impresión xeral, confirmada polas eventuais presenzas en informativos de radio e TV, é que o galego é a lingua na que se desenvolven maioritariamente os plenos municipais e que o galego está tamén moi presente na relación oral dos funcionarios cos cidadáns, aínda que, canto máis urbano é o concello, máis posibilidades hai de que o cidadán e o funcionario se relacionen espontaneamente en castelán tanto no concello coma fóra del.

d. Non hai noticia de uso de tradutores e intérpretes na relación cos cidadáns. Nos primeiros anos da democracia si que había persoas que, cando recibían un escrito municipal en galego, solicitaban por escrito que llo enviasen en castelán pero a aceptación do uso formal da lingua galega foi aumentando e hoxe, nalgún concello que se consultou para este informe, dise que son casos xa moi esporádicos: un ou dous por ano.

- **Toponimia.**

A responsabilidade da toponimia oficial de Galicia é da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia. A única forma oficial dos topónimos de Galicia é a galega.

Existen casos de non respecto da toponimia oficial. No caso da cidade da Coruña, existe unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia inapelable, que resolve que a única forma válida do topónimo é a galega.

Na rotulación de sinais de estradas e vías de comunicación de competencia estatal rexístranse aínda casos de topónimos deturpados.

No etiquetado dalgúns produtos de Galicia segue aparecendo na actualidade un uso incorrecto da toponimia. A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ten previsto, sobre los datos de un estudio de mercado, una actuación no último trimestre de 2006 para dirixirse ás empresas alimentarias que non respectan a oficialidade dos topónimos.

Nos últimos decenios en Galicia recuperouse a toponimia orixinal, deturpada nalgúns casos desde hai varios séculos pero conservada no uso oral. Neste aspecto fíxose un esforzo moi importante porque Galicia é un dos territorios con maior densidade toponímica de toda Europa (desde logo sen parangón en España onde representa máis do 30% do total) en boa parte pola multisecular dispersión da poboación no medio natural. Este esforzo que foi dirixido por unha Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, formada por expertos na materia, supuxo a análise, depuración e oficialización de máis de 30.000 topónimos. Ten moita importancia o feito de que a Lei de Normalización Lingüística de 1983 estableza que os topónimos galegos terán unha única forma oficial que é a galega. Non se dan, polo tanto, en Galicia, casos de dobre denominación como está establecido para algúns casos concretos. Esta recuperación, a pesar de contradicir rutinas seculares e incluso usos documentais de varios séculos, tivo en casos puntuais algún episodio de rexeitamento pero xa todas ou case todas as recuperacións están xa asentadas no uso social. O Nomenclátor resultante está publicado e é de libre consulta na Rede (http://www.xunta.es/toponimia) permitindo buscas complexas de interese multifuncional. Pero este nomenclátor deu lugar á

posterior rectificación de máis da metade da sinalización viaria, o que implica un esforzo suplementario.

Actualmente, A Xunta de Galicia de Galicia segue recuperando a toponimia a través do denominado Proxecto de microtoponimia.

A día de hoxe pódese dicir que toda a toponimia de Galicia, de responsabilidade autonómica, está correctamente recuperada e sinalizada. Ten certa importancia, ademais, o feito de que nesta recuperación participan diversas institucións: estradas de interese xeral do Estado (das que o responsable é o Ministerio de Fomento); estradas de titularidade autonómica (competencia da Xunta de Galicia); estradas de titularidade das Deputacións Provinciais e estradas municipais (competencia das Deputacións e dos concellos). Unha excepción é o uso da toponimia relacionada coas rexións marítimas.

Por outro lado a Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Transportes) constrúe, con carácter xeral, estacións de autobuses, áreas de estacionamento de autobuses e tamén construíu as estacións marítimas en Cangas e Moaña. Cando se entregan as obras, a súa sinalización realízase en galego, que no caso das estacións de autobuses é tanto interior coma exterior e no caso das áreas de estacionamento é só exterior mediante monólitos. Desde que as obras están entregadas e adxudicada a súa explotación, é o adxudicatario da explotación o que se converte en responsable da conservación e mantemento, polo tanto, tamén da sinalización.

En xeral, pódese dicir que a sinalización viaria en Galicia está en galego e as excepcións que se poidan sinalar, son excepcións.

O PXNLG, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 22 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración Local:

> a. consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.
>
> b. incluír a promoción do galego, no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrecen ao cidadán, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas.
>
> c. poñer os medios para que todo traballador ao servizo directo ou indirecto da administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua ao cidadán que o desexe e que teña tamén práctica habitual da oferta positiva.

Co fin de alcanzar estes obxectivos, a Xunta de Galicia elaborou un plan integral de estudos destinado aos funcionarios que presten os seus servizos nas entidades locais galegas, do que forman parte os cursos medio e superior.

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co establecido no artigo 40.f) do Decreto 578/2005 do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, compételle, entre outras materias, o impulso do proceso de incorporación do galego á Administración Local en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A Dirección Xeral de Administración Local convoca todos os anos axudas económicas destinadas a subvencionar as entidades locais de Galicia.
As modalidades que adoptan esta axudas son as que a continuación se relacionan:

a. Mantemento dos servizos municipais e provinciais de normalización lingüística xa existentes.

b. Creación de novos servizos municipais e provinciais de normalización lingüística, debidamente xustificados e sempre que exista crédito suficiente.
c. Organización de campañas co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local.

d. Desenvolvemento de campañas de normalización e emprego do galego nos documentos e instrumentos ofimáticos, empregados pola administración local.

Para este exercicio 2006 existe un compromiso de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (a través da Dirección Xeral de Administración Local) e a Secretaría Xeral de Política Lingüística que se concreta en:

a. Mantemento dos servizos municipais e provinciais de normalización lingüística xa existentes.

b. Creación de novos servizos municipais e provinciais de normalización lingüística, debidamente xustificados.

c. Organización de campañas, co obxectivo de lograr a plena normalización lingüística na entidade local.

d. Desenvolvemento de campañas de normalización e emprego do galego nos documentos e instrumentos ofimáticos empregados pola Administración Local.

e. Organización e desenvolvemento de cursos de linguaxe administrativa galega para os cadros de persoal das administracións locais galegas

g. Elaboración das publicacións que se consideren necesarias para a difusión das actuacións anteriores.

Para a execución das anteriores actuacións, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza convocará as correspondentes ordes de concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a normalización da lingua galega, realizará a convocatoria de cursos de linguaxe administrativa en galego para persoal da Administración Local e levará a cabo as actuacións de difusión de actividades e de impulso da normalización a través das publicacións correspondentes.
A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Consellería de Presidencia asumen os custos conforme indica o seguinte cadro.

Subvencións a Entidades Locais para actividades de normalización da lingua galega		
Obxecto	SXPL	Consellería de Presidencia
Cursos de promoción do galego na Administración Local	39.750,00 €	45.076 €
Difusión e sensibilización do uso do galego na Administración Local mediante campañas e publicacións	9.015,00 €	9.015 €
A corporacións locais. Proxectos municipais de normalización lingüística e campañas de normalización	581.650,00 €	228.385 €

O Parlamento Europeo, a proposta do goberno español, aprobou a utilización das linguas cooficiais de España, entre elas o galego, nas comunicacións dos cidadáns co Parlamento europeo.

Comunidade VALENCIANA

Nos parágrafos 787 e 788 do Informe elaborado polo Comité de Expertos con motivo do primeiro Informe, anímase ás autoridades españolas a aumentar a porcentaxe do persoal que traballa na Administración do Estado na Comunidade Valenciana cun dominio adecuado en valenciano. Para iso, desde o ano 1995 as autoridades da Generalitat e do Ministerio de Administracións Públicas asinan cada ano un convenio de colaboración para a promoción dos coñecementos de valenciano nos funcionarios da Administración Xeral do Estado na Comunidade Valenciana.

A evolución de funcionarios que asistiron a estes cursos desde o ano 2002 é a seguinte:

Curso	*Alumnado*
2002/03	525
2003/04	1.274
2004/05	1.167
2005/06	1.102

Por outra parte, a Dirección Xeral de Administración Autonómica, dependente da Secretaría Autonómica de Administracións Públicas, ten entre as súas competencias "a formación e perfeccionamento do persoal ao servizo da Generalitat", e con este obxecto programa e executa anualmente accións formativas do idioma valenciano en distintos niveis de coñecemento. Esa formación proporciónase tanto por vía presencial como *on line*.

Así mesmo, desde esta Dirección Xeral, e en cumprimento do disposto polo artigo 30 da Lei 4/1983, de 23 de novembro, adóptanse as medidas que aseguran a valoración do coñecemento do valenciano “nas bases de convocatoria para acceso ao desempeño de cargos, empregos e funcións públicas, pola Generalitat Valenciana e as corporacións locais, no ámbito das súas respectivas competencias”.

Comunidade Foral de NAVARRA

1. Nas circunscricións das autoridades administrativas do Estado nas que resida un número de falantes de linguas rexionais ou minoritarias que xustifique as medidas que figuran a continuación, e segundo a situación de cada lingua, as Partes, na medida en que sexa razoablemente posible, comprométense a:
a I) velar por que esas autoridades administrativas empreguen as linguas rexionais ou minoritarias; ou

Na institución da Delegación do Goberno en Navarra tense activado un servizo de atención en éuscaro por parte dunha funcionaria titulada pola Escola Oficial de Idiomas que atende as chamadas telefónicas. Este servizo limítase xeralmente á atención oral ao cidadán e á tradución de escritos en éuscaro que chegan a esa institución.

Por outra parte esta Delegación do Estado en Navarra ten completada a rotulación bilingüe da institución, en tanto que máxima representación en Navarra da Administración Xeral do Estado.

No que respecta á formación do persoal que dispón a Administración Xeral do Estado en Navarra os datos dos últimos anos son:

Curso académico	Nº funcionarios matriculados
1996/1997	76
2004/2005.	11
2005/2006	10

Son cursos ofertados a todo o persoal e organizados polo Instituto Navarra de Administracións Públicas co que existe un Acordo de Colaboración para a formación de todos os funcionarios da Administración Xeral do Estado en Navarra, cuxa copia se pode consultar nos ANEXOS.

No que respecta á dotación das distintas sedes na zona vascófona temos que: catro funcionarios en total, dos destinados no Servizo Público de Emprego Estatal/INEM (unha en Alsasua/Altsasu e outro en Santesteban/Doneztebe) e outras dúas funcionarias destinadas no Centro de Atención de Información do Instituto Nacional da Seguridade Social en Santesteban/Doneztebe.

En Alsasua/Altsasu está destinada con carácter permanente unha funcionaria, formada en éuscaro. Neste momento, hai outra persoa contratada por un período de seis meses, polo tanto, na actualidade, a porcentaxe de funcionarios con coñecemento de éuscaro é do 50%.
En Santesteban/Doneztebe, o único funcionario do Servizo Público de Emprego Estatal acredita algún coñecemento en éuscaro, polo tanto a porcentaxe sería do 100%.

En Santesteban, dos tres funcionarios que están destinados no C.A.I.S.S. do INSS, dous acreditan formación en éuscaro, supoñendo pois unha porcentaxe do 66%.

a) Poñer a disposición da poboación formularios e textos administrativos de uso frecuente nas linguas rexionais ou minoritarias, ou en versións bilingües;

A Delegación do Goberno en Navarra, na súa sede central, situada na zona mixta, dispón de rotulación bilingüe desde o primeiro semestre de 2004.

O Servizo Público de Emprego estatal ocupa oficinas cuxa titularidade lle corresponde ao Servizo Navarro de Emprego.

O C.A.I.S.S. do Instituto Nacional da Seguridade Social en Santesteban, dispón de impresos de solicitude de prestacións en castelán e en éuscaro. Así mesmo, a rotulación é bilingüe castelán/éuscaro.

d) A fomentar e/ou facilitar a produción e a difusión de obras audiovisuais nas linguas rexionais ou minoritarias de xeito regular

O Consorcio Audiovisual de Galicia é un órgano creado para a potenciación institucional das accións tendentes ao desenvolvemento do sector audiovisual de Galicia. Ten entre as súas finalidades específicas, segundo o artigo 2. Capítulo 1. Decreto 294/2002, -promover o emprego do idioma galego mediante o seu uso nos medios audiovisuais, especialmente apoiando o seu emprego nas salas de exhibición e promovendo a asistencia a elas, “divulgar as obras audiovisuais galegas no propio territorio, no Estado español, en Portugal, na Unión Europea e en todos os territorios onde existan comunidades galegas" e “promover un mellor coñecemento da historia, da arte, da literatura, da música e, en xeral, da realidade social e cultural galega a través das producións cinematográficas e audiovisuais".

A Secretaría Xeral de Política Lingüística entrou en 2005 a formar parte deste consorcio co fin de contribuír á difusión das producións en lingua galega polo mundo a través da súa rede de lectorados en 43 universidades. En maio de 2006 abordouse unha primeira distribución de materiais audiovisuais en galego, proxectados nas universidades con Centro de Estudos Galegos con motivo da celebración do Día das Letras Galegas: curtametraxes premiadas en 2005, películas de animación e a longametraxe “Trece badaladas", adaptación da obra literaria de Suso de Toro.

Ademais do apoio constante do Consorcio Audiovisual de Galicia á difusión exterior das producións galegas (feiras, congresos, coproducións, intercambios, etc.), unha das súas actividades importantes en relación coa lingua galega é o seu ambicioso programa “Audiovisual nas aulas", posto en marcha por primeira vez en 2004. Consiste en achegar ás escolas, integramente en lingua galega, actividades e recursos didácticos sobre o medio audiovisual. Este programa desenvólvese en centros educativos seleccionados, que pasaron de ser 12 en 2004 a 28 en 2005. Na edición 2005 participaron 2.200 nenos nas clases con monitores, 2.400 asistiron a proxeccións cinematográficas de longametraxes galegas, 2.200 visitaron as instalacións da TVG e uns 600 participaron en talleres de iniciación á animación.

En colaboración co Seminario Galego de Educación para a Paz o Consorcio editou tamén en 2005 materiais, como o documental “En son de paz" (en lingua galega, galardoado co premio “Fagamos as paces" do Festival Internacional de Cinema e Dereitos Humanos, que posteriormente se distribuíu en todos os centros educativos de Galicia.

A CRTVG colabora tamén cos centros educativos que así o solicitan, enviando de forma gratuíta aos centros de ensino públicos e concertados de Galicia producións e copias das súas emisións en lingua galega para o traballo educativo nas aulas.

O Goberno de Galicia, desde a Consellería de Cultura, promove festivais, certames e concursos destinados a asentar e fomentar o emprego dá lingua galega na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, promove ciclos teatrais a través do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, que conta cunha sala propia, á vez que apoia as actividades desta natureza programadas pola Administración Local ou polas entidades públicas e privadas que actúan dentro do territorio. Tamén apoia a presenza destas actividades no exterior, dada a importancia das comunidades galegas asentadas en todo o mundo.

A Consellería de Cultura e Deporte ten catro liñas de axudas actuais para o fomento do audiovisual:

a. Subvencións para a produción de curtametraxes en versión orixinal en lingua galega.
b. Subvencións para a escritura individual de guións de proxectos audiovisuais en lingua galega.
c. Subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais ou interactivos en lingua galega.
d. Subvencións para producións ou coproducións audiovisuais e interactivas en lingua galega. Son as de maior contía.

Nas catro establécese como condición o emprego da lingua galega no seu desenvolvemento.

O feito máis destacable atopámolo na cuarta orde (subvencións para producións ou coproducións audiovisuais e interactivas en lingua galega) xa que se introduce como novidade importante a rodaxe en galego como lingua orixinal. Ata o 2006 a maior parte das películas subvencionadas pola Xunta gravábanse en español e outros idiomas. Este ano establecéronse dúas vías para acceder a estas axudas:

- Rodando / gravando en galego. Unha produción ou coprodución maioritaria galega defínese pola presenza de *capital principal* maioritariamente galego e pola rodaxe da versión orixinal en lingua galega. O obxectivo é estimular a gravación en galego así como a exhibición nesta lingua, con subtitulado ou dobrada noutros idiomas cando se exhibe no estranxeiro. Un exemplo práctico dos beneficios será que a partir de agora nas fichas das películas figurará: VO galego subtitulado ao alemán.

- Rodando noutra lingua que non sexa a galega. Neste caso o capital ten que ser maioritariamente galego e cunha porcentaxe significativa de persoal de Galicia. Neste segundo caso no que non se roda en galego establécese a obriga de dobraxe ao galego da produción.

As películas e series que emite a Televisión de Galicia son dobradas na súa totalidade ao galego e os custos de dobraxe superan os dos dereitos de emisión. A porcentaxe de películas subtituladas non chega ao 5%. Os índices de audiencia ratifican que as películas dobradas ao galego teñen a mesma acollida entre os telespectadores que as mesmas películas dobradas ao castelán. Non contamos con estudos sobre a acollida das proxeccións en galego nas salas cinematográficas.

A longametraxe “Mar Adentro”, premiada cun Óscar pola Academia de Cine de Hollywood está rodada parcialmente en galego e catalán, mantendo nesas escenas a lingua orixinal en todas as súas versións, con subtítulos. Constitúe un exemplo de respecto á diversidade lingüística e adaptación ao territorio de rodaxe dun director de cine español.

Existen outras iniciativas de difusión, como a distribución en 2006 a través do principal diario, La Voz de Galicia, de películas galegas en versión orixinal ou dobradas ao galego, acompañando o xornal polo custo de 1 euro.

a) I- a fomentar e/ou facilitar a creación e/ou mantemento de polo menos un órgano de prensa nas linguas rexionais ou minoritarias ou II- a fomentar e/ou facilitar a publicación de artigos de prensa nas linguas rexionais ou minoritarias de xeito regular

En Galicia existe na actualidade unha cabeceira de prensa diaria escrita integramente en lingua galega: “Galicia Hoxe". Outras cabeceiras monolingües en galego edítanse con periodicidade semanal (*A nosa terra*) ou quincenal (*El Sil, A Peneira*, etc.). Por outro lado, existen numerosas publicacións mensuais de carácter especializado (cultura, economía, novas tecnoloxías, moda galega, etc.) tamén monolingües ou maioritariamente en galego.

O resto da prensa diaria en Galicia é bilingüe, dadas as características das linguas en convivencia no territorio (linguas próximas e intercomprensibles) así como o grao de

coñecemento pola práctica totalidade da poboación. As cabeceiras diarias que rexistran un maior número de lectores, tanto de difusión autonómica como local (*"La Voz de Galicia", "Faro de Vigo", "El Progreso", "El Correo Gallego", "La Región", "La Opinión de A Coruña", "Diario de Pontevedra", "Atlántico Diario", "El Ideal Gallego, "Diario de Arousa", "Diario de Ferrol"*), e mesmo outras de carácter nacional con edición Galicia (como "ABC") son bilingües pero cun maioritario predominio do castelán: en ningún caso se supera o 15% de noticias en galego. Puntualmente, nas datas conmemorativas de relevancia en Galicia, é frecuente que estes medios publiquen as súas portadas integramente en galego.

Existen ademais destes, medios diarios en formato electrónico de difusión a través de Internet:

www.vieiros.com é, segundo o ránking Alexa, o segundo diario electrónico de maior difusión en Galicia: as súas informacións están redactadas exclusivamente en lingua galega.

Outros medios electrónicos, como www.codigocero.com non xeneralista, senón centrado en noticias tecnolóxicas) emiten as súas informacións integramente en galego.

O resto dás cabeceiras electrónicas son bilingües (xornal.com, noticiasgalicia.com, etc.). *La Voz de Galicia* o xornal diario de maior difusión dos producidos en Galicia- na súa versión electrónica(www.lavozdegalica.es) ofrece desde maio de 2006 dobre versión en galego e en castelán do diario electrónico (que o lector pode mesmo configurar nunha lingua ou outra de acceso directo), se ben presenta aínda deficiencias gramaticais na súa versión en galego.

Blogs. Estes cadernos informativos que compareces particulares ofrecen a través da Rede, e que son referencias informativas de consulta ampla, están proliferando masivamente en Galicia. Non hai aínda medicións fiables do número de consultas e do impacto pero constátase que maioritariamente se están a construír en lingua galega.

Non obstante, a porcentaxe de presenza da lingua galega nos medios de comunicación non garda ningunha proporción coa presenza desa lingua na sociedade. É habitual (e mesmo tradicional) que actos que se desenvolveron integramente en galego aparezan reproducidos na prensa escrita integramente en castelán, e que noticias, comunicados remitidos en galego aos medios ou mesmo entrevistas concedidas en galego se reproduzan en castelán, falseando así unha parte significativa da noticia. Esta inercia, que vén da longa época predemocrática, fai case natural que o pobo galego se mire a miúdo nun espello deformante. Sorprende este comportamento, que non ten en conta o aumento da capacidade lectora en galego, e que non deduce consecuencias do feito de que un deses medios escritos vendera no 2004 seis millóns de exemplares dunha colección de 120 libros en galego.

Existe preocupación social polo feito de que os medios escritos non dean, en xeral, unha imaxe proporcionada ao uso real da lingua galega en Galicia e percíbese que algo empeza a cambiar nesta práctica, probablemente como consecuencia de dúas intervencións institucionais. En cumprimento do establecido non só no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Lei de Normalización Lingüística, senón tamén no PXNLG aprobado en 2004, producíronse dous tipos de medidas.

Co fin de promover a presenza dos medios monolingües así como de favorecer o incremento progresivo da presenza da lingua galega nos medios bilingües, a Secretaría Xeral de Política

Lingüística da Xunta de Galicia puxo en marcha no 2006 unha serie de iniciativas tendentes a desbloquear a presenza da lingua galega nos medios. Son, entre outras, as seguintes:

a. Ofrecerlles a todas as cabeceiras licenza de uso dun tradutor automático castelán-galego
(tradutor ES-GL).

b. Convocar ordes de subvención e convenios cos medios de comunicación escritos de capital público e privado, nos que se establecen cláusulas comúns para garantir un avance conxunto de todas as cabeceiras, que compromete aos medios bilingües a:

b.1. Aumentar durante o 2006 a súa porcentaxe de uso con respecto ao ano anterior nun mínimo dun 10%, respectar, nas noticias redactadas en castelán, a lingua das declaracións das fontes (en galego) no caso das citas directas.

b.2. Practicar, polo menos, cos representantes da cidadanía (fonte noticiosa de primeira índole) a chamada oferta positiva e cortesía lingüística, que consiste en que os representantes públicos se dirixan de entrada aos cidadáns na lingua propia de Galicia, que tal como establece o Estatuto de Autonomía de Galicia, é o galego.

b.3. Garantir un control de calidade lingüística, adaptada ás normas establecidas pola Real Academia Galega.

b.4. Promover as versións electrónicas en galego das actuais publicacións en papel.

c. No caso dos medios monolingües en galego, electrónicos e impresos, tamén reciben apoios económicos para a publicación de materiais complementarios ao diario, de carácter variado, axeitados ás características de cada medio (pasatempos para o ocio, suplementos económicos, etc.)

d. Asinar acordos coas axencias de noticias que operan en Galicia, para facilitarlles produción en galego aos medios que se serven dos seus servizos. AGN e Europa Press introducen no 2006 un avance significativo no uso lingüístico. No caso de Europa Press comprométese a ofrecerlles a todos os seus clientes en Galicia, desde setembro de 2006, unha dobre versión, en galego e castelán, de toda a produción de información da Delegación.

d. Estas axudas económicas promovidas polo Goberno autonómico serán sometidas a mecanismos de control que aseguren o cumprimento dos acordos.

b) I- a cubrir os custos adicionais dos medios de comunicación que utilicen linguas rexionais ou minoritarias, cando a lei prevexa unha asistencia financeira, en xeral, para estes medios ou
II- a ampliar as medidas existentes de asistencia financeira ás producións audiovisuais en linguas rexionais ou minoritarias

Ver información correspondente á CRTVG e Consorcio Audiovisual de Galicia (parágrafos anteriores)

c) A apoiar a formación de xornalistas e outro persoal para os medios de comunicación que empregan as linguas rexionais ou minoritarias

Na Facultade de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela o currículo xeral da licenciatura inclúe o seguinte:

1º curso: Lingua galega. Materia troncal (é obrigatoria) de 8 créditos (4 prácticos, 4 teóricos).

2º curso: lingua galega oral. Materia obrigatoria. 6 créditos (3 prácticos, 3 teóricos).

Á parte das materias específicas de lingua galega, os alumnos fórmanse en galego no currículo xeral (linguaxe audiovisual, radio, televisión), nas que se produce unha aprendizaxe de expresión que ten que ver coa lingua. Practicamente todas as materias se imparten en galego.

A CRTVG é consciente de que o seu factor diferencial no mercado radiotelevisivo actual é a lingua galega. É consciente tamén de que, tendo que informar, formar e entreter nun contexto xa globalizado, esa lingua ten que ser unha lingua con posibilidades non só na expresividade senón tamén na terminoloxía. Agora ben, a lingua galega no momento en que nace a CRTVG é unha lingua que acaba de ser despenalizada (situación na que sobrevivía informalmente desde había séculos).

Por esa razón a CRTVG intentou sempre estar en estreito contacto non só cos traballos académicos de establecemento do estándar, da terminoloxía e da fraseoloxía, senón que asumiu tamén a responsabilidade dunha permanente formación e actualización lingüística dos seus traballadores, sobre todo dos redactores e locutores.

A CRTVG mantivo dúas liñas de traballo. Unha, o propio e permanente servizo de asesoramento lingüístico. A outra foi, durante os últimos sete anos, un programa de perfeccionamento lingüístico personalizado, consistente na análise dunha gravación por membros da Real Academia Galega e unha posterior entrevista co locutor ou locutora correspondente (hora e media / dúas horas de duración), na que se lle comentaban os seus valores e os seus problemas lingüísticos e se lles propoñía un plan personalizado de recuperación, que se iniciaba na propia entrevista. A este programa accederon máis de cincuenta locutores e presentadores e algúns deles con máis de seis entrevistas.

Como resultado complementario deste traballo elaborouse un programa completo de *Laboratorio de Lingua Galega* e tamén un *Dicionario de Televisión* (este, pola súa función e formato terminolóxico, viu a luz a través dun convenio entre a CRTVG e TERMIGAL (Servizo de Terminoloxía da Real Academia Galega en colaboración co Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

No ano 2005 o Plan de Formación da CRTVG diversificouse do seguinte xeito:

- Establecemento por parte de todos os directores e xefes de servizo das necesidades formativas.

- Deseño dun curso de lingua oral en colaboración coa Universidade de Santiago no que a CRTVG, en función da súa experiencia, propuxo programas e contidos e ten preferencia de matrícula para o seu persoal, asegurando así racionalización das súas necesidades. Os alumnos obteñen un certificado de experto universitario equiparable a créditos universitarios.

- Atención á complementación formativa de todas as categorías laborais e revisión das categorías modulares.

O abano de accións formativas foi moi amplo, tanto en materias como nas categorías profesionais para as que foron dirixidas. Un aspecto destacable pola súa regularidade e variedade foron os cursos concibidos para a mellora da calidade lingüística, que se impartiron en diferentes formatos e programas.

Oito dos cursos realizados foron impartidos de acordo coa Orde do 8 de abril de 2005, da Consellería de Asuntos Sociais da Xunta de Galicia e cofinanciadas polo Fondo Social Europeo na Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 2005 (Diario Oficial de Galicia nº 74, do 19 de abril).

CRTVG. II Curso de lingua oral para os medios de comunicación 2005			
Programa	Profesores	Alumnos	Duración
A lingua nos medios audiovisuais. Voz e fonación. Fonética. Prosodia. Técnicas de expresión oral. Lingua oral e lingua escrita. Variación e estándar. Estratexias e recursos de construción de textos. Recursos interpretativos.	3 profesores da USC 1 Médico-ortofonista 1 Actor-dobrador 3 lingüistas	14 profesionais (presentadores, redactor, auxiliares de redacción, operadores, montador de vídeo.	110 horas

CRTVG. Curso de galego personalizado 2005			
Programa	Profesores	Alumnos	Duración
De cada alumno, sobre fitas gravadas, elabórase un informe das necesidades e carencias lingüísticas e establécese un tratamento personalizado con exercicios ad hoc.	2 Académicos (Real Academia Galega)	18 locutores da CRTVG	1 semestre

CRTVG. Curso de galego para persoal da administración, secretariado, grafismo e prensa 2005			
Nova normativa da Real Academia Galega Linguaxe administrativa. Repaso á gramática galega. Exercicios con formularios usados na CRTVG. Redacción. Ortografía.	Profesor da USC	19 Axudantes de produción, relacións públicas, promotores, operadores de vídeo, administrativos	12 horas en dúas quendas.

CRTVG. Curso de fonética			
Fonética galega teórica e práctica. Prosodia.	Profesora da USC	3 locutores e presentadores da CRTVG	14 horas

a) na medida en que a radio e a televisión teñan unha misión de servizo público, a:
garantir a creación de, polo menos, unha emisora de radio e unha canle de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias;

Con respecto ao Informe sobre a presenza do valenciano no ente público Radiotelevisión Valenciana (RTVV), tense que dicir, ante todo, que a Radiotelevisión Valenciana segue unha política de normalización lingüística de acordo con aquilo que esixe o Estatuto de Autonomía, a Lei de Uso e Ensino do Valenciano e a Lei de Creación de RTVV.

Desde a súa creación en 1989, RTVV foi o elemento de normalización lingüística máis importante da política institucional, porque unha lingua non está realmente viva se non está presente na radio e a televisión. Neste sentido, o xurdimento de RTVV contrarrestou a preponderancia do castelán nos medios públicos e privados corrixindo o desequilibrio existente na oferta audiovisual en valenciano.

Nestes momentos, podemos asegurar que a televisión valenciana se atopa no mellor momento desde a súa creación, tanto polo que ao uso do valenciano se refire como pola gran variedade de programas, formatos e contidos. O grupo RTVV forma, informa e entretén en valenciano.

Canal 9 é unha canle xeneralista que emite 24 horas diarias maioritariamente en valenciano. Punt 2, a segunda cadea de Televisión Valenciana, emite 24 horas diarias integramente en valenciano. A canle internacional, TVVi, tamén emite 24 horas diarias maioritariamente en valenciano.

Ràdio 9 e Sí Ràdio, as dúas emisoras de radio do Ente Público RTVV emiten, así mesmo, 24 horas diarias integramente en valenciano.

Nesta liña, e en resposta ao parágrafo 820 do artigo 11, podemos resaltar que no ano 2005 o 56'5% da programación do Canal 9 foi en valenciano, un 41'9% en castelán e un 1'6% en versión orixinal. Polo que respecta a Punt 2, o 95% do tempo de emisión foi en valenciano e un 5% en versión orixinal. Como se pode observar nas táboas incluídas nos anexos, os anos 2003 e 2004 Canal 9 emitiu un 47'41% e 44'31% respectivamente de programación en valenciano. Neses anos, Punt 2 emitiu un 96'71% e un 96'33% respectivamente de programación en valenciano.

O grupo RTVV dispón das seguintes webs en Internet: www.rtvv.es, www.radionou.com, www.siradio.com, www.babalaclub.com e www.estempertv.com, esta última estreada o ano 2006. Todas elas ofrecen información en valenciano e castelán.

Debemos resaltar tamén o servizo de teletexto do grupo RTVV, integramente en valenciano. E a continuidade (promocións, cortinas e publicidade do grupo RTVV, campañas institucionais, etc.) que tamén se realiza en valenciano.

No que respecta aos parágrafos 830 e 831, referidos á formación de xornalistas e demais persoal que emprega o valenciano, aos que se refería o Informe dos Expertos emitidos no anterior período de avaliación, as actividades levadas a cabo polo grupo RTVV foron numerosas e moi frutíferas: desde o ano 2003 e ata maio do 2006, o grupo RTVV realizou un total de dezaoito cursos, nove relacionados co ensino do valenciano nos seus tres niveis (elemental, medio e superior, de acordo coa clasificación da Xunta Qualificadora de Coneixements de Valencià), cinco cursos específicos de valenciano para xornalistas e catro cursos de Adaptación á linguaxe da televisión. Nas táboas anexas inclúese unha "Listaxe de cursos específicos en valenciano e asistentes 2003-2006" nas que se pode ampliar información sobre este punto.

Por outra parte, debemos sinalar que o grupo RTVV levou a cabo novas estratexias de programación orientadas á promoción da lingua e cultura valenciana. En febreiro de 2005 estreouse un novo programa cultural, *Encontres*, integramente en valenciano e que se emite en Punt 2 e na canle internacional TVVi. Este programa constitúe unha aposta sen precedentes na televisión autonómica, con noventa minutos dedicados á cultura valenciana.

Podemos destacar tamén a campaña *"Llegir en valencià"* (Ler en valenciano) grazas á cal o Ente Público RTVV colabora no fomento da lectura en valenciano xunto coa Fundación Bromera. Nos meses estivais, precisamente cando os nenos están de vacacións e ven máis a televisión, está prevista a campaña de animación lectora en todos os medios e soportes do grupo RTVV.

Nesta liña, Radiotelevisión Valenciana asinou no 2005 un convenio coa Academia Valenciana da Lingua para colaborar na difusión da literatura en valenciano, a través da celebración anual do "Escritor do Ano". En virtude deste acordo RTVV realizará un documental, dunha duración aproximada de 25 minutos, sobre o escritor elixido pola AVL. No 2005, RTVV realizou un documental sobre o escritor valenciano Constantí Llombart. Ademais, segundo o acordo RTVV autoriza a reprodución en DVD do documental para a súa distribución gratuíta no ámbito escolar. No 2006, estase a preparar un documental sobre Manuel Sanchis Guarner, filólogo, historiador e escritor valenciano, autor dunha extensa obra que comprende estudos de lingüística, literatura, historia, etnografía e cultura popular.

Os documentais son propiedade do Grupo RTVV, que cede gratuitamente os dereitos de reprodución, tanto na exposición como nas copias que se distribúen no ámbito escolar, reservando todos os dereitos de explotación sobre a obra audiovisual. RTVV ten previsto para o 2007 realizar outro documental doutro escritor cando a Academia Valenciana da Lingua llo comunique antes do 31 de decembro de 2006.

Tamén no 2005, RTVV asinou un convenio coa Consellería de Cultura para a promoción e difusión das artes escénicas da Comunidade Valenciana. A través deste convenio promociónanse e difúndense as actividades culturais de Teatres da Generalitat Valenciana no campo das artes escénicas, e, moi especialmente, a danza e o teatro valenciano. RTVV ofrece o magazín mensual *A Nau* sobre as artes escénicas da Comunidade no que participan profesionais valencianos e que se emite en Punt 2.

Ademais hai que destacar, que á parte desta programación específica, RTVV tamén ofrece outros programas, informativos, retransmisións especiais, que contribuíron cos seus contidos

dedicados ao teatro, á danza e á música a aproximar a cultura valenciana aos telespectadores.

A través da oferta de *Punt 2*, integramente en valenciano, RTVV apostou pola innovación, a programación infantil e xuvenil de calidade, os deportes minoritarios como a pelota valenciana, o cine, a solidariedade e outras manifestacións de servizo público. Cabería resaltar aquí o programa infantil *Babalà*, integramente en valenciano, e o cine en versión orixinal subtitulado en valenciano.

O grupo RTVV apostou decididamente pola produción de ficción en valenciano, apoiando así a industria audiovisual autóctona e os nosos actores e actrices. Nesta liña, o 30 de xuño de 2006 a serie *Negocis de Familia* cumpre os 185 capítulos de emisión, e converteuse na serie de produción propia e en valenciano máis lonxeva da Televisión Valenciana.

As producións en valenciano en marcha nestes momentos son moitas. Por exemplo, en decembro de 2005 comezou a gravación da serie documental *Música i llocs*, unha produción que une a obra de diferentes compositores valencianos de todos os tempos, interpretada por músicos tamén valencianos, con algúns lugares emblemáticos do Patrimonio Arquitectónico da Comunidade Valenciana.

A Dirección Xeral de RTVV quere deixar constancia da súa aposta por unha televisión de proximidade cunha forte implicación no territorio da Comunidade Valenciana, unha radiotelevisión pública en valenciano que promova a cultura valenciana, sen descoidar a española e europea, que promova a música, as artes plásticas e escénicas, a lectura, o cine e a creación audiovisual en xeral.

	HORAS DE EMISIÓN EN VALENCIANO		
	2003	2004	2005
Punt 2	5.271,83 (96,71%)	5.927,02 (96,33%)	7.351,50 (95,0%)
Canan 9	3.077,32 (47,41%)	2.825,67 (44,31%)	4.343,40 (56,5%)
Total TVV	8.349,15 (69,91%)	8.752,69 (69,85%)	11.694,90 (75,8%)

a) garantir a creación de, polo menos, unha emisora de radio e unha canle de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias

Na Comunidade Valenciana existen dúas emisoras públicas de radio, de titularidade autonómica, Ràdio Nou e Sí Ràdio, que emite os seus programas case integramente en valenciano. Así mesmo, un dos dous programas de televisión autonómica pública, Punt Dos, emite a súa programación esencialmente en valenciano.

b) fomentar e/ou facilitar a creación de, polo menos, unha emisora de radio nas linguas rexionais ou minoritarias

No último concurso de carácter xeral convocado pola Generalitat para a adxudicación de concesións de xestión do servizo público de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia de carácter comercial na Comunidade Valenciana, en xullo de 1998, incluíase no prego de cláusulas administrativas particulares, como criterio de

valoración das diferentes propostas, a utilización do valenciano na programación. Este criterio mantívose no concurso convocado en 2004 para a adxudicación dunha concesión de radio en Crevillent.

c) fomentar e/ou facilitar a creación de, polo menos, unha canle de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias

No recente concurso para a adxudicación de concesións para a explotación de dous programas de televisión dixital terrestre autonómica na Comunidade Valenciana, resolto o pasado mes de xaneiro, estableceuse na cláusula 7.14 do prego de cláusulas administrativas particulares, a obriga do concesionario de que en cada unha das franxas horarias da programación, o uso do valenciano fose, como mínimo, no vinte e cinco por cento do tempo de emisión. Ademais, nos criterios de valoración das ofertas, puntuábase con ata 25 puntos a emisión en valenciano nunha porcentaxe superior ao 25% do tempo de emisión.

Idéntica regulación se estableceu no prego de cláusulas administrativas particulares do concurso para a adxudicación de concesións para a explotación de canles de televisión dixital terrestre local.

d) fomentar e/ou facilitar a produción e a difusión de obras de audición e audiovisión nas linguas rexionais ou minoritarias

O artigo 10 da Lei 1/2006, do 19 de abril, da Generalitat, do Sector Audiovisual, establece unha reserva do 20% do tempo de emisión anual dos operadores de televisión comprendidos no ámbito de aplicación da Lei, á difusión de obras audiovisuais e cinematográficas valencianas; e determina que as obras audiovisuais valencianas se realizarán na súa versión orixinal preferentemente en valenciano.

Nos Convenios que se subscribiron con Radiotelevisión Valenciana especifícase que para a adxudicación de obras audiovisuais establécese como criterio a ponderar a "utilización do uso do valenciano".
Así mesmo, no artigo 8 da Lei, ao regular as axudas públicas para a creación e produción de películas e obras audiovisuais, establece que se terá en conta, entre outros criterios, a utilización do valenciano.

e) fomentar e/ou facilitar a creación e/ou mantemento de, polo menos, un órgano de prensa nas linguas rexionais ou minoritarias

A Generalitat, na súa determinación de impulsar o uso do valenciano nos medios sociais de comunicación, en particular na prensa escrita, no seu formato dixital, subscribiu uns protocolos de colaboración con empresas editoras dos principais diarios da Comunidade Valenciana. Mediante ese Protocolos as empresas editoras comprométense a publicar as súas respectivas páxinas web, -edición dixital dos seus respectivos diarios- integramente en valenciano, nas mesmas condicións que realizan a versión en castelán desas páxinas web.

Publicacións periódicas en valenciano subvencionadas por a Academia Valenciana da Lingua

Obxecto: Uso do valenciano nas publicacións.

Beneficiarios: publicacións periódicas locais, comarcais ou especializadas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Respectar a normativa da AVL.
2. Estar inscrita no depósito legal.
3. Ter unha extensión mínima de 12 páxinas.
4. Editar en papel polo menos un mínimo de 100 exemplares.
5. Estar publicadas en valenciano nun 50% das páxinas como mínimo.
6. Ter unha periodicidade mínima trimestral, e enténdese por tal a edición de 3 números ao ano como mínimo. PARA este efecto, será necesario que cada número estea singularizado e publíquese independentemente.
7. Ser publicacións de ámbito local ou comarcal, ou de temática especializada (exclúense os BIM e os programas de festas).

Importe da convocatoria e número de beneficiarios

Ano	Importe económico	Axudas concedidas
2005	18.000,00 €	35
Total período 2003-2005	18.000,00 €	35

Outras medidas adoptadas para a promoción do valenciano

Nas diferentes campañas de publicidade institucional que leva a cabo a Dirección Xeral de Promoción Institucional garántese a utilización do valenciano, na emisión de anuncios publicitarios e na edición de folletos.

f) Ampliar as medidas existentes de asistencia financeira ás producións audiovisuais en linguas rexionais ou minoritarias

No artigo 8.3 da Lei do Sector Audiovisual inclúense, como novidade, entre as axudas públicas ao audiovisual, as axudas á amortización dos custos de produción das obras cinematográficas valencianas tendo en conta criterios obxectivos de carácter automático como a aceptación dos espectadores no período de proxección nas salas de exhibición cinematográfica, e a recadación obtida por estas durante o tempo que regulamentariamente se determine. Tendo en conta que estas obras deben realizarse na súa versión orixinal, preferentemente, en valenciano.

Comunidade Foral de NAVARRA

O nivel de exposición aos medios de comunicación dos navarros é moi alto. En termos xerais, case un 15% da poboación está exposta aínda que sexa nalgunha ocasión a contidos en éuscaro mediante a radio ou periódicos e case un 25% vai algún contido éuscaro en TV. Os soportes en éuscaro que obteñen unha maior penetración son a emisora Euskadi Irratia e a canle EITB-1. O resto das radios, canles e xornais en éuscaro non logran alcanzan o 5% da audiencia.

Porcentaxe que le ou contido en éuscaro (% sobre o que le publicacións con contido mixto)						
	Gara	El Diario Vasco	Diario de Noticas	El País (Ed.País Vasco)	Diario de Navarra	El Mundo (Ed.País Vasco)
Base len cada publicación	6.6%	2.8%	28.1%	2.7%	65.9%	3.5%
Le contido en éuscaro	64.0	47.5	23.2	10.1	8.6	3.6
Non le contido en éuscaro	36.0	52.5	76.8	89.9	91.4	96.4

a) na medida en que a radio e a televisión teñan unha misión de servizo público a:
I) garantir a creación de, polo menos, unha emisora de radio e unha canle de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias; ou
II) fomentar e/ou facilitar a creación de, polo menos, unha emisora de radio e unha canle de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias; ou
III) adoptar as medidas adecuadas para que os medios de difusión programen emisións nas linguas rexionais ou minoritarias;

O Goberno de Navarra ata o momento non realizou ningún i na creación dunha radio ou unha canle de televisión en éuscaro dada a complexidade e custo elevado destas infraestruturas.

O Goberno de Navarra optou por outras accións que conseguen os mesmos obxectivos, isto é, garantir a existencia e viabilidade dalgunha emisora de radio e algunha canle de televisión ambas as dúas en éuscaro, e todo iso na zona vascófona.

Con este obxectivo o Goberno de Navarra estableceu unha convocatoria de subvencións aos medios de comunicación (prensa, radio e televisión) que anualmente reparte diversas cantidades que axudan ao mantemento de todos aqueles medios de comunicación social da zona vascófona, mixta e non vascófona que toman parte nesa convocatoria.

En concreto, nas diferentes convocatorias dos últimos anos participaron:

RADIOS QUE EMITEN EN ÉUSCARO		
ZONA VASCÓFONA	ZONA MIXTA	ZONA NON VASCÓFONA
Aralar	Euskalerria Irratia	
Beleixe		
Esan-Erran		
Karrape		
Xorroxin		

TELEVISIÓNS QUE EMITEN EN ÉUSCARO		
ZONA VASCÓFONA	ZONA MIXTA	ZONA NON VASCÓFONA
Xaloa		
Ttipi-Ttapa		

RADIOS QUE EMITEN EN CASTELÁN		
ZONA VASCÓFONA	ZONA MIXTA	ZONA NON VASCÓFONA
	Navarra de Radio S.A. (*)	

(*): Durante os anos 2002 e 2003.

TELEVISIÓNS QUE EMITEN EN CASTELÁN		
ZONA VASCÓFONA	ZONA MIXTA	ZONA NON VASCÓFONA
	Canal 4	
	Rexional RTVE	
	Canal 6	

b i) fomentar e/ou facilitar a creación de, polo menos, unha emisora de radio nas linguas rexionais ou minoritarias; o

O Goberno de Navarra, tal e como se indicou no parágrafo anterior ten establecida unha convocatoria de axudas económicas aos medios de comunicación social de Navarra que anualmente reparte subvencións entre os medios que nela toman parte. Con este sistema facilítase a existencia de emisoras de radio na lingua rexional e minoritaria que é o éuscaro en toda a zona vascófona.

Esas emisoras están presentes tanto na zona vascófona, como na mixta e na non vascófona.

c i) fomentar e/ou facilitar a creación de, polo menos, unha canle de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias; ou

- Cadeas de televisión que emiten en éuscaro:

  - Xaloa Telebista
  - Ttipi-Ttapa Telebista

- Cadeas de televisión que emiten en castelán con algún programa en éuscaro son as seguintes:

  - Canal 4
  - Rexional RTVE
  - Canal 6

- Emisoras que emiten desde fóra da Comunidade en éuscaro:

  - ETB 1

- Axudas ás cadeas de televisión convocatoria 2005.

O Goberno de Navarra, tal e como se explicou na pregunta anterior referida ás emisoras de radio, ten establecida unha convocatoria de axudas económicas aos medios de comunicación social de Navarra que anualmente reparte subvencións entre os medios que nela toman parte. Con este sistema non se facilita a existencia e viabilidade de dúas canles de televisión na lingua rexional e minoritaria que é o éuscaro. Esas emisoras están presentes a zona vascófona.

ZONA VASCÓFONA
Xaloa
Ttipi-Ttapa

Por outra parte, as axudas concedidas aos medios de comunicación tamén favorecen a existencia doutras canles que utilicen o éuscaro nalgúns programas de televisión. Así, temos que nos últimos anos tomaron parte na convocatoria de subvencións canles de televisión domiciliadas na zona mixta e que ao emitir para toda Navarra aseguran a presenza do éuscaro na televisión en toda Navarra, en determinados programas, desde a zona non vascófona ata a vascófona.

- Subvencións da convocatoria de 2005 para televisións en éuscaro.

TELEVISIÓN EN ÉUSCARO	
Xaloa	16.312,82 €
Ttipi-Ttapa	17.592,98 €
TOTAL	33.905,80 €

- Subvencións da convocatoria de 2004 para televisións en castelán e en éuscaro:

TELEVISION EN CASTELÁN	
Canle 6	6.615,00 €
TOTAL	6.615,00 €

TELEVISIÓN EN ÉUSCARO	
Xaloa	16.312,82 €
Ttipi-Ttapa	17.592,98 €
TOTAL	33.905,80 €

d) fomentar e/ou facilitar a produción e a difusión de obras de audición e audiovisión nas linguas rexionais ou minoritarias;

A inexistencia de servizos de radiotelevisión propia impide a realización directa deste tipo de actividades.

e l) fomentar e/ou facilitar a creación e/ou mantemento de, polo menos, un órgano de prensa nas linguas rexionais ou minoritarias;

A Dirección Xeral de Comunicación ten entre as súas funcións externas principais: informar os medios de comunicación dos actos públicos que teñan como protagonista o Presidente e os seus conselleiros e doutros actos do Goberno de Navarra que poidan ser de interese para a cidadanía; e ofrecerlles esta mesma información aos cidadáns directamente a través do portal do Goberno de Navarra en internet (www.navarra.es).

Sobre este primeiro obxectivo:

1. O Servizo de Medios de Comunicación conta con 9 xornalistas, cargos de dirección incluídos, dos que 3 dominan o éuscaro con nivel EGA, aínda que o coñecemento desa lingua só sexa preceptivo nun posto de traballo. Polo tanto, as consultas de medios de comunicación realizadas en éuscaro, por teléfono ou por escrito, aténdense nesta lingua.

2. O Gabinete de Prensa que depende do Servizo realiza todas as súas comunicacións escritas (notas de prensa e convocatorias) en español e utiliza unicamente o éuscaro en dous casos: para informar dos principais acordos do Goberno de Navarra adoptados na sesión ordinaria dos luns; e para dar a coñecer actividades do Goberno de Navarra directamente ligadas con esta lingua, actos xeralmente impulsados polos departamentos de Educación e polo Departamento de Cultura e Turismo, notas que se realizan en español e éuscaro, en formatos separados.

Ademais desde a Dirección Xeral de Comunicación, adscrita ao Voceiro do Goberno, encárgase do deseño e mantemento da páxina web institucional do Goberno de Navarra. Esa Dirección Xeral de Comunicación realizou un proxecto denominado “Definición de obxectivos e alcance do Multiidioma para Portal de Navarra". Nese documento incídese na importancia de que cada cidadán poida consultar ese portal no idioma que elixa. Un dos puntos establece as Canles de publicación que ofrecerán a información en diferentes idiomas; por un lado información ofrecida en Castelán, Éuscaro, Inglés e Francés, por outro, información consultable en Castelán e Éuscaro e por último toda información que tan só se poderá consultar en Castelán.

f) II) ampliar as medidas existentes de asistencia financeira ás producións audiovisuais en linguas rexionais ou minoritarias;

Correspóndelle ao Departamento de Cultura e Turismo a xestion, ben a través de convocatoria anual de subvencións a actividades culturais ou por medio de axudas directas a proxectos e traballos audiovisuais para a súa tradución e posterior edición; e iso tal e como quedou reflectido nos datos referidos a Actividades Culturais, contempladas noutro punto deste Informe

g) apoiar a formación de xornalistas e demais persoal para os medios de comunicación que empreguen as linguas rexionais ou minoritarias.

Articúlanse a partir da convocatoria anual aos medios de comunicación destas axudas.

Comunidade Autónoma de ILLES BALEARS

O Ente Público de Radiotelevisión das Illes Balears (EPRTVIB) constituíuse o 26 de marzo de 2004, en desenvolvemento da lei da súa creación en maio de 1985, integrando as sociedades públicas de radio e televisión autonómicas baixo a marca IB3.

A creación de IB3 ten un marcado carácter estratéxico para unha comunidade autónoma pluriinsular, como son a busca dunha maior cohesión territorial, reforzar sinais de identidade propios e, por último, favorecer o crecemento e desenvolvemento dun sector audiovisual propio en Balears.

O modelo de xestión que se aplica por parte do Ente Público de Radiotelevisión das Illes Balears (IB3) nas súas cadeas de radio e televisión son innovadoras no panorama audiovisual público de España, toda vez que se externaliza practicamente toda a produción dos contidos, incluíndo execución material dos informativos, sen perder a garantía da titularidade pública do servizo.

Un dos obxectivos básicos do Ente é, sen dúbida, a promoción no uso da lingua catalá, propia das Illes Balears, e en especial das súas variedades insulares. Por esta razón, aproximadamente o 80% da produción da cadea realízase neste idioma, tamén oficial no ámbito da Comunidade Autónoma das Illes Balears.

Neste punto hai que facer unha mención especial ao esforzo permanente, desde o mesmo inicio das emisións regulares no caso de IB3 Televisión -o 4 de setembro de 2005-, de dobrar á lingua catalá toda a produción allea destinada ao público infantil; proceso no que se inclúen as variedades lingüísticas do mallorquino, menorquino e eivisenco, incluíndo o formenterense. Desta forma quérese participar no necesario esforzo común pola conservación do legado lingüístico multisecular existente en Balears, labor imprescindible para poder facer fronte ao perigo que significa unha excesiva uniformidade lingüística da lingua catalá. O esforzo descentralizador de IB3 ponse de manifesto coa presenza constante das achegas informativas, tanto de radio como de televisión, que se realizan desde os centros territoriais de Menorca, Eivissa e Formentera.

Esta esixencia da cadea está provocando a creación dun núcleo cada vez máis importante de empresas interesada na dobraxe de producións destinadas ao público infantil, embrión, sen dúbida, dun proceso que a medio prazo permitirá ampliar de xeito progresivo a presenza da lingua catalá en toda a súa programación televisiva. Na actualidade, con independencia dos custos que suporía para a cadea, non hai capacidade suficiente nas Balears para acometer a dobraxe íntegra de toda a produción allea que emite a canle autonómica de televisión, razón pola que se mantén a súa emisión en castelán. Cabe recordar que desde o inicio das emisións de IB3 Ràdio a porcentaxe dos seus programas en lingua catalá sitúase ao redor do 95%.

Un dos aspectos máis significativos de todo o proceso de normalización lingüística foi a participación activa do Consorcio para o Fomento da Lingua Catalá e a Proxección Exterior da Cultura das Illes Balears (COFUC), organismo dependente da Consellería de Educación

e Cultura do Goberno das Illes Balears, o cal foi o encargado de confeccionar o manual de estilo dos servizos informativos das cadeas de radio e televisión, ademais de supervisar os guións das producións alleas de ficción que se dobraron ao catalán; tarefa na que se puxo especial énfase na corrección no uso das diferentes modalidades insulares da lingua catalá.

Ademais, o COFUC –que ten entre os seus integrantes a Universidade das Illes Balears-, seguindo co modelo de externalización xa mencionado, é o encargado da supervisión constante respecto á utilización da lingua catalá no conxunto da programación, que segundo as cifras da grella de programación da próxima tempada alcanza o 60% de media semanal.

Cabe indicar que IB3 é o único medio de comunicación audiovisual de ámbito autonómico existente en Balears -as emisións son ininterrompidas de 24 horas diarias-, feito que supuxo un reto sen precedentes xa que levou implícito a aplicación dun modelo lingüístico propio centrado na preservación das especificidades de cada unha das illas que integran a comunidade autónoma.

En toda esta cuestión hai que deixar constancia de que xunto coas emisións de IB3 conviven coas procedentes doutras comunidades autónomas, Catalunya e Valencia - tamén en lingua catalá, denominada estatutariamente *valenciana* na Comunidade Valenciana -, tamén co apoio institucional do Goberno das Illes Balears, ademais das xa coñecidas de ámbito estatal, as cales sufriron un notable incremento nos últimos meses. O panorama complétase coas emisoras existentes en cada illa e ás que habería que engadirlles as municipais, a maioría das cales tamén fan un uso case exclusivo do catalán nas súas emisións.

- Formación de Xornalistas e outro Persoal.

Para apoiar a formación de xornalistas e outro persoal dos medios de comunicación realizáronse as actuacións seguintes:

Fomentáronse os usos sociais da lingua catalá, prestando unha atención especial ás modalidades insulares, sen prexuízo da unidade do idioma institucional co Ente Público de Radiotelevisión das Illes Balears (EPRTVIB). No ano 2004 asinouse un convenio marco de colaboración e o 2005 asináronse convenios específicos para levar a cabo actuacións concretas.

O Consorcio (COFUC) presta servizo de asesoramento lingüístico ao Ente Público de Radiotelevisión das Illes Balears por medio dun convenio que recolle os principais eixes de actuación:

- Avaliación inicial (probas de aptitude lingüística) e periódica dos locutores de IB3 Televisión e de IB3 Ràdio.
- Avaliación (probas de aptitude lingüística) inicial e periódica dos actores de dobraxe que teñen que intervir nas series infantís.
- Formación continua do persoal de redacción (locutores e redactores) de IB3 Televisión e de IB3 Ràdio.
- Formación continua dos actores de dobraxe.
- Corrección e revisión de guións de programas e series de ficción.
- Elaboración dun manual de estilo.
- Elaboración dunhas pautas que sirvan de marco de referencia para o modelo de lingua para a dobraxe e as series de produción propia.

- Proxección de Películas en Lingua Catalá.

Fíxose unha convocatoria de axudas (BOIB nº 17, do 1 de febreiro de 2005) para apoiar proxección de películas en lingua catalá, producidas durante o 2004 e o 2005.

2. As partes comprométense a garantir liberdade de recepción directa das emisións de radio e de televisión dos países veciños nunha lingua falada de xeito idéntico ou parecido a unha lingua rexional ou minoritaria, e a non opoñerse á retransmisión de emisións de radio e de televisión dos países veciños nesa lingua. Comprométense, ademais, a velar por que non se lle impoña á prensa escrita ningunha restrición á liberdade de expresión e á libre circulación de información nunha lingua falada de xeito idéntico ou parecida a unha lingua rexional ou minoritaria.
O exercicio das liberdades mencionadas anteriormente, que entraña deberes e responsabilidades, pode ser sometido a certos trámites, condicións, restricións ou sancións previstos pola lei, que constitúan medidas necesarias, nunha sociedade democrática, para a seguridade nacional, a integridade territorial ou a seguridade pública, a defensa da orde e a prevención da delincuencia, a protección da saúde ou da moral, a protección da reputación ou dos dereitos alleos, para impedir a divulgación de informacións confidenciais ou para garantir a autoridade e a imparcialidade do poder xudicial.

Comunidade Autónoma de EUSKADI

As emisións radiofónicas ou televisivas da Comunidade Autónoma de Euskadi, atéñense aos parámetros técnicos autorizados.

As prohibicións que puidesen establecerse están baseadas en medidas de seguridade, aviación civil ou interferencias a outras emisións autorizadas.

O artigo 20 da Constitución Española referido á liberdade de expresión é respectado e cumprido por toda a prensa escrita; e esta condición aparece incluída no marco da convocatoria referida en “Medidas parágrafo 1”.

Comunidade Autónoma de GALICIA

A Comunidade Autónoma de Galicia estima que este tipo de acordos se corresponde co ámbito de competencias exclusivas do Goberno español.

A CRTVG non ten ningún tipo de acordo ou convenio xeral de colaboración con Portugal neste sentido, aínda que, se dan casos de coprodución con algunha produtora portuguesa, polo que se considera interesante intensificar a comunicación cos medios portugueses, sobre todo para compartir producións, tanto alleas como propias, en temas que poden ser de interese común.

A Radio Galega e a Televisión de Galicia cobren coas súas emisións todo o norte de Portugal, e dispón de Delegación na cidade de Porto.

A través do satélite, o sinal da TVG chega a todo o mundo e existen referencias de que hai certo seguimento da TVG en todo Portugal, sobre todo dos galegos emigrados neste país.

En todo caso, a información correspondente a este punto pode completarse coa que aparece na parte do Informe correspondente aos intercambios transfronteirizos, en concreto as referidas ao Programa Radio Ponte nas Ondas.

Comunidade Foral de NAVARRA

Tal e como se sostivo no anterior Informe, o Goberno de Navarra non pon ningún impedimento nin legal nin técnico para a recepción de todas aquelas emisoras de radio que emiten en éuscaro desde fóra da Comunidade e que son susceptibles de ser escoitadas en Navarra.

Así mesmo, non hai impedimento ningún á recepción de canles de televisión que emiten en éuscaro desde fóra da Comunidade.

Por outra parte, existe unha liña de subvencións á produción editorial de especial interese en lingua catalá ou aranesa, tamén impulsada desde o ICIC. Concédense subvencións a proxectos que inclúan a redacción e a edición de títulos individuais ou coleccións de libros sobre calquera disciplina do coñecemento, incluídas a ciencia, a técnica e a literatura, así como tamén a edición de partituras. No caso da edición de traducións, sempre que sexan publicadas por unha mesma empresa ou grupo editorial, as edicións en catalán deben ser anteriores ou simultáneas á castelá. A dotación para o ano 2005 para esta liña de subvencións foi de 200.000 euros e financiáronse 47 proxectos, o cal supón un aumento do 33% en relación ao ano anterior.

Polo que se refire ás axudas directas ao sector, fixéronse convenios con asociacións do sector: o *Gremio de Libreiros de Barcelona e de Catalunya* e o *Consello Catalán do Libro para Nenos e Rapaces.* Outra liña de axuda refírese ás feiras e á internacionalización do sector. Dende o ICIC traballouse coas asociacións de editores e libreiros nun plan para mellorar a presenza e a imaxe colectiva da edición catalá en feiras relevantes. O 2005 outorgáronse 8 axudas por un importe de 521.694,59 euros.

Finalmente, outorgáronse 6 axudas para outros proxectos relacionados co libro en catalán, por valor de 77.400 euros (2005).

O Consorcio Catalán para a Promoción Exterior da Cultura (COPEC) ofrece apoio á promoción exterior do libro e a literatura catalá. Cabe destacar o apoio dado á participación de editores cataláns á Feira de Frankfurt e á de Bolonia. Tamén colaborou co Instituto de Estudos Cataláns na convocatoria e concesión das bolsas de estudo Generalitat de Catalunya para catalanófilos.

- Medidas de Fomento da Produción Literaria en catalán, impulsadas pola Generalitat de Catalunya.

A Lei 20/1987, do 12 de novembro, creou a Institución das Letras Catalás como unha entidade autónoma do Departamento de Cultura, na que participan representantes do mundo editorial, de escritores (a Asociación de Escritores en Lingua Catalá está representada tanto polo que respecta á súa sección de Catalunya como ás da Comunidade Valenciana e as Illes Balears, ademais da súa sección de tradución, o Instituto Ramon Llull como organismo social de proxección exterior da cultura e a lingua catalás e a Secretaría de Política Lingüística. Ademais, forman parte de Consello Asesor o Colexio de Xornalistas de Catalunya e personalidades de gran relevo das letras catalás.

A finalidade desta institución é velar pola promoción das obras dos autores que se expresan en catalán dentro e fóra das terras onde se fala esta lingua. Para iso, outorga subvencións a creadores literarios, tradutores, guionistas, estudosos, etcétera. Tamén programa campañas de promoción dos escritores nas escolas e os centros culturais, o mesmo que vela pola proxección exterior da literatura catalá mediante exposicións sobre temas literarios, a participación nas feiras do libro e os contactos no estranxeiro con editores, axentes literarios e centros de escritores e tradutores. Ademais, a Institución elabora e mantén a base de datos «Quen é quen» de escritores cataláns actuais, que se presentou no ano 1991 en formato libro, e que desde o 2000 se pode consultar por Internet. Actualmente, contén máis de 1.500 fichas consultables de autores de creación literaria en lingua catalá con dúas ou máis obras publicadas, dos que se pode obter o repertorio bibliográfico. A distribución

territorial alcanza o conxunto do noso dominio lingüístico, e tamén o resto do Estado español e do estranxeiro.

A Institución das Letras Catalás tamén organiza 3 festivais literarios: o V Festival de Poesía de Sant Cugat, o Ciclo Música de Palabras (en colaboración coa Orquestra Sinfónica do Vallès e celebrado no Pazo da Música Catalá) e Letras al Brossa' 05. Ademais, colabora na organización doutros 13 festivais ou actos en Catalunya.

No referente á axuda directa a creacións e actividades literarias, a Institución das Letras Catalás executou no 2005, 539.000 euros mediante varias liñas de subvención: axudas por propostas de creación literaria en lingua catalá (31%), axudas a propostas de creación ou renovación de páxinas Web sobre literatura catalá (5%), axudas a tradutores para propostas de tradución ao catalán de obras literarias noutras linguas (6%), axudas á investigación sobre movementos, obras, autores e crítica literaria de literatura catalá, preferentemente contemporánea (5%) e axudas á realización de actividades de promoción e difusión da literatura catalá mediante entidades sen finalidade de lucro (53%).

- **OBRAS CINEMATOGRAFICAS.**

    - Presenza da Lingua catalá nas Obras Cinematográficas exhibidas en Catalunya.

A exhibición de cine catalán e en catalán (en versión orixinal catalá ou versión dobrada ao catalán) aumentou considerablemente nos últimos anos, pasando de 25 longametraxes exhibidas o ano 2002 a 34 longametraxes o ano 2005 (13 en versión orixinal catalá e 21 en versión dobrada en catalán), feito que representa un incremento durante este período do 36%.

Este incremento na oferta de cine catalán e en catalán vén acompañado á vez por un incremento do número de espectadores, aumentando ata o 42% desde o ano 2002, e pasando de 145.385 a 206.284 espectadores. Respecto á recadación, esta tamén crece, ata o 20% desde o ano 2002, e sitúase por enriba do millón de euros.

As longametraxes exhibidas en catalán o ano 2005 son o 49% do total de longametraxes cataláns exhibidos en Catalunya (34 longametraxes en catalán sobre 69 longametraxes en total). En relación ás estreas, pódese observar unha tendencia aínda máis positiva, atendendo o incremento global da produción, que se sitúa en 27 longametraxes estreadas en catalán sobre un total de 36 longametraxes estreadas, ou sexa, o 75% das estreas d longametraxes catalás durante o ano 2005 tiveron estrea na súa versión catalá. Neste sentido, é preciso dicir tamén que as longametraxes estreadas o ano 2005 conforman o groso de recadación e espectadores sobre o total d longametraxes exhibidas en idéntico período.

No que respecta aos espectadores, o número total de espectadores dos cines de Catalunya o ano 2005 foi de 25.869.951, unha cifra que representa un 10,9% menos que o ano anterior, en que foron 29.034.898. A recadación, chegou a 140.259.016,29 € millóns de euros, inferior á do ano 2004, en que se recadaron 151.341.368 €.

O número de espectadores de películas exhibidas en catalán no ano 2005 foi de 832.028. Esta cifra contén o total de espectadores de películas exhibidas durante o 2005,

independentemente do ano de estrea. Iso representa un incremento do 1% respecto ao 2004, que tivo 823.064.

Polo tanto, atopámonos con que mentres que o cinema exhibido en Catalunya perde un 10,9% de espectadores o ano 2005, o cine exhibido en lingua catalá non só non perde espectadores, senón que experimenta un lixeiro aumento, do 1%

En canto á oferta de títulos exhibidos en catalán, incrementáronse en 7, xa que dos 89 do ano 2004 pasouse aos 96 do ano 2005, dos que 14 títulos se proxectaron en versión orixinal en catalán, 81 en versión dobrada e 1 en versión subtitulada.

Destes 96 títulos, 50 foron de estrea; 10 en versión orixinal catalá e 40 en versión dobrada. Das películas dobradas, 22 foron de orixe estranxeira, 17 de produción catalá e 1 de produción española.

En gran formato estreáronse 3 curtametraxes, unha das cales é de produción catalá en versión orixinal castelá e dúas son de orixe estranxeira dobradas ao catalán.

O total de espectadores en catalán distribúese da xeito seguinte: 108.067 corresponden á versión orixinal en catalán, 723.763 corresponden á versión dobrada e 198 á versión subtitulada.

- Actuación da Generalitat de Catalunya no Fomento da Presenza da lingua catalá no Cine.

- Dobraxe de películas exhibidas en cines.

Posto que o cine é un sector clave na normalización do uso do catalán, un dos obxectivos da Lei de política lingüística e do Plan de acción da Secretaría de Política Lingüística da Generalitat de Catalunya para os anos 2005-2006, é favorecer, estimular e fomentar a dobraxe e a subtitulación en catalán de películas de expresión orixinal non catalá, a distribución, en calquera formato, e a exhibición destes produtos. Tamén se quere garantir que as dobraxes feitas para o cine se incorporen de xeito automático aos formatos domésticos, DVD.

A tal fin, a Secretaría de Política Lingüística fai unha selección das películas ás que lles destinará recursos para a súa dobraxe ao catalán, logo de acordo con empresas distribuidoras, atendendo criterios de comercialidade e de calidade. As películas dirixidas ao público infantil predominan no conxunto de títulos dobrados ao catalán, posto que estas presentan unha maior rendibilidade e pola dispoñibilidade deste público en ver as películas en catalán.

Esta actuación permitiu que o ano 2005 se estrearan 22 películas dobradas de orixe estranxeira. Iso supón un aumento do 15,7% respecto ao 2004 (dobráronse 19 títulos máis 1 título subtitulado) e unha diminución do 13,6% respecto ao 2003 (21 títulos dobrados e 4 subtitulados.). Das 22 películas estreadas, 13 son para o público infantil e as 9 restantes van dirixidas especialmente ao público xuvenil.

A achega económica da Generalitat para a dobraxe de películas ao catalán compleméntase co apoio económico á difusión das versións catalás de películas de orixe estranxeira

mediante a convocatoria de subvencións para as estreas dobradas ou subtituladas ao catalán, a cal inclúe a edición de materiais promocionais da versión catalá. Ademais, levaron a cabo campañas publicitarias de televisión, radio, prensa e Internet de cada unha das películas subvencionadas. Tamén se fixeron campañas na televisión das versións catalás das películas de gran formato. O da Secretaría durante o 2005 para a promoción e difusión das estreas de cine e lanzamentos en DVD foi de 590.603 €.

A achega do Goberno para a dobraxe, copia e promoción mediante subvencións a empresas distribuidoras pasou de 1.813.388,80 € o ano 2004 a 2.024.302 € o ano 2005, ou sexa, aumentou un 11,63. Tamén se fixo un de 99.901,67 € en subvencións a entidades de cine.

De acordo cos convenios de colaboración existentes entre a Generalitat e o Goberno das Illes Balears, 13 das películas dobradas ao catalán exhibíronse nas Illas. O Goberno das Illes Balears faise cargo dos gastos da copia correspondente.

- Subtitulacion de Películas en Catalán.

En canto ao fomento da subtitulación ao catalán, a Generalitat de Catalunya colabora no financiamento da subtitulación de longametraxes ou curtametraxes de festivais de cinema. Destacamos, por ser os máis recentes, os seguintes*: III Festival de cine e dereitos humanos*, 3ª edición do *Festival Europeo de Telefilmes* e *Mostra de cinema Zoom Igualada,* 31ª edición do *Festival internacional de filmes de Badalona*, 10ª edición da *Mostra de cinema gay e lésbico* e o *Festival Internacional de Cine de Catalunya (Sitges, 78 a edición)*.

Igualmente, a Generalitat de Catalunya apoiou o proxecto *CinemaNet Europe* (CNE), un proxecto iniciado no 2003 desde o Instituto de Cinematografía Holandés. Consiste nunha rede dixital de cine europeo constituída por 8 países (Alemaña, Inglaterra, Austria, Eslovaquia, España, Holanda, Portugal e Irlanda). Ten como obxectivo a difusión do cine independente, documentais e cine especializado europeo.

- Dobraxe e subtitulación ao catalán das Producións Cinematográficas para a súa emisión por Televisión.

Desde a posta en marcha da Televisión pública de Catalunya (o ano 1983 e cumprindo co principio básico que inspirou o seu nacemento -a intervención positiva no proceso de normalización lingüística e cultural-, esta cadea dobrou uns 7.000 filmes en catalán.

O ritmo anual de dobraxe dos últimos anos é duns 350 títulos por ano unha vez comprados os dereitos de emisión, que inclúen estreas de películas e *tvmovies* para televisión. Por outra parte, anualmente estréanse unhas 330 película estranxeiras nas salas de exhibición, das cales só inclúen versión catalá na edición do DVD as que teñen a dobraxe por exhibición subvencionada pola Secretaría de Política Lingüística da Generalitat de Catalunya.

A Corporación Catalá de Radio e Televisión (CCRTV) é o ente público que xestiona as canles de televisión e de radio públicas. O ano 2005, este organismo adoptou unha medida que supón un impulso definitivo á presenza do catalán na emisión de cine nas televisións: o Servizo Catalán do Dobraxe. Este servizo, creado en xullo de 2005 asume a dobraxe para televisión dos filmes estranxeiros que se estreen en salas comerciais e cederaa gratuitamente ás distribuidoras, coa finalidade de que a poidan incluír nas edicións de

DVD/vídeo e a poñan a disposición das televisións que compran os dereitos de emisión. Non obstante, o servizo xestionará o fondo histórico de dobraxe de TV3.

Esta acción permitirá que, na segunda fase da explotación comercial dos filmes, o DVD, e antes de que cheguen á pequena pantalla, xa se poida ver a versión catalá e se cree unha situación de normalidade nun mercado que cada vez vai adquirindo máis relevancia.

Outro obxectivo é dispoñer da dobraxe para televisión da maior parte do cinema que enche o "prime time" de todas as televisións. Coa implantación das emisións en TDT, todas as emisoras poderán ofrecer a versión en catalán do cine de máis audiencia, cedido de xeito gratuíto polo Servizo Catalán da Dobraxe.

Igualmente, cabe destacar que a Televisión pública da Generalitat de Catalunya impulsou durante este trienio a subtitulación ao catalán das películas que se emiten.

Cremos que unha iniciativa coma esta tería que ser impulsada tamén polas canles de televisión públicas estatais, de maneira que se puidese optar polas subtitulacións nas diferentes linguas minoritarias do Estado diferentes da do castelán, que é a lingua de dobraxe da totalidade das películas que emiten.

- Versión Orixinal en catalán.

Un dos obxectivos da Generalitat de Catalunya, a través do ICIC, é a potenciación e a promoción da produción cinematográfica en versión orixinal catalá.

É preciso sinalar as dificultades inherentes a este obxectivo dada a tendencia inevitable á coprodución estatal e internacional do cinema catalán, inevitable pola estrutura crecente dos custos de produción das películas e pola necesidade, derivada das normativas europeas, de considerar con igualdade de condicións o talento artístico proveniente de calquera lugar da Unión Europea.

Por esta razón o ICIC creou unha política de apoio á produción en versión catalá carente dun carácter restritivo pero estimulador, engadindo ao apoio que recibe unha película, un plus económico se esta se realiza en catalán. Este plus actualmente é de 60.000 euros achegados polo ICIC, aos que é preciso engadir 20.000 euros máis en concepto de publicidade achegados pola Secretaría de Política Lingüística (SPL).

Esta política permitiu un aumento das películas rodadas en catalán, así como un incremento paralelo da súa cota de mercado.

No ano 2004, o ICIC abriu diversas convocatorias de subvencións que incluíron disposicións de fomento do catalán:

- Resolución CLT/1620/2004, do 25 de maio, pola cal se abre convocatoria para a concesión de subvencións para a explotación de longametraxes cinematográficas e de producións en formato Imax. Nesta convocatoria mestúranse os criterios industriais e lingüísticos, e nela prevalecen as versións catalás (orixinais ou dobradas), de forma que unha versión catalá pode obter un máximo de 160.000 euros, e unha versión noutra lingua, un máximo de 60.000 euros. O total concedido e executado foi de 1.228.437,68 euros.

- Resolución CLT/1621/2004, do 24 de maio, pola cal se abre a convocatoria para a concesión de subvencións para a estrea en versión catalá de longametraxes cinematográficas e de producións en formato Imax. Para poder optar á convocatoria, téñense que estrear como mínimo seis copias da longametraxe en versión catalá; non obstante, en caso de longametraxes dirixidas por novos realizadores, téñense que estrear como mínimo tres copias en versión catalá, e en caso de longametraxes documentais e longametraxes en formato Imax, tense que estrear como mínimo unha copia en versión catalá; a longametraxe debe exhibirse en Barcelona, nun local habitualmente de estrea e cunha permanencia en cartel de sete días como mínimo e en todas as sesións (o requisito de proxección en todas as sesións non é aplicable aos formatos Imax). Concedéronse e executáronse 851.829,67 euros.

- Resolución CLT/1724/2004, do 8 de xuño, pola cal se abre convocatoria para a concesión de subvencións para a produción de longametraxes dirixidas por novos realizadores e para obras con claro contido artístico e cultural. O obxecto da convocatoria é a concesión de subvencións para a produción de longametraxes cinematográficas que se teñen que estrear en versión catalá, exclusivamente ou non. O total concedido foi de 980.000 euros.

- Resolución CLT/1829/2004, do 8 de xuño, pola cal se abre a convocatoria para a concesión de subvencións para a exhibición en versión catalá de longametraxes producidas por produtoras independentes establecidas en Catalunya. Quedan excluídas as longametraxes cinematográficas cualificadas como X. As subvencións consisten nunha cantidade por entrada vendida para a exhibición de longametraxes cinematográficas de produción catalá durante os dez primeiros meses a partir do inicio da exhibición na sala que é obxecto da solicitude. A cantidade a percibir por entrada vendida foi igual para todas as empresas beneficiarias, cun máximo de 60 céntimos de euro por entrada. En caso de que a película se exhibira xunto cunha curtametraxe de produción catalá non anterior ao ano 1999 e tamén en versión catalá, esta cantidade incrementouse ata 70 céntimos de euro por entrada vendida. O importe máximo da subvención é de 6.000 euros por longametraxe cinematográfica. Concedéronse e executaron 23.059,20 euros.

- Resolución CLT/1830/2004, do 8 de xuño, pola cal se abre a convocatoria para a concesión de subvencións a empresas de distribución cinematográfica para a distribución en versión catalá de longametraxes producidas por produtores independentes establecidos en Catalunya. O obxecto da convocatoria é estimular a distribución cinematográfica en versión catalá de longametraxes que se estrearan no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2003. Quedan excluídas as películas cualificadas como películas X. As subvencións consisten nunha cantidade por entrada vendida durante os dez primeiros meses desde a data da estrea da longametraxe, igual para todas as empresas beneficiarias, cun máximo de 60 céntimos de euro por entrada. Non se subvencionan as entradas correspondentes aos primeiros 36.000 euros de recadación pola exhibición da longametraxe. O importe máximo das subvencións é de 12.000 euros por longametraxe. Concedéronse e executáronse 29.106,60 euros.

No ano 2005, o ICIC abriu as seguintes liñas de subvención que inclúen medidas de apoio ao catalán:

- Subvencións para a produción en versión orixinal catalá e a estrea en versión catalá de longametraxes cinematográficas e producións en gran formato. Por primeira vez o ICIC convocou estas subvencións co obxectivo de impulsar produción e estrea en versión orixinal catalá. Concedéronse e executáronse 620.000,00 euros para a estrea de 14 longametraxes cinematográficas durante o ano 2005.

- Subvencións para a difusión do cine de autor contemporáneo en salas de exhibición. No 2005 outorgáronse 103.350 euros (51,66% da dotación) a 13 salas de cine de Catalunya coa finalidade de promover a difusión do cine de autor contemporáneo, dun total de 31 solicitudes inicialmente presentadas. Esta liña de subvención contén unha medida específica para a lingua catalá, xa que se se exhibe en versión orixinal catalá ou versión orixinal subtitulada ao catalán, os proxectos que soliciten subvención teñen dous puntos adicionais.

➢ ARTES ESCÉNICAS.

- Presenza do catalán nas Artes Escénicas.

No ano 2003 o Teatro Nacional de Catalunya presentou 440 representacións de teatro correspondentes a 20 obras teatrais, das que 19 eran en catalán e unha en lituano subtitulada en catalán. O total de espectadores foi de 163.775.

No ano 2004 o Teatro Nacional de Catalunya presentou 24 obras, cun total de 514 representacións e 210.755 espectadores. Das 24 obras programadas, 20 foron en catalán; unha, en alemán subtitulada en catalán; unha, sen texto, e dúas eran espectáculos de danza. Ademais, o Teatro Nacional programou, no ano 2004, dous espectáculos de cantautores cataláns, que tiveron 2.213 espectadores.

- Medidas de Fomento da Presenza do catalán nas Artes Escénicas impulsadas pola Generalitat de Catalunya.

Desde o 2005, as políticas públicas no ámbito das artes escénicas están xestionadas polo Instituto Catalán de Industrias Culturais (lOlO), que depende da Generalitat de Catalunya. Neste ámbito, existen tres liñas de subvención de certo relevo desde o punto de vista do apoio á produción e a programación en catalán.

En primeiro lugar, a principal liña de subvención son os convenios trienais (2005-2007) de colaboración con compañías de teatro e de circo, empresas de produción teatral e de circo e empresas xestores de sala con produción propia. As empresas de produción teatral teñen que prever polo menos o 50% da súa produción en lingua catalá. Por outra parte, as empresas que xestionan a programación dunha ou varias salas de teatro con produción propia teñen que programar un mínimo do 50% dos espectáculos en catalán, ao igual que as empresas que xestionan as salas alternativas ou de pequeno formato. Esta liña de subvención é a máis importante no que respecta á súa dotación orzamentaria, que foi de 1.710.200 euros.

En segundo lugar, existe unha liña de subvencións a salas privadas de teatro con programación estable. Neste caso, a porcentaxe de espectáculos en catalán tampouco pode ser inferior ao 50% da programación. Esta liña dotouse con 89.000 euros.

Finalmente, a última liña de axudas ten como destinatarios os proxectos de adaptación a outras linguas de espectáculos estreados en catalán. Esta liña ten como obxectivo a difusión e explotación noutras linguas de espectáculos teatrais ou de circo que sexan ou non orixinais en catalán e que requiran a tradución en caso de non existir a adaptación na lingua que se solicita.

- **MÚSICA.**

    - Presenza da lingua catalá nas Medidas de Fomento da Música impulsadas pola Generalitat de Catalunya.

Durante o 2003, no ámbito do apoio á edición e a promoción de fonogramas, o Departamento de Cultura concedeu axudas por un importe de 149.400 euros para a edición de 53 fonogramas. Por outra parte, o Departamento asumiu ata un 40% dos gastos das campañas de promoción de 21 fonogramas, que representou unha achega total de 287.931,59 euros. Ademais, adquiríronse 100 exemplares de 23 fonogramas que recibiron apoio, cun custo total para o Departamento de 16.008 euros. Finalmente, dentro do convenio entre o Departamento de Cultura e a Corporación Catalá de Radio e Televisión, esta realizou 11 videoclips.

En canto ás axudas do Departamento de Cultura á edición de fonogramas por parte das discográficas catalás, no ano 2004 destináronse 135.500 euros para a edición de 50 fonogramas. Por outra parte, o Departamento asumiu ata un máximo do 40% do custo das campañas de promoción de 25 fonogramas, o que representou unha achega de 300.000 euros.

No ano 2005, no ámbito da música, o ICIC concedeu subvencións para a edición e a promoción de fonogramas de forma xeral, independentemente da lingua, por un importe total de 383.616 euros, aínda que existen dous factores de protección da música en catalán. Por unha parte, o importe da subvención era de 3.500 euros no caso de que se trate dun fonograma de música en catalán, mentres que os proxectos de música no resto de linguas era de 2.500 euros. Por outra parte, o importe da subvención non podía superar o 30% do custo total da actividade subvencionada, agás no caso de que fose música en catalán, en que poderá chegar ata o 50%. É preciso puntualizar que se entende por edición en catalán, aqueles fonogramas que teñen un mínimo de 60% dos temas en catalán.

Como en anos anteriores, o Departamento de Cultura apoiou a organización do Mercado de Música Viva de Vic, cun importe de 418.000 euros.

- TERMINOLOXIA. (Parágrafo 1, apartado h)

O ano 1985 o Departamento de Cultura, como órgano competente en materia de política lingüística, e o Instituto de Estudos Cataláns, como institución responsable da normativa da lingua, constituíron o Centro de Terminoloxía TERMCAT www.termcat.net . Desde o 1994, o TERMCAT é un consorcio integrado pola Generalitat de Catalunya, o Instituto de Estudos Cataláns e o Consorcio para a Normalización Lingüística. Actualmente réxese polos

estatutos aprobados polo Decreto 108/2006, do 25 de abril, que especifican que a finalidade do Centro é a coordinación xeral das actividades terminolóxicas relativas á lingua catalá, a promoción e a elaboración de recursos terminolóxicos garantindo a dispoñibilidade social, e a colaboración na promoción e o desenvolvemento de produtos de enxeñería lingüística en que a terminoloxía ten unha especial incidencia. Ademais, ten encomendada a fixación e normalización dos neoloxismos terminolóxicos cataláns e a prestación do soporte necesario á Administración en materia de terminoloxía.

A Generalitat, por medio da Secretaría de Política Lingüística, garante o financiamento do consorcio TERMCAT.

En virtude da tarefa que ten encomendada como centro de referencia en materia terminolóxica, o TERMCAT vela pola coordinación das actividades terminolóxicas en lingua catalá, organizando a normalización dos neoloxismos cataláns e desenvolvendo os criterios de referencia e os recursos en materia terminolóxica que necesita a sociedade, para contribuír á difusión e a implantación da terminoloxía científica e técnica nas diferentes linguaxes de especialidade.

Para contribuír á sistematización e á difusión da terminoloxía científica e técnica, o TERMCAT elabora recursos terminolóxicos multilingües de natureza diversa. Nalgúns destes proxectos contou coa colaboración e o soporte de diversos departamentos da Generalitat, como os de Saúde, de Presidencia, de Traballo e Industria, de Xustiza, etc. É preciso dicir, ademais, que durante o 2005 se produciu un incremento na produción de recursos e contidos terminolóxicos, tanto cuantitativos (en número de proxectos realizados) como cualitativos (en canto ao tipo de proxectos e á xestión terminolóxica desenvolvida). Concretamente, traballouse nunha corentena de proxectos terminolóxicos, de formato moi diverso: dicionarios terminolóxicos, terminoloxías, léxicos multilingües, materiais de divulgación, produtos en liña. De xeito especial destaca a colección Terminoloxía aberta, iniciada no 2005, que ofrece repertorios terminolóxicos libremente descargables desde o lugar Web do TERMCAT, nun formato estándar, e que se acollen a unha licenza de uso flexible que garante o seu mantemento como recurso libre.

Tamén se poden consultar a través do seu Web dicionarios especializados en liña, que conteñen terminoloxía dun ámbito temático.

Comunidade Autónoma de GALICIA

O ámbito da sociedade galega onde o uso da lingua está máis asentado é sen dúbida o cultural. As actividades, sexan de iniciativa privada ou pública, que se producen no ámbito da Cultura desenvólvense maioritariamente en galego na totalidade do proceso: creación, mercadotecnia, posta en escena, etc.

- Equipamentos Culturais e Lingüísticos.

Co fin de aclarar os puntos referidos aos organismos públicos encargados da investigación e desenvolvemento cultural en Galicia, dos cales solicitaba información o Comité de Expertos no seu informe anterior, pasamos a detallar os principais organismos e os seus labores:

1. O **ILG** é un centro universitario de investigación lingüística creado en 1971 pola Universidade de Santiago de Compostela, coa finalidade de promover o cultivo e normalización da lingua galega e de progresar na súa investigación sincrónica e diacrónica. Despois de máis de tres décadas, os seus obxectivos fundamentais seguen sendo:

a. O desenvolvemento da investigación científica e técnica no campo da lingua galega, tanto na súa realidade sincrónica como na diacrónica.

b. A realización de actividades docentes e formadoras a través de programas de doutorado, cursos de postgrao, cursos de formación continua e cursos de especialización.

c. A formación de especialistas en lingua galega, e a formación, especialización e reciclaxe de profesionais integrados no campo da lingüística galega, especialmente do ensino non universitario.

d. O asesoramento técnico a institucións e persoas relacionadas coa normalización da lingua galega.

e. O asesoramento en materia de docencia e investigación a entidades galegas e tamén a institucións do Estado español, países en desenvolvemento e organismos internacionais que o demanden.

f. A promoción e colaboración na organización de congresos, reunións científicas, seminarios, debates, xornadas e actividades análogas que estean en conexión coa natureza e funcións propias do ILG.

g. O establecemento e coordinación de relacións de intercambio de información técnica e especializada con institucións doutras autonomías e países.

h. A difusión de información considerada de interese no campo do idioma galego, de forma especial a difusión dos resultados de investigación lingüística no ámbito universitario e investigador.

No haber do ILG ocupan un lugar destacado a súa contribución á definición do galego estándar, co seu protagonismo nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (ILG/RAG) e no *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* (ILG/RAG); a cartografía do galego moderno, sobre todo a través do *Atlas Lingüístico Galego*; as bases de datos léxicas, das que son mostra TILG e TMILG (en rede); as edicións de textos do galego antigo e medio, e a descrición gramatical do galego antigo e moderno.
Máis información na páxina http://www.usc.es/ilgas/ dispoñible aínda que en fase de remodelación.

2. O **Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades**, creado por Decreto 25/1993, do 11 de febreiro, depende directamente do Goberno galego e iniciou a súa actividade en marzo de 1994. Desde aquel entón publicou 117 libros (todos en lingua galega) e puxo na Rede importantes recursos.

a. Tradutor automático castelán-galego (ESGL) que está en funcionamento, entre outros ámbitos, na Administración.

b. Conversor texto voz (OOTOVIA) que sintetiza voz masculina e feminina con aceptable prosodia (http://www.gts.tsc.uvigo.es/cotovia/cotovia.gl.html).

c. Bibliografía lingüística galega (BILEGA) na que se ofrece información moi detallada de todo canto se publicou sobre lingua galega desde o século XVI ata o 2005 e que permite buscas moi complexas (http://www.cirp.es/WXN/wxn/frames/bilega.html).

d. Acceso desde Internet a toda a documentación medieval latina de Galicia e a toda lírica medieval galega (CODOLGA) (http://balteira.cirp.es/codolga/)

e. Un Corpus do Galego actual (CORGA) de 13 millóns de palabras (http://corpus.cirp.es/corgaxml/).

f. Acceso moi pormenorizado á lírica profana medieval galega (http://www.cirp.es/bdo/med/meddb.html).

g. Un servizo de terminoloxía lingüística (TERMIGAL) en colaboración coa Real Academia Galega que atende unha media de 35 consultas diarias (http://www.cirp.es/res/arrecada/arrecada.html).

h. Unha revista de investigación fraseolóxica anual (Cadernos de Fraseoloxía Galega), que, ademais de servir de voceiro da investigación fraseolóxica galega está a conseguir que algúns dos máis importantes fraseólogos do mundo accedan a publicar traballos propios en lingua galega, como apoio ao proceso de converter a lingua galega en lingua tamén de debate científico (http://www.cirp.es/cdn/cfg/cfg.html). No CIRP estase a construír un Tesouro Fraseolóxico Galego.

O Centro de Investigación Ramón Piñeiro ten tamén unha sección de investigación da literatura galega. O PXNLG parece pensar neste Centro para que se sigan creando no próximo decenio as ferramentas relacionadas coas novas tecnoloxías da fala (tradutores automáticos bidireccionais galego-castelán, inglés, francés, recoñecemento e síntese de voz, etc.) que probablemente se porán en marcha no ano 2007.

3. Ademais destes, o **Consello da Cultura Galega** desenvolve, ademais das súas funcións como órgano consultivo, investigación en distintos ámbitos da cultura (lingua, comunicación, historia, arte, etc.), en seccións temáticas coas súas respectivas comisións.
A lingua de toda a súa actividade é exclusivamente a galega. O Consello da Cultura Galega (CCG), institución prevista no Estatuto de Autonomía de Galicia (art. 32) e creada pola Lei 8/1983, do 8 de xullo, ten entre outras, as seguintes competencias:

a. Asesorar os poderes da Comunidade Autónoma no que xulguen necesario para a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

b. Elevar aos poderes da Comunidade Autónoma informes e propostas a favor da defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

Por este motivo, os labores de asesoramento e consulta que desde a súa creación leva realizadas o Consello da Cultura Galega cinguíronse sempre ao ámbito autonómico, non ao estatal. Habitualmente o CCG actúa a petición das institucións públicas e, ata a data, os poderes públicos estatais non solicitaron o seu parecer. Dito isto, o CCG está a disposición das institucións estatais, así como das europeas e internacionais, para realizar calquera labor de asesoramento e consulta relacionada co seu ámbito de competencia: a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

Esta Institución é ben coñecida do Comité de expertos e só se debe engadir que os informes do Consello da Cultura sobre o estado da lingua galega son públicos e están accesibles na Rede (http://www.culturagalega.org) . Entre os máis recentes destacan *A sociedade galega e ou idioma: evolución sociolingüística de Galicia (1992- 2003).* Unha radiografa actualizada da situación do galego ou os tres volumes titulados A lingua galega: historia e actualidade.

O Goberno de Galicia, e en particular a Consellería de Cultura e Deporte, apoia as manifestacións de carácter cultural que ofrecen as distintas entidades e institucións do seu territorio, para o que se establecen os correspondentes convenios de colaboración, axudas puntuais e liñas de axuda regulamentadas.

Dentro deste importante labor destacan tamén as campañas de fomento da lectura e a promoción de autores clásicos da literatura galega, por medio de distintas actividades, entre as que destaca a conmemoración das Letras Galegas, que cada ano recorda a unha personalidade vinculada á produción escrita de Galicia. Así mesmo, realízanse actividades de encontro do público con autores destacados e dáse unha colaboración fluída coa Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Da Consellería de Cultura e Deporte depende o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, con toda a súa actividade en galego, a posta en marcha do complexo proxecto da Cidade da Cultura e tamén se encarga da xestión de oito museos, distribuídos homoxeneamente pola xeografía galega, nos que toda a información aparece en lingua galega.

Tradicionalmente a Xunta de Galicia subvenciona a edición de libros en lingua galega, nuns casos ao 100% por ser a Xunta de Galicia a primeira editorial en volume de publicacións, noutros casos en proporción variable e, en calquera caso, mediante a adquisición de 300 exemplares que se distribúen entre as bibliotecas públicas de Galicia.

- **EDICIÓN EN LINGUA GALEGA.**

A edición en lingua galega experimenta un notable crecemento dende finais da década de 1970, multiplicando o número de editoriais e da produción editorial.

Ata 1979, o catálogo de libros editados en galego sumaba un total de 1.904 títulos. A produción editorial na década dos 1980 supera os 3.000 títulos en galego. Nos anos noventa triplícase o volume, chegando o auténtico boom editorial a Galicia no primeiro cuadrienio do século XXI, superando os 6.000 títulos.



O primeiro cuatrienio da década de 1980 evidencia unha tendencia moderadamente alcista cun crecemento da produción editorial dun 16%. A partir de 1986 inaugúrase unha fase expansiva que se estende ata os primeiros anos da década dos noventa. Entre 1986 e 1990, o número de libros galegos editados cada ano increméntase nun 63%. O número de obras editadas en galego rexistra tamén un forte aumento cun crecemento entre 1991 e 1993 dun 77%. Globalmente, entre 1991 e 2003, a edición de libros en galego increméntase nun 206%.

A pesar da lixeira caída de 1994, a produción de títulos en galego experimenta unha tendencia moderadamente alcista entre 1995 e 1999 e unha forte expansión entre 2001 e 2003, período que alcanza un crecemento do 34%.



Polo que se refire á edición en galego, obsérvase un continuo crecemento desde os primeiros anos da década de 1990 ata a actualidade. O boom editorial en galego experiméntase nos últimos anos.

A continuación presentamos os datos en cifras:



Polo que se refiere á edición en galego comparada coa edición en castelán en Galicia obsérvase que o número de edicións en galego supera as edicións en castelán.



	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
En galego	447	707	843	767	1052	904	979	995	1065	976	1098	1200	1523
En castelán	394	511	684	611	639	645	551	533	597	668	824	734	1120

Segundo o volume das edicións en galego observamos que as primeiras edicións superan tamén o número de reedicións.



	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
1ª edición	507	762	946	822	994	968	1073	951	952	1006	1153	1288	1510
Reedicións	90	140	112	177	154	162	160	280	381	260	205	210	318

O volume de traducións también se incrementa co paso dos anos, aínda que segue sendo sensiblemente inferior ao número de edicións orixinais en galego.


Volume da edición en galego traducida doutras linguas (1991-2003)
Orixinal galego
Obra traducida
2000
1500
1000
500
0
1991 1992 1993 1994 1995 1996 1997 1998 1999 2000 2001 2002 2003
Orixinal gallego 47 813 917 797 1021 974 995 1065 1184 1146 1188 1233 1502
Obra traducida 125 89 141 136 127 156 238 166 149 120 170 265 326

Segundo os datos do Ministerio de Cultura, no ano 2005 traducíronse ao galego un total de 96 títulos e, no primeiro semestre de 2006, manéxanse datos que botan un total de 84 títulos traducidos, o que fai pensar que a tendencia é alcista no ano en curso.(Fontes: Ministerio de Cultura. Oficina do ISBN. Ministerio de Cultura. Panorámica da edición en España).

Tradicionalmente tamén a Xunta de Galicia colabora decisivamente na participación dos editores galegos nas Feiras Internacionais do Libro e noutras de ámbito estatal ou galego.

Por outra parte, o consello da Xunta de Galicia aprobou a Lei do Libro e da Lectura, que foi elaborada de forma consensuada co mundo editorial e recoñece o libro como un sector estratéxico. Segundo se fai constar no texto da Lei, o apoio institucional expreso ao libro e á lectura obedece á súa condición de instrumentos indispensables para a transmisión da cultura e o desenvolvemento da identidade de Galicia. O texto recoñece, ademais da dimensión cultural do libro, o seu valor económico.

Por todo isto, establécense unha serie de medidas para renovar e revitalizar o panorama editorial galego. Así o texto articula un marco xurídico para promover todas as facetas relacionadas co libro na actualidade: creación, tradución, edición, impresión, produción, elaboración, deseño gráfico, diagramación, ilustración, distribución, venda e difusión. O texto atende á evolución dos soportes relacionados e inclúe aspectos referidos á edición electrónica de transmisión mediante redes telemáticas.

O obxecto da Lei non é outro que o de promover a extensión social da lectura e promover o libro e a lectura en galego coas medidas anteriormente mencionadas:

a. Consello Asesor do Libro.

Establécense unha serie de medidas para fomentar a exportación dos produtos editoriais galegos ao mercado internacional. No marco desta iniciativa, destinaranse axudas para promover a renovación tecnolóxica e a modernización da creación, da actividade tradutora, do sector editorial, das librarías e da venda do libro.

Para apoiar o sector editorial privado créase unha Cámara do libro de Galicia, que terá como obxectivo promover a exportación do libro que se edite na Comunidade Autónoma.

Ademais, prevese a creación do Consello Asesor do Libro como organismo permanente de estudo sobre o sector do libro e de asesoramento á administración autonómica non referente ás políticas relacionadas co sector do libro galego e do fomento da lectura en Galicia. Este Concello Asesor encargarase de elaborar informes de seguimento anual ou bienal dos índices de lectura da poboación galega e da produción editorial realizada en Galicia en lingua galega.

Tamén se encargará de elaborar propostas de actuación para o fomento da lectura e para a mellora dos diferentes subsectores da edición e comercialización do libro.

Promoverá foros de intercambio e debate entre os diferentes axentes do libro en Galicia organizando, cada tres anos, o Congreso do Libro Galego. Ademais, anualmente, editará a Axenda do Libro Galego, como compilación actualizada da información sobre todos os subsectores da edición e do comercio do libro.

Finalmente, o Consello Asesor do Libro, deberá informar de todas aquelas cuestións relacionadas coa planificación da política do libro e co desenvolvemento dos regulamentos que rexerán e desenvolverán a política do libro.

b. Fomento da Tradución.

A Xunta, en virtude deste texto legal, articulará unha política de promoción dos creadores e creadoras galegos, en todas as súas modalidades e xéneros, apoiando e difundindo o seu traballo. Así, por exemplo, outorgaranse, en colaboración cos axentes do sector, os premios da edición en Galicia ás mellores obras publicadas cada ano en galego.

Así mesmo, a Xunta de Galicia promove a tradución á lingua galega e do galego a outras linguas de obras de referencia da literatura universal. Así o establece o PXNLG.

Estableceranse axudas periódicas e fomentarase a tradución mediante convenio coas editoriais e asociacións de tradutores. Paralelamente, a Xunta potencia a produción editorial en galego cunha liña de axudas de carácter anual ou bienal para atender a todos os tipos de edición, xa sexa en soporte tradicional de papel, en edición dixital ou na rede.

En 2006 a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, promoveu a tradución da obra de Rosalía de Castro ao ruso e abriu un camiño nos países de fala árabe coa edición en árabe da obra de Álvaro Cunqueiro *Se o vello Simbad volvese ás illas*, presentada na feira internacional do libro de Casablanca (Marrocos).

En 2006 iniciou a súa actividade ademais a empresa Rinoceronte, primeira empresa editorial galega dedicada exclusivamente á tradución de obras estranxeiras de referencia á lingua galega.

c. Servizo Central de Publicacións.

Segundo consta no texto legal, os poderes públicos de Galicia, no ámbito das súas competencias, promoverán unha actividade editorial co obxectivo de fomentar a lectura, recompilar normas xurídicas emanadas dos seus órganos e informar á cidadanía sobre o traballo das diferentes administracións ou sobre cuestións consideradas de interese xeral.

A Xunta organizará a súa actividade editorial por medio dun Servizo Central de Publicacións, que se creará e regulará por medio da normativa específica establecida polo goberno galego.

Promoverase, mediante campañas axeitadas, a imaxe das librarías como puntos esenciais de venda de libros, así como axentes culturais activos indispensables para que a industria do libro manteña a súa pluralidade e creatividade, e para a consolidación do tecido cultural da sociedade. Dentro desta iniciativa, crearase unha Librería Institucional do Servizo de Publicacións da Xunta de Galicia, na que se ofrezan todas as publicacións oficiais procedentes dos diferentes departamentos do Goberno galego.

d. Club do Libro e Bibliotecas.

Unha das medidas máis importantes de cantas recolle a Lei ten que ver co fomento da lectura. A Xunta planificará a superación das carencias existentes no Sistema Bibliotecario de Galicia tanto de profesionais como de fondos, asegurando a presenza das novidades editoriais en lingua galega e procurando a súa dotación e actualización.

Elabóranse programas de fomento da lectura para o conxunto da poboación e para sectores específicos. Apóianse os clubs do libro e articúlase unha política de promoción das bibliotecas galegas co fin de achegalas e dalas a coñecer á cidadanía.

- **TERMINOLOXÍA.**

Por ser a Real Academia Galega o organismo responsable de establecer a norma lingüística galega, compételle tamén a decisión última en cuestións de terminoloxía galega. Este traballo está encomendado a TERMIGAL (Servizo de terminoloxía galega), que leva funcionando 10 anos mediante un convenio entre a Real Academia Galega e a Xunta de Galicia. Neste momento estase a traballar para dotar a este servizo dunha nova entidade xurídica.

As finalidades de Termigal son:

a. Promover e levar a cabo elaboración de recursos terminolóxicos.

b. Garantir dispoñibilidade de recursos terminolóxicos.

c. Coordinar as actividades terminolóxicas referidas á lingua galega.

d. Promover o desenvolvemento de produtos de enxeñería lingüística en que a terminoloxía teña unha especial incidencia.

De acordo con estas finalidades encárgase de:

a. Planificar e coordinar investigación terminolóxica en lingua galega.

b. Elaborar os recursos terminolóxicos necesarios para facilitar o uso do galego nos ámbitos socioeconómico, técnico e científico.

c. Establecer criterios metodolóxicos para a elaboración de recursos terminolóxicos.

d. Realizar a revisión dos termos galego e a normalización dos neoloxismos, en consonancia coa normativa lingüística oficial vixente, e de acordo coa Real Academia Galega.

e. Elaborar e actualizar un banco de datos terminolóxico en galego con equivalencias noutras linguas.

f. Constituír un fondo documental de interese terminolóxico.

g. Darlles soporte terminolóxico aos distintos organismos da Administración da Xunta de Galicia.

h. Ofrecer información e recursos terminolóxicos a toda a sociedade.

i. Impulsar e coordinar o desenvolvemento dos produtos de enxeñería lingüística aplicados á lingua galega que requira recursos terminolóxicos, participar na súa elaboración e darlles difusión conveniente.

k. Establecer e canalizar relacións de cooperación no ámbito nacional e internacional coas organizacións que se dediquen á terminoloxía ou a actividades relacionadas.

O servizo está estruturado en tres seccións:

a. sección de terminoloxía sistemática,

b. sección de terminoloxía puntual e

c. sección de documentación.

O traballo de terminoloxía sistemática desenvólvese sobre os campos prioritarios que se establecen no Plan anual. Estes ámbitos de traballo selecciónanse despois da análise de recursos existentes, do número de usuarios previsible desta terminoloxía e da importancia económica do ámbito.Realizáronse ata o momento repertorios terminográficos de linguas de especialidade de campos como: informática e Internet, comercio electrónico, medio ambiente, hostalaría, automóbil, mercadotecnia, deportes, televisión, relacións laborais, mundo notarial, administración, organismos acuáticos, acuicultura, música, etc.

O traballo de terminoloxía puntual dedícase fundamentalmente á resolución de dúbidas e consultas que proveñen das distintas administracións públicas, das empresas, universidades, tradutores, etc. As consultas poden formularse por correo electrónico común, a través da

ferramenta *Arrecada* por Internet, por teléfono ou por fax. Neste momento está a atender unha media de 40 consultas diarias.

O servizo de documentación, ademais de asesorar iniciativas externas de traballo terminolóxico, trata de reunir toda a documentación e a produción relacionada coa terminoloxía, e proporciona os corpus e todo tipo de documentación de lingua de especialidade que serve de base ao traballo de terminoloxía sistemática.

A terminoloxía proposta polos grupos de traballo de TERMIGAL debe pasar unha validación da que é responsable a *Comisión de Validación*, que está constituída polo Director de Termigal, tres académicos da Real Academia Galega e, polo menos, un especialista do ámbito de especialidade ao que corresponda a terminoloxía que se trata. A Comisión de validación pode solicitar, se o considera conveniente, a opinión e informes doutros especialistas do campo da lingua de especialidade.

Outro aspecto que coida Termigal é a difusión da terminoloxía, que realiza a través de a publicación de vocabularios especializados, edición de folletos, colaboración en produtos específicos que son utilizados polos usuarios da lingua de especialidade (formularios notariais, documentación bancaria, formularios da administración local...), e a través da elaboración de bases de datos electrónicas. Tamén estableceu convenios e acordos con diversos tipos de organismos para fomentar o uso da lingua galega e garantir a utilización dunha terminoloxía galega fiable (Convenio co Colexio de Notarios, Fundación Galicia-Empresa, que agrupa a un gran número de empresas radicadas en Galicia, entidades bancarias, etc.).

Comunidade VALENCIANA

En materia de actividades e de servizos culturais -en particular, de bibliotecas, videotecas, centros culturais, museos, arquivos, academias, teatros e cines, así como traballos literarios e produción cinematográfica, expresión cultural popular, festivais, industrias culturais, incluíndo en particular a utilización de novas tecnoloxías-, as partes, no que se refire ao territorio no que se falan esas linguas e na medida en que as autoridades públicas teñan competencias, atribucións ou un papel que representar nese ámbito, comprométense a:

a) fomentar a expresión e as iniciativas propias das linguas rexionais ou minoritarias, e a favorecer os diferentes medios de acceso ás obras producidas nesas linguas;

- Teatro.

A páxina web da entidade Teatres da Generalitat Valenciana (TGV) (http://teatres.gva.es) está a disposición dos usuarios tanto en castelán coma en valenciano.

Os correos corporativos contéstanse na lingua en que o usuario efectúa consulta.

A publicidade xeral dos espectáculos, como cartelería e demais folletos de información xeral, edítanse exclusivamente en valenciano.

Os programas de man, os cales non se consideran publicidade, senón publicacións de acompañamento aos espectáculos, edítanse na lingua de exhibición do espectáculo.

Os catálogos que edita Teatres (o do Festival *Dansa Valencia* e o do Festival de verán *Sagunt a Escena*) son sempre bilingües.

Na modalidade de “Axudas á programación en salas de exhibición" da Orde de Axudas para os sectores teatral e circense da Comunidade Valenciana, tense en consideración a exhibición de obras na lingua autóctona ao ser este un dos criterios de valoración.

- Produción.

Unha das funcións propias de Teatres da Generalitat Valenciana é a produción propia e coprodución con outras entidades públicas ou privadas. No exercicio desa función, este Ente realizou un importante labor de promoción do valenciano, primando as producións e coproducións en valenciano e en ambas as dúas versións.

- Programación.

Teatres da Generalitat programa espectáculos de teatro e danza en 5 espazos escénicos diferentes.

Durante o 2005, exhibíronse 93 espectáculos diferentes de teatro e danza, (cun total de 814 representacións), dos cales o 69% eran representacións de teatro, mentres que o 31% eran espectáculos de danza.

Datos do uso do valenciano na programación teatral de Teatres da Generalitat durante o 2005:

- Realizáronse 15 espectáculos en valenciano, cun total de 153 funcións, o que supón o 23,79% das representacións.

- Realizáronse 5 espectáculos en ambas as dúas versións, cun total de 93 funcións, o que supón o 14,46% das representacións.

- Libro e Produción Literaria.

Desde o ano 2004 convócanse os premios de Ensaio da Generalitat, cunha modalidade en valenciano e outra en castelán e cunha dotación de 15.000 €, respectivamente. Tamén son editadas as obras orixinais por unha colección específica da Biblioteca Valenciana. Todos os premiados, ata a data, son autores valencianos, aínda que non é un requisito. A convocatoria do ano 2006 é a seguinte: Orde do 10 de abril de 2006, da Consellería de Cultura, Educación e Deporte por a que se aproban as bases e convócanse os Premios de Ensaio da Generalitat. (DOGV Nº 5.256 de 11.05.2006).

Desde o ano 2000 convócanse os Premios aos libros mellor editados na Comunidade Valenciana. Dentro das oito modalidades premiadas, teñen relación co fomento da lingua autóctona as seguintes: libro en valenciano mellor ilustrado; libro en valenciano mellor editado; libro de texto en valenciano mellor editado; premio á contribución á normalización lingüística do valenciano, e mellor libro valenciano do ano. A convocatoria do ano 2006 é a seguinte: Orde do 13 de decembro de 2005, da Consellería de Cultura, Educación e Deporte por a que se aproban as bases e se convocan os premios aos libros mellor editados na Comunidade Valenciana (DOGVNº5176 de 13.01.2006).

Respecto ás liñas de subvención de libre concorrencia, está a Orde para a concesión de axudas á produción editorial en valenciano, segundo a cal a Generalitat apoiará cantas accións vaian encamiñadas á edición, desenvolvemento e promoción do libro valenciano, con tratamento específico aos que sexan impresos en valenciano. A convocatoria do ano 2006 é a seguinte: Orde do 27 de marzo de 2006, da Consellería de Cultura, Educación e Deporte por a que se convoca concurso público para a concesión de axudas á produción editorial en valenciano. DOGV Nº 5246 de 26 de abril de 2006.

Elaboración da revista LLETRES VALENCIANES, a tarefa principal da cal é identificar e dar a coñecer, coa máxima visibilidade, os libros máis relevantes, dende o punto de vista artístico e cultural, que producen as editoriais valencianas. Unha selección de títulos é salientada por críticos valencianos e boa parte dos títulos son de obras escritas na lingua autóctona.

Elaboración do Boletín de Novidades Bibliográficas, como instrumento para facilitar a adquisición de obras ao persoal técnico bibliotecario do Sistema Bibliotecario Valenciano. Este Boletín ten unha parte de novidades en valenciano: (http://www.cult.gva.é/dglb/bi- boletindeorien-f_e.htm).

A páxina web da Dirección Xeral do Libro e Bibliotecas pódese consultar tanto en valenciano coma en castelán, incluídas as bases de datos de elaboración propia: (http://www.cult.gva.es/dglb/).

- A Celebración do Día das Letras Valencianas, por parte da Academia Valenciana da Lingua.

A AVL realiza varias accións de promoción do idioma. Aquí só imos consignar a actividade de máis relevo, que consiste na celebración do Día das Letras Valencianas, no que se designa Escritor do Ano un determinado literato, que xa morrera. A primeira edición celebrouse o ano 2004, dedicado aos escritores valencianos da Idade Moderna. O ano 2005 dedicouse ao escritor do Renacemento Constantí Llombart e supuxo o máis grande directamente ligado ao fomento da lingua, ata a data, cun importe aproximado de 220.000 €.

Esta celebración ten por obxecto dar a coñecer ao público en xeral, e especificamente no ámbito escolar, a un escritor valenciano contextualizado na súa época. O Día das Letras Valencianas celébrase o 20 de novembro, en lembranza da data de publicación do *Tirant lo Blanch* (20.11.1490).

Arredor desa data, inaugúrase unha exposición, que constitúe o centro da celebración. A exposición vai acompañada dun catálogo e dunha guía didáctica dirixida aos rapaces dos institutos. Así mesmo, facilítase un servizo de visitas guiadas. Tamén se aproveita o acontecemento para realizar outras iniciativas, como a edición de libros do autor homenaxeado.

b) favorecer os diferentes medios de acceso noutras linguas ás obras producidas nas linguas rexionais ou minoritarias, incentivando e desenvolvendo as actividades de tradución, dobraxe, possincronización e subtitulado;

c) favorecer o acceso en linguas rexionais ou minoritarias a obras producidas noutras linguas, incentivando e desenvolvendo as actividades de tradución, dobraxe, possincronización e subtitulado;

A Orde do 29 de decembro de 2005, da Consellería de Cultura, Educación e Deporte, pola que se convocan axudas á tradución e a edición de obras literarias ao valenciano e do valenciano a outros idiomas para 2006 e a Orde do 29 de decembro de 2005, da Consellería de Cultura, Educación e Deporte, pola cal se convocan axudas económicas para a dobraxe ao valenciano de producións audiovisuais cumpren o labor de facilitar a tradución e a edición de obras escritas e material audiovisual entre o valenciano e calquera outro idioma, tanto nun sentido coma en outro.

d) velar porque os organismos encargados de organizar ou apoiar diversas formas de actividades culturais integren de xeito axeitado o coñecemento e a práctica das linguas e das culturas rexionais ou minoritarias nas actividades a iniciativa das cales depende deles ou ás que presten o seu apoio;

A Generalitat ten o compromiso de favorecer e impulsar o uso social do valenciano.
Un dos obxectivos neste ámbito é que a diversidade de actividades que realizan as asociacións cívicas e culturais, así como as diversas asociacións e comisións que conforman as manifestacións festivas e culturais da nosa comunidade utilicen o valenciano nas manifestacións orais e escritas que realizan. Con tal finalidade convócanse axudas e premios:

Orde do 9 de xaneiro de 2006, da Consellería de Cultura, Educación e Deporte, pola cal se convocan axudas económicas para as asociacións cívicas sen finalidade lucrativa para a realización de actividades de promoción do uso do valenciano en 2006.

Orde do 28 de decembro de 2005, da Consellería de Cultura, Educación e Deporte, pola que se convocan os premios da Generalitat para actividades de promoción do uso do valenciano nas festas da Madalena no ámbito da Comunidade Valenciana en 2006.

Orde do 20 de decembro de 2004, da Consellería de Cultura, Educación e Deporte, pola que se convocan os premios da Generalitat para actividades de promoción do uso do valenciano realizadas polas comisións de Cacharelas no ámbito da Comunidade Valenciana en 2005.

Orde do 28 de decembro de 2005, da Consellería de Cultura, Educación e Deporte, pola que se convocan os premios da Generalitat para actividades de promoción do uso do valenciano realizadas polas comisións de Fallas no ámbito da Comunidade Valenciana en 2006.

3. As Partes comprométense, na súa política cultural no estranxeiro, a dar un lugar apropiado ás linguas rexionais ou minoritarias e á cultura que as mesmas expresen.

A Academia Valenciana da Lingua (AVL) convoca unha liña de axudas á difusión e promoción do valenciano nos centros valencianos do exterior. Na convocatoria de 2004 concedeu a celebración de cursos de valenciano, nos centros arxentinos de San Juan e Rosario, nos niveis iniciais de coñecementos da lingua.

Os responsables destes centros pedíronlle á AVL que se realizasen probas acreditativas do nivel de coñecementos de valenciano aos asistentes aos cursos, polo que a presidenta da Academia Valenciana da Lingua trasladou o acordo da Xunta de Goberno desta institución na que solicita a realización de probas para a obtención das certificacións oficiais administrativas que expida Xunta Cualificadora de Coñecementos de Valenciano, organismo da Consellería de Cultura, Educación e Deporte encargado da expedición das certificacións administrativas de coñecementos de valenciano.

Atendendo á petición da Academia Valenciana da Lingua de facer probas de cualificación no marco das actividades de difusión e promoción do valenciano nos centros valencianos do exterior, publicouse no Diari Oficial da Generalitat o día 21 de setembro de 2004 a Resolución do 13 de setembro de 2004, do presidente da Xunta Cualificadora de Coñecementos de Valenciano, pola que convoca probas extraordinarias para a obtención de certificacións oficiais administrativas de coñecementos de valenciano, que expida a Xunta Cualificadora de Coñecementos de Valenciano, nas cidades de Rosario e de San Juan da República Arxentina.

A Generalitat, no marco da política dirixida a favorecer a presenza da Comunidade Valenciana na Unión Europea e de acordo coa petición da Secretaría Autonómica de Relacións coa Unión Europea e Cooperación ao Desenvolvemento, decide convocar probas de cualificación dentro das actividades de difusión e promoción do valenciano nos centros valencianos do exterior. No ano 2006, estas probas convocáronse mediante Resolución do 12 de abril de 2006, da Secretaría Autonómica de Cultura e Política Lingüística na cidade de Bruxelas (Bélxica) o día 15 de xullo de 2006.

No curso académico 2005-2006 iniciáronse cursos de valenciano na Fundación Comunidade Valenciana-Rexión Europea en Bruxelas de dous niveis, cunha asistencia de 18 alumnos nun primeiro nivel e 9 no segundo.

Comunidade Foral de NAVARRA

-
- Museos.

1. No Museo de Navarra, sito en Pamplona (zona mixta) realízanse as seguintes actividades:

- Edicións en éuscaro:

  - Folleto gratuíto que se entrega a todos os visitantes.
  - Guía do Museo, á venda na libraría.
  - Material didáctico que se utiliza nas visitas de escolares (información para profesores e caderniños didácticos).

- Actividades en éuscaro:

  - Visitas dramatizadas á exposición e os talleres artísticos para alumnos vascoparlantes.
  - As maletas pedagóxicas que se prestan aos centros escolares dispoñen da información en éuscaro.

2. No Museo Etnolóxico de Navarra “Julio Caro Baroja", situado en Ayegui, (zona non vascófona), realízanse as seguintes actividades:

- Edicións en éuscaro:

  - Folletos gratuítos e material didáctico das exposicións temporais e itinerantes (“Navarra etnográfica/Iragana gogoan" (2001-02); “Nenos en branco e negro/Haurrak zuri beltzean" (2004-2006); “as coleccións de Beira de Bidasoa/Berako bildumak" (2005)).

- Actividades en éuscaro:

  - Todas as exposicións temporais e itinerantes que realizou o Museo Etnolóxico (as mencionadas arriba) realizáronse en formato bilingüe castelán/éuscaro (paneis, lendas e outros elementos informativos).

  - Visitas guiadas en éuscaro durante o programa de itinerancia da exposición
  - Nenos en branco e negro/Haurrak zuri beltzean" nas residencias de anciáns situadas en zonas vascoparlantes.

  - Realización de gravacións en formato audiovisual nas residencias de anciáns nun traballo de campo sobre folclore infantil (marzo-xuño 2006). Inclúese aproximadamente un 20% de rexistros en lingua vasca correspondentes a informantes vasco-parlantes.

3. Na Fundación Museo Jorge Oteiza (fundación privada, sostida na súa práctica totalidade con fondos procedentes do Departamento de Cultura e Turismo-Institución Príncipe de Viana), sito en Altzuza (zona mixta), desenvólvense as actividades que se relacionan.

O Plan Xeral do museo manifesta, expresamente, a súa vontade de incorporar varios idiomas en todos os seus medios de difusión e comunicación. En consecuencia, a atención ao público en recepción e as comunicacións aos medios de comunicación son sempre en castelán e éuscaro. Ademais, incorpórase con moita frecuencia inglés e francés.

- Publicacións en éuscaro:

    - Todas as edicións (folletos, a serie “Cadernos",…) preséntanse en éuscaro, xa sexa en edición independente ou conxunta con outro idioma.

- Actividades en éuscaro:

    - Todas as actividades didácticas se ofrecen tamén en éuscaro.

- Exposicións:

    - Todos os textos e sinalización do museo están en éuscaro. Tamén inglés.

- Bibliotecas.

As bibliotecas públicas de Navarra réxense mediante convenio de xestión subscrito entre o Goberno de Navarra e o Concello respectivo. Neste sentido, a xestión da biblioteca pública compete ás dúas administracións, a foral e a local, baixo os principios de corresponsabilidade e cofinanciamento. As accións que en diante se describen corresponden ás iniciativas desenvolvidas pola Administración Foral, concretamente a través do Servizo de Bibliotecas, dependente da Dirección Xeral de Cultura do Departamento de Cultura e Turismo do Goberno de Navarra.

- Acceso ao fondo bibliográfico:

    - A presenza do éuscaro na actividade e servizos que cada día desenvolven as bibliotecas públicas compróbase ao longo das diversas circunstancias nas que o lector potencial entra en contacto coa biblioteca pública.

    - Ao solicitar o carné de usuario pode optar polo modelo en castelán ou polo bilingüe. A elección pódea realizar directamente nas bibliotecas públicas, onde formaliza o procedemento para a emisión deste documento co asesoramento e información do persoal bibliotecario, ou tamén a través do servizo de Internet que se vai poñer en funcionamento no outono de 2006, onde se ofrece a opción de elixir que o seu carné de lector das bibliotecas públicas de Navarra se emita en castelán ou éuscaro.

    - A oferta de documentos das bibliotecas públicas lévase a cabo no idioma orixinal, no do autor ou do editor e por solicitude dos documentos bibliográficos pódese realizar, así mesmo, tanto en castelán como en éuscaro, xa que se ofrecen papeletas de petición nos dous idiomas

- Oferta Bibliográfica en éuscaro:

- As bibliotecas públicas contan cun fondo documental en éuscaro que se actualiza sistematicamente coa incorporación de novidades editoriais. Cabe sinalar que os concellos situados en zonas con relevante presenza vascófona dedican especial atención á compra de documentos nese idioma. Todo iso está dirixido a “favorecer os diferentes medios de acceso ás obras producidas nesas linguas [minoritarias] ", tal e como establece o artigo 12.1.a da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias.

- Para a distribución de publicacións en éuscaro, desde o Servizo de Bibliotecas establécese a relación de bibliotecas públicas ás que se destinan preferentemente as novidades editoriais editadas nese idioma e que se adquiren de forma centralizada, con cargo ao presuposto do Goberno de Navarra. Neste sentido, as localidades que reciben novidades en éuscaro, ademais das incluídas nas zona vascófona e mixta pola lexislación foral sobre ese idioma, inclúese un amplo grupo de poboacións que, sen ter esa consideración legal, son tidas como tales en función da presumible demanda de publicacións en éuscaro ou pola existencia de centros educativos de ensino primario e secundaria que imparten clases nese idioma. Desta forma, de acordo coa lexislación vixente sobre a materia, as bibliotecas existentes na zona vascófona de Navarra serían 13; non obstante, co fin de promover a difusión e o uso cotián do éuscaro, a distribución de publicacións en éuscaro, adquiridas polo Goberno de Navarra, alcanza a 40 bibliotecas públicas:

- ALTSASUA/ALSASUA)
- ANSOAIN
- AOIZ
- AURIZBERRI/ESPIÑAL
- BARAÑAIN
- BAZTÊN
- BERA/VERO DE BIDASOA
- BERRIOZAR
- BURLADA
- DONEZTEBE/SANTESTEBAN
- ESTELLA
- ETXARRI ARANATZ
- HUARte/UHARTE
- IRURTZUN
- LEITZA
- LEKUMBERRI
- LESAKA
- LUMBIER
- NOAIN
- OLAZTI/OLAZAGUTIA
- PAMPLONA-CASCO ANTIGO
- PAMPLONA-CHANTREA
- PAMPLONA-ECHAVACOIZ
- PAMPLONA-ITURRAMA ficha
- PAMPLONA-MENDILLORRI
- PAMPLONA-MILAGROSA

- PAMPLONA-SAN JORGE
- PAMPLONA-SAN PEDRO
- PAMPLONA-YAMAGUCHI
- PONTE A RAÍÑA
- RONCAL
- SANGÜ ESA
- TAFALLA
- TUDELA
- URDIAIN
- VAL DE ARANGUREN
- VIANA
- VILLAVA
- ZIORDIA
- ZIZUR MAIOR

- Debemos de precisar que na actualidade o Catálogo Colectivo das Bibliotecas Públicas de Navarra recolle un total de 9.991 títulos editados exclusivamente en éuscaro, aos que se han de engadir os editados de xeito bilingüe, en castelán e éuscaro. Esta cifra tense que valorar tendo presente o volume da edición de libros en éuscaro, os totais anuais da cal, ao tratarse dun lingua minoritaria, son moderados e de ningún xeito equiparables á actividade editorial correspondente a unha lingua de grande difusión, como pode ser o castelán.

b. favorecer os diferentes medios de acceso noutras linguas ás obras producidas nas linguas rexionais ou minoritarias, axudando e desenvolvendo as actividades de tradución, dobraxe, postsincronización e subtitulado;
c. favorecer o acceso en linguas rexionais ou minoritarias a obras producidas noutras linguas, axudando e desenvolvendo as actividades de tradución, dobraxe, postsincronización e subtitulado;

No ano 2006, e con motivo do Vº Centenario de San Francisco Javier, o Goberno de Navarra produciu e/ou financiou a execución de dous documentais que pretenden difundir e afondar no legado do santo navarro en todo o mundo: “A Pegada Universal de San Francisco Javier" e “O legado de Francisco de Javier en Xapón. Un navarro en terras dos Daimios". Ambas as dúas obras, difundíronse tanto en España como fóra dela e traducíronse ao éuscaro co obxecto de facilitarlle á poboación vascófona, tanto de Navarra como de fóra de Navarra o seu visionado e difusión.

Por outro lado, desde o Departamento de Educación realízanse as seguintes accións en materia de difusión e divulgación cultural.

- En materia de exposicións (itinerantes):

A Dirección Xeral de Universidades e Política Lingüística do Departamento de Educación puxo en marcha unha exposición itinerante propia, de carácter bilingüe, relacionada co éuscaro, o título da cal é: Nafarroako euskalkiak / O éuscaro en Navarra: os seus dialectos.

A exposición inaugurouse en Pamplona (Baluarte de Pamplona) en decembro 2004 - xaneiro 2005, e posteriormente viaxou polas seguintes localidades de Navarra:

2005: Lekunberri, Bera, Estella-Lizarra, Tafalla, Elizondo.
2006: Puente la Reina/Gares, Sangüesa/Zangoza, Castejón, Isaba/Izaba, Alsasua/Altsasu.

A exposición fai referencia e achéganos aos dialectos do éuscaro en Navarra, sendo o seu obxectivo mostrarlles aos cidadáns a vitalidade e riqueza desta lingua, destacando a súa extensión, características e evolución.

A través dun percorrido expositivo o visitante atópase con elementos innovadores: gravacións, módulos, ordenadores, proxección en 3D, ... ,que lle posibilitan acceder ao coñecemento dos dialectos do éuscaro en Navarra dun xeito directo e claro.

A mostra compleméntase cunha zona de consulta ou biblioteca con publicacións e producións do Goberno de Navarra, e cun folleto DVD informativo.

A exposición seguirá viaxando nos próximos anos por máis localidades da Comunidade Foral.

d. velar porque os organismos encargados de organizar ou apoiar diversas formas de actividades culturais integren de xeito axeitado o coñecemento e a práctica das linguas e das culturas rexionais ou minoritarias nas actividades a iniciativa das cales depende deles ou ás que presten o seu apoio;

- Bibliotecas.

- As actividades de fomento da lectura, tanto en nenos coma adultos, que teñen a súa manifestación fundamentalmente en programacións de contacontos e concursos, prográmanse tanto en castelán coma en éuscaro; todo iso, co obxectivo de integrar “de xeito axeitado o coñecemento e a práctica das linguas e das culturas rexionais ou minoritarias nas actividades", que para a súa iniciativa dependan dos organismos encargados de organizar ou apoiar diversas formas de actividades culturais, segundo se considera no artigo 12.1.d da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias.

- Por iso, o Goberno de Navarra, nas programacións que se desenvolven de forma centralizada, con ámbito en todas as bibliotecas públicas da Comunidade Foral, realiza promoción indistintamente en castelán e en éuscaro.

- Acción Cultural:

- O Departamento de Cultura e Turismo-Institución Príncipe de Viana organiza anualmente tres series de actividades de difusión cultural que se desenvolven ao longo de diferentes épocas do ano, en diversas poboacións encravadas en todos os puntos da xeografía Navarra. Estes programas inclúen actividades de teatro, música, artes plásticas, cine e folclore e son denominados: ROLDA DE PRIMAVERA, CORREVILAS e ROLDA DE OUTONO. O Departamento de Cultura e Turismo bríndalles a posibilidade a todos os concellos de Navarra de participar nestes programas e son as propias entidades locais, as que escollen ademais do tipo de actividade a realizar, o idioma no que se desenvolve, castelán ou éuscaro. É por iso que en todos aqueles municipios que así o solicitan desenvólvense actividades en éuscaro.

- Ademais diso, o Departamento de Cultura e Turismo-Institución Príncipe de Viana vén subscribindo anualmente convenios de colaboración con distintas entidades artísticas e culturais navarras que desenvolven a súa actividade no ámbito do éuscaro. A achega económica comprometida nos devanditos convenios vai dirixida ao sostemento das entidades e ao desenvolvemento do programa anual das súas actividades culturais. Estas son as entidades e as achegas económicas:

-	Ortzadar Euskal Folklore Taldea	:	8.500 €
-	Nafarroako Bertsozale Elkartea	:	10.000 €
-	Euskal Kantuazaleen Elkartea	:	6.000 €
-	Instituto Diocesano Labayru-Grupos Etniker Euskalerria	:	12.000 €
-	Fundación José Miguel de Barandiarán	:	30.050 €,
-	Sociedade de Estudiosstudos]> Vascos- Eusko Ikaskuntza	:	60.101 €

e. favorecer a dotación dos organismos encargados de organizar ou apoiar actividades culturais cun persoal que domine a lingua rexional ou minoritaria, ademais da(s) lingua(s) do resto da poboación;

- Museos.

- Museo Etnolóxico de Ayegui.

- A técnica do Museo Etnolóxico, situado en Ayegui (zona non vascófona), está en posesión do título de Grao Elemental en lingua vasca pola Escola Oficial de Idiomas de Pamplona, obtido en 1994. Tamén cursou ata 11º “urratsa" no Euskaltegi do Goberno de Navarra dependente do INAP.

- A auxiliar administrativa adscrita ao Museo Etnolóxico, cursou en 2003 ata 3º “urratsa" no Euskaltegi -Beñat Etxepare", de Estella.

- Museo Jorge Oteiza.

- A responsable de didáctica da Fundación Museo Jorge Oteiza fala éuscaro. O subdirector, un pouco. O documentalista está a empezar o seu estudo.

- Arquivo Real e Xeral de Navarra.

- No cadro de do Arquivo Real e Xeral de Navarra presta servizos unha persoa que posúe coñecementos de éuscaro, que é a xefe de sala, que pode atender nesa lingua a aqueles investigadores que nun momento dado desexen expresarse nela para as súas peticións ou consultas.

- Ademais dela, o persoal encargado das tarefas auxiliares e atención ao público, que depende da empresa ADEA (empresa contratada para esta asistencia técnica), conta con dúas persoas con coñecementos de éuscaro, unha delas localizada no punto de recepción e información situado á entrada da sala de consulta.

- Por outra parte, a empresa de xestión cultural que se encarga de atender as exposicións temporais que se veñen sucedendo dende que se inaugurou a nova sede do Arquivo, conta tamén con polo menos unha persoa con coñecemento desa lingua, para explicalas a quen o solicite.

- Bibliotecas.

- Polo que se refire ao persoal bibliotecario dependente do Goberno de Navarra, a provisión das súas prazas por oposición lévase a cabo de conformidade coa normativa vixente no que atinxe a perfil lingüístico, sendo competencia da Dirección Xeral de Función Pública, do Departamento de Presidencia, a redacción, aprobación e publicación da correspondente convocatoria. Todo iso ten como finalidade "favorecer a dotación dos organismos encargados de organizar ou apoiar actividades culturais cun persoal que domine a lingua rexional ou minoritaria", segundo se establece no artigo 12.1.e da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias.

- Neste sentido, co fin de dispoñer de persoal idóneo nas zonas vascófonas aprobouse a Resolución 340/2005, do 21 de febreiro, do Director Xeral de Función Pública, pola que se aproba a zonificación das listaxes de aspirantes ao desempeño, mediante contratación temporal, de postos de traballo de encargados de biblioteca en castelán e en éuscaro e establécese o prazo para manifestar a elección de zonas xeográficas e a tempo parcial para a contratación temporal.

- Do aquí exposto pódese concluír que os cidadáns navarros poden facer uso das bibliotecas públicas e dos servizos culturais que ofrecen no idioma da súa elección, castelán ou éuscaro. Para iso contan con persoal, recursos e procedementos idóneos de inscrición, información, consulta, petición, reclamacións e suxestións formulados para a súa resolución en ambos os dous idiomas. Ao mesmo tempo, as bibliotecas ofrecen un fondo bibliográfico en éuscaro accesible, suficiente e sistematicamente actualizado, permitindo, en calquera caso, a súa mellora e ampliación a través das desideratas formuladas polos usuarios.

f. favorecer a participación directa, no que se refire aos servizos e aos programas de actividades culturais, de representantes de falantes da lingua rexional ou minoritaria;

A Administración da Comunidade Foral de Navarra reitera o dito no informe correspondente ao cumprimento do disposto no artigo 12, parágrafos 1.d) e 1.e).

g. fomentar e/ou facilitar a creación dun ou varios organismos encargados de recoller, recibir en depósito e presentar ou publicar as obras producidas en linguas rexionais ou minoritarias;

- A Biblioteca Xeral de Navarra, en calidade de primeiro centro bibliográfico da Comunidade Foral de Navarra, ten como misión reunir, estudar, sistematizar e difundir o patrimonio bibliográfico de Navarra, entre o que se atopan as publicacións en éuscaro. Para iso conta co

ingreso de documentos procedentes do Depósito Legal e, cando isto non é suficiente, compra sistematicamente as publicacións que son susceptibles de ampliar o fondo bibliográfico en lingua vasca existente.

- Este importante fondo en éuscaro é compartido polas bibliotecas públicas de Navarra, que coa Xeral de Navarra, constitúen o Sistema de Bibliotecas Públicas, no que se integran e comparten de xeito eficiente os recursos dispoñibles no conxunto. Neste sentido, a Biblioteca Xeral de Navarra, como depositaria do primeiro fondo bibliográfico en éuscaro, cumpre a misión de "fomentar e/ou facilitar a creación dun ou varios organismos encargados de recoller, recibir en depósito e presentar ou publicar as obras producidas en linguas rexionais ou minoritarias", de conformidade co establecido no artigo 12.1.g da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias.

- A información sobre publicacións en linguas distintas ao castelán, entre as que se atopa o éuscaro, ofrécese a través do Catálogo Colectivo das Bibliotecas Públicas de Navarra, que recolle os fondos informatizados das maiores bibliotecas da Comunidade Foral, 42 en total, con máis de 865.000 exemplares e 1.159.000 consultas anuais. Este Catálogo pódese consultar en todas as bibliotecas públicas de Navarra e a través de Internet en: www.navarra.es

h. no seu caso, crear e/ou promover e financiar servizos de tradución e de investigación terminolóxica con vistas, en especial, a manter e desenvolver en cada lingua rexional ou minoritaria unha terminoloxía administrativa, mercantil, económica, social, tecnolóxica ou xurídica apropiadas.

1. A Real Academia da Lingua Vasca-Euskaltzaindia é o organismo encargado da normalización das Lingua Vasca. A Administración da Comunidade Foral de Navarra vén subscribindo un convenio de cofinanciamento da mesma, os seu importe ascendeu no ano 2006 a 60.101,00 €.

Por outra parte, o Departamento de Cultura e Turismo-Institución Príncipe de Viana edita tres volumes anuais dunha das publicacións periódicas máis prestixiosas que existen no mundo sobre lingüística en éuscaro: "Fontes Linguae Vasconum. Studia et documenta". Nela recóllense estudos e colaboracións de destacados investigadores desta materia, e a través dela preténdese afondar no seu coñecemento científico e difusión.

En terceiro lugar, a Dirección Xeral de Universidades e Política Lingüística, do Departamento de Educación mantén un Acordo de colaboración coa Real Academia da Lingua Vasca-Euslkaltzaindia para a realización anual de distintos traballos. Ese Acordo asinouse no ano 2002 e aínda esta vixente.

Durante o ano 2006, e máis concretamente o día 20 de xuño, asinouse o Acordo de actividades para este ano. Esas actividades son realizadas pola Real Academia da Lingua Vasca-Euskaltzaindia e están encadradas dentro das actividades que desenvolven as súas diferentes Comisións. Así, realizará as seguintes tarefas ao longo do ano 2006:

- Actividades de carácter específico.

a) Montaxe en soporte e entrega das gravacións de 3 de Navarra (Etxarri (Larraun), Oderitz, Sunbilla) que se recolleron para a elaboración do “Atlas das variedades locais do éuscaro o Euskararen Herri Hizkeren Atlasa", respectando, en todo caso, a privacidade da información.

b) Corpus Onomástico

- Traballo a realizar en varios anos

c) Preparacións de edicións

− *Príncipe de Viana -Achegas dos membros navarros da Real Academia da Lingua Vasca*.

− *Erroibarko eta Esteribarko lexiko bilduma de Orreaga Ibarra Murillo*. (Informe)

− *Baztan-Bidasoa hizkeren azterketa dialektologikoa de Edu Zelaieta Anta* (Informe)

d) Edicións

− Edición de dúas obras: Erroibarko eta Esteribarko lexiko bilduma, de Orreaga Ibarra Murillo, e Luzaideko euskararen hiztegia, de Patxi Salaberri e Peio Kamino.

e) Traballos de dixitalización:

- Manuscritos de Saroihandy

- Fichas de Onomástica de José María Jimeno Jurío

f) Xornadas

- Bases sobre a terminoloxía xurídico-administrativa da lingua vasca.

- Realización, no seu caso, das xornadas oportunas.

g) De común acordo, calquera que se determine

- As demais actividades de carácter xeral que desenvolve a Real Academia da Lingua Vasca-Euskaltzaindia e que serven de soporte ás anteriores

2. - Para a realización das tarefas descritas, o Goberno de Navarra destinou á Real Academia da Lingua Vasca-Euskaltzaindia, no ano 2006, 137.319 € con cargo á partida orzamentaria 430000-43000-4816-322300 denominada “Acordo con Euskaltzaindia" dos Presupostos Xerais de Navarra de 2006.

Como exemplo das tarefas realizadas polo Goberno de Navarra en colaboración coa Real Academia da Lingua Vasca é a Catalogación dos fondos bibliográficos e documentais do recentemente desaparecido e grande investigador da lingua vasca en Navarra José Mª Satrustegi, o cal pouco antes da súa desaparición asinara un acordo para os eses traballos de investigación documental.

3. UZEI (Unibertsitate Zerbitzuetarako Euskal Ikastetxea - Centro Vasco de Estudos Universitarios) é unha entidade dedicada ao estudo terminolóxico e lexicográfico da lingua vasca, que colaborou desde 1987, co Goberno de Navarra, prestando servizos e asesoramentos a diferentes órganos administrativos da Comunidade Foral. (Asesoramento lingüístico ,ou prestación de recursos á Universidade Pública de Navarra, á Dirección Xeral de Universidades e Política Lingüística e aos Departamentos de Educación e Cultura, colaboración na difusión e adecuación de plans lingüísticos e atención ás consultas dos tradutores e membros do Departamento de Presidencia - Boletín Oficial de Navarra-.)

En maio de 2000 subscribiuse un Acordo de Colaboración para cinco períodos orzamentarios, que concluíu o 2005. Posteriormente recoñeceuse por vontade do Goberno de Navarra así como a de UZEI de seguir mantendo unha relación e colaboración, a través do encargo de realización de traballos e proxectos concretos.

Neste sentido, a Dirección Xeral de Universidades e Política Lingüística encargoulle a UZEI os traballos para a elaboración dunha base de datos e a análise terminolóxica da enquisa de investigación “Fitonimia Popular de Navarra", realizada por D. Javier Irigaray Imaz, pola cantidade de 22.500 euros, aínda que ese traballo sexa un encargo para a edición dun libro esa base terminolóxica será engadida ao Corpus Onomástico do Éuscaro.

2. No que se refire aos territorios distintos daqueles en que empreguen tradicionalmente as linguas rexionais ou minoritarias, as Partes comprométense a autorizar, fomentar e/ou prever, se o número de falantes dunha lingua rexional ou minoritaria así o xustifica, actividades ou servizos culturais apropiados, de conformidade co parágrafo precedente.

A Administración da Comunidade Foral de Navarra reitera o dito no informe correspondente ao cumprimento do disposto no artigo 12, apartados 1.a) e 1.e).

3. As Partes comprométense, na súa política cultural no estranxeiro, a darlles un lugar apropiado ás linguas rexionais ou minoritarias e á cultura que as mesmas expresen.

- Presenza do éuscaro en Europa.

1. Expolingua Berlín.

Desde o 2001, Ano Europeo das Linguas, e con carácter anual, a Dirección Xeral de Universidades e Política Lingüística veu representando ao Goberno de Navarra na maior feira europea das linguas e as culturas. O posto navarro ofrécelle ao público alemán unha variada información sobre as súas linguas, español e éuscaro, as súas universidades e a súa cultura.

2. Expolangues Paris.

O Goberno de Navarra participa así mesmo na feira Expolangues de París, ofrecendo información da variedade cultural e lingüística da Comunidade Foral.

En ambas as dúas citas anuais desde o ano 2003, realízanse contactos con institucións presentes en cidades destes países para trasladar material e ofrecer os servizos do Goberno de Navarra en todo o referente ao coñecemento do éuscaro e a súa realidade dentro da Comunidade Foral de Navarra.

fonoteca_
Fonoteca del Vascuence en Navarra
Nafarroako Euskararen Fonoteka
Phonothèque de l'Eukera de Navarre
Sound Archive of the Basque Language in Navarre

Do mesmo modo, a estas institucións fáiselles entrega do material sociolingüístico publicado durante o último ano.

Así, mantivéronse contactos cos Centros que o Instituto Cervantes ten en Berlín e en París, nos cales se realizou a presentación da “Fonoteca do éuscaro en Navarra" ao persoal e alumnado deses centros.

Outra institución coa cal se manteñen relacións desde o ano 2004 é coa Universidade Johann Wolfgang Goethe, de Frankfurt, Alemaña, e máis concretamente co profesor Martin Petrus que é o encargado de coordinar a Biblioteca Vasca-Euskal Liburutegia desa universidade. O Goberno de Navarra achega regularmente fondos bibliográficos propios á Biblioteca. Así mesmo, mantéñense contactos habituais co profesor Petrus, que nos mantén informados das actividades do Centro Alemán de Estudos Vascos.

Durante os dous últimos anos participouse tamén nos seguintes actos:

- Conferencia Internacional sobre Linguas Minoritarias Linguas Minoritarias na Europa post-2004: Problemas e Desafíos que tivo lugar na Faculty of Modern Languages for Translators and Interpreters, Trieste (Italia).

- Conferencia Internacional sobre os idiomas rexionais e minoritarios no sistema educativo: do bilingüismo ao multilingüismo. Que se celebrou en Bruxelas, entre o 27 e 28 de abril de 2006.

Comunidade Autónoma de ILLES BALEARS

A Dirección Xeral de Cultura do Goberno das Illes Balears ten como obxectivos, entre outros, a promoción e difusión da cultura das Illes Balears. Iso fai que en todas as actuacións desta Dirección Xeral haxa unha especial sensibilidade na utilización da lingua catalá, como manifestación da nosa identidade e acervo cultural, e todo iso, en cumprimento de Lei 3/1986, do 29 de abril, de normalización lingüística das Illes Balears.

Non obstante o anterior, queremos precisar, para os efectos da utilización da lingua catalá, cales son as actuacións realizadas pola Dirección Xeral de Cultura do Goberno das Illes Balears.

- Publicacións.

Todas as publicacións de libros e material bibliográfico que realiza a Dirección Xeral de Cultura e todos os centros culturais que xestiona lévanse a cabo en lingua catalá.

- Promoción e difusión de artes plásticas.

As exposicións organizadas por a Dirección Xeral de Cultura realízanse en lingua catalá. Os catálogos e demais material divulgativo imprímense en versión bilingüe ou mesmo trilingüe (catalán, castelán, inglés).

- Programa “Viu la cultura".

Neste programa, que pretende facer chegar aos alumnos dos centros educativos das Illes Balears o coñecemento do noso patrimonio histórico-artístico e da nosa realidade cultural a través de actividades culturais, visitas a museos, a centros culturais, etc., utilízase integramente a lingua catalá, tanto nas propias actividades, como nos catálogos e impresos informativos.

- Bibliotecas.

As bibliotecas xestionadas pola Dirección Xeral de Cultura do Goberno das Illes Balears levan a cabo toda a súa actividade en lingua catalá, utilizando este idioma nas rotulacións, impresos, etc. A adquisición de fondos bibliográficos para as bibliotecas realízase maioritariamente en lingua catalá.

As bibliotecas xestionadas polo Goberno das Illes Balears recollen exemplares de todas as obras publicadas en catalán.
As bibliotecas xestionadas polo Goberno das Illes Balears, a través do Ministerio de Cultura, puxeron en funcionamento o programa “Vostede pregunte", que lles permite aos cidadáns dirixirse, vía Internet, a estas bibliotecas solicitando información, dúbidas e outras cuestións. Os cidadáns poden formular as súas preguntas en catalán.

- Arquivos e Museos.

Todas as publicacións, exposicións, e material divulgativo dos arquivos e museos xestionados pola Dirección Xeral de Cultura realízase en catalán, ou, no seu caso, en versión bilingüe ou mesmo trilingüe (catalán, castelán, inglés), utilizando a lingua catalá no resto das súas actividades, impresos, rotulación, etc.

- Teatro, Música e Cultura Popular.

A Dirección Xeral de Cultura promove actividades teatrais, musicais e de cultura popular realizadas en catalán sen prexuízo de que, puntualmente, algunha representación se poida realizar en castelán, especialmente se se realiza fóra do territorio das Illes Balears ou dos territorios de fala catalá. A Dirección Xeral de Cultura, ademais de promover estas actividades, participa activamente na coprodución de obras realizadas en lingua catalá.

- Participación en Proxectos Culturais e de xestión cultural con outros Organismos.

Esta Dirección Xeral participa nos proxectos e actividades culturais que se atopen dentro do seu marco competencial, como, por exemplo, participación en consorcios e fundacións (Consorcio do Museo de Arte Moderna e Contemporánea de Palma, Fundación Pública das Balears para a Música, Consorcio para o Fomento da Lingua Catalá e a Proxección Exterior da Cultura das Illes Balears), colaboracións con outras institucións e centros culturais, realizando toda a súa actividade en lingua catalá.

- Persoal da Dirección Xeral de Cultura e dos seus centros dependentes.

Todo o persoal ao servizo da Dirección Xeral, así como dos seus centros dependentes, teñen acreditado o coñecemento da lingua catalá, xa sexa persoal funcionario ou laboral, de acordo co Decreto 100/1990 do 29 de novembro, que regula o uso das linguas oficiais da Administración da Comunidade Autónoma das Illes Balears e desenvolvido polo Decreto 162/2003, do 5 de setembro, polo que se aproba o regulamento que regula a esixencia de coñecementos de lingua catalá nos procedementos selectivos de acceso á función pública.

Este decreto esixe o certificado B de coñecementos elementais de catalán orais e escritos para o acceso a corpos de funcionarios dos grupos A, B e C, e o certificado A de coñecementos orais de catalán para o acceso a corpos de funcionarios dos grupos D e E.

Para o persoal laboral esíxese o certificado B de coñecementos elementais de catalán orais e escritos para os que ocupen postos de traballo que esixan unha titulación superior, titulación media e bacharelato superior ou equivalente, mentres que os que ocupen postos de traballo que esixan formación profesional de segundo grao ou bacharelato, formación profesional de primeiro grao, graduado escolar e certificado de escolaridade ou equivalente, esíxeselles o certificado A de coñecementos orais de catalán.

- Actividades de Fomento.

A Dirección Xeral de Cultura convoca periodicamente subvencións para a realización de actividades que supoñan a promoción e difusión da cultura propia das Illes Balears, tanto dentro do seu territorio como fóra del, xa sexa mediante a organización de feiras, festivais, concursos, produción de obras de teatro, gravación de curtametraxes e longametraxes, etc.

Todas estas actividades realízanse en lingua catalá, salvo as que se desenvolvan en territorios que non sexan de fala catalá.

Artigo 13 - Vida económica e social

1. En canto ás actividades económicas e sociais, e para o conxunto do país, as partes comprométense a:

a) excluír da súa lexislación calquera disposición que prohiba ou limite sen razóns xustificables o uso de linguas rexionais ou minoritarias nos documentos relativos á vida económica ou social e en particular nos contratos de traballo e nos documentos técnicos, como por exemplo as instrucións de uso de produtos ou de servizos;
b) prohibir a inserción, nos regulamentos internos das empresas e nos documentos privados, de cláusulas que exclúan ou limiten o uso de linguas rexionais ou minoritarias, como mínimo, entre os falantes da mesma lingua;
c) opoñerse ás prácticas encamiñadas a desalentar o uso de linguas rexionais ou minoritarias dentro das actividades económicas ou sociais;
d) facilitar e/ou fomentar, por outros medios diferentes dos que prevén os apartados anteriores, o uso de linguas rexionais ou minoritarias.

2. En materia de actividades económicas e sociais e na medida en que as autoridades públicas teñan competencia, as partes, no territorio onde se falan as linguas rexionais ou minoritarias, e cando sexa razoablemente posible, comprométense a:

a) definir, mediante as súas regulamentacións financeiras e bancarias, modalidades que permitan, en condicións compatibles cos usos comerciais, o uso de linguas rexionais ou minoritarias na redacción de ordes de pagamento (cheques, letras de cambio, etc.), ou outros documentos financeiros ou, se é o caso, en procurar que se poña en práctica este proceso;
b) nos sectores económicos e sociais que dependan directamente do seu control (sector público), levar a cabo accións que fomenten o uso das linguas rexionais ou minoritarias;
c) velar porque os servizos sociais como por exemplo os hospitais, as residencias da xente da terceira idade e os asilos ofrezan a posibilidade de recibir e atender na súa lingua os falantes dunha lingua rexional ou minoritaria que necesiten coidados por razóns de saúde, idade ou por outros motivos;
d) velar, polos medios axeitados, porque as instrucións de seguridade tamén estean redactadas nas linguas rexionais ou minoritarias;
e) facilitar nas linguas rexionais ou minoritarias a información que proporcionan as autoridades competentes sobre os dereitos dos consumidores.

Este ámbito de actividade non se corresponde estritamente cunha única competencia atribuíble ao Estado ou ás Comunidades Autónomas, xa que o contido deste artigo da Carta refírese a diferentes títulos competenciais e, en especial, aos seguintes:

Ao Estado correspóndelle elaborar normas referentes ás bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica (art. 149.1.13 da Constitución), que poden ser desenvolvidas posteriormente polas Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas.

- Ao Estado correspóndelle elaborar as normas lexislativas e regulamentarias en materia laboral (art. 149.1.6 da Constitución), que posteriormente han de ser postas en práctica e executadas polas Comunidades Autónomas.

- Ás Comunidades Autónomas correspóndelles a competencia exclusiva en materia de protección dos consumidores e usuarios, se ben no marco da lexislación aprobada polo Estado referente á planificación xeral da actividade económica.

Por outra parte, á marxe da distribución de competencias entre os diferentes poderes públicos, o cumprimento das previsións da Carta neste artigo non lles corresponde en exclusiva aos poderes públicos, senón que a actuación dos actores sociais e da iniciativa social pode ter tanta importancia e interese como a que desempeñan os poderes públicos.

Comunidade Autónoma de EUSKADI

Medidas parágrafo a)

Non existe na lexislación vasca ningunha disposición que prohiba ou limite o emprego da lingua vasca.

Pola contra, a Lei 10/1982, de 24 novembro, de Normalización do Uso do Éuscaro recoñécelle ao cidadán os seus dereitos lingüísticos, e asigna obrigas aos poderes públicos en orde á protección deses dereitos; así, no seu artigo 4º establece que:
"Os poderes públicos velarán e adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua na Comunidade Autónoma do País Vasco" O artigo 26, polo seu lado, ditamina que: "Os poderes públicos vascos tomarán as medidas oportunas e os medios necesarios tendentes a fomentar o uso do éuscaro en todos os ámbitos da vida social, co fin de posibilitarlles aos cidadáns o desenvolvemento nesa lingua nas diversas actividades mercantís, culturais, asociativas, deportivas, relixiosas e calquera outras ".

Na etiquetaxe dalgúns produtos de Galicia segue aparecendo na actualidade un uso incorrecto da toponimia. A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ten previsto, sobre os datos dun estudo de mercado, unha actuación no último trimestre de 2006 para dirixirse ás empresas alimenticias que non respectan a oficialidade dos topónimos. Mediante a Consellería de Innovación e industria, a Xunta de Galicia aproba as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á área do comercio para as seguintes actuacións:

a. Orde do 10 de marzo de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para

actuacións de vertebración do comercio urbano, en réxime de concorrencia competitiva, e procede á súa convocatoria para o ano 2006 (Diario Oficial de Galicia nº 57 do mércores, 22 de marzo de 2006).

b. Orde do 26 de abril de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e procede á convocatoria para o ano 2006, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para actuacións de desenvolvemento equilibrado nos centros comerciais abertos de Galicia e os eixes comerciais das vilas e cabeceiras de bisbarra, de acordo cos obxectivos fixados no Plan de renovación e mellora do comercio galego (Diario Oficial de Galicia, nº 87 do luns, 8 de maio de 2006).

c. Orde do 9 de marzo de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para adecuación e modernización de equipamentos comerciais, en réxime de concorrencia competitiva, e procédese á súa convocatoria para o ano 2006 (DOG nº 57 do mércores, 22 de marzo de 2006).

d. Orde do 24 de abril de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas a asociacións de comerciantes e outras entidades sen fins de lucro, para actuacións dirixidas a incentivar a demanda no ámbito do comercio retallista, en réxime de concorrencia competitiva, e procédese á súa convocatoria para o ano 2006 (DOG nº 87 do luns, 8 de maio de 2006).

e. Orde do 25 de abril de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006, en concorrencia competitiva, de subvencións para o fomento de integracións estratéxicas, a cooperación empresarial, a realización de actividades de formación, estudos e investigacións que teñan por obxecto a distribución comercial en Galicia, en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego (DOG nº 87 do luns, 8 de maio de 2006).

f. Orde do 13 de marzo de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006 de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a modernización de comercios situados en zonas rurais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste caso terán consideración de gastos subvencionables os seguintes: deseño e execución de campañas publicitarias ou promocionais dirixidas á captación e fidelización de clientes no territorio e adquisición de elementos de transporte de uso industrial, debidamente rotulados co nome e do establecemento comercial, para a distribución dos seus produtos.

g. Orde do 15 de marzo de 2006 para a adecuación dos establecementos comerciais ao seu ámbito competitivo e acceso ás

novas tecnoloxías no ano 2006. Entre as actividades subvencionables inclúense os sistemas de etiquetaxe.

h. Orde do 14 de marzo de 2006 pola que se establecen as bases e se procede á convocatoria para o ano 2006, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a implantación de sistemas de calidade e fomento da creación e expansión de cadeas sucursalistas (DOG nº 58 do xoves, 23 de marzo de 2006).

Nas condicións para a entrega da documentación de obrigatoria presentación inclúese un punto no que se solicita unha declaración de compromiso de uso e posterior utilización da lingua galega segundo modelo normalizado do anexo III (ver DOG) en campañas publicitarias, elementos promocionables e na sinalización da área comercial de actuación, nos establecementos comerciais e nos investimentos que se van realizar.

En todas estas subvencións considéranse criterio de avaliación que servirá de base para a determinación da preferencia na concesión e contía das axudas o compromiso de uso e posterior utilización da lingua galega en toda a sinalización e nos elementos que proceda.

Comunidade VALENCIANA

Desde o ano 2004, Lei 16/2003, do 17 de decembro, de Medidas Fiscais, de Xestión Administrativa e Financeira, e de Organización da Generalitat Valenciana, as doazóns destinadas ao fomento da lingua valenciana pódese deducir o 10%.

Por outra parte, a Consellería de Cultura, Educación e Deporte vén concedendo anualmente para o fomento do uso do valenciano as axudas seguintes:

A asociacións sen ánimo de lucro, empresas, comercios, industrias, sindicatos, colexios profesionais e empresariais.

Subvencionados	2003	2004	2005
Número de asociacións	823	975	963
Número de empresas, industrias e comercios	1.747	1.315	1.204

Con esta finalidade, a relación de sindicatos subvencionados anualmente para a promoción do valenciano é a seguinte: Confederación sindical de CCOO PV, Unión Xeral de Traballadores PV, Unión Sindical Obreira da CV, Central Independente e de Funcionarios CSI-CSIF, Confederación Xeral do Traballo CGT-PV, Federación de Sindicatos STPV-IV, ANPE.

Igualmente, benefícianse destas axudas outras entidades e colectivos: Europa Press, Colexio Notarial de Valencia, Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís CV, Asociación de Novos Empresarios de Valencia, Federación Empresarial de Hostalaría de Valencia.

En canto ás actividades económicas e sociais, as empresas de carácter público, de conformidade co artigo 16 da Lei de Uso e Ensino do Valenciano, deben garantir que os seus empregados con relación directa ao público posúen o coñecemento suficiente de valenciano para atender con normalidade o servizo que teñen encomendado.

Comunidade Foral de NAVARRA

O Goberno de Navarra non elaborou ningunha disposición que prohiba ou limite o uso do éuscaro na redacción de documentos técnicos, contratos de traballo ou instrucións sobre o emprego de produtos ou de servizos.

Igualmente, tampouco realizou actuación ningunha tendente a prohibir a inserción de cláusulas que exclúan ou limiten o uso do éuscaro nos regulamentos internos das empresas e nos documentos privados.

Proba diso é a presenza do éuscaro en moitos comercios e empresas radicados na Comunidade Foral de Navarra e que ofrecen os seus produtos e servizos utilizando formatos e rotulación bilingües.

De acordo con este principio xeral, por outro lado, moitas empresas que realizan a súa actividade en Navarra ofrecen os seus servizos, dan a información e rotulan as súas dependencias utilizando tamén o éuscaro, é dicir de forma bilingüe.

Non que se refire ao emprego do éuscaro na redacción de documentos financeiros ou nos servizos sociais como hospitais, residencias da terceira idade ou asilos, o Goberno de Navarra non elaborou normas ao respecto.

As instrucións de seguridade no Departamento están redactadas só en castelán; pero as follas de reclamacións que este Departamento pon a disposición do público edítanse en castelán e en éuscaro.

Ademais das follas de reclamacións en materia de consumo, o Departamento da Comunidade Foral correspondente conta tamén cun folleto sobre educación para o consumo dos escolares, editado en éuscaro.

Artigo 14. Intercambios transfronteirizos

As partes comprométense a:

a) Aplicar os acordos bilaterais e multilaterais existentes que as vinculan cos estados en que se fala a mesma lingua de xeito idéntico ou parecido, ou procurar concluílos se fose necesario, de modo que poidan favorecer os contactos entre os falantes da mesma lingua nos estados correspondentes, nos ámbitos da cultura, a ensino, a información, a formación profesional e a educación permanente;

b) En beneficio das linguas rexionais ou minoritarias, facilitar e/ou promover a cooperación a través das fronteiras, en particular entre colectividades rexionais ou locais nos territorios nos cales se fale a mesma lingua de xeito idéntico ou parecido.

O contido do artigo 14 da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias, referido aos intercambios transfronteirizos, non se corresponde coas obrigas que o sistema constitucional atribúe a un ou outro nivel administrativo; de modo que na práctica, estes intercambios poden ser levados a cabo tanto polo Estado coma polas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

Ademais, débese ter presente que, en efecto, tanto o catalán como o éuscaro son falados no lado norte da fronteira española. En concreto, o éuscaro na parte occidental do departamento francés de Pireneos Atlánticos; e o catalán no departamento de Pireneos Orientais. Un terceiro caso de continuidade lingüística nesta fronteira é o do aranés, variante do occitano, cooficial no Val de Aran (provincia de Lleida, Comunidade Autónoma de Catalunya), que se fala na rexión francesa de Midi- Pyrenèes.

Igualmente, o catalán é o idioma oficial do Principado de Andorra, pequeno Estado situado nos Pireneos, entre España e Francia, limitando con ambos os dous Estados.

Na fronteira hispano-portuguesa, existe unha gran proximidade lingüística entre o galego e o portugués.

Non obstante, existen dous obstáculos importantes, alleos á realidade e vontade españolas, pero que non axudan ao desenvolvemento destes intercambios transfronteirizos:

- Na fronteira hispano-francesa, a falta de recoñecemento da oficialidade dos idiomas éuscaro, catalán e occitano por parte das autoridades francesas; o que se converte na práctica nun freo para o pleno desenvolvemento desta cooperación lingüística, xa que a sitúa no campo da cooperación simplemente voluntaria e non oficial. Unha situación diferente é a do catalán no Principado de Andorra, onde goza de plena oficialidade.

- Nas dúas fronteiras, a organización política centralizada de ambos os dous Estados veciños, é dicir tanto da República Francesa como da República Portuguesa, de modo que as decisións sobre a política lingüística e sobre as medidas prácticas a desenvolver adóptanse nas respectivas capitais políticas ou por parte de autoridades xerarquicamente dependentes do poder central; mentres que en España a competencia para o desenvolvemento dunha política lingüística de promoción e defensa corresponde de forma case exclusiva, e moi especialmente, ás Comunidades Autónomas.

COMENTARIOS XERAIS DA ADMINISTRACION XERAL DO ESTADO

A pesar dos obstáculos descritos, os intercambios transfronteirizos en materia de política lingüística contan con dous instrumentos xurídicos:

1. A posibilidade de celebración de Tratados e Convenios internacionais entre os Gobernos de ambos os dous Estados, tanto en materia educativa, como cultural, administrativa, etc; que poden referirse a contidos lingüísticos no caso de que ambos os dous Estados estean de acordo.

Ademais, nas Reunións alto nivel anuais bilaterais que se celebran cos Gobernos de Francia e Portugal, existe a posibilidade certa de que os Ministros de ambos os dous Estados responsables da mesma materia intercambien criterios e alcancen acordos que poden referirse á acción de ambos os dous Estados en defensa das linguas compartidas nos territorios dos dous Estados.

2. A vixencia do Convenio Marco de Cooperación transfronteiriza, adoptado polo Consello de Europa, en 1980; do que derivan os Tratados de Cooperación transfronteiriza vixentes con Francia, asinado en Baiona en 1995; e con Portugal, asinado en Valencia, en 2002.

A partir destes dous Tratados, as Entidades territoriais españolas e francesas e portuguesas poden formalizar acordos de cooperación transfronteiriza, e tamén no ámbito cultural ou lingüístico.

Para a aplicación destes dous Tratados, a Administración española conta cun Rexistro de 42 convenios, sobre diferentes materias e con diferentes contidos; se ben se aprecia que o peso dos convenios que teñen como finalidade a cooperación en materia lingüística é moi escaso. En todo caso, existen diferentes convenios de cooperación xeral ou plurisectorial, para unha ampla relación de materias, entre as que tamén pode aparecer a política lingüística.

Como valoración xeral, moi probablemente os obstáculos apuntados no parágrafo anterior dificultaron o pleno desenvolvemento da cooperación con esta finalidade.

Comunidade Autónoma de EUSKADI

O Pleno do Parlamento Vasco ratificou o 10 de decembro de 1999 o Plan Xeral de Promoción do Uso do Éuscaro aprobado polo Goberno Vasco o 28 de xullo de 1998, e instou así mesmo ao Goberno Vasco a que apoiase o fomento do éuscaro en colaboración coas entidades públicas e privadas do País Vasco Continental e Navarra.

O 22 de decembro do 2000 asinouse un Convenio entre o Estado Francés, o Consello Rexional de Aquitania, o Consello Xeral dos Pireneos Atlánticos, o Distrito Baiona- Anglet-Biarritz e o Consello de Electos do País Vasco. Este convenio puxo en marcha unha política lingüística a favor do éuscaro, materializada en dez accións.

Posteriormente, no 2003 asinouse o Protocolo de Baiona cos organismos anteriormente mencionados, para impulsar a colaboración en materia de política lingüística.

Finalmente no 2004 creouse a Oficina Pública da Lingua Vasca, unha agrupación de interese público que inclúe o Estado Francés, A Rexión, o Departamento e os concellos. É o primeiro instrumento habilitado polo Estado francés para agrupar a todos os poderes públicos en torno a un proxecto, pioneiro en Francia, de política lingüística en favor do éuscaro.

Actualmente estase a traballar na elaboración dun acordo de colaboración entre o Goberno Vasco e a Oficina Pública da Lingua Vasca, que teña en conta todos os aspectos da acción lingüística e vaia máis lonxe do feito ata agora. Este acordo podería entrar en vigor no 2007 e ser un verdadeiro exemplo de cooperación transfronteiriza ao servizo do éuscaro como algo común e compartido.

Para a formulación deste acordo existen certas limitacións e inconvenientes no dereito interno do Estado español que representan un impedimento na acción exterior das Comunidades Autónomas e que alcanzan tamén á celebración de convenios de cooperación internacional.

O límite fundamental está no propio texto constitucional que no seu artigo 149.1.3º atribúe a competencia exclusiva en materia de relacións internacionais ao Estado. Iso supón, de acordo coa Sentenza 165/1994 do Tribunal Constitucional, que a acción das Comunidades Autónomas neste ámbito circunscríbese a actividades que non impliquen o exercicio do *ius contrahendi* -(celebración de tratados)-, non orixinen obrigas inmediatas e actuais fronte a poderes públicos estranxeiros, non incidan na política exterior do Estado, e non xeren responsabilidade deste fronte a Estados estranxeiros ou organizacións inter ou supranacionais.

A isto hai que engadir o complexo procedemento fixado en desenvolvemento do Tratado de Cooperación a través do Real Decreto 1317/1997, do 1 de agosto, desenvolvido, á súa vez, por Resolución do 14 de novembro de 1997, da Secretaría de Estado para as Administracións Territoriais, que require a comunicación previa á Administración do Estado, a través da Secretaría de Estado para as Administracións Territoriais, e a publicación oficial do instrumento de cooperación no BOE.

Por todo iso, podemos concluír que os intercambios transfronteirizos son susceptibles dunha mellora substancial se se abordan os problemas que intentamos expoñer aquí.

Por outra parte, correspóndelle á Dirección de Coordinación da viceconsellería de Política Lingüística do Goberno Vasco, entre outras funcións, impulsar iniciativas de promoción do uso do éuscaro en colaboración e coordinación coas entidades públicas e privadas do País Vasco Norte e da Comunidade Foral de Navarra.

Con ese fin, o Departamento de Cultura publica anualmente unha convocatoria de subvencións a entidades privadas que desenvolvan actividades de promoción do éuscaro no ámbito territorial do éuscaro, fóra da Comunidade Autónoma Vasca.

A tal fin dispúxose no ano 2006 un total de 400.000 euros. Poderán recibir subvención as actividades encamiñadas a:

A. - Transmitir o éuscaro ás novas xeracións e buscar novos falantes:

- Sensibilizar sobre a transmisión do éuscaro mediante a escola.
- Garantir produción de material en éuscaro.
- Posibilitar a formación continua e os recursos de que dispoñen os axentes activos do proceso de euskaldunización e alfabetización.

B.- Promover o uso do éuscaro:

- Principalmente no ámbito extraescolar e de tempo libre.

C. - Cultivar e fortalecer a calidade do éuscaro:

- Facer promoción dos medios de comunicación en éuscaro.
- Fomentar o uso do éuscaro nas novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Recuperar e normalizar o patrimonio lingüístico e a toponimia.

D. - Liñas de investigación dirixidas a coñecer mellor o desenvolvemento sociolingüístico do éuscaro.

E. - Posibilitar a colaboración entre os distintos consellos asesores do éuscaro.

Ademais da axuda mencionada, as entidades privadas de fóra da Comunidade Autónoma do País Vasco tamén poden presentar os seus proxectos de promoción do éuscaro noutras convocatorias do Goberno Vasco.

No cadro seguinte resúmense as axudas outorgadas nos últimos anos a entidades do País Vasco no Estado Francés.

Ipar Euskal Herria- País Vasco Norte (Iparralde)

	2003	2004	2005
Convocatoria de axudas a entidades privadas que desenvolvan actividades de promoción do éuscaro no ámbito territorial do éuscaro	211.658 €	242.153€	303.829,49 €
Fondo de Cooperación Akitania / Euskadi	49.000 €	127.000€	-
Axudas a promoción do éuscaro, Euskalgintza	63.278 €	30.426,89	49.254,00 €
Axudas a medios de comunicación en éuscaro.	131.425 €	117.645,83 €	92.221.00 €

b) en beneficio das linguas rexionais ou minoritarias, facilitar e/ou promover a cooperación a través das fronteiras, en particular entre colectividades rexionais ou locais nos territorios dos cales se fale a mesma lingua de xeito idéntico ou parecido.

O Goberno Vasco impulsa a acción de fomento do uso do éuscaro na totalidade do seu ámbito territorial, canalizando a colaboración coas institucións e asociacións do País Vasco Continental e Navarra. Para iso está dando os pasos necesarios detrás dun marco sólido de cooperación cos poderes públicos do País Vasco Continental e fomentar iniciativa privada. Pola súa banda, o Goberno Vasco tamén ten o obxectivo de dar os pasos necesarios para concertar programas co Goberno de Navarra e fomentar iniciativa privada.

Así mesmo está traballando para incrementar a presenza do éuscaro tamén máis alá dos límites do País Vasco, para o cal, entre outras accións, reforzarase a colaboración coas casas vascas repartidas por todo o mundo e o programa universitario de lectorado (ver artigo 12).

Comunidade Autónoma de CATALUNYA

Co fin de facilitar a adopción de políticas comúns que contribúan a superar os déficits de uso e de estatus do catalán, a disposición adicional segunda da Lei de política lingüística establece que a Generalitat debe promover acordos, convenios e tratados coas comunidades autónomas aragonesa, balear e valenciana, e cos estados andorrano, francés e italiano, para fomentar o intercambio cultural entre territorios de fala catalá. De acordo con esta norma, o Goberno da Generalitat mantén relacións de cooperación co resto de institucións dos territorios de fala catalá. Os artigos 6.4 e 12 do futuro Estatuto de autonomía establecen un mandato á Generalitat para que promova a comunicación e a cooperación cos territorios da área lingüística catalá, tanto para a promoción xeral da lingua como para a súa promoción exterior.

A cooperación en materia de política lingüística entre os gobernos de Catalunya e das Illes Balears formalizouse o 17 de abril do ano 2000, co fin de facer rendibles os esforzos dos dous gobernos para a promoción da lingua. Neste marco estable de colaboración inscríbense actuacións conxuntas en diversos campos, como por exemplo a difusión da terminoloxía elaborada polo TERMCAT; a colaboración en materia de cinematografía, que fai posible a exhibición nas Illes Balears das películas que se dobran ao catalán co apoio da Generalitat; a colaboración no campo da formación de persoal técnico e as publicacións conxuntas.

A colaboración entre os gobernos de Catalunya e das Illes Balears levada a cabo durante estes anos materializouse en diversas actuacións e publicacións conxuntas, que abranguen os campo da dobraxe e exhibición de películas en catalán e a colaboración con centros de autoaprendizaxe.

Unha colaboración conxunta co Goberno das Illes Balears e o de Andorra consistiu en organizar, a través do Instituto Ramón Llull, un campus dirixido a universitarios de todo o mundo que estuden catalán nalgunha facultade situada nun territorio que non sexa de fala catalá. Esta iniciativa pretende ofrecerlles aos estudantes unha inmersión lingüística de tres semanas.

A Generalitat de Catalunya tamén colaborou co Goberno de Andorra na edición dunha colección de textos chamada *Català fàcil.* Esta colección ten por obxectivo facilitarlles a lectura en lingua catalá aos aprendices mediante a adaptación aos diferentes niveis de aprendizaxe de obras literarias catalás ou estranxeiras coñecidas e recoñecidas. Co Goberno de Andorra tamén se colabora no mantemento de 3 centros de autoaprendizaxe en Andorra.

As relacións en materia de lingua coa Comunidade Valenciana mantéñense a través das universidades valencianas. Da colaboración coas universidades cabe destacar a que leva a cabo o TERMCAT en materia de terminoloxía e a da Secretaría de Política Lingüística da Generalitat de Catalunya cos centros de autoaprendizaxe de catalán que dependen das universidades valencianas.

En canto á Catalunya do Norte, que coincide aproximadamente co departamento francés dos Pireneos Orientais, o día 5 de setembro de 2003 inaugurouse a casa da Generalitat de Catalunya en Perpiñán, como representación oficial do Goberno catalán na Catalunya do Norte. Con esta actuación, o Goberno catalán dótase dunha canle estable de comunicación e de promoción da cooperación con esta zona de fala catalá en todos os ámbitos da vida social e económica: comercial, laboral, lingüístico, cultural, xuvenil, turístico, deportivo, etc.

Polo tanto, se ben a casa da Generalitat en Perpiñán leva a cabo as accións en favor da lingua e cultura catalás na Catalunya do Norte, non esgota nas políticas de promoción da lingua a súa actividade, senón que constitúe un punto de dinamización das iniciativas transfronteirizas e da resposta ás demandas das institucións, das empresas, das asociacións e, en definitiva, de todos os cidadáns dun e doutro lado da fronteira.

Dada a falta de recoñecemento da lingua catalá por parte do Estado francés, a Generalitat de Catalunya financia entidades de defensa da lingua catalá na Catalunya do Norte. Por outra parte, a Generalitat de Catalunya e a Regiduría de Cultura Catalá do Concello de Perpiñán asinaron o 30 de novembro de 2004 un convenio para a promoción da cultura e da práctica da lingua catalá na Cataluña do Norte.

Igualmente, a Generalitat de Catalunya outorga regularmente axudas a entidades de fomento da lingua catalá tanto na Franxa de Poñente (Aragón) como no Alguer (Sardeña, Italia).

A Generalitat de Catalunya leva a cabo outras iniciativas en favor de todos os territorios de lingua catalá, como por exemplo a organización de encontros de centros de autoaprendizaxe, a achega dunha axuda á Universidade Catalá de Verán de Prada (Catalunya do Norte, Francia) ou a colaboración co Instituto Joan Lluís Vives, que agrupa as universidades do ámbito lingüístico catalán.

- Instituto Joan Lluís Vives

O Instituto Joan Lluís Vives (IJLV) é a rede de universidades de Catalunya, a Comunidade Valenciana, as Illes Balears, Andorra e a Catalunya do Norte. Funciona en comisións de traballo, cada unha das cales xestiona un programa permanente de actuación. En materia de lingua, ten como obxectivo xeral promover accións conxuntas de normalización da lingua catalá e de difusión da cultura propia.

Durante o 2005 o IJLV levou a cabo o desenvolvemento do proxecto www.lengua.info . Esta ferramenta materializa un dos obxectivos fundacionais do Instituto: promover o uso da lingua propia entre a comunidade universitaria e entre a sociedade do seu ámbito. O portal www.lengua.info pretende ser unha páxina de referencia de información dos servizos lingüísticos das 20 universidades da rede IJLV. Ten como obxectivo cubrir as necesidades en materia de lingua de toda a sociedade, a través dun servizo de calidade: os servizos lingüísticos universitarios.

- Actuacións estatais transfronteirizas

Actualmente, a diferenza dalgúns anos atrás, o Estado español non ten en conta o coñecemento da lingua oficial de Andorra (o catalán), unha lingua minoritaria no Estado español, ao destinar persoal docente ás escolas españolas de Andorra.

Esta carencia pódese apreciar por exemplo na Orde ECI/367/2005, do 14 de febreiro
(BOE 46 http://www.boe.es/boe/dias/2005-02-23/pdfs/A06506-06523.pdf , do 23 de febreiro), do Ministerio de Educación e Ciencia, pola que se convoca concurso público de méritos para a provisión de postos de funcionarios docentes no exterior, que non contén ningunha esixencia de coñecemento do catalán para as prazas de Andorra.

No que respecta ao coñecemento da lingua do país, nas escolas de Andorra, España trata o catalán comparativamente peor que as outras linguas dos países onde se atopan as escolas españolas. O funcionariado español non docente en Andorra, paradoxalmente, si que ten a obriga de coñecemento do catalán. Así o prevé, por exemplo, a Orde AEC/2124/2004, de 28 de xuño (BOE 158 http://www.boe.es/boe/dias/2004-07-01/pdfs/A24311-24312.pdf, de 1 de xullo), do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, pola que se anuncia convocatoria para a provisión polo sistema de libre designación, de postos de traballo no Departamento.

Os artigos 4.1, 4.2 e Anexo II.1, 2, 5, 7, 8, 9 e 10 da Aplicación provisional, do 18 de febreiro de 2005, do Canje de Notas do 23 de decembro de 2004, constitutivo de Convenio entre o Reino de España e o Principado de Andorra en materia educativa (BOE 69 http://www.boe.es/boe/dias/2005-03-22/pdfs/A09751-09756.pdf, do 22 de marzo de 2005), prevén que a lingua vehicular dos centros que regula será o castelán e, á vez, prevé o ensino do catalán en todos estes centros dentro a área chamada “Formación Andorrana". Posto que os docentes non saben catalán, a presenza desta lingua redúcese a unha área específica. Entendemos que ao tratarse dunha lingua oficial española, protexible como tal e como lingua minoritaria, que é á vez a lingua oficial de Andorra, o catalán debería ter unha presenza moi superior como lingua vehicular.

Noutra orde de cousas, é de lamentar tamén que o Goberno español, no marco da Aplicación provisional do Acordo marco entre o Goberno do Reino de España e o Goberno da República Francesa (BOE 164 do 11 de xullo), sobre os

programas educativos, lingüísticos e culturais nos centros escolares dos dous Estados, feito en Madrid o 16 de maio de 2005, se refira exclusivamente á lingua española e á francesa, tendo en conta que os dous Estados comparten o catalán, o occitano e o éuscaro, linguas estas minoritarias obxecto de protección pola CELROM, ao mesmo tempo que merecedoras da especial protección que a Constitución vixente en España lle encarga ao Estado.

Comunidade Autónoma de GALICIA

Respecto á cooperación transfronteiriza entre Galicia-Norte de Portugal existe unha Comunidade de Traballo creada o 31 de outubro de 1991 e o seu acordo constitutivo foi modificado e adaptado, o Tratado Hispano-Portugués de cooperación transfronteiriza entre entidades e instancias territoriais do 3 de outubro de 2002, o pasado 24 de febreiro de 2006 (ver a páxina web Comunidade de Traballo).

Ademais existe o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, creado en 1992, do que forman parte 18 das principais cidades da Eurorrexión; así como 4 Comunidades Territoriais de Cooperación (Val do Minho, Val do Támega, Val do Limia e Val do Cávado) no que están representados os concellos e Cámaras Municipais fronteirizas.

Estas estruturas de cooperación son as que presentan e executan os principais proxectos de cooperación transfronteiriza entre as dúas rexións.

É importante destacar que o Eixo Atlántico, reunido en Vigo o 25 de maio de 2001, aprobou unha Declaración dos Dereitos Lingüísticos do Eixo Atlántico que recoñece a plena validez en ambos os dous territorios da lingua galega e da lingua portuguesa e desde ese momento as súas publicacións realízanse, polo menos, en galego e en portugués.

As institucións que forman o EIXO ATLÁNTICO, reunidas o día 20 de abril de 2001,

1. - Considerando a Constitución Española, a Portuguesa e o Estatuto de Autonomía
de Galicia, declaran cooficiais a todos os efectos nas actividades do EIXO ATLÁNTICO as linguas portuguesa, española e galega, de forma que:

1.1. As intervencións e documentos escritos terán plena validez en calquera
das tres linguas;

1.2. Todos os galegos e portugueses teñen dereito a expresarse, ser atendidos e obter documentación oficial en lingua galega o portuguesa, respectivamente, polos concellos do EIXO ATLÁNTICO, en forma de papel, soporte informático ou calquera outra.

2. - Considerando a forza do actual proceso de restauración social do uso da lingua galega e a
pesar da necesidade de impulsala de conformidade coa Carta Europea das Linguas Minoritarias, o EIXO ATLÁNTICO promoverá iniciativas propias e apoiará iniciativas alleas que impulsen aquel proceso:

2.1. Tenderá a que as relacións se realicen preferentemente en lingua portuguesa ou

en lingua galega.
2.2. Terá como válidos todos os documentos notariais ou autorizados por funcionarios que exercen a fe pública, que estean redactados en lingua galega.

2.3. Promoverá campañas para promover os hábitos dos portugueses de aceptar as relacións orais e escritas, oficiais e comerciais, dos galegos con eles en lingua galega.
2.4. Promoverá a libre circulación dos produtos galegos ou portugueses etiquetados respectivamente en lingua galega ou en lingua portuguesa.
2.5. Promoverá actividades culturais que contribúan a impulsar actividade comercial e cultural en lingua galega.

3. Considerando a Lei de Normalización Lingüística de Galicia, referendada polo Tribunal Constitucional español, e as Recomendacións da ONU en materia toponímica, declaran que os topónimos portugueses terán no EIXO ATLÁNTICO unha forma oficial que será a portuguesa, e os topónimos galegos terán unha forma oficial que será a galega.

4. - Considerando que o modelo economicista de crecemento propugnado polos grupos económicos transnacionais, que identifica progreso con desregulación e liberdade con individualismo competitivo, xera graves e crecentes desigualdades económicas, sociais, culturais e lingüísticas, o EIXO ATLÁNTICO
4.1. propugna un modelo de desenvolvemento sostible e equitativo para toda a humanidade, e propicia un marco de organización política da diversidade lingüística baseado no respecto, a convivencia e o beneficio recíprocos;
4.2. entende que o espazo comunicativo mundial é compatible coa participación equitativa de todos os pobos, de todas as comunidades lingüísticas e de todas as persoas no proceso de desenvolvemento;
4.3. coherentemente, o EIXO ATLÁNTICO constitúese como unha forma de vertebración internacional que permita manter a diversidade dentro da mundialización da economía e do mercado da información;
4.4. comprométese a orientar todas as súas actividades na liña de manter a cohesión interna de cada comunidade lingüística, independentemente da súa limitación demográfica, dispersión, precariedade económica ou modelo cultural distinto do predominante.

5. O EIXO ATLÁNTICO recoñece o dereito dos galegos e dos portugueses a obter nas súas respectivas linguas unha información completa, tanto oral como escrita, sobre os produtos e servizos que propoñen os establecementos comerciais (como, por exemplo, as instrucións de uso, as etiquetas, as listas de ingredientes, a publicidade, as garantías e outros), así como as indicacións públicas referentes á seguridade dos cidadáns en condicións non inferiores ás de calquera outra lingua. O EIXO ATLÁNTICO promoverá campañas de mentalización para que nos intercambios entre empresas e entidades galegas e portuguesas se faga efectivo este dereito que todo cidadán, cliente ou usuario ten de ser informado, oralmente ou por escrito, na

lingua propia do territorio nos establecementos abertos ao público, a un lado e outro do Miño.

A Consellería de Cultura financiou diversos encontros entre escritores galegos e portugueses en forma de Congresos ou en forma de visitas conxuntas e organizadas para facilitar o coñecemento recíproco. O Eixo Atlántico organiza tamén intercambios entre poboación de fala galega e portuguesa, principalmente de acordo coa iniciativa comunitaria Interreg III-A que permitiu executar proxectos como:

a. CUSEFRO, Cultura sen Fronteiras. Xefe de Fila: DX de Promoción Cultural (G).

b. SONS E ACORDES, Valorización das raíces musicais do Lima-Limia. Xefe de Fila: Asociación de Municipios do Val do Lima (PT).

c. ANIMA TRANSFRONT, Estudio<A[Estudio|estudo]> estratéxico e intervención en rede para a dinamización transfronteiriza a través do cinema de animación. Xefe de Fila: Casa da Animaçao (PT).

d. RIO MINHO, Promoción e dinamización cultural do Val do Minho Transfronteirizo. Xefe de
Fila: Asociación de Municipios do Val do Minho (PT).

e. ECUS, Encontro de Culturas. Xefe de Fila: DX de Promoción Cultural (G).

f. TALIA, Eixo Atlántico do Teatro. Xefe de Fila: Concello de Ourense (G).

g. REDE-CULTURA, Promoción da Cultura Transfronteiriza. Xefe de Fila: Mancomunidade do
Salnés (G).

h. LETRAS, Letras na corrente. Xefe de Fila: DX Promoción Cultural (G).

i. PEC-CRAFT, Posta en común das artes e oficios artesáns na Eurorregión Galicia-Norte
de Portugal. Xefe de Fila: Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño (G).

Máis información na páxina web www.galicia-nortept.org (Comunidade de Traballo).

O Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal,(www.fceer.org) organiza cursos de verán para estudantes universitarios.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aplica desde hai anos o Programa LALO (Lingua de Adquisição ou- Lingua de Origem), que é o resultado dun convenio de colaboración entre as Administracións española e portuguesa. Está en estudo, a través desta vía, a posibilidade de que profesores galegos participen en actividades de formación en Portugal, e viceversa. Tamén consta a presenza de alumnos de ERASMUS galegos en Portugal, a Consellería de Educación ten unha relación deles. Tamén se realizan actividades conxuntas entre profesorado galego e portugués como o programa radiofónico "Ponte nas Ondas" e as actividades para a candidatura do " Patrimonio Inmaterial Galaico-Portugués", presentada para o seu recoñecemento na UNESCO.

Aínda que o contido financeiro desta iniciativa é limitada (1.980 €), a Comunidade Valenciana consigna no seu Informe a celebración de cursos de valenciano na localidade de Yecla (Rexión de Murcia), polo que supoñen de colaboración “transfronteiriza" no sentido indicado no parágrafo b).

Hai que ter presente que Yecla, xunto a Jumilla e Favanella, son tres municipios da Rexión de Murcia que forman parte da bisbarra do Carche, na que existen varios núcleos de poboación historicamente valencianoparlantes. Este é o motivo de que, como consecuencia da petición do Concello de Yecla, se organizase un curso de valenciano nesa localidade murciana.

Constitúe un exemplo de colaboración entre a Comunidade Valenciana e a Rexión de Murcia para facer presente o valenciano nos municipios que teñen minorías valencianoparlantes. A calidade do equipo docente achegado pola Academia Valenciana da Lingua mereceu a cualificación de moi boa (86%) e boa (14%). Tamén está prevista a realización dun exemplar extraordinario da colección “Toponímia dels Pobles Valencians", destinado a recoller a toponimia valenciana dos tres municipios murcianos que integran a bisbarra do Carche.

Comunidade Foral de NAVARRA

Dende o Goberno de Navarra véñense impulsando unha serie de actuacións tendentes a aumentar a colaboración transfronteiriza con Francia, a parte norte de Navarra, ou zona pirenaica, que é a que linda con este País (163 quilómetros). Posto que a ambos os dous lados dos Pireneos se fala o éuscaro, esta colaboración esténdese tamén ao ámbito cultural e lingüístico.

Esa colaboración sempre ten como obxectivo último a integración europea e moitas veces baixo o amparo e financiamento da Unión Europea.

Así, con este obxectivo véñense realizando unha serie de actuacións e programas:

- Fondo de Cooperación Aquitania-Navarra.

O Goberno de Navarra ten asinado un Convenio de Cooperación transfronteiriza co Consello Rexional de Aquitania, ao cargo da cal se realiza anualmente unha convocatoria de axudas en cada unha das rexións.

- Actividades Culturais sobre o Éuscaro. Na convocatoria do ano 2003 recibiu axuda:

- Ikaspilota. Federación de Ikastolas de Navarra. Na convocatoria do ano 2005 recibiron axuda:
- Elkar Ezagutza. Asociación Cultural Xorroxin.
- Camiño dos encontros. Kebenko.

A convocatoria do ano 2006, con cargo a este Fondo de Cooperación establecido no Convenio de Cooperación transfronteiriza entre o Goberno de Navarra e o Consello Rexional de Aquitania, estaba, no momento de realizar este Informe, aínda pendente da súa resolucion.

- ITINERIS.

Trátase dun convenio de cooperación transfronteiriza, que se relaciona cun programa subvencionado ao 50% con fondos FEDER da Unión Europea, que promove a cooperación entre rexións fronteirizas, a formación dos funcionarios no campo das linguas europeas (*lifelong learning*) e o intercambio de boas

prácticas entre axentes homólogos pertencentes ás dúas administracións, navarra e aquitana.

A posta en marcha polo Goberno de Navarra deste programa no ano 2002 supuxo participar en programas europeos, co obxectivo posto na participación nos novos programas que se porán en marcha para o período 2007/2013.

- Xestión do PIC INTERREG III A FRANCIA-ESPAÑA.

O Goberno de Navarra é xefe de fila de 6 proxectos do PIC, dentro do marco Interreg IIIA Francia-España, cun financiamento do FEDER de 431.643,88€ e con socios da rexión de Aquitania.

- A Comisión do Arco Atlántico (CRPM).

O Arco Atlántico trátase dunha comisión da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM), da que forman parte Aquitania, Navarra e outras rexións desta gran rexión europea; e que trata diferentes ámbitos materiais: transporte, seguridade marítima, política rexional, litoral, pesca, investigación e innovación e PIC Interreg IIIB Espazo Atlántico.

O Buró Político da Comisión reuniuse en tres ocasións, o 20 de xaneiro de 2003, 11 de abril de 2003 e 14 de xaneiro de 2004; mentres que a Asemblea Xeral o fixo noutras tres ocasións: 20 de xuño de 2003, 11 de setembro de 2003 e 25 de xuño de 2004. Neste marco, existe un proxecto de estratexia territorial do Arco Atlántico, chamado SDEA financiado polo PIC Interreg IIIB Espazo Atlántico e no que participan, entre outros, os Gobernos de Navarra e o rexional de Aquitania.

- A Comunidade de Traballo dos Pireneos (CTP).

Trátase dunha asociación rexional europea que agrupa as catro Comunidades Autónomas españolas e as tres rexións francesas situadas a ambos os dous lados dos Pireneos. O seu traballo organízase mediante a celebración dunha reunión plenaria anual e o traballo das diferentes Comisións, correspondendo a cuestión lingüística á denominada Comisión III:

A Comisión III atende as áreas de Cultura, Xuventude e Deportes; e nela localízanse diferentes proxectos en curso, como a realización dunha Colección de Patrimonio Oral; a organización dunha Mostra de Novos Artistas dos Pireneos; a continuación de actividades comúns relacionadas co Montañismo e os Deportes de inverno; a creación dunha Rede de Campos de Traballo dos Pireneos ou a organización dun Seminario de partenariado para programar intercambios xuvenís; cos correspondentes contidos lingüísticos que acheguen os participantes en estas actividades.

- Actuacións Varias.

Unha ultima parte dos intercambios transfronteirizos refírese a outras iniciativas de difícil clasificación:

- Intercambio de funcionarios dentro do citado programa Itineris, cofinanciado polo PIC Interreg IIIA. Concretamente, foron 30 os funcionarios dos gobernos de Navarra e do Consello Xeral de Pireneos Atlánticos que participaron nesta iniciativa ata o momento, sendo a cuestión lingüística fundamental na execución deste proxecto.

- A xestión de visitas propostas polos dous Gobernos, o de Navarra e o de Aquitania, para tratar temas concretos con especial interese na cuestión lingüística, como son os de Comunicación, Sociedade da Información, Obras Públicas, estratexia territorial, Servizos aos Cidadáns, Cultura, etc.

Comunidade Autónoma de ILLES BALEARS

A función principal do Instituto de Estudos Baleáricos é a de promoción da nosa cultura, tanto no ámbito da nosa comunidade autónoma coma no exterior. Este concepto inclúe promoción e axuda á literatura en catalán, así como a outras actividades artísticas e culturais como cine, teatro, música, ilustración, etc. Desde esta perspectiva non cabe dúbida de que as moitas actividades que levamos a cabo no exterior significan unha promoción indirecta do catalán das Illes Balears a través da obra dos nosos autores e divulgadores que distribuímos por todo o mundo.

En cambio, a promoción da lingua, entendida como actividade específica, ocupa un lugar moi pequeno das nosas competencias. Aínda así, ano tras ano estamos presentes na feira da lingua “Expolangues" de París, que é a manifestación feiral lingüística máis importante do mundo, ademais das feiras lingüísticas “Expolingua" de Berlín e de Lisboa.

Tamén o Goberno das Illes Balears participou por primeira vez na Feira do Libro de Londres (*Book Fair*), a través da Dirección Xeral de Política Lingüística e o Instituto de Estudos Baleáricos.

Por outro lado, o Goberno das Illes Balears colabora coa Universidade das Illes Balears no mantemento da Cátedra Illes Balears na Universidade de Sheffield (Gran Bretaña), coa finalidade de promover a difusión da cultura das Illes Balears e o estudo e a investigación da lingua catalá e a literatura no exterior. Este programa de cooperación permite que os alumnos de ambas as dúas universidades sigan un plan de estudos específico que lles permite obter unha licenciatura recoñecida polas dúas universidades.

Así mesmo, a Consellaría de Educación e Cultura, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, publicou unha convocatoria de subvencións para os centros docentes das Illes Balears sostidos con fondos públicos para que o alumnado das Illes Balears leve a cabo intercambios escolares co alumnado do Departamento do Pireneo Oriental (Francia) e a cidade sarda de Alguero (Sardeña, Italia), co fin de facilitar a participación e o coñecemento mutuo, potenciar o uso da lingua e ampliar o coñecemento do ámbito xeográfico e cultural da área lingüística catalá (BOIB nº 119, de 22/8/06, convocatoria para o curso escolar 2006-2007).